A Economía Galega
Informe 2018

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE ESTUDOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA (IDEGA)

IESIDE BUSINESS INSTITUTE
Centro de Investigaciones ABANCA

//Afundación
Obra Social ABANCA

A Economía Galega

Informe 2018

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE ESTUDOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA (IDEGA)
IESIDE BUSINESS INSTITUTE Centro de Investigaciones ABANCA
//Afundación Obra Social ABANCA

Equipo realizador

Dirección

Alberto Meixide Vecino

Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA e investigador asociado de IESIDE

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Adrián Blanco Estévez • Economista

Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Manuel Ferro Novoa • ABANCA e investigador asociado de IESIDE

Isabel Fuentes Santos • Instituto de Investigaciones Marinas de Vigo (CSIC)

Uxío Labarta Fernández • Instituto de Investigaciones Marinas de Vigo (CSIC)

Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Dolores Martínez Martínez • Afundación e investigadora asociada de IESIDE

Fidel Martínez Roget • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Núñez Piñeiro • ABANCA e investigador asociado de IESIDE

Luis Otero González • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Yolanda Pena Boquete • AYeconomics *spin-off* Universidade de Santiago / IDEGA

Marcos Pérez Pérez • Grupo ERENEA, Universidade de Vigo

Bernardo Valdés Paços • Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Taín • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

Colaboradores

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

ISSN: 2171-8849

Presentacións

Introdución
Economía internacional
Economía española
Economía galega

I. Mercado de traballo
Introdución
O comportamento do emprego
Evolución do desemprego
O mercado de traballo galego no contexto nacional
Menos desemprego e máis emprego pero, mellores empregos?
Prezos, salarios e custos laborais
Anexo 1: A taxa de emprego feminina no marco da Estratexia Europa 2020: máis lonxe do esperado
Anexo 2: O aumento no salario mínimo interprofesional: unha primeira avaliación dos seus efectos en Galicia
Anexo 3: A recuperación do emprego despois da crise: unha perspectiva rexional

II. Agricultura
Reforma da PAC para o período 2021-2027: propostas lexislativas da Comisión Europea e inicio do seu debate
A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 2000-2016
Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2017)
A conxuntura agraria en 2018: contexto internacional, na UE e en España
A dinámica do sector agrario galego en 2018: unha visión global
Evolución da produción
Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
Conxuntura das principais ramas agrarias
Poboación ocupada
Censos gandeiros

III. Pesca, Marisqueo e acuicultura
III.1. Pesca
Introdución
Frota pesqueira
Distribución da frota e emprego pesqueiro nas diferentes zonas
Produción pesqueira
Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego
III.2. Marisqueo e acuicultura
Pesquerías e acuicultura, situación global
A industria do mexillón
O marisqueo: produción e mercados de ameixas, berberecho e ostras
Piscicultura
Cultivos emerxentes

IV. Industria
IV.1. A industria galega
O comportamento da industria galega
IV.2. A política industrial
A incidencia da política rexional comunitaria en 2018
A Política de Cohesión no período 2021-2027 e a súa incidencia en Galicia
A política da Administración central aplicada en Galicia
A política industrial da Administración autonómica

V. Sector exterior
Comercio exterior de mercancías
O investimento directo estranxeiro (IED)

VI. Construción
Introdución
Vivenda
Demanda pública de obras

VII. Servizos
A actividade do sector servizos en 2018
A distribución e o comercio
O sector turístico en Galicia
Os transportes en Galicia

VIII. Sector financeiro
Introdución
Contexto financeiro
Política de supervisión e contexto normativo
Principais magnitudes do sistema financeiro
Retos estratéxicos de futuro
Os intermediarios financeiros non bancarios

IX. Sector público
Introdución
O sector público autonómico galego
O sector público local galego
O sector público estatal en Galicia
O sistema público de pensións en Galicia
O gasto sanitario en Galicia
O gasto en educación en Galicia

Un ano máis Afundación cumpre co seu compromiso estratéxico de promover o avance social, neste caso, mediante a publicación de *A Economía Galega. Informe 2018*. En colaboración co IDEGA, ABANCA e IESIDE presentamos nas páxinas que seguen unha análise sintética do acontecido en 2018 no ámbito socioeconómico en Galicia, e as implicacións que neste contexto tivo o comportamento da economía a nivel español, europeo e internacional.

Nos dous anos anteriores apuntabamos que os indicadores reflectían a recuperación da economía española, aínda que coa materia pendente de conseguir que se apuntalase este comportamento positivo tamén no plano do mercado de traballo. Finalmente, no ano 2018 rexistrouse a maior creación de emprego dos últimos doce anos cun significativo descenso do paro de longa duración e un crecemento notable do emprego xuvenil. Para nós, como Obra Social de ABANCA e ao sernos unha entidade socialmente comprometida, estes datos son unha boa noticia, dada a repercusión positiva no conxunto da cidadanía.

No exercicio analizado neste informe asistimos ao cambio de normativa de transición cara á produción de vehículos respectuosos co medio ambiente —un reto para a industria do automóbil— e que se traduce nun avance cara a modelos sociais máis sostibles. Precisaranse sólidas sinerxías para consolidar este novo paradigma de sociedade co que, como entidade que desenvolve a Responsabilidade Social Corporativa de ABANCA, nos sentimos identificados.

Por outra banda, neste informe tamén constatamos a relevancia para o tecido empresarial galego de contar cun sólido mercado exterior. Os procesos de internacionalización dos diferentes sectores produtivos resultan fundamentais para acadar niveis de diversificación de destinos que repercutan no equilibrio da demanda interna e externa. Neste sentido, desde o Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE), impulsado por ABANCA e a súa obra social, Afundación, dinamizamos compromisos con centros de estudos internacionais de prestixio para ampliar programas de colaboración universitaria que contribúan a impulsar a expansión das empresas galegas na rede global, con programas que formen profesionais nos ámbitos necesarios nos procesos de ampliación de mercados exteriores.

Existe un dato recorrente de índole demográfica que supón un dos principais retos para España, pero de maneira especial para Galicia, e que este ano se volve recoller neste informe: a dinámica de crecemento vexetativo negativo.

As páxinas que seguen constitúen un útil mecanismo para a comprensión dalgúns dos acontecementos máis relevantes do 2018 e encádranse na nosa liña de favorecer o acceso ao coñecemento. En consecuencia, este informe é concibido pola Obra Social de ABANCA como unha ferramenta imprescindible para contribuír ao seu principio estratéxico de traballar polo progreso social a través da formación.

Queremos rematar facendo expresa a nosa gratitude a todo o equipo investigador de ABANCA, IDEGA e IESIDE que participou na elaboración desta publicación e que, co seu traballo, vén facendo realidade *A Economía Galega* desde hai máis de trinta anos.

Miguel Ángel Escotet Álvarez
Presidente de Afundación e reitor presidente de IESIDE

O pasado 2018 foi un exercicio no que as economías galega e española acadaron taxas de crecemento superiores á media europea e cunha significativa mellora dos seus mercados laborais. Son dous datos positivos e relevantes para a nosa sociedade que merecen un recoñecemento por parte de ABANCA, especialmente como entidade socialmente comprometida, como demostra o intenso traballo que desenvolve a súa obra social, Afundación, desde un claro enfoque de RSC.

No contexto internacional, a economía estadounidense constata un ano máis o seu bo comportamento, avanzando un 2,9%, grazas, en boa medida, a un incremento notable do consumo privado, que veu dado por unha taxa de desemprego situada no 3,7%, cifra nunca acadada nos últimos 50 anos. Non obstante, nas súas relación internacionais, o proceso de disputa arancelaria iniciado co Goberno chinés terá repercusión nas economías mundiais.

En clave europea, a diminución do ritmo de crecemento das principais economías, Alemaña, Francia e Italia, socios prioritarios de España no mercado exterior, abre certas dúbidas en torno ao ciclo de crecemento, que convive coa confirmación do Banco Central Europeo de manter inalterables os tipos de xuro ata 2020 e da apertura de novas poxas de liquidez. Doutra banda, as constantes incertezas verbo do Brexit e o avance dos partidos euroescépticos continúan sendo os dous factores políticos con significativas consecuencias a todos os niveis.

No contexto español, como comentabamos, a análise dos principais componentes do PIB en 2018 reflicte un mellor comportamento ca na UE, cun notable protagonismo da demanda interna a raíz da mellora nos datos do mercado de traballo. No entanto, debemos encadrar este dato nun contexto variable, xa que, malia nos situarmos no quinto ano consecutivo de expansión da actividade económica, existen riscos procedentes do exterior, nomeadamente na UE, como viamos, onde se detecta unha baixada do ritmo de crecemento, que xa repercutiron nos resultados do PIB do ano precedente ao afectar ao rexistro da demanda externa.

Na economía galega observamos réplicas dos movementos producidos tanto a nivel internacional como estatal. Se ben continúa o ritmo de crecemento, cun 2,8%, a cifra é catro décimas inferior ao exercicio pasado. Esta desaceleración débese a unha menor vitalidade en todos os macrosectores, coa excepción da industria. Non obstante, en 2018 si se produciu un incremento nun indicador de fonda repercusión social, o do emprego, que aumentou un 2,4% con respecto a 2017, ano no que crecerá un 1,2%. Á súa vez, reduciuse a taxa de paro, que se situou no 13,3%, inferior á do conxunto de España, pero aínda moi lonxe da existente na Unión Europea. Con este contexto de fondo, un dos desafíos principais do panorama galego continúa residindo na súa estrutura demográfica, cuns índices vexetativos adversos.

Tras máis de trinta anos de *A Economía Galega*, ABANCA, a súa Obra Social, Afundación, e IESIDE, en colaboración co IDEGA, continuamos ofrecendo á cidadanía unha publicación de referencia para Galicia, grazas, por suposto, ao intenso labor dun equipo investigador fondamente comprometido coa difusión do coñecemento e coa formación.

Francisco Botas Ratera
Conselleiro delegado de ABANCA e patrón de Afundación

Introdución

Economía internacional

A economía mundial rexistrou unha desaceleración no ritmo de crecemento económico en 2018, avanzando un 3,6%, dúas décimas menos que o ano anterior, de acordo cos datos publicados polo Fondo Monetario Internacional (FMI). Segundo as estimacións do organismo con sede en Washington, a tendencia á baixa continuará en 2019 (cun avance estimado do 3,3%). A combinación de factores que están limitando o desenvolvemento da economía mundial son unhas condicións financeiras máis restritivas (consecuencia da elevación dos tipos en Estados Unidos), unha maior vulnerabilidade do comercio internacional (relacionada coa «guerra comercial» entre Estados Unidos e China) e a persistencia de elevados niveis de débeda pública e privada. As economías avanzadas creceron un 2,2% (tamén dúas décimas menos que no exercicio anterior), cun comportamento dispar entre Estados Unidos, que continúa cunha forte expansión da actividade; e a economía europea, con clara tendencia á baixa, e que, ademais, presenta un comportamento especialmente preocupante por parte de países centrais como son Alemaña ou Italia. Pola súa vez, as economías emerxentes e en desenvolvemento medraron un 4,5%; e mentres China rexistrou unha moderación do avance, as principais economías latinoamericanas, como Brasil ou México que comezaron novos ciclos políticos en 2018, puxeron a nova positiva e tiveron unha recuperación do ritmo de actividade económica, no primeiro caso, e un mantemento do crecemento respecto a anos anteriores, no segundo.[1]

A economía estadounidense continuou mostrando a súa boa saúde en 2018, no que mellorou un 2,9%. Particularmente destacado foi que a taxa de desemprego se situou no 3,7%, en mínimos de 50 anos, o que impulsou o crecemento pola vía do consumo privado, de modo similar a exercicios anteriores. A fortaleza do mercado laboral xerou tamén un amplo espazo fiscal para recortes impositivos, que afectaron de maneira positiva tanto a empresas como a empregados, alimentando o círculo virtuoso de renda e contratación, así como a escalada nas principais bolsas de valores. Ademais, as condicións crediticias continúan a ser moi favorables, tanto polo lado da oferta como da demanda, como amosan os baixos diferenciais bancarios e a recuperación do crédito.

Neste escenario, as tensións derivadas da guerra comercial con Beijing convértense no principal risco da aínda primeira economía mundial, e poderían comezar a afectar o seu bo comportamento de forma negativa no presente exercicio. En 2018, os reiterados episodios de rearme arancelario foron de máis a menos, e a final de ano a tensión rebaixouse e conxeláronse as ameazas dun aumento do 10% ao 25% dos aranceis de importación chinesas, valoradas en 200.000 millóns de dólares. Non obstante, os dous países alzaron novamente as armas en marzo do 2019, cumpriuse a ameaza e os aranceis impostos por Estados Unidos sobre os produtos do país asiático pasaron do 10% ao 25% de media. A medida foi unha resposta do Goberno norteamericano á falta de cumprimento por parte de Beijing de acordos pechados con anterioridade, como a rebaixa dos subsidios públicos ás exportacións chinesas ou a maior protección da propiedade intelectual para empresas estadounidenses que operan en China (e que se ven forzadas a realizar transferencias de tecnoloxía). No mes de maio de 2019 o conflito escalou a outro nivel logo de que Estados Unidos incluíse o xigante tecnolóxico Huawei na lista negra das empresas que non poden operar no país (acusada de espionaxe industrial e tecnolóxica). Esta situación levou a Google a non actualizar os sistemas operativos da compañía chinesa, comprometendo a súa viabilidade en todo o mundo. No Cumio do G20 celebrado na cidade xaponesa de Osaka, no mes de xuño, o presidente Trump levantou as sancións a Huawei logo de reunirse co mandatario chinés Xi Jinping. Non obstante, parece claro que a nova normalidade para os próximos anos estará caracterizada polos picos de tensión entre as dúas grandes economías do mundo.

Estas disposicións da Administración Trump foron amplamente criticadas non só polo temor a alimentar unha posible «guerra comercial» a escala global, senón tamén por considerarse ineficaces e incluso contraproducentes para reducir o desequilibrio comercial e de aforro/investimento bilateral. A maioría dos analistas dubida da efectividade dunhas medidas que poden ter un efecto moi negativo en multitude de empresas estadounidenses que teñen nos produtos chineses os principais insumos e bens intermedios para a fabricación final. E, ademais, animan a Estados Unidos a reducir o seu nivel de consumo e incrementar o seu nivel de aforro privado, que é finalmente a principal variable explicativa do desequilibrio na relación entre ambos os dous países (cómpre recordar que China, xunto con Xapón, é o maior propietario de bonos do Tesouro estadounidense).

---

[1] Datos do FMI World Economic Outlook (WEO), actualización a abril de 2019

Por último, é importante sinalar a exitosa resolución da negociación e aprobación da renovación do Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN), firmado polo Goberno Trump con Canadá e México; un acordo agora rebautizado como USMCA, polas súas siglas en inglés, ou T-MEC, en español. O acordo constitúe unha moi boa nova logo dun período de incerteza xerada desde o comezo da Administración sobre o futuro dunhas das áreas comerciais máis integradas do mundo. O tratado incorpora algunhas das novidades que afectan os bens máis comercializados entre os tres países (por exemplo, nos automóbiles introdúcese a obrigatoriedade de que un 75% dos vehículos teñen que seren producidos nun dos tres Estados para verse eximidos dos aranceis).

Pola súa parte, a Eurozona cambiou o seu comportamento económico no ano anterior, pasando a converterse nun dos principais bloques que está a frear o crecemento mundial. En 2018 avanzou un 1,8%, seis décimas menos que o ano precedente, e no último trimestre do exercicio a suba do PIB comunitario foi de tan só 0,2%. As catro grandes economías da Eurozona desaceleraron o seu crecemento no pasado ano: Alemaña pasou do 2,5% en 2017 ao 1,5% en 2018; Francia do 2,2% ao 1,5%; Italia do 1,6% ao 0,9%, e España do 3% ao 2,5%. Existen factores explicativos comúns da situación económica nestes países que están afectando de forma negativa o seu comportamento, como a saída do Reino Unido da Unión Europea (xa tratado na edición anterior do presente informe), as tensións comerciais con Estados Unidos ou o arrefriamento da economía chinesa. Pero, ademais, cada unha destas economías ten factores diferenciais que hai que analizar de forma separada.

Alemaña creceu só un 1,5% (un punto menos que no ano anterior), e no terceiro trimestre do ano chegou a contraerse un 0,2%. Existe consenso ao considerar que a caída das exportacións de automóbiles é o principal factor explicativo (a produción reduciuse para adaptarse á nova normativa WLTP[2]). En todo caso, situando a evolución da economía de Alemaña en perspectiva, o emprego mantense en cifras récord, os salarios evolucionan á alza e estase a producir un importante investimento en infraestruturas e vivenda. Por tanto, entre as catro grandes economías europeas a que ten máis sólidos fundamentos e menos debería preocuparnos segue sendo a alemá (con niveis de produtividade moi superiores aos das outras tres grandes economías da Eurozona), que experimentou unha desaceleración por mor sobre todo de factores externos ou circunstanciais.

Tampouco parece particularmente preocupante a desaceleración do PIB en Francia, que se debe en esencia a factores conxunturais. Os principais problemas do Goberno de Macron –que conseguiu pechar o exercicio co déficit máis baixo do país nos últimos doce anos– son de índole social e territorial, toda vez que se asentou na sociedade francesa o sentimento de que o desenvolvemento do país se está a producir a distintas velocidades, deixando moita xente atrás, en particular os traballadores menos formados e as comunidades do rural. Como medida estrela para calmar este malestar, evidenciado nos virulentos ataques dos chalecos amarelos nos Campos Elíseos, o Goberno aprobou gastos por valor de 10.000 millóns de euros, que poderían volver a comprometer os seus compromisos fiscais con Bruxelas.

O verdadeiro foco de inestabilidade é a economía italiana, que só avanzou un 0,9% en 2018 (seis décimas menos que en 2017). O país transalpino ten os problemas que arrastra das últimas décadas, como a súa falta de produtividade e inestabilidade institucional, ao que se engadiu a mala situación dos seus bancos (Monte dei Paschi di Siena xa foi rescatado en 2017), unha moi baixa confianza das familias e das empresas e o maior custo de financiamento da débeda. Ademais, ao longo do pasado ano sucedéronse episodios de tensión entre a Comisión Europea e o Goberno italiano, alianza do Movemento Cinco Estrelas e a Liga Norte, por mor da ausencia de acordo nos orzamentos remitidos por Roma a Bruxelas. Nese escenario, o Brexit continuou xerando un elevado nivel de incerteza engadido que non favorece as expectativas de mellora da economía europea. No pasado exercicio, tras a incapacidade dunha saída negociada que satisfaga o Reino Unido e a Unión Europea, no mes de marzo de 2019 o Parlamento de Londres aprobou adiar a data de saída (prevista para o 29 de marzo).

Na actualidade europea destaca como a principios de xullo quedaron conformados os novos altos cargos da Unión Europea. Trátase dun Goberno de grande importancia porque nos próximos anos o proxecto comunitario terá que facer fronte a numerosos desafíos, como: a reforma fiscal e bancaria na Eurozona; o auxe do populismo de extrema dereita no vello continente; o posicionamento europeo na guerra comercial Estados Unidos-China, ou como impulsar o crecemento e a produtividade nun continente que arrastra moitos anos de perda de peso económico no mundo. A alemá Ursula Von Der Leyen pasa a ocupar a presidencia da Comisión Europea; Charles Michel, a presidencia do Consello; Christine Lagarde deixa o FMI para ocupar a presidencia do BCE, e o español Josep Borrell será o alto representante de política exterior.

Xapón, terceira maior economía do mundo, pechou 2018 cun avance do PIB do 0,7%, o sétimo ano consecutivo de crecemento económico, e o desemprego alcanzou o 2,5%, aínda que no terceiro trimestre do ano se viu moi penalizada pola tempada de tifóns e inundacións. A pesar de que os salarios permanecen estancados, os indicadores do sector privado foron moderadamente positivos, tanto no consumo privado como no investimento residencial; unha boa noticia nunha das economías con maior débeda pública do mundo e atrapada no estímulo fiscal de forma permanente. Cabe recordar que Xapón inxectou na economía cerca de 5 billóns de dólares nos últimos anos co obxectivo de estimular o crecemento e afastar os riscos deflacionistas (a suba dos prezos está arredor do 1%, a metade do obxectivo do Banco Central do 2%).

Pola súa parte, o conxunto dos países emerxentes e economías en desenvolvemento mostraron un avance do 4,5%, unha décima menos que no ano anterior. A economía chinesa medrou un 6,6%, aínda dentro do plan do Goberno (6,5%-7%), pero é o menor ritmo desde os anos 90. Ás debilidades coñecidas do xigante asiático, como o forte nivel de endebedamento público e privado, ou o escaso crecemento da produtividade, uníronse distintos datos preocupantes en 2018. Entre eles destacan un menor investimento doméstico e un menor ritmo de mellora do comercio exterior; o arrefriamento da actividade industrial e das vendas polo miúdo; a escasa capitalización dos bancos, ou as fortes caídas nas bolsas. O consumo privado, que debería liderar o cambio no modelo de económico tamén parece estancado. Ademais, os principais socios da economía asiática, Estados Unidos e a Unión Europea, intensificaron a súa desconfianza coa economía e coas empresas chinesas. A primeira aprobou fortes aranceis aos produtos chineses como xa foi comentado, e a segunda estableceu mecanismos para un maior control ao posible bloqueo dos investimentos chineses en solo europeo.

Nun esforzo por compensar unha maior desaceleración do crecemento sobre a economía asiática é de esperar que o Goberno reaccione con novas medidas de política fiscal. Concretamente anunciáronse recortes de impostos por valor de 2 billóns de iuans (263.000 millóns de euros) e un importante aumento no gasto público materializado en grandes proxectos de infraestrutura. A economía chinesa continúa así na súa fuxida cara adiante. O crecemento pola vía da acumulación de factores produtivos (capital e traballo) está esgotado e parece incapaz de xerar maiores taxas de avance do PIB pola vía da mellora da produtividade. Deste modo volve a incrementos de gasto público en capital físico para soportar o crecemento, aínda que é precisamente o seu elevado endebedamento público un dos principais riscos para a súa economía.

A actividade económica na América Latina avanzou un 1% en 2018, deixando así definitivamente atrás a recesión, pero tamén rexistrando unha desaceleración respecto ao ano anterior. As dúas principais economías comezaron novos ciclos políticos. No Brasil (que representa o 40% do PIB latinoamericano), Jair Bolsonaro asumiu a presidencia da República a principios de 2019. Bolsonaro accede ao Goberno dun país que tocou fondo nos últimos anos, que rexistrou unha forte recesión económica e cun Goberno salpicado por numerosos casos de corrupción que o levou a un gran distanciamento coa cidadanía. Os desafíos a nivel económico son enormes, tanto no sistema fiscal como nas infraestruturas ou no sector educativo, pero fundamentalmente no que respecta ao maior asunto pendente que ameaza a sostibilidade das contas públicas: as pensións (sistema de *previdencia*); unha reforma que terá que afrontar neste 2019.

A outra grande economía latinoamericana, México, tamén mudou de Goberno no pasado ano e o veterano político progresista López Obrador accedeu á presidencia, cun importante apoio popular e nas cámaras. As primeiras reaccións ao novo Goberno foron vistas con preocupación polos empresarios, por ser o novo presidente o principal crítico coa grande obra do novo aeroporto da Cidade de México, alegando o elevado lucro para as empresas adxudicatarias, e pola introdución de novos impostos ao sector bancario. O maior reto para López Obrador, ademais de xestionar a desconfianza dos mercados financeiros, será recuperar a produción da petroleira estatal PEMEX e controlar o clima de violencia nalgúns estados do norte; así como incrementar a capacidade potencial de crecemento de México, estancada arredor do 2%-2,2%, ritmo insuficiente para unha economía emerxente que busca mellorar os niveis de renda e inclusividade social.

As outras grandes economías latinoamericanas rexistraron resultados dispares en 2018. No lado positivo atopamos a Chile, Colombia e Perú; e, no negativo, a Arxentina e Venezuela. Chile, logo do cambio de Goberno de Michelle Bachelet por Sebastián Piñera, que asumiu unha presidencia que xa tivera no período 2010-2014, rexistrou unha forte expansión, ata o 4% desde o 1,3% do ano anterior, o maior rit-

[2] Procedementos mundialmente harmonizados para probas de vehículos lixeiros.

mo nos últimos cinco anos. A mellora do crecemento non tivo, con todo, tanto que ver co cambio no ciclo político como no ciclo alcista iniciado no prezo do cobre, principal produto exportado polo país. Colombia, país andino que tamén renovou a súa presidencia (Iván Duque asumiu o cargo en 2018, logo de nove anos de mandato de Juan Manuel Santos), tamén mostrou un comportamento positivo, dobrando a súa taxa de crecemento ata o 2,7%, apoiado no consumo dos fogares e no investimento público. De igual maneira, Perú acelerou a súa actividade económica ata o 4% desde o 2,4% do exercicio anterior, impulsada polo consumo privado e as positivas expectativas dos axentes económicos, así como polos proxectos estratéxicos de infraestruturas en marcha.

Pola contra, a economía arxentina foi a decepción do ano na rexión latinoamericana. Entrou en recesión en 2018 (-2,5%), e os datos que acompañan a caída do PIB son aínda peores: o peso afundiuse e xa vale a metade do dólar; a inflación foi do 50% e a débeda externa pasou do 40% ao 80% do PIB en tan só un ano. Con estas credenciais disólvese a ilusión xerada polo Goberno Macri que terá moi complicada a súa reelección nos comicios de decembro. Por último, a economía venezolana descendeu un 18% (case un quinto da súa actividade económica desapareceu en 2018) e todos os indicadores, non só económicos e empresariais, senón tamén de benestar seguen caendo de forma dramática, achegando o país aos niveis de Haití, a nación máis pobre de América Latina.

A rexión MENA (*Middle East and North Africa*) logo de desacelerar notablemente o seu crecemento, desde o 5,2% do 2016 ao 1,8% en 2017, tivo o mesmo avance da actividade en 2018. O dato negativo débese principalmente ao comportamento da economía de Irán, que pasou de medrar un 3,7% en 2017 a contraerse un 4% en 2018. O regreso das sancións de Estados Unidos constitúe o elemento crítico que provocou un punto de inflexión na economía iraniana, especialmente pola vía da caída nas vendas nas exportacións de petróleo e da chegada do investimento estranxeiro, ademais do empeoramento nas expectativas dos axentes económicos domésticos. A moeda atópase en caída libre; a inflación en escalada; o desemprego aumenta, e comezan a faltar algúns produtos de primeira necesidade, nun país que xa experimentou fortes protestas recentes contra o réxime. A outra grande economía da área MENA, e gran rival da anterior, Arabia Saudita, saíu da recesión no pasado ano, e a súa economía avanzou un 2,2%, principalmente pola recuperación dos prezos do cru. As perspectivas do sector non dependente do petróleo na economía saudita tamén son positivas, en especial cando comecen a operar a toda capacidade os masivos investimentos do plan para reducir a dependencia das industrias extractivas, chamado Visión 2030, que prevé masivos investimentos, sobre todo nos sectores de saúde, educación, infraestruturas e turismo.

A economía rusa avanzou un 2,3% no pasado ano, o mellor dato dos últimos seis anos. En todo caso, o crecemento atópase por baixo do obxectivo indicado polo presidente Vladimir Putin: crecer de forma sostida por enriba do 3% para se converter na quinta maior economía do mundo (actualmente Rusia é a décima economía mundial por tamaño do PIB e para ser a quinta terá que superar a Francia, India, Italia, Brasil e Canadá). A economía viuse impulsada polo sector construtor e as exportacións, pero a renda (o salario medio é de 660 dólares ao ano) apenas sobe, polo que non é de esperar que poida tomar a desexada remuda como motor económico en Rusia; ao igual que o investimento privado, que permanece estancado.

Gráfico 1
Evolución do PIB. Taxas de variación interanuais (en %)



Na súa reunión de abril o FMI recortou as súas previsións para 2019 sobre crecemento da economía mundial, e alertou dunha recuperación para 2020 máis lenta do esperado. O crecemento para o presente exercicio será do 3,3%, e de tres décimas máis (3,6%) en 2020. A súa directora xerente, Christine Lagarde, insistiu nas súas últimas comparecencias nas delicadas circunstancias arredor da economía mundial, con tres problemas de difícil resolución que afectan negativamente as previsións: a «guerra comercial» entre Estados Unidos e China, o lento crecemento, cando non estancamento, da produtividade nas principais economías desenvolvidas, e o envellecemento da poboación.

Economía española

A economía española avanzou un 2,5% en 2018, seis décimas menos que no ano anterior, dando continuidade a un largo ciclo de crecemento económico que seguiu á chamada «gran recesión».[3] É o quinto ano consecutivo de expansión da actividade económica e o crecemento segue sendo máis robusto que nas outras grandes economías do euro como Alemaña, Francia ou Italia. Ademais, no pasado exercicio España rexistrou a maior creación de emprego dos últimos doce anos, e a taxa de paro baixou ao 14,4%, superando os 20,7 millóns de empregos.

Ao descompoñer o PIB cómpre salientar que o comportamento da demanda interna e externa foi diverxente. A primeira mostrou robustez, especialmente no consumo e no investimento privado, impulsados polos baixos tipos de xuro e uns balances empresariais máis saneados; así como no consumo público, acelerado pola curta lexislatura e vontade reformista do Goberno de Pedro Sánchez. Pola contra, a desaceleración débese principalmente ao sector exterior, que comezou a contribuír de forma negativa ao PIB (cinco décimas), sobre todo debido á perda de pulo da economía europea, que afectou de forma negativa as exportacións españolas. De igual modo, a ausencia de reformas (xa tratadas en números anteriores do presente informe e referidas principalmente a innovación, política educativa e mercado de traballo) non permite activar pancas que actúen como contrapeso á desaceleración ao incrementar o crecemento potencial da economía española. O conflito catalán, pola súa parte, se ben prexudicou o consumo e o turismo en Cataluña, non parece ter un impacto negativo destacable no conxunto de España.

En todo caso é innegable a desaceleración da economía española no pasado ano despois de tres anos subindo por enriba do 3%. É difícil saber se en 2019 continuará a caída no ritmo da actividade, que terá que ver sobre todo co impacto de tres acontecementos. En primeiro lugar, as eleccións ao Goberno central, comunidades autónomas e municipios crean un clima de incerteza nos axentes económicos que podería impactar de maneira negativa no consumo privado e no investimento; cun efecto tamén incerto na evolución do gasto público. As eleccións xerais foron gañadas polo PSOE, pero cunha vitoria en minoría de 123 escanos, polo que necesitará pactos para levar a cabo as reformas económicas necesarias. O mesmo acontece co resultado electoral nos municipios e comunidades autónomas, gañados polo PSOE, malia que con maiorías insuficientes para garantir a estabilidade do Goberno. Neste escenario será moi importante a capacidade dos partidos de levar a cabo pactos electorais de Estado e acordar un programa de reformas económicas profundo, se ben a atmosfera política non permite ser moi optimista ao respecto.

En segundo lugar, a política monetaria do Banco Central Europeo (BCE) continuará sendo un factor determinante na continuidade e fortaleza do ciclo económico. Polo momento, as novas seguen sendo positivas, xa que no mes de marzo de 2019 Mario Dragui anunciou que non subirá tipos ata 2020, e abriu novas poxas de liquidez (TLTRO-III). En todo caso, esta política monetaria ultraexpansiva mantida durante varios anos segue levantando dúbidas sobre a dependencia do actual ciclo dunhas condicións monetarias anormalmente laxas. España, que ten o déficit público máis elevado da Unión Europea e é a quinta economía con maior endebedamento público, foi un dos países máis beneficiados pola política de compra de débeda do BCE. Ademais, desde 2012 os pasivos dos axentes económicos públicos e privados españois eleváronse en 253.000 millóns de euros.

Gráfico 2
Evolución do PIB da economía española
Taxas de variación interanuais (en %)



En terceiro lugar, a evolución do contorno exterior será tamén determinante neste ano para o crecemento. O consenso do avance do PIB na Eurozona para 2019 é de tan só un 1,4%, cun estancamento nalgúns dos principais socios comerciais. Os termos e a incerteza da saída do Reino Unido da Unión Europea seguirá constituíndo un elemento de inestabilidade adicional. E fóra das fronteiras europeas é de esperar unha continuación ou incluso agravamento das tensións comerciais entre os principais bloques económicos mundiais. Ademais, o turismo estranxeiro, unha das principais fontes de

[3] Dato de avance da Contabilidade Nacional do Instituto Nacional de Estatística (INE)

renda exterior da economía española, comeza a dar signos de esgotamento, e o petróleo parece que comezou unha carreira alcista desde 2017, que levou o seu valor aos 75 dólares por barril.

Afondando na situación do mercado laboral, cómpre destacar que, sen dúbida, a mellor noticia para a economía española no pasado ano foron os datos de desemprego, que baixou do 15% por primeira vez desde 2008, como resultado do crecemento da actividade económica. Deste xeito, o ano acabou con 18.945.624 afiliados, un incremento de 663.000 persoas respecto do conxunto do exercicio, que contribúe a mellorar a posición da caixa da Seguridade Social e do sistema de pensións; cada vez máis erosionadas por mor do envellecemento demográfico. Ademais, é importante sinalar que o emprego indefinido aumentou en 363.700 persoas, fronte ao temporal que rexistrou un ascenso de 167.300 persoas, e que a ocupación se incrementou en 430.000 persoas no sector privado fronte a 136.000 no sector público.

Polo que respecta ás contas públicas, España pechou 2018 cun déficit público do 2,6%, baixando do nivel do 3%, máximo establecido por Bruxelas, co que sae do procedemento de déficit excesivo da Comisión Europea logo dunha década. O conxunto das administracións públicas españolas tivo un déficit de 31.805 millóns de euros, un 11,4% menos que no ano anterior. Na mellora das contas públicas tiveron un importante papel as comunidades autónomas, que reduciron un 33,6% o seu déficit (ata o 0,23% do PIB), e cinco delas rexistraron superávit: Galicia, Asturias, Canarias, Navarra e País Vasco. As corporacións locais, pola súa parte, tiveron un superávit do 0,52%. A baixada do déficit das Administracións vese motivada polo crecemento da actividade económica, que posibilitou a mellor recadación da Axencia Tributaria en termos históricos, alcanzando os 208.000 millóns de euros, cun incremento no total recadado tanto do IRPF (7,6%) como do imposto de sociedades (7,3%) e do IVE (10,3%). Con todo, a débeda española continuou subindo (1,174 billóns de euros), e é equivalente ao 97,2% do PIB español, aínda que baixou un punto respecto ao ano anterior. A práctica totalidade da débeda corresponde á Administración central, que concentra un 86,7%, o que é esperable polo seu labor e competencia na emisión e colocación de títulos. Non obstante, hai que subliñar o incremento da débeda da Seguridade Social, un 50% no último ano, debido a préstamos realizados polo Estado para facer fronte aos pagos nas pensións.

En canto á inflación, esta pechou o ano no 1,2% (0,9% de inflación subxacente descontando produtos enerxéticos e alimentos frescos), unha décima máis que a rexistrada en 2017 (1,1%). O IPC comezou o ano no 0,6% e foi aumentando conforme avanzaba o exercicio, para moderarse de novo ao final por causa da baixada do prezo do petróleo nos mercados internacionais. A ausencia de tensión inflacionistas débese fundamentalmente á caída nos prezos relacionados coas actividades de transporte, así como, en menor medida, da vivenda e das partidas relacionadas co turismo (hoteis, cafés e restaurantes).

Nos últimos trimestres diversos estudos analizaron a evolución da produtividade da economía española, un dos principais problemas que constitúe o factor explicativo do estancamento do PIB potencial e da falta de converxencia en renda coas economías máis avanzadas da Unión Europea. Algunhas análises sinalan a caída da produtividade da economía española do 10,4% desde 1995, o que contrasta coas subas da Unión Europea, e o claro empeoramento na produtividade do factor traballo respecto de Europa; unha diferenza que se duplicou nos últimos anos. Segundo o INE, 2018 foi o primeiro ano desde 1999 no que a produtividade da economía española non mellorou.

Existe consenso entre os axentes económicos e sociais (apoiado polos organismos internacionais) nas variables sobre as que hai unha necesidade de actuar para incrementar a produtividade; son principalmente tres: terminar coa dualidade e exceso de temporalidade do mercado de traballo; fomentar a innovación e a incorporación de tecnoloxía nas empresas (especialmente nas pemes e micropemes), e realizar profundas reformas no sistema educativo en todas as etapas. Non obstante, o impulso a estas reformas de gran calado atopa numerosas barreiras. En primeiro lugar, como xa foi comentado, con gobernos e parlamentos cada vez máis fragmentados: é necesaria unha maior cultura de pactos nas grandes reformas económicas, algo cada vez máis complicado de acadar cun clima político crispado polo conflito ideolóxico e territorial. En segundo lugar, ao tratarse de medidas de longo prazo que exceden o ciclo político, non están a ser prioritarias para distintos Gobernos e quedan postergadas. En terceiro lugar, estas reformas esixen o acompañamento de importantes orzamentos para a súa execución, o que se atopa con problemas nun contorno de axuste orzamentario. En cuarto lugar, os líderes políticos, empresariais e sindicais, aínda que coinciden nos obxectivos, non coinciden nas medidas para acadalos. En definitiva, a economía española necesita pasar dunha fase de diagnóstico a unha de consenso, para posteriormente comezar o deseño e execución de políticas. Neste sentido, o futuro da economía española dependerá en gran parte da superación dos obstáculos sinalados.

Cadro núm. 1
Previsións de crecemento da economía española (en %)

	2019	2020
Goberno	2,2	1,9
Banco de España	2,2	1,9
Comisión Europea	2,1	1,9
OCDE	2,2	1,9
FMI	2,1	1,9

Fonte: Elaboración propia.

Por último, cabe destacar que a economía española acelerou o seu crecemento no primeiro trimestre de 2019 ata o 0,7%, unha décima máis que no trimestre inmediatamente anterior. O avance explícase, ante todo, pola alza do investimento empresarial, así como do sector da construción e da actividade industrial. En todo caso lembremos, nun contexto a máis longo prazo, que a tendencia da economía española camiña claramente cara a unha desaceleración respecto dos exercicios anteriores; tal e como reflicten todas as estimacións (cadro 1) e en liña co proceso de menor crecemento que está a experimentar a economía europea.

Economía galega

Nun contexto internacional non tan favorable como nos últimos anos, a evolución do PIB galego en 2018 confirmou a previsión que se manifestaba no informe de 2017. O IGE estimou un incremento do PIB do 2,8%, catro décimas menos que en 2017. O INE reduciu esta suba ao 2,7%. Con esta desaceleración da actividade, Galicia mantivo a sintonía coa traxectoria observada no conxunto de España, aínda que neste último caso a taxa de variación do PIB foi do 2,6%. Ademais, o resultado alcanzado por Galicia é sensiblemente mellor ao da Eurozona, cuxo PIB creceu en 2018 en torno a un punto menos.

A mellor evolución da economía de Galicia permitiu reducir as diferenzas entre estas dúas grandes economías de referencia: España e a Eurozona, converxencia aínda maior de observaren os valores do PIB por habitante estimados polo INE, o cal se incrementou, en termos monetarios, un 4% en Galicia, fronte a un 3,2% en España. O PIB por habitante galego foi en 2018 de 23.294 euros, o 90,1% do PIB por termo medio español (o 89,4% en 2017). Neste comportamento tamén influíu unha crise demográfica galega máis profunda que a do conxunto de España.

En canto á variación do PIB galego con respecto ás restantes comunidades autónomas, Galicia, por enriba da media española, situouse na quinta posición nun *ranking* no que a Comunidade de Madrid, cun incremento do 3,7%, sobresaíu notablemente.

Gráfico 3
Evolución do PIB (en %) (esc. esquerda)
e do PIB *per cápita* (en euros) (esc. dereita)



Gráfico 4
PIB das comunidades autónomas. Ano 2018
Taxas de variación anual (en %)



Desde a perspectiva da demanda, a interna foi a principal impulsora do crecemento do PIB galego. Incrementouse arredor dun 3%, o que supuxo unha achega ao crecemento dun 2,9%. Tendo en conta que o PIB aumentou un 2,8%, é obvio que a contribución da demanda exterior a Galicia foi negativa. Iso debeuse a que o importado en bens e servizos creceu a un ritmo maior que o exportado, mantendo, non obstante, ambas variables un intenso crecemento. Cabe subliñar no comercio de bens co estranxeiro o aumento, en termos monetarios, das importacións dun 10,6%, o que contrasta coa variación máis moderada das exportacións, un 4,9%. En 2019 volveuse rexistrar un novo récord nos resultados alcanzados por estas dúas variables. Esta evolución supuxo unha caída no saldo comercial que, malia todo, e a diferenza da economía española, seguía presentando un superávit.

De entre os compoñentes da demanda interna, o máis relevante en 2018 foi o crecemento dun 7% na formación bruta de capital, aceleración que se debe engadir ás taxas positivas dos catro anos anteriores. Iso

Gráfico 5
Evolución da demanda interna
Achega dos seus compoñentes
Taxas de variación interanuais (en %)



Cadro núm. 2
Evolución dos compoñentes do PIB. Taxas de variación interanuais (en %)

	2016	2017	2018	I trim. 2019
Demanda				
Gasto en consumo final	1,8	1,6	2,2	2,7
Gasto dos fogares e ISFLSF	1,9	1,3	2,3	3,4
Gastos das AA.PP.	1,5	2,4	1,8	0,8
Formación bruta de capital	2,6	5,5	7,0	6,9
Exportación de bens e servizos	5,0	5,0	3,4	-8,4
Importación de bens e servizos	2,3	3,2	3,9	-7,0
Oferta (VEB)				
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-1,8	1,9	0,9	0,8
VEB. Industria	5,2	3,2	3,8	-3,1
VEB. Industria manufactureira	4,7	4,9	2,8	-1,7
VEB. Construción	4,2	6,7	6,1	5,5
VEB. Servizos	3,3	3,1	2,5	3,7
PIBpm	**3,4**	**3,2**	**2,8**	**2,3**

Fonte: IGE.

supuxo que a súa achega á demanda interna fose dun 1,4%. É un dato importante en canto se trata dun indicador adiantado de actividade. Doutra banda, en 2018 apréciase un estancamento no gasto das administracións públicas en Galicia, mentres se acelerou nun punto o gasto dos fogares e das ISFLSF; o que leva a que a contribución desta variable ao crecemento da demanda interna sexa a mesma que a da formación bruta de capital.

A desaceleración en catro décimas do PIB galego en 2018 debeuse, desde o lado da oferta, a un menor dinamismo da totalidade dos macrosectores coa excepción das industrias enerxéticas e extractivas. Nun contexto xeral de reactivación da actividade tras a crise, apréciase en 2018 unha menor vitalidade nos servizos; sector que xera o 68,5% do VEB galego, o que causou un freo ao crecemento económico. Tamén se desaceleraron o sector primario e a industria manufactureira, a cal creceu á mesma taxa que o PIB, un 2,8%, pero 2,1 puntos menos que en 2017. A construción foi o sector galego que mantivo un ritmo máis alto de crecemento, un 6,1%, o que denota a súa paulatina recuperación, a pesar de que neste ano a taxa sexa seis décimas menor que a de 2017.

No sector terciario observouse unha desaceleración nos servizos vinculados co comercio e o turismo, do mesmo xeito que os de información e comunicación. Isto non puido ser contrarrestado pola aceleración das actividades profesionais.

O crecemento do PIB dun 2,8% permitiu que a ocupación aumentase un 2,4% (24.900 persoas). Un maior emprego xunto co descenso na poboación activa (4.800 persoas) conduciu a que en 2018 baixase en 29.700 o número de parados con respecto a 2017, polo que a taxa de paro se situou no 13,3% fronte ao 15,7% de ese ano. A pesar de que os resultados galegos son mellores que os do conxunto de España, aínda queda un longo treito para alcanzar os valores por termo medio da Unión Europea, territorio no que finalizou 2018 cunha taxa de paro do 6,6%.

En canto ás previsións para 2019, a Administración autonómica estimaba nos seus orzamentos un incremento do PIB do 2,6%, dúas décimas menos que o alcanzado en 2018. Esta porcentaxe é quizais excesivamente optimista tendo en conta as previsións que se realizan para o conxunto de España, entre o 2,1% e o 2,2%, e o camiño relativamente paralelo que están seguindo as dúas economías. Ademais, os resultados que se van coñecendo relativos ao comportamento de determinadas variables nos primeiros meses de 2019 suxiren unha desaceleración na actividade, malia a evidente melloría no mercado de traballo con respecto aos primeiros meses de 2018. As primeiras estimacións do IGE sobre a traxectoria das variables macroeconómicas fundamentais no primeiro trimestre de 2019 reflicten unha desaceleración do PIB debido, desde o lado da oferta, a unha brusca caída na produción industrial e, desde a demanda, a un empeoramento do sector externo. Mentres o incremento do PIB no primeiro trimestre de 2018 foi do 3,1%, en 2019 esta porcentaxe foi oito décimas máis baixa (2,3%). Os resultados negativos da industria e do sector exterior, afortunadamente, compensáronse grazas á dinámica expansiva dos servizos en oferta e a un maior gasto de consumo dos fogares e das ISFLSF. A formación bruta de capital seguiu medrando a unha taxa moi elevada, o 6,9%.

Gráfico 6
Evolución das exportacións, importacións e saldo exterior
(en miles de euros)



Entre xaneiro e abril de 2019 o índice de produción industrial (IPI) en Galicia caeu un 7,2%. Foron especialmente significativos os descensos na produción de bens de consumo duradeiros, intermedios e na enerxía. Iso apunta a unha sensible desaceleración da actividade industrial en 2019, que previsiblemente arrastrará outras actividades. As caídas tamén se reflicten nas vendas de bens ao estranxeiro. Nese mesmo período o valor do exportado descendeu un 9,8%, mentres que as importacións aumentaron un 9%. Esta traxectoria supuxo unha drástica redución no saldo comercial que, aínda así, segue sendo positivo (356 millóns de euros fronte aos 1.652 millóns do primeiro trimestre de 2018).

Os servizos non seguiron o comportamento da industria. No primeiro trimestre de 2019 o seu VEB medrou un 3,7% e o índice da cifra de negocios no sector creceu un 6,1%. Un dos piares da actividade terciaria é o turismo, que mantivo o seu comportamento expansivo. O número de viaxeiros nos cinco primeiros meses do ano subiu un 5,1 % (3,9% en España), detectándose o maior incremento nos visitantes procedentes do estranxeiro, un 10,7%.

En 2019 o crecemento dos prezos moderouse tanto no IPC, cuxa variación media dos cinco primeiros meses foi do 0,4% (0,5% en España), como nos prezos industriais, cuxo IPRI tan só se elevou neste período un 0,2% (0,5% en España).

Pola súa banda, no mercado de traballo galego, no primeiro trimestre de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, aumentou nun 2,9% a ocupación (3,2% en España). Esta diferenza a favor de España é maior nas variacións interanuais das afiliacións totais á Seguridade Social nos cinco primeiros meses de 2019, un 2% en Galicia fronte a 2,9% en España. A taxa de paro situouse no 12,47%, 2,6 puntos menos que hai un ano, se ben 0,4 puntos máis alta que no último trimestre de 2018.

I. Mercado de traballo

- Galicia acada en 2018 a maior creación de emprego en once anos. A evolución positiva da ocupación mantense no inicio de 2019
- O número de desempregados segue reducíndose e a recuperación chega por fin aos parados de moi longa duración
- Pero, non todas son boas novas no mercado laboral galego: menor dinamismo na creación de emprego que a media do Estado e segue o decaemento da poboación activa
- Máis emprego, pero lonxe dos obxectivos Europa 2020
- Forte retroceso no colectivo de autónomos máis vulnerables compensado pola positiva evolución do emprego asalariado, tanto no sector público como no sector privado
- Forte crecemento dos asalariados con contrato indefinido
- Medra o emprego, pero con menor intensidade que en España e faino en sectores diferentes. Galicia mostra unha dinámica da ocupación sectorial diverxente
- Galicia reduce o desemprego con máis intensidade que España pero volven as diferenzas na taxa de paro entre homes e mulleres
- A moderación no crecemento dos prezos facilita a recuperación de poder adquisitivo dos salarios

Introdución

Por cuarto ano consecutivo, a variación da ocupación en Galicia acada cifras positivas, segundo os datos da Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (INE). En 2018 creáronse 24.900 empregos, o dato máis alto ao final dun ano desde 2007 e que supón un sorprendente cambio de tendencia do mercado laboral galego. Ademais, en 2018 duplícase a creación de emprego de 2017 (gráfico 1), e sen perder forza, máis ben ao contrario, cunha aceleración no ritmo de crecemento do emprego no último trimestre de 2018, que parece manterse no primeiro trimestre de 2019 (gráfico 2). Con este incremento, Galicia en 2018 acada 1,077 millóns de ocupados, o que representa unha suba do 2,4%, e pecha a fenda observada co conxunto de España; agora só de 0,3 puntos porcentuais (p. p.), cando en 2017 era de 1,4 p.p.

Gráfico 1
Evolución da ocupación en Galicia
Variación absoluta (en miles de persoas) e variación relativa (en %)



Esta evolución do emprego elevou a taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos ata o 63,55%, 2,3 p. p. superior á de 2017, pero lonxe dos niveis pre-crise (65,43% en 2008). Deste xeito, o nivel de emprego a finais de 2018 situouse aínda un 10,5% por baixo do máximo acadado no terceiro trimestre de 2008.

A ocupación sorprende no primeiro trimestre de 2019 cunha caída respecto do trimestre anterior de 7.900 persoas, pero mantén a creación interanual do emprego por enriba do 2,8% (moi próxima á dinámica nacional) (gráfico 3). Polo momento, os datos da EPA descartan que a suba do salario mínimo interprofesional (SMI) producise un incremento significativo de despidos (o aumento no número de parados é lixeiramente superior ao do primeiro trimestre de 2018). Os datos dispoñibles impiden unha análise pormenorizada, pero permiten deducir algunha conclusión parcial (ver Anexo 1). En todo caso, é necesario contar con información máis detallada para contrastar se a mellora do SMI está freando a contratación en vez de destruír emprego.

Gráfico 2
Evolución da poboación ocupada en Galicia
(miles de persoas)



Tamén o desemprego tivo unha evolución positiva, con 29.700 parados menos, o que se traduce nunha importante redución da taxa de desemprego ata o 13,3%. Un ano máis, o avance da ocupación en Galicia tivo lugar nun contexto de caída da poboación activa, que suma xa seis anos de perdas, e relativiza o bo resultado en termos de ocupación e desemprego (figura 1). Co PIB medrando ao 2,8%, os datos de ocupación da EPA son moi favorables. Recordemos que en 2017, cun crecemento sensiblemente superior (3,2%), a ocupación tivera un incremento moito máis moderado (1,2%).

Gráfico 3
Ocupación no primeiro trimestre de cada ano
Taxas de varición interanuais (en %)



O resultado probablemente máis destacable é a forte redución do número de desempregados de moi longa duración (máis de dous anos), que por vez primeira desde o

Figura 1
Ocupación no primeiro trimestre de cada ano

Gráfico 4
Parados que levan máis de dous anos na procura de emprego en Galicia. Variación absoluta (en miles de persoas)



inicio da recuperación supera a redución relativa no resto de colectivos de desempregados. O 71% da diminución do desemprego concentrouse neste colectivo, coa maior caída absoluta desde 2007 (gráfico 4). Non obstante, a incidencia do paro de longa duración continúa sendo moi elevada (44% dos desempregados no primeiro trimestre de 2019), en especial entre o segmento de maiores de 45 anos. Este é o colectivo que necesita dunha maior atención tanto por parte das políticas de emprego (son os traballadores con maiores dificultades de recolocación) como das políticas de protección social (constitúen un colectivo vulnerable e, en moitas ocasións, os seus integrantes coinciden en fogares onde todos os activos están en situación de desemprego).

Os principais agregados do mercado de traballo galego (ocupación e desemprego) mostran unha evolución relativamente favorable en 2018, a pesar de que algúns datos non permiten ser demasiado optimistas. Galicia segue a ter un menor dinamismo na creación de emprego en comparación co conxunto de España. A taxa de paro galega, maila estar entre as máis baixas das comunidades autónomas, é case o dobre da media da Unión Europea (6,8%), e preto de 60.000 fogares galegos contan con todos os seus activos en situación de desemprego. Ademais mantense a evolución negativa da poboación activa total, en especial no grupo entre 20 e 29 anos (cunha perda do 5%). A recuperación económica non está supoñendo un cambio de tendencia na evolución da poboación activa. Desde 2014 o envellecemento da poboación activa galega é moi relevante, con incrementos importantes nos activos con máis de 40 anos e fortes reducións nos activos entre 20 e 39 anos; en particular, no grupo de idade comprendido entre 30 e 34 anos (no período 2014-2018 a poboación neste tramo de idade descendeu en 37.500 persoas, o que supón unha caída superior, o 22,3%).

O comportamento do emprego

A creación de emprego en 2018, 24.900 ocupados máis segundo a EPA, representa un crecemento do 2,4%, o dobre que en 2017 (cadro 1). Como xa ocorreu nos anos precedentes, o aumento da ocupación favoreceu máis ás mulleres que aos homes, malia que a distancia se reduciu respecto a 2017. Nese ano a ocupación das mulleres aumentara case cinco veces máis que a dos homes, acaparando o 80% dos novos ocupados (en 2018 as mulleres supoñen o 54,6% do incremento da ocupación).

Gráfico 5
Evolución da ocupación por situación profesional
Galicia, 2017-2018 (en %)



A evolución global positiva oculta o forte retroceso no colectivo de autónomos máis vulnerables (traballador independente ou empresario sen asalariados), sobre todo no caso das mulleres (gráfico 5). A evolución positiva dos asalariados tanto no sector público como no privado (máis intenso por vez primeira desde o inicio da recuperación no sector publico) compensa as perdas de ocupación no colectivo de traballadores autónomos en ambos os dous sexos. Sorprende o incremento relativo no número de mulleres empresarias con asalariados (suba do 11,2%), que debemos matizar, xa que este colectivo só supón o 5% da ocupación feminina.

Cadro núm. 1
Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA
Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2016	2017	2018
Ocupados	2,3	1,2	2,4
Homes	2,0	0,4	2,1
Mulleres	2,6	2,0	2,7
Ocupados segundo relación laboral			
Asalariados	2,2	1,1	4,2
Por duración de contrato			
Indefinidos	1,1	0,1	4,9
Temporais	5,4	4,2	2,6
Por duración de xornada			
Xornada completa	3,1	1,4	2,3
Xornada parcial	-2,5	-0,1	2,6
Non asalariados	2,2	1,3	-4,5
Ocupados por ramas de actividade			
Agricultura	-10,8	5,0	-10,6
Industria	1,5	5,4	-1,3
Construción	-2,5	-7,8	1,1
Servizos	2,1	0,6	4,6
De mercado	2,4	1,4	4,8
De non mercado	1,4	-1,2	3,9
Economía de mercado	2,5	1,9	1,9
Ocupados por nivel de formación			
Estudos primarios	-14,7	4,0	-9,8
Estudos secundarios. 1ª etapa	1,6	-1,3	-0,5
Estudos secundarios. 2ª etapa	5,3	0,6	7,8
Estudos altos (ed. superior)	3,6	3,1	2,8
Ocupados por nacionalidade			
Nacionais	2,7	0,8	2,1
Estranxeiros	-6,8	11,5	9,0

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.

Outro aspecto positivo é que o incremento da ocupación non se debe ao aumento da contratación temporal (cadro 1). Os asalariados con contrato indefinido medraron un 4,9%, mostrando un dinamismo maior que a ocupación temporal. De feito, a taxa de temporalidade redúcese, a pesar de que non sexa cuantitativamente relevante (agás no caso das mulleres onde pasa do 28,7% de 2017 ao 27,5% en 2018). O peso da contratación parcial tamén subiu, aínda que globalmente de xeito pouco significativo. Temos que destacar que este incremento se concentrou no emprego feminino (acapara o 75% dos novos ocupados a tempo parcial). As diferenzas por xénero na motivación do emprego a tempo parcial seguen sendo moi relevantes. Mentres que o 16,5% das mulleres nesta situación indican como motivo o coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, no caso dos homes só sinalan esta causa o 1,82% dos ocupados a tempo parcial.

Gráfico 6
Dinámica da ocupación en 2018 e recuperación da ocupación por comunidades autónomas no período 2008-2018



Galicia mostra un ano máis dificultades para acadar incrementos no número de ocupados da mesma intensidade que España. Xunto con Asturias, Galicia continúa ocupando os últimos postos en termos de recuperación de emprego, aínda que en 2018 consegue aproximarse moito á dinámica nacional (ver Anexo 2). Non obstante, parece que a recuperación da ocupación está a abrir unha fenda cada vez maior entre as distintas comunidades autónomas, posto que as que recuperaron máis son, loxicamente, as que crecen a maior ritmo (gráfico 6).

Gráfico 7
Evolución da afiliación
Taxas de variación interanuais (en %)



Se acudimos á información dos datos rexistrados nas oficinas de emprego e recollidos polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, o patrón repítese cun crecemento da afiliación en Galicia inferior á media nacional (3,17% en España fronte a 2,46% de Galicia), pero cun matiz importante: mentres o crecemento da afiliación parece frearse en España, en Galicia está aumentando o ritmo (en 2018 acádase a maior variación positiva desde o inicio da recuperación en 2014) (gráfico 7).

Por ramas de actividade, a creación de emprego no 2018 reflicte o dinamismo das ramas de servizos (gráfico 8). A ocupación na construción mantense, cun lixeiro incremento, mentres que no sector primario e na industria non manufactureira prodúcense reducións na ocupación moi significativas. Esta evolución sectorial case non ten puntos en común coa rexistrada a nivel nacional. A construción en España mostrou unha acusada melloría, cun crecemento interanual do 8,3%, fronte ao

Gráfico 8
Ocupación por sectores. Ano 2018
Taxas de variación interanuais (en %)



1,1% en Galicia. En relación coa industria, esta ofrece resultados positivos en España (en especial a non manufactureira), fronte á evolución negativa observada en Galicia. Preocupa a situación da industria manufactureira galega que, tras encadear crecementos anuais salientables na ocupación desde o inicio da recuperación en 2014, sufriu en 2018 un cambio na dinámica global do emprego (malia que en ramas concretas, como a metalurxia e a fabricación de material de transporte a evolución en 2018 ten sido moi positiva).

Evolución do desemprego

No conxunto do ano o desemprego medio baixou en 29.700 persoas, situando a taxa de paro no 13,3%, unha redución de 2,37 p.p. Sen dúbida, trátase dun descenso moi importante (-15,2%), o máis elevado desde o inicio da recuperación, e claramente superior ao observado no conxunto de España.

A redución do desemprego é maior no grupo de estudos primarios, pero tamén foi moi relevante na poboación con estudos superiores, -19,93% (fronte a só o -8,26% no mesmo colectivo en todo o Estado). Non obstante, o peso no total de desempregados da poboación con estudos superiores é en Galicia case 4 p.p. superior (23,3% en España e 27,1% en Galicia), malia que a fenda minguou considerablemente, xa que en 2017 era de máis de 6 p.p. No cuarto trimestre de 2018 Galicia mantén un importante diferencial respecto ao conxunto de España no nivel da taxa de paro (case 2,4 p.p. menos). Con todo, esta aparente boa posición do mercado laboral galego no contexto español matízase cando analizamos dous indicadores básicos como son a taxa de actividade e a taxa de emprego: Galicia presenta a segunda taxa de actividade máis baixa e a cuarta menor taxa de emprego entre todas as comunidades autónomas (cadros 3 e 4).

O descenso no número de parados non afectou de xeito similar a homes (17.800 menos, un -18,3%) e mulleres (11.900 menos, un -12,1%), mantendo o diferencial existente desde o inicio da recuperación. Como resultado, a diferenza entre a taxa de paro feminina e a masculina, que case desaparecera por completo en 2014 (0,07 p.p.), volve ser relevante (2 p.p.), pero menor que en España (3,3 p.p.).

A evolución do desemprego por idades tampouco é homoxénea. A taxa de paro da poboación máis nova duplica a taxa de paro da poboación de idades máis avanzadas. Cómpre destacar que o diferencial na taxa de paro entre o grupo de 30 a 44 anos e o grupo de maiores de 45 é moi reducido salvo no caso das mulleres, onde as traballadoras de maior idade afrontan taxas de paro significativamente máis reducidas. De feito, en 2018 a taxa de paro dos homes maiores de 45 anos é 0,6 p.p menor que a taxa de paro do grupo de idades comprendidas entre 30 e 44 anos; mentres este diferencial no caso das mulleres supera os 2,2 p.p., máis de tres veces superior.

Cadro núm. 2
Evolución do desemprego segundo a EPA
Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2016	2017	2018
Desempregados	-11,5	-9,2	-15,2
Homes	-11,8	-10,6	-18,3
Mulleres	-11,2	-7,8	-12,1
Taxa de paro	17,2	15,7	13,3
Por sexos			
Homes	16,5	15,0	12,4
Mulleres	17,8	16,4	14,4
Por idades			
Entre 16 e 29 anos	29,8	26,0	23,6
Entre 30 e 44 anos	16,1	15,0	12,6
Máis de 45 anos	14,2	13,2	11,2
Por nivel de formación			
Estudos primarios	32,8	28,5	25,6
Estudos secundarios. 1ª etapa	20,6	19,5	16,9
Estudos secundarios. 2ª etapa	16,7	14,8	13,6
Estudos altos (ed. superior)	12,1	11,1	8,9
Taxa de paro de longa duración	8,9	7,9	5,9
Homes	8,6	7,6	5,2
Mulleres	9,2	8,2	6,5
Incidencia paro de longa duración	58,5	55,5	50,5
Homes	58,9	55,7	49,3
Mulleres	57,9	55,2	51,5

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.

Como ocorre en todas as economías do noso contorno, a taxa de paro baixa para todos os niveis de formación, sendo esta redución máis intensa nos niveis educativos superiores. Deste xeito, a fenda por nivel educativo amplíase durante o último ano, o que xa estaba acontecendo desde o inicio da recuperación. Se en 2017 a taxa de paro da poboación con estudos primarios era 2,56 veces maior que a taxa de paro da poboación con educación superior, en 2018 este factor elévase ata 2,87.

Durante a gran recesión o descenso nos empregos vacantes das empresas supón que os parados teñan máis dificultades para acceder a un posto de traballo, o que repercute no tempo que os individuos dedican á busca dun novo emprego, convertendo en parados de longa duración a moitos desempregados. Como xa foi indicado, o resultado máis destacable en 2018 é o forte descenso do número de desempregados de moi longa duración (máis de dous anos). Esta positiva dinámica reduciu o peso dos parados de longa duración de xeito moi relevante nos últimos anos (pasaron de supoñer o 58,5% do total de parados en 2016 ao 50,5% en 2018). O mesmo que sucede con outros indicadores do mercado laboral, a dinámica é máis favorable nos homes que nas mulleres, o que parece confirmar o incremento das desigualdades por xénero no mercado laboral galego.

O mercado de traballo galego no contexto nacional

En resumo, a situación de Galicia no contexto español é boa en relación á taxa de desemprego, pero por baixo da media nacional en relación á taxa de actividade e emprego, xa que nos dous indicadores conta con taxas entre as máis reducidas de España. Tendo en conta a información do cuarto trimestre de 2018 (cadro 3), só Asturias presenta unha taxa de actividade menor á galega. O diferencial en relación á

Cadro núm. 3
Poboación de 16 e máis anos
(Datos do IV trimestre de 2018)

Taxa de actividade		Taxa de emprego		Taxa de desemprego	
Madrid	62,94	Baleares	56,02	País Vasco	9,58
Baleares	62,88	Madrid	55,68	Cantabria	9,68
Cataluña	61,67	Cataluña	54,42	Navarra	9,99
Canarias	60,96	Navarra	53,40	A Rioxa	10,30
Murcia	59,56	A Rioxa	53,20	Baleares	10,91
Navarra	59,33	Aragón	52,55	Aragón	11,11
A Rioxa	59,31	País Vasco	50,95	Castela e León	11,21
Aragón	59,11	Murcia	50,14	Madrid	11,54
Castela-A Mancha	59,06	C. Valenciana	49,77	Cataluña	11,75
C. Valenciana	58,07	Castela-A Mancha	49,52	Galicia	12,04
Andalucía	56,60	Cantabria	49,04	Asturias	12,86
País Vasco	56,35	Canarias	48,78	C. Valenciana	14,30
Estremadura	55,29	Castela e León	48,38	Murcia	15,83
Castela e León	54,49	Galicia	46,61	Castela-A Mancha	16,16
Cantabria	54,29	Andalucía	44,57	Canarias	19,99
Galicia	52,99	Asturias	43,81	Andalucía	21,26
Asturias	50,27	Estremadura	42,52	Estremadura	23,10
España	**58,61**	**España**	**50,14**	**España**	**14,45**

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.

Cadro núm. 4
Taxas de emprego (IV trimestre de 2018)

Taxa de emprego 16-64		Taxa de emprego mulleres 16-64 anos		Taxa de emprego 55-64 anos	
A Rioxa	69,53	A Rioxa	65,55	Madrid	59,76
Madrid	69,50	Madrid	65,44	Navarra	58,66
Cataluña	69,20	Navarra	65,30	Aragón	58,39
Aragón	69,00	País Vasco	64,95	Baleares	57,54
Navarra	68,56	Cataluña	64,94	La Rioja	57,42
País Vasco	68,16	Aragón	63,24	Castela e León	57,21
Baleares	67,53	Baleares	62,75	Cataluña	57,10
Castela e León	66,16	Galicia	61,03	Cantabria	56,11
Cantabria	64,61	Castela e León	60,02	C. Valenciana	53,28
Galicia	64,31	Cantabria	57,49	País Vasco	53,21
C. Valenciana	64,01	C. Valenciana	57,46	Murcia	52,13
Castela-A Mancha	62,46	Asturias	57,36	Castela-A Mancha	52,10
Murcia	61,61	Canarias	55,09	Galicia	51,70
Asturias	60,21	Castela-A Mancha	53,07	Asturias	48,34
Canarias	59,01	Murcia	53,01	Estremadura	48,06
Andalucía	55,56	Andalucía	47,25	Canarias	45,53
Estremadura	54,98	Estremadura	46,11	Andalucía	44,66
España	**64,00**	**España**	**58,33**	**España**	**53,01**

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.

media nacional está próximo aos 6 p.p.; resultado que, en gran medida, é consecuencia dunha estrutura demográfica moito máis envellecida no caso galego.

A situación relativa de Galicia mellora cando analizamos a taxa de emprego por colectivos (tramos de idade e xénero), situándose a taxa de emprego de 16 a 64 anos na media nacional e a das mulleres galegas de entre 16 e 64 anos case 3 p.p. por enriba da española (cadro 4).

Non obstante, a piques de chegar a 2020, Galicia segue moi lonxe de alcanzar os obxectivos da Estratexia Europa 2020 en materia de emprego. A Unión Europea fixou como obxectivo concreto para 2020 acadar unha taxa de ocupación para o colectivo entre 20 e 64 anos do 75%. A finais de 2018, a taxa de emprego galega só chegaba ao 66,7%, é dicir, 8 puntos por baixo da meta marcada como obxectivo por Europa (gráfico 9). No Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fixouse un obxectivo de emprego moito máis modesto: acadar o 70%. Por suposto, esta porcentaxe é factible dada a dinámica actual do mercado laboral, pero, aínda que se acadase, só se lograría recuperar algo máis da metade do emprego perdido entre 2008 e 2014.

Gráfico 9
Taxa de emprego da poboación de 20 a 64 anos (en %)



Neste plan fíxase tamén o obxectivo do 67% para a taxa de ocupación das mulleres. Lograr os dous fins nun futuro pasa por unha maior integración das mulleres no mercado de traballo (ver Anexo 3). A mala nova é que a taxa de emprego da poboación entre 55 e 64 anos é case 2 p.p. inferior á española. Este dato, debido ao rápido envellecemento da poboación activa galega, debe servir de aviso para deseñar medidas activas de emprego destinadas a mellorar a participación e a empregabilidade deste importante colectivo de traballadores.

Menos desemprego e máis emprego, pero, mellores empregos?

Un dos problemas estruturais do mercado laboral galego e español é a forte segmentación do mercado laboral. Xunto aos empregados indefinidos que contan cun elevado grao de seguridade no emprego e amplos beneficios sociais, coexiste un amplo colectivo de empregados temporais con escasa cobertura social e elevada estacionalidade. O aumento deste segundo colectivo, que aglutina esencialmente a mozos, menos formados e mulleres, parece estabilizado despois de acadar o máximo do 28,13% no terceiro trimestre de 2017 (gráfico 10). A mellora do mercado laboral galego tamén se deixa sentir na contratación temporal. Durante 2018, a contratación indefinida aumentou un 4,9%, fronte a un incremento da contratación temporal significativamente menor, un 2,6%. Nos dous anos anteriores (2016 e 2017) a contratación temporal medrara a un ritmo moi superior á contratación indefinida.

En todo caso, a temporalidade en Galicia é semellante á existente a nivel nacional, duplicando a temporalidade da Unión Europea (14,2%). Por suposto, é conveniente reducila canto antes, xa que unha alta e prolongada taxa de temporalidade ten efectos negativos sobre a produtividade. De feito, nin as empresas nin os empregados teñen incentivos para investir en formación especifica, e moito menos cando a duración do contrato é inferior aos tres meses; situación que en 2018 afectaba a máis de 35.000 asalariados galegos. A existencia dunha taxa de temporalidade tan alta trátase de xustificar en función dunha estrutura produtiva, pero seguramente obedece moito máis ao incumprimento xeneralizado da normativa laboral e que se traduce nun abuso das figuras temporais para cubrir postos de traballo de natureza estable.

Gráfico 10
Evolución da taxa de temporalidade en Galicia
(en % de asalariados)



Gráfico 11
Evolución do emprego a tempo parcial en Galicia
(en % de asalariados)



Gráfico 12
Peso do motivo "non poder atopar un traballo a tempo completo" na ocupación a tempo parcial en Galicia

Grazas aos cambios na lexislación do emprego a tempo parcial, o traballo por horas ten acadado niveis non coñecidos en Galicia, supoñendo no primeiro trimestre de 2019 o 16,7% do emprego asalariado (gráfico 11). De feito, o 56% do emprego creado entre o primeiro trimestre de 2018 e o primeiro trimestre de 2019 é a tempo parcial. Trátase dun dato sorprendente, posto que supón superar o máximo peso do emprego a tempo parcial acadado pola economía española a mediados de 2014. O incremento da contratación parcial concéntrase no emprego feminino en sectores de servizos de baixa produtividade, o que pode estar relacionado coa suba do salario mínimo interprofesional. Recordemos que, teoricamente, un dos posibles impactos da alza do salario mínimo é o aumento da contratación temporal e a tempo parcial e a redución da xornada media de traballo. O incremento da contratación a tempo parcial debería ser visible inmediatamente, pero pasar de tempo completo a tempo parcial require a aceptación polo traballador do cambio de contrato e non só da vontade do empresario (ver Anexo 1).

Desde 2014 ata finais de 2018, do mesmo xeito que ocorría na economía galega, este recurso contractual parecía mostrar certo esgotamento, despois do protagonismo acadado desde 2009 como instrumento de flexibilidade para as empresas (entre outras características o empresario ten moita máis facilidade para modificar a xornada laboral dun traballador a tempo parcial en comparación cun traballador a xornada completa). A falta dunha regulación máis protectora do traballador a tempo parcial, como a existente noutros países europeos, provoca que a utilización desta forma contractual desde o punto de vista dos traballadores sexa maioritariamente involuntaria en 2018, xa en plena recuperación económica (o 56% dos asalariados a tempo parcial en 2018 aceptan este contrato porque non atopan emprego a xornada completa; cando en 2009, en plena crise, esta porcentaxe non chegaba ao 43%) (gráfico 12). A estabilidade no uso do contrato a tempo parcial e a involuntariedade maioritaria do traballador son feitos que deberían favorecer a reforma desta modalidade contractual para fomentar toda a súa potencialidade. Sen dubida é necesario corrixir, polo menos parcialmente, os seus efectos sobre a calidade do emprego (en 2017, o 92% dos asalariados do primeiro decil de salarios son traballadores a tempo parcial, cun salario medio de 468,48 euros; cando en 2010 eran só o 85% do decil e o seu salario medio era de 496,28 euros).

Gráfico 13
Ratio salario medio 10 decil / 1 decil. Galicia



De feito, a recuperación do mercado de traballo está sendo máis lenta do esperado, sobre todo se temos en conta que o nivel de produción xa ten acadado as cifras pre-crise. Tanto o nivel de emprego como os salarios non acaban de mostrar a ansiada recuperación e, ademais, a evidencia existente mostra un preocupante incremento da desigualdade. Unha forma simple pero efectiva de medir a desigualdade é comparar o salario medio do decil máis alto co decil máis baixo. No ano 2007, antes do inicio da crise, o salario medio do primeiro decil era de 486 euros e o do decil máis alto de 3.683 euros. A comparación dos dous valores dá unha ratio que mide a distancia entre os dous salarios: os asalariados do decil 10

cobraban 7,6 veces máis que os asalariados do decil 1. En 2017 esta ratio pasou a ser 10. Polo tanto, en 10 anos pasamos dunha ratio de 7,6 a outra de 10, unha variación do 32%. O inicio da recuperación parecía que podería modificar esta tendencia (a desigualdade salarial máxima se acada en 2014), cambiando a dinámica da ratio e reducindo o seu valor en 2015 e 2016; pero en 2017 a dinámica salarial volve aumentar a diferenza.

Prezos, salarios e custos laborais

A taxa de inflación, medida a través da media da variación anual do IPC, acadou o 1,7%, 5 décimas menos que en 2017, valor moi semellante ao rexistrado no conxunto da economía española, no que dita taxa se reduciu en 3 décimas. Esta moderación no crecemento dos prezos tivo a súa orixe nas caídas que se produciron nos grupos de vivenda (2,2 puntos menos), ocio e cultura (1 punto) e transporte (8 décimas). A pesar desta moderación na evolución dos prezos, os salarios negociados continuaron a recuperar parte das perdas de poder adquisitivo que se produciron durante a fase recesiva. Segundo a Estatística de convenios colectivos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, o aumento salarial pactado no total de convenios en Galicia acadou o 1,99%, 4 décimas máis que no ano precedente. Esta relativa mellora no aumento salarial en termos reais difire segundo o ámbito de aplicación dos convenios. Así, nos convenios de empresa (que recollen un tipo de negociación máis individual e que, polo tanto, teñen máis en conta as condicións propias de cada unha das unidades negociadoras), o incremento salarial pactado situou-se no 1,51%. Nos convenios de ámbito superior á empresa (sectoriais, autonómicos e superior) as subas pactadas foron maiores, acadando o 2,02%. En calquera caso, a moderación na evolución dos salarios pactados en convenio colectivo segue sendo a norma: lonxe dos fortes incrementos que se fixaran con anterioridade á recesión (gráfico 14).

Gráfico 14
Taxa de inflación e incremento salarial pactado en Galicia
(En %)



Desde a perspectiva dos custos laborais, a Enquisa trimestral de custo laboral do INE indica que os diferentes sectores non primarios experimentaron dinámicas moi heteroxéneas en 2018, cun incremento total do 1,1% (gráfico 15). Á excepción dos servizos (onde o custo laboral se reduciu un 0,3%), nos restantes sectores os avances oscilaron entre o 3,5% da industria e o 7% da construción. Neste sentido, destacaron, por unha banda, o aumento no custo salarial ordinario (4,7% na industria e 6,7% na construción) e, por outra banda, as reducións nas subvencións e bonificacións da Seguridade Social (que caeron un 5,3% na industria e un 0,8% na construción). Asemade, os servizos experimentaron unha dinámica allea á dos outros sectores. O custo salarial ordinario medrou tan só un 0,1%, mentres que as subvencións e bonificacións se incrementaron un 1,1%.

Gráfico 15
Custos laborais totais
Taxa de variación 2017-2018



Cadro núm. 5
Evolución dos custos laborais

	2017	2018					Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	absoluta	TVI (%)
Industria								
Custo total	2.712,0	2.718,3	2.714,5	2.725,2	3.074,2	2.808,0	96,0	3,5
Custo salarial total	1.999,6	1.996,4	1.997,3	2.003,1	2.344,2	2.085,2	85,6	4,3
Custo salarial ordinario	1.671,7	1.749,7	1.734,3	1.743,2	1.772,2	1.749,8	78,2	4,7
Outros custos	712,4	721,9	717,2	722,1	730,0	722,8	10,4	1,5
Custo por percepcións non-salariais	62,8	53,3	55,1	54,3	54,3	54,3	-8,6	-13,6
Custo por cotizacións obrigatorias	661,8	677,7	673,1	678,5	690,9	680,1	18,3	2,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,1	9,1	11,0	10,7	15,2	11,5	-0,6	-5,3
Construción								
Custo total	2.396,5	2.386,3	2.824,3	2.462,3	2.582,5	2.563,8	167,3	7,0
Custo salarial total	1.654,1	1.592,7	1.967,5	1.676,2	1.820,7	1.764,3	110,2	6,7
Custo salarial ordinario	1.466,6	1.518,6	1.525,5	1.509,7	1.502,0	1.514,0	47,4	3,2
Outros custos	742,4	793,7	856,9	786,1	761,7	799,6	57,1	7,7
Custo por percepcións non-salariais	109,3	140,5	199,4	119,9	117,4	144,3	35,0	32,0
Custo por cotizacións obrigatorias	642,0	659,1	667,1	674,1	656,2	664,1	22,1	3,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	8,9	5,9	9,6	8,0	11,9	8,8	-0,1	-0,8
Servizos								
Custo total	2.175,6	2.116,6	2.152,2	2.165,6	2.241,5	2.169,0	-6,7	-0,3
Custo salarial total	1.614,3	1.544,2	1.601,8	1.583,9	1.686,5	1.604,1	-10,1	-0,6
Custo salarial ordinario	1.424,1	1.415,6	1.424,6	1.437,8	1.423,8	1.425,4	1,3	0,1
Outros custos	561,4	572,4	550,4	581,6	555,0	564,8	3,5	0,6
Custo por percepcións non-salariais	50,2	63,5	43,1	64,3	47,6	54,6	4,5	8,9
Custo por cotizacións obrigatorias	522,1	518,7	517,2	528,8	520,4	521,2	-0,9	-0,2
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,9	9,8	9,9	11,5	13,0	11,0	0,1	1,1
Total non primario								
Custo total	2.288,9	2.245,6	2.301,9	2.287,6	2.417,6	2.313,2	24,3	1,1
Custo salarial total	1.687,4	1.630,8	1.699,6	1.666,1	1.815,9	1.703,1	15,7	0,9
Custo salarial ordinario	1.472,3	1.484,1	1.488,3	1.498,0	1.492,8	1.490,8	18,5	1,3
Outros custos	601,5	614,9	602,3	621,5	601,7	610,1	8,6	1,4
Custo por percepcións non-salariais	56,6	66,8	56,2	66,5	53,8	60,8	4,3	7,5
Custo por cotizacións obrigatorias	555,9	557,4	556,1	566,1	561,2	560,2	4,3	0,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,0	9,4	10,1	11,1	13,4	11,0	0,0	-0,3

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de costes laborales*.

Anexo 1

A taxa de emprego feminina no marco da Estratexia Europa 2020: máis lonxe do esperado

A Unión Europea promove a través de distintas políticas o incremento da taxa de emprego feminino como base do crecemento do emprego. Co obxectivo de involucrar a todos os Estados membros fixa obxectivos numéricos a acadar en datas concretas en indicadores clave, procedemento que iniciou coa Estratexia de Lisboa no ano 2000. En concreto, a Estratexia de Lisboa fixou como obxectivo para a taxa de emprego feminina en 2010 un 60%. As mulleres galegas xa alcanzaran esta cifra en 2008. Non obstante, coa crise, a taxa de emprego feminina diminuíu e, despois dunha pequena recuperación, apenas supoñía o 63% a finais de 2018. É dicir, só aumentou 3 puntos en 10 anos. A pesar desta desaceleración debida á crise, a taxa de emprego feminina entre 20 e 64 anos aumentou de maneira considerable desde o ano 2000; foi capaz de superar a taxa española e de alcanzar os obxectivos fixados. Con todo, segue estando 4 puntos por baixo da media europea, que se situaba nun 67%.

A recuperación da taxa de emprego feminino despois da crise foise producindo de xeito moito máis acelerado que a masculina (de feito, a taxa de emprego masculina segue por baixo dos valores anteriores á crise). Pero esta evolución pode non ser tan positiva como aparenta, xa que parte dese incremento se produciu a través de traballos a tempo parcial. Así, en 2018, un 23,5% das ocupadas traballan a tempo parcial fronte a un 6,7% dos homes ocupados. Estes valores eran moito máis baixos xusto antes da crise (19% das ocupadas e 4,3% dos ocupados). O tempo parcial recoñécese en moitos casos como algo positivo para compaxinar traballo con outras actividades como os estudos, o coidado de fillos ou maiores, etc. Deste xeito, a porcentaxe galega é inferior á da media da Unión Europea, que alcanzaba o 30% para as mulleres de entre 20 e 64 anos. Porén, o problema aparece cando este tipo de contrato non é voluntario e, de feito, máis da metade das mulleres (54,27%) que traballan a tempo parcial é porque non conseguiron atopar un traballo a tempo completo. Esta cifra incluso se reduciu nos últimos anos, e durante a crise chegou a alcanzar máis do 66%.

As razóns polas cales os traballos a tempo completo poden ser preferibles son porque aqueles a tempo parcial supoñen unha perda salarial respecto aos traballos a tempo completo; ademais teñen unha menor cotización á Seguridade Social e, polo tanto, unha penalización nas pensións futuras e nos subsidios de desemprego. O traballo a tempo parcial tamén está máis asociado á inseguridade laboral e adoita ofrecerse menor formación aos seus traballadores, o que aumenta o risco de marxinación. Por todos estes motivos, o aumento do traballo a tempo parcial non voluntario vai en contra do obxectivo Europa 2020 «mellores empregos», aínda que, como vemos, pode ser a causa principal do aumento da taxa de emprego.

Por outra banda, a suba da taxa de emprego a partir do traballo a tempo parcial pode desvirtuar esta medida tamén desde o punto de vista da produtividade ou do crecemento, xa que o incremento en número de traballadores non se corresponde cos postos de traballo a tempo completo e, polo tanto, o incremento deste factor produtivo puido ser moito menor que o que mostra a taxa. Para determinar o aumento real en unidades comparables axustamos a taxa de emprego a partir do número de horas e calculamos a taxa de emprego equivalente a tempo completo (FTE). A taxa de emprego equivalente a tempo completo pretende que o número de traballadores empregados sexa comparable incluso se traballan un número de horas distinto á semana. Esta medida obtense a partir da ratio entre o número de horas traballadas por un asalariado e o número de horas traballadas a tempo completo. Polo tanto, un traballador ou traballadora equivalente a tempo completo tomará o valor 1 se traballa o número medio de horas a tempo completo e os ocupados ou ocupadas a tempo parcial cóntanse en proporción ás horas traballadas. Por exemplo, se un ocupado a tempo parcial traballa 20 horas e a semana a tempo completo son 40 horas, este traballador ou traballadora contará como 0,5.

Gráfico A1.1
Taxa de emprego de 20 a 64 anos



Como podemos ver no gráfico A1.1, a taxa de emprego equivalente a tempo completo masculina vai moi parella á taxa de emprego masculina de 20-64 anos sen axustar. Non obstante, para as mulleres a fenda entre as dúas taxas (axustada e non axustada por horas) é considerable e, en vez de reducirse no tempo, aumenta lixeiramente debido ao incremento da importancia dos traballos a tempo parcial para as mulleres. Tento isto en conta, a taxa de emprego feminina, unha vez axustada por horas, está situada no 54% en 2018, moito máis lonxe dos valores masculinos, o 64%, que na situación onde non consideramos este axuste (66% fronte a 60%); e, por suposto, moi lonxe dos obxectivos Europa 2020 de alcanzar unha taxa de emprego do 75%, ou, incluso, do expresado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 de chegar ao 70%.

Anexo 2

O aumento no salario mínimo interprofesional: unha primeira avaliación dos seus efectos en Galicia

En decembro de 2018 publicouse no BOE o decreto no que se fixaba o maior incremento no salario mínimo interprofesional (SMI) que se ten dado desde a súa instauración, ata situalo nos 900 euros/mes (un aumento do 22,3%). O debate aberto na sociedade e nos medios de comunicación acerca dos efectos que tería esta medida sobre a capacidade de creación de emprego no contexto económico actual, non sempre tivo un soporte científico baseado en evidencias. Mesmo a literatura científica especializada non acadou un consenso acerca dos efectos das alzas do SMI sobre a creación de emprego, dependendo os mesmos do contexto, o punto de partida do SMI, a distribución salarial, a dinámica xeral da remuneración dos asalariados, etc. Desde unha perspectiva puramente teórica, unha suba do salario mínimo ten dous efectos inmediatos: por unha banda, (1) os traballadores afectados incrementan o seu poder adquisitivo, o que ademais reduce a desigualdade salarial; e, ao mesmo tempo, (2) incrementaríase o custo laboral de ditos traballadores, que adoitan seren os máis novos e cun menor nivel de formación. O efecto esperado deste segundo punto sobre o nivel de ocupación destes traballadores sería por tanto negativo.

Existirían ademais outros efectos de segunda volta, de carácter macroeconómico. Un maior salario mínimo eleva o salario de reserva do total dos traballadores (o salario máis baixo que os incentiva a participar no mercado de traballo), polo que o salario de partida nos procesos de negociación colectiva pode causar efectos negativos sobre o desemprego de equilibrio. Por outra banda, o aumento na capacidade adquisitiva no tramo da distribución salarial con maior propensión ao consumo derivada do incremento no SMI tería un impacto positivo sobre a demanda agregada, que podería compensar os efectos negativos descritos anteriormente.

A literatura empírica especializada non identificou con exactitude a magnitude do conxunto de efectos da suba do SMI sobre a economía, e en particular sobre o emprego dos traballadores cubertos polo SMI. Os efectos estimados varían enormemente dependendo do país baixo análise, os grupos de traballadores considerados ou a dimensión temporal analizada. Por tanto, realizar unha avaliación do impacto sobre o emprego da alza do salario mínimo aprobada polo Goberno en decembro de 2018 resulta complexa e moito máis cando aínda non temos información estatística oficial suficiente.

En calquera caso, o primeiro paso dunha análise do impacto económico desta medida pasa pola correcta identificación dos colectivos afectados pola cobertura do salario mínimo. O nivel de desagregación dos datos para realizar esta identificación é tan elevado (hai que vincular a evolución dos salarios coa evolución do emprego), que impide o uso das fontes estatísticas habituais (enquisa de poboación activa ou os datos de afiliación á Seguridade Social, etc.). Os economistas Florentino Felgueroso e Marcel Jansen[1] realizaron o cálculo da taxa de cobertura do SMI (porcentaxe de asalariados que perciben o SMI) e do índice de Kaitz (porcentaxe do SMI sobre a mediana da distribución salarial) a partir dos datos da *Muestra continua de vidas laborales* da Seguridade Social. Os datos resúmense na táboa A2.1 Para o conxunto de Galicia a taxa de cobertura do SMI en 2018 (cun SMI de 735,9 euros/mes) era relativamente baixa (un 3,2% do total de asalariados), cun índice de Kaitz do 53,9%. Isto supón que Galicia se situaba na media nacional en canto ao primeiro indicador, e lixeiramente por enriba no segundo (49,1% para o conxunto de España). Non obstante, a incidencia por colectivos amosa enormes diferenzas (os datos aportados por Felgueroso e Jansen correspóndense coa media nacional e reprodúcense na táboa A2.1). No colectivo de traballadores máis novos a incidencia é moi significativa, afectando o 12,3%. Tamén é moi

[1] http://nadaesgratis.es/felgueroso/salario-minimo-mas-datos-para-el-debate

Cadro A2.1
Cobertura do SMI e índice de Kaitz*

	Taxa de cobertura	Índice de Kaitz
Traballadores novos (18-24 anos)	12,3	63,3
Parados menos 1 ano	5,4	64,6
Parados longa duración	7,9	65,0
Tempo completo	3,2	50,1
Tempo parcial	3,2	63,0
Grupo cotiz. 10 (peóns)	9,0	62,9
Grupo cotiz. 7 (auxiliares administrativos)	4,0	54,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	7,4	61,1
Actividades administrativas e servizos auxiliaries	4,2	58,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	4,8	43,9
Comercio	3,3	56,5
Hostalería	3,3	57,2
Galicia	**3,2**	**53,9**

* A taxa de cobertura representa a porcentaxe de traballadores que perciben o SMI sobre o total de asalariados. O índice de Kaitz calcúlase como a porcentaxe do SMI (735,9 euros/mes) sobre a mediana da distribución salarial.

Fonte: Felgueroso, F. E Jansen, M. (2019): *Salario mínimo: más datos para el debate (http://nadaesgratis.es/felgueroso/salario-minimo-mas-datos-para-el-debate).*

relevante no colectivo de parados de longa duración (7,9%), os traballadores menos cualificados (o grupo 10 de cotización cunha taxa do 9%) ou os traballadores nos sectores de servizos.

En función deste tipo de cálculos, moitos analistas prognosticaron un forte impacto da subida do salario mínimo sobre o nivel de emprego. O propio Banco de España publicou unha análise na que se cuantificaba a potencial perda de emprego asociada a esta medida. Así, Lacuesta *et al.* (2019)[2] sosteñen que o 12,7% dos traballadores afectados pola alza do SMI poderían perder o seu emprego (en torno a 125.000 ocupados no conxunto nacional).

Aínda é cedo para poder avaliar os efectos plenos desta medida sobre a capacidade de creación de emprego, xa que ditos efectos se manifestarán no medio-longo prazo (por exemplo, BBVA Research, 2017,[3] estima que o incremento do 8% aplicado en 2017 tería un impacto de longo prazo sobre o emprego do 0,3%, sempre que non se trasladase ao resto de salarios e a produtividade se mantivese constante; en caso contrario, os efectos poderían chegar a unha caída do emprego do 2%).

Tendo en conta todas as dificultades de cálculo indicadas é posible facer unha primeira avaliación do impacto sobre o emprego da suba do SMI a partir da evolución da ocupación nos colectivos máis directamente afectados polo incremento do SMI. Por suposto, é unha avaliación necesariamente incompleta, ao non poder contemplar os efectos de longo prazo. Para iso, comparamos os datos proporcionados polo SMI no último trimestre de 2018 (o último antes da aprobación da suba no SMI) e o primeiro trimestre de 2019. Para illar a análise de posibles efectos estacionais, tamén mediremos a variación da ocupación en termos interanuais. Os cálculos aparecen resumidos no cadro A2.2. A imaxe resultante de dito cadro é que, a pesar de que entre o último trimestre de 2018 e o primeiro de 2019 as principais categorías de traballadores presentan unha evolución negativa (especialmente no caso dos ocupados máis novos, nas actividades administrativas e no comercio, e no caso dos asalariados cun nivel de cualificación máis baixo), dita variación ten unha compoñente esencialmente cíclica, xa que en termos interanuais as únicas categorías que teñen unha variación negativa serían as de ocupados entre 16 e 24 anos (un 3% de redución) e a ocupación na rama do comercio (cunha caída do 3,1%). O resto de categorías (ben sexan en termos de ocupación ou de número de asalariados) experimentan variacións positivas, en moitos casos moi relevantes. Por outra banda, o cadro permite refutar a hipótese de que ante o aumento nos custos laborais derivados da alza do SMI, os traballadores afectados poden verse forzados a cambiar o tipo de actividade profesional, pasando de asalariados a autónomos (pero desempeñando o mesmo tipo de actividades). Os datos do SMI apuntan a que o número de autónomos non se incrementou desde a aprobación lexislativa, e en termos interanuais mesmo se reduciu, en particular no caso dos traballadores novos.

Cadro A2.2
Variación da ocupación por grupo de traballadores

	I trim. 2018	IV trim. 2018	I trim. 2019	% variación trimestral	% variación interanual
Ocupados					
Traballadores novos (16-24 anos)	33,2	36,5	32,2	-11,8	-3,0
Autónomos (16-24 anos)	1,7	1,4	1,4	0,0	-17,6
Autónomos (total)	209,0	209,0	208,7	-0,1	-0,1
Comercio	179,0	176,7	173,4	-1,9	-3,1
Hostalería	69,8	78,8	78,3	-0,6	12,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	16,0	19,6	21,7	10,7	35,6
Actividades administrativas e servizos auxiliaries	38,4	48,3	45,8	-5,2	19,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	47,1	56,8	56,5	-0,5	20,0
Asalariados					
Tempo completo	705,9	736,9	720,7	-2,2	2,1
Tempo parcial	125,5	136,4	144,4	5,9	15,1
Ocupacións elementais	102,0	105,6	102,7	-2,7	0,7
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	94,3	103,5	101,4	-2,0	7,5

Fonte: elaboración propia a partir de datos da EPA, INE e IGE.

[2] Lacuesta, A., Izquierdo, M. e S. Puente (2019): "Un análisis del impacto de la subida del salario mínimo interprofesional en 2017 sobre la probabilidad de perder el empleo". Banco de España, Documentos Ocasionales, nº 1902.

[3] BBVA Research, 2017. Observatorio Económico de España. Marzo.

En resumo, e sendo conscientes de que moitos dos efectos da suba do SMI están aínda sen manifestarse, non parece que as alertas lanzadas por moitos analistas antes da súa aprobación estivesen xustificadas. No caso da economía galega (en paralelo á nacional) non se aprecian efectos negativos significativos sobre a evolución da ocupación, estando esta máis vinculada ao ciclo específico de Galicia respecto do nacional.

Anexo 3

A recuperación do emprego despois da crise: unha perspectiva rexional

Unha vez superada a crise, e afianzado o proceso de recuperación económica, os niveis de ocupación comezan a aproximarse aos anteriores ao inicio da denominada «gran recesión», que, como é sabido, impactou de xeito dramático sobre o mercado de traballo, aínda que cunha incidencia rexional moi diversa. Esta, de feito, é unha das características estruturais do mercado de traballo español: a existencia de fortes e persistentes diferenzas nos indicadores do mercado de traballo entre as distintas comunidades autónomas. O comportamento cíclico destas diferenzas rexionais é outra das características propias do mercado de traballo: tomando como indicador de referencia a taxa de desemprego, e ao contrario do que ocorre noutros países, as disparidades absolutas entre rexións (as diferenzas entre as taxas de paro rexionais) tenden a reducirse nas fases expansivas, mentres que as disparidades relativas (as diferenzas respecto da media nacional) tenden a aumentar. Pola contra, nas fases recesivas as disparidades absolutas aumentan e as relativas redúcense. Este comportamento idiosincrático do mercado de traballo español é un claro indicador de que existen mecanismos que actúan a nivel rexional que impiden unha converxencia territorial plena nos principais indicadores laborais.

Neste contexto cabe preguntarse se este patrón cíclico se está a repetir de novo ou non. O cadro A3.1 recolle a ocupación media anual en 2007 e 2018 por comunidades autónomas e a súa variación absoluta e relativa entre os dous anos. Asemade, na última columna calcúlase a porcentaxe de emprego recuperado en 2018 respecto ao nivel de 2007. A primeira conclusión que podemos extraer é que os niveis de ocupación, en xeral, están aínda por baixo dos niveis pre-crise. Só as rexións máis vinculadas ao sector turístico (Illas Baleares e Illas Canarias) teñen un nivel de ocupación superior ao existente en 2007. En segundo lugar, as rexións que tradicionalmente lideran a creación de emprego (Madrid, Cataluña, Navarra, etc.) son as que amosan un maior dinamismo na creación de emprego. Galicia ocupa unha das últimas posicións en canto á recuperación de emprego, superando tan só a Asturias. Así, o nivel de ocupación en Galicia aínda está no 90,3% do nivel existente en 2007. Isto indica que queda moito treito por percorrer, e que o mercado de traballo galego amosa un preocupante menor dinamismo que o resto das comunidades autónomas.

Cadro A3.1
Variación do emprego por comunidades autónomas

	2007	2018	Variación Absoluta	Variación %	% emprego recuperado
Andalucía	3.238,6	3.030,8	-207,8	-6,4	93,6
Aragón	623,3	573,8	-49,5	-7,9	92,1
Asturias	436,7	391,9	-44,8	-10,3	89,7
Baleares	509,7	560,1	50,4	9,9	109,9
Canarias	891,1	897,2	6,1	0,7	100,7
Cantabria	261,6	241,0	-20,6	-7,9	92,1
Castela e León	1.082,1	982,8	-99,3	-9,2	90,8
Castela-A Mancha	865,0	805,0	-60,0	-6,9	93,1
Cataluña	3.576,6	3.362,2	-214,4	-6,0	94,0
C. Valenciana	2.230,0	2.042,9	-187,1	-8,4	91,6
Estremadura	414,9	378,9	-36,0	-8,7	91,3
Galicia	**1.193,3**	**1.077,6**	**-115,7**	**-9,7**	**90,3**
Madrid	3.126,8	2.990,9	-135,9	-4,3	95,7
Murcia	637,7	592,3	-45,4	-7,1	92,9
Navarra	295,5	282,2	-13,3	-4,5	95,5
País Vasco	1.001,1	923,6	-77,5	-7,7	92,3
A Rioxa	147,4	138,0	-9,4	-6,4	93,6

Fonte: Encuesta de Población Activa, INE.

Estas diferenzas na creación de emprego, xunto coas dinámicas demográficas de cada rexión, determinan a evolución última do desemprego. Tal e como se analiza neste informe, as taxas de paro avanzan na súa redución, e amosan valores progresivamente máis baixos (aínda que lonxe dos existentes antes da crise). Non obstante, as disparidades volven replicar o comportamento cíclico previo, reflectindo que as sucesivas reformas do mercado de traballo poden ter xerado un bo comportamento agregado (hipótese aínda por contrastar), pero non modificaron as dinámicas rexionais. O gráfico A3.1 representa a evolución de dous indicadores de disparidade rexional, un absoluto (a desviación

Gráfico A3.1
Disparidades rexionais na taxa de desemprego



típica das taxas de paro rexionais, no eixe esquerdo) e un relativo (o coeficiente de variación de ditas taxas, no eixe da dereita).[4] Deste gráfico concluímos que desde o inicio da recesión, as disparidades absolutas tenderon a aumentar ata 2012-2013, para comezar a diminuír desde entón. A disparidade relativa, pola contra, reduciuse ata 2013 e comezou a incrementarse de novo ata 2018.

En conxunto, estes datos parecen indicar que as políticas seguidas nos últimos anos para a recuperación dos niveis de emprego, e que estiveron moi vinculadas á redución dos custos laborais a través da flexibilización das relacións laborais, non axudaron na redución das disparidades rexionais. Cun conxunto de institucións do mercado de traballo ben diferente ao existente en décadas anteriores acadouse un resultado rexional similar. Parece, pois, que o foco da política debería ter en conta outros aspectos, como a calidade do emprego e a dinámica demográfica, que segue sendo unha das principais diferenzas entres rexións, condicionando a evolución da poboación activa.

[4] O coeficiente de variación é o cociente entre a desviación típica e o valor absoluto da media. Por tanto, canto maior é o valor do mesmo, maior é o nivel de disparidade relativa existente na distribución subxacente.

II. Agricultura

- En xuño de 2018 a Comisión Europea presentou as propostas lexislativas para a reforma da Política Agraria Común no período 2021-2027.
- Desde 2014, coa recuperación económica, volve diminuír o peso relativo do sector agrario na economía galega.
- En 2018 asistimos a unha baixa dos prezos da carne e dos produtos lácteos nos mercados internacionais, poñendo fin á recuperación do bienio 2016-2017.
- Condicionada polo empeoramento dos prezos dos produtos gandeiros, a renda agraria diminuíu na UE mentres que aumentou en España.
- Continúa en Galicia a dinámica expansiva da produción láctea, cun crecemento das entregas á industria do 3% en 2018.
- A expansión das producións gandeiras foi contrarrestada pola contracción nas ramas vexetais, orixinando un estancamento do *output* global do sector agrario galego.
- Os prezos mantiveron en 2018 un comportamento moderadamente favorable para os nosos agricultores, a pesar do encarecemento dos insumos.
- Como resultado, a renda global do sector agrario galego rexistrou un pequeno incremento (0,5%), que se acompañou dun crecemento moito maior da renda por traballador (6,1%).

Reforma da PAC para o período 2021-2027: propostas lexislativas da Comisión Europea e inicio do seu debate

Como indicamos no informe anterior, no ano 2017 iniciouse o proceso para a nova reforma da Política Agraria Común (PAC), que debe definir o contido desta política no período 2021-2027. En febreiro dese ano a Comisión Europea lanzou unha consulta pública, que se estendeu durante tres meses. Os resultados desa consulta foron dados a coñecer nunha conferencia celebrada en xullo de 2017. Posteriormente, no mes de novembro a Comisión presentou a comunicación *O futuro da alimentación e a agricultura,*[1] na que se enunciaban os obxectivos e orientacións xerais da reforma, sen formular aínda propostas concretas. En paralelo, abriuse tamén o debate sobre o futuro cadro financeiro plurianual da UE, unha cuestión decisiva porque vai establecer o volume de recursos cos que contarán as diferentes políticas comunitarias, entre elas, e cun peso moi importante, a política agraria.

Partindo deses antecedentes, ao longo de 2018 producíronse dous acontecementos relevantes. Por un lado, o 2 de maio a Comisión Europea presentou a súa proposta de Cadro Financeiro Plurianual 2021-2027.[2] Esta proposta reduce lixeiramente a magnitude relativa do orzamento global da UE, reafirmando a tendencia á baixa observada nos últimos períodos: descontando o Reino Unido en todas as cifras, no período 2021-2027 o límite para as autorizacións de gasto sería do 1,11% da renda nacional bruta da UE, fronte ao 1,16% do período 2014-2020.

No que respecta aos recursos asignados á PAC, a proposta de Cadro Financeiro Plurianual implica unha redución significativa, que afectaría principalmente ao segundo piar, a política de desenvolvemento rural. En concreto, segundo esa proposta os fondos dispoñibles para o primeiro piar da PAC, que inclúe as medidas de mercado e as axudas directas, as accións financiadas polo FEAGA (Fondo Europeo Agrario de Garantía), manteríanse aproximadamente en euros correntes (aumentarían un 2%); mentres que os destinados á política de desenvolvemento rural, ao FEADER (Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural), diminuirían nun 17% respecto ao período 2014-2020. Expresado en euros constantes, iso supón que o orzamento global da PAC se reduciría nun 15%; o 11% no primeiro piar e o 28% no segundo.[3]

O segundo acontecemento relevante foi a presentación pola Comisión Europea o 1 de xuño das propostas de regulamentos para a reforma da PAC 2021-2027. Nelas concrétanse as orientacións xerais formuladas na comunicación de novembro de 2017, perfilando os mecanismos e medidas que integrarán a futura PAC. Todo isto, obviamente, a expensas dos cambios que se introduzan nos textos lexislativos como consecuencia do debate, na actualidade en marcha, no Parlamento Europeo e no Consello da UE.

O feito esencial a destacar é que, de acordo con esas propostas, o foco da reforma da PAC 2021-2027 non vai estar no contido das medidas, senón no «modelo de gobernanza», na forma en que estas van ser aplicadas nos diferentes Estados membros e rexións. Dúas son as novidades fundamentais que definen o novo «modelo de gobernanza» da PAC.

1. Cada Estado membro deberá elaborar un *plan estratéxico da PAC* no que, a partir do diagnóstico da situación e das necesidades do seu sector agrario e o medio rural, programe todas as medidas, tanto as referidas ao primeiro piar (medidas de mercado e axudas directas) como ao segundo (política de desenvolvemento rural).

2. Esa programación das medidas poderá efectuarse cunha notable autonomía de cada país e o seguimento e control da Comisión Europea centrarase nos resultados.

---

[1] Comissão Europeia (2017): *O futuro da alimentação e a agricultura*, COM(2017) 713 final, Bruxelas, 29 de novembro de 2017.

[2] Comission Européenne (2018): *Un budget moderne pour une Union qui protège, qui donne les moyens d'agir et qui défend. Cadre financier pluriannuel 2021-2027*, COM(2018) 321 final, Bruxelas, 2 de maio de 2018.

[3] European Parliament. Policy Department for Structural and Cohesion Policies (2018): *Towards the Common Agricultural Policy beyond 2020: comparing the reform package with the current regulations*. European Parliament. September 2018.

Nas últimas reformas da PAC, en concreto na de 2013 que estableceu a política vixente no período 2014-2020, foi aumentando a marxe de manobra que se deixaba aos Estados para concretar a aplicación desta política nos respectivos territorios. Partindo diso, a Comisión Europea decide profundar nese camiño, propondo que os Estados elaboren un *plan estratéxico da PAC* no que detallen as intervencións tanto no primeiro piar como no segundo. Isto supón que o procedemento seguido ata agora para o segundo piar, que daba lugar á elaboración dos programas de desenvolvemento rural a nivel estatal ou rexional, vai ampliarse para incluír tamén as medidas do primeiro piar (en particular as axudas directas). A novidade é, a priori, de notable calado e deixa abertas numerosas incógnitas. En especial, está por ver se a autonomía dos Estados á hora de concretar as intervencións do primeiro piar vai ser, na práctica, similar á que existe para a política de desenvolvemento rural. Por outro lado, haberá que comprobar se iso posibilita unha integración das medidas de ambos os dous piares en cada país, en torno a determinados obxectivos; ou se, pola contra, para as axudas directas todo acaba reducíndose a establecer determinados criterios de repartición, como viña sucedendo xa.

Gráfico 1
Axudas directas do primeiro piar da PAC; esquema actual e proposta da Comisión para o período 2021-2027

Esquema actual (2014-2020)	Proposta da Comisión 2021-2027
Pagamento base	Apoio á renda de base
Pagamento verde (*Greening*)	Réximes voluntarios para o clima e o ambiente
Réxime específico para pequenos produtores	
Pagamento para agricultores mozos	Pagamento para agricultores mozos
Zonas con condicionantes naturais específicos (non aplicado en España)	
Pagamento redistributivo (non aplicado en España)	Pagamento redistributivo
Pagamentos asociados á produción	Pagamentos asociados á produción

No que respecta ao contido das medidas, o «menú» do que disporán os países á hora de elaborar o seu *plan estratéxico da PAC,* as propostas da Comisión só introducen cambios de alcance limitado, centrados principalmente nas axudas directas aos agricultores do primeiro piar. Neste aspecto, no período 2021-2027 os Estados van poder distribuír os fondos do FEAGA que lles sexan asignados para axudas directas entre os seguintes tipos de pagamentos: axuda básica á renda, axuda redistributiva, axuda aos agricultores mozos, réximes no dominio climático e ambiental (eco-esquemas) e pagamentos asociados á produción (gráfico 1).

A axuda básica á renda é a herdeira do pagamento base e do pagamento verde (*greening)* vixentes no actual período 2014-2020. Trátase dunha axuda anual por hectárea admisible desvinculada da produción. Como acontece na actualidade para o pagamento base e o *greening,* o cobro requirirá o cumprimento de normas relativas ao medio ambiente, cambio climático, saúde pública, sanidade vexetal e benestar animal. Estas normas de obrigado cumprimento, que integran a denominada condicionalidade, no novo período vanse ver reforzadas ao incorporaren os requisitos adicionais que hoxe se esixen para o pagamento verde. No que respecta á súa contía, os Estados poderán atribuír os novos dereitos de axuda básica en función de criterios históricos, a partir dos actuais pagamentos base e *greening;* ou aplicar un pagamento uniforme por hectárea, igual en todo o país ou diferenciado por rexións/territorios.

A axuda redistributiva, ata agora de aplicación voluntaria para os Estados, pasaría a ser obrigatoria. Esta consiste, en síntese, en incrementar os pagamentos outorgados ás primeiras hectáreas de cada explotación; polo que se trata dun mecanismo cun notable potencial para corrixir as desigualdades na repartición das axudas directas da PAC. Ademais, como destaca a propia Comisión, o feito de canalizar en maior medida os pagamentos para as pequenas e medianas explotacións pode axudar a manter un maior número de postos de traballo na agricultura europea. Convén precisar, iso si, que nas propostas de regulamentos non se establece unha porcentaxe mínima de fondos que deban ser dedicados a esa axuda redistributiva, polo que a intensidade da súa aplicación seguiría dependendo das decisións de cada Estado.

Dos outros tres tipos de pagamentos que van integrar no período 2021-2027 o sistema de axudas directas do primeiro piar da PAC, os destinados aos agricultores mozos e os asociados á produción son similares, con pequenas modificacións, aos existentes actualmente. As novidades, ademais do sinalado para a axuda básica e o pagamento redistributivo, céntranse na introdución duns novos réximes relacionados co clima e o ambiente (gráfico 1). Estas axudas, de aplicación voluntaria, tratan de responder á crecente preocupación, no discurso das institucións comunitarias, polas cuestións ambientais e a mitigación do cambio climático. Os requisitos concretos para a súa percepción serán establecidos por cada país, pero estes deben ir máis alá daqueles de cumprimento obrigatorio (condicionalidade), e teñen que ser tamén diferentes dos que serán remunerados a través das axudas por compromisos ambientais e climáticos financiadas polo segundo piar (os programas de desenvolvemento rural).

Na regulación das axudas directas da PAC que se propón para o período 2021-2027 podemos mencionar dous aspectos adicionais.

1. Por un lado, o que se coñece na xerga comunitaria como *degresividade* e *capping*, isto é, a limitación do volume máximo de axudas que pode percibir cada explotación. Neste punto a proposta da Comisión é que sexa obrigatorio reducir os pagamentos por enriba de certo limiar, segundo esta escala: redución do 25% das axudas entre 60.000 e 75.000 euros; do 50% no tramo 75.000-90.000 euros; do 75% entre 90.000 e 100.000 euros, e do 100% por enriba de 100.000 euros. Con todo, á hora de aplicar eses recortes partiríase de descontar das axudas percibidas os salarios pagados e o custo de oportunidade da man de obra familiar; o que, segundo os estudos e simulacións realizados, limita moito o impacto real dese mecanismo.

2. O outro aspecto refírese a unha cuestión tamén clásica nas últimas reformas da PAC: a necesidade de que as axudas beneficien só a aqueles que son realmente agricultores. O que a Comisión Europea propón para o período 2021-2027 é que a percepción das axudas se limite aos agricultores *verdadeiros* ou *xenuínos* (o novo concepto que se introduce). Pero os efectos prácticos están por ver, posto que será cada país, no seu *plan estratéxico da* PAC, o que defina os criterios específicos (en función dos datos de ingresos, uso de insumos, obxecto da empresa ou inclusión en certos rexistros).

No que se refire á regulación dos mercados agroalimentarios, as propostas lexislativas da Comisión manteñen o rumbo marcado nas anteriores reformas da PAC. A pesar de recoñecer o risco para as rendas dos agricultores que se deriva da crecente volatilidade dos mercados, e que a iso se unen os xerados polas alteracións climáticas, polo aumento da frecuencia e gravidade de fenómenos extremos, as propostas non contemplan recuperar mecanismos de intervención públicos que mitiguen esa inestabilidade. A estratexia adoptada consiste en seguir poñendo énfase nas dúas vías xa ensaiadas no actual período 2014-2020: as axudas para as ferramentas de xestión de riscos (seguros e fondos mutuos) a través do segundo piar da PAC; o reforzamento da posición e a capacidade negociadora dos agricultores, para equilibrar as relacións dentro da cadea alimentaria.

En todo caso, falamos de propostas que están actualmente a debate. O contido final da reforma da PAC para o período 2021-2027 vai depender dos cambios que se introduzan polo Parlamento Europeo e o Consello da UE. En canto ao calendario do proceso, a previsión inicial das autoridades comunitarias era que este puidese estar concluído antes das eleccións ao Parlamento Europeo de maio de 2019. Ese obxectivo non se alcanzou, o que con toda probabilidade vai adiar a aprobación definitiva da reforma ata ben avanzado o ano 2020.

A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 2000-2016

Complexo de produción agroalimentario

Empregando as *Contas Económicas de Galicia Base 2010* do IGE desagregadas a 72 ramas, incluímos 6 ramas no complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas (cadro 1).

Partindo desa delimitación, debemos destacar que o complexo de produción agroalimentario, o conxunto formado polo sector agrario e as industrias transformadoras dos seus produtos, mantén un peso relevante na economía galega: segundo as cifras máis recentes publicadas polo IGE, en 2016 xeraba o 5,4% do VEB e o 6,3% do emprego, porcentaxes que superan a media española e en maior medida a da UE. Ademais, fronte á continua diminución que se constataba na fase de expansión económica 1995-2007, no último decenio ese peso tendeu a estabilizarse ou a aumentar lixeiramente: no período 2008-2016 incrementouse a participación deste complexo no VEB (do 5,0% ao 5,4%), ao tempo que se estabilizaba o seu peso no emprego (en torno ao 6,5%) (cadro 3).

Porén, hai que sinalar que iso debeuse ao comportamento comparativamente favorable das ramas que integran o complexo durante a recente crise económica; feito lóxico por tratarse de sectores que producen bens de primeira necesidade, que sufriron menos a retracción do consumo provocada pola crise. Coa recuperación económica iniciada en 2014, nos anos recentes (2014-2016) volve diminuír o

peso deste complexo no VEB do 5,5% ao 5,4%) e, sobre todo, no emprego (do 7% ao 6,3%), ao reactivarse o declive relativo do sector agrario que define as tendencias a longo prazo (cadros 2 e 3).

Cadro núm. 1
Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2016

	Base 2000		Base 2010							
	1995	2000	2000	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
Millóns de euros correntes										
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.139,1	1.452,6	1.516,2	1.515,0	1.793,8	1.797,0	1.902,6	1.838,9
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	630,1	821,0	811,3	802,7	932,3	999,1	1.007,3	1.053,8
Industria cárnica	66,6	91,9	130,0	150,2	179,1	139,2	188,8	181,0	197,9	208,8
Industria láctea	78,8	75,7	122,1	114,8	89,1	148,1	169,7	206,4	150,5	145,4
Industria alimentación animal	65,4	65,8	59,8	83,8	69,3	76,6	82,7	80,1	69,7	65,2
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	211,0	232,4	236,0	221,1	285,4	264,6	265,3	289,3
Industria de bebidas	72,5	113,3	107,2	239,8	237,8	217,7	205,6	267,1	323,9	345,2
Total	1.320,8	1.389,5	1.769,2	2.273,5	2.327,5	2.317,7	2.726,1	2.796,1	2.909,9	2.892,8
% sobre o total do complexo										
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	64,4	63,9	65,1	65,4	65,8	64,3	65,4	63,6
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	35,6	36,1	34,9	34,6	34,2	35,7	34,6	36,4
Industria cárnica	5,0	6,6	7,3	6,6	7,7	6,0	6,9	6,5	6,8	7,2
Industria láctea	6,0	5,4	6,9	5,0	3,8	6,4	6,2	7,4	5,2	5,0
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,4	3,7	3,0	3,3	3,0	2,9	2,4	2,3
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,9	10,2	10,1	9,5	10,5	9,5	9,1	10,0
Industria de bebidas	5,5	8,2	6,1	10,5	10,2	9,4	7,5	9,6	11,1	11,9
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016.*

Cadro núm. 2
Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2016
Postos de traballo equivalentes a tempo completo (en miles)

	Base 2000		Base 2010							
	1995	2000	2000	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	130,3	56,7	54,6	51,6	48,1	41,6	38,0	41,8
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	17,9	20,2	19,9	19,3	19,3	19,5	19,4	19,8
Industria cárnica	2,5	2,9	3,9	4,1	4,1	4,0	4,3	4,3	4,0	4,0
Industria láctea	1,8	1,7	1,7	1,9	2,0	1,8	1,9	1,9	1,8	1,9
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,2	1,3	1,2	1,2	1,1	1,0	1,1	1,1
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	9,2	9,8	9,7	9,7	9,4	9,5	9,7	9,9
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,8	3,1	2,9	2,7	2,6	2,8	2,8	3,0
Total	198,6	151,9	148,2	76,8	74,5	70,9	67,3	61,1	57,4	61,7

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016*.

Cadro núm. 3
Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega. Período 1995-2016

	Base 2000		Base 2010							
	1995	2000	2000	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
VEB (%)										
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	2,8	3,0	3,1	3,6	3,6	3,7	3,4
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	2,0	1,6	1,6	1,6	1,9	2,0	2,0	2,0
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,3	0,4	0,4	0,4	0,4
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,2	0,2	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,7	0,4	0,5	0,4	0,6	0,5	0,5	0,5
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,5	0,5	0,4	0,4	0,5	0,6	0,6
Total	5,5	4,1	5,7	4,4	4,5	4,7	5,5	5,6	5,6	5,4
Postos de traballo (%)										
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,4	5,2	5,3	5,2	5,0	4,4	4,0	4,3
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,7	1,9	1,9	2,0	2,0	2,1	2,0	2,0
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,5	0,4	0,4
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,8	0,9	0,9	1,0	1,0	1,0	1,0	1,0
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
Total	19,9	14,0	13,1	7,1	7,2	7,2	7,0	6,5	6,0	6,3

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016*.

Por outro lado, a relevancia do complexo agroalimentario en Galicia segue acompañándose dunha debilidade estrutural que non se viu corrixida no último decenio: este continúa centrado na produción agraria, sendo limitado o desenvolvemento da industria transformadora. Concretamente, en 2016 a industria só aporta o 36,4% do VEB do complexo, porcentaxe case idéntica á de 2008 (36,2%) e só lixeiramente superior á rexistrada a comezos de século (35,6% no ano 2000) (cadro 1). Este dato contrasta co que se observa nos países do noso contorno, nos que o habitual é que o VEB xerado na transformación das materias primas agrarias supere o da agricultura. A consecuencia é que a nosa especialización no contexto estatal e europeo céntrase na produción agraria, mentres que o peso da industria agroalimentaria no PIB só supera levemente a media da UE e está por baixo da española.

Este trazo definitorio do complexo agroalimentario galego débese a dous factores que se manteñen no tempo: a) unha parte significativa da produción agraria é transformada fóra do noso territorio, co que se perde o valor engadido e o emprego xerado na elaboración desas materias primas; b) ademais, a agroindustria galega está especializada en xeral en produtos de baixo valor engadido. Examinando os datos, cabe mencionar a mellora que experimentou nos últimos anos a ratio VEB/produción no conxunto da nosa industria agroalimentaria: esta ratio volveu superar en 2016 o 20%, despois de marcar un mínimo do 17% en 2012. Esta mellora concentrouse principalmente en dúas ramas, a industria láctea e as outras industrias alimentarias. Porén, esas oscilacións no curto prazo non alteran o problema de fondo. De feito, a pesar da citada mellora nos anos recentes, a ratio VEB/produción na industria agroalimentaria galega alcanzaba en 2016 un valor inferior ao rexistrado a comezos do século.

Complexo da madeira

No complexo da madeira englobamos catro ramas das *Contas Económicas de Galicia Base 2010* publicadas polo IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel e fabricación de mobles.

En 2016 este complexo xerou un VEB de 1.088 millóns de euros, o 2% do VEB total da economía galega, e deu emprego directo a unhas 23.000 persoas, o 2,3% do emprego total (cadro 5). No que respecta

Cadro núm. 4
Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia. Período 1995-2016

	Base 2000		Base 2010							
	1995	2000	2000	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
VEB										
Millóns de euros correntes										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	182,5	245,8	266,3	307,0	330,7	288,5	283,5	283,4	306,0	302,4
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	338,4	352,7	356,3	323,0	312,2	337,3	369,1	418,6
Industria do papel	127,5	158,2	168,2	155,5	119,1	115,1	106,3	93,0	162,3	165,3
Fabricación de mobles			131,2	190,3	181,9	195,9	180,4	188,2	172,8	201,9
Total	588,1	749,0	904,0	1.005,4	988,0	922,5	882,4	901,9	1.010,2	1.088,3
% sobre o total do complexo										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	31,0	32,8	29,5	30,5	33,5	31,3	32,1	31,4	30,3	27,8
Industria da madeira e da cortiza	47,3	46,1	37,4	35,1	36,1	35,0	35,4	37,4	36,5	38,5
Industria do papel	21,7	21,1	18,6	15,5	12,1	12,5	12,0	10,3	16,1	15,2
Fabricación de mobles			14,5	18,9	18,4	21,2	20,4	20,9	17,1	18,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
EMPREGO										
Postos de traballo (miles)										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	3,8	6,7	5,4	6,8	6,7	6,2	6,2	7,0	8,0	8,3
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	14,6	10,2	9,2	8,5	8,1	7,5	7,5	8,0
Industria do papel	1,1	1,0	1,1	1,6	1,6	1,5	1,4	1,6	1,5	1,6
Fabricación de mobles			12,6	6,9	6,3	5,5	5,0	4,8	4,7	4,8
Total	16,2	21,8	33,7	25,5	23,7	21,7	20,7	20,8	21,8	22,8
% sobre o total do complexo										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	23,7	30,6	16,1	26,6	28,1	28,5	30,0	33,5	36,8	36,4
Industria da madeira e da cortiza	69,7	64,7	43,2	40,0	38,7	39,2	39,0	35,9	34,7	35,3
Industria do papel	6,6	4,7	3,3	6,2	6,6	7,0	7,0	7,8	7,0	7,1
Fabricación de mobles			37,3	27,2	26,6	25,2	24,0	22,8	21,5	21,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016*.

á dinámica recente, hai que sinalar que desde 2014, coa recuperación económica, o complexo mostra unha evolución claramente positiva, tanto en termos de VEB como de emprego. Porén, esta evolución positiva non permitiu aínda recuperar os niveis previos á crise (cadro 4). A forte ligazón da industria da madeira e da cortiza e da fabricación de mobles, e en consecuencia de modo indirecto tamén do propio sector forestal, coa construción e co mercado inmobiliario explican o notable impacto que a crise económica tivo nestas ramas e as dificultades para recuperarse.

Cadro núm. 5
Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega. Período 1995-2016

	Base 2000		Base 2010									
	1995	2000	2000	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
VEB (%)												
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,8	0,7	0,9	0,6	0,5	0,6	0,6	0,6	0,6	0,6	0,6	0,6
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	1,1	0,9	0,7	0,7	0,7	0,7	0,6	0,7	0,7	0,8
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,2	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3
Fabricación de mobles			0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,3	0,4
Total	2,7	2,6	2,9	2,2	1,8	1,9	1,9	1,9	1,8	1,8	2,0	2,0
Postos de traballo (%)												
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,4	0,6	0,5	0,7	0,7	0,6	0,6	0,6	0,6	0,7	0,8	0,9
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,4	1,0	0,9	0,9	0,9	0,9	0,8	0,8	0,8	0,8
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			1,2	0,7	0,7	0,6	0,6	0,6	0,5	0,5	0,5	0,5
Total	2,1	2,6	3,2	2,5	2,5	2,4	2,3	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016*.

A diferenza da cadea agroalimentaria, neste complexo é a industria transformadora a que achega a maior parte do VEB e do emprego. Non obstante, a industria da madeira galega segue centrada fundamentalmente na primeira transformación; de feito, o VEB da industria da madeira e da cortiza (taboleiros, serra) supera o das outras dúas ramas industriais xuntas (papel e mobles), ao contrario do que sucede en España (cadro 4). A relevancia que ten esa especialización compróbase cando analizamos a capacidade de xeración de valor engadido das diferentes ramas. A ratio VEB/produción limitábase en Galicia en 2016 ao 35% na industria da madeira e da cortiza, mentres na fabricación de mobles alcanzaba o 41%. O valor desa ratio é aínda máis baixo na industria do papel (33%), o que se explica porque esta rama continúa limitándose aquí case en exclusiva á fabricación de pasta de papel, estando practicamente ausentes as actividades de segunda transformación (elaboración de artigos de papel e cartón).

Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2017)

No informe anterior ofrecemos un balance sobre a evolución das macromagnitudes do sector agrario galego no período 1990-2016, tomando para isto como base a información dispoñible, que estaba integrada por dúas series: a publicada polo Ministerio de Agricultura para o decenio 1990-2000 e os anos 2011-2015; e a serie integrada polas estimacións da Consellería do Medio Rural para 2000-2008 e os datos para 2008-2015 publicados polo IGE nas *Contas Económicas de Galicia*; completando iso coas nosas propias estimacións para 2016. No último ano viron a luz novas cifras que permiten actualizar esa análise. Por unha parte, o IGE publicou os datos detallados por ramas de actividade das *Contas Económicas de Galicia* para 2016. En paralelo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA),[4] continuando co que vén facendo desde 2011, deu a coñecer as contas da agricultura por comunidades autónomas en 2016.[5]

A partir destas cifras, completadas con estimacións propias para 2017, imos aportar unha imaxe actualizada das tendencias a medio prazo do sector, no período 1990-2017. O obxectivo é resumir a dinámica nos últimos 27 anos, para contextualizar a análise da súa conxuntura en 2018.

[4] Desde xuño de 2018 o Ministerio recuperou esa denominación, o seu nome tradicional, despois de sucesivos cambios na última década.

[5] MAPA: *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados Renta Agraria Regional 2016* (https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura)

Tendencias globais no período 1990-2017

No gráfico 2 recollemos a evolución anual das macromagnitudes básicas do sector agrario galego en termos reais no período 1990-2017 que se obtén tomando as series do MAPA (1990-2000) e da Consellería do Medio Rural (2000-2008), e enlazando esta última cos datos do IGE para 2008-2016, completados coas nosas estimacións para 2017.[6] Catro son as notas que definen as tendencias no conxunto do período, isto é, aproximadamente nas tres décadas transcorridas desde a integración na UE.

Gráfico 2
Evolución en termos reais da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego.
Evolución en termos reais. Índices (Base 1990=100)
a) Series do MAGRAMA



b) Series da Consellería do Medio Rural



a. A produción agraria experimentou un crecemento significativo: 45% nos 27 anos, o que supón unha taxa media acumulativa anual do 1,4%.

b. Esa expansión do *output* acompañouse, porén, dun estancamento da renda do sector en moeda constante (-0,5%). Isto debeuse a dous factores: o aumento dos consumos intermedios e das amortizacións do capital fixo, ligado aos cambios na tecnoloxía produtiva; e a dinámica desfavorable dos prezos (caída dos prezos dos produtos agrarios en termos reais e deterioración da relación prezos percibidos/prezos pagados), só compensada en parte pola alza das subvencións.

c. O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste da man de obra, que se concreta en que a poboación ocupada se reduciu a menos de 1/5 do seu volume inicial (-81,1%).

d. Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción media obtida por cada agricultor se multiplicase case por 8. E, a pesar da evolución desfavorable dos prezos, o resultado foi que a renda por ocupado experimentou tamén un incremento espectacular, multiplicándose por 5,3 (gráfico 2).

En suma, na actualidade (en 2017) o sector agrario galego xera unha produción case un 50% superior á de hai tres décadas e unha renda global similar, pero faino con 1/5 da man de obra inicial, o que posibilita que a renda media por ocupado sexa 5,3 veces a que obtiñan os nosos agricultores en 1990.

O cadro 6 permite comparar esas tendencias coas da agricultura española, a partir das macromagnitudes en termos correntes publicadas polo MAPA para 1990, 2000 e 2011-2016. As conclusións poden resumirse como segue a continuación.

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do volume do *output* e dos prezos) rexistrou en Galicia no período 1990-2016 un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6% ao 7,2%.
- Isto acompañouse dun incremento máis forte dos consumos intermedios (gasto das explotacións na compra de *inputs*). Esta circunstancia limitou o crecemento do valor engadido e fixo que o peso da agricultura galega no VEB agrario español se elevase, pero en moita menor medida: do 6,2% ao 6,5%.

[6] As cifras de produción están expresadas en termos reais (descontando a variación dos prezos percibidos), e as relativas á renda agraria en moeda constante (deflactadas polo IPC). Todos os datos refírense á rama agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionadas, e a produción aparece medida a prezos básicos (suma dos prezos ao produtor máis as subvencións ligadas aos produtos).

Cadro núm. 6
Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española*. Período 1990-2016
(valores correntes)

	Millóns de euros correntes								
	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)	Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ ocupado (miles de euros)
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2012	3.191,8	1.763,7	1.428,1	421,4	227,4	9,5	1.224,6	59,3	20,7
2013	3.653,7	1.959,0	1.694,7	441,9	203,2	10,1	1.445,8	56,3	25,7
2014	3.594,4	1.875,7	1.718,7	454,1	221,3	12,3	1.473,6	49,1	30,0
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2016	110,0	116,7	103,8	69,0	728,9	691,6	140,9	-64,9	585,6
1990-2016	136,1	238,2	82,7	148,1	1.004,3	912,7	86,9	-83,2	1.010,5
Galicia/España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2015	8,1	8,9	7,4	8,9	2,9	4,0	6,2	6,5	95,1
2016	7,2	8,1	6,5	8,8	3,4	4,1	5,4	6,7	81,2

*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación): *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2018*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2016.*
- INE, EPA.

- Se a iso unimos a maior carga das amortizacións do capital fixo no agro galego (reflexo da intensidade e baixa eficiencia no uso dos bens de capital) e o menor aumento das subvencións,[7] o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda do sector rexistrou aquí unha evolución similar, en realidade algo peor. Esta circunstancia reflíctese en que a participación do noso agro na renda agraria de España baixou do 5,8% en 1990 ao 5,4% en 2016.

- Cunha dinámica produtiva máis favorable e un comportamento algo peor da renda agregada, a principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8% da renda agraria española co 21% dos agricultores, en 2016 mantén un peso só levemente inferior na renda (5,4%), pero co 6,7% da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario do Estado baixou a menos de 1/3 da que se rexistraba 26 anos atrás). Esa intensidade moito maior do axuste demográfico posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado, que segundo estes datos pasou do 27,7% ao 81,2% da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a 1/4 da media do sector en España en 2016 supera os 4/5 (cadro 6). Contamos cada vez con menos agricultores, pero estes obteñen hoxe un ingreso medio moito máis próximo ao estándar español que tres décadas atrás.

As distintas etapas dentro do período 1990-2017

Esas tendencias globais no período 1990-2017 esconden unha dinámica totalmente contraposta entre dous subperíodos: comportamento negativo e moito peor que en España nos anos 1990; evolución, en cambio, positiva e mellor que a española nos anos 2000 e no que vai transcorrido do decenio actual (cadro 6). Nunha análise máis detallada, podemos diferenciar seis etapas na dinámica do sector agrario galego ao longo deses 27 anos (gráfico 2).

- A primeira metade dos anos noventa (1991-1995) caracterizouse por unha significativa alza da produción e da renda do sector, e aínda máis da renda por ocupado.

[7] Como se deduce do cadro 6, a ratio subvencións/produción agraria limitábase en Galicia en 2016 ao 47% da media estatal, menos da metade desa media.

- A evolución modificouse por completo no quinquenio 1996-2000, no que asistimos a unha contracción do *output* acompañada dunha caída intensa da renda, que levou a unha notable evolución desfavorable da renda por agricultor.

- Despois desa fonda crise, a produción e a renda do sector experimentaron unha clara recuperación nos anos 2001-2007, cun incremento moderado da renda por traballador no quinquenio 2001-2005 que deixou paso a unha dinámica moito máis favorable no bienio 2006-2007.

- A cuarta etapa comprende o trienio 2008-2010, no que o sector rexistrou de novo un comportamento moi desfavorable. Nestes tres anos asistimos a un lixeiro incremento da produción, pero o acusado empeoramento dos prezos, derivado das tendencias dos mercados agrarios na UE, provocou un descenso da renda e mesmo da renda por ocupado.

- A quinta etapa correspóndese co quinquenio 2011-2015 e caracterízase por unha dinámica claramente positiva, despois da crise anterior. Nestes cico anos o *output* da agricultura galega aumentou un 19,7%, a renda agregada un 22,8% e a forte caída simultánea da poboación ocupada fixo que a renda por traballador experimentase un incremento do 77,8%, a un ritmo medio superior ao 12% anual.

- A sexta e última etapa está constituída polo bienio 2016-2017. Tres son as notas que definen a conxuntura do sector nestes dous anos: caída moderada da produción (-5% no bienio), debido á súa contracción nas ramas agrícolas ou vexetais; lixeiro incremento en cambio da renda agregada (3%), grazas ao comportamento favorable dos prezos; e o que constitúe o feito máis rechamante e singular, segundo a enquisa de poboación activa (EPA), da man de obra agraria, que dá como resultado unha notable evolución negativa da renda por ocupado (-15%).

En conxunto, o balance do período 1990-2017 aparece ensombrecido pola dinámica moi negativa que tivo lugar na segunda metade dos anos noventa e no trienio 2008-2010; mentres que na primeira metade dos 90, na maior parte da década dos 2000 e de novo nos últimos sete anos (2011-2017) o sector presenta globalmente un comportamento positivo.

A conxuntura agraria en 2018: contexto internacional, na UE e en España

Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, e das constatadas en concreto nos anos recentes, a conxuntura do sector agrario galego en 2018 estivo condicionada, en primeiro lugar, pola evolución dos mercados mundiais. Neste aspecto o índice da FAO sobre prezos dos alimentos mostra unha ruptura da dinámica favorable nas cotizacións das principais *commodities* agrarias observada nos dous anos precedentes. De feito, a media anual deste índice experimentou en 2018 unha caída do 2,8%, poñendo fin á recuperación rexistrada en 2016 (2,5%) e 2017 (4,5%) despois do forte descenso do bienio 2014-2015. Con maior detalle, nos datos mensuais constátase que continuou unha alza moderada ata maio de 2018, pero esta deixou paso a unha diminución máis pronunciada nos últimos sete meses do exercicio, dando como resultado a mencionada caída da media anual (gráfico 3).

Gráfico 3
Índices da FAO sobre prezos dos alimentos
Evolución mensual en termos reais
(Índices. Base 2002-2004=100)



Dos cinco grupos de produtos que distingue a FAO[8] interésannos en particular a carne e os produtos lácteos. Na carne a recuperación das cotizacións rexistrada en 2017 (5,3%) deu paso a un descenso en 2018 (-1,5%), como consecuencia dunha tendencia á baixa, suave pero continua, durante todo o ano. Moito máis acusada foi a volati-

[8] No gráfico 3 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais e óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa falta de interese para o agro galego.

lidade dos prezos dos produtos lácteos, que mantiveron un comportamento alcista nos cinco primeiros meses de 2018 seguido dun empeoramento máis pronunciado a partir de xuño. O resultado foi unha diminución da media anual do 3,9%, en contraste coa alza observada en 2017 (27,1%) (gráfico 3).

A evolución desfavorable do mercado lácteo na segunda metade do ano debeuse ao ocorrido na graxa, como evidencia a evolución da cotización da manteiga nos Estados Unidos, en Oceanía e na propia UE. No mercado comunitario o prezo da manteiga baixou de 586 euros/100 kg en xuño a 451 ao final de 2018, poñendo fin á intensa alza rexistrada desde 2016. A pesar disto, ese prezo seguiu manténdose en termos anuais en máximos históricos. A dinámica oposta constátase para o leite magro en po: recuperación entre xullo e decembro, que non impide que a cotización media en 2018 diminuíse respecto ao ano anterior ata situarse, segundo a información recollida polo *EU Milk Market Observatory*, no seu mínimo no que levamos de século (gráfico 4).

Gráfico 4
Evolución da cotización da manteiga e do leite magro en po na UE (euros/100 kg)



Gráfico 5
Renda agraria por ocupado
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 6
Evolución da renda agraria por ocupado en termos reais
(Índices. Base 2000=100)



Nunha imaxe global, ao contrario do que sucedera en 2016 e sobre todo en 2017, a conxuntura dos mercados internacionais foi en 2018 negativa desde a perspectiva galega. Asistimos a unha redución dos prezos da carne e dos produtos lácteos, que se acompañou dunha evolución desigual nas materias primas para a alimentación do gando: abaratamento das oleaxinosas (-14%), ata situarse nos prezos máis baixos desde 2006; pero encarecemento, en cambio, dos cereais (9,9%).

Conxuntura do sector na Unión Europea e en España

Condicionada por ese contexto a nivel internacional, a dinámica do sector agrario na UE-28 estivo marcada en 2018 por dous fenómenos:[9] crecemento moi débil do *output* (0,7%), que se apoiou exclusivamente na expansión da produción gandeira ou animal (1,8%), dado o estancamento da vexetal (-0,3%); comportamento desfavorable dos prezos, ao combinarse unha caída dos prezos percibidos en euros constantes (-1,1%), concentrada nos produtos gandeiros (-4,2%), e un encarecemento dos consumos intermedios (1,9%). O resultado final desa dinámica, moi influída polo empeoramento dos prezos gandeiros nos mercados mundiais, foi, segundo as estimacións do Eurostat, un notable descenso da renda d o sector en euros constantes (-4,7%). E isto, a pesar da diminución da man de obra (-1,1%), orixinou unha caída tamén da renda por UTA –unidade de traballo ano– (-3,6%); a cal puxo fin á mellora rexistrada pola renda dos agricultores europeos en 2016 e sobre todo en 2017, alimentada pola conxuntura favorable dos mercados internacionais (cadro 7, gráficos 5 e 6).

[9] Todas as cifras que ofrecemos a continuación para a agricultura comunitaria proceden das series de Eurostat: *Economic Accounts for Agriculture*.

O balance foi moito máis positivo para a agricultura española, debido a un factor: a forte expansión do *output* (6,6%), en contraste co seu práctico estancamento na UE-28. Esta expansión deuse, sobre todo, na produción vexetal (8,3%), pero estendeuse tamén á animal (4,3%). Ese crecemento dos volumes de produción posibilitou que, a pesar da dinámica desfavorable dos prezos, similar á europea, a renda do sector experimentase un incremento ao contrario do ocorrido a nivel comunitario. Segundo as estimacións do MAPA,[10] que nutren tamén as cifras publicadas polo Eurostat, a renda agraria (en euros constantes) aumentou en España en 2018 nun 2,9%. E iso, unido á lixeira redución da man de obra (-0,8%), provocou un crecemento algo maior da renda por UTA (3,7%), en contraste coa súa deterioración na UE-28 (o citado -3,6%). Este crecemento veu prolongar a mellora case continua dos ingresos dos agricultores españois que se constata ao longo do presente decenio, despois do empeoramento sufrido na década dos anos 2000 (cadro 7, gráficos 5 e 6).

Cadro núm. 7
Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e na UE
Taxas de variación anuais (en %)

	2008	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia										
Renda agraria[1]	-5,9	-3,5 *	1,0 *	-2,4 *	16,6 *	0,2 *	6,6 *	-3,1 *	6,1 *	0,5 *
Man de obra (ocupados)	-8,2	-1,4	-1,9	-8,5	-5,1	-12,8	-7,1	7,9	12,6	-5,6
Renda/ocupado	2,4	-2,2 *	2,9 *	6,7 *	22,9 *	14,9 *	14,8 *	-10,1 *	-5,8 *	6,1 *
España										
Renda agraria[1]	-13,8	10,9	-5,2	-0,2	4,0	1,1	4,2	12,5	3,5	2,9
Man de obra (UTA)	1,4	4,5	-6,3	-1,5	-5,4	-2,1	-0,7	1,3	5,1	-0,8
Renda/UTA	-14,9	6,0	1,1	1,4	9,9	3,3	5,0	11,1	-1,6	3,7
Unión Europea (UE-28)										
Renda agraria[1]	-5,0	11,0	7,3	-2,3	3,8	-0,8	-4,9	1,3	10,0	-4,7
Man de obra (UTA)	-2,4	-7,8	-2,6	-0,5	-1,1	-1,8	-1,7	-0,9	-1,2	-1,1
Renda/UTA	-2,5	20,3	10,2	-1,8	5,0	0,9	-3,2	2,3	11,3	-3,6

1 VENcf en moeda constante.
* Estimacións propias (para 2010-2016 baseadas nas Contas Económicas do IGE).

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.
- MAPA, Cuentas Económicas de la Agricultura.
- Consellería do Medio Rural, Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.
- IGE, Contas Económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2016.
- INE, EPA.

A dinámica do sector agrario galego en 2018: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2018.[11] Por esta razón debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, que se refiren á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

Estes datos apuntan a un balance final moderadamente positivo, máis próximo ao que acabamos de sinalar para España que ao constatado na UE. Aínda que ese balance se deriva dunha dinámica concreta que presenta notables especificidades respecto á rexistrada pola agricultura española. Esas especificidades poden sintetizarse nunha evolución máis negativa en Galicia dos volumes de produción e un comportamento, en cambio, máis favorable dos prezos, en especial nas ramas vexetais. O resultado, segundo os nosos cálculos, é que a renda agraria experimentou aquí un leve incremento en euros constantes (0,5%), lonxe da media española (2,9%), pero que contrasta coa súa caída na UE-28 (-4,7%).

A iso hai que engadir que a man de obra do sector, despois do aumento sorprendente e pouco plausible que indicaban as cifras da EPA en 2016 e 2017, retornou en 2018 a unha diminución (-5,6%) acorde coas tendencias a medio prazo. A consecuencia foi que o lixeiro incremento da renda agregada acompañouse dunha mellora máis significativa da renda por ocupado (6,1%), superior mesmo á constatada en España (3,7%) (cadro 7 e gráfico 5). En conxunto, pois, os datos suxiren unha dinámica da nosa agricultu-

[10] MAPA (2019): Renta agraria año 2018. Segunda estimación. Enero 2019.

https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/cea20182estimacionenero2019_tcm30-502558.pdf

[11] Para os dous últimos anos (2017 e 2018) existen estimacións (do IGE e do INE) sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro. Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 25% do VEB do sector primario.

Cadro núm. 8
Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira
Taxas de variación interanuais (en %)
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2015	-4,6	3,6
2016	-1,8	8,2
2017	1,9	-0,9
2018	0,9	1,8
I trim.	0,8	2,2
II trim.	1,5	3,4
III trim.	0,7	-1,5
IV trim.	0,8	3,2

Fonte: IGE e INE.

ra en 2018 acorde co que veñen sendo as tendencias desde a integración europea: estabilidade aproximada da renda global e notable mellora da renda por traballador, debido a un axuste da man de obra moito máis intenso que en España e na UE (gráfico 6).

Dun modo algo máis detallado, podemos caracterizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2018.[12]

- O volume global do *output* rexistrou unha variación practicamente nula (-0,3%), ao verse contrarrestado, un ano máis, o crecemento da produción gandeira (1%) pola contracción da agrícola ou vexetal (-3,1%). Iso, unido a que continuou incrementándose o volume dos consumos intermedios, provocou unha leve caída do VEB real (-0,8%). Neste aspecto os nosos cálculos apuntan a unha evolución peor que a que re-collen as estimacións do IGE nas *Contas Económicas* trimestrais para o VEB agropesqueiro, que indican un crecemento do 0,9% (cadro 8). Non obstante, cómpre ter presente que estas últimas inclúen tamén a pesca.

- O estancamento do *output* acompañouse dun comportamento dos prezos que, ao contrario do observado a nivel español e europeo, seguiu sendo (igual que en 2016 e 2017) lixeiramente favorable. O elemento diferencial respecto aos espazos do noso contorno estivo sobre todo na alza que rexistraron aquí os prezos dos produtos vexetais (9,5%). Esa alza posibilitou que, a pesar de estabilizarse os prezos gandeiros (1,3%), o índice global de prezos percibidos polos agricultores experimentase un incremento (4%) por enriba do IPC (1,7%); en contraste co seu descenso en España (-1%) e na UE (-1,1%).

- Esta evolución lixeiramente positiva dos prezos posibilitou que, cunha contracción do VEB real (-0,8%), a renda agraria rexistrase un leve crecemento en euros constantes (0,5% segundo as nosas estimacións).

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 9 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2016, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2011-2016. Centrándonos na situación actual, en 2016, podemos ver que o agro galego continúa presentando unha nidia especialización gandeira, cun peso relativo deste subsector (58,1%) similar ao de 26 anos atrás (61,8%). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que achegan en conxunto o 95% do valor da produción animal: leite, carne de vacún, carne de aves e porcino. As ramas vexetais, pola súa parte, achegan o 38,6% da produción agraria, destacando catro grupos de cultivos que suman tamén o 95% do total: plantas forraxeiras, hortalizas, froitas (onde se inclúen as uvas) e patacas (cadro 9).

A orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización agrícola da agricultura española: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos espazos nunha relación de 60/40, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, vemos que no ámbito agrícola Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrún) (cadro 9).

Partindo deses datos sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2018 polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

[12] Os datos nos que se sustenta este balance son analizados de forma pormenorizada nos apartados posteriores.

Cadro núm. 9
Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España. Período 1990-2016

	Estrutura da produción agraria (en %)					Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	Galicia				España		
	1990	2000	2011	2016	2016		
Produción vexetal	**35,2**	**33,1**	**38,9**	**38,6**	**60,7**	**0,6**	**4,6**
Cereais	1,2	3,0	1,6	0,9	7,9	0,1	0,8
Plantas industriais[1]	1,0	0,2	0,4	0,5	2,0	0,2	1,7
Plantas forraxeiras	8,5	7,0	9,6	10,1	3,6	2,8	20,3
Hortalizas[2]	7,2	8,5	8,6	11,2	18,5	0,6	4,3
Patacas	10,5	4,0	5,0	5,3	1,6	3,4	24,3
Froitas[3]	3,6	5,9	11,2	10,3	18,5	0,6	4,0
Viño e mosto	2,8	3,9	2,4	0,3	2,4	0,1	0,8
Outros	0,3	0,6	0,0	0,0	6,3	0,0	0,0
Produción animal	**61,8**	**66,2**	**56,9**	**58,1**	**35,8**	**1,6**	**11,7**
Carne e gando	**32,3**	**28,7**	**31,9**	**34,4**	**27,6**	**1,2**	**8,9**
Bovino	16,3	11,5	12,5	15,6	6,3	2,5	17,9
Porcino	7,0	5,3	5,4	6,6	13,7	0,5	3,4
Equino	0,1	0,0	0,1	0,1	0,2	0,5	3,5
Ovino e caprino	1,1	0,5	0,2	0,2	2,5	0,1	0,6
Aves	6,9	9,4	12,7	11,1	4,6	2,4	17,3
Coellos e outros	1,0	2,0	1,0	0,8	0,4	2,1	15,2
Produtos animais	**29,4**	**37,5**	**25,1**	**23,7**	**8,2**	**2,9**	**20,9**
Leite	24,1	32,2	22,9	21,9	5,8	3,7	26,9
Ovos	5,1	3,0	2,0	1,5	1,8	0,8	5,9
Outros	0,3	2,3	0,2	0,3	0,5	0,7	4,9
Servizos e actividades secundarias non agrarias	**3,1**	**0,7**	**4,2**	**3,3**	**3,5**	**0,9**	**6,7**
Produción rama agraria	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**1,0**	**7,2**

[1] Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e as leguminosas en gran.
[2] Inclúe as flores e plantas de viveiro.
[3] Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.
* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2016*.

Cadro núm. 10
Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

	Produción (miles de toneladas)						TVA (%)				
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2014/ 2013	2015/ 2014	2016/ 2015	2017/ 2016	2018/ 2017
Cereais en gran	196,9	216,2	208,9	188,3	158,5	153,6	9,8	-3,4	-9,9	-15,8	-3,0
Trigo	36,4	42,9	46,8	35,1	33,3	34,3	17,6	9,2	-25,1	-5,0	2,9
Centeo	10,5	13,9	13,1	10,9	21,4	11,9	32,4	-5,4	-16,9	96,4	-44,6
Millo	150,0	159,4	149,0	142,3	103,7	107,5	6,3	-6,6	-4,5	-27,1	3,6
Leguminosas en gran	4,1	4,4	4,4	4,8	4,8	4,1	8,0	0,5	8,6	-1,0	-13,4
Patacas	439,8	535,2	505,2	417,1	439,0	368,5	21,7	-5,6	-17,4	5,2	-16,1
Millo forraxeiro	2.426,3	2.861,2	2.451,0	2.187,8	2.378,2	2.354,6	17,9	-14,3	-10,7	8,7	-1,0
Hortalizas	328,3	316,6	331,8	323,4	329,2	328,7	-3,6	4,8	-2,5	1,8	-0,1
Col e repolo	60,7	57,4	60,2	62,1	57,4	56,2	-5,5	4,9	3,2	-7,7	-2,1
Leituga	19,1	20,3	19,9	22,2	24,9	26,9	6,1	-1,9	11,3	12,5	7,9
Tomate	93,9	89,5	92,5	89,4	93,2	91,8	-4,6	3,4	-3,4	4,3	-1,5
Pemento	67,3	68,4	70,3	65,5	72,9	72,1	1,7	2,7	-6,8	11,3	-1,0
Cebola	43,8	37,5	41,0	32,6	35,0	36,3	-14,4	9,5	-20,6	7,4	3,9
Feixón verde	43,5	43,5	47,8	51,7	45,9	45,4	0,0	9,8	8,1	-11,2	-1,1
Froitas	124,7	119,5	121,7	122,0	134,8	119,8	-4,2	1,9	0,2	10,5	-11,1
Mazá para sidra	61,2	58,0	59,3	59,5	66,2	59,7	-5,1	2,1	0,3	11,4	-9,8
Mazá de mesa	54,8	51,8	53,0	53,1	57,6	50,4	-5,4	2,2	0,3	8,4	-12,5
Pera	8,7	9,6	9,5	9,4	11,0	9,7	9,9	-1,0	-0,8	17,2	-12,1
Uva de vinificación	164,4	131,3	141,1	123,0	140,9	150,8	-20,2	7,5	-12,9	14,5	7,1

* Os datos de 2017 son provisionais e os de 2018 constitúen avances.

Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo as estimacións provisionais do Eurostat, o ano 2018 saldouse na UE-28 cun estancamento da produción vexetal (-0,3%), en tanto que para España as cifras do MAPA mostran unha notable expansión (8,3%) que veu compensar a caída sufrida o ano anterior (-6,1%). Considerada nese contexto a evolución galega foi claramente negativa, moito peor que a española e a europea. En concreto, as cifras iniciais subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos*[13] do MAPA apuntan para

[13] MAPA: *Avances de superficies y producciones de cultivos.*

Galicia a unha clara redución das colleitas de patacas, froitas e cereais, un estancamento aproximado das de hortalizas e millo forraxeiro, e un incremento tan só no sector vitivinícola (uva de vinificación) (cadro 10). Ponderando esas taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos unha diminución global da produción agrícola do 3,1%, que contrasta negativamente co seu estancamento na UE e, sobre todo, coa notable expansión a nivel español.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura en 2018 caracterizouse tanto a nivel estatal como europeo por un novo incremento do *output*, moderado na UE-28 (1,8%) e máis importante en España (4,3%). A dinámica en Galicia estivo en sintonía con esa tendencia xeral, pero a expansión dos volumes producidos foi aquí comparativamente débil e agachando comportamentos desiguais. No lado positivo hai que destacar o forte ritmo ao que seguiu crecendo a produción láctea (3% segundo os datos do FEGA sobre as entregas declaradas á industria), continuando así coa reactivación iniciada en 2017 despois do freo que tivera lugar nos dous primeiros anos posteriores á desaparición das cotas (2015 e 2016). E a iso hai que unir a expansión tamén das dúas principais ramas cárnicas intensivas, aves (2,1%) e porcino (6,1%). Pero, en sentido contrario, os datos indican unha contracción das restantes producións cárnicas: vacún (-4,8%), ovino (-10%), caprino (-22%) e coellos (-19,1%), que en todos estes casos veu prolongar a caída xa observada en 2017 (cadro 11).

Se ponderamos as taxas de variación recollidas no cadro 11 co peso económico de cada rama, obtemos un crecemento estimado da produción gandeira do 1%, a metade aproximadamente do que se deu na UE-28 e máis lonxe aínda do rexistrado en España. Nunha imaxe de conxunto temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego caracterizouse en 2018 por unha expansión moi moderada da produción gandeira, contrarrestada pola caída máis intensa da agrícola. O resultado foi un estancamento aproximado do *output* agrario (-0,3%), que non está lonxe da variación constatada na UE-28 (0,7%), pero contrasta co forte incremento a nivel español (6,6%).

Cadro núm. 11
Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano							
	1985	1995	2005	2010	2015	2016	2017	2018
Leite de vaca[1]	1644,499	2.110,7	2.258,1	2.337,6	2.643,1	2.623,5	2.669,5	2.748,3
Carne de vacún[2]	52,5	65,6	96,1	88,4	95,0	96,5	95,7	91,1
Carne de porcino[2]	85,6	75,6	101,6	78,5	78,3	82,3	87,1	92,4
Carne de ave[2]	92,6	111,0	163,4	175,4	186,8	191,1	197,7	201,9
Carne de ovino[2]	0,9	0,4	0,6	0,4	0,3	0,4	0,4	0,3
Carne de caprino[2]	0,3	0,3	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0
Carne de coello[2]	10,1	4,7	6,7	11,9	15,3	15,0	14,1	11,4
Ovos[3]	122,5	74,3	58,9	53,3	45,8	45,9	41,6	

	Taxa de variación acumulativa anual (%)						% variación	Galicia/España (%)	
	1985/1995	1995/2005	2005/2010	2010/2015	2016/2017	2017/2018	1985/2018*	1985	2018*
Leite de vaca[1]	2,5	0,7	0,7	2,5	1,8	3,0	67,1	26,9	38,8
Carne de vacún[2]	2,3	3,9	-1,7	1,5	-0,9	-4,8	73,5	13,1	13,7
Carne de porcino[2]	-1,2	3,0	-5,0	0,0	5,8	6,1	7,9	7,4	2,0
Carne de ave[2]	1,8	3,9	1,4	1,3	3,4	2,1	118,0	11,4	12,4
Carne de ovino[2]	-7,8	3,4	-6,5	-4,0	-9,3	-10,0	-64,0	0,7	0,3
Carne de caprino[2]	-1,6	-5,3	-11,8	-8,5	4,4	-22,0	-84,7	3,7	0,4
Carne de coello[2]	-7,3	3,6	12,1	5,2	-5,7	-19,1	13,2	12,9	21,6
Ovos[3]	-4,9	-2,3	-2,0	-3,0	-9,3		-66,0	13,9	3,7

* Para os ovos o período é 1985-2017. A produción de leite en 2018 é unha estimación a partir dos datos sobre as entregas á industria declaradas este ano (variación respecto ao ano anterior).
[1] Millóns de litros.
[2] Miles de toneladas.
[3] Millóns de ducias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Anuario de estadística*, *Boletín Mensual de Estadística*, *Encuesta de sacrificio de ganado* e *Estadística láctea*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estatística agraria*.

https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/avances-superficies-producciones-agricolas/

Cadro núm. 12
Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2015/2014	2016/2015	2017/2016	2018/2017
A. Prezos percibidos*				
Produtos agrícolas	**14,4**	**7,1**	**-0,1**	**9,5**
Cereais	2,9	-10,6	6,0	1,7
Leguminosas	-0,6	-9,0	17,0	-0,2
Patacas	59,6	40,3	-44,0	2,6
Cítricos	15,6	13,9	-4,6	2,4
Froitas non-cítricas	10,5	2,0	-4,2	8,1
Hortalizas	28,3	-10,4	11,2	-0,3
Viño e subprodutos	1,2	10,9	26,8	19,9
Flores e plantas ornamentais	-13,0	-9,0	3,0	5,4
Cultivos forraxeiros	-0,6	-10,8	1,4	-0,2
Produtos animais	**-8,4**	**-5,0**	**6,6**	**1,3**
Leite	-10,9	-7,8	3,7	1,2
Carne e gando bovino	-6,2	1,5	5,2	1,5
Carne e gando porcino	-12,0	0,0	10,0	-3,3
Carne e gando aviar	-3,7	-7,6	12,1	2,2
Carne e gando ovino	2,3	-5,2	5,0	2,3
Carne e gando caprino	-3,1	2,2	-6,1	0,5
Carne e gando coellos	-7,9	0,3	7,3	0,7
Ovos	1,8	-14,0	25,6	8,0
Índice xeral de prezos percibidos	**-2,2**	**-1,1**	**4,3**	**4,0**
B. Prezos pagados**				
Sementes selectas e pés	2,0	4,3	0,5	4,5
Alimentos para o gando	-1,4	-3,1	-1,2	3,5
Fertilizantes	2,2	-8,2	-5,0	1,2
Enerxía e lubricantes	-3,3	-11,1	9,2	12,3
Protección fitopatolóxica	-0,7	0,3	0,6	1,7
Tratamentos zoosanitarios	-0,5	0,5	1,2	0,5
Conservación e reparación de maquinaria	1,5	2,8	3,3	-0,1
Conservación e reparación de edificios	-0,7	-2,1	1,5	2,0
Índice xeral de prezos pagados	**-1,2**	**-3,7**	**1,0**	**4,4**

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle
** Evolución dos prezos dos diversos inputs correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Índices de precios percibidos, pagados y salarios agrarios*.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O estancamento da produción acompañouse dun comportamento dos prezos que, prolongando o ocorrido en 2017, continuou sendo moderadamente favorable para os agricultores galegos, en contraste coa súa desfavorable evolución na UE e en España. Non obstante, ese comportamento globalmente favorable require dúas matizacións importantes. Por un lado, a alza do índice xeral de prezos percibidos (4%) centrouse en 2018 nas ramas agrícolas ou vexetais, onde alcanzou o 9,5%, debido principalmente ao aumento nas froitas e no viño. Mentres, os prezos gandeiros, despois da súa importante recuperación en 2017, rexistraron en 2018 un crecemento nominal (1,3%) por baixo do IPC, sufrindo pois un lixeiro empeoramento en euros constantes. Esta dinámica afectou de forma xeneralizada a practicamente todas as producións animais (cadro 12). Polo tanto, os datos globais agochan unha evolución moi desigual para as explotacións das diversas orientacións produtivas.

A segunda matización é que o impacto positivo da alza dos prezos percibidos sobre a renda dos agricultores viuse moi atenuado por dous fenómenos. O primeiro foi a continuidade na economía galega de taxas de inflación positivas de certa magnitude (incremento do IPC do 1,7% en 2018, despois do 2,1% en 2017), rompendo coas taxas nulas ou lixeiramente negativas que se rexistraran no trienio 2014-2016. Un feito este que limitou a mellora dos prezos percibidos polas explotacións agrarias en euros constantes. E máis relevante aínda é a alza que experimentaron os prezos pagados, rompendo co abaratamento ou estabilidade do custo dos insumos que viña dándose desde 2013. Concretamente, o índice de prezos pagados polos agricultores galegos aumentou en 2018 un 4,4%, debido sobre todo ao encarecemento da enerxía (12,3%), o que orixinou unha lixeira deterioración (-0,4%) da relación real de intercambio da ratio prezos percibidos/prezos pagados (cadros 12 e 13).

Cadro núm. 13
Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos[1]	Índice xeral de prezos pagados[1]	IPC	Prezos percibidos/ Prezos pagados	Prezos percibidos/ IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1986	110,5	102,7	109,1	107,5	101,2
1987	113,1	103,2	115,2	109,5	98,1
1988	119,2	104,4	121,2	114,2	98,4
1989	132,6	105,8	130,0	125,4	102,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1991	127,2	110,4	146,7	115,2	86,7
1992	116,2	112,5	154,7	103,3	75,1
1993	123,8	116,6	162,0	106,1	76,4
1994	147,8	118,9	170,3	124,2	86,8
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
1996	147,2	129,6	184,5	113,5	79,8
1997	149,1	133,9	188,0	111,4	79,3
1998	152,9	132,6	191,7	115,3	79,8
1999	150,8	132,4	196,5	113,9	76,7
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2001	165,4	143,3	210,1	115,5	78,7
2002	156,7	147,3	218,0	106,4	71,9
2003	165,6	151,0	223,1	109,7	74,3
2004	168,1	159,1	230,4	105,6	73,0
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2006	168,6	165,1	246,5	102,1	68,4
2007	186,6	179,7	252,6	103,9	73,9
2008	191,4	208,2	263,3	91,9	72,7
2009	168,0	180,9	261,7	92,8	64,2
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2011	180,7	213,6	275,7	84,6	65,5
2012	196,4	226,4	282,2	86,7	69,6
2013	203,2	226,0	286,5	89,9	70,9
2014	187,8	214,9	286,5	87,4	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
TVI (%)					
2015/2014	-2,2	-1,2	-0,7	-1,0	-1,5
2016/2015	-1,1	-3,7	-0,3	2,7	-0,8
2017/2016	4,3	1,0	2,1	3,3	2,2
2018/2017	4,0	4,4	1,7	-0,4	2,2

[1] Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Índices de precios percibidos, pagados y salarios agrarios*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de Estatística Agraria*.
- INE.

Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre os volumes de produción e os prezos, no cadro 14 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2018 o valor da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Unhas cifras que podemos asimilar coa variación dos ingresos dos produtores e que permiten perfilar un balance provisional da conxuntura nas diversas ramas.[14]

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto unha contracción do *output* (-3,1%), acompañada dunha alza maior dos prezos percibidos (9,5%), que deu como resultado un incremento significativo do valor da produción (6,3%). Pero isto debeuse en exclusiva ao sector vitivinícola, no que a confluencia dun aumento da colleita e dunha mellora dos prezos orixinou un forte crecemento dos ingresos (27%). Esta evolución é confirmada polo balance da vendima nas cinco denominacións de orixe galegas: a produción creceu un 4,3%, convertendo a colleita de 2018 na segunda máis abondosa da historia; só O Ribeiro ficou á marxe desa expansión. En contraste con ese comportamento favorable do sector vitivinícola, nas restantes ramas vexetais deuse un estancamento ou caída do valor da produción, cun descenso especialmente acusado nas patacas (cadro 14).

[14] Convén recalcar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español, coa excepción do prezo do leite onde tomamos as cifras para Galicia publicadas polo FEGA.

Cadro núm. 14
Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2018*

	TVI (%) 2018/2017		
	Volume de produción	Prezo	Valor da produción
Cereais	-3,0	1,7	-1,4
Patacas	-16,1	2,6	-13,4
Froitas	-11,1	8,1	-3,0
Hortalizas	-0,1	-0,3	-0,4
Viño	7,1	19,9	27,0
Cultivos forraxeiros	-1,0	-0,2	-1,2
Produción vexetal	**-3,1**	**9,5**	**6,3**
Leite	3,0	1,4	4,4
Carne e gando vacún	-4,8	1,5	-3,3
Carne e gando porcino	6,1	-3,3	2,7
Carne e gando aviar	2,1	2,2	4,3
Carne e gando ovino	-10,0	2,3	-7,7
Carne e gando caprino	-22,0	0,5	-21,5
Carne e gando coellos	-19,1	0,7	-18,5
Ovos	5,0	8,0	13,0
Produción animal	**1,0**	**1,3**	**2,3**
Produción agraria	**-0,3**	**4,0**	**3,6**

* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia. As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España, excepto para o prezo do leite onde tomamos os datos para Galicia publicados polo FEGA.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 10,11 e 12.

Pola súa banda, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse por un incremento modesto tanto dos volumes producidos (1%) como dos prezos (1,3%), do que se derivou unha alza tamén moderada do valor da produción, dos ingresos das explotacións (2,3%). Pero isto foi o resultado de evolucións moi dispares. No lado positivo hai que destacar o crecemento dos ingresos das explotacións lácteas: a forte expansión das entregas á industria (3%), unida a unha pequena suba do prezo medio anual (1,4%), provocou un aumento do valor da produción do 4,4%, continuando así, aínda que a menor ritmo, a recuperación iniciada en 2017. Positiva foi tamén a evolución nas principais ramas da gandería sen terras (porcino, carne de aves e ovos); onde se deu unha expansión da produción acompañada, excepto no porcino, dunha alza dos prezos. Mentres, no lado oposto, os datos indican unha caída do valor da produción no vacún de carne e, sobre todo, no ovino, no cabrún e nos coellos, debido en todas estas ramas á contracción do volume do *output* (cadro 14).

No caso concreto do vacún de carne merece ser salientado o comportamento positivo que seguiu rexistrando a indicación xeográfica protexida (IXP) Ternera Gallega. En contraste coa caída da produción total desta rama (-4,8%), o volume da carne comercializada a través da IXP Ternera Gallega creceu en 2018 un 3,4%, ata alcanzar 21.369 toneladas, preto de 1/4 xa do total da rama. Este dato acompañouse dun aumento similar do valor económico en primeira venda da carne certificada, ata alcanzar 122 millóns de euros.

Poboación ocupada

Despois do incremento, sorprendente e pouco plausible, da poboación ocupada na agricultura galega que recollían as estimacións da EPA en 2016 (7,9%) e 2017 (12,6%), en 2018 retornamos a unha evolución máis crible: unha diminución do 5,6%. Máis alá desas oscilacións, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo hai que salientar dous feitos. O primeiro é que na última década, desde o estalido da crise económica en 2007-2008, tendeu a suavizarse a redución do emprego no sector; un fenómeno consistente coa dinámica que cabería agardar, e que debemos poñer en relación co acusado empeoramento que sufriu o mercado de traballo, as oportunidades de emprego fóra da agricultura, nos anos 2008-2014. Así, no decenio 2008-2018 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego foi do 2,8% acumulativo anual, menos da terceira parte da taxa que se rexistraba durante a fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6%) (cadro 15).

Cadro núm. 15
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
Taxas de variación media acumulativa anual (%)				
1995/1985	-6,0		-5,5	
2008/1995	-8,6		-2,2	
2015/2008	-5,9		-1,4	
2018/2015	4,7		3,1	
2018/2008	-2,8		-0,1	

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia.*

O outro feito a destacar é que a caída seguiu alcanzando aquí na última década un ritmo moi superior ao de España, onde o volume do emprego agrario se estabilizou (-0,1% acumulativo anual no período 2008-2018). Polo tanto, prosegue ata hoxe o que vén sendo a tendencia estrutural desde a integración europea: o intenso axuste da

poboación ocupada na agricultura galega, a un ritmo moi superior á media española (e tamén á da UE) (cadro 15). Esta tendencia está xerando crecentes problemas no sector agrario e no medio rural, pero, cos datos actuais, vai continuar con toda probabilidade no futuro. Abonda con apuntar un dato: das 52.300 persoas ocupadas no sector agrario galego en 2018, algo máis do 30% tiñan 55 ou máis anos.

Censos gandeiros

Gando bovino

O IGE non actualizou no último ano os datos publicados do *Rexistro de explotacións de bovino*, que seguen recollendo como cifras máis recentes as de 2017, xa analizadas no informe anterior. Por este motivo, no cadro 16 ofrecemos os datos das enquisas gandeiras do MAPA, que si chegan ata 2018. Nas tendencias a medio prazo estes datos mostran unha clara redución do censo de vacas en Galicia no que levamos do presente século, redución que afectou sobre todo as vacas de leite pero que tamén se deu nas de orientación cárnica. A mellora xenética do rabaño explica que esa mingua no número de vacas de leite fose acompañada da continuidade dun significativo incremento da produción láctea. No último lustro, en cambio, a imaxe xeral, máis alá de pequenas oscilacións anuais, é a dunha estabilidade do censo de vacas, cunha leve diminución das leiteiras e cun aumento paralelo das de carne (cadro 16).

Se nos fixamos na situación actual (en 2018), pode verse que Galicia concentra máis do 40% das vacas de leite do Estado; mentres, a porcentaxe baixa ao 19% para as vacas de carne e limítase ao 14% para o total de animais bovinos, pola menor relevancia que a actividade de cebo ten no noso país en comparación con outras comunidades autónomas (cadro 16).

Cadro núm. 16
Evolución do censo de gando bovino en Galicia (maio de cada ano)

	1987*	1995*	2000*	2010	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Miles de cabezas										
Vacas	704,5	624,8	666,5	570,1	552,8	558,4	560,8	550,2	553,6	547,6
Leiteiras	602,6	446,0	432,3	350,3	365,1	373,8	369,1	349,0	347,4	344,3
Resto	101,9	178,8	234,1	219,8	187,7	184,6	191,7	201,2	206,1	203,4
Total bovinos	**980,1**	**953,9**	**1.016,4**	**963,4**	**926,7**	**946,0**	**955,2**	**948,9**	**946,4**	**934,9**
Índices (Base 1987=100)										
Vacas	100,0	88,7	94,6	80,9	78,5	79,3	79,6	78,1	78,6	77,7
Leiteiras	100,0	74,0	71,7	58,1	60,6	62,0	61,3	57,9	57,7	57,1
Resto	100,0	175,4	229,7	215,7	184,2	181,1	188,0	197,4	202,2	199,5
Total bovinos	**100,0**	**97,3**	**103,7**	**98,3**	**94,6**	**96,5**	**97,5**	**96,8**	**96,6**	**95,4**
Galicia/España (%)										
Vacas	25,1	22,1	22,1	20,1	21,3	21,0	20,9	19,6	19,5	19,1
Leiteiras	33,6	34,5	37,9	41,8	44,4	43,8	43,3	42,2	42,1	41,7
Resto	10,0	11,7	12,5	11,0	10,6	10,3	10,5	10,2	10,3	10,0
Total bovinos	**19,2**	**17,3**	**16,5**	**15,3**	**15,9**	**15,7**	**15,3**	**14,7**	**14,4**	**13,9**

*Os datos de 1987,1995 e 2000 corresponden ao mes de decembro.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas* .

Gando porcino

En 2018 asistimos en Galicia a unha nova redución do censo de gando porcino, confirmando o cambio de tendencia iniciado o ano anterior despois do aumento que tivera lugar entre 2010 e 2016. Esa redución contrasta co incremento no conxunto do Estado, preto de 1,5 millóns de animais máis entre maio de 2017 e maio de 2018. Desta forma, o agro galego continúa perdendo peso, situándose xa claramente por baixo do 4% da cabana porcina española (cadro 17).

Estamos ante un sector cun forte dinamismo en España, ata o punto de ter desprazado a Alemaña como primeira potencia da UE polo censo de animais. Este dinamismo explícase en boa medida polo crecemento das exportacións, especialmente das dirixidas ao exterior da UE. Neste contexto Galicia ten, como se deduce das cifras anteriores, un papel cada vez menos relevante.

Cadro núm. 17
Evolución do censo de gando porcino en Galicia (maio de cada ano)

	1987*	1997*	2006*	2010	2012	2014	2015	2016	2017	2018
Miles de cabezas										
Porcos da ceba	436,0	239,6	223,2	401,9	423,6	433,4	433,5	476,5	399,3	466,9
Porcas reprodutoras	182,8	121,8	104,2	97,8	109,8	118,7	118,1	111,4	84,6	80,6
Total	**1.589,9**	**1.013,7**	**879,9**	**1.034,3**	**1.072,4**	**1.091,7**	**1.090,1**	**1.215,1**	**1.116,7**	**1.088,2**
Índices (Base 1987=100)										
Porcos da ceba	100,0	55,0	51,2	92,2	97,2	99,4	99,4	109,3	91,6	107,1
Porcas reprodutoras	100,0	66,6	57,0	53,5	60,1	64,9	64,6	61,0	46,3	44,1
Total	**100,0**	**63,8**	**55,3**	**65,1**	**67,4**	**68,7**	**68,6**	**76,4**	**70,2**	**68,4**
Galicia/España (%)	8,5	3,7	2,2	4,3	4,5	4,5	4,2	4,5	3,6	4,0
Porcos da ceba	9,2	5,7	4,0	3,9	4,7	5,0	4,9	4,7	3,4	3,2
Porcas reprodutoras	9,8	5,4	3,5	4,2	4,3	4,3	4,0	4,4	3,9	3,6
Total										

* Os datos de 1987, 1997 e 2006 corresponden ao mes de abril.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas* .

III. Pesca, marisqueo e acuicultura

- A pesca fresca en 2018 caeu en volume e en facturación, pero acadou a cotización máis alta no que vai de século.
- As cotas pesqueiras para 2019 aumentaron globalmente un 8,5% en volume e un 5% en valor respecto a 2018.
- A Audiencia Nacional apoiou a actual repartición de cotas de xarda e xurelo, desestimando as demandas do cerco de Galicia, que pedía a súa modificación.
- O stock da sardiña das augas ibéricas segue en niveis preocupantes, cunha biomasa inferior á metade do límite biolóxico de seguridade.
- Os acordos de pesca da UE e con Marrocos e Guinea Bissau foron renovados por 4 e 5 anos respectivamente.
- O impacto económico do Brexit na pesca galega cífrase en 535 millóns de euros, afectando a metade dos sectores da economía galega.
- O sector da conserva produciu un total de 353.356 toneladas e facturou 1.669 millóns de euros, un 4,1% máis que o ano anterior.
- A gran capacidade produtiva da industria mexilloeira en Galicia, que supón un 74% do volume de produción de peixe e marisco de acuicultura a nivel nacional, converte a España no primeiro produtor de acuicultura na UE.
- A produción de mexillón de batea no período 2007-2018 estivo arredor das 225 mil toneladas por ano, cunha gran variabilidade interanual que non afectou o seu prezo.
- Na última década producíronse importantes cambios tanto no destino, co aumento do peso de mexillón fresco fronte ao destinado á industria, como no tipo de produto fresco, cun gran crecemento do mexillón pequeno; adaptándose así á demanda do mercado.
- As colleitas de berberecho e ameixa experimentaron un importante aumento nos últimos anos.
- A produción de ostra mantense estable despois da caída sufrida ente 2011 e 2013.
- A pesar das limitación derivadas da falta dunha lei de acuicultura, a produción da piscicultura mariña de Galicia aumentou un 32% no que vai de década. O rodaballo, que representa máis do 93% da produción e aporta máis do 89% dos ingresos, lidera o sector.

III. 1. Pesca

Introdución

A pesca extractiva en Galicia, obxecto do presente capítulo, é o primeiro elo dunha cadea que continúa cos sectores conxelador, conserveiro e comercializador, que, á súa vez, tamén se nutren do marisqueo e da acuicultura. Este informe aborda en primeiro lugar a descrición da frota pesqueira galega por zonas costeiras e artes; segue coa produción pesqueira de Galicia no momento actual e a súa evolución recente, e a continuación trata en detalle outros acontecementos destacables e noticias relevantes para o sector acontecidas ao longo do ano 2018.

A produción galega de pesca fresca en 2018 experimentou un forte descenso, tanto en volume coma en valor, tras o récord histórico de 2017, cando se excederan por vez primeira as 200.000 toneladas de volume desembarcado e os 500 millóns de euros de facturación. Neste exercicio, o volume reduciuse un 18%, ata as 174.298 toneladas, e o ingreso nunha medida moito menor, un 3,5%, roldando os 491 millóns de euros. A menor caída da facturación débese a que o prezo medio acadado en primeira venda foi o máis elevado desde que hai rexistro, superando os 2,80 euros por quilogramo. O importante descenso na captura dunha especie de baixa cotización, o cabalón ou xarda pintada (30.000 toneladas menos que o ano anterior), explica en gran medida que a caída do volume total fose moi superior á do valor total.

A frota acadou para 2019 cotas de pesca que incrementan ou manteñen as posibilidades de captura da maioría das especies, e evitan o recorte do 14% para a pescada do sur proposto pola Comisión Europea. A prohibición total dos descartes a partir de 2019 complicou as negociacións deste ano, que incluíron intercambios de cota con outros países para asegurar a súa dispoñibilidade para os barcos españois e para evitar a obriga de amarrar ante a posibilidade de pescar «especies de estrangulamento» para as que non dispoñía inicialmente de cota. No ámbito nacional, a repartición de cotas de xarda e xurelo foi referendada en 2018 pola Audiencia Nacional, que desestimou as demandas da Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) e da Asociación de Armadores Pescagalicia-Arpega-O Barco, que cuestionaban as capturas históricas (favorecendo outras comunidades autónomas) en lugar de no compoñente socioeconómico da frota. Polo que respecta á sardiña ibero-atlántica, a mala situación do stock obrigou a España e Portugal a recortar nun terzo a captura inicialmente acordada para a segunda metade da campaña.

No ámbito internacional, 2018 foi un ano de intensa actividade negociadora en materia de acordos de pesca, coa renovación dos que a UE mantén con Marrocos e Guinea Bissau. O primeiro deles, tras solventar a cuestión das augas do Sáhara Occidental, finalmente incluídas no acordo, permitirá faenar nelas durante catro anos a 92 buques españois, sobre todo de Andalucía, Canarias e Galicia. O segundo beneficiará a 15 barcos galegos durante 5 anos. Polo que respecta á situación creada polo Brexit, un estudo da Universidade de Santiago de Compostela cifra o seu impacto económico en Galicia en 535 millóns de euros, afectando a máis de 200 buques de capital español e bandeira española, británica e das Illas Malvinas.

Frota pesqueira

A frota pesqueira de Galicia é a máis importante de todas as rexións tanto españolas coma europeas. Distribúe amplamente a súa actividade, desde as augas nacionais e comunitarias ata as augas internacionais ou de terceiros países non membros da UE, para capturar unha enorme variedade de especies obxectivo mediante artes de pesca moi diversas. A dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e co da Unión Europea amósase no cadro 1. En marzo de 2019, a frota galega estaba composta de 4.366 unidades (34 menos que o ano anterior), que daban emprego a 10.842 tripulantes, segundo se reflicte nos cadros 1 e 2.

A frota pode clasificarse, en función da distribución xeográfica da actividade pesqueira, en tres grandes grupos de embarcacións: frota do caladoiro nacional ou Cantábrico-Noroeste, frota de altura ou comunitaria e frota de grande altura ou internacional (cadro 2).

Cadro núm. 1

Dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e co da UE-28. Ano 2018 [1]

	UE-28	España	Galicia	% Galicia/ España	% Galicia/ UE-28
Frota [2]					
Núm. de barcos	83.117	9.231	4.366	47,3	5,3
Capacidade (miles de GT)	1.576	335	126	37,6	8,0
Potencia motor (miles de Kw)	6.266	788	251	31,9	4,0
Produción					
Valor dos desembarques (millóns de euros)	7.380	2.066	898	43,5	12,2
Consumo [3]					
Quilogramos por persoa e ano	25,53	25,5	32		
Renda [4]					
Valor engadido da pesca e acuicultura/PIB (%)	0,05	0,19	1,90		

[1] *Facts and Figures on the Common Fisheries Policy, 2018*. Comisión Europea.
[2] Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.
[3] Consumo *per cápita* = subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano.
[4] No peso relativo do sector respecto do PIB considéranse conxuntamente pesca e acuicultura.

Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea, INE, IGE e Consellería do Mar.

Cadro núm.2

Frota pesqueira en Galicia. Datos de marzo de 2019

	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre	62	8.834	14.095	28.588	21.024	529
Artes menores	3.886	9.290	8.755	111.549	82.033	6.412
Cerco	152	4.990	6.418	32.863	24.167	1.236
Palangre de fondo	23	831	1.330	4.333	3.187	178
Palangre de superficie	50	6.027	10.976	21.160	15.561	427
Rasco	3	97	105	430	316	20
Volanta	23	843	1.543	4.676	3.439	157
Total	**4.199**	**30.913**	**43.222**	**203.600**	**149.727**	**8.960**
Pesqueira comunitaria (altura)						
NEAFC < 100 TRBs	39	6.217	11.294	22.644	16.653	473
NEAFC arrastre	7	578	1.079	2.235	1.644	85
NEAFC palangre de fondo	22	4.707	7.047	14.184	10.431	267
Portugal	2	317	486	965	710	24
Total	**70**	**11.819**	**19.905**	**40.028**	**29.437**	**848**
Pesqueira internacional (grande altura)						
Bacallaeiros	1	973	1.790	1.994	1.466	16
Cerco	1	1.582	2.082	2.941	2.163	16
Conxeladores	14	9.974	16.711	22.319	16.413	220
NAFO conxeladores	14	9.770	15.949	24.410	17.951	220
Palangre de superficie	67	14.632	26.347	46.245	34.009	563
Total	**97**	**36.932**	**62.880**	**97.909**	**72.002**	**1.034**
Total xeral	**4.366**	**79.664**	**126.007**	**341.537**	**251.166**	**10.842**
Acuicultura/auxiliar bateas	1.279					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A frota do caladoiro nacional ou Cantábrico-Noroeste é con moita diferenza a máis numerosa (4.199 unidades censadas, o 96,2% da frota galega), se ben representa só un 34% da capacidade total da frota. Faena habitualmente en augas próximas do Atlántico e do Cantábrico con embarcacións de pesca e marisqueo de pequeno porte que empregan as modalidades de arrastre, artes menores, cerco, palangre de fondo, palangre de superficie, rascos e volantas. Os buques con autorización para a pesca de palangre de fondo e palangre de superficie non traballan a totalidade do ano neste caladoiro, posto que temporalmente poden pescar fóra destas augas baixo a pertinente autorización. As embarcacións do caladoiro nacional teñen unha capacidade media de 10,29 GT e unha potencia media de 35,66 Kw. Esta frota xera a meirande parte do emprego pesqueiro directo en Galicia, o 82,6%, e o valor de facturación máis alto da frota galega.

Dentro dos buques do caladoiro nacional, o segmento máis importante é o de artes menores, que constitúe unha numerosa frota de pequenas embarcacións (3.886 unidades censadas, cunha capacidade media de 2,25 GT e unha potencia media de 21,11 Kw). Cabe destacar a redución de 30 unidades durante o ano 2018 neste grupo. As embarcacións de artes menores traballan principalmente nas augas de competencia da comunidade autónoma de Galicia, onde practican unha pesca multiespecífica cunha ampla variedade de artes (trasmallos, miños, palangrillos, marisqueo a flote ou diferentes tipos de nasas), que utiliza de xeito estacional en función da especie obxectivo. Este segmento xera ocupación para o 59% dos tripulantes da frota galega, cunha media de 1,65 tripulantes por embarcación, a maioría autónomos, e é tamén o máis importante do caladoiro nacional en termos de facturación. Estes datos sitúan a frota de baixura como un sector estratéxico de grande importancia social para as poboacións costeiras galegas.

A frota de altura está constituída por 70 buques (o 1,6% do total) cunha capacidade media de 284,36 GT e unha potencia media de 420,53 Kw, e traballa habitualmente en augas doutros países da Unión Europea. A frota de grande altura conta con 97 buques (o 2,2% do total), cunha capacidade media de 648,25 GT e cunha potencia media de 742,29, e opera en augas internacionais e de terceiros países cos cales a UE asina acordos pesqueiros. Debido ás grandes dimensións destes buques, esta frota representa o 50% da tonelaxe do total da frota galega pese á súa pequena porcentaxe numérica. A frota de altura embarca o 7,8% dos tripulantes galegos, e a de grande altura o 9,5%. As tripulacións son máis numerosas que as do caladoiro nacional, debido ás dimensións dos buques e aos longos períodos de marea. Alcanzan os 11 tripulantes de media por buque, cun máximo de 16 tripulantes no caso dos sectores de arrastre e cerco de pesqueiras internacionais.

Distribución da frota e do emprego pesqueiro nas diferentes zonas costeiras de Galicia.

A frota galega e o emprego pesqueiro distribúense ao longo da costa en nove zonas que van desde a ría de Vigo á Mariña lucense. Os distintos portos e zonas costeiras especializánse en tipos de frota característicos. Así, vemos por exemplo que a zona I (ría de Vigo) é o principal núcleo da frota de grande altura; a zona III (ría de Arousa) concentra a do caladoiro nacional, e a zona IX (Mariña lucense) especializase na frota de altura.

Cadro núm. 3

Frota pesqueira na zona I (ría de Vigo). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Arrastre	Bacallaeiros	1	973	1.790	1.994	1.467	16
	Conxeladores	7	5.655	9.208	13.987	10.287	110
	NAFO conxeladores	12	8.868	14.675	19.124	14.066	188
Cerco		1	1.582	2.082	2.941	2.163	16
Palangre de superficie		44	8.826	15.798	28.057	20.636	370
Pesqueira comunitaria (altura)							
Arrastre	NEAFC arrastre	15	3.446	4965	10147	7.463	150
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)							
Arrastre		1	120	201	360	265	9
Artes menores		537	1.319	1.086	16.750	12.319	886
Cerco		25	653	857	5.559	4.089	203
Palangre de superficie		34	4.079	7.386	14.739	10.841	290
Enmallada	Rasco	1	40	41	230	169	7
Totais		**678**	**35.560**	**58.088**	**113.888**	**83.764**	**2.244**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		112					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona I (ría de Vigo) ten o porto pesqueiro de Vigo como principal base de operacións. Este porto acumula o 41,8% de toda a tonelaxe da frota galega e o 31,4% da potencia total con só o 15,4% do número de buques, debido á presenza xa mencionada da frota de grande altura, composta polos buques de maiores dimensións, capacidade e potencia. A súa actividade está supeditada á participación da Unión Europea en organizacións pesqueiras internacionais e á firma de acordos pesqueiros con terceiros países con recursos de interese nas súas augas. A frota de grande altura componse dos seguintes segmentos: os cerqueiros conxeladores, dedicados á captura de túnidos, que son os buques de maior porte (1 unidade, capacidade de 2.082 GT e potencia de 2.163 Kw); seguidos polos bacallaeiros, que faenan principalmente en Noruega (1 unidade, capacidade de 1.790 GT e potencia de 1.467 Kw); os arrastreiros conxeladores, que operan no Atlántico Sudoeste (incluíndo Arxentina e as Malvinas), Senegal e Maurita-

nia e capturan raias, camarón, pescadas, luras, etc. (sete unidades, 1.315 GT e 1.469 Kw); os arrastreiros conxeladores, que capturan fletán negro no Atlántico Noroeste (NAFO) (12 unidades, 1.222,92 GT e 1.172,14 Kw), e, por último, o grupo máis numeroso, composto polos palangreiros de superficie, que teñen como especies obxectivo o peixe espada, túnidos e escualos (44 unidades, 359,05 GT e 469 Kw). A frota de altura opera na área NEAFC (sobre todo no Gran Sol), captura principalmente pescada, peixe sapo, gallo e lagostino, e está composta por 15 arrastreiros (capacidade media de 331 GT e potencia media de 497,54 Kw). A frota do caladoiro nacional é a máis numerosa (598 unidades, capacidade media de 16 GT e potencia media de 46,29 Kw), en particular o segmento de artes menores, co 88% das embarcacións desta frota. O emprego estimado na zona I é de 2.244 persoas.

A zona II (ría de Pontevedra) ten en Marín o seu maior porto. Representa o 7,5% da frota galega en número de buques e o 8,7% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura con base neste porto composta por 8 conxeladores, dos cales dous operan na área NAFO (capacidade media de 1.074,62 GT e potencia media de 1.227 Kw), e un palangreiro de superficie (627 GT e 359 Kw). A frota de altura posúe tres arrastreiros (247,7 GT e 356,7 Kw), dos cales dous traballan en augas de xurisdición portuguesa e outro na área NEAFC. A frota do caladoiro nacional está formada por 318 embarcacións (6,85 GT e 32,85 Kw), o 91% delas de artes menores. Existen dez cerqueiros con base en Portonovo e Bueu, e sete arrastreiros, principalmente en Marín. O emprego estimado nesta zona é de 737 persoas.

Cadro núm. 4
Frota pesqueira na zona II (ría de Pontevedra). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Arrastre	Conxeladores	6	4.031	6.562	10.152	7.467	94
	NAFO conxeladores	2	1.101	2.035	3.194	2.349	31
Palangre de superficie		1	234	627	488	359	8
Pesqueira comunitaria (altura)							
Arrastre	NEAFC arrastre	1	176	258	490	360	10
	Portugal	2	316	485	965	710	20
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)							
Arrastre		7	816	1.260	2.594	1.908	60
Artes menores		301	904	767	10.347	7.610	497
Cerco		10	133	152	1.262	928	17
Totais		**330**	**7.711**	**12.146**	**29.492**	**21.691**	**737**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		88					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 5
Frota pesqueira na zona III (ría de Arousa). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Arrastre	Conxeladores	1	79	178	270	199	16
Palangre de superficie		7	1.292	2.843	5.192	3.819	59
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	4	669	1.345	2.741	2.016	48
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		28	4.097	6.389	13.312	9.791	239
Artes menores		1.634	1.566	1.609	25.437	18.709	2.696
Cerco		27	832	1.256	5.593	4.114	220
Palangre superficie		1	100	276	270	199	8
Palangre de fondo		3	115	192	576	424	23
Enmalle	Volantas	1	23	16	150	110	8
Totais		**1.706**	**8.773**	**14.103**	**53.541**	**39.379**	**3.317**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		893					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona III (ría de Arousa) concentra o maior número de embarcacións en Galicia, cun total de 1.706. Isto supón o 39% da frota galega en número de buques, se ben só o 11,2% en tonelaxe, debido a que se trata na maioría dos casos de pequenas embarcacións dedicadas á pesca de baixura. O porto de Ribeira é o máis significativo de Galicia para a frota do caladoiro nacional, no que faena o 99% dos barcos desta zona (capacidade media de 5,7 GT e potencia media de 19,68 Kw). A maior parte pertencen ao segmento de artes menores (0,98 GT e 11,45 Kw), que operan basicamente en augas interiores da ría ou en zonas moi próximas á costa con artes de nasas, liñas ou enmallada. Existen tamén 28 arrastreiros de litoral con base en Ribeira, 27 cerqueiros, principalmente en Cambados, tres palangreiros de fondo, un palangreiro de superficie e un volanteiro. A frota de altura está composta por catro palangreiros de fondo que operan en NEAFC (336,25 GT e 504 Kw). Ademais existe en Ribeira unha frota de grande altura constituída por un arrastreiro conxelador e sete palangreiros de superficie. O emprego estimado nesta zona é de 3.317 persoas, o cal supón o 31% do emprego pesqueiro en Galicia.

As zonas IV (ría de Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte) representan xuntas unha pequena porcentaxe da capacidade pesqueira da frota galega, cun 6,6% da tonelaxe total, se ben a actividade pesqueira é de gran relevancia social para as comunidades costeiras. Contan co 23,7% das embarcacións galegas (respectivamente, o 14,4%, o 2,8% e o 6,4%), faenando todas elas no caladoiro nacional. Máis do 90% da frota nestas zonas pertence ao grupo de artes menores, aínda que existe tamén unha significativa frota de cerco con base en Portosín, Camariñas e Malpica de Bergantiños; outra de arrastre de litoral en Muros e unha máis de palangre de fondo, sobre todo en Muxía. O emprego total estimado nestas zonas é de 2.261 persoas.

Cadro núm. 6
Frota pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		7	938	1.505	2.894	2.129	60
Artes menores		945	2.538	2.547	25.455	18.722	1.559
Cerco		58	2.190	2.725	13.363	9.828	472
Palangre superficie		1	30	59	120	88	8
Palangre de fondo		13	564	883	2.818	2.073	101
Enmalle	Volantas	8	346	572	1.407	1.035	55
	Rasco	1	19	21	120	88	7
Totais		**1.033**	**6.625**	**8.312**	**46.177**	**33.963**	**2.261**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		37					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Na zona VII (A Coruña-Ferrol) o porto máis destacado é o da Coruña, e conta co 7,5% da frota galega en número de buques e co 4,9% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura, composta por cinco palangreiros de superficie (capacidade media de 461,2 GT e potencia media de 580,3 Kw) e outra de altura, composta por tres arrastreiros que operan na área NEAFC (322,0 GT e 442,8 Kw); as dúas con base no porto da Coruña. A frota do caladoiro nacional conta con 321 embarcacións (8,94 GT e 36,27 Kw), o 92% delas de artes menores. Ademais existe unha frota de cerco con base principalmente en Sada e Pontedeume, e outra de arrastre de litoral na Coruña. O emprego estimado nesta zona é de 766 persoas.

Cadro núm. 7
Frota pesqueira na zona VII (A Coruña-Ferrol). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Palangre de superficie		5	1.420	2.306	3.945	2.902	42
Pesqueira comunitaria (altura)							
Arrastre	NEAFC arrastre	3	570	966	1.806	1.328	30
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		6	899	1.396	3.135	2.306	51
Artes menores		296	790	689	8.561	6.296	488
Cerco		19	672	786	4.132	3.039	154
Totais		**329**	**4.351**	**6.143**	**21.579**	**15.871**	**766**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		133					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona VIII (Cedeira) ten Cedeira como porto principal e alberga o 2,7% das embarcacións galegas e o 1,3% da tonelaxe total. Conta con dous buques de altura, palangreiros de fondo con capacidade media de 172 GT e potencia media de 388,71 Kw. A frota do caladoiro nacional consta de 114 unidades (11,19 GT e 41,65 Kw), o 81,6% de artes menores. Existen tamén tres cerqueiros con base en Cariño, catro palangreiros de fondo en Cariño e Cedeira, e 14 embarcacións de enmallada nos dous portos. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 329 persoas.

Cadro núm. 8
Frota pesqueira na zona VIII (Cedeira). Datos de marzo de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	2	233	344	1.057	777	24
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Artes menores		93	289	226	2.750	2.022	153
Cerco		3	51	53	415	305	24
Palangre de fondo		4	80	140	501	369	31
Enmalle	Volantas	13	405	814	2.710	1.993	89
	Rasco	1	39	43	80	59	7
Totais		**116**	**1.097**	**1.620**	**7.513**	**5.526**	**329**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		4					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona IX (Mariña lucense) inclúe Celeiro e Burela como portos máis representativos, que acollen unha das frotas máis importantes de Galicia, a de altura que opera en augas do Gran Sol coas modalidades de palangre de fondo e arrastre. Existe ademais unha frota de grande altura, composta por 10 palangreiros de superficie (capacidade media de 476,7 GT e potencia media de 629,6 Kw). Dentro da pesqueira comunitaria, o segmento máis numeroso é o de palangre de fondo (40 unidades, capacidade media de 267 GT e potencia media de 387,6 Kw), que ten a pescada como principal especie obxectivo. Os arrastreiros de altura (tres unidades, capacidade media de 285,3 GT e potencia media de 426,6 Kw) dedícanse sobre todo á captura de pescada, peixe sapo, rapante e cigala, que desembarcan maioritariamente en Celeiro, Burela e Vigo. A frota do caladoiro nacional consta de 170 unidades (capacidade media de 47,89 GT e potencia media de 92,76 Kw). O segmento máis numeroso (75%) é o de artes menores, seguido polo palangre de superficie e o arrastre. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 1.250 persoas.

Cadro núm. 9
Frota pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Datos de abril de 2019

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Palangre de superficie		10	2.843	4.767	8.560	6.296	84
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	40	5.870	10.679	21.079	15.504	485
	NEAFC <100 TRB	7	578	1.079	2.235	1.644	85
Arrastre	NEAFC arrastre	3	508	856	1.740	1.280	30
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		13	1.942	3.330	6.291	4.627	111
Artes menores		127	667	684	5.504	4.048	210
Cerco		9	395	481	2.265	1.666	73
Palangre de fondo		4	103	145	681	501	31
Palangre de superficie		15	1.835	3.306	6.151	4.524	128
Enmalle	Volantas	2	89	196	549	404	14
Totais		**230**	**14.830**	**25.522**	**55.055**	**40.493**	**1.250**
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		12					

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage).*

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 10
Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas galegas

Ano	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
2000	145.302	350.969	2,42
2001	142.871	354.862	2,48
2002	128.029	329.124	2,57
2003	124.680	335.071	2,69
2004	149.733	383.441	2,56
2005	158.625	403.151	2,54
2006	169.327	432.726	2,56
2007	172.249	463.430	2,69
2008	173.569	451.323	2,60
2009	195.785	422.373	2,16
2010	187.395	458.381	2,45
2011	183.501	474.847	2,59
2012	175.004	440.534	2,52
2013	163.434	413.422	2,53
2014	187.178	432.341	2,31
2015	180.464	458.195	2,54
2016	188.603	491.664	2,61
2017	212.785	508.672	2,39
2018	174.298	490.993	2,82

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 11
Peixe fresco comercializado en primeira venda en Galicia

Ano	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
2017			
Xaneiro	11.297	38.715	3,43
Febreiro	11.177	32.465	2,90
Marzo	16.933	42.616	2,52
Abril	15.422	37.652	2,44
Maio	15.826	36.268	2,29
Xuño	15.409	34.105	2,21
Xullo	24.157	45.591	1,89
Agosto	29.963	50.729	1,69
Setembro	22.738	42.937	1,89
Outubro	19.591	42.806	2,19
Novembro	18.036	49.362	2,74
Decembro	12.235	55.428	4,53
2018			
Xaneiro	10.011	38.619	3,86
Febreiro	10.062	31.611	3,14
Marzo	15.969	42.482	2,66
Abril	14.631	41.469	2,83
Maio	13.773	35.995	2,61
Xuño	15.966	35.767	2,24
Xullo	18.984	41.762	2,20
Agosto	19.651	45.967	2,34
Setembro	17.702	39.525	2,23
Outubro	15.869	45.938	2,89
Novembro	12.256	40.633	3,32
Decembro	9.423	51.224	5,44

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 12
Produción pesqueira total por zonas. Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Zona I - Ría de Vigo	33.571	121.357	3,61
Zona II - Pontevedra	6.100	17.847	2,93
Zona III - Arousa	34.665	92.171	2,66
Zona IV - Muros	15.214	34.058	2,24
Zona V - Fisterra	782	5.158	6,60
Zona VI - Costa da Morte	6.478	10.390	1,60
Zona VII - Coruña-Ferrol	40.910	82.603	2,02
Zona VIII - Cedeira	2.492	9.122	3,66
Zona IX- Mariña Lucense	34.086	118.287	3,47
Totais	**174.298**	**490.993**	**2,82**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Produción pesqueira

De acordo cos datos publicados pola plataforma Pescadegalicia, o volume de pesca fresca (peixe e marisco) puxada nas lonxas de Galicia durante 2018 foi de 174.298 toneladas, un 18% menos que en 2017. A cotización media dos desembarques en 2018 foi de 2,82 euros por quilogramo, a maior desde 2001, e o valor acumulado ao final do ano achegouse aos 491 millóns de euros, o que supón unha redución dun 3,5% respecto a 2017.

O cadro 11 amosa a evolución mensual das vendas de peixes e mariscos frescos nas lonxas galegas durante os anos 2017 e 2018. As cantidades comercializadas en 2018 foron menores ás de 2017 todos os meses agás en xuño, no que aumentaron un 3,62%. O valor foi tamén menor agás nos meses de abril, xuño e outubro. A produción máis voluminosa correspondeu a agosto, con case 20.000 toneladas, e a maior cotización correspondeu a decembro, coincidindo co período de Nadal.

No cadro 12 amósase a produción pesqueira total por zonas durante o ano 2018. A de maior produción, en termos de volume, foi a zona VII (Coruña–Ferrol), seguida por zona III (Arousa), zona IX (Mariña Lucense) e zona I (ría de Vigo); mentres as restantes quedan moi por baixo destas. En termos de valor, a zona I foi a máis produtiva, seguida polas IX, III e VII, a moita distancia do resto. A cotización media máis alta acadouse na zona V (Fisterra), con 6,60 euros por quilogramo.

A produción pesqueira galega comercialízase ante todo a través das 62 lonxas distribuídas ao longo da costa. A provincia de Pontevedra acolle 22 lonxas (cadros 13 ao 15), sendo a principal a do porto de Vigo, co 95,8% da produción. A produción total da provincia en 2018 foi de 44.209,8 toneladas (o 25,36% da produción galega). A facturación alcanzou os 176,05 millóns de euros (o 35,86% do total) e o prezo medio de 3,98 euros. As principais especies comercializadas nesta provincia foron xarda pintada, peixe sapo, rapantes, xurelo, castañeta e pescada.

Na provincia da Coruña existen 34 lonxas (cadros 15 ao 18) que en 2018 moveron 96.059,8 toneladas, o maior volume das tres provincias, e máis da metade do total vendido en Galicia (o 55,11%). A facturación sumou 196,8 millóns de euros (o 40,08% do total) e o prezo medio foi de 2,05 euros/kg. As lonxas do porto da Coruña e de Ribeira acumularon o 71,7% do volume total comercializado na provincia. As especies máis vendidas foron xurelo, lirio, xarda pintada, pescada, xarda, bocarte e boga.

Cadro núm. 13
Produción pesqueira na zona I (ría de Vigo). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Guarda	127	1.388	10,93
Arcade	254	2.514	9,90
Baiona	159	2.175	13,68
Cangas	367	4.177	11,38
Moaña	185	1.795	9,70
Panxón	3	16	6,23
Redondela	158	1.517	9,60
Vigo	32.161	106.159	3,30
Vigo (Canido)	79	724	9,16
Vilaboa	78	892	11,44
Totais	**33.571**	**121.357**	**3,61**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 14
Produción pesqueira na zona II (Pontevedra). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Aldán-Hío	89	686	7,71
Bueu	1.000	3.989	3,99
Campelo	724	7.462	10,31
Marín	1.080	2.710	2,51
Pontevedra (Mercado)	17	255	15,00
Portonovo	3.190	2.745	0,86
Sanxenxo	0,06	0,42	7,00
Totais	**6.100**	**17.847**	**2,93**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 15
Produción pesqueira na zona III (Arousa). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Illa de Arousa	890	6.993	7,86
Aguiño	506	3.072	6,07
Cabo de Cruz	283	3.485	12,31
Cambados	1.511	7.893	5,23
Carril	817	8.178	10,01
Coop. Ría de Arosa	19	240	12,63
O Grove	782	8.240	10,54
Pobra do Caramiñal	119	992	8,34
Rianxo	458	4.096	8,95
Ribeira	28.741	43.444	1,51
Vilanova	453	4.565	10,08
Vilaxoán	87	973	11,18
Totais	**34.665**	**92.171**	**2,66**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 16
Produción pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Esteiro	61	565	9,26
Muros	3.004	5.867	1,95
Noia	2.623	19.511	7,44
Porto do Son	880	1.298	1,48
Portosín	8.646	6.816	0,79
Carnota (Lira)	127	982	7,73
Carnota (O Pindo)	0,43	39	90,70
Corcubión	182	1.304	7,16
Fisterra	472	2.833	6,00
Baldaio	3	30	8,48
Caión	0	0	20,00
Camariñas	5.206	5.346	1,03
Camelle	20	62	3,10
Corme	9	45	5,11
Laxe	340	1.652	4,87
Malpica	778	2.487	3,20
Muxía	10	93	9,30
Río Anllóns	113	676	5,98
Totais	**22.474**	**49.605**	**2,21**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

A provincia de Lugo conta con seis lonxas (cadro 19). Burela e Celeiro concentran o 99,7% da cantidade e do valor comercializado. A produción total en 2018 foi de 34.086,4 toneladas (o 19,52% do total de Galicia), a facturación de 118,3 millóns de euros (o 24,07% do total), e o prezo medio de 3,47 euros. As especies máis comercializadas foron pescada, xarda, xarda pintada, xurelo, lirio, bonito do norte e boga.

O subsector da pesca conxelada, concentrado nos portos de Vigo e Marín, obtén a súa produción en augas internacionais e de terceiros países nos que operan empresas mixtas galegas. A frota pesqueira conxeladora (galega, de empresas mixtas ou de embarcacións abandeiradas noutros países), ou ben os buques mercantes e portacontedores, desembarcan o peixe conxelado nos portos de Vigo e Marín, ademais de nos de Vilagarcía de Arousa, Ribeira e A Pobra do Caramiñal; estes dous últimos especializados nas descargas de túnidos para a industria conserveira. O porto de Vigo é o máis representativo de Galicia en volume de peixe conxelado comercializado, constituíndo tamén un dos puntos de referencia a nivel mundial. Entre o 80% e o 85% deste volume chega ao porto en contedores procedentes dos países onde faenan os buques das sociedades mixtas, rexistrándose, polo tanto, como importacións de peixe conxelado; mentres o 15% ou 20% restante é desembarcado directamente no porto de Vigo pola frota conxeladora galega de grande altura. En 2018 desembarcáronse en Vigo 625.393 toneladas de peixe conxelado, das cales 556.064 chegaron en contedores e 69.329 foron descargadas por pesqueiros. O volume total experimentou un descenso dun 3,74% con respecto a 2017, cando marcou 649.691 toneladas. A captura da frota de Malvinas subiu un 50% respecto de 2017, superando a suma das de Arxentina e Namibia. A totalidade deste volume entra polo porto de Vigo e supuxo o 14% de todas as importacións pesqueiras en 2018. É destacable a crecente importancia de China, de onde chegaron 17.500 toneladas (neste caso non procedentes de sociedades mixtas). As importacións de sardiña conxelada aumentaron ata as 13.000 toneladas, valoradas en 11,3 millóns de euros, como consecuencia da escaseza desta especie nas augas ibéricas. Importáronse 5.802 toneladas de sardiña de Marrocos, 3.771 de Croacia, 2.057 de Italia e 700 do Reino Unido.

Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego

A continuación descríbese a conxuntura e acontecementos máis relevantes para a xestión e regulación do sector pesqueiro galego durante 2018, agrupados nos eixes de xestión dos recursos, modernización e investimentos na frota galega e mellora da eficiencia enerxética, política comercial e industria de transformación pesqueira, e goberno.

Xestión dos recursos

1. Os TAC (totais admisibles de captura) e cotas de pesca para 2019 acadados no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea foron en xeral satisfactorios para a frota española, que obtivo cotas por un valor de 503,8 millóns de euros, unha cifra que supón un incremento de 26 millóns de euros (un 5%) respecto a 2018. A cota global subiu un 8,5% en relación con 2018. España conseguiu manter a súa cota de pescada sur, fronte á redución do 14% proposta pola Comisión Europea, e rompeu con catro anos consecutivos de recortes (do 15%, do 23%, do 1,5% e do 12%), grazas á recuperación biolóxica da especie. As posibilidades para a frota española de pescada no Cantábrico e golfo de Cádiz permanecerán nas 5.924 toneladas, o mesmo nivel que en 2018. As capturas aumentan un 22,7% no golfo de Biscaia, ata as 16.037 toneladas, e un 27,5% no Gran Sol, ata as 23.512 toneladas. As cotas de gallo tamén suben no caladoiro nacional (un 35%), Gran Sol (un 47,3%) e o golfo de Biscaia (un 40%). O xurelo crece un 18% no Cantábrico e un 69,2% entre Fisterra e o golfo de Cádiz. O peixe sapo increméntase un 5,3% no caladoiro nacional, pero cae un 1,5% no Gran Sol e un 6,8% no golfo de Biscaia. A cota de anchoa do Cantábrico mantense en 29.770 toneladas; a cota da xarda baixa un 20% e a de lirio cae un 20,3% no norte e un 17,6% no sur. A cota de lagostino no golfo de Cádiz e en augas portuguesas aumenta un 5,2%. En cambio, a pesqueira de lagostino no Cantábrico permanecerá pechada en 2019 por terceiro ano consecutivo, aínda que se poderán capturar 2.000 quilogramos deste stock con fins científicos.

Ademais, as negociacións foron máis complexas porque 2019 será o primeiro ano de prohibición total dos descartes. Coa aplicación desta nova norma, parte da frota española corría o risco de ter que amarrar ante a posibilidade de pescar especies para as que non dispón de cota (*especies de estrangulamento*). Para evitalo, estableceuse un mecanismo polo que os Estados membros con cota para unha especie teñen a obriga de poñer un 6% da mesma a disposición dos países sen cota. España non dispón de cota para especies coma bacallau, merlán ou solla. En sete destas pesqueiras negociáronse a nivel bilateral intercambios con outros países para asegurar a dispoñibilidade de

Cadro núm. 17
Produción pesqueira na zona VII (Coruña- Ferrol). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Coruña (Confraría)	42	473	11,26
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	40.147	78.369	1,95
Barallobre	142	1.064	7,49
Ferrol	235	1.825	7,77
Miño	11,00	83	7,50
Mugardos	39	360	9,22
Pontedeume	28	275	9,82
Sada	266	154	0,58
Totais	**40.910**	**82.602**	**2,02**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm. 18
Produción pesqueira na zona VIII (Cedeira). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Cariño	1.215	2.410	1,98
Cedeira	1.197	6.589	5,51
Espasante	80	123	1,53
Totais	**2.492**	**9.122**	**3,66**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm 19
Produción pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Ano 2018

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Burela	19.852	68.707	3,46
Celeiro	14.132	49.303	3,49
Foz	0,14	5,57	39,79
O Barqueiro	58	107	1,84
O Vicedo	29	32	1,08
Ribadeo	15	134	8,89
Totais	**34.086**	**118.287**	**3,47**

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Produción Pesqueira,* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (http://www.pescadegalicia.com).

Cadro núm 20
Produción de peixe conxelado desembarcado en Galicia. Ano 2018

Procedencia	Cantidade (t)
Desembarques da flota conxeladora galega	
Importacións procedentes das sociedades mixtas en terceiros países (contedores)	
Illas Malvinas	78.913
Arxentina	52.000
Namibia	21.500
Marrocos	18.500
China	17.500
Resto	367.651
Totais	**556.064**

Fonte: elaboración propia a partir de:
- ARVI (Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo).
- Acemix (Asociación de Empresas Comunitarias en Sociedades Mixtas de Pesca).

Cadro núm 21
Cotas pesqueiras para España. Ano 2019

Especie	Zona ICES	Cota España 2019	Variación % 2018-2019
Brosmio	V, VI e VII	60	0,00
Anchoa	VIII	29.770	0,00
Boquerón	IX, X, COPACE 34.1.1	0	-
Gallo	VI	657	6,40
	VII	5.440	47,30
	VIIIa, VIIIb, VIIId, VIIIe	943	39,90
	VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	1.728	35,00
Peixe sapo	VI	440	24,60
	VII	1.212	-1,50
	VIIIa,b,d,e	1.124	-6,80
	VIIIc, IX	3.472	5,30
Merlán	VIII	1.016	0,00
Pescada	VI, VII	23.512	27,50
	VIIIa,b,d,e	16.037	22,70
	VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	5.924	0,00
Lirio	I-XIV (agás VIIIc e IX)	41.383	-20,30
	VIIIc, IX, X, COPACE 34.1.1	35.251	-17,60
Maruca azul	Vb, VI, VII	367	3,30
	Zona augas internacionais de XII	218	-19,90
Maruca	VI, VII, VIII, IX, X , XII, XIV	3.361	-11,00
Lagostino	VI, Vb	31	24,40
	VII	1.187	-32,00
	UF 16 (incluida en zona VII)	798	-3,30
	VIIIa,b,d,e	233	7,30
	VIIIc	2	-
	IX, X, COPACE 34.1.1	100	5,20
Solla	VIII, IX , X, COPACE 34.1.1	66	0,00
Abadexo	VI	6	0,00
	VII	23	0,00
	VIIIa,b,d,e	252	0,00
	VIIIc	208	0,00
	IX e X, COPACE 34.1.1	273	0,00
Fletán negro	II, IV e augas internacionais de Vb e VI	16521	0,13
Raia	VIa,b, VIIa-c e VIIe-k	1111	5,00
	Zonas VIIfg	21	24,70
	Zona VIIDE (Raya Ondulada)	18	0,00
	VIIIc e IX	1.472	10,00
Xarda	VI, VII, VIIIabde, VB, XII, XIV	18	-20,00
	VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	24.597	-20,00
Lenguado	VIIIa, VIIIb	9	6,90
	VIII cde, IX, X, COPACE 34.1.1	403	0,00
Melga	I, V, VI, VII, VIII, XII, XIV	0	-
Xurelo	VIb, Vic, VIId	111	0,00
	IIa - XIV	12.412	18,10
	VIIIc	16.895	17,90
	IX	24.324	69,20

Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea.

cotas que os barcos españois necesitan para seguir a súa actividade habitual durante 2019. A Comisión Europea propuxo a creación de bolsas de capturas accesorias para estas especies ás que terán acceso todos os Estados membros a cambio de excedentes doutro stock.

2. A Audiencia Nacional desestimou en 2018 as demandas da Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) e da Asociación de Armadores Pescagalicia-Arpega-O Barco contra a orde de 2015 do Ministerio de Agricultura que establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico Noroeste. O fallo supón apoiar a repartición de cotas de xarda e xurelo tal e como está feito, a prohibición do tren de bolos, e as operacións de compravenda de cotas que se fixeron ao amparo das primeiras ordes de xestión do caladoiro, sucesivamente anuladas pola Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo. A Audiencia cre que os criterios de repartición de cotas elixidos pola Administración están dentro «da razoabilidade que esixe a xurisprudencia do Supremo» e por iso desestima o recurso das asociacións, que cuestionaban unha repartición baseada nas capturas históricas (favorecendo a outras comunidades autónomas) en lugar de no compoñente socioeconómico da frota.

3. En 2018 mantívose o Plan de xestión da sardiña en augas ibéricas das frotas española e portuguesa, malia ser considerado polo CIEM desde 2017 como insuficiente para garantir o recrutamento. Non obstante, España e Portugal tiveron que presentar medidas adicionais ao plan para evitar o peche da pesqueira. A proposta orixinal fixaba en 14.600 toneladas a cota para 2018, 7.300 para os primeiros tres meses de campaña (de maio a xullo) e outras 7.300 para os tres seguintes (de agosto a outubro), sempre que no ecuador da campaña se apreciase un aumento do 10% da biomasa. Dado que o CIEM non detectou tal melloría e volveu recomendar captura cero, España e Portugal acordaron recortar a cota un terzo, ata as 4.728 toneladas entre agosto e setembro, das cales 1.543,27 corresponderon a España. Dese volume, 926 toneladas foron para as embarcacións do Cantábrico Noroeste, con repartición lineal e tope de 3.000 quilos por semana para cada barco, e 617,27 para os cerqueiros do golfo de Cádiz, con cota repartida por buque.

O Consello Internacional para a Exploración do Mar publicou en xullo de 2018 un novo informe no que insistía na falta de biomasa desovante (peixes adultos) da sardiña ibero-atlántica e recomendaba «captura cero» en 2019 para España e Portugal. Segundo o CIEM, a cifra actual de biomasa é de menos de 0,4 millóns de toneladas, inferior á metade do límite biolóxico de seguridade, e ten retrocedido de forma continua desde 2006. Ademais, a cantidade de novos peixes en idade reprodutiva (recrutamento) foi en 2017 de menos de 5.000 millóns de individuos, a cifra máis baixa en máis dunha década. A prohibición da pesca en 2019 levaría, segundo os científicos, a un aumento do 9,8% na poboación de sardiñas adultas; un factor clave para asegurar a reprodución da especie e garantir existencias nas costas da península ibérica.

4. 2018 foi o último ano de aplicación gradual por especies e zonas da normativa de obriga de desembarque para a frota española, que desde o 1 de xaneiro de 2019 ten carácter xeral para todas as especies con TAC e cotas no Atlántico e todas as especies con talla mínima de referencia para a conservación no caso do Mediterráneo, prohibindo polo tanto os descartes de todas estas especies. Durante o ano 2018, a normativa de obriga de desembarque aplicouse ás especies demersais (pescada e granaderos) nas augas noroccidentais (zonas CIEM-ICES V, VI e VII). A normativa para a pescada afectou a buques que faenan con redes de enmallada, palangre de fondo e arrastre de fondo, e a normativa para os granaderos, a buques de arrastre de fondo.

5. O Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019, publicado no DOG do 31 de decembro de 2018, establece o réxime preciso para permitir a explotación marisqueira na comunidade galega coas garantías dunha boa xestión do recurso, tendo en conta os datos e informes científicos dispoñibles. Ao amparo deste documento, a Consellería do Mar dá a súa conformidade simultaneamente a un total de 97 plans de explotación presentados polas entidades asociativas do sector, tres máis que o ano pasado. A orde establece como novidade que o período de autorización da actividade marisqueira, que ata agora era mensual, pode ser de ata tres meses. Deste xeito, a partir de 2019 poden realizarse aperturas de desenvolvemento do plan de explotación para períodos mínimos dun mes e máximos de tres, o que simplifica os trámites administrativos para as entidades asociativas do sector. O plan para o exercicio de 2019 prevé a incorporación de 164 permisos de explotación para marisqueo a pé e de oito novas embarcacións coa modalidade de marisqueo á boia con vara. Este aumento súmase ao xa experimentado en 2018, no que se rexistraron 252 novos permisos de marisqueo a pé xeral. Entre as novidades que inclúe a orde está tamén a aprobación do plan específico de explotación da Asociación de rañeiras da ría de Arousa para os bancos marisqueiros de Os Lombos do Ulla, Cabío e O Bohído, durante un máximo de 151 días, entre os meses de xaneiro e abril e de outubro a decembro. Mentres, a confraría de Arcade incorpórase ao plan específico das zonas de libre marisqueo da ría de Vigo na modalidade de embarcación, sendo así titular do plan para o ano 2019 xunto coa Asociación de marisqueo á boia Ría de Vigo e a confraría de Baiona. O plan do ano próximo prevé ademais que a confraría de Fisterra volva explotar a ameixa vermella ao amparo dun plan específico nos bancos sublitorais da praia de Langosteira.

6. Recursos específicos: no DOG do 27 de decembro de 2018 tamén se publicou a orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia en 2019. A través deste documento a Consellería do Mar aprobou un total de 149 plans de xestión elaborados polas entidades asociativas do sector, dos cales 13 son novos e súmanse aos 136 xa vixentes en 2018. Dos novos plans, cinco son de anemones (a pé de Ribadeo e de San Cibrao e de mergullo de Cedeira, Palmeira e da Asociación de recolectores submarinos da Mariña), catro de ourizo (de mergullo en Porto do Son, Cedeira e a Asociación de recolectores submarinos da Mariña e a pé no Pindo), dous de algas (de mergullo tanto en Ferrol como en Cambados) e dous de solénidos (de mergullo na Coruña e Cedeira).

Modernización e investimentos na frota galega e mellora da eficiencia enerxética

1. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou en 2018 un total de 771.000 euros ás axudas para investimentos que fomenten a pesca sostible para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas propietarias de buques pesqueiros con porto base en Galicia. Para o ano 2018 as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación: impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies (317.000 euros); mellora da hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo nos buques pesqueiros (84.000 euros); mellora da eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático (200.000 euros); substitución de motores principais ou auxiliares (90.000 euros), e aumento do valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas (80.000 euros).

2. A orde do 6 de xullo de 2018 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras xerais e a convocatoria, para o ano 2018, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. As liñas de axuda están destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización (PPEC), e á creación ou reestruturación de organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e asociacións de produtores pesqueiros (AOP). A contía máxima das subvencións estableceuse en 1.824.185 euros para a primeira liña de axuda e en 400.000 euros para a segunda.

3. A orde do 7 de setembro de 2018 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras xerais e convócanse para o ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. O importe máximo das subvencións concedidas en 2018 estableceuse en 3.440.000 euros e distribuiranse nas seguintes anualidades: 2018, 1.720.000 euros e 2019, 1.720.000 euros.

4. A orde do 15 de novembro de 2018 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co FEMP, e procede á súa convocatoria para o ano 2019, tramitada como expediente anticipado de gasto. O importe máximo das subvencións será de 17.870.000 euros en total para os anos 2019 e 2020.

5. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou en 2018 un total de 2 millóns de euros a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración dos bancos marisqueiros, financiados polo FEMP. A finalidade é que as confrarías e organizacións de produtores se poidan acoller a elas e contribúan de forma sostible a mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños vivos. A este obxectivo de mellora da produtividade vai aparellado o obxectivo de poder incorporar máis persoas á actividade marisqueira, mantendo a biodiversidade e os ecosistemas costeiros.

Política comercial e industria de transformación pesqueira

1. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou en 2018 axudas á realización de investimentos para pemes do sector transformador dos produtos da pesca e acuicultura que contribúan a fomentar unha pesca e acuicultura sostibles desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitividade. A orde do 4 de xullo de 2018 ampliou o importe da contía máxima das axudas concedidas ao abeiro da orde do 18 de decembro de 2017, que establece as bases e regula o procedemento para a concesión de tales axudas, na cantidade de 6.605.428,15 euros, con cargo á aplicación 14.02.723A.771.1 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2018. Os importes máximos das subvencións que se concedan nese exercicio ascenderán a 12.745.000 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 2018, 4.745.000 euros e 2019, 8 millóns de euros.

2. A orde do 30 de novembro de 2018 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases e regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e convoca estas axudas para o ano 2019. Os importes máximos das subvencións que se concedan nese exercicio ascenderán a 14.700.000 euros distribuídos nas seguintes anualidades: 2019, 5.700.000 euros e 2020, 9 millóns de euros.

3. O sector da conserva produciu en 2018 un total de 353.356 toneladas e facturou 1.669 millóns de euros, un 4,1% máis que o ano anterior. A Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (anfaco) incrementou en oito o número de empresas asociadas, ata 252, que xeran 26.000 empregos. O sector afronta retos coma o Brexit, que o leva a buscar mercados alternativos ao Reino Unido, e o futuro acordo comercial da Unión Europea con Tailandia. O clúster Mar-Alimentario promovido por ANFACO medrou en 2018 en mil millóns de facturación, alcanzando os 10.400 fronte aos 9.400 de 2017. Dentro do clúster, o subsector máis importante é o dos conxelados (92 empresas e 3.814 millóns de facturación), seguido polo conserveiro, o de procesado de bacallau, o das fariñas e aceites de peixe, o das semiconservas como a anchoa, e os servizos auxiliares. Os produtos do clúster comercialízanse en máis de 140 países, principalmente en Portugal, Francia, Italia, Alemaña e Reino Unido. As conservas de túnidos son o principal produto, co 67,62%. As exportacións en 2018 acadaron as 204.394 toneladas, por un valor de 989 millóns de euros. O 80% da produción exportada correspondeu a empresas galegas, o 50% da provincia da Coruña (principalmente conservas) e o 25% da provincia de Pontevedra (con gran proporción de conxelados).

Goberno

Acordos de pesca

O 14 de xullo de 2018 expirou o acordo de pesca entre a UE e Marrocos, que permitía faenar a cinco arrastreiros e once palangreiros galegos, a maioría de Vigo e Marín, dun total de 126 barcos españois. Bruxelas e Rabat acordaron unha semana despois un novo tratado, a pesar das reticencias do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O TUE sentenciara en febreiro de 2018 que o pacto non incluía as augas do Sáhara Occidental, onde faena a frota galega, porque a UE non recoñece a soberanía de Marrocos sobre a rexión. Xa en 2019, o pleno do Parlamento Europeo deu finalmente luz verde á renovación do acordo co respaldo de 415 eurodeputados, mentres que 189 votaron en contra e 49 abstivéronse. As augas do Sáhara Occidental, onde se realiza en torno ao 94% das capturas da frota europea, foron incluídas no acordo. En virtude do novo tratado, a UE pagará a Marrocos unha media anual de 52 millóns de euros durante catro anos, dos que uns 12 millóns deberán ser abonados polos armadores europeos. A cambio, poderán faenar en augas marroquís 128 buques europeos, entre eles 92 españois. Ademais, a frota peláxica industrial europea aumentará as súas posibilidades de pesca desde as 85.000 toneladas do primeiro ano de aplicación do acordo ata as 90.000 do segundo ano e as 100.000 do terceiro e do cuarto.

A UE e Guinea Bissau firmaron en 2018 un novo protocolo do Acordo de Asociación de Pesca Sostible (SFPA) que sucede o que expirou en 2017. O novo acordo, cunha vixencia de cinco anos, supón unha contribución de 15,6 millóns de euros ao ano por parte da UE, un incremento de máis de 6 millóns fronte ao acordo previo. En total, 78 millóns de euros. Ademais, os armadores da UE aportarán en torno a 4 millóns de euros ao ano en concepto de licenzas de acceso ao recurso. Beneficiaranse do acordo uns 50 buques da UE, 15 deles galegos, destinados á pesca demersal (incluídos os cefalópodos e os crustáceos), así como o atún e os pequenos peláxicos.

Consecuencias do Brexit

Un estudo encargado pola Consellería do Mar e elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela sinala que o impacto económico que tería o Brexit na pesca galega ascendería a 535 millóns de euros e a metade dos sectores dos que se alimenta a economía galega acusarían as consecuencias. Un Brexit sen acordo para o sector pesqueiro implicaría a imposición de aranceis, o control veterinario dos produtos alimentarios que entren na UE procedentes do Reino Unido, o control de fronteira (PIF) de todos os produtos e do seu etiquetado, ademais dos problemas de homologación das titulacións das tripulacións e a perda de seguridade xurídica.

A frota afectada inclúe uns 100 buques de bandeira española que faenan en augas de Francia, Irlanda e Reino Unido; entre 50 e 80 barcos de bandeira británica pertencentes a empresas de capital galego que desinvestiron en España para investir no Reino Unido e así dispoñer de máis posibilidades de pesca; uns 30 conxeladores de bandeira española que traballan nas Illas Malvinas; uns 20 buques, tamén de grande altura e capital español abandeirados en Malvinas con socios locais para poder ter ou incrementar as cotas pesqueiras; e, finalmente, a frota de litoral española, que pode verse afectada segundo afronte o Reino Unido o status na organización de NEAFC con respecto aos recursos peláxicos (xurelo, lirio, xarda, etc.) en augas internacionais do Atlántico.

O Goberno das Illas Malvinas advertiu en 2018 que, de non acadarse un acordo de libre comercio entre a UE e o Reino Unido, as súas exportacións pesqueiras sufrirían un arancel de entre o 6% e o 18%, como mínimo. As illas canalizan por Galicia, e fundamentalmente polo porto de Vigo, a maior parte das vendas de peixe a Europa: en 2017 entraron case 50.500 toneladas de produtos por valor de 136,24 millóns de euros, e en 2018 desembarcáronse en Vigo case 79.000 toneladas de calamar Loligo. 40 buques galegos faenan alí: 24 con pavillón español e 16 con pavillón británico. Un Brexit sen acordo suporía a expulsión dos primeiros das augas malvinas.

Finalmente, o Brexit non dará a Galicia a oportunidade de albergar o laboratorio comunitario de referencia para o control das contaminacións bacteriolóxicas e virais dos moluscos bivalvos, substituíndo o *Centre for Environment, Fisheries & Aquaculture Science (CEFAS)*, na localidade británica de Weymouth, xa que a Comisión Europea decidiu suprimir este centro tras a retirada do Reino Unido.

III. 2. Marisqueo e acuicultura

Pesquerías e acuicultura, situación global

A acuicultura é o sector de produción de alimento que experimentou unha maior expansión ao longo das últimas décadas, sendo a súa contribución tanto á produción global de alimentos como ao crecemento económico cada vez maior. Mentres que en 1950 o 16% do peixe e produtos derivados para consumo humano procedía da acuicultura, en 2016 esta actividade representa o 54% da produción total, incluíndo plantas acuáticas, e o 47% da produción de peixe e marisco a nivel mundial. Un exemplo claro do peso da acuicultura como fonte de alimento a nivel global vese no feito de que entre os anos 2014 e 2016, cando a produción global estimada de acuicultura e pesca pasou de 193 a 202 millóns de toneladas, a produción da acuicultura aumentou un 9%, mentres que as capturas descenderon un 0,4%.

A produción acuícola na UE subiu en torno a un 24% desde 1990 e, aínda que rexistrou un leve retroceso do 2% desde o ano 2007, ten un peso cada vez maior no mercado de produtos do mar debido á tendencia decrecente das capturas pesqueiras desde 1990. En 2016, o 20% do peixe e marisco producido na UE procedía da acuicultura. España é o primeiro produtor, representando un 21% de peixe e marisco de acuicultura da UE, a pesar de que o seu peso se reduce ao 13% en valor debido ao baixo prezo de mercado do mexillón de Galicia, que supón o 74% do volume de produción deste sector.

O volume de produción da acuicultura en Galicia en 2018 foi de 289.773 toneladas, fronte ás 174.298 toneladas procedentes da pesca. A acuicultura de mexillón, cunha produción de 278.693 toneladas e cun valor de 128,5 millóns de euros, representa o 60% da produción do sector e o 18% dos ingresos (gráfico 1).

Gráfico 1
Contribución da pesca e acuicultura á produción de peixe e marisco (arriba)
Contribución da acuicultura de mexillón e descarga de peixe ao sector (abaixo)



A industria do mexillón

A produción de mexillón é a trabe da acuicultura española e tamén do mundo do mar de Galicia. Cunha produción que supón máis do 60% dos desembarcos de produto fresco do mar e o emprego a tempo completo de máis de 8.000 persoas, o cultivo do mexillón é, por dereito propio, a maior actividade produtiva do noso mar.

Produción e mercados

Ao longo do período 2007-2018 producíronse en Galicia unha media de 225.124 toneladas de mexillón de batea ao ano, dando lugar a unha facturación media de 99,86 millóns de euros/ano. No gráfico 2 podemos observar grandes flutuacións cunha diferenza de 95.000 toneladas (54 millóns de euros) entre os anos 2013 e 2018 que rexistraron, respectivamente, a menor e a maior produción deste período. Esta gran variabilidade débese sobre todo á incidencia das mareas vermellas e, no caso de 2008, a graves conflitos entre organizacións mexilloeiras. Sorprende a estabilidade do prezo, de xeito que as flutuacións de produción repercuten directamente na facturación total que se move nun abano entre os 74,5 millóns de euros de 2013 e os 126,5 millóns de euros de 2018.

Máis aló da produción neta aportada polos mexilloeiros galegos, e malia os conflitos entre eles, moi agudos no período 2008-2010, e mesmo dos problemas entre produtores e industria, cómpre deterse no destino da produción e tamén no tipo de produtos. Así, na serie analizada (gráfico 2, esquerda), o destino da produción, historicamente superior para industria (na proporción 60/40), atopa o seu punto de inflexión no ano 2007, onde se equilibran por metades o destino para fresco e para industria, superando logo en 2014 a produción para fresco o 65% do total, para achegarse a partir do ano 2015 á proporción 35/65. En termos de ingresos, o mexillón fresco (50% da produción) supuña en 2007 o 55% da facturación, dado que o seu prezo medio de venda era superior ao de industria (0,08 euros/kg), mentres que nos últimos anos a contribución de fresco e industria á facturación total é proporcional á produción destinada a cada mercado como consecuencia da homoxeneización dos prezos de venda.

Singulares son os datos de produción segundo o tipo de mexillón para fresco (gráfico 2, dereita), onde se observa unha caída de máis de 10 puntos (do 22% de 2007 ao 10,7% de 2018) na produción de mexillón grande, un sensible descenso do mediano e un incremento de case 15 puntos (do 52,3% ao 67,1%) do pequeno; datos que xunto coa baixada de prezo de venda do mexillón grande manifestan a adaptación do sector ás demandas dos mercados.

Gráfico 2
Acuicultura de mexillón en Galicia, evolución 2007-2018



Mercado europeo

A produción anual media da acuicultura de mexillón na UE durante a última década (2008-2017) foi de 445.000 toneladas. Os principais produtores son España, que aporta en torno ao 45% do total, seguida de Italia e Francia, que achegan arredor dun 14.5% cada un. O resto de países produtores de mexillón, entre os que están Países Baixos, Irlanda, Reino Unido e Grecia, teñen unha produción inferior ao 1% do total da UE.

En 2016, a UE rexistrou un fluxo intracomunitario de 200.000 toneladas de mexillón, dos que o 65% foron produtos frescos. España e os Países Baixos son os principais exportadores de mexillón da UE, mentres que Francia e Italia son os maiores importadores, a pesar da súa alta produción. A UE ten un importante déficit no fluxo extracomunitario (18 millóns de euros en 2015) debido á importación de mexillón conxelado e procesado, procedente principalmente de Chile (38.000 toneladas en 2016) e Nova Zelandia (5.500 toneladas en 2016). Tendo en conta a produción, consumo aparente e fluxos comerciais, estimase que a UE ten un nivel de autosuficiencia (ratio entre demanda do mercado e produción) do 82% para o mexillón (EUMOFA).

Fluxo comercial de España

O mercado internacional do mexillón en España mostra unha sensible mellora nos fluxos de mexillón fresco e en conserva hermética (gráfico 3); en concreto, en 2018 importáronse 4.700 toneladas de mexillón fresco (fronte as máis de 8.300 de 2016) e exportáronse 51.000 toneladas (35.000 en 2016). Debemos salientar tamén o gran retroceso no comercio de mexillón conxelado, cun descenso do 95% tanto en exportacións, cunha gran caída desde 2016 das vendas a Francia e Italia, como en importacións, ao cesar o comercio con Nova Zelandia desde 2016 (gráfico 5). Pola contra, a exportación de conservas non herméticas aumentou considerablemente no último ano, pasando de 1.500 a 9.500 toneladas en 2018, e superando en 384 toneladas o volume das importacións; pero deixando un déficit de 11 millóns de euros en facturación. Podemos atribuír este aumento das exportacións de conservas non herméticas ás novas preparacións de mexillón en atmosfera e en precociñado da empresa Aguinamar. Tamén cómpre salientar que a maior parte deste incremento nas exportacións de conservas non herméticas foi recibido por Francia (58%) e Italia (25%), compensando a caída nas exportacións de conxelados (gráfico 5).

Gráfico 3
Comercio exterior de mexillón en España

En definitiva, a balanza comercial sitúase ao noso favor en mexillón fresco e conxelado, que acadan taxas de cobertura superiores ao 1000%; mellorou significativamente en preparados non herméticos, pasando do 12% en 2016 ao 104% en 2018, e sufriu un retroceso de case 10 puntos en conservas herméticas (do 59,6% en 2016 ao 49,9% en 2018).

Gráfico 4
Comercio exterior de mexillón en España. Balance exportacións-importacións



Gráfico 5
Comercio exterior de mexillón por tipo de produto



Estratexias de innovación e adaptación ao mercado

As estatísticas de produción e comercio exterior de mexillón mostran só esforzos da industria mexilloeira para mellorar a súa posición nos distintos mercados. No caso do mexillón fresco, onde as vantaxes comparativas eran maiores, adaptouse o tamaño do produto aos gustos do mercado, pasando de comercializar cinco tipos de mexillón a tres, axustando tamaños, acurtando os ciclos de cultivo, eliminando desdobres e buscando mellores rendementos en carne (Labarta et al., 2004). Por outra parte, buscouse unha maior diferenciación do produto, desenvolvendo producións máis modernas, adaptadas aos novos hábitos de consumo e incrementando o seu valor engadido cunha maior incorporación de I+D+i, como as de formas de conservas non herméticas: atmosferas protectoras, pasteurizados, novas formas de conxelados, etc. (Labarta et al., 2004). Isto fixo necesarios diferentes procesos de colaboración e integración empresarial a fin de dotar de maior dimensión competitiva e capacidade financeira ás empresas produtoras, depuradoras e distribuidoras. Finalmente, buscouse reforzar a imaxe de marca a través da denominación de orixe protexida «mexillón de Galicia».

Despois da gran crise de 2008 é preciso sinalar dúas accións de relevancia que afectan os mercados. En primeiro lugar, o pulo dado por Mercadona ao mexillón tanto fresco como conxelado e en conserva, situando sobre todo o fresco como mercadoría de primeira orde. A esta acción sumáronse outras empresas de alimentación, como Gadis, Carrefour, Eroski-Vegalsa e mesmo Lidl. Isto levou a novos formatos de comercialización e ao aumento conseguinte da demanda deste tipo de produto, tanto na propia Mercadona como noutras grandes cadeas de supermercados. En segundo lugar, a capacidade innovadora do Grupo Linamar, que comezou comercializando mexillón fresco e que, tras a a compra do 50% do seu capital polo grupo Angulas de Aguinaga (controlado tradicionalmente polo fondo de investimentos Portobello), pasou a desenvolver unha liña de produtos de mexillón de gama alta (V gama). Outras empresas, como o grupo Bateamar de Cambados ou Barlovento no Grove, tamén entraron na diversificación de produtos a partir do mexillón.

Por último, a consolidación dos mercados europeos e o asentamento do mexillón no mercado español como produto cunha demanda en expansión, xunto cun volume de importacións que supera as 40.000 toneladas/ano, fai que actualmente se abra o interrogante de se deberían manterse tanto a estratexia de limitar a produción adoptada a finais dos anos oitenta, como as posicións pouco activas respecto das mareas vermellas e do seu control por parte da Administración ou polos grupos comerciais; pois da produción e da incidencia das mareas vermellas nos seus ciclos dependerá en gran medida a expansión dunha industria que, tras a da pesca, segue sendo clave do mar galego.

O marisqueo: produción e mercados de ameixas, berberecho e ostras

Permisos de marisqueo

O gráfico 6 mostra un descenso progresivo do número de permisos de marisqueo desde 2010, ata estabilizarse en torno aos 3.800 en 2014. Tamén podemos observar un aumento considerable da proporción de homes con permiso de marisqueo que pasou do 9% en 2010 ao 28% en 2018. Estes homes traballan principalmente no marisqueo a flote, alternando esta actividade coa pesca doutras especies distintas dos bivalvos. O descenso do número de mariscadores, sobre todo coa introdución dos Permex, levou a unha mellora da rendibilidade do sector.

Gráfico 6
Permisos de marisqueo segundo idade e sexo



O potencial marisqueiro de Galicia, estimado pola Unidade Técnica da Pesca de Baixura en 2006, describe 510 bancos marisqueiros que ocupan máis de 81 millóns de metros cadrados de beiramar, dos que o 60% se explotan desde embarcacións e ocupan o 36% dos mariscadores. O marisqueo a pé supón o 49% do emprego e explota menos dun terzo das superficies marisqueiras. As estimacións da Unidade Técnica de Pesca de Baixura tamén establecen que as colleitas de ameixas babosa e rubia superan o 20% do potencial destas especies, mentres que para a ameixa fina e o berberecho as colleitas apenas supoñen o 6% e o 4% respectivamente. Non obstante, entre o potencial estimado e a realidade as diferenzas son significativas.

Ademais das concesións e autorizacións públicas das que proceden os datos anteriores, existen en Galicia 1.134 parques de cultivo de ameixa e berberecho en réxime de concesión administrativa a entidades privadas, dos que 988 están situados en Carril (Vilagarcía de Arousa).

Condicionantes ecolóxicos na produción marisqueira

A situación ecolóxica das rías, fortemente afectada polas achegas de augas residuais con alta carga orgánica e microbiolóxica, altera as condicións da cría de organismos sésiles. Segundo datos de Augas de Galicia, nas 19 rías galegas hai preto de mil puntos de vertedura e na metade deles detectouse a existencia de contaminación.

No mantemento da calidade ecolóxica inclúese tamén o control de epizootias detectadas (anelo marrón, Perkinsus, Marteilia), tanto sobre as zonas de produción actuais, como sobre a semente e os adultos das especies a introducir nos lugares de cultivo, ou mesmo nas depuradoras. O caso máis recente é o do berberecho, que sufriu unha alarmante caída nas colleitas en 2014.

Gráfico 7
Produción de ameixa e berberecho en Galicia



Produción de ameixa e berberecho

No gráfico 7 recóllese a evolución das colleitas de ameixas e berberecho entre 2001 e 2018. Observamos, tanto para ameixa como para berberecho, un aumento da produción a partir de 2014. Este aumento é especialmente significativo no caso do berberecho, que viña arrastrando un importante retroceso, caendo das 5.000 toneladas recollidas en 2008 a 1.200 toneladas en 2014. Desde 2015 obsérvase un claro cambio de tendencia e, se aínda estamos lonxe dos valores de 2008, as 2.400 toneladas recollidas en 2018 supoñen un grande avance. No que respecta á ameixa, o aumento de case 1.600 toneladas entre 2014 (3.704 toneladas) e 2018 (5.288 toneladas) débese fundamentalmente a que se duplicou a produción de ameixa xaponesa que, con 3.478 toneladas en 2018, representa o 65% do total da produ-

ción. Pola contra, a ameixa fina sufriu un retroceso do 50% nos últimos catro anos, mentres que a produción de ameixa babosa e rubia se mantivo estable. Finalmente, vemos que o prezo das distintas especies de ameixa aumentou nos últimos cinco anos. Na ameixa fina este incremento podería asociarse ao descenso da produción; en cambio, no caso da ameixa xaponesa, a pesar da suba da produción, a demanda deste produto segue sendo superior á oferta actual, o que confirma o balance do comercio exterior que se mostra a continuación.

O mercado internacional de ameixa

Tal como podemos observar no gráfico 8, España ten un importante déficit de produción de ameixa, cunha taxa de cobertura do 6% nos últimos anos. En 2018 España importou 16.220 toneladas de ameixa procedentes fundamentalmente de Italia (40%), Portugal (28%), Países Baixos (14%) e Francia (10%). O gráfico 9 (esquerda) mostra que Italia foi o principal provedor de ameixa de España durante a última década, mentres Portugal foi gañando peso a partir de 2011 en detrimento de Reino Unido, Francia e Países Baixos. Se atendemos ás exportacións, os principais destinos das 1017 toneladas de ameixa exportada en 2018 foron Francia (39%), Italia (28%) e Países Baixos (18%). O gráfico 9 (dereita) reflicte importantes cambios nos socios comerciais ao longo da última década, xa que ata 2012 o noso principal cliente era Portugal, que só recibiu o 5% das exportación de 2018; e Francia pasou de ter un peso inferior ao 10% ata 2011 a ser o principal comprador. A este balance cómpre engadir as importacións de ameixa conxelada, que suman outras 15.000 toneladas, e dous grandes provedores, Vietnam e Chile. Este gran desfase entre as máis de 30.000 toneladas de ameixa importada e as case 5.300 toneladas producidas en 2018 en Galicia pon de manifesto a baixa capacidade do sector para satisfacer a demanda do mercado nacional, polo que se fai necesario buscar alternativas para mellorar esta situación.

Gráfico 8
Comercio exterior de ameixa en España (en toneladas)



Gráfico 9
Comercio exterior de ameixa en España (en toneladas)



Gráfico 10
Produción de ostra en Galicia



Produción de ostra

A produción de ostra, tanto europea como xaponesa, chega en España ás 1.107 toneladas, cun valor en primeira venda de 4,2 millóns de euros. A produción de ostra en Galicia sufriu unha caída do 30%, de 1.055 toneladas en 2011 a 754 en 2018 (gráfico 10), asociada a un descenso do 56% na produción de ostra plana ou europea, que pasou de representar o 65% da produción total de ostra en 2011, ao 44% en 2018. Pola contra, a produción de ostra rizada ou xaponesa aumentou un 30% no que levamos de década.

As instalacións de criadeiros e maternidades

A principal limitación do cultivo de ameixa e ostra en Galicia é a escaseza de semente. En Galicia xurdiron sucesivas iniciativas empresariais e mesmo públicas para poñer en marcha criadeiros de ameixa e ostras. Segundo os nosos datos, só unha empresa, Ostreira S.A., con instalacións en Malpica e O Grove, está a producir semente de ameixa en criadeiro en Galicia, acadando unha produción próxima aos 100 millóns de unidades por ano.

A tecnoloxía de maternidades en cestos suspendidos en batea, desenvolvida por vez primeira en 1987 por Pérez-Camacho e Cuña, acadou unha actividade industrial propia tras novos e sucesivos intentos como o Plan Galicia e o cultivo en pochóns no intermareal e mesmo batea con circulación forzada. Así, ademais da citada Ostreira, atopamos dúas empresas na ría de Arousa dedicadas ao preengorde de ameixa: Venerupis Gal en Boiro e Proameixa Fernández en Rianxo; sen que teñamos datos desagregados da súa produción, aínda que sempre con déficit na subministración de semente. Este déficit de semente, tanto de ameixa como de ostra estase cubrindo mediante importacións que proveñen principalmente de Francia e Reino Unido, sendo a empresa francesa Satmar o maior provedor.

Piscicultura

En 2016 producíronse na Unión Europea 688.924 toneladas de peixe de acuicultura cun valor en primeira venda de 2.864 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,1% en produción e do 9,2% en valor con respecto a 2015. Actualmente producense na Unión Europea unha ampla gama de especies de peixe en acuicultura, tanto mariña como de auga doce. As principais especies desta industria son a troita arco da vella, cunha colleita de 185.400 toneladas e un valor en primeira venda de 545 millóns de euros; seguida do salmón atlántico con 181.030 toneladas, pero cun maior valor de mercado (927 millóns de euros). A continuación veñen a dourada e a robaliza con máis de 80.000 toneladas de produción e un valor en primeira venda de 394 e 444 millóns de euros respectivamente.

A produción en Galicia

Galicia carece dun plan ou lei de acuicultura. Esta falta de lexislación xera unha incerteza xurídica que leva anos freando as posibles inversións neste sector. Esta lexislación é necesaria sobre todo para o desenvolvemento da acuicultura de peixes, que precisa de instalacións na zona marítimo terrestre. Malia estas limitacións, a produción de piscicultura mariña de Galicia aumentou un 32% no que vai de década (de 6.419 toneladas en 2011 a 8.475 en 2018) e acadou un valor de mercado en primeira venda de 64,9 millóns de euros. Esta produción representa arredor do 17% do total de España e un discreto 1% do total a UE. O principal produto desta actividade é o robadallo, que representa máis do 93% da produción e aporta máis do 89% dos ingresos; o resto da produción corresponde sobre todo a linguado e ollomol.

Gráfico 11
Produción de rodaballo en Galicia (esquerda) **e distribución da produción de rodaballo na UE en 2017** (dereita)



Produción de rodaballo

A produción anual de rodaballo en Galicia mantívose a partir de 2013 por enriba das 7.200 toneladas, achegándose ás 8.000 nos últimos dous anos cunha facturación superior aos 58 millóns de euros (gráfico 11). O rodaballo galego supón case a totalidade (99% en 2017) da produción de España e un 75% da UE. Portugal, despois da caída da súa produción en 2013, sitúase arredor das 2.300 toneladas como segundo produtor da UE; outros países como Francia e Países Baixos teñen unha contribución residual (gráfico 11). Xunto co rodaballo comercial, producíronse nas maternidades de Galicia 8,45 millóns de crías de rodaballo en 2017, o que supón unha perda do 68% fronte aos 26,44 millóns de 2016 (Eurostat).

Produción de linguado

O linguado senegalés foi a última especie en incorporarse á produción de acuicultura a escala comercial tras moitos anos de investigación e avances tecnolóxicos. A produción de linguado en Galicia experimentou un grande aumento na primeira metade desta década, acadando o máximo coas 485 toneladas de 2014. Tras dous anos de crise, nos que a produción baixou un 45%, a produción en 2017 e 2018 volve superar as 400 toneladas/ano, cunha facturación superior a 4,4 millóns de euros. Galicia é o segundo produtor de linguado de España por detrás de Andalucía, aportando un 46,2% do total nacional (1.012 toneladas en 2017). A produción de linguado na UE concéntrase en España (8% en 2017) e Portugal (13%).

Gráfico 12
Produción de linguado en Galicia (esquerda) **e distribución da produción de linguado na UE en 2017** (dereita)



Gráfico 13
Produción de ollomol en Galicia



Produción de ollomol

Galicia é a única rexión de Europa onde se produce ollomol, única especie engordada en gaiolas en medio natural. Tal como podemos ver no gráfico 13, a produción de ollomol, que en 2011 foi próxima a 250 toneladas, mostra un patrón decrecente con gran variabilidade internanual; o peor dato rexistrouse en 2017 cunha produción de 50 toneladas, que subiu ata as 106 toneladas en 2018. Esta inestabilidade pódese atribuír, por unha parte, a problemas derivados do lento crecemento desta especie, e, por outra, aos cambios estruturais na empresa que os cultiva (grupo Isidro de la Cal).

Produción de troita

O cultivo industrial de troita en Galicia experimentou unha importante expansión nas décadas de 1980 e 1990 coa creación de varios grupos empresariais, a introdución de transformados de troita que aumentaron considerablemente o mercado e a implantación de melloras tecnolóxicas. Entre as melloras introducidas cómpre salientar a produción de ovos durante todo o ano e a optimización do uso da auga con achega de osíxeno, que permitiron incrementar as cargas de cultivo e manter unha produción estable ao longo do ano. A produción de troita en Galicia chegou ás 9.000 toneladas anuais, pero a partir de 2003 esta industria sufriu un importante retroceso por diversos factores, entre os que podemos destacar a contracción do mercado e o traslado de varias plantas a Castela e León.

Gráfico 14
Produción de troita en Galicia



A UE rexistrou na última década (2008-2017) unha produción media de troita de 167.225 toneladas/ano (Eurostat). En 2017 producíronse 180.860 toneladas, 16.629 en España; unha cantidade similar á produción de 2016, pero a metade das 35.000 toneladas que se producían a comezos do século XXI. O gráfico 14 mostra a importante caída da produción de troita en Galicia entre 2008, con 6.383 toneladas (o 28% do total nacional), e 2016, con 3.100 toneladas, o 18% da total nacional. Este descenso débese ao peche de Marcultura e á redución da produción tanto de Tres Mares coma de Isidro de la Cal. Unha parte importante do espazo perdido por Galicia foi ocupado por Castela e León, a onde se trasladaron plantas da nosa comunidade, e que en 2016 aportou o 32,9% da produción nacional.

O fracaso do cultivo de salmón

O cultivo de salmón iniciouse en Galicia en 1976 en instalacións de dous tipos, gaiolas flotantes e plantas en terra, pero tras vinte anos foi abandonado tanto por dificultades técnicas como de mercado. Todos estes factores dificultan o manexo do cultivo e reducen máis a súa rendibilidade, limitada pola competencia do salmón importado, pois aínda que en España existe un mercado consolidado dunhas 20.000 toneladas, está copado maioritariamente polo salmón noruegués e escocés.

Tras vinte anos de tentativas, o cultivo do salmón foi abandonado en Galicia ata que no ano 2008 o Goberno bipartito da Xunta de Galicia autorizou gaiolas experimentais na ría de Arousa. Posteriormente, o Goberno autonómico do PP, debido ás protestas, trasladou estas gaiolas á ría de Noia e Muros, ampliando en 2013 a concesión experimental de 3 a 6 gaiolas, e prometendo a creación de 300 empregos.

As estatísticas oficiais do MAGRAMA (Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente) e da Xunta de Galicia non deixan lugar a dúbidas: nos anos 2001 e 2003 declarábanse sobre 300 toneladas cultivadas, que logo foron descendendo ata as 80 toneladas en 2010; cero en 2011, 3,98 toneladas en 2012 e cero de novo en 2013 e 2014. Aínda que os informes *La acuicultura de España* de APROMAR non consideran o salmón entre as especies cultivables, a Xunta de Galicia, e polo tanto o MAPAMA, recollen unha produción de 5,1 toneladas en 2016, o que supón unha redución do 35% con respecto a 2015; mentes que nos anos 2017 e 2018 xa non se rexistra produción, cumpríndose unha vez máis as previsións coa conseguinte perda de investimento público.

Cultivos emerxentes

Polbo

Durante anos varios centros de investigación de Galicia, entre os que se atopan o Instituto Español de Oceanografía (IEO) de Vigo, o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) de Vigo e o departamento de Bioquímica da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), levaron a cabo unha serie de estudos sobre as distintas fases do cultivo de polbo, desde reprodución e cultivo larvario, ata engorde. Partindo dos resultados destas investigación instaláronse recentemente en Galicia catro empresas con gaiolas experimentais e unha con autorización para o cultivo en terra de polbo, esta última nunha antiga planta de cultivo de rodaballo (Nastos S.A.) na ría de Noia.

A principal dificultade do cultivo de polbo está na obtención de paralarvas e xuvenís en catividade para iniciar a fase de engorde, aspecto no que se centraron durante anos os esforzos do grupo de investigación do IEO. A esta limitación súmanse os problemas de desenvolvemento nas instalacións de engorde e a optimización da dieta. Nos últimos tempos as empresas Pescanova e Pereira anunciaron contratos de investigación en exclusiva co IEO e o IIM-CSIC respectivamente, para avanzar na obtención de xuvenís.

Aínda que os resultados destas liñas de investigación son esperanzadores, apenas inician o proceso de estandarización da produción.

Mero

O mero ou cherna é unha especie de crecemento rápido que pode chegar ao tamaño comercial, de 5 kg, en tres anos e a 8 kg se se mantén en cultivo outro ano, acadando o peso óptimo de mercado antes da madurez sexual e, por tanto, mentres concentra toda a enerxía no crecemento. O cultivo de mero en catividade ten un importante interese económico dado que o prezo medio do mero salvaxe é de 20 euros/kg en primeira venda.

Investigadores galegos conseguiron recentemente pechar o ciclo de cultivo do mero por vez primeira, tras obter alevíns e xuvenís nacidos en catividade. Ese tránsito biolóxico constituía o principal obstáculo no intento de domesticar unha especie da que obtiveron poucas postas espontáneas en catividade. Avanzouse na cría de individuos salvaxes, atopouse a clave da súa alimentación e hai datos de engorde e evolución. Pese a estes avances, mantíñase o problema da supervivencia larvaria para obter xuvenís de máis 4 ou 5 gramos de peso, o que permite pasar da alimentación con presas vivas á tradicional en piscicultura: o penso. Neste sentido, o grupo de investigación do IGAFA (Instituto Galego de Acuicultura), dirixido por José Luis Rodríguez Villanueva, e do CIMA (Centro de Investigación do Medio Mariño) logrou o crecemento ata adultos, un ano de vida, de 90 exemplares usando un novo sistema de cultivo en recirculación.

As investigacións realizadas ata o momento lograron completar a fase de engorde en catividade con éxito e hai resultados esperanzadores na obtención de alevíns. Aínda así, os investigadores do IGAFA, CIMA, IEO e Aquarium Finisterrae estiman que se necesitan entre cinco ou seis anos investigación para estar en condicións de implantar o cultivo industrial desta especie.

IV. Industria

- O VEB da industria galega incrementouse un 3,8%, un punto máis que o aumento do PIB.
- A produción descendeu na automoción, na confección e na industria do moble.
- A xeración de enerxía medrou en 2018 un 11,1%, con crecementos elevados en todos os trimestres do ano pero, en particular, en inverno.
- En 2018 persistiu a tensión inflacionista na industria. Os prezos subiron un 3,3%.
- Mantense o elevado grao de utilización da capacidade produtiva.
- A insuficiencia de demanda segue a ser o principal factor limitativo da produción industrial galega.
- A principios de 2018 contabilizábanse en Galicia 456 empresas industriais máis que en 2017, sendo a maioría microempresas.
- Con respecto a España, a industria galega intensifica a súa especialización en madeira e cortiza e en téxtil e confección.
- En política tecnolóxica diminúe o apoio do CDTI á industria galega.
- En política industrial minguan os apoios ao investimento do programa de incentivos rexionais.
- O apoio á internacionalización foi a actividade que absorbeu a maior contía de axudas do IGAPE.

IV. 1. A industria galega

O comportamento da industria galega

A actividade

Grazas a un mellor comportamento en 2018 con respecto a 2017 do sector da enerxía, o VEB xerado pola industria galega incrementouse (con datos provisionais e segundo o IGE) un 3,8%, un punto máis que o aumento do PIB total. Esta evolución non debe ocultar o retroceso de 2,1 puntos na taxa de crecemento da industria manufactureira galega, a cal acadou unha variación similar á do PIB galego. Con estas cifras podemos concluír que, grazas á traxectoria seguida pola enerxía, o VEB industrial experimentou unha aceleración con respecto a 2017, a pesar da brusca desaceleración da industria manufactureira, retroceso que cos resultados dos primeiros meses do ano será aínda máis evidente en 2019.

A seca de 2017 orixinou unha sensible caída na xeración de enerxía hidroeléctrica en Galicia. Como é obvio, unha certa recuperación nas precipitacións, aínda que sen chegar á normalidade, disparou a produción hidroeléctrica en 2018. Con datos de xaneiro a novembro, as centrais galegas xeraron en torno aos 7.800 GWh, un 157% máis que en 2017. O incremento de produción hidráulica non freou en exceso a xeración de enerxía de fontes non renovables, que case proseguiron cun ritmo similar ao de 2017. Tan só se reduciu un 4% a actividade das térmicas das Pontes e Meirama, producindo entre as dúas un total de 9.370 GWh, polo que, como en 2017, volveron liderar a produción galega. Pola súa banda, a enerxía eólica tamén se recuperou con respecto a 2017, xerando unha produción en contía similar á hidráulica. Na actualidade, as enerxías hidroeléctrica, eólica e térmica son as que determinan a produción galega. O peso das outras modalidades é moi baixo, se ben en 2018 observouse un descenso na utilización dos ciclos combinados. Estamos pendentes de como se desenvolve outra das enerxías na que Galicia dispón de evidentes vantaxes para a súa explotación, a biomasa; actividade que non acaba de consolidarse como unha alternativa máis á xeración de enerxía non renovable.

O indubidable pulo do sector enerxético tamén se recolle na primeira estimación para 2018 das contas rexionais do INE. Os resultados reflicten un incremento dun 4,2% no VEB da industria, catro décimas máis que a estimación do IGE, pero 1,1 puntos inferior ao aumento observado en 2017. Pola súa banda, a variación da industria manufactureira foi do 3,7%, un punto por enriba do crecemento do PIB galego. A conxunción das dúas estatísticas suxire unha desaceleración da actividade industrial, que supuxo unha aportación menor ao crecemento do PIB galego. En todo caso, a industria elevou con respecto a 2017 moi levemente o seu peso relativo en relación aos macrosectores. En 2018 xeraba o 17,2% do PIB total segundo o IGE e o 18,5% nas estimacións do INE. O peso por termo medio no conxunto de España é do 16%, 2,5 puntos inferior ao de Galicia. Estas porcentaxes, se incluímos os sectores de servizos que forman parte da denominada nova industria, serían moito máis elevadas.

A maior xeración de VEB industrial en Galicia nas últimas décadas produciuse en 2008, cun total de 11.772,7 millóns de euros, o que representaba o 20% do PIB total. A cifra de 2018, 11.633,5 millóns, malia que moi próxima, non a superou. En contraposición, o PIB galego en 2018, tamén medido en termos monetarios, foi un 7,3% máis elevado que o de 2008. En suma, o profundo efecto da crise na industria (tamén na construción), aínda non permitiu recuperar o peso alcanzado na primeira década do século actual.

O incremento na actividade industrial en 2018 non foi suficiente para crear novo emprego. Ao contrario, na industria contou con 2.100 ocupados menos, dos cales 1.800 procedían do sector extractivo-enerxético e os 300 restantes do manufactureiro. En 2018 contabilizáronse un total de 169.000 ocupados; cifra moi afastada da que dispuña a industria galega en 2007, 217.300 traballadores. Consecuentemente, ante un valor da produción similar á do inicio da crise, pero xerado por 48.300 ocupados menos, ademais do evidente incremento da produtividade, suxire que a estrutura industrial actual non atrae emprego senón, ao contrario, redúceo.

Cadro núm. 1
Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufactureira	PIBpm	% industria manufactureira	% industria
a) IGE					
Prezos correntes (miles de euros)					
2016	9.821.450	7.348.718	58.994.431	12,5	16,6
2017	10.422.648	7.855.324	61.626.994	12,7	16,9
2018	11.010.344	8.165.219	63.935.743	12,8	17,2
TVI (%) 2018/2017	5,6	3,9	3,7		
Índices de volume					
TVI (%) 2016/2015	5,2	4,7	3,4		
TVI (%) 2017/2016	3,2	4,9	3,2		
TVI (%) 2018/2017	3,8	2,8	2,8		
b) INE					
Prezos correntes (miles de euros)					
2016	10.250.357	7.824.125	57.958.818	13,5	17,7
2017	11.067.580	8.521.970	60.568.060	14,1	18,3
2018	11.633.495	8.922.676	62.878.404	14,2	18,5
TVI (%) 2018/2017	5,1	4,7	3,8		
Índices de volume					
TVI (%) 2016/2015	4,5	5,3	3,1		
TVI (%) 2017/2016	5,3	6,3	3,1		
TVI (%) 2018/2017	4,2	3,7	2,7		

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral de Galicia (Avance) e INE, Contabilidad Regional de España. Base 2010.

En consonancia coa variación do VEB, o índice de produción industrial (IPI), grazas a ese mellor comportamento do sector da enerxía, experimentou un incremento do 4,9%, cunha traxectoria de forte desaceleración conforme transcorreu o ano. Así, a pesar de que os aumentos en torno a un 8% nos dous primeiros trimestres de 2018 presaxiaban os mellores resultados anuais alcanzados pola industria tras os anos de crises, esta percepción frustrouse no segundo semestre, no que se observou un significativo freo na actividade. A traxectoria de dous grandes sectores (considerando o destino económico dos bens) foi o principal factor explicativo deste comportamento. En primeiro lugar, a desaceleración evidenciouse significativa no segundo semestre da produción no sector fabricante de bens intermedios, o cal estaba crecendo a taxas de dous díxitos na primeira metade do ano. En segundo lugar, tamén se freou no segundo semestre a produción de enerxía. Ademais, fronte á volatilidade destes dous sectores, constatouse a desaceleración que sufriu durante todo o ano o segmento de bens de consumo duradeiro, ata o extremo de que a súa produción se reduciu en 2018 un 17,6%, mentres que se observou unha certa estabilización na fabricación de bens de equipo e de bens de consumo non duradeiro.

Así, se analizamos a produción industrial por grandes grupos de destino económico dos bens, o máis negativo foi a redución de case o 20% na xeración en Galicia de bens de consumo duradeiro. Esta actividade abrangue desde a fabricación de aparatos domésticos, aparatos de gravación, de óptica, de relojos, xoiaría e mobles. O seu peso actual na economía galega é moi baixo, xa que deste grupo de bens só ten unha certa relevancia a fabricación de mobles, actividade na que o seu IPI descendeu en 2018 un 18,4%; caída que determina o comportamento de conxunto do grupo. Esta rama, con tradición na actividade industrial galega, atópase nun continuo proceso de adaptación ás novas circunstancias ante a longa crise da construción.

Cadro núm. 2
Índice de produción industrial en Galicia (CNAE-2009)
(Ano 2015=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2017	102,4	105,2	102,6	106,2	104,1	4,9
	2018	110,6	113,5	104,2	108,6	109,2	
Consumo duradeiro	2017	152,3	177,6	158,4	149,5	159,5	-17,6
	2018	121,3	149,2	125,4	129,3	131,3	
Consumo non duradeiro	2017	101,6	111,5	114,0	107,7	108,7	2,3
	2018	101,7	114,5	119,2	109,3	111,2	
Bens equipo	2017	97,4	100,9	91,3	95,8	96,4	1,9
	2018	95,6	109,6	90,2	97,6	98,2	
Bens intermedios	2017	110,0	120,5	111,8	116,1	114,6	5,7
	2018	124,8	134,1	112,0	113,7	121,1	
Enerxía	2017	98,6	86,5	93,2	103,8	95,5	11,1
	2018	118,8	95,3	97,4	113,1	106,2	

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

O IPI do grupo de bens de consumo non duradeiro medrou un 2,3%. Os alimentos e bebidas priman neste conxunto de produtos nos que tamén se inclúen a fabricación de tecidos, os produtos farmacéuticos ou os artigos deportivos máis xoguetes. A industria galega que transforma os produtos da terra e do mar, que resistiu ben os envites da crise, é a actividade predominante neste grupo e mantivo neste ano un crecemento estable tanto en alimentación como en bebidas.

Os bens intermedios son os que lograron un maior incremento do IPI en 2018, un 5,7%, aínda que cun comportamento ao longo do ano moi irregular. Na industria manufactureira galega son os bens que máis aportan ao seu crecemento. Trátase dunha actividade con moito peso, xa que nos estamos a referir a unha ampla variedade de sectores tales como madeira, metalurxia, papel, químico, equipamento eléctrico ou plásticos e caucho. En case todos eles a súa produción medrou con respecto a 2017, se ben sobresaen as traxectorias positivas da metalurxia e da produción de ferro e aceiro e de equipamento eléctrico.

O comportamento da industria de fabricación de bens de equipo contrasta coa que seguiu en 2018 á de bens intermedios. Como sabemos, este grupo é de grande importancia na economía galega, posto que nel se inclúen, ademais da maquinaria, as estruturas metálicas e, sobre todo, o sector do transporte nas súas tres vertentes: automoción, construción naval e aeronáutica. O grupo no seu conxunto non recupera o nivel de actividade que alcanzou na primeira década deste século. Así mesmo, en 2018 descendeu a produción no sector de automoción. Os resultados da automoción en España reflicten a produción de 397.759 unidades na factoría de PSA en Vigo, cantidade inferior ás 437.030 unidades alcanzadas en 2017. Pola contra, o sector naval amosa un forte pulo grazas á execución, por parte dos estaleiros galegos, da carteira de pedidos máis elevada dos últimos anos.

Finalmente, no cadro 2 apréciase o pulo na produción de enerxía que xa se reflectía ao observar a evolución do VEB. O IPI dese grupo de bens medrou, por termo medio, en 2018 un 11,1%, con crecementos elevados en todos os trimestres do ano, pero en particular no inverno, período no que se deixou atrás a seca e recuperouse a produción de enerxía hidroeléctrica. Este comportamento motivou que o índice xeral medrase un 4,9%, xa que, como comentamos, a industria manufactureira non foi tan dinámica.

As perspectivas que se teñen a mediados de 2019 sobre a traxectoria da industria neste ano son moito peores que as manifestadas no informe de 2017 para 2018. Nese exercicio, o índice xeral no primeiro trimestre do ano crecera un 8,4% grazas á enerxía, pero tamén debido a unha forte aceleración na produción de bens intermedios. A evolución destes dou sectores contrarrestou a caída na fabricación de bens de consumo duradeiro que persistiu durante todo o ano. Os restantes grupos de bens mantiveron relativamente estabilizada a súa actividade. Fronte a esta evolución de 2018, os resultados obtidos no primeiro cuadrimestre de 2019 auguran unha posible nova crise no sector. Como variación media no que ía de ano o índice xeral en abril caía nun 7,2%, cunha traxectoria nos meses anteriores de -2,6 en xaneiro, -4,6 en febreiro e -5,7 en marzo. No conxunto de España tamén se desacelerou a actividade, pero cunha taxa media en abril superior á galega. Á caída na produción de enerxía nos primeiros meses de 2019 súmase unha forte desaceleración no segmento que mantivo o mellor comportamento nos últimos tempos, o de bens de consumo non duradeiro, cuxo principal expoñente é a industria de alimentación e bebidas. O seu índice ata abril caeu un 9,5%, sendo moi significativa a taxa de variación de xaneiro, un -25%. A traxectoria nestes catro meses do grupo de bens intermedios foi moi negativa, mentres que o sector de bens de equipo tamén experimentou un retroceso. Tan só logrou medrar o grupo de bens de consumo non duradeiro, un 3,5%, malia que esta taxa non avala un gran dinamismo, tendo en conta que no primeiro trimestre de 2017 o descenso do IPI fora do -20,3%. En suma, a produción dos primeiros meses de 2019 da industria galega reflicte unha desaceleración que cuantitativamente foi similar á observada en 2009, no inicio da crise. Con esta menor produción, tamén se constata unha menor exportación de bens industriais, o que é un indicador da actual debilidade da demanda. Temos que esperar á traxectoria do segundo semestre para confirmar se son variacións negativas meramente conxunturais ou o inicio dun novo ciclo industrial recesivo.

No cadro 3 preséntase o valor do IPI desagregado por seccións e divisións da Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009) en tres anos, 2018, 2017 e 2007. A traxectoria de 2018 con respecto a 2017 amosa unha variación positiva en case todas as divisións industriais; incremento que previsiblemente se truncará en 2019 considerando os resultados xerais xa coñecidos. Os dous maiores descensos producíronse en dúas actividades xa comentadas anteriormente: a fabricación de mobles e a industria téxtil de cabeceira; esta última con moi escaso peso no conxunto da industria manufactureira galega, posto que en 2016 só xeraba o 0,6% do seu VEB total. O peso relativo na fabricación de mobles tamén era baixo, o 2,7%. Pola súa banda, a evolución da confección de pezas de vestir tamén foi negati-

va, o -14,7% (xeraba o 7,5% do VEB manufactureiro). Esta porcentaxe amosa a diferenza de dinamismo entre un sector comercial moi puxante e que recibe a maior parte dos seus produtos do estranxeiro e un sector industrial galego que en 2018 producía un 22,8% menos que no inicio da crise. A evolución confirma as dificultades do sector industrial galego ante unha competencia tan forte e con vantaxes como é a de Turquía, Marrocos, China e a do noso país veciño, Portugal.

No cadro 3 apréciase que descendeu a produción de caucho e plástico, actividade que se enfronta a un mercado cada vez máis esixente co medio ambiente. Neste sector a mala noticia de 2018 foi o anuncio do peche de Poligal (fabricante de *film* de polipropileno biorientado), empresa instalada no polígono da Gándara en Narón e que presentou un ERE extintivo que afectou a 112 traballadores.

O sector do transporte é unha actividade vital para a economía de Galicia. En 2018 observouse unha caída dun 7% no IPI da fabricación de vehículos a motor, o que contrasta co incremento do 77,8% do IPI que inclúe o sector naval e un nacente sector aeronáutico.

A produción no sector de automoción segue sen recuperar os niveis de antes da crise. As expectativas para os vindeiros anos están sometidas ás incertezas que xeran os cambios tecnolóxicos obrigatorios nunha actividade que aposta por reducir nos seus produtos o uso de enerxías non renovables e contaminantes. Esta etapa de transición cara a vehículos diferentes aos actuais está afectando a demanda pola inseguridade que supón para o consumidor mercar un vehículo na actualidade, cunha caída que vai ligada a un progresivo envellecemento do parque de automóbiles. Pois ben, neste contexto de incerteza, o grupo PSA apostou pola súa factoría de Vigo e para a súa adaptación á nova situación requiriu un investimento que superou os 500 millóns de euros. A Administración pública subvencionou, en parte, ese custo, o que agora pode ser un problema ante as dúbidas esgrimidas desde Bruxelas sobre se realmente desde a política industrial se están apoiando procesos innovadores que non vulneren a forte competencia existente no sector. En todo caso, agárdase que, unha vez estea preparada a factoría, se fabriquen os modelos Citroën Berlingo, Peugeot Rifter/Partner, Peugeot 2008, Opel Combo e Toyota K9; de tal xeito que, de novo, se logren facturacións superiores ás alcanzadas en 2007, ano no que se produciu o récord nas vendas da factoría galega. Os ingresos de explotación de 5.121,84 millóns de euros conseguidos en 2017 (último ano dispoñible) están moi lonxe dos 7.673,01 millóns de euros de 2007.

Pola súa parte, a actividade no sector naval medrou sensiblemente en 2018. Os estaleiros privados atravesaron por un bo momento, logo de superar unha fonda crise. Nese ano, todos os estaleiros contaban con carga de traballo e cunha carteira de pedidos elevada. A excepción foi Factorías Vulcano que, logo de entregar en 2019 (tras varios meses de atraso e unha vez superados os problemas da súa execución) o ferri que construíu para Transmediterránea (destinado a cubrir a ruta Motril-Nador), presentou a solicitude de liquidación. Así, unha das empresas máis tradicionais do sector industrial galego pechará definitivamente as súas portas.

Ao final de 2018 no mundo estábanse construíndo 3.619 buques, sendo China e Corea do Sur os líderes neste sector. En Europa, o país con maior número de pedidos era Holanda con 90 buques, seguida de Turquía. España con 29 pedidos ocupaba o cuarto lugar e Galicia, no contexto español, tivo un peso moi alto. É importante indicar que os buques que actualmente se están construíndo son complexos e cun alto valor engadido. O resumo dos buques que estaban nas bancadas en 2018 nos estaleiros privados galegos é o seguinte: Armón Vigo (catro arrastreiros, cinco pesqueiros, un conxelador e un palangreiro); Nodosa (seis arrastreiros e dous portacontedores); Freire (dous arrastreiros, dous oceanográficos e un patrulleiro); Barreras (tres cruceiros e un ferri), e Metalship (un arrastreiro e un cruceiro). Un factor de interese nos estaleiros do sur de Galicia nos últimos anos foi a atracción de capital estranxeiro. O seu seguimento faise no seguinte capítulo deste informe.

Pola súa vez, o estaleiro público Navantia, clave na economía da ría de Ferrol, ten como principal encargo a construción de cinco fragatas F-110 para a Armada española. Coa súa construción, en principio, manterase o emprego durante dez anos. Non obstante, prevese que o inicio do corte de chapa da primeira fragata será en febreiro de 2022, polo que o estaleiro estará con pouca carga de traballo nos vindeiros dous anos. A esperanza ante este atraso, que suporá unha caída no emprego, é que se constrúa un buque de apoio loxístico, o que permitiría aliviar a situación.

O IPI na industria da alimentación, no seu conxunto, medrou un 3,7% e xa se indicou que é unha das actividades que mellor resistiu os envites da crise. Esta división absorbía en 2016 o 16,1% do VEB da industria manufactureira galega, sendo a actividade que xera un maior valor engadido aquela que transforma os produtos do mar; en concreto, o conxelado e a conserva enlatada de peixe. A Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (ANFACO) informou que en España, en 2018, se produciu un 38% máis

no procesamento de peixe e marisco. Os conxelados (peixes, moluscos e mariscos) representaban o 37% do negocio total. A conserva subiu un 0,2% en volume e un 4,1% en valor. Galicia mantén o seu liderado en España, a gran distancia do País Vasco e Cataluña.

A transformación cárnica absorbía en 2016 o 2,8% do VEB da industria manufactureira. Unha das empresas referentes en Galicia segue a ser a ourensá Coren, que recentemente confirmou o seu liderado español no segmento de polo campeiro. Trátase dunha empresa que permite manter a actividade no contorno rural dunha provincia, como é a de Ourense, moi afectada polo envellecemento e o despoboamento. Coren, que está tamén nas provincias de Lugo e Pontevedra, está a bater récords de facturación. Vén de anunciar, así mesmo, un investimento de 26 millóns de euros para proseguir «coa mellora tecnolóxica do seus centros de procesado avícola, de porcino e vacún, incorporando novas tecnoloxías 4.0».

Dentro das actividades de transformación dos bens que xera o sector primario, a rama de bebidas incrementou o seu IPI dun xeito similar á alimentación. Na industria vitivinícola, na denominación de orixe Rías Baixas producíronse 24 millóns de litros de viño, o que supuxo 124 millóns de euros de facturación. As restantes denominacións galegas xeraron unha facturación de 96,4 millóns de euros.

Na industria da madeira o IPI aumentou nun 5,1%. O ano 2018 veu marcado pola incerteza da continuidade de Ence na súa actual localización. Os argumentos a favor e en contra esgrímense ante un sector que declara facturar entre 2.300-2.400 millóns ao ano, preocupado ante a posible fenda na cadea de valor da madeira e a importancia da capacidade de arrastre que ten unha industria destas características. Os responsables do clúster da madeira subliñan que este papel en Galicia só o desempeñan no seu sector Ence e Finsa. Esta última, paseniñamente, estase a recuperar da brusca caída nos ingresos de explotación que experimentou a partir de 2007. De feito, en 2017 a súa facturación xa superaba a de 2008, pero aínda estaba lonxe da de 2007.

Cadro núm. 3
Índice de produción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009
(Ano 2010=100)

	2007*	2017*	2018*	TVA (%) 2018/2017	TVA (%) 2018/2007
Índice xeral	**140,1**	**104,1**	**109,2**	**4,9**	**-22,0**
B Industrias extractivas	274,8	70,6	76,4	8,2	-72,2
08 Outras industrias extractivas	243,1	70,6	76,4	8,2	-68,6
C Industria manufactureira	148,5	109,0	112,8	3,5	-24,1
10 Industria da alimentación	93,4	105,4	109,3	3,7	16,9
11 Fabricación de bebidas	81,8	115,8	119,8	3,5	46,4
13 Industria téxtil	370,7	106,6	90,9	-14,7	-75,5
14 Confección de roupa de vestir	154,8	122,2	117,0	-4,2	-24,4
15 Industria do coiro e do calzado					
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	167,2	122,9	129,1	5,1	-22,8
17 Industria do papel	81,5	117,2	116,6	-0,6	43,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados					
19 Coquerías e refino de petróleo					
20 Industria química	111,2	117,9	126,2	7,0	13,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos					
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	137,1	116,1	111,2	-4,2	-18,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	153,1	116,3	121,6	4,5	-20,6
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	144,7	105,9	112,9	6,6	-21,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	165,1	113,3	119,1	5,1	-27,9
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos					
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	195,2	144,1	156,5	8,6	-19,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	173,1	149,1	154,8	3,9	-10,5
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	200,0	90,5	84,2	-7,0	-57,9
30 Fabricación doutro material de transporte	260,8	68,3	121,4	77,8	-53,4
31 Fabricación de mobles	211,9	156,5	127,7	-18,4	-39,8
32 Outras industrias manufactureiras	92,8	101,2	121,3	19,8	30,7
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento		96,3	99,3		
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	100,3	89,4	99,4	11,1	-0,9
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	100,3	89,4	99,4	11,1	-0,9

* Media dos valores mensuais.

Fonte: IGE.

Finalmente, cabe tamén salientar o crecemento interanual na metalúrxica e na fabricación dos produtos metálicos, maquinaria e material eléctrico, sectores que no seu conxunto representaban arredor do 20% do VEB das manufacturas.

No cadro 3 tamén se aprecia que tan só cinco divisións teñen en Galicia unha produción superior á realizada en 2007: alimentación, bebidas, papel, produtos farmacéuticos e outras industrias manufactureiras. En xeral, a actividade nas manufacturas diminuíu unha cuarta parte con respecto a 2007, cun descenso superior en sectores clave como automoción, naval ou mobles. Estes resultados reflicten as dificultades para retornar aos niveis de produción da primeira década do século.

Prezos, custos e salarios

En 2018 persistiu a tensión inflacionista, iniciada o ano anterior, nos prezos dos produtos industriais galegos. Segundo o índice de prezos industriais (IPRI), elaborado polo INE, os prezos na industria galega incrementáronse un 3,3% (4,1% en 2017), tres décimas máis que na española. Isto afecta negativamente a súa posición competitiva. A variación dos prezos da enerxía, un 9,6%, foi o principal factor explicativo deste incremento, aínda que tamén foi significativa a subida no grupo de bens intermedios. Nos restantes sectores o índice non excedeu o 1% e, en todos os casos, diminuíu con respecto a 2017.

A suba dos custos laborais dun 0,6% en 2017, porcentaxe moi inferior á da variación do IPRI, levounos a afirmar no informe anterior que a variación dos prezos dos bens industriais fabricados en Galicia non se podía xustificar pola evolución das remuneracións aos traballadores. En 2018 a Enquisa trimestral de custo laboral mostra que o custo laboral por traballador medrou un 3,5% e, entre os seus compoñentes, o custo salarial total fíxoo nun 4,3%. Así, aumentou un salario que permanecera relativamente estancado ao longo da crise. De trasladarse aos prezos, podería redundar negativamente na posición competitiva dun sector que, como veremos a continuación, mellorou a produtividade do traballo. Os custos industriais non salariais apenas variaron debido a que a caída nas percepcións non salariais (pagos por incapacidades, por desemprego ou por despido, entre outras), nun 13,6%, e nas subvencións e bonificacións á Seguridade Social, contrarrestou o incremento dun 2,8% nas cotizacións obrigatorias. Na industria galega en 2018 o custo salarial total representaba o 76,2% dos custos laborais.

Por outra banda, a Contabilidade rexional do INE ao facilitar información sobre PIB (monetario e en volume), emprego (horas traballadas) e remuneración aos asalariados permite o cálculo aproximado da produtividade aparente e dos custos laborais unitarios (CLU). O problema é que, nos últimos datos publicados, mentres o INE fai unha primeira estimación do PIB de 2018, a información das outras variables refírense a 2017, polo que o cálculo ten que referirse a ese ano. Dos resultados obsérvase que a evolución do PIB real e do emprego na industria galega está propiciando un sensible incremento da produtividade. A obtención de índices de produtividade indica que desde 2010 a 2017 esta variable medrou un 14,5% e, entre 2016 e 2017, un 3,6%. Nos últimos anos, a produtividade da industria está a crecer a un ritmo superior ao do conxunto da economía galega (11,6% desde 2010 e 2,2% no 2017). As cifras aínda son máis elevadas referidas exclusivamente á industria manufactureira, cuxa produtividade de 2010 a 2017 aumentou un 19% e un 4,6% en 2017. Estes datos son semellantes aos alcanzados pola industria en España.

Do binomio salarios-produtividade xorde o CLU, variable que reflicte o custo laboral que incorpora cada unidade producida. Coa información da Contabilidade rexional, o CLU en 2017 case non variou con respecto a 2016. Subiu un 0,1% en toda a industria e descendeu un 0,3% na manufactureira, evolución contraria neste último caso á de España, onde se produciu un incremento do 0,5%. Iso supón que salarios e produtividade tiveron unha evolución bastante acompasada. Á espera de que se publiquen os resultados de 2018, que probablemente mostrarán un aumento no CLU, os alcanzados nos últimos anos non xustifican, por si solos, unha suba dos prezos dos bens industriais.

As opinións dos empresarios industriais

No informe de 2017 indicábase que o instrumento máis importante para coñecer a conxuntura da industria galega era a Enquisa de conxuntura industrial, que proporcionaba información para o sector en España e que tamén era significativa por comunidades autónomas. Comentábase, ademais, que en setembro de 2017, os responsables do entón denominado Ministerio de Economía, Industria e Competitividade decidiron simplificar o seu contido co que se perdía a información relativa ás comunidades autónomas. Afortunadamente, en datas recentes recuperouse a normalidade e consecuentemente xa se teñen de novo resultados (mensuais ampliados con outras variables cada trimestre) para Galicia das apreciacións subxectivas; expresadas polos empresarios enquisados sobre a situación actual da industria e as súas perspectivas nos vindeiros meses e, tamén, información obxectiva dos resultados logrados. Agora ben, recuperada a publicación, constátase que os resultados de finais de 2018 son tan dispares respecto dos dispoñibles de 2017 que, tras comparar uns con outros, tan só cabe suxerir, polo de agora, os trazos máis básicos desta evolución.

Sobre a industria galega no seu conxunto, a enquisa amosa un sistemático incremento no grao de utilización da capacidade produtiva. Así, en xaneiro de 2018 a porcentaxe publicada era do 62,1%. Este dato non contabiliza o grupo de bens de equipo, do que non se facilitaba información, grupo determinante na estrutura industrial de Galicia. Esta cifra un ano despois, e xa incorporando a fabricación de bens de investimento, situábase no 84,5%. Ademais de facilitar estes datos obxectivos, os empresarios opinaban que o tamaño de planta se adecuaba á produción prevista para atender a demanda existente. É precisamente esta demanda o principal factor limitativo da produción para algo máis da metade dos empresarios enquisados. Este condicionante é unha constante ao longo da década actual, o que suxire que a busca de mercados e, en definitiva, a comercialización dos bens industriais que se producen en Galicia, é o talón de Aquiles que condiciona o desenvolvemento empresarial. Outros factores de interese, como pode ser a necesidade de man de obra cualificada, as dificultades para acudir ao financiamento externo, as necesidades de tesourería, a renovación ou ampliacións dos equipos ou o aprovisionamento de materias primas non resultan excesivamente limitativos. A moita distancia do comportamento da demanda, un factor que xera unha certa disfunción é o financiamento. A enquisa tamén indica que o 42,9% dos empresarios subliñaron a finais de 2018 que non existía realmente un factor que frease a súa produción. Esta cifra é moi positiva tendo en conta que hai uns anos non superaba o 10%.

Por grupos económicos de bens, nesta enquisa obsérvase, por vez primeira desde a súa publicación e con metodoloxías cambiantes ao longo dos anos, a existencia de unanimidade por parte dos empresarios que pertencen ao grupo de bens de investimento de que a demanda limita enteiramente a súa produción. Tamén indican que están usando o 90% da súa capacidade produtiva. Esta declaración contrasta coas realizadas polos fabricantes de bens intermedios, grupo que xa comentamos foi onde máis medrou o IPI en 2018, un 5,7%. Os empresarios desta actividade consideran moi maioritariamente que nese ano non existían en realidade factores que limitasen a súa produción e os poucos que respondían en afirmativo culpaban por igual a carencia de demanda, o financiamento e a tesouraría, así como outros factores que a enquisa non especificaba. Por último, os fabricantes de bens de consumo describían unha conxuntura moi similar á dos de bens de equipo. Case todos eles entendían que os seus problemas estaban na escaseza de demanda, o que lles supoñía realizar unha produción moi por baixo das capacidades da súas plantas. Cuantificaban o grao e utilización das mesmas no 69,6%, porcentaxe moi inferior á manifestada polos fabricantes dos restantes grupos.

Ademais das percepcións que se poden obter da Enquisa de conxuntura industrial, o INE publica trimestralmente o Índice de confianza empresarial harmonizado e tamén edita un módulo anual con información por comunidades autónomas sobre como valoran os establecementos seleccionados (un total de 377 de todos os sectores económicos galegos) o contorno empresarial. En 2018, en relación con 2013, apréciase nestas percepcións un tránsito desde un contorno macroeconómico e unha regulación económica desfavorables a un escenario de maior estabilidade. Non se observan grandes variacións na adecuación do capital humano nin na necesidade de equipamento e de infraestruturas. Pola contra, esta enquisa amosa unha melloría significativa (con respecto a 2013) na demanda dos seus produtos, no financiamento e na morosidade.

O índice de confianza empresarial harmonizado apenas variou para a industria española entre 2017 e 2018. Xa nos dous primeiros meses de 2019 apréciase un empeoramento. Esta situación é diferente á que se produciu en Galicia, posto que o índice xeral caeu en 2018 un 1,4%. Na maioría dos trimestres dese ano, as respostas negativas sobre as expectativas para o período seguinte superaron as positivas.

A dimensión das empresas

A recuperación da actividade industrial nos últimos anos supuxo un incremento no número de microempresas e pemes instaladas en Galicia, pero non así na grande empresa. A principios de 2018 (cadro 4) contabilizábanse 456 empresas máis que en 2017, sendo a maioría microempresas. En 2018 observouse un aumento moi leve na porcentaxe de pemes con respecto ao número de empresas totais, o que suxire que paulatinamente a industria galega se vai dotando de establecementos de maior dimensión. Non obstante, queda un gran treito para conseguir a dimensión de 2008, ano no que a industria galega contaba con 2.746 empresas con máis de 9 traballadores, mentres que en 2018 había 1.835, ou sexa, 911 menos.

En canto á concentración de empresas por sectores, o máis positivo foi a sensible expansión da industria alimentaria. En tan só un ano creáronse 178 empresas, polo que o seu tamaño xa é moi similar ao

de antes da crise. Nos outros dous sectores nos que se exceden as 1.000 firmas, a industria da madeira e a fabricación de produtos metálicos, a súa dimensión en 2018 apenas variou con respecto a 2017 e segue sendo moi inferior á alcanzada na primeira década deste século. Doutra banda, na industria do transporte a creación de establecementos na automoción vai a menor ritmo que na construción naval e aeronáutica, mentres se observa unha sensible recuperación no número de empresas metalúrxicas.

Cadro núm. 4
Número de empresas industriais localizadas en Galicia

	Total					Microempresas				
	2008	2016	2017	2018	TVA (%) 2018/2017	2008	2016	2017	2018	TVA (%) 2018/2017
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	2	1	3	2	-33,3	1	1	3	2	-33,3
06 Extracción de cru e gas natural	2	1	1	1	0,0	1	1	1	1	0,0
07 Extracción de minerais metálicos	6	5	4	8	100,0	4	4	3	6	100,0
08 Outras industrias extractivas	397	268	264	254	-3,8	287	204	210	197	-6,2
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	2	2	2	0,0	0	2	2	2	0,0
10 Industria da alimentación	2.047	1.770	1.862	2.040	9,6	1.664	1.421	1.478	1.639	10,9
11 Fabricación de bebidas	531	498	509	545	7,1	478	458	464	490	5,6
12 Industria do tabaco	0	0	0	0		0	0	0	0	
13 Industria téxtil	437	418	414	425	2,7	400	392	387	399	3,1
14 Confección de roupa de vestir	1.248	792	786	780	-0,8	913	658	660	670	1,5
15 Industria do coiro e do calzado	62	48	51	48	-5,9	55	39	43	40	-7,0
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.549	1.016	1.002	1.029	2,7	1.331	907	889	911	2,5
17 Industria do papel	56	39	39	38	-2,6	35	26	24	25	4,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	786	710	712	748	5,1	716	671	667	706	5,8
19 Coquerías e refino de petróleo	0	1	0	0		0	1	0	0	
20 Industria química	154	144	144	149	3,5	110	111	110	114	3,6
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	11	15	14	14	0,0	7	9	7	7	0,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	209	168	162	169	4,3	126	102	98	105	7,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1.084	764	743	758	2,0	773	635	617	633	2,6
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	79	70	68	86	26,5	47	52	51	65	27,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.541	2.106	2.107	2.100	-0,3	2.099	1.852	1.854	1.829	-1,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	107	100	98	107	9,2	90	83	83	90	8,4
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	88	73	71	69	-2,8	57	53	53	53	0,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	280	246	268	289	7,8	179	168	191	197	3,1
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	130	100	101	110	8,9	72	59	59	57	-3,4
30 Fabricación doutro material de transporte	158	112	126	150	19,0	93	74	87	105	20,7
31 Fabricación de mobles	1.185	843	828	830	0,2	1.068	789	774	767	-0,9
32 Outras industrias manufactureiras	597	550	534	541	1,3	564	523	506	512	1,2
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	969	758	810	866	6,9	810	628	670	711	6,1
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	374	469	556	577	3,8	363	453	540	567	5,0
Total	**15.089**	**12.087**	**12.279**	**12.735**	**3,7**	**12.343**	**10.376**	**10.531**	**10.900**	**3,5**

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

A base exportadora da industria e, por tanto, da economía galega concéntrase en tres actividades: a confección de pezas de vestir, a automoción e a industria de alimentación. Anteriormente, na análise da produción xa se observaba que se atopaban entre os sectores máis relevantes da industria. En 2018 absorbían o 60,3% do total exportado por Galicia, se ben nos tres casos é moi elevado o tráfico de perfeccionamento existente, de tal xeito que é alto o valor do que se importa e do que se exporta. Isto implica que se venden produtos con pouca incorporación de valor engadido sobre o que se compra. Así, no sector líder, confección de pezas de vestir, distribúense desde Galicia moitos produtos xerados en lugares moi diversos do mundo. Na automoción, a factoría de PSA é unha industria que ensambla os diferentes compoñentes, algúns de fabricación galega ou española, pero a maioría procedentes, principalmente, de Francia; mentres, na industria da alimentación o sector determinante é o pesqueiro cunha dinámica peculiar en compras e vendas tanto en fresco como nos conxelados ou nas conservas.

O comportamento destes tres sectores en 2018 foi moi desigual. A confección mantivo o liderado, aínda a costa de vender menos que en 2017. Lémbrese que a evolución das cifras desta actividade está moi condicionada polas decisións sobre a loxística e a distribución do grupo Inditex. En todo caso, como xa se indicaba no informe de 2017, a facturación do que se fabrica en Galicia é moi inferior á contía do valor do exportado. Pola súa banda, na automoción apréciase un incremento dun 7,5% nas vendas ao estranxeiro debido, sobre todo, á actividade do grupo PSA. As cifras de 2018 sitúan este sector xa moi

preto da confección, sendo probable que volva recuperar o liderado do *ranking* exportador galego nos próximos anos. Finalmente, o comercio co estranxeiro da industria alimentaria, que como se indicou o integran, sobre todo, produtos da pesca (procesado de peixe e conservas), incrementou o valor do exportado un 2,1% con respecto a 2017.

Nos restantes sectores, todos eles cun peso inferior ao 8% do total exportado, sobresae a aceleración observada na actividade da fabricación doutros produtos minerais non metálicos, grazas a unha maior exportación de formigón, o que contrarrestou o estancamento na pedra natural. Tamén na estrutura exportadora é relevante a caída de entregas de buques no sector naval; cifras que mellorarán nos vindeiros anos dada a actual carteira de pedimentos e o substantivo incremento nas vendas de petróleo refinado ao estranxeiro por parte da refinería coruñesa de Repsol.

En canto ás importacións, obsérvase, polo xeral, un significativo incremento nas provisións para a industria galega e, en concreto, unha aceleración sobre todo nas compras de compoñentes da automoción, de material e equipamento eléctrico e de produtos da metalurxia. En sentido contrario, caeron as importacións da industria téxtil, da fabricación de mobles e das compras de produtos farmacéuticos.

Cadro núm. 5
Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais (en miles de euros)

	Exportación				Importación			
	2017	2018*	% sobre o total	TVI (%)	2017	2018*	% sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	167.339	198.701	0,9	18,7	2.444.702	2.990.030	16,3	22,3
C Industria manufactureira	20.898.408	21.854.467	99,1	4,6	14.035.186	15.319.547	83,7	9,2
10 Industria da alimentación	2.582.620	2.637.197	12,0	2,1	3.022.756	3.196.953	17,5	5,8
11 Fabricación de bebidas	67.180	62.854	0,3	-6,4	26.310	26.357	0,1	0,2
12 Industria do tabaco	3.170	3.375	0,0	6,5	0	0	0,0	198,4
13 Industria téxtil	546.627	523.617	2,4	-4,2	505.785	444.922	2,4	-12,0
14 Confección de roupa de vestir	5.395.081	5.383.355	24,4	-0,2	1.317.435	1.339.004	7,3	1,6
15 Industria do coiro e do calzado	592.612	592.207	2,7	-0,1	127.793	144.573	0,8	13,1
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	373.702	404.328	1,8	8,2	103.233	118.169	0,6	14,5
17 Industria do papel	303.261	354.021	1,6	16,7	164.804	202.117	1,1	22,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	236	228	0,0	-3,1	25	146	0,0	484,5
19 Coquerías e refino de petróleo	1.149.883	1.561.396	7,1	35,8	363.370	477.205	2,6	31,3
20 Industria química	855.845	802.972	3,6	-6,2	534.585	632.748	3,5	18,4
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	42.524	44.756	0,2	5,2	52.263	44.066	0,2	-15,7
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	264.460	252.468	1,1	-4,5	296.811	294.310	1,6	-0,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	450.390	517.883	2,3	15,0	70.954	79.941	0,4	12,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	1.157.305	1.240.292	5,6	7,2	936.260	1.163.937	6,4	24,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	379.115	339.155	1,5	-10,5	284.391	324.628	1,8	14,1
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	139.051	141.058	0,6	1,4	182.611	189.521	1,0	3,8
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	428.803	785.607	3,6	83,2	193.851	281.293	1,5	45,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	491.987	538.840	2,4	9,5	565.468	628.844	3,4	11,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4.910.334	5.277.402	23,9	7,5	5.029.369	5.443.976	29,7	8,2
30 Fabricación doutro material de transporte	474.048	118.245	0,5	-75,1	34.842	84.389	0,5	142,2
31 Fabricación de mobles	224.641	193.750	0,9	-13,8	146.368	129.821	0,7	-11,3
32 Outras industrias manufactureiras	65.531	79.462	0,4	21,3	75.902	72.627	0,4	-4,3

*Datos provisionais

Fonte: DataComex. Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

A evolución das magnitudes económicas na industria galega

Unha nova operación estatística do INE, que xa se comentaba no informe de 2017, denominada Estatística estrutural de empresas: sector industrial, substituíu a Enquisa anual industrial de empresas, cuxos resultados referidos a Galicia foron comentándose nos sucesivos informes desde a década dos noventa. A complexidade na elaboración destas enquisas fai que recentemente aínda se publicasen os resultados de 2017, cuxa síntese se presenta no cadro 6.

Segundo os resultados contables, apréciase un incremento na cifra de negocios, en termos correntes, con respecto a 2016 do 10,4%, taxa superior en 2,5 puntos á alcanzada en España. A industria manufactureira foi a principal protagonista desta evolución positiva. Na desagregación por divisións da CNAE-2009 no conxunto da industria nótase unha maior facturación en case todas as súas actividades. Nesta variable é a industria de alimentación o sector líder en Galicia, seguido da fabricación de automóbiles, a produción de enerxía e a metalurxia. Os ingresos de explotación destas catro divisións supoñen o 61,3% do total.

O persoal ocupado é a variable que experimentou o menor incremento, un 0,5%, porcentaxe moi diferente da proporcionada pola EPA (5,7%), e que, de todos os xeitos, confirma a dificultade de mellorar a ocupación aínda nun contexto de sensible incremento na facturación. En canto á distribución dos empregos na industria, malia que o persoal se concentra nos sectores de maior facturación, como cabería agardar, tamén adquiren relevancia actividades tradicionais na industria galega moi intensivas en traballo e cunha produtividade relativamente baixa. É o caso da fabricación de produtos metálicos, da industria da madeira e da confección de roupa de vestir. A fabricación de produtos metálicos é a división que proporciona máis emprego, tras a alimentación, cunha remuneración por traballador das máis baixas do mercado. Os salarios anuais medios máis elevados ofrécense en enerxía (60.392 euros) e os máis baixos noutras industrias manufactureiras e na industria do coiro e calzado. Esta última é irrelevante en Galicia, posto que conta con tan só 282 traballadores.

Un elemento de interese na traxectoria da industria galega en 2017 é a evolución dos investimentos en activos materiais. Con respecto a 2016 experimentaron un forte pulo (medraron un 34,9%) grazas, sobre todo, aos investimentos no sector enerxético e na automoción. En xeral, o crecemento foi notable en case todas as ramas. Non obstante, apenas se realizaron investimentos no sector naval, nas artes gráficas e na fabricación doutros produtos minerais non metálicos.

Cadro núm 6
Evolución das magnitudes económicas na industria galega (en miles de euros). Ano 2017

	Cifra de negocios	TVI (%) 2017/2016	Soldos e salarios	TVI (%) 2017/2016	Investimento en activos materiais	TVI (%) 2017/2016	Persoal ocupado	TVI (%) 2017/2016
B Industrias extractivas	253.481	1,7	50.875	-1,4	18.042	20,3	2.169	-4,2
C Industria manufactureira	33.784.808	10,6	2.940.254	4,5	1.059.029	37,2	122.391	0,5
10 Industria da alimentación	8.030.752	8,4	524.284	4,1	153.690	1,0	26.562	-2,3
11 Fabricación de bebidas	896.679	6,6	79.200	9,0	76.660	6,7	3.002	3,7
12 Industria do tabaco								
13 Industria téxtil	144.693	10,3	35.619	15,5	8.745	83,6	2.166	6,4
14 Confección de roupa de vestir	1.571.674	3,0	194.668	-0,5	11.880	10,1	8.761	-5,9
15 Industria do coiro e do calzado	25.628	-11,4	4.190	-0,3	395	7,3	282	-4,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.297.354	11,3	158.457	13,6	85.788	39,6	7.930	9,0
17 Industria do papel	652.978	25,3	59.788	8,8	31.807	-3,8	1.638	-0,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	233.230	1,0	48.035	-5,6	8.817	-43,0	2.705	-9,1
19 Coquerías e refino de petróleo	.							
20 Industria química	592.518	5,5	40.092	-4,9	30.039	257,2	1.386	-10,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	.							
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	814.201	16,3	92.733	13,1	60.156	119,1	3.727	8,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	708.070	9,8	128.243	-1,9	19.279	-8,0	6.021	-0,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	4.609.024	18,3	130.579	0,5	57.221	13,1	4.189	-8,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1.997.860	10,1	340.817	4,6	106.342	92,5	15.219	2,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	158.785	6,0	30.256	18,8	5.479	14,6	979	9,8
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	477.675	-7,5	40.532	5,3	41.567	445,8	1.310	1,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	539.489	26,4	108.605	12,0	19.707	44,0	3.973	8,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	6.839.491	5,8	441.763	5,0	234.270	68,0	13.938	0,2
30 Fabricación doutro material de transporte	678.062	19,4	137.656	3,5	11.811	-17,2	4.150	3,8
31 Fabricación de mobles	305.845	8,7	60.292	14,3	7.793	45,1	3.518	3,7
32 Outras industrias manufactureiras	96.413	-4,1	21.396	-9,0	6.108	-21,3	1.666	-6,5
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	673.688	1,9	201.665	6,6	40.208	46,8	7.919	6,2
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4.950.037	11,2	163.905	26,0	411.298	33,9	2.714	6,1
E Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	833.009	0,3	174.035	-0,5	33.622	-1,1	7.072	0,5
Total industria galega en 2016	**39.821.335**	**10,4**	**3.329.070**	**5,1**	**1.521.990**	**34,9**	**134.346**	**0,5**
Total industria española en 2016	**616.918.319**	**7,9**	**58.893.439**	**4,2**	**23.776.505**	**10,8**	**2.137.085**	**2,6**
% Galicia/España 2016	**6,5**		**5,7**		**6,4**		**6,3**	

Fonte: Elaboración propia a partir da Estadística estructural de empresas: sector industrial, INE.

O atraso dun exercicio na información que proporciona a Estatística estrutural de empresas: sector industrial impide coñecer a evolución das magnitudes económicas básicas en 2018. Agora ben, o INE publica un índice mensual de cifra de negocios da industria para España e por comunidades autónomas que, no momento de redactar este informe, alcanza ata o mes de abril de 2019. A evolución é un tanto alarmante, xa que, tras medrar en media anual un 11,2% en 2007 (en España un 7,6%), descendeu ao 6,7% en 2018, e nos catro primeiros meses de 2019 o valor medio do índice foi un 3,1%. Este indicador súmase a outros xa comentados que reflicten a desaceleración que está experimentando a industria nos últimos meses. Por outro lado, cómpre indicar que unha parte do incremento deste índice se debeu á variación dos prezos. Mentres en 2008 a variación foi, como xa vimos, do 2,3%, nos primeiros catro meses de 2019 o crecemento quedou só no 0,1%.

A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

A Enquisa industrial de produtos recolle a evolución do valor de venda a partir dos resultados dunha mostra cos principais bens industriais galegos. Os últimos datos dispoñibles tamén se refiren a 2017. Do mesmo xeito que nos anos anteriores e acorde co recollido na Estatística estrutural de empresas: sector industrial, case a metade do valor da oferta industrial galega corresponde a alimentación e a material de transporte. Neste último sector apréciase unha clara especialización da industria galega fronte á española, sendo, non obstante, máis intensa en madeira e cortiza (en Galicia xérase en torno a un 20% da produción española) e en téxtil e confección, produtos que absorben unha porcentaxe similar sobre o total. A estes sectores, cuxa actividade se concentra en Galicia, hai que engadir a produción de enerxía eléctrica.

Cadro núm. 7
Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2017

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/ España	Coeficiente de especialización
Alimentación, bebidas e tabaco	10-11-12	7.036.771	24,5	7,6	109,7
Téxtil e confección	13-14	1.391.403	4,8	18,7	269,5
Coiro e calzado	15	161.951	0,6	4,7	67,5
Madeira e cortiza	16	926.591	3,2	19,9	287,3
Papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	17-18	650.907	2,3	4,1	58,6
Cocarías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	19-20-21	2.793.934	9,7	4,0	58,0
Manufacturas de caucho e plástico	22	876.428	3,1	5,1	73,5
Produtos minerais non metálicos	23	594.433	2,1	4,5	65,3
Produción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.098.713	7,3	7,7	111,1
Produtos metálicos	25	1.425.282	5,0	5,3	77,0
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	26-27	454.030	1,6	3,1	45,4
Maquinaria e equipo	28	798.066	2,8	4,7	67,7
Material de transporte	29-30	6.489.096	22,6	9,6	138,6
Mobles e outras industrias manufactureiras	31-32	551.060	1,9	7,3	105,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	795.901	2,8	7,3	105,0
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	1.687.164	5,9	8,8	127,3
Total		**28.731.730**	**100,0**	**6,9**	

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta industrial de productos, INE.

En sentido contrario, a fabricación en Galicia de produtos informáticos, electrónicos e ópticos é moi escasa con respecto ao resto de España, ao igual que as producións no sector do papel e artes gráficas e nos produtos químicos e farmacéuticos.

IV. 2. A política industrial

A incidencia da política rexional comunitaria en 2018

A política industrial que incidiu en Galicia en 2018, responsabilidade das diferentes administracións públicas españolas, tense que enmarcar no contemplado no Marco Financeiro Plurinacional da Unión Europea para o período 2014-2020, e mais en concreto, na súa rúbrica 1 referida ao crecemento inteligente e integrador, a cal se desenvolve mediante 11 obxectivos temáticos. Unha parte significativa dos gastos da Unión Europea canalízanse a través dos fondos estruturais e a política de cohesión, a cal presenta tres dimensións: económica, social e territorial.

Para conseguir os seus obxectivos utilízanse os seguintes fondos estruturais e de investimento europeos: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo de Cohesión, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Ademais, tamén actúa a través de instrumentos ou organismos como, por exemplo, o Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Para o período 2014-2020 os apoios comunitarios previstos para Galicia nos fondos estruturais e de investimento alcanzarán os 4.155,48 millóns de euros, a pesar de que Galicia quedou encadrada como rexión europea desenvolvida ao lograr un PIB por habitante superior ao 90% do termo medio da UE-28. No período actual 2014-2020 permitiuse manter unha contía elevada de fondos, xa que con iso se lograra máis facilmente a transición de rexión menos desenvolvida a desenvolvida. Non obstante, tras os duros anos de crise económica e tras un cambio metodolóxico na súa contabilización, o PIB por habitante galego neste período de programación correspóndese coa categoría de rexións en transición máis que coas desenvolvidas. De feito, os últimos resultados provisionais dispoñibles publicados por Eurostat referidos a 2017 adxudicaban a Galicia, en estándar de poder adquisitivo, un 82,3% do PIB por habitante da UE-28, taxa superior á dos anos anteriores pero afastada das porcentaxes alcanzadas en 2008 e 2009 (un 88,5% e un 88,6% respectivamente). Estes resultados avalan que esta comunidade autónoma debeu incluírse no colectivo de rexións en transición e non nas desenvolvidas. En España, en 2017 superaban o 100% do PIB por termo medio Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña e Aragón. No lado contrario, Estremadura quedouse no 64,3%. Se non se pondera por estándar de poder adquisitivo a porcentaxe en Galicia caería ata o 75%.

A incidencia da política rexional da Unión Europea plásmase na execución dos Programas Operativos (PO), documentos presentados por cada Estado membro, no que se recollen as actuacións do período 2014-2020 para tentar cumprir cos obxectivos fixados e integrados nun conxunto de eixes prioritarios. Na elaboración dos PO adoita recorrerse a un fondo, aínda que tamén podería deseñarse con varios. En canto á política industrial, o fondo determinante é o FEDER, cuxo regulamento fixa como tarefa a necesidade de «contribuír ao financiamento de axudas orientadas a reforzar a cohesión económica, social e territorial corrixindo os principais desequilibrios rexionais da Unión a través do desenvolvemento sostible e do axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións cun atraso de desenvolvemento». Con cargo ao gasto deste fondo e no obxectivo dos investimentos para o crecemento e o emprego, España remitiu a Bruxelas, por un importe de 20.681,4 millóns de euros (dato actualizado en 2017), un total de 19 PO rexionais (un por cada comunidade autónoma, ademais dos de Ceuta e Melilla); estes inciden exclusivamente en cada territorio e dous PO plurirrexionais que abarcan todo o Estado. Galicia, polo tanto, benefíciase destes dous últimos e dun PO específico denominado PO FEDER Galicia, 2010-2014, cuxas características resumíronse amplamente nos informes precedentes. Neste PO, o 80% do gasto total previsto (1.142,1 millóns de euros) será cofinanciado polo FEDER, 913,7 millóns de euros, mentres que a Xunta de Galicia aportará 186,5 millóns e o sector privado 42 millóns. Este PO, determinante na política industrial galega, é o que se vén desenvolvendo nos últimos anos a través dun conxunto de medidas e actuacións que neste capítulo serán comentadas no apartado da política desenvolvida pola Administración autonómica.

No cadro 8 reflíctese o grao de execución do PO FEDER Galicia, 2010-2014 a 31 de decembro de 2018. Para a súa interpretación hai que ter en conta que as actuacións previstas para 2014-2020 sufriron, como adoita ser habitual, un sensible atraso debido principalmente a dous motivos: á lentitude na aprobación dos regulamentos e dos diferentes documentos esixidos, o que levou a que aínda se estivese planificando xa moi iniciado o actual período de programación; en segundo lugar, á necesidade de executar a maior porcentaxe posible das actuacións previstas para o período 2007-2013. Isto último levou a alargar a posta en práctica e xestión dos programas ata o 2016 polo que, en moitos casos, a prioridade de rematar o PO anterior demorou a execución da nova programación. Este atraso motivou que a finais de 2018, a falta de dous anos do final do período de programación, se executase un 21,8% do PO e un ano antes esta porcentaxe fose de tan só o 9%. Recordemos que o actual marco financeiro pode realmente chegar ata o 31 de decembro de 2023 polo criterio do n+3. O gasto tense que realizar no ano previsto, pero hai tres anos adicionais para xustificar o pago efectivo de cada operación.

Ademais, a baixa porcentaxe total débese, en parte, a que no obxectivo temático 1, onde se encadran as medidas e programas de política industrial, tan só se alcanzou o 6,4%, porcentaxe moi baixa que resulta un tanto ficticia (o ano anterior era o 0%), debido aos atrasos nas xustificacións ante a natureza das accións que xa foron realizadas. De feito, hai operacións autorizadas por 138 millóns de euros, pero o seu ritmo de execución, polas características do programa, está sendo moi lento. En canto aos 8 obxectivos temáticos restantes cabe subliñar que xa se executou máis da metade do financiamento dispoñible na promoción da inclusión social, da loita contra a pobreza e da discriminación en todas as súas formas. Tamén se avanzou con respecto a 2017 nas accións de mellora no uso das TIC e no seu acceso ás mesmas e na mellora da competitividade dos sectores agrícola e pesqueiro.

Cadro núm. 8
Grao de execución do PO FEDER Galicia 2014-2020 a 31 de decembro de 2018 (en euros)

Obxectivo temático	Financiamento total	Axuda FEDER	Total gasto certificado	% execución
1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación	178.000.000	142.400.000	11.402.159	6,4
2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso ás mesmas	175.875.000	140.700.000	40.029.626	22,8
3. Mellorar a competitividade das peme, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP)	178.750.000	143.000.000	36.114.103	20,2
4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores	229.032.463	183.225.970	54.340.542	23,7
5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos	49.422.659	39.538.127	10.949.820	22,2
6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	190.068.044	152.054.435	38.096.680	20,0
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	64.298.104	51.438.483	34.057.206	53,0
10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente	59.162.500	47.330.000	21.267.632	35,9
13. Asistencia técnica	17.501.031	14.000.825	2.354.556	13,5
Total	**1.142.109.800**	**913.687.840**	**248.612.325**	**21,8**

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, Consellería de Facenda, Xunta de Galicia.

Mentres que as políticas da Administración autonómica desenvolven o obxectivo temático 1 do PO FEDER Galicia 2014-2020, de tal xeito que a maior parte dos seus programas reciben cofinanciamento comunitario, as intervencións da Administración central oriéntanse a desenvolver o contido dos PO plurirrexionais do FEDER, os cales poden incidir no conxunto do Estado.

No informe de 2017 xa se sinalaba que a finais dese ano se produciu a integración do inicialmente denominado PO Crecemento Intelixente no PO Crecemento Sostible, aos que se lles deu unha nova denominación PO Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020. De entre as execucións que se están realizando destacan, nos grandes proxectos, o subtramo Lubián-Taboadela da rede básica de ferrocarril da liña de alta velocidade, cun investimento total en 2017 de 78.125.000 euros, sendo o custo subvencionable de 62.500.000 euros. Tamén con incidencia en Galicia dentro deste programa cabe destacar en políticas tecnolóxicas a incorporación do CDTI como organismo intermedio, o que lle permitiu cofinanciar un conxunto de actuacións que se describirán en detalle na seguinte epígrafe (proxectos de I+D, o programa FEDER Innterconecta plurirrexional e o Instrumento Financeiro CDTI Crecemento Innovador). En todo o seu período de vixencia o PO destina para a política tecnolóxica un total de 2.963 millóns de euros. Ademais, neste PO plurirrexional tamén resulta de interese para Galicia a creación dunha incubadora de alta tecnoloxía das 12 coas que se pretende dotar a España. Ás actuacións que incidan en mellorar a competitividade das empresas españolas destínanse 269 millóns de euros e tense que destacar, neste ámbito, o apoio ao programa de incentivos económicos rexionais.

O POPE desenvolve os obxectivos temáticos do FEDER no conxunto de España e articúlase en oito eixes prioritarios, dos que se agarda que incidan en Galicia cun investimento de 1.044,3 millóns de euros.

O segundo programa interrexional do FEDER, PO Iniciativa Peme 2014-2020, é un instrumento financeiro no que tamén conflúen axudas do BEI e doutros programas europeos. Está programado para Galicia un gasto 44,2 millóns de euros en todo o período. O obxectivo último desta iniciativa é lograr que as pemes, que teñen tanto en Galicia como en España un papel clave na actividade económica, poidan alcanzar financiamento e así se consiga superar en número as existentes antes da crise.

Cadro núm 9
Proxectos aprobados na 2ª convocatoria do Programa INTERREG V-A España–Portugal (POCTEP) 2014-2020
(en millóns de euros)

	Área de cooperación Galicia/Norte de Portugal			Total programa			% Área Galicia-Norte de Portugal/ Total Programa	
Obxectivo temático	Proxectos aprobados	Custo total	Axuda FEDER	Proxectos aprobados	Custo total	Axuda FEDER	Proxectos aprobados	Custo total e axuda FEDER
1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación	6	6,5	4,9	28	30,7	23,0	21,4	21,1
3. Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas	6	8,0	6,0	21	26,4	19,8	28,6	30,3
5. Promover a adaptación ao cambio climático en todos os sectores	2	2,5	1,9	5	8,0	6,0	40,0	31,0
6. Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	6	6,9	5,2	27	34,1	25,5	22,2	20,2
11. Mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública	4	3,9	3,0	15	13,0	9,7	26,7	30,3
Total	24	27,8	20,8	96	112,2	84,1	25,0	24,8

Fonte: Elaboración propia a partir de POCTEP.

No regulamento do FEDER especifícase que as axudas que proporciona este fondo teñen que facilitar o cumprimento de dous obxectivos: o investimento no crecemento e emprego e a cooperación territorial europea. Esta última recibe, neste período de programación, unha especial atención. A cooperación abórdase desde tres ángulos: a transfronteiriza, a transnacional e a interrexional. Dos programas que se deseñaron desde estas tres perspectivas, Galicia, na cooperación transfronteiriza, participa no Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, actuación continuidade das xa existentes desde 1989. Dotado cunhas axudas totais iniciais de 365,8 millóns de euros que pasaron a 297,5 tras a última reprogramación, Galicia recibe fondos desde dúas áreas de cooperación: Galicia-Rexión Norte de Portugal e a través dun subprograma plurirrexional que incide en todo o ámbito fronteirizo entre España e Portugal. A principal novidade do POCTEP en 2018 foi o anuncio da segunda convocatoria para a presentación de proxectos por parte dos organismos que se poden beneficiar destas axudas. Presentáronse un total de 295 candidaturas, das cales 96 foron aprobadas en marzo de 2019, e asignáronse algo máis de 84 millóns de euros en axudas. No cadro 9 recóllese dun modo sintético a distribución dos 96 proxectos aprobados por obxectivos temáticos. Destes proxectos, 24 corresponden á área de cooperación Galicia-Rexión Norte de Portugal, o que suporá unha axuda do FEDER de 20,8 millóns de euros, o 24,8% do total. Dos cinco obxectivos considerados, o menos abordado foi o referente ao cambio climático. Estes 24 proxectos, que se desenvolverán ata 2021, tratan temáticas moi variadas. Doutra banda, nesta mesma convocatoria aprobáronse 23 proxectos de cooperación plurirrexional e deles en nove participa algún organismo con sede en Galicia.

Cadro núm 10
Relación dos proxectos galegos aprobados na 2ª convocatoria do Programa de PO FEDER Espazo Atlántico 2014-2020

	Núm. de proxectos	Núm. de organismos beneficiarios galegos	Axuda FEDER aos beneficiarios galegos (euros)	Custo total dos beneficiarios galegos (euros)	Custo total proxecto (euros)
Eixe 1: Promover a innovación e a competitividade	5	14	2.112.162	2.816.216	10.072.908
Eixe 2: Promover a eficiencia dos recursos	3	9	921.868	1.229.158	6.934.028
Eixe 3: Fornecer os sistemas de xestión de riscos de orixe natural, climatolóxica e humana	5	9	1.504.475	2.005.967	9.603.081
Eixe 4: Valorizar a biodiversidade e os activos naturais e culturais	4	11	1.459.578	1.946.104	9.039.540
Total	17	43	5.998.083	7.997.444	35.649.558
Peso relativo da participación galega nos proxectos con beneficiarios de Galicia				22,4	

Fonte: Consellería de Facenda, Xunta de Galicia.

Para a cooperación transnacional definíronse 15 espazos, dos que en catro se inclúe algunha parte do territorio español e Galicia participa en dous. O Espazo Atlántico engloba 37 rexións de España, Francia, Portugal, Reino Unido e Irlanda e o Espazo Suroeste, que comprende territorios de España, Francia, Portugal, Andorra e Xibraltar. Cada espazo conta cun PO. O contido do PO FEDER Espazo Atlántico 2014-2020 xa se comentou nos informes anteriores. Recordemos que se poden apoiar proxectos de ámbitos moi diversos cun gasto previsto de 140 millóns de euros. En 2018 aprobáronse os proxectos da segunda convocatoria. En 17 (cadro 10) produciuse a participación de 43 organismos galegos, cuxa actuación absorbe o 22,4% dos custos dos proxectos. Estas cifras son inferiores aos resultados da primeira convocatoria, na que a maioría dos proxectos incidían no eixe de promover a innovación e a competitividade. Nesta segunda convocatoria apréciase unha maior dispersión dos proxectos nos catro eixes do PO.

No referente ao PO Espazo Suroeste 2014-2020, programa articulado en torno a seis eixes (innovación, competitividade, eficiencia enerxética, xestión de riscos, medio ambiente e asistencia técnica), xa se indicaba no informe de 2017 que a inicios de 2018 se aprobaron os proxectos presentados á segunda convocatoria (só de dous eixes: innovación e medio ambiente), dos que sete organismos galegos participaban en catro dos proxectos aprobados. A mediados de 2018 abriuse unha terceira convocatoria cuxos resultados non foron aínda publicados. Recordemos que os proxectos realízanse mediante alianzas de entidades públicas e privadas e que a achega total do FEDER para o PO neste período de programación é de 106,8 millóns de euros.

Finalmente, no ámbito da cooperación interrexional neste período incídese a través do PO CTE Interrexional Europa 2014-2020, no que tamén se incorporan Noruega e Suíza ás rexións da Unión Europea. Con este PO apóianse iniciativas de cooperación entre as diversas rexións. Os últimos proxectos aprobados referíanse á terceira convocatoria na que, entre outros, se aprobaron dous proxectos con participación do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) e do Instituto de Estudos do Territorio.

Aínda que o FEDER é o fondo que permite cofinanciar as actuacións de política industrial, non menos relevante para a economía galega é a incidencia do outro fondo estrutural, o FSE, cuxa finalidade é segundo o seu regulamento a de «mellorar as oportunidades de emprego, reforzar a inclusión social, loitar contra a pobreza, promover a educación, a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente e levar a cabo políticas de inclusión activas, sostibles e exhaustivas». A súa articulación é similar á do FEDER. Neste caso consistiu nun programa rexional que incide exclusivamente en Galicia, o PO FSE Galicia 2014-2020 e 4 PO plurirrexionais, entre os que está o de emprego xuvenil.

Cadro núm. 11
Grao de execución do PO FSE Galicia 2014-2020 a 31 de decembro de 2018

Obxectivo temático	Financiamento total (euros)	Custo total autorizado (euros)	% de execución
8. Promover a sostibilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade social	132.625.205	19.907.983	15,0
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	104.073.585	22.695.761	21,8
10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente	155.473.456	52.335.709	33,7
13. Asistencia técnica	10.630.059	405.961	3,8
Total	402.802.305	95.345.415	23,7

Fonte: Consellería de Facenda, Xunta de Galicia.

No cadro 11 preséntase o grao de execución do PO FSE Galicia 2014-2020 a 31 de decembro de 2018. A porcentaxe alcanzada, un 23,7%, é algo superior á da do PO FEDER Galicia 2014-2020, e o que alí xa se manifestou sobre os posibles retrasos tamén é válido para este programa. O eixe que alcanzou un maior grao de execución é o que se dirixe ao investimento en educación, que é á vez o que se dotou cunha maior contía de fondos.

Cadro núm. 12
Axuda comunitaria prevista para 2018 nos PO con incidencia en Galicia xestionada pola Administración autonómica

Fondos estruturais e de investimento europeos	Millóns de euros
PO FEDER Galicia, 2014-2020	209,0
PO FEDER Plurirrexional, 2014-2020	3,4
PO FSE Galicia, 2014-2020	59,0
PO FSE de Emprego Xuvenil	8,8
Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 - FEDER	2,3
PO FEDER Espazo Atlántico 2014-2020	0,3
Interreg Sudoe	0,1
Interreg Europa	0,2
FEADER	193,9
FEMP	65,4
Total	542,4

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2018.

Finalmente, ademais dos fondos estruturais, os fondos de investimento, mediante o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), atenden o desenvolvemento rural. O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 foi aprobado en 2015 cun gasto total de 1.186,4 millóns de euros, dos que o FEADER contribúe con 889,8 millóns. Entre as súas prioridades de gasto está a atención ás pemes galegas que

transforman produtos do sector agrario-gandeiro. Os resultados en 2018 das actuacións cofinanciadas con este fondo descríbense nun próximo apartado desde informe. O outro instrumento sectorial é o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Este desenvólvese en España dentro do PO FEMP 2014-2020, no que o peso de Galicia é elevado dada a dimensión e a incidencia do sector do mar en España. Con este instrumento pode apoiarse o tecido empresarial galego vinculado ao mar. O gasto deste fondo nos proxectos xestionados pola Xunta de Galicia en 2018 foi de 65,4 millóns de euros.

No cadro 12 recóllese o gasto previsto de fondos estruturais e de investimento nos programas que xestiona a Administración autonómica. Obsérvase que a contía, 542,4 millóns de euros, e moi similar á de 2017, 547,2 millóns. O PO FEDER Galicia, 2014-2020 e o FEADER acaparan o 74,3% dos fondos totais recibidos.

A Política de Cohesión no período 2021-2027 e a súa incidencia en Galicia

A menos de dous anos do inicio dun novo Marco financeiro plurianual da Unión Europea persisten as incertezas sobre a contía de fondos de cohesión que recibirá a economía de Galicia neste novo período de programación e o destino dos mesmos. As propostas sobre o futuro Marco financeiro plurianual efectuadas, a falta da súa aprobación definitiva, previsiblemente modificarán as actuais prioridades de gasto, ao introduciren cuestións que lle preocupan á cidadanía nun contexto político mundial moi complexo e con reticencias á hora de darlle unha solución minimamente satisfactoria. Ademais, persiste aínda a inseguridade do que sucederá co Brexit. Así, o cambio climático, a procura dun desenvolvemento sostible, o envellecemento da poboación e os cambios demográficos, a inmigración e a xestión das fronteiras, a seguridade e defensa europeas, e o desemprego son preocupacións que se van abrindo paso entre as prioridades comunitarias, o que esixe unhas novas estruturas e unha reordenación dos recursos.

A proposta da Comisión para o período 2021-2027 articúlase en sete rúbricas, definindo cada unha delas unha serie de prioridades. O gasto total, a prezos de 2018, sería de 1.134.583 millóns de euros e a Política de Cohesión encaixaríase na rúbrica dúas denominada cohesión e valores, de tal xeito que se dotaría o FEDER con 200.629 millóns de euros; o Fondo de Cohesión con 41.349 millóns de euros, e o FSE con 88.646 millóns de euros. Este gasto suporía arredor do 29% do total.

Na repartición dos fondos entre as rexións da Unión Europea manteranse no novo período os tres grupos actuais (desenvolvidas, en transición e menos desenvolvidas), sendo posible que os criterios de asignación a cada grupo non varíen moito respecto dos establecidos nos períodos anteriores. A variable determinante volverá ser o PIB por habitante, aínda que para a execución da política común se introducirán novos elementos como a taxa de paro, o nivel educativo, a demografía, a recepción e integración dos inmigrantes e os efectos do cambio climático. O peso relativo proposto do PIB por habitante é do 81% do total.

A situación de Galicia non deixa de ser peculiar xa que, de estar incluída no grupo das rexións europeas menos desenvolvidas no período 2007-2013, pasou ao colectivo das desenvolvidas en 2014-2020 (malia que era perceptora de fondos europeos cunha certa contía para que o cambio á nova situación non fose tan brusco); e na etapa 2021-2027 descenderá á categoría de rexións en transición. Iso motivou a reclamación de que se mantivese o colchón do período anterior, cuestión que recentemente alcanzou o apoio do Parlamento Europeo. Esta decisión contrasta coa primeira proposta da Comisión que podería supoñer que Galicia experimente un descenso dos actuais fondos nun 46%. No momento de redactar este informe estase agardando a decisión definitiva a esta vital cuestión.

En canto aos criterios sobre as tipoloxías das rexións, nun principio considerararanse, no novo período, rexións desenvolvidas aquelas que superen o 100% do PIB por habitante da media comunitaria. As que alcancen entre o 75% e o 100% serán rexións de transición; en España entrarían: Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Castela e León, Comunidade Valenciana, Murcia, Baleares e Canarias. Pola súa vez, Estremadura, Andalucía e Castela-A Mancha estarán previsiblemente no grupo das menos desenvolvidas, nas cales a porcentaxe do PIB terá que ser inferior ao 75%.

Avánzase que no novo período intentarase retornar ao criterio n+2, o que obrigará a unha execución máis rápida dos programas e, ademais, simplificaranse os regulamentos. Mantense a concentración dos fondos FEDER e de cohesión nas rexións menos desenvolvidas (un 74%), mentres que se prevé que un 6% do FEDER se destinará a iniciativas urbanas co fin de alcanzar un desenvolvemento urbano integrado.

Doutra banda, o Estado español, e consecuentemente Galicia, xa non se verá favorecido polo Fondo de cohesión destinado aos Estados cun PIB por habitante inferior ao 90% do termo medio da Unión Europea. En canto aos fondos sectoriais, a Comisión propuxo un recorte dun 5% nas axudas do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) ante a carencia de achega británica ás arcas comunitarias se definitivamente se produce o Brexit. Ante as protestas do sector, a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo aprobou un aumento dun 10% do FEMP, abrindo as axudas a outro tipo de actuacións. De novo estase á espera de coñecer unha decisión definitiva que afectará a un sector pesqueiro galego enfrontado a múltiples problemas e, entre eles, a saída británica coa que pode quedar moi prexudicado. Pola súa banda, ao comezo da negociación, a Comisión tamén propuxo recortes no FEADER, de cuxo resultado final dependerán, como xa se indicou, as políticas de desenvolvemento rural que se realizan en Galicia.

A política da Administración central aplicada en Galicia

A pesar do incremento experimentado polo VEB industrial en 2018, varias alarmas, en forma de anuncios de peches ou deslocalizacións dalgunha das sociedades manufactureiras emblemáticas desta comunidade (Alcoa, Ence, Poligal), intensificaron o debate sobre as actuacións de política industrial das diferentes administracións públicas e a súa efectividade para manter e incrementar o actual tecido produtivo galego.

Neste apartado analizaranse as características e resultados en 2018 das políticas responsabilidade da Administración central en Galicia. Ante o volume e complexidade dos programas existentes, deterémonos en tres actuacións clave de carácter transversal no sentido de que, en maior ou en menor medida, afectan a todos os sectores económicos. Non se abordarán, con todo, as políticas que inciden exclusivamente nun ou en varios sectores. Así, como nos informes precedentes, revisaremos as actuacións responsabilidade da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo que, coa súa política industrial, pretende que «a industria siga contribuíndo dun modo significativo á xeración de PIB». A continuación revisarase a política tecnolóxica que executa o CDTI, para, finalmente, expor as características e resultados do programa de incentivos rexionais que, se ben é xestionado desde a Administración autonómica, é responsabilidade do Ministerio de Facenda.

Na última década desde a Administración central aplicáronse medidas de incentivo específicas a territorios españois con tradición industrial pero nos que a actividade foi decaendo a partir da iniciación dos procesos de reconversión na década dos oitenta do século pasado. Hai que recoñecer que ante a persistencia dos problemas estruturais neses territorios estas políticas non tiveron un excesivo éxito. As actuacións concretáronse en Galicia nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, no programa coñecido coloquialmente como Plan Ferrol. Os resultados alcanzados cos apoios financeiros específicos dirixidos a esa zona foron moi parcos e non conseguiron os seus obxectivos. En varios anos desta década non houbo solicitudes de axudas e, cando as houbo, non cumprían cos requisitos esixidos. En 2017 aprobouse un único préstamo por un valor de 1,5 millóns de euros á empresa Greenalia Logistics, a antiga García Forestal. Ante esta situación, compartida por outras áreas en dificultades do resto de España, os novos responsables do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a pesar de que manifestaron o seu compromiso de «estimular o desenvolvemento industrial cun marco normativo para o financiamento de proxectos de investimento para a mellora da competitividade industrial ou que contribúan á reindustrialización» decidiron non realizar consignacións específicas para cada territorio (a dotación para a reindustrialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal para ese ano era de 45,7 millóns de euros) e transformar o programa nunha convocatoria nacional sen garantir un determinado financiamento. O orzamento mínimo financiable é de 100.000 euros. Posto que a convocatoria se realizou en decembro, disporemos dos resultados que afecten a Galicia deste novo programa no próximo informe.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), entidade pública empresarial dependente actualmente do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, é o principal organismo co que conta a Administración central para desenvolver a súa política tecnolóxica, parte clave no apoio da actividade industrial. Obviamente, este organismo incide no conxunto do Estado e no caso de Galicia realiza unha actuación que complementa e é complementada pola que leva a cabo a Administración autonómica no mesmo ámbito a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), cuxa incidencia na economía de Galicia en 2018 se comentará nun próximo apartado.

A misión do CDTI é a de promover o I+D+i nas empresas españolas. Para iso dispón dun conxunto de programas de financiamento e apoio aos proxectos (nacionais e estranxeiros). Así, concede axudas financeiras propias e apoia a obtención de fondos de terceiros, do mesmo xeito que xestiona e promociona o logro de contratos industriais cun alto contido tecnolóxico tanto de organizacións españolas como estranxeiras. Ademais, tamén apoia a creación e consolidación das empresas de base tecnolóxica.

Por estas razóns este é un organismo clave no organigrama da política da Administración central, de maneira que en todos os informes anteriores se fixo un seguimento das súas actuacións.

Con respecto ao xa sinalado no informe de 2017, en 2018 detectáronse un conxunto de novidades coas que se intenta mellorar os programas existentes, xa que a armazón xeral apenas si variou. Estas consisten nun cambio nas porcentaxes da cobertura financeira das axudas, en ter unha maior contía de fondos para atender os programas ou en incrementaren os prazos das amortizacións dos préstamos. Así, o CDTI en 2018 financiou un total de 1.755 proxectos/operacións en España cun gasto de case 750 millóns de euros sobre un orzamento total de 1.036 millóns. Estas cifras son algo inferiores aos obxectivos que este centro se marcou a principios dese ano. Con respecto a estas cifras en España, o peso relativo dos apoios dirixidos a Galicia foi máis ben escaso e inferior ao doutras variables que reflicten a dimensión da nosa economía no contexto do Estado. No cadro 13 obsérvase que se subvencionaron en Galicia 57 proxectos (o 3,2% do total español), cun gasto por parte do CDTI de 20,4 millóns de euros, sobre un orzamento de 28,5 millóns; en ambos os casos o 2,7% do total de España. Estas contías son moi inferiores ás alcanzadas en 2017, cando se aprobaron 81 proxectos cun gasto do CDTI de 66,3 millóns.

Doutra banda, a distribución dos fondos do CDTI por provincias adoita tradicionalmente ser un reflexo da realidade territorial galega. No ano 2018 alcanzáronse uns resultados pouco habituais, xa que aínda que os apoios se concentraron nas provincias da Coruña e Pontevedra, destaca a dimensión dos 6 proxectos aprobados de Ourense. Así, o compromiso de gasto adquirido polo CDTI nesta provincia foi a metade do da Coruña, malia que nesta última se financiaron 18 operacións.

Cadro núm. 13
Tipoloxía de proxectos aprobados polo CDTI. Ano 2018

	Proxectos/ Operacións	Compromisos CDTI (euros)	Presuposto total (euros)
GALICIA			
I+D Individuais	40	15.012.188	21.062.068
Consorcio de Investigación Empresarial Nacional (CIEN)	2	1.481.074	1.742.440
Investigación e Desenvolvemento en Coperación (CID)	2	1.003.387	1.180.455
Liña Directa de Innovación (LIC)	2	779.650	917.235
Proxectos INNOGLOBAL	2	308.072	616.145
Espazo Europeo de Investigación NET COFUND (SERA)	3	596.881	1.093.230
Proxectos NEOTEC	5	968.163	1.651.913
Proxectos Innovación FEMP	1	228.135	268.394
Proxecto de Investimento FEMP			
Liña Directa de Expansión (LICa)			
Liña Innovación Global (LIG)			
ITC			
Subprograma Interempresas Internacional (Proxectos) (CIIP)			
Total	**57**	**20.377.549**	**28.531.880**
Disribución por provincias			
A Coruña	18	7.024.519	10.604.443
Lugo	3	829.606	1.095.190
Ourense	6	3.573.182	4.432.385
Pontevedra	30	8.950.243	12.399.862
Total	**57**	**20.377.549**	**28.531.880**
ESPAÑA			
I+D Individuais	961	425.231.648	565.518.911
Consorcio de Investigación Empresarial Nacional (CIEN)	99	87.403.673	102.827.850
Investigación e Desenvolvemento en Coperación (CID)	92	35.833.018	44.550.138
Liña Directa de Innovación (LIC)	164	90.237.240	119.913.000
Proxectos INNOGLOBAL	46	8.172.938	20.626.495
Espazo Europeo de Investigación NET COFUND (SERA)	30	5.548.195	10.567.170
Proxectos NEOTEC	102	20.000.000	39.067.612
Proxectos Innovación FEMP	3	1.061.260	1.482.661
Proxecto de Investimento FEMP	5	3.137.325	3.690.970
Liña Directa de Expansión (LICa)	16	13.359.195	17.812.260
Liña Innovación Global (LIG)	1	2.522.278	3.363.038
ITC	201	43.167.185	90.760.918
Subprograma Interempresas Internacional (Proxectos) (CIIP)	35	8.963.315	15.824.300
Total	**1.755**	**744.637.270**	**1.036.005.323**

Fonte: CDTI.

A actividade que habitualmente absorbe a maior parte das axudas concedidas polo CDTI tanto en Galicia como en España é a do apoio aos proxectos de I+D individuais. En 2018 aprobáronse 40 en Galicia, cunha achega do CDTI de 15 millóns de euros. Estes proxectos desenvólveos en exclusiva unha empresa e a axuda é a dun préstamo parcialmente reembolsable. Con respecto a 2017, o compromiso do CDTI foi maior xa que se aumentou a cobertura financeira do 75% ao 85% do orzamento aprobado. O mínimo esixible por proxecto mantívose en 175.000 euros. Observando o conxunto de operacións aprobadas en Galicia, compróbase a concentración das mesmas en Pontevedra (22), o que en certa forma pon de manifesto o maior dinamismo industrial desta provincia no conxunto de Galicia. Os proxectos correspon-

den a sectores moi diversos, aínda que priman os relativos a empresas do mundo do mar (Cabomar Congelados S.A., Carballo Biometanización S.L. e Marine Instruments S.A.) e do sector primario e da alimentación (Clavo Food Factory S.A., Avícola de Galicia S.A., Kiwi Atlántico S.A. e Mar de Frades S.L.). Do sector de compoñentes de automoción só se apoiou un proxecto do Grupo Copo. Pola súa banda, A Coruña quedouse con 12 proxectos, moitos deles de empresas moi consolidadas no tecido industrial galego, tales como Jealsa Rianxeira S.A., Hijos de Rivera S.A. ou Financiera Maderera S.A. Dos catro proxectos de Ourense sobresae a actividade en I+D do Grupo Coren, ao que se engaden as investigacións do sector vitivinícola, neste caso da Adega Ponte da Boga S.L. As axudas complétanse cos proxectos de Carrocerías Rodríguez López S.L.U., que no sector da automoción investigan o desenvolvemento de *airbags* en vehículos especiais e, un cuarto, o de Conexiona Telecom S.L. sobre melloras dos sistemas de xestión das reposicións nos hospitais. Finalmente, as dúas iniciativas de Lugo realízanse no sector lácteo e na piscicultura.

Fronte ao peso dos proxectos individuais as restantes actuacións do CDTI en Galicia case rozan a anécdota polo seu escaso número e contía. No gasto do CDTI, 1,5 millóns de euros, destacan os proxectos do CIEN (Consorcio de Investigación Empresarial Nacional). En 2018 con respecto a 2017 rebaixouse o importe mínimo esixible a 4,5 millóns de euros e permitiuse que os consorcios fosen máis reducidos (deberían estar constituídos por un mínimo de tres e un máximo de oito empresas). Estas axudas deseñáronse para a «realización dunha investigación planificada en áreas estratéxicas de futuro e con potencial proxección internacional» e intentan fomentar a cooperación público-privada. Das 99 operacións aprobadas en España, só dúas contaban con empresas galegas. Unha é a ourensá Coasa, no sector da aeronáutica, e a outra a compostelán Televés S.A., cun proxecto no que se desenvolve un sistema de intelixencia artificial para a seguridade nos eventos.

Outra liña de axudas diríxese a proxectos de cooperación en España. Neste caso as iniciativas deben ser realizadas por un consorcio froito dun acordo privado de colaboración. Este consorcio ten que constituírse cun mínimo de dúas e un máximo de seis empresas. Das 92 operacións rexistradas en España en 2018, Galicia tamén participa só en dúas que xeraron un compromiso de gasto do CDTI de preto dun millón de euros. As dúas sociedades son Egatel S.A., empresa integrada no grupo Comsa Corporación e que desde o Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense) está especializada no deseño, desenvolvemento e fabricación de equipos para a radiodifusión de televisión. O proxecto apoiado polo CDTI titúlase «Novas formulacións e procesos para aplicacións tecnolóxicas». A outra sociedade é a pontevedresa Hifas da Terra S.L., que investiga «as posibilidades terapéuticas dos extractos de fungos medicinais e ecolóxicos en diferentes patoloxías como o cancro ou as enfermidades neurodexenerativas». O proxecto aprobado titúlase «Investigación na modulación da microbiota e o seu efecto sobre biomarcadores asociados a benestar e saúde».

Maior número de empresas beneficiáronse en Galicia do programa Neotec, consistente no apoio á creación e consolidación de pequenas empresas de base tecnolóxica que se constituíron, como máximo, nos tres anos anteriores. Este programa permanece vixente desde 2002 e en 2014 modificáronse as súas liñas de axudas, xa que de préstamos reembolsables pasaron a subvencións (o 70% do orzamento da actuación cun importe máximo de 250.000 euros). En 2018 beneficiáronse de Neotec en Galicia cinco pequenas empresas de base tecnolóxica, tres da provincia de Pontevedra e dúas da Coruña. O compromiso de gasto do CDTI case alcanzou o millón de euros.

No cadro 13 móstrase que, ademais das liñas de axudas xa comentadas, tamén se beneficiaron do apoio de catro programas diferentes do CDTI oito sociedades galegas. Da Liña Directa de Innovación (LIC), na que se apoian proxectos de carácter aplicado, moi próximos ao mercado e cun risco tecnolóxico medio/baixo, beneficiáronse dous proxectos dun total de 164 aprobados en España. Polo tanto, o peso de Galicia nesta iniciativa tamén foi moi escaso. Dirixiuse a unha empresa de servizos informáticos, Akaya Solutions S.L., constituída en 2014 en Teo (A Coruña), pero actualmente con domicilio social nas Rozas (Madrid), e á sociedade da automoción Castro Carrocera S.A. de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), que investiga e desenvolve novos procesos de pintura para vehículos de pasaxeiros.

Outros dous proxectos de procedencia galega cofinanciáronse co programa Innoglobal, co que se pretende impulsar a cooperación tecnolóxica internacional das empresas españolas. Estes proxectos deben orientarse ao mercado e teñen que ser presentados por unha única empresa española. Se en 2017 non se beneficiou ningunha empresa galega, en 2018 apoiouse a Galchimia S.A. con sede no Pino (A Coruña), cun proxecto para fármacos para o tratamento do cancro de pulmón, e a Asenjo-Montenegro Vigo Solucións S.L., polo que desenvolven unha ferramenta para coñecer o rendemento dos sistemas de moldeo químico.

Desde a perspectiva da internacionalización do I+D e no Espazo Europeo de Investigación Net Cofund (SERA), creado ao auspicio do Programa Marco da Unión Europea para lograr un Espazo Europeo de Investigación, o CDTI deseñou un sistema ponte para lograr o acceso aos fondos dunha proposta internacional. Dos 30 proxectos aprobados de España, en tres participan empresas con sede en Galicia: Cartogalicia S.L., da provincia da Coruña, e Alumisel e Industrias Técnicas de Galicia S.A., da de Pontevedra. Desde outra perspectiva, tamén se conta coas axudas do Subprograma Interempresas Internacional (CIIP), no que se esixe a unha única empresa española que forme parte dun consorcio internacional cun proxecto Eurostars que reciba a aprobación de Eureka (iniciativa intergobernamental de apoio ao I+D+i cooperativo no ámbito europeo). Das 35 operacións aprobadas, en ningunha participou unha empresa galega.

Finalmente, coas novas liñas Proxectos Innovación FEMP e Proxectos de Investimento FEMP, o CDTI actúa como organismo intermedio do PO do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), o que lle permite cofinanciar proxectos de innovación e de investimento dirixidos aos sectores da pesca e da acuicultura. Obviamente, neste PO o peso da comunidade galega sempre foi moi elevado. En 2018 das tres operacións aprobadas na liña de innovación, nunha participa a empresa lucense Pescados Rubén S.L., sociedade que nos últimos anos realizou unha aposta polo I+D e conta con múltiples proxectos cofinanciados polos organismos públicos encargados de promover a innovación tecnolóxica. O proxecto aprobado polo CDTI titúlase: «Pescada para un consumidor e mercado modernos», co que se pretende alcanzar novas presentacións e produtos a partir da pescada refrixerada. Na liña de investimentos, dos 5 proxectos aprobados en ningún participa unha empresa galega.

Ademais da actuación anterior, no catálogo de programas do CDTI houbo cinco nos que non se apoiou en 2018 ningunha empresa que desenvolva o seu proxecto en Galicia. Se ben, ás veces o motivo foi por non considerarse a esta comunidade como zona asistida. É o caso da Liña Directa de Expansión (LICa) que, tras o anterior período de programación, no que se atendía os proxectos de Andalucía, Asturias, Castela-A Mancha, Estremadura e Galicia, pasou na actualidade a financiar os proxectos con desenvolvemento en Andalucía, Castela-A Mancha, Estremadura, Murcia, Castela e León, Comunidade Valenciana (exclúese Valencia capital) e Canarias. Tamén son cofinanciados con fondos FEDER, a través PO Plurirrexional de España, 2014-2020, a innovación en determinadas rexións españolas na Liña de Innovación Global (LIG) do CDTI. En 2018 só se aprobou un proxecto en España.

Un programa que permitirá incrementar os resultados galegos en 2019 con respecto a 2018 é o denominado FEDER Interconnecta, que concede axudas a fondo perdido (pequenas empresas, ata o 60%; medianas empresas, ata o 50%, e grandes empresas, o 40%), dirixidas a agrupacións constituídas, como mínimo, por dúas empresas autónomas, das cales polo menos una delas ten que ser grande ou mediana e a outra peme. A finalidade é a realización de proxectos de desenvolvemento experimental e, tradicionalmente, o peso deste programa no conxunto de iniciativas do CDTI é moi elevado. En 2018 convocouse para as comunidades autónomas de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha, Canarias, Estremadura e Murcia, pero en 2019 incidirá de novo en Galicia, xunto con Andalucía e a Comunidade Valenciana.

En canto ás novidades deseñadas para os seguintes anos polo CDTI en 2018 cabe destacar as axudas destinadas a consorcios empresariais para os sectores da auga, agricultura e medio ambiente (Axudas Prima) e a creación da Rede Cervera, destinada a centros tecnolóxicos que colaboran con empresas para a execución de proxectos de I+D.

En 2018 mantívose vixente un dos programas de apoio ao investimento empresarial máis tradicional na política industrial española, denominado incentivos económicos rexionais. Esta actuación xestiónase a través do IGAPE, pero o organismo responsable é a Subdirección Xeral de Incentivos Rexionais do Ministerio de Facenda. Subvenciona a fondo perdido o conxunto do sector industrial e determinadas actividades dos servizos (apoio á produción, aos establecementos turísticos e ás instalacións complementarias de lecer). Entrou en vigor na década dos oitenta e, na actualidade, consiste na subvención a fondo perdido a establecementos cuxo investimento supere os 900.000 euros, co compromiso de preservar os postos de traballo existentes e que se creen novos empregos. A normativa en vigor desde 1985 foi experimentando modificacións co fin de irse adaptando ás novas situacións, de xeito que en 2018 se mantivo en vigor o previsto no RD 161/2008, de 8 de febreiro, polo que se delimita a zona de promoción económica (ZPE) da comunidade autónoma de Galicia. Así, a ZPE intégrana os 313 municipios galegos, aínda que 113 deles son considerados como zona prioritaria de actuación. Son estes os municipios menos rurais e esta asignación abre a posibilidade de obter maiores porcentaxes de subvención sobre o investimento incentivable. En todo caso, as axudas deben cumprir o previsto no mapa de axudas rexionais establecido pola Comisión Europea que describiamos no informe de 2017. Recordemos que aínda que este mapa debería rexer no período en vigor do marco financeiro 2014-2020, ante a dureza da crise económica en España acordouse en 2016 unha modificación para o cuadrienio 2017-2020. Iso afectou as rexións españolas máis desfavorecidas pero non a Galicia. Así, en 2018 a intensidade máxima que se pode alcanzar tras a aplicación de todo o sistema de axudas é dun 10% para as grandes empresas, un 20% para as medianas e un 30% para as pequenas. Adicionalmente, esíxese que as pemes non superen un límite máximo de 50 millóns de euros nos seus investimentos.

Este sistema de incentivos, susceptible de recibir cofinanciamento comunitario a través do FEDER, seguirá como mínimo vixente ata o 31 de decembro de 2020, aínda que cabe agardar que no próximo Marco Financeiro da Unión Europea se volva prorrogar. Desde o seu inicio ata finais de 2018 aprobáronse en España un total de 15.214 expedientes, dos que non decaeron 8.169, un 46,3%. Iso supón que é posible que case a metade dos proxectos que se presentan nos cadros seguintes ou non se realicen ou, de executarse, o fagan de forma distinta á que inicialmente estaba prevista.

En 2018 do conxunto de comunidades autónomas españolas nas que, na súa totalidade ou en parte, está en vigor este instrumento, dun total de 202 expedientes examinados aprobáronse 135; dos que tan só 12 estaba previsto que fosen executados en Galicia. No cadro 14 preséntase a distribución territorial dos proxectos aprobados, dos que a Galicia lle corresponde o 8,4% do total. O número de expedientes galegos aprobados é similar ao do ano anterior (11), aínda que as cifras de investimento e subvención son moito máis baixas debido á elevada subvención concedida á multinacional francesa PSA en 2017 para a adaptación da súa estrutura produtiva aos novos modelos que prevé fabricar en Vigo. Así, o apoio de incentivos rexionais á empresa galega en 2018 reduciuse considerablemente con respecto a 2017 ante a menor dimensión dos proxectos presentados, xa que todos eles eran de pequenas ou medianas empresas. Este dato contrasta cos resultados doutras comunidades, nos que se beneficiaron 37 grandes empresas (dez en Castela-A Mancha e Canarias; nove en Andalucía; catro en Murcia; tres en Estremadura, e unha en Castela e León).

Dese modo, os fondos de incentivos rexionais concentráronse en 2018 en Canarias (43,9%), Castela-A Mancha (19,8%) e Andalucía (13,8%). Fronte a estas comunidades, Galicia só recibiu un 2,1% das subvencións totais. Constátase que máis que polo sector industrial, a aposta en 2018 deste programa dirixiuse aos proxectos turísticos centrados, sobre todo, en Canarias.

As tres comunidades autónomas xa citadas, Canarias, Andalucía e Castela-A Mancha, absorberon o 73% do investimento total programado e cara a elas se dirixiu o 77,4% das subvencións. Nas restantes, a incidencia deste programa foi moito menor, reducíndose en Galicia a un investimento que non alcanzou os 30 millóns de euros, o cal xerou unha subvención de 3,6 millóns. Estes resultados contrastan cos 400,6 millóns de euros de investimento, o que supuxo unha subvención de 36,3 millóns.

A porcentaxe de subvención sobre o investimento realizado está condicionada polo cumprimento de varios criterios e ten que cinguirse, como xa indicamos, ao mapa de axudas vixente nese ano. No caso galego esta taxa foi do 12,2%, cifra moi inferior á máxima que se podería conseguir para o caso das pequenas e medianas empresas. Iso é un indicador sobre a calidade dos proxectos, a pesar de que a achega do programa de incentivos se poderá complementar coas subvencións previstas por outros instrumentos sen, en todo caso, exceder os límites máximos indicados anteriormente. No cadro 14 obsérvase que as subvencións superaron o 20% en Estremadura, Canarias, Castela-A Mancha e Murcia.

Cadro núm. 14
Proxectos aprobados en España acollidos aos beneficios da ZPE. Ano 2018

	Proxectos		Investimento		Subvención		Postos de traballo		Subvención/ Investimento	Subvención/ Postos de traballo (euros)
	Número	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Número	%	%	
Andalucía	22	16,3	181.270	18,8	23.829	13,8	260	11,8	13,1	91.649
Aragón	4	3,0	51.262	5,3	5.028	2,9	90	4,1	9,8	55.864
Asturias	5	3,7	12.867	1,3	1.581	0,9	23	1,0	12,3	68.719
Baleares	4	3,0	22.428	2,3	3.632	2,1	43	2,0	16,2	84.467
Canarias	18	13,3	352.901	36,6	75.966	43,9	865	39,4	21,5	87.822
Castela e León	7	5,2	36.511	3,8	4.072	2,4	129	5,9	11,2	31.569
Castela-A Mancha	21	15,6	169.491	17,6	34.170	19,8	380	17,3	20,2	89.920
Estremadura	6	4,4	27.130	2,8	6.377	3,7	90	4,1	23,5	70.857
Galicia	**12**	**8,9**	**29.747**	**3,1**	**3.630**	**2,1**	**62**	**2,8**	**12,2**	**58.543**
A Rioxa	1	0,7	3.203	0,3	384	0,2	5	0,2	12,0	76.879
Murcia	21	15,6	48.637	5,0	10.868	6,3	179	8,2	22,3	60.716
C. Valenciana	14	10,4	29.046	3,0	3.436	2,0	70	3,2	11,8	49.085
Total	**135**	**100,0**	**964.492**	**100,0**	**172.972**	**100,0**	**2.196**	**100,0**	**17,9**	**78.767**

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no BOE.

En canto aos fondos públicos utilizados para conseguir crear un posto de traballo, apréciase que en Galicia se destinaron 58.543 euros, cifra inferior á media española, 78.767 euros. Foi a cuarta comunidade co valor máis baixo tras Castela e León, Comunidade Valenciana e Aragón. A maior subvención por posto de traballo creado realizouse en Andalucía.

En canto ao funcionamento deste programa en Galicia, apréciase que en 2018 se apoiaron investimentos nas dúas provincias máis orientais, o que non sucedeu en 2007. Non obstante, os investimentos na de Lugo serviron para atender dous establecementos hoteleiros situados no mesmo municipio, Palas de Rei, o que seguramente sexa unha mostra da importancia que para a actividade económica da zona ten o Camiño francés. A operación de maior contía (case 4 millóns de euros de investimento e 17 empregos) corresponde a Inversiones Pazo de Laia S.A., e o segundo proxecto, no mesmo municipio e do mesmo sector, dirixiuse a Cielo Hotel S.L.U. O feito de que apenas se subvencionasen nos últimos anos as actividades fabrís de certa envergadura nesta provincia indica que a aposta parece centrarse en rendibilizar a súa potencialidade turística grazas ao Camiño de Santiago.

Pola contra, e a diferenza de Lugo, dos tres proxectos subvencionados por este programa en Ourense, dous corresponden ao sector industrial e o terceiro a un hotel. O maior investimento, case 3,5 millóns de euros, dirixiuse á Sociedad Gallega de Polímeros S.A., empresa localizada no parque empresarial do Carballiño, e dedicada á xestión e valorización dos residuos de plástico de tipo industrial e á comercialización de polietileno de alta e baixa densidade. Tras superar un incendio na década pasada, esta sociedade levou a cabo, xunto con outras empresas, a ampliación de Sogama. A segunda industria apoiada nesta provincia foi Cristalería Ramos y Ramos S.L., situada no municipio de Pereiro de Aguiar, fabricante de vidros. Nos últimos anos realizou unha importante expansión. O investimento subvencionado é para a creación dunha nova liña robotizada. Ademais, xa en 2019, esta sociedade adquiriu no mesmo polígono unha parcela para dotarse dun forno de laminado e temperado. O terceiro proxecto é o dun hotel de catro estrelas, nun edificio histórico de Ourense, construído pola sociedade Iglesias Martínez Iglesias Hoteles S.L., do que agarda obter éxito grazas á cultura termal da provincia e á celebración de congresos.

Pola súa banda, a provincia da Coruña conseguiu a maior contía de subvención e investimento, aínda que só se apoiaron catro proxectos, mesmo número que en 2017, pero cun investimento inferior debido a que naquel ano se abordou a instalación en Curtis da empresa Goodleit S.L.; agora denominada Inleit Ingredients S.L., cuxo investimento de case 40 millóns de euros superaba, con amplitude, todo o previsto na provincia en 2018. Inleit Ingredients S.L. foi unha aposta, moi apoiada con fondos públicos, no sempre complexo sector lácteo galego. Pois ben, dos catro proxectos aprobados en 2018 destaca o que realiza Santos, Cocina y Baño S.L.U. Esta sociedade con factoría en Camporrapado (Boqueixón) é unha das empresas máis puxantes, se non a máis, dos municipios próximos a Santiago de Compostela, e mantivo a súa actividade nos duros anos de crises cunha facturación ascendente.

En canto á actividade industrial, o programa de incentivos na Coruña só subvencionou á empresa xa citada. Os restantes apoios diríxense a dous hoteis tamén, como os da provincia de Lugo, no Camiño de Santiago, neste caso en Arzúa e Pedrouzo (O Pino) e a unha estación de servizos.

Finalmente, obsérvase que o investimento apoiado na provincia de Pontevedra caeu notablemente, aínda que en 2018 se concentrou en tres actividades industriais localizadas, todas elas, no área metropolitana de Vigo. A de maior contía corresponde a Construcciones Metálicas Vigo S.A. (Comevisa), veterana sociedade localizada no Porriño propiedade do grupo Vicalsa, que decidiu construír unha planta que unifique a actividade que se realizaba en tres instalacións diferentes. O segundo investimento realizouse noutra das factorías tradicionais da mesma zona, Plásticos y Desarrollos S.A. (PLAYDESA), situada en Salceda de Caselas, cuxo importe se destina á dixitalización da súa planta dedicada á fabricación de envases e embalaxes, sobre todo, para o sector alimentario. O terceiro proxecto, neste caso en Gondomar, é o de Gallega Mecánica S.L.U., empresa do grupo Ganaín que actúa nun dos sectores que paseniñamente emerxen na industria galega, o aeronáutico.

Cadro núm. 15
Proxectos aprobados acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia. Ano 2018
Distribución territorial

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Proxectos					
Núm.	4	2	3	3	12
%	33,3	16,7	25,0	25,0	100,0
Investimento subvencionable					
Miles de euros	9.893	5.031	5.987	8.836	29.747
%	33,3	16,9	20,1	29,7	100,0
Subvención					
Miles de euros	1.165	960	808	696	3.630
%	32,1	26,5	22,3	19,2	100,0
Postos de traballo					
Núm.	19	20	18	5	62
%	30,6	32,3	29,0	8,1	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no BOE.

Recordemos que este sistema de axudas da Administración central ao sector industrial e aos establecementos turísticos e instalacións complementarias de lecer serve de indicador para coñecer a dinámica de ambas as dúas actividades, considerando o seu potencial de crecemento coa realización de novos investimentos dunha certa dimensión. De feito, ante a existencia de axudas públicas e a irracionalidade que suporía non acollerse a elas cando é posible facelo, as novas instalacións, as ampliacións das xa existentes ou as modernizacións adóitanse beneficiar deste programa e tamén de actuacións similares que realiza o IGAPE e que se comentarán nunha próxima epígrafe.

A política industrial da Administración autonómica

A Administración autonómica dispón dos principais instrumentos para desenvolver a política industrial en Galicia. Xa sexa en competencia ou en complementariedade coa Administración central, o IGAPE é o maior impulsor da política industrial, mentres a Axencia Galega de Innovación executa a política tecnolóxica. Ademais, as consellerías sectoriais realizan o seu cometido dentro dos seus ámbitos de competencia, sen esquecer tampouco o papel de Xesgalicia como canalizador das axudas nas operacións de capital risco.

A incidencia de Xesgalicia na economía galega en 2018

No ano 2018 proseguiu cos mesmos criterios que en 2017 o funcionamento dun dos instrumentos de política industrial máis lonxevos da Administración autonómica: o apoio á empresa galega mediante a participación minoritaria e temporal no capital social das mesmas e a concesión de préstamos participativos ou ordinarios ás sociedades participadas; en definitiva, a aposta polo capital risco como incentivo da actividade industrial en Galicia.

Desde 1999, Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado S.A.U. (antes denominada Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo S.A.) é o organismo que xestiona as distintas entidades de capital risco que se foron creando desde entón, ademais de administrar os activos de SODIGA. Ao comezo de 2018 contaba con seis entidades de capital risco (Emprende, Adiante 2000, Xes-Innova, Xes-Impulsa Ferrol 10, Fondo Tecnolóxico I2C e Galicia Iniciativas Emprendedoras), das cales tres se atopaban en liquidación e unha cuarta adoptaría unha nova denominación. Tamén xestionaba os activos de SODIGA. En 2018, co fin de racionalizar, sobrepoñerse ás perdas e incidir en maior medida na economía galega, Xesgalicia proseguiu a profunda reestruturación, xa iniciada en 2016, deste instrumento de capital risco. Continuou co proceso de liquidación dos Fondos Adiante 2000 e Xes-Innova, mentres que en marzo de 2018 concluíu o de Xes-Impulsa Ferrol tras a repartición do patrimonio resultante da liquidación entre os seus partícipes.

Aínda que o fondo Adiante, destinado a empresas en dificultade pero tecnicamente viables, finalizou a súa andaina sendo o instrumento máis potente nos anos máis duros da crise, a súa utilización tamén xerou situacións problemáticas en Xesgalicia ante a acumulación de perdas. Os obxectivos das outras dúas entidades, Xes-Innova (encargada de financiar proxectos emprendedores e de desenvolvemento tecnolóxico, especialmente os vinculados ás novas tecnoloxías) e Xes-Impulsa Ferrol (creada en 2008 co fin de promover a actividade nas comarca de Ferrol, pero que só chegou a atender dous proxectos xa comentados nos informes precedentes) pódense perfectamente atender cos outros fondos actualmente vixentes.

Galicia Compite FICC, desde o 29 de xuño de 2018 a nova denominación do Fondo Emprende, mantén como finalidade o financiamento de empresas con «posibilidades de crecemento e que acometan actividades novidosas e/ou apliquen novas tecnoloxías». Poderá tamén investir noutras entidades de capital risco. Está participado polo IGAPE e ABANCA Corporación Empresarial e Industrial S.L., sendo esta un socio minoritario. A súa actividade en 2018 concretouse na concesión de dous préstamos participativos e outros oito préstamos por unha contía total de 13,3 millóns de euros, o 85,5% de todo o investimento efectuado por Xesgalicia en 2018.

Do préstamo de maior contía concedido por Xesgalicia, 3 millóns de euros, beneficiouse a empresa de Boiro, Paquito S.L., dedicada á cocción de mexillóns e ao rebozado de aneis de calamar. Esta sociedade tivo problemas de viabilidade coa crise e neste mesmo ano, 2018, foi adquirida polo fondo valenciano Stator Management, o cal se fixo co 60% do seu capital. Trátase dun fondo que está nacendo e esta foi a súa primeira operación.

Chama a atención que moitas das restantes empresas apoiadas por Galicia Compite teñen unha longa tradición e ás veces unha traxectoria convulsa no tecido industrial galego. Os dous seguintes présta-

mos de maior contía dirixíronse a Factoría Vulcano S.A. millóns de euros) e a Editorial Compostela S.A. (2,5 millóns de euros). Respecto da primeira, no momento de redactar este informe, anunciouse a súa probable liquidación unha vez finalice a construción dun buque para Transmediterránea. O estaleiro creado hai 100 anos, e situado no barrio de Teis en Vigo, pasou por múltiples vicisitudes e é moi probable que esta inxección económica aportada desde Xesgalicia non consiga reflotalo. En canto a Editorial Compostela, editora de El Correo Gallego, realiza agora a súa actividade no Polígono Costa Vella tras ter que deixar a súa histórica sede na Rúa Preguntoiro en Santiago de Compostela e varias naves industriais no Polígono do Tambre no mesmo concello para poder facer fronte aos compromisos mantidos con ABANCA.

Cadro núm. 16
Investimentos desembolsados polas entidades de capital risco xestionadas por XesGalicia. Ano 2018

	Participación en capital	Préstamo participativo	Outros préstamos	Total
Sodiga Galicia, S.C.R., S.A.				
Galician Marine Aquaculture, S.L.	250.000			250.000
Dairylac, S.L.	500.000			500.000
Total	**750.000**			**750.000**
Galicia Compite FICC				
Factorías Vulcano, S.A.			2.350.000	2.350.000
José Luis Docampo, S.L.			500.000	500.000
Netun Solutions, S.L.		250.000		250.000
Arteixo Telecom, S.A.			400.000	400.000
Ingemarga, S.A.			1.500.000	1.500.000
VMS Automotive, S.L.		250.000		250.000
Editorial Compostela, S.A.			2.500.000	2.500.000
Paquito, S.L.			3.000.000	3.000.000
Seguridad Gallega Nosa Terra, S.A.			1.049.494	1.049.494
Autocares Antonio Vázquez, S.A.			1.500.000	1.500.000
Total		**500.000**	**12.799.494**	**13.299.494**
Galicia Innova Tech, FICC				
Centum Research & Technology, S.L.			75.000	75.000
Nanogap Sub-NM-Powder, S.A.		150.000	125.000	275.000
Oncostellae, S.L.			225.000	225.000
Total		**150.000**	**425.000**	**575.000**
Galicia Iniciativas Emprendedoras, F.C.R.				
Send2me Last Mile, S.L.	50.000	25.000		25.000
Atlantic Eat, S.L.		40.000		40.000
Resetea Gestión Responsable, S.L.	50.000			50.000
Appentra Solutions, S.L.		50.000		50.000
Tolemias on Demand, S.L.		7.500		7.500
Soluciones Globales de Informática Aplicada, S.L.		50.000		50.000
3d Interactives Solutions, S.L.		20.000		20.000
Coinscrap Finance, S.L.		25.000		25.000
Petitecandela, S.L.		12.500		12.500
Imagames Gamification Services, S.L.		90.000		90.000
Txstockdata, S.L.	50.000			50.000
Software For Science Developments, S.L.	100.000			100.000
Muutech Monitoring Solutions, S.L.		30.000		30.000
Norlean Manufacturing & Productividad, S.L.		30.000		30.000
Atelier Bisqato, S.L.		30.000		30.000
Colibrí Scooters, S.L.		30.000		30.000
Data Monitoring, S.L.		50.000		50.000
Developers Forensics Tools, S.L.		45.000		45.000
Emsamble System, S.L.		10.000		10.000
In Ertha We Trust, S.L.		30.000		30.000
Galician Brew, S.L.		30.000		30.000
Grilier Gourmet, S.L.		10.000		10.000
Legalmit, S.L.		42.500		42.500
Tidyant Cloud, S.L.		10.000		10.000
Custom Audio, S.L.		10.000		10.000
Total	**250.000**	**677.500**		**927.500**
INVESTIMENTO TOTAL REALIZADO	**1.000.000**	**1.327.500**	**13.224.494**	**15.551.994**

Fonte: XesGalicia SGEIC, S.A.U.

Tamén excederon o millón de euros os préstamos dirixidos a Ingemarga S.A. (1,5 millóns), que intenta recuperarse dos problemas que agravaron a súa situación nos últimos anos. Esta empresa con instalacións en Guitiriz (Lugo) conseguiu saír do concurso de acredores a finais de 2017 e en 2018 logrou unha entrada no seu capital por unha contía de 2 millóns de euros, aos que se engade este préstamo de Xesgalicia con garantía inmobiliaria e avalado pola matriz do grupo, Ingemar, sociedade do País Vasco. Esta inxección de fondos debuxa un futuro máis optimista. Outro préstamo de 1,5 millóns de euros concedeuse por parte de Xesgalicia a Autocares Antonio Vázquez, sociedade xa financiada hai uns anos a través do Fondo Adiante. Os préstamos superiores a un millón de euros complétanse co outorgado a Seguridad Gallega Nosa Terra S.A., empresa actualmente con sede en Salvaterra de Miño e dedicada á formación nas áreas de urxencias.

O fondo Galicia Compite só concedeu dous préstamos participativos pola mesma contía (250.000 euros) a Netun Solutions S.L. e a VMS Automotive S.L. Á primeira, XesGalicia, mediante o fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, xa lle concedera un préstamo participativo por un valor de 50.000 euros. É unha *startup* viguesa creada en 2016 que contou co apoio do Consorcio da Zona Franca de Vigo. Recentemente instalouse en Porto de Molle en Nigrán. Deseñou e comercializou con éxito un dispositivo de escintileos co que se intenta reducir a sinistralidade en caso de avarías ou urxencias en áreas con visibilidade reducida. Pola súa banda, VMS Automotive S.L. é unha *spin out* do Grupo Marsan creada para desenvolver unha moto a tres rodas da que se espera conseguir o prototipo definitivo antes de que finalice 2019.

En canto ao gasto realizado por Xesgalicia en 2018, o protagonismo correspondeulle ao fondo Galicia Compite baixo a fórmula de préstamos con diferentes garantías. A incidencia na economía de SODIGA, veterana entidade cuxos activos son xestionados por Xesgalicia coa finalidade de apoiar a «empresas cun alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que leven a cabo proxectos que contribúan a dinamizar a economía de Galicia», reduciuse á adquisición de capital de dúas sociedades xa participadas con anterioridade: Galicia Marine Aquaculture S.L. e Dairylac S.L. Os investimentos foron de 250.000 e de 500.000 euros respectivamente. Así, os 750.000 euros gastados por SODIGA quédanse moi lonxe dos máis de 8 millóns de euros investidos en capital social e préstamos en 2017. Destas dúas empresas xa se deron referencias nos informes anteriores. En canto a Galicia Marine Aquaculture S.L., creada en 2003, a primeira entrada de SODIGA no seu capital foi en 2015 e tamén nese ano beneficiouse dun préstamo do Fondo Emprende, axuda que igualmente se produciu en 2016. En 2017 houbo unha nova achega ao capital social por parte de SODIGA, situación que se repetiu en 2018. Esta traxectoria amosa o alto interese da Administración por este tipo de actividade, que consiste no cultivo da orella de mar (abalón) na ría de Muros-Noia. Pola súa banda, Dairylac S.L. fora o único investimento de Sodiga en 2016 e ao ano seguinte concedéralle un préstamo por unha contía de 2.360.000 euros e unha achega ao seu capital de 333.333 euros. Os apoios proseguen en 2018 cunha nova achega de 500.000 euros ao seu capital. Estes investimentos parecen mostrar os esforzos de Xesgalicia no sempre complexo sector lácteo galego, neste caso na iniciativa na que participa Lasurgal e as cooperativas Icos de Chantada e Codeira de Portomarín. A operación procura unha reorientación do negocio cara á biotecnoloxía. As súas torres de secado de leite producirán soro desmineralizado en po de 90%, o que esixiu elevar un investimento do que XesGalicia mantén a súa participación no 25%. Agardan facturar 25 millóns de euros en 2019 e tamén contan con proxectos tecnolóxicos cofinanciados pola Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Con estes dous investimentos SODIGA cumpre plenamente coa finalidade de atender principalmente as empresas industriais que exploten a produción xerada no sector primario galego. Aínda que os obxectivos marcados nos orzamentos da comunidade autónoma non chegaron a alcanzarse plenamente, xa que se contaba con realizar catro operacións de toma de participación no capital das empresas e dous outorgamentos de préstamos en 2018. A perspectiva en 2009 era máis modesta, posto que se pensaba aportar capital social a dúas empresas, mantendo, como en 2018, as dúas operacións de préstamos.

O fondo tecnolóxico que xestiona Xesgalicia, pero no que tamén intervén a Axencia GAIN, facilitou financiamento a tres sociedades (sete en 2017) por unha contía total de 575.000 euros, cando en 2017 alcanzara case 1,9 millóns de euros. Este instrumento denominado ata 2019 Fondo Tecnolóxico I2C, FCR-Peme, pasou recentemente a denominarse Galicia Innova Tech FICC. Diríxese cara aos proxectos de carácter innovador, prestándolle unha especial importancia aos que aplican o coñecemento alcanzado polos diversos axentes do sistema galego de I+D+i. Introduce a partir de agora o feito de que os equipos de xestión nas empresas nas que invista Xesgalicia deberán ter unha probada capacidade de xestión. As tres entidades apoiadas polo fondo tecnolóxico en 2018 xa o foron en anos anteriores. Son empresas tecnolóxicas que se foron consolidando e hoxe son un emblema da industria galega que xera alta tecnoloxía: Nanogap, Centum Research e Oncostellae. A primeira, nacida en 2006 froito dunha *spin off* da USC, incorporou recentemente entre os seus accionistas a Repsol. Conta cunha filial en Sillicon Valley e hoxe é un referente mundial en nanotecnoloxía. Pola súa banda, Centum Research & Technology S.L. é unha *startup* viguesa centrada no sector aeronáutico, aínda que os seus produtos xa alcanzan outros sectores. Finalmente, Oncostellae S.L., creada en 2013, é unha *startup* biotecnolóxica que desenvolve fármacos para oncoloxía e para enfermidades inflamatorias e antiinmúns. En 2018 apréciase un descenso do apoio deste fondo a este tipo de empresas, xa que pasou dun gasto de 1,9 millóns de euros en 2017 a 575.000 euros en 2018.

Finalmente, o último dos fondos xestionados por Xesgalicia denomínase Galicia Iniciativas Emprendedoras FICC e diríxese a promover proxectos de emprendedores no seu arranque e tamén subliña que atende os proxectos financiados por «investidores privados a través da Rede Galega de Investidores Particulares». Está funcionando desde 2014 e se nun primeiro momento estaba subscrito totalmente pola Axencia GAIN, na actualidade o IGAPE participa cun 60%. Nestas pequenas empresas de recente creación o fondo realiza achegas moi inferiores ás dos outros instrumentos de Xesgalicia, tanto no seu capital social como na concesión de préstamos. En 2018 apoiou un total de 25 empresas, o que supuxo un investimento de 927.500 euros. A achega de maior contía en capital foi á sociedade Software For Science Developments S.L., localizada no edificio Emprendia no Campus Vida da USC e especializada no desenvolvemento de programas informáticos de carácter científico. O maior préstamo participativo (todos os concedidos por este fondo o son) concedeuse por unha contía de 90.000 euros a Imagames Gamification Services S.L., tamén unha *spin off* da USC, que se dedica a incorporar os xogos no mundo da empresa para estimular o comportamento dos empregados e tamén o dos clientes.

A actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en 2018

O IGAPE é o principal protagonista da execución da política industrial responsabilidade da Administración autonómica e ademais colabora na xestión de programas responsabilidade doutras administracións. Actualmente está adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Foi creado en 1992 e as súas actuacións fóronse adaptando aos cambios e novas situacións que foi experimentando a economía galega nas últimas décadas. Na súa traxectoria atravesou por múltiples vicisitudes comentadas en informes previos. Para este instituto foron especialmente difíciles os anos máis duros da crise económica, xa que a necesidade de atender a parte máis danada do tecido produtivo galego levouno a investimentos errados, ademais de ter que facer fronte a unha redución nos fondos dos programas de financiamento ás empresas polas esixencias para a obtención dos mesmos por parte do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

En 2018 o IGAPE dispoñía, segundo os orzamentos da Xunta de Galicia, dun total de 116 millóns de euros, dos que 80 millóns se dirixían ás transferencias de capital. Estas cifras supoñen un incremento con respecto aos 97,9 millóns de euros dispoñibles en 2017. Con este orzamento a incidencia directa do IGAPE na economía de Galicia concretouse nun investimento de 33,7 millóns de euros, dos cales 28,4 millóns se corresponden con subvencións a fondo perdido e 5,3 millóns ao financiamento de préstamos e avais. No apartado de subvencións sobresae en 2018 o apoio prestado á internacionalización (8,6 millóns de euros), situándose en segundo lugar a achega prestada nos programas de emprendedores (7,4 millóns). As liñas de axudas con menor inxección de fondos foron as dedicadas ao subsidio ao tipo de xuros dos préstamos e outras axudas financeiras; un toal de 638.248,53 euros, cifra que permitiu conceder por parte das entidades financeiras colaboradoras préstamos por unha contía de 7,5 millóns de euros.

As liñas de axuda do IGAPE vixentes en 2018 son, polo xeral, unha continuación das existentes nos anos precedentes e cuxas características técnicas xa foron resumidas nos informes anteriores. Non cabería esperar grandes novidades, porque se está desenvolvendo unha programación cofinanciada, na súa maior parte, pola política rexional da Unión Europea, recollida, neste caso, no PO FEDER Galicia, 2014-2020 no obxectivo temático 1. De feito, se cotexamos os textos do orzamentos da Xunta de Galicia e a redacción dos programas e plans de actuación do IGAPE en 2017, estes son exactamente os mesmos e con idéntica redacción aos de 2018. Recordemos que os programas se deseñaron para tentar cumprir, no seu ámbito, os obxectivos contemplados na Axenda de Competitividade Industrial-Galicia Industria 4.0, que pretende desenvolver a Estratexia de Especialización Intelixente-RIS3 coa que ata 2020 se intentaban activar aredor de 1.624 millóns de euros. Tamén con determinadas liñas de apoio do IGAPE procúrase poñer en práctica aspectos das leis de emprendemento de 2013 e de fomento da implantación empresarial de 2017. Con esta última tentábase reducir as trabas burocráticas na instalación de empresas, minorar os custos de implantación, facilitar a adquisición de solo empresarial e dalgún modo ofrecer vantaxes similares ás proporcionadas na Rexión Norte de Portugal para evitar a deslocalización de empresas xa instaladas en Galicia e fomentar novas instalacións. Tamén é de interese na posta en práctica das liñas de actuación do IGAPE o previsto na Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 e no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, dos que tamén se indicaron as súas liñas básicas nos informes precedentes. Neste último documento contemplábanse dez obxectivos prioritarios, algúns dos cales resultarán inalcanzables en 2020. Prevíase un gasto en I+D+i do 1,7% do PIB total galego en 2020, cifra imposible de lograr, xa que, segundo os últimos datos publicados referidos a 2017 a porcentaxe galega, o 0,94% (1,2% en España), apenas era un pouco máis da metade da que se pretendía lograr. Tamén queda algo afastado, como xa se reflectiu noutro capítulo deste informe, a pretensión de que as exportacións alcancen o 40% do PIB total galego, cando en 2018 esta porcentaxe foi do 35,8%. Outro obxectivo consistía en que en 2020 a taxa de fecundidade fose de 1,59 fillos por muller. Esta cifra non se poderá lograr cunha taxa de 1,12 en 2017 e no contexto dunha crise demográfica española de moi difícil corrección. Tampouco parece plausible que se reduzan 8 puntos na taxa de converxencia coa Unión Europea. Pola contra, é probable que se aproxime ao previsto a intención de que a taxa de paro en 2020 sexa do 10% posto que en 2018 foi do 13,3%, ou, tamén, que baixe o risco de pobreza ou exclusión social en 3 puntos. O obxectivo no medio ambiente consistía en reducir un 3,5% as emisións de gases de efecto invernadoiro e aumentar nun 30% o uso de enerxías renovables.

Cadro núm. 17
Axudas do IGAPE aos grandes investimentos empresariais. Resultados xerais e distribución provincial e sectorial. Ano 2018

	Proxectos		Investimento subvenc.		Subvención	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%
Distribución provincial						
A Coruña	23	39,0	6.124.600	33,4	831.059	26,0
Lugo	8	13,6	2.077.204	11,3	456.194	14,3
Ourense	3	5,1	849.292	4,6	192.929	6,0
Pontevedra	25	42,4	9.270.364	50,6	1.717.181	53,7
Total	59	100,0	18.321.461	100,0	3.197.362	100,0
Liña de axuda						
Proxectos de investimento xeradores de emprego	22	37,3	9.036.712	49,3	2.030.272	63,5
Proxectos de investimento en equipo produtivo	37	62,7	9.284.749	50,7	1.167.091	36,5
Total	59	100,0	18.321.460	100,0	3.197.362	100,0
Sector CNAE-2009						
10 Industria da alimentación	4	6,8	568.929	3,1	112.401	3,5
11 Fabricación de bebidas	2	3,4	767.388	4,2	180.643	5,6
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	5	8,5	986.094	5,4	156.348	4,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	3	5,1	494.212	2,7	74.132	2,3
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2	3,4	535.919	2,9	107.184	3,4
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	10	16,9	4.447.100	24,3	705.212	22,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10	16,9	3.408.957	18,6	672.778	21,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	4	6,8	760.549	4,2	101.482	3,2
31 Fabricación de mobles	5	8,5	2.601.500	14,2	268.705	8,4
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	2	3,4	152.968	0,8	22.945	0,7
38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	1	1,7	877.930	4,8	250.825	7,8
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5	8,5	948.387	5,2	202.441	6,3
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1	1,7	160.000	0,9	24.000	0,8
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1	1,7	593.580	3,2	145.249	4,5
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1	1,7	408.838	2,2	56.501	1,8
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	3	5,1	609.110	3,3	116.516	3,6
Total	59	100,0	18.321.460	100,0	3.197.362	100,0

Fonte: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Sen cambios con respecto a 2017, as estratexias do IGAPE en 2018 concrétanse nun conxunto de programas e plans de actuación, un total de sete, dos que saen as diferentes liñas de axudas para levalos a cabo. O *Programa de Competitividade Empresarial* contempla a concesión de subvencións para mellorar a xestión empresarial. Céntrase no apoio aos clústeres, institucións de vital importancia na política industrial galega, sobre todo en canto a implantación das tecnoloxías propias da industria 4.0 nas sociedades agrupadas nestes organismos. O *Plan Galicia Inviste* recolle o conxunto de subvencións a fondo perdido, a concesión de préstamos e o subsidio ao tipo de interese dos facilitados polas entidades financeiras colaboradoras co fin de impulsar os investimentos das empresas. É obviamente o plan ao que se dirixen unha boa parte dos orzamentos do IGAPE en 2018. A *Estratexia de Internacionalización da Empresas Galega 2020* asume o papel do IGAPE como coordinador do conxunto de políticas de internacionalización que pon en práctica a Administración autonómica. A súa actuación abarca tres ámbitos: captación de investimentos, promoción internacional e formación e capacitación; nun conxunto de programas cuxos resultados en 2018 serán comentados en páxinas seguintes. Para o desenvolvemento da lei de emprendemento o IGAPE deseñou o programa *Galicia Emprende* con incentivos moi diversos: subvencións a fondo perdido, instrumentos financeiros de préstamos, créditos, garantías ou avais, e prestación de servizos de diverso tipo aos emprendedores. A mellora na formación, a capacitación de directivos e mandos intermedios lévase a cabo no *Programa Galicia Capacita*. Pola súa banda, o *Programa Galicia Equilibra* ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, para o que se realiza unha discriminación positiva favorecendo a actividade empresarial en lugares pouco propicios. Finalmente, o IGAPE participa nun conxunto de proxectos de colaboración tales como redes empresariais,

asociacións, proxectos do programa xa comentado de cooperación internacional INTERREG V-A España-Portugal, 2014-2020, co fin de potenciar a posición do tecido empresarial galego nos diferentes mercados.

Polo gasto e a incidencia directa do IGAPE no tecido industrial galego, neste informe centrarémonos nas intervencións que practica no ámbito do *Plan Galicia Inviste,* do que neste estudo se distinguen as axudas que se realizan mediante subvencións a fondo perdido das de apoio financeiro mediante préstamos, avais ou subvencións ao tipo de xuro dos préstamos.

A subvención a fondo perdido aos investimentos produtivos das empresas galegas é unha modalidade de política industrial que se utiliza en Galicia desde hai décadas. Estas iniciativas canalízanse na Administración central a través do programa de incentivos rexionais, mentres que a Xunta de Galicia dispón dun sistema similar de apoios aos investimentos dunha certa dimensión que complementan as axudas outorgadas por incentivos rexionais e incide en todo o sector industrial e en determinadas actividades dos servizos. As liñas vixentes en 2018 foron as mesmas que as existentes nos últimos anos; de feito os proxectos aprobados que figuran no cadro 17 corresponden á convocatoria realizada en 2017. Recordemos que o programa se articula en dúas modalidades de apoio: proxectos de investimento dos equipos produtivos e investimentos xeradoras de emprego. Nos primeiros o investimento requirido ten que estar entre 50.000 e 900.000 euros, polo que o programa se dirixe a aquelas empresas cuxo gasto en investimento non alcanza o tope mínimo de incentivos rexionais, aínda que poderían financiarse proxectos de ata 2 millóns de euros de non recibiren apoio do programa da Administración central. En canto aos investimentos xeradoras de emprego, segundo diversas circunstancias, o intervalo de gasto é o mesmo, a pesar de que o emprego creado en investimentos de entre 50.000 e 150.000 euros debe supoñer un custo salarial para a empresa de entre 150.000 e 900.000 euros.

Baixo os criterios anteriores en 2018 subvencionáronse un total de 59 proxectos (catro menos que en 2017), dos que 37 correspondían á modalidade de investimento en equipo produtivo e 22 á de xeradores de emprego. Os resultados reflicten un investimento medio de 310.533 euros e unha subvención media de 54.193 euros. A maioría dos proxectos aprobados localízanse nas provincias da Coruña e Pontevedra. Esta última, como en anos anteriores, lidera o *ranking* galego. Na distribución provincial obsérvase un certo dinamismo de Lugo, o que contrasta cos resultados de Ourense, provincia na que só se aprobaron tres proxectos. Así, con estes resultados, engadidos aos de incentivos rexionais, obsérvase unha polarización cada vez maior da actividade na fachada atlántica; tendencia que persistirá nos próximos anos cando se executen estes investimentos previstos.

Dos 59 proxectos aprobados, 37 son do sector industrial e nel a fabricación doutros produtos industriais non metálicos, de produtos metálicos e da industria de madeira e moble acapararon a maior parte do investimento previsto. De feito, a estes sectores pertencen 30 dos 59 proxectos aprobados. Iso supón unha recuperación de actividades moi tradicionais na industria de Galicia.

Cadro núm. 18
Resumo dos resultados acadados no ano 2018 polos programas do IGAPE de apoio financeiro ás pemes

Liñas de financiamento subsidiado	Solicitudes		Base incentivable		Subvención		Préstamo incentivable	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Euros	%
Programas								
Bonificación dos custos financieros das empresas. Préstamos ICO superiores a 25.000 euros	58	54,7	6.926.200	74,5	352.876	55,3	5.063.400	67,1
Bonificación dos custos financieros das empresas. Préstamos ICO ata 25.000 euros (microcréditos)	2	1,9	33.258	0,4	6.545	1,0	33.258	0,4
Sector lácteo: Liña 1 - Refinanciamento de pasivos	1	0,9	54.628	0,6	5.410	0,8	54.628	0,7
Sector lácteo: Liña 2 - Apoio ao circulante	4	3,8	177.000	1,9	22.183	3,5	177.000	2,3
Explotacións agrarias: Liña 1 - Refinanciamento de pasivos	5	4,7	157.269		18.944	3,0	164.097	2,2
Explotacións agrarias: Liña 2 - Apoio ao circulante	28	26,4	1.537.000		172.621	27,0	1.647.000	21,8
Refinanciamento de pasivos de explotacions produtoras e transformadoras de uva, castañas, pataca, cereal, horta e froiteiras	8	7,5	411.651		59.670	9,3	411.651	5,5
Total	**106**	**100,0**	**9.297.005**	**100,0**	**638.249**	**100,0**	**7.551.034**	**100,0**
Distribución provincial								
A Coruña	42	39,6	4.186.725	45,0	281.315	44,1	3.328.475	44,1
Lugo	21	19,8	2.331.667	25,1	137.548	21,6	1.870.250	24,8
Ourense	19	17,9	1.027.651	11,1	96.847	15,2	911.401	12,1
Pontevedra	24	22,6	1.750.963	18,8	122.538	19,2	1.440.908	19,1
Total	**106**	**100,0**	**9.297.005**	**100,0**	**638.249**	**100,0**	**7.551.034**	**100,0**

Fonte: IGAPE.

En 2019, baixo o cofinanciamento do PO FEDER Galicia 2014-2020 mantívose esta liña de actuación coa salvidade de que se unificaron nun único programa as dúas modalidades, manténdose o intervalo entre 50.000 e 2 millóns de euros nos investimentos subvencionables; se ben xa son compatibles con outras axudas a condición de que non se exceda o límite fixado no mapa de axudas. Así, pódese por este programa alcanzar un apoio do 24% para a pequena empresa e do 15% para a mediana.

As axudas á empresa galega mediante o subsidio aos préstamos concedidos polas entidades financeiras colaboradoras que se acollen aos programas do IGAPE foi unha das liñas de maior calado na política industrial levada a cabo polo IGAPE ata o inicio da crise e, sobre todo, cando os tipos de xuros eran moi elevados. Nos últimos anos estas actuacións, máis que atender masivamente o empresariado galego para mellorar as condicións de financiamento na realización dos seus investimentos produtivos, centráronse en sectores, especialmente no primario, nos que xurdiu algún problema especial e precisaban dunha urxente intervención.

Nos últimos anos o IGAPE viña asinando convenios de colaboración co ICO e as entidades financeiras para facilitar o aceso ao crédito e sumarse ás políticas que leva a cabo o banco público adscrito ao Ministerio de Economía e Empresa. Así, en 2017 o IGAPE asinou un novo acordo de colaboración con este instituto de crédito, polo que as operacións que apoiaba precisaban que previamente se tivese formalizado un préstamo financiado con fondos do ICO ou cos da propia entidade financeira, sempre avalados por unha sociedade de garantía recíproca (SGR). A presentación de solicitudes finalizaba o 31 de outubro de 2017. O sistema de axudas tiña dúas modalidades segundo o préstamo fose superior ou inferior a 25.000 euros. Para o caso dos créditos de máis de 25.000 euros o IGAPE dispoñía para 2018 dun orzamento de 2 millóns de euros e con esta actuación dentro do seu Programa Galicia Inviste pretendía atender os obxectivos da Axenda de Competitividade Industrial Galicia: Industria 4.0. Se en 2017 se atenderon 77 solicitudes, en 2018 completouse o programa coa atención de 58 operacións, o que supuxo a posibilidade de realizar un investimento produtivo con préstamos por un valor de algo máis de 5 millóns de euros. O IGAPE colaborou con 352.876 euros. Como se aprecia, estas cifras non son moi elevadas no contexto xeral da economía de Galicia.

A segunda modalidade, pola que se subvencionaban os tipos de xuro de préstamos inferiores a 25.000 euros, apenas permitiu utilizar con este fin o orzamento previsto para 2018. Tan só se beneficiaron desta liña 2 operacións cunha subvención proporcionada polo IGAPE de 6.545 euros; polo tanto a súa incidencia foi mínima.

Á marxe dos apoios do IGAPE, o ICO como banco público mantivo en 2108 e 2019 os seus programas de financiamento co apoio das entidades financeiras colaboradoras en España. É o caso do programa ICO Empresas e Emprendedores 2018 ou de ICO Garantía SGR/SAECA 2018.

A atención ás explotacións leiteiras debido aos problemas que supuxo a desaparición das cotas lácteas ocupou a política do IGAPE de apoio financeiro ás empresas desde 2016. O programa de 2017, que arrastra concesións en 2018, incidía no refinanciamento dos pasivos das explotacións gandeiras para poder alcanzar un equilibrio financeiro e evitar os problemas de liquidez e no apoio ao circulante, consistente no financiamento do seu activo corrente. A parte correspondente a 2018 xa era bastante marxinal, de tal xeito que se apoiou unha operación de refinanciamento de pasivo e catro de apoio ao circulante nas provincias da Coruña e Lugo, territorios nos que se concentra o sector lácteo galego.

Á marxe do sector industrial e coa mesma concepción que levou a apoiar as explotacións lácteas, a finais de 2017 e con vixencia en 2018 o IGAPE formalizou un convenio de colaboración con entidades financeiras e con SGR para o apoio ás explotacións agrarias afectadas pola seca de todo o ano. O programa practicamente estendíase a toda Galicia e tamén se articulou nas dúas modalidades similares ás das explotacións lácteas, refinanciamento de pasivos e apoio ao circulante. Para o subsidio dos préstamos determinouse un orzamento de medio millón de euros e os resultados reflicten axudas a 33 solicitudes (28 circulante e cinco refinanciamento de pasivos), cun gasto que non superou os 200.000 euros. As 33 solicitudes distribúense polas catro provincias galegas, aínda que tamén se concentraron en Lugo e A Coruña.

Doutra banda, ante a inclemencia climatolóxica que supuxo para o cultivo das uvas e das castañas as xeadas de abril de 2017, a sarabia caída o 6 de xullo para as patacas, cereais e produtos de horta e a caída o 27 de agosto para as explotacións produtoras e transformadoras de uvas, castañas e froitas, o IGAPE abriu unha liña de apoio similar ás anteriores, da que se realizaron oito operacións de refinanciamento de pasivos (sete en Ourense e un en Pontevedra) e ningunha se acolleu á liña de apoio ao circulante.

Cadro núm. 19
Avais e préstamos apoiados polo IGAPE (en euros). Ano 2018

Liña de axuda	Núm. de solicitudes	Base incentivable	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido
Avais					
Avais, excepto pesca	2	3.862.283	0	3.862.283	2.124.256
Resolve + Apoio ao circulante	28	3.950.000	1.122.725	3.950.000	987.500
Total	**30**	**7.812.283**	**1.122.725**	**7.812.283**	**3.111.756**
Préstamos					
Préstamos BEI	5	2.930.196	1.930.196	2.430.196	
Préstamos IFI Emprende	2	300.000	150.000	150.000	
Préstamos IFI Industria 4.0	9	3.746.863	950.584	950.584	
Préstamos IFI Innova	8	1.573.980	650.980	650.980	
Total	**24**	**8.551.039**	**3.681.760**	**4.181.760**	

Fonte: IGAPE.

En canto á distribución provincial do conxunto de programas do IGAPE de subsidio ao tipo de xuro dos préstamos destaca A Coruña, provincia na que case se efectuaron o 40% das operacións aprobadas. As tres restantes provincias teñen un peso similar e iso explícase pola incidencia que nestas actuacións ten o sector primario, que incrementa a contía das axudas en Lugo e Ourense.

A política do IGAPE de apoio financeiro á economía galega en xeral e á industria en particular complétase coa concesión de préstamos e avais. En 2018, cun prazo ata o 31 de maio, mantívose a posibilidade de acollerse a un préstamo con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI), xa que a partir de 2015 o IGAPE volveu dispoñer destes fondos tras o parón dos anos anteriores. O programa dirixido ás pemes, como xa se sinalaba nos informes precedentes, presenta dúas modalidades: financiamento de circulante e investimentos. Fronte ás 15 operacións realizadas en 2017 con cargo aos fondos do BEI, en 2018 reducíronse a tan só cinco cun importe dos préstamos que roldaron os 3 millóns de euros.

Na política de préstamos do IGAPE as principais novidades en 2018 foron as primeiras concesións dos Préstamos IFI (Instrumento Financeiro Préstamos Pemes Galicia FEDER 2014-2020), programa que prosegue en 2019. Esta actuación inscríbese dentro das liñas das políticas financiamento reembolsable, sendo cofinanciada nun 80% polo FEDER. No informe de 2017 xa se indicaba que esta figura serve para «o fomento de investimentos en innovación e investigación, a promoción do espírito empresarial, o aproveitamento económico de novas ideas e o impulso da creación de novas empresas, así como a promoción do crecemento e consolidación das pemes, nos mercados rexionais, nacionais e internacionais». As actuacións articulábanse en varias modalidades, das que en tres houbo resultados en 2018. Os Préstamos IFI Emprende financian «os investimentos necesarios para a posta en marcha dun negocio en Galicia» cun custo superior a 100.000 euros. O importe mínimo do préstamo é de 50.000 euros e o máximo de 200.000 euros. En 2018 os resultados son moi parcos, pero cabe agardar que melloren en exercicios sucesivos. Tan só se aprobaron dúas operacións por valor de 300.000 euros. Unha segunda modalidade denomínase Préstamos IFI Industria 4.0 e foi na que se realizaron un maior número de operacións en 2018: un total de 9, o que supuxo a concesión de préstamos para unha base incentivable de 3,7 millóns de euros. Con este financiamento preténdese apoiar as empresas «que desenvolvan a súa actividade no ámbito da nova industria (conforme o concepto definido na Axenda de Competitividade de Galicia) e pretendan financiar investimentos en activos fixos e o capital circulante estrutural vinculados a un proxecto de investimento, priorizando tecnoloxías relacionadas coa fábrica do futuro e o concepto Industria 4.0. » No concepto de nova industria intégranse, ademais do conxunto do sector industrial tradicional, os servizos de comercio, transporte, telecomunicacións e actividades informáticas, actividades profesionais e científicas, seguros, investigación e calquera outra actividade auxiliar das empresas. Neste caso, o custo financiable oscila entre 100.000 e 1.600.000 euros e o préstamo entre 65.000 e 1.000.000 de euros. A terceira modalidade con resultados en 2018 é a denominada Préstamos IFI Innova. Aprobáronse oito operacións sobre unha base incentivable de 1,6 millóns de euros. Neste caso incídese no apoio a proxectos de innovacións tanxibles e intanxibles. O requisito esixible é que o custo financiable ten que superar os 71.500 euros. As bases desta modalidade foron modificadas a finais de 2018 ante a dificultade de acceso por parte das empresas a estes préstamos debido ás cuestións de capacidade financeira esixidas neste tipo de iniciativas.

A cuarta modalidade, Préstamos IFI, non tiña dotación orzamentaria en 2018 deixándose a mesma para 2019 e 2020, cunha contía dun millón de euros para cada ano. Con esta liña, ao noso xuízo a máis complexa polas súas características, preténdese incentivar as sociedades con problemas no seu proceso de refinanciamento ou reestruturación que non poden lograr a liquidez necesaria para a realización de investimentos cos que recuperar o seu mercado e, con iso, a súa rendibilidade.

Recentemente desde a Administración autonómica dentro do novo Plan de financiamento empresarial de Galicia para 2019 anunciouse a intención de engadir unha quinta modalidade destinada exclusivamente ao sector de turismo baixo a denominación Préstamos IFI Tur. Ademais, pénsase no deseño dunha nova modalidade de préstamos polos que se apoien proxectos dun certo tamaño considerados estratéxicos.

Finalmente, no programa de avais e reavais aprobáronse en 2018 un total de dúas operacións sobre un préstamo incentivable de 3,9 millóns de euros. Neste ámbito tamén seguiron resolvéndose expedientes do antigo programa Resolve dirixido a facilitar o acceso ao financiamento do activo corrente das pemes. En 2018 aprobáronse 28 proxectos, o que contrasta coas 150 operacións realizadas en 2017.

Xa en 2019, o IGAPE deseñou un programa de reavais dos avais asumidos por SGR. Adopta tres modalidades: Reaval crecemento, préstamos avalados para o crecemento das pemes; Reaval funcionamento, operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial, e Reaval garantías, garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos.

Cadro núm. 20
Resumo do resto de axudas con subvención aprobadas polo IGAPE. Ano 2018

Programa	Núm. de expedientes	Importe subvencionable (euros)	Subvención (euros)	Préstamos (euros)
Mellora competitiva/produtividade	671	12.653.670	6.501.812	
Emprendedores	156	17.324.749	7.410.952	
Internacionalización	398	10.902.152	8.563.862	
Adquisición de materiais e pezas de cociña e baño	103	346.115	66.348	
Afectados fenómenos naturais	30	4.442.228	1.981.405	943.992
Total	**1.358**	**45.668.914**	**24.524.379**	**943.992**

Fonte: IGAPE.

O maior gasto do IGAPE en canto a subvencións concedidas concentrouse nas liñas coas que intentaba desenvolver a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020. Globalmente contabilizáronse en 2018 un total de 398 expedientes, dos que 262 corresponden ao programa Galicia exporta, empresas ás que o IGAPE aportou case 5 millóns de euros. Este programa dirixido ás empresas atende tres tipos de actuacións: difusión, promoción e prospección en mercados internacionais. As axudas alcanzan o 70% dos gastos subvencionables e cobren todo tipo de gastos para atender estes obxectivos.

Nunha segunda liña de intervención para axudar á internacionalización das empresas, proceso do que se trata en máis profundidade no capítulo seguinte, resúmense un conxunto de actuacións dirixidas a organismos intermedios (asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica, clústeres empresariais, centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica) que realizan accións que faciliten a internacionalización. Aprobáronse 24 solicitudes por unha contía de 1,5 millóns de euros.

En terceiro lugar e cunhas cifras de gasto moi similares ás anteriores sitúanse as actuacións xeradas polo Plan de Fomento ás Exportacións Galegas (FOEXGA). En 2018 aprobáronse 69 solicitudes. A súa finalidade é a de propiciar a comercialización de bens e servizos xerados en Galicia nos mercados internacionais tendo como enlaces as cámaras de comercio, industria e navegación galegas que actualmente acrediten solvencia técnica e económica. Así, subvenciónanse desde o IGAPE as misións empresariais directas ao estranxeiro e as participacións en feiras e outros eventos expositivos. O apoio pode alcanzar ata o 90% dos gastos subvencionables. Estas axudas son cofinanciadas polo FEDER a través do PO FEDER Galicia, 2014-2020. A este Plan, o IGAPE destinou en 2018 un total de 1,4 millóns de euros.

Finalmente, a última das liñas de internacionalización nas que se produciu un gasto do IGAPE en 2018 foi a concesión de bolsas de formación práctica en internacionalización, un total de 33 cunha contía de case 700.000 euros.

Outro dos alicerces importantes da política do IGAPE é o apoio aos emprendedores para así desenvolver a Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia de 2013. Vinculadas ao xa citado programa Galicia Emprende, as actuacións do IGAPE en 2018 sintetízanse en dúas liñas denominadas: Proxectos empresariais de novos emprendedores e Galicia rural Emprende. A primeira, que supuxo un gasto de case 3 millóns de euros para 81 solicitudes, concede unha subvención a fondo perdido a proxectos cun gasto comprendido entre 25.000 e 500.000 euros en determinados sectores económicos e as sociedades teñen que ter unha antigüidade inferior aos 43 meses. En canto á segunda, o obxectivo é

a creación de empresas non agrícolas en zonas rurais, polo que se exclúen do seu ámbito os municipios galegos máis poboados. Aprobáronse 75 iniciativas.

Respecto do programa do IGAPE de Competitividade Empresarial, o obxectivo foi a potenciación da industria 4.0. A transformación dixital, a xeración de fábricas intelixentes ou os cambios na produción e distribución das mercancías estiveron no núcleo dos debates académicos e xornalísticos dos últimos anos. A esta cuarta revolución industrial da dixitalización e as plataformas conectadas non quedou allea a Administración e unha proba diso son as liñas de actuación que abriu o IGAPE que supoñen unha axuda en subvencións en torno a 3 millóns de euros, sobre unha base incentivable de algo máis de 8 millóns. As axudas á dixitalización absorberon a maior parte deste gasto, aínda que tamén se incidiu na formación, na realización de obradoiros de dixitalización e na realización de proxectos pilotos de fábricas 4.0.

Nesta inmersión de fondos para o desenvolvemento da industria 4.0 tense que incluír o Programa Re-Acciona TIC, que consiste na prestación de axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Industria 4.0; este en 2018 atendeu 22 solicitudes, iniciativa que, dalgún modo, xorde do Programa Re-Acciona mediante o que se atenderon 409 solicitudes, programa máis xenérico de prestación de servizos a pemes.

Doutra banda, como ocorreu nos exercicios anteriores, o IGAPE intentou potenciar a produción industrial galega coa subvención a fondo perdido á adquisición de mobiliario de cociña e pezas de baño por parte dos consumidores en Galicia. Esta iniciativa denomínase Reforma 15 e, tradicionalmente, os fondos dispoñibles esgótanse moi rapidamente. En 2018 atendéronse 103 solicitudes.

Finalmente, as axudas por causas sobrevidas motivadas por fenómenos naturais, que xa se trataron anteriormente, adoitan neste apartado tamén merecer unha atención singular por parte do IGAPE. Así, as axudas xa comentadas das producións agrícolas afectadas polas xeadas e sarabias complétanse con subvencións a fondo perdido e a concesión de préstamos incentivables. En 2018 financiouse por esta vía un total de 16 empresas afectadas. Tamén se axudou á recuperación de 14 establecementos industriais ou comerciais que sufriron un incendio, cun gasto por parte do IGAPE de 1,9 millóns de euros.

A actuación das consellerías sectoriais e da Axencia Galega de Innovación

Do mesmo xeito que na Administración central, na Xunta de Galicia as políticas tecnolóxicas desempeñan un papel moi relevante no organigrama das políticas que inciden na comunidade autónoma. Anteriormente xa vimos como desde Xesgalicia se xestiona un fondo tecnolóxico, mentres que, con carácter transversal, moitas das iniciativas do IGAPE levan implícito o seu apoio á posta en práctica de innovacións de todo tipo. Agora ben, o organismo que desde 2012 lidera a política de I+D+i da Administración autonómica é a Axencia Galega de Innovación (GAIN), entidade con personalidade xurídica propia e que, como o IGAPE, está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Nesta epígrafe describiranse os resultados alcanzados en 2018 daqueles instrumentos de política tecnolóxica que inciden directamente sobre o tecido produtivo galego, deixando polo tanto á marxe as políticas dirixidas cara ás universidades e outros centros públicos de investigación, por certo unha das actividades máis importantes da Axencia.

O gasto interno en I+D en Galicia en 2017 (último ano con información dispoñible) alcanzou os 571,7 millóns de euros sobre un total de 14.063,4 millóns de euros en España, o que supón un 4,1%. Deste gasto, 85,4 millóns correspondían ás administracións públicas, cifra que significa un incremento de 3,4 millóns con respecto a 2016. Nos informes anteriores describíase como este fluxo de fondos caeu bruscamente durante os anos de crises e iso afectou negativamente a traxectoria do I+D+i que se seguía en Galicia. Coa recuperación, este gasto foi medrando pero non en consonancia co incremento do PIB. Así, desde que se dispón de información sobre estas variables en Galicia tan só en dous anos, 2007 e 2008, se logrou superar a taxa do 1% da porcentaxe do gasto sobre o PIB. Unha boa noticia é que en 2017 esta taxa, 0,94%, incrementouse en oito centésimas con respecto a 2016. Malia iso, o dato, como xa se indicou anteriormente, é moi baixo e queda moi lonxe dos obxectivos cara a 2020 que figuran en diversos plans. Nese ano o obxectivo era alcanzar o 1,7%, o que case esixiría duplicar ese gasto. A fenda galega nesta variable con respecto a España, 1,21%, tamén é importante. En España a taxa máxima, 1,40%, alcanzouse en 2010.

Os resultados por comunidades autónomas reflicten a concentración deste tipo de actividade nas economías cun maior grao de dinamismo económico, aínda que os obxectivos impostos en Galicia para alcanzar en 2020 tan só os cumprían en 2017 as dúas comunidades forais, Navarra e o País Vasco. Resulta evidente que maiores niveis de benestar levan a máis gastos en I+D+i, ademais de que as grandes empresas, xunto coas súas sedes sociais contan cos seus centros de I+D nestas comunidades o que permite xerar sinerxías cos centros privados e públicos de investigación. A taxa do 0,94% permitiu que Galicia pasase ao sétimo lugar no *ranking* español, o que lle supón gañar tres postos con respecto a 2016 a costa de Andalucía, Murcia e Aragón. Xunto co incremento do gasto galego, o máis significativo en 2017 foi o crecemento experimentado por esta variable en Navarra que superou a Madrid, cuxa taxa permaneceu estancada do mesmo xeito que a de Cataluña. Tamén é relevante o feito de que se seguen mantendo unhas diferenzas moi acusadas entre as diferentes comunidades, xa que a porcentaxe alcanzada en Estremadura, Castela-A Mancha, Canarias e Baleares non superou o 0,62%.

A falta de que o INE publique os resultados de 2018, cabería agardar un novo empurrón no gasto galego. Así, os orzamentos da Administración autonómica asignaban a GAIN un gasto de 79,8 millóns de euros, dos que 62,9 millóns se destinan a operacións de capital; cifras máis elevadas que os 66,2 millóns e 47,6 millóns asignados en 2017. Esta tendencia ao crecemento tamén se corrobora nos orzamentos de 2019, cunhas cifras totais de 96,5 millóns de euros; dos que 80,2 millóns corresponden a operacións de capital.

En canto aos documentos de planificación da política tecnolóxica de Galicia, no informe de 2017 referiámonos a que o denominado Plan Galicia Innova 2020 estábase sometendo a consultas e que para a consecución dos seus obxectivos se articulaban tres áreas: coñecemento, talento e innovación empresarial. Este Plan desenvolve a RIS3 de Galicia, *Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia*, documento no que se establecen as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta para o período 2014-2020. Nese informe indicábase que o principal instrumentos do plan era a creación dun modelo de *hubs* de innovación dixital (DIH), cuxa actividade consistiu na selección de dous proxectos de *hub* (é dicir, «unha estrutura funcional de soporte que axuda as empresas, especialmente ás pemes, a ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais ou de produción, así como os seus produtos e servizos a través da tecnoloxía digital»): un concedido á Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) e outro á Asociación Bioga-Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida.

Doutra banda, como novidade dentro do Plan Galicia Innova 2020, cabe citar a nova ferramenta Programa de Deseño para a Innovación 2020, coa que se pretende incorporar o deseño en todas as vertentes da empresa galega.

No conxunto de iniciativas de GAIN son de especial transcendencia os resultados da Civil UAVs Initiative, clave na procura de solucións innovadoras que se desenvolven no Polo Tecnolóxico e Industrial de Rozas no ámbito do sector aeronáutico e dos vehículos non tripulados, no que se anuncia a posta en práctica de proxectos que mobilizarían en torno a 165 millóns de euros ata 2021. Neste contorno acaba de nacer Business Factory Aero (BFAero), cuxo obxectivo é «incubar e acelerar novas empresas que aporten solucións innovadoras ao sector aeronáutico». Trátase de emular outros aceleradores xa existentes no sector da automoción, no agroalimentario ou no farmacéutico. Estes proxectos poderán recibir apoios dos programas do IGAPE e tamén de Xesgalicia.

Cadro núm. 21

Axudas en Galicia para o apoio ás unidades de investigación dos centros tecnolóxicos consolidados e ás novas unidades mixtas de investigación (en miles de euros). Ano 2018

Centros tecnolóxicos	Importe da axuda
Asociación de investigación metalúrgica del noroeste - Centro tecnológico (AIMEN)	441,3
Fundación centro tecnolóxico de eficiencia e sostenibilidade enerxética (Energylab)	50,7
Fundación centro tecnolóxico de telecomunicacións de Galicia (Gradiant)	364,0
Fundación centro tecnolóxico de investigación multisectorial (Cetim)	101,0
Fundación instituto tecnolóxico de Galicia (ITG)	90,1
Fundación para a promoción da innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico na industria de automoción de Galicia (CTAG)	497,3
Asociación nacional de fabricantes de conservas de pescados y mariscos - Centro técnico nacional de conservación de productos de la pesca (Anfaco-Cecopesca)	356,8
Fundación Centro Galego de Investigacións da Auga (Cetaqua)	49,6
Clúster de la Acuicultura (Cetga)	114,1
Total	**2.065,0**

	Orzamento total			Subvención		
Nova Unidade Mixta de Investigación	2018	2019-2020-2021	Total	2018	2019-2020-2021	Total
AIMEN, Navantia, S.A.	50,5	2.371,5	2.422,0	15,2	711,4	726,6
AIMEN, Arcelor Mittal Innovación Investigación e Inversión, S.L.	57,1	2.445,4	2.502,5	17,1	733,6	750,7
CTAG, Grupo Antolín Ingeniería, S.A.	76,2	2.190,1	2.266,3	22,9	657,0	679,9
ITG, Everis Aeroespacial y Defensa, S.L.U.	132,8	2.063,7	2.196,6	39,8	619,1	659,0
USC, Financiera Maderera, S.A.	6,0	2.144,9	2.150,9	1,8	643,5	645,3
Total	**322,6**	**11.215,6**	**11.538,2**	**96,8**	**3.364,7**	**3.461,5**

Fonte: Elaboración propia a partir do DOG.

O Polo Tecnolóxico e Industrial de Rozas dá paso á creación dun parque industrial que incorporará empresas interesadas no desenvolvemento do sector aeronáutico galego. Ademais, o Centro Mixto de Investigación INTA-Xunta (CIAR) recibiu un impulso coa modernización das súas instalacións con cargo ao antigo PO de Crecemento Intelixente 2014-2020 coa instalación de novos equipos para convertelo definitivamente nun «centro pioneiro a nivel europeo».

En canto ás políticas de subvencións e axudas que xestiona GAIN, contabilízanse un total de 12 actuacións en 2018, que, na súa maioría, son medidas que intentan estimular a parte do Sistema Galego de I+D+i que se concentra nas tres universidades e nos centros públicos de investigación. Son evidentemente actuacións políticas determinantes para o desenvolvemento da economía de Galicia pero que transcenden o ámbito deste apartado. Non obstante, no cadro 21 e como nos informes anteriores preséntanse os resultados en 2018 das axudas ás unidades de investigación dos centros tecnolóxicos consolidados, cuxa lista e contía do apoio figura na primeira parte deste cadro, e tamén a subvención concedida a cinco unidades mixtas de investigación (centro tecnolóxico e empresa). Respecto das subvencións, AIMEN e CTAG son os dous centros que volven absorber a maior contía das mesmas. Estas entidades tamén crearon novas unidades mixtas de investigación.

Cadro núm. 22
Axudas concedidas á industria agroalimentaria (en miles de euros). Ano 2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Cárnicas					
Núm. de empresas	1	9	5	9	24
%	4	38	21	38	100
Invest. subvencionable	592	5.406	1.897	5.792	13.687
%	4	40	14	42	100
Subvención	177	1.839	609	2.136	4.761
%	4	39	13	45	100
Lácteas					
Núm. de empresas	11	15	0	4	30
%	37	50	0	13	100
Invest. subvencionable	18.064	32.414	0	1.213	51.690
%	35	63	0	2	100
Subvención	6.559	10.837	0	413	17.809
%	37	61	0	2	100
Vitivinícola					
Núm. de empresas	1	8	17	27	53
%	2	15	32	51	100
Invest. subvencionable	63	869	1.371	7.843	10.146
%	1	9	14	77	100
Subvención	19	237	411	2.353	3.020
%	1	8	14	78	100
Hortofrutícola					
Núm. de empresas	3	1	5	3	12
%	25	8	42	25	100
Invest. subvencionable	1.285	134	1.103	3.174	5.696
%	23	2	19	56	100
Subvención	434	47	438	816	1.735
%	25	3	25	47	100
Alimentación animal					
Núm. de empresas	10	5	1	1	17
%	59	29	6	6	100
Invest. subvencionable	1.901	859	980	65	3.805
%	50	23	26	2	100
Subvención	641	284	392	16	1.334
%	48	21	29	1	100
Outras					
Núm. de empresas	8	2	3	1	14
%	57	14	21	7	100
Invest. subvencionable	4.421	1.862	8.095	120	14.498
%	30	13	56	1	100
Subvención	1.434	798	2.460	30	4.723
%	30	17	52	1	100
Totais					
Núm. de empresas	34	40	31	45	150
%	23	27	21	30	100
Invest. subvencionable	26.326	41.543	13.447	18.206	99.523
%	26	42	14	18	100
Subvención	9.265	14.042	4.310	5.764	33.382
%	28	42	13	17	100

Nota: Orde do 28 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitícolas para o período 2019-2023, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e convócanse para o exercicio presupuestario de 2018 e Orde do 18 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2014-2020 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e convócanse para o exercicio presupuestario de 2018.

Fonte: Dirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia.

En 2018, funcionou, a diferenza de 2017, o programa ConectaPeme no marco do PO FEDER Galicia, 2014-2020, dotado con 27 millóns de euros e co obxectivo da «realización de proxectos de I+D+i en colaboración entre empresas en áreas estratéxicas para Galicia». Neste exercicio introducíronse como novidades dar unha maior consideración aos proxectos máis próximos ao mercado e o incremento do número mínimo de empresas en consorcio de 2 a 3. Finalmente aprobáronse 54 proxectos.

Doutra banda, tras convocarse por primeira vez o Programa InnovaPeme en 2017, a seguinte convocatoria realizouse, cunha dotación orzamentaria de 2,8 millóns de euros, en 2019. A iniciativa consiste en subvencionar a fondo perdido (entre 40.000 e 100.000 euros) «o custo das actividades integradas en Plans de innovación, que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia».

Aínda que o peso da política industrial da Administración autonómica recae no IGAPE, mentres que o da política tecnolóxica en GAIN, as consellerías sectoriais, no ámbito das súas competencias, tamén realizan accións de apoio ao sector produtivo galego. Así, a Consellería do Medio Rural presta un apoio adicional á agro-industria mediante a subvención a fondo perdido, que pode alcanzar ata o 50% do investimento en activos fixos materiais destinados á creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia dedicadas á transformación ou comercialización de produtos agrarios.

Para a súa execución esta consellería dispuxo en 2018 dunha dotación orzamentaria de 11,6 millóns de euros e, dado que os proxectos son plurianuais, para 2019 contaba cunha dotación de 14,5 millóns de euros e de 3 millóns para 2020. Como nos exercicios anteriores, o 75% das axudas son financiadas polo FEADER, o 17,5% pola Xunta de Galicia e o 7,5% restante polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Ademais, dentro dos apoios á transformación e comercialización dos produtos agrarios teñen unha liña de axuda propia os produtos vitivinícolas, neste caso cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA). A dotación orzamentaria inicial ampliouse posteriormente, quedando en 2,5 millóns en 2018 e 1,25 para 2019.

Os resultados alcanzados en 2018 recóllense no cadro 22. Apoiáronse 150 empresas, que estimaban realizar un investimento que roldaría os 100 millóns de euros, sendo a contía da subvención 33,4 millóns de euros. Os maiores apoios destináronse ás industrias lácteas, as cales concentraron a súa actividade nas provincias de Lugo e A Coruña. A gran distancia sitúanse as empresas cárnicas cun forte peso de Lugo e Pontevedra. En canto ao número de empresas apoiadas destaca o sector vitivinícola, cada vez máis puxante en Galicia, con 53 bodegas, a maioría delas da denominación de orixe Rías Baixas, da provincia de Pontevedra, aínda que non é desdeñable a contía das axudas dirixidas a Ourense e, en menor medida, a Lugo.

Finalmente, a Consellería do Mar ten unha liña de axudas similar ás vixentes en 2018 na Consellería do Medio Rural, pero neste caso destinadas ás pemes que transforman produtos pesqueiros e da acuicultura e cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Este fondo cofinancia cun 75%, mentres a comunidade autónoma aporta un 25% restante. Nesta liña, en 2018 apoiáronse 50 operacións do sector transformador galego por un importe total de 18,4 millóns de euros. A subvención superou o millón de euros en catro sociedades: Auxiliar Conservera S.A. (absorbeu 4,5 millóns de euros destinados a modernizar a súa planta de transformación); Barlovento S.A. (instalacións de transformación do mexillón); Cabomar Congelados S.A.U. (melloras tecnolóxicas de novos procesos), e Depuradora de Moluscos La Sirena S.L. (cofinanciáronse dous proxectos de lanzamento de novos produtos). A lista completa de investimentos pon de manifesto o dinamismo deste sector tradicional na industria galega.

V. Sector exterior

- Novo récord nas exportacións e importacións de bens en 2018, aínda que diminuíu o saldo comercial.
- En 2018 o peso das exportacións galegas no PIB xa representaba o 35,75%.
- Mantense o liderado nas exportacións galegas da confección de prendas de vestir, se ben o fluxo é moi similar ao de automoción.
- Galicia importa principalmente produtos de tecnoloxía media alta, ante o peso da automoción e os seus compoñentes, e exporta maioritariamente produtos de tecnoloxía baixa, grazas a alimentación e confección.
- Por capítulos arancelarios, as exportacións galegas están máis diversificadas que as importacións.
- Un 73% do comercio que se realiza en Galicia ten carácter intraindustrial.
- Os sete principais países de destino das exportacións galegas pertencen á Eurozona, salvo o Reino Unido.
- China xa é o cuarto país importador no *ranking* galego. Alcanzou a cifra récord de 784,5 millóns de euros en 2018.
- Notable caída das exportación galegas no primeiro trimestre de 2019.
- A contía de IED recibido por Galicia foi moi escasa, 65,5 millóns de euros, o que contrasta coa elevada contía do IED emitido.
- As actividades inmobiliarias seguen determinando o valor do IED emitido por Galicia.

Comercio exterior de mercancías

A inserción do comercio galego no comercio mundial

Os resultados alcanzados en 2018 no comercio mundial reflicten o inicio dunha nova desaceleración que segundo todas as previsións agudizarase nos próximos anos. Esta situación débese á cada vez máis convulsa situación económica mundial, ás tensións que están xerando as guerras comerciais e á maior credibilidade que se lle outorga ás supostas vantaxes das políticas proteccionistas, cos conseguintes aumentos de aranceis. Actuacións como as da Administración Trump ou o Brexit en nada favorecen o desenvolvemento do comercio.

A Organización Mundial do Comercio (OMC), ante un escenario tan convulso esixe, por enriba de todo, un estrito respecto ás normas establecidas para afrontar os auténticos desafíos que ten a economía mundial: a revolución tecnolóxica, o impulso ao desenvolvemento e a creación de emprego. Con todo, a crise alcanzou a propia OMC desde que a Administración americana criticou con dureza o papel deste organismo tras o informe que publicou sobre a política comercial de Estados Unidos.

Agora ben, as políticas comerciais proteccionistas que levan a un retorno a tempos pretéritos non son os únicos factores que lastran a actividade comercial. A OMC tamén entende que o comercio mundial vese moi prexudicado pola «imposición de condicións monetarias máis estritas nos mercados financeiros», pola volatilidade observada nestes mercados ou polo progresivo debilitamento do crecemento económico mundial, no cal ás políticas comerciais lles corresponde certa responsabilidade. Ademais, teñen a súa importancia na crise do comercio as situacións xeradas en países tan determinantes nos seus resultados como o peche da Administración federal en Estados Unidos ou as dificultades que xurdiron no mercado da automoción en Alemaña. Nun recente estudo da propia OMC reflíctese que no caso extremo de que todos os países decidisen fixar aranceis dun modo unilateral, en 2022 o comercio reducirase arredor dun 17% con respecto ás previsións efectuadas.

Neste contexto, o comercio mundial en 2018 subiu, en volume, un 3%. Iso supón unha desaceleración con respecto ao incremento de 2017, ano no que a taxa de crecemento foi do 4,6%, taxa inferior á que suxerían as previsións formuladas no informe de 2017, un 4,4%. Doutra banda, en 2019 agárdanse peores resultados cunha previsión de crecemento do 2,6%. Aínda que é un tanto arriscado, a OMC estima unha certa recuperación en 2020, un 3%, pero iso dependerá da evolución dos desafíos actualmente existentes.

Cadro núm. 1
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume
Taxas de variación interanuais (en %)

	2015	2016	2017	2018	2019*	2020*
Comercio mundial	2,3	1,6	4,6	3,0	2,6	3,0
Exportacións						
Economías desenvolvidas	2,4	1,0	3,6	2,1	2,1	2,5
Economías en desenvolvemento e emerxentes	1,7	2,3	5,6	3,5	3,4	3,7
América do Norte	1,1	0,3	4,2	4,3	2,7	3,7
América do Sur e Central	-0,4	0,7	3,0	0,6	0,7	1,0
Europa	2,9	1,2	3,7	1,6	1,8	2,0
Asia	1,4	2,3	6,8	3,8	3,7	4,1
Outros territorios	3,2	2,9	1,6	2,7	3,4	3,1
Importacións						
Economías desenvolvidas	4,2	2,0	3,3	2,5	1,9	1,9
Economías en desenvolvemento e emerxentes	0,6	1,3	6,8	4,1	3,6	3,9
América do Norte	5,4	0,1	4,0	5,0	3,6	2,5
América do Sur e Central	-8,4	-8,8	4,6	5,2	2,6	5,8
Europa	3,5	3,1	2,9	1,1	1,0	2,1
Asia	3,9	3,6	8,3	5,0	4,6	3,7
Outros territorios	-4,3	-1,9	2,5	0,5	0,5	1,9

* Previsión publicada o 2 de abril de 2019.

Fonte: Secretaría da OMC.

Neste convulso contexto mundial, o comercio galego co estranxeiro mantivo o bo ritmo xa observado nos exercicios anteriores. En volume, as exportacións aumentaron en 2018, un 9,1%, e as importacións un 4,8%; as dúas porcentaxes superiores ao 3% do comercio mundial. Dado que o peso da compravenda galega dos combustibles e dos aceites minerais se mantivo estabilizado, constátase que o incremento observado debeuse a outro tipo de bens. Esta evolución contrasta coa seguida no conxunto de España, cuxo volume de comercio permaneceu moi estancado (as exportacións ascenderon un 0,8% e as importacións un 0,6%).

Por grandes áreas económicas os resultados do comercio mundial en 2018 mostran fortes contrastes. As economías en desenvolvemento mantiveron un maior dinamismo tanto en importacións como en exportacións con respecto ás economías desenvolvidas. Neste último grupo destaca a atonía europea (cuxo comercio tan só aumentou un 1,6% en exportacións e un 1,1% en importacións), fronte ao maior dinamismo de América do Norte (4,3% e 5% respectivamente). Asia, que apuntaba cara a un vertixinoso crecemento nos últimos anos, tamén desacelerou o seu fluxo comercial en 2018, o que contribuíu negativamente ao desenvolvemento do comercio mundial. En todo caso, Asia mantivo taxas de variación elevadas. Peor foi o comportamento de América do Sur e Central, cuxas exportacións se estancaron, debido á menor demanda estranxeira e á situación económica interna dos principais países protagonistas do comercio; pola contra, as importacións recuperáronse. Finalmente, determinadas rexións cun menor protagonismo no comercio mundial agrupadas no cadro 1 baixo a denominación de «outros territorios» mantiveron estancadas as súas importacións, mentres se aceleraban as exportacións.

No fluxo exportador por países, China, malia todos os conflitos, ampliou o seu peso relativo no comercio mundial, representando en 2018 o 12,8% do valor total do exportado. Ao xigante asiático acusado de competencia desleal polos seus competidores, en especial por Estados Unidos, recrimínaselle, entre outras cuestións, o sistema de concesión de subsidios ás súas empresas ou a falta de reciprocidade nos accesos aos mercados internacionais. De feito, o seu superávit comercial é considerable. Tras China, a unha certa distancia e como nos exercicios anteriores, seguen ocupando os dous seguintes postos do *ranking* comercial mundial Estados Unidos e Alemaña, seguidos de Xapón e dos Países Baixos. Pola súa banda, España, cun crecemento do 8%, mantivo a posición 17 no contexto mundial. Por enriba do valor de 345 millóns de dólares exportado por España sitúanse sete países da Unión Europea, supoñendo esta contía o 1,8% de todas as exportacións mundiais.

En canto ao fluxo importador, Estados Unidos lidera o *ranking* mundial, seguido a unha certa distancia por China, quedando moito máis lonxe Alemaña na terceira posición. China tamén encabezaría as importacións de incorporaren ás súas estatísticas as operacións que se realizan desde Hong Kong, as cales son tratadas de forma separada. No comercio internacional por países apréciase o enorme déficit dos Estados Unidos (950 mil millóns de dólares), de tal xeito que de cada euro que recibe polas súas exportacións paga 1,57 euros polas importacións. Da mesma maneira que coas exportacións, España mantivo o posto 15 no *ranking* importador, cun volume que representa o 2% do total mundial.

Cadro núm. 2
Evolución, en volume, do comercio de mercancías en Galicia e España
Taxas de variación interanuais (en %)

		2016	2017	2018
Galicia				
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	6,7	-5,7	12,5
	Importacións	-5,7	3,4	8,1
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	11,7	28,8	0,7
	Importacións	-6,3	25,4	1,9
Total	Exportacións	7,8	2,1	9,1
	Importacións	-6,0	13,9	4,8
España				
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	2,2	2,1	0,9
	Importacións	-0,6	8,1	6,0
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-1,8	22,8	0,4
	Importacións	-5,0	8,8	-4,6
Total	Exportacións	1,5	5,8	0,8
	Importacións	-2,9	8,5	0,6

Datos 2016 e 2017 definitivos, 2018 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Lembremos que en España o peso do comercio externo galego é do 8% en exportacións e do 6% en importacións, polo cal, como é obvio, a incidencia de Galicia no comercio do mundo é moi escasa ao representar o 0,14% do exportado e o 0,12% do importado.

Finalmente, se en lugar de considerar o fluxo comercial de cada un dos seus países membros por separado se toma o comercio externo da Unión Europea coma un todo, en 2018 ocuparía o segundo lugar no *ranking* mundial tras China en exportacións e de Estados Unidos en importacións. O seu saldo comercial presentaría un déficit de 28 mil millóns de euros, o 3% do que alcanzou Estados Unidos.

O comercio externo galego en 2018. Trazos básicos e a súa evolución con respecto ao comercio español

O comercio externo galego seguiu incrementándose en 2018, mantendo así a traxectoria expansiva das últimas décadas. Agora ben, o máis relevante este ano foi a asimetría no comportamento, en termos monetarios, das exportacións e importacións. Mentres que a taxa de variación das primeiras se reducía case á metade da lograda en 2017 (dun 9,1% pasouse a un 4,9%), a das importacións mantíñase en porcentaxes similares e moi elevadas (10,9% en 2017 e 10,6% en 2018). Esta diferente evolución supuxo unha redución do saldo comercial en 763,2 millóns de euros, lográndose, malia iso e por décimo segundo ano consecutivo, un superávit. Este foi de 3.835,5 millóns de euros.

A desaceleración nas exportacións non impediu que, de novo, se alcanzase unha cifra récord en Galicia, 22.857,4 millóns de euros, valor que multiplica por 18,3 o resultado de 1988 e supera en 7.117,8 millóns de euros o logrado en 2008. Do mesmo xeito que nas exportacións, nas importacións tamén se acadou un máximo de 19.022 millóns de euros, cifra que multiplica por 10,8 a de 1988 e supera en 3.525,8 millóns a de 2008.

O progresivo incremento das vendas das empresas galegas nos mercados estranxeiros mostran unha economía que amplía a súa base exportadora e cada vez máis aberta ao exterior. O grao de apertura de Galicia (medido como a suma do exportado e importado ponderado polo PIB) pasou de 0,63 en 2017 a 0,66 en 2018. Recordemos que o valor deste coeficiente era do 0,50 en 2010. Doutra banda, na última década tamén aumentou notablemente o peso das exportacións galegas no PIB. En 2018 confírmase un novo avance situando esta variable no 35,75%; porcentaxe elevada, pero menor á fixada como obxectivo pola Administración autonómica como resultado das políticas de apoio á internacionalización da economía, o 40%. Con todo, e como é obvio, o maior crecemento das importacións propiciou unha caída na taxa de cobertura, que se situou no 120,2%.

Os resultados galegos seguen sendo distintos aos que presenta o conxunto da economía española. Como ocorreu en Galicia, en 2018 desaceleráronse as exportacións, cunha suba do 3,2%, pero tamén o fixeron as importacións (dun crecemento do 10,5% en 2017 pasouse a un 5,4% en 2018). Esta evolución incrementou o déficit comercial, xa tradicionalmente elevado, que se situou en 33.840 millóns de euros, dez veces máis que o superávit galego. Con estes resultados, tanto o grao de apertura como o peso das exportacións no PIB son moi inferiores aos alcanzados por Galicia.

Gráfico 1
Evolución do comercio galego co estranxeiro
(en millóns de euros)



Gráfico 2
Comercio galego co estranxeiro
Taxas de variación interanuais (en %)



En canto ao comportamento do comercio nas diferentes comunidades autónomas, apréciase que Galicia se mantivo no sexto lugar, cunha taxa de variación en exportacións e importacións superior á media española. En 2018 destaca, nas exportacións, o incremento experimentado por Navarra, un 12,2%, que contrasta co descenso de Asturias (-6,3%). O peso relativo deste fluxo de comercio nas diferentes comunidades apenas variou con respecto ao alcanzado en 2017. Cataluña mantivo o liderado cun 25,3% do total exportado por España (25,4% en 2017), posición destacada xa que a segunda comunidade, Andalucía, absorbía o 11,5%. Na economía madrileña apenas si variou en 2018 o fluxo exportador e, a diferenza da catalá, parece máis especializada no mercado interno. O seu peso relativo, un 10,7%, foi superado en 2018 pola Comunidade Valenciana. Tras Madrid situouse o País Vasco, cun fluxo relativamente similar. A continuación xa figura Galicia, cunha capacidade exportadora superior ao peso relativo da súa economía.

Cadro núm. 3
Evolución do comercio externo galego e español (en millóns de euros)

	2006	2008	2010	2012	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia									
Exportacións	14.611,6	15.739,7	14.911,9	16.662,8	17.809,7	18.924,0	19.981,3	21.798,4	22.857,4
Importacións	15.639,4	15.496,2	13.699,7	15.008,9	14.413,3	15.108,5	15.508,5	17.199,7	19.022,0
Saldo comercial	-1.027,8	243,5	1.212,2	1.653,9	3.396,4	3.815,5	4.472,7	4.598,6	3.835,5
Taxa de cobertura (%)	93,4	101,6	108,8	111,0	123,6	125,3	128,8	126,7	120,2
Grao de apertura	0,58	0,54	0,50	0,58	0,58	0,60	0,60	0,63	0,66
% exportacións no PIB	28,03	26,96	26,14	30,63	32,30	33,26	33,87	35,37	35,75
España									
Exportacións	170.438,6	189.227,9	186.780,1	226.114,6	240.581,8	249.794,4	256.393,4	276.142,9	285.023,9
Importacións	262.687,2	283.387,8	240.055,9	257.945,6	265.556,6	274.772,3	273.778,6	302.431,2	318.863,9
Saldo comercial	-92.248,6	-94.159,9	-53.275,8	-31.831,0	-16.532,7	-24.977,9	-17.385,2	-26.288,3	-33.840,0
Taxa de cobertura (%)	64,9	66,8	77,8	87,7	90,6	90,9	93,6	91,3	89,4
Grao de apertura	0,43	0,42	0,39	0,47	0,49	0,49	0,47	0,50	0,50
% exportacións no PIB	16,91	16,95	17,28	21,75	23,18	23,10	22,92	23,68	23,62

Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo) e Contabilidad Regional de España. Base 2010 (INE).

Nas importacións, Galicia tamén ocupa o sexto lugar como xa sucedía nos exercicios precedentes. Neste caso, Cataluña mantén unha posición aínda máis hexemónica que coas exportacións. Madrid ocupa o segundo lugar, aínda que lonxe de Cataluña. Iso suxire que nesta comunidade existe un importante desfase entre o valor das mercancías adquiridas no estranxeiro e o das exportadas. Certamente, os resultados confirman un déficit comercial en 2018 de 31.334 millóns de euros, o cal se aproxima ao déficit comercial de España (33.376 millóns). A economía catalá tamén presenta saldos comerciais negativos (18.554 millóns). Os déficits destas dúas autonomías se compensan, en parte, grazas aos superávits alcanzados polo País Vasco, Valencia, Navarra e Galicia.

Evolución dos principais grupos arancelarios

En tan só un exercicio é moi pouco probable que se produzan cambios drásticos no comercio externo galego, polo que cabería agardar que a estrutura en 2018, analizada por grupos arancelarios, sexa moi similar á comentada no informe de 2017. Así, se neste último ano seis grupos arancelarios absorbían o 79,1% do total exportado e o 82,2% do importado, en 2018 case se reproducen estas mesmas porcentaxes: 79,1% e 83% respectivamente. Iso confirma o elevado grao de concentración existente nos grupos hexemónicos no comercio, aínda que neste ano tiveron evolucións diferentes.

A metade do exportado por Galicia, en concreto o 49,1%, foron ou materias téxtiles e confección ou material de transporte. O primeiro grupo conservou o liderado que xa alcanzara en 2017, a pesar de que a súa facturación descendeu moi levemente (un 0,4%); evolución que non mellorou o grupo de material de transporte cuxo fluxo aumentou só un 0,2%. Este estancamento é o que no fondo explica a desaceleración das exportacións totais galegas. En ambos os grupos, o comercio determínase polas estratexias comerciais das dúas grandes multinacionais con actividade produtiva nesta comunidade: Inditex e PSA.

O 91,1% do comercializado por materias téxtiles e confección son pezas de vestir sexan ou non de punto. Nos dous casos, as exportacións foron moi similares ás de 2017, cun lixeiro aumento nas vendas de pezas de punto e un leve descenso nas que non son de punto, as cales representan a maior partida. Son estes uns resultados territoriais froito da estratexia xeral das plataformas loxísticas de Inditex, distribuídas por todo o mundo e ultimamente redeseñadas para atender con éxito unha crecente demanda *online*. A Arteixo e Narón sumarase agora en Galicia o novo centro que se constrúe en Laracha, obra complexa ante a esixencia dunha grande extensión de solo totalmente nivelado. Obviamente, desde estas plataformas distribúense produtos xerados en lugares moi diversos. O destino do comercio dos bens exportados desde Galicia segue sendo os países da Unión Europea próximos. As maiores exportacións diríxense a Francia, Italia, Reino Unido, Polonia e Portugal.

O outro gran protagonista do comercio galego é o grupo PSA; en concreto, a factoría de Citroën na Zona Franca de Vigo. Así, dos 5.390,1 millóns de euros exportados polo grupo material de transporte, 5.275,8 millóns corresponden á automoción, dos que as dúas principais partidas son vehículos, 4.280,6 millóns, e compoñentes, 910,8 millóns. Do mesmo xeito que ocorre coa confección, as plataformas loxísticas existentes, ademais do funcionamento das autopistas do mar, condicionan o destino dun produto vital na estrutura industrial galega. Os resultados de 2018 aínda están lonxe das cifras récord alcanzadas en 2007 (6.632,6 millóns de euros). Certamente, a industria galega terá que afrontar con celeridade os novos retos esixidos por un sector de automoción en continuo proceso de reestruturación e cada vez con maiores esixencias medioambientais. Previsiblemente a actividade da planta viguesa do grupo PSA nos próximos anos incrementarase de maneira notable, unha vez adaptada a factoría á fabricación de novos modelos, entre os que están as versións eléctricas das furgonetas K9 (Citroën Berlingo, Peugeot Rifter/Partner, Opel Combo, Toyota K9); así como dentro do Proxecto V20, o novo Peugeot 2008, modelo chamado a ter un grande impacto no mercado e do que, en breve, se dispoñerá de unidades de proba. Á espera deste cambio radical que baterá o récord exportador, en 2018 a produción na planta viguesa non puido superar os 400.000 vehículos ao quedarse en 397.759 unidades, das que 337.778 se destinaron ao mercado exterior. Estas cifras son menores ás alcanzadas en 2017, ano no que se fabricaron un total de 437.030 vehículos.

A actividade exportadora na outra partida importante en material de transporte na economía galega, construción naval, foi moi reducida en comparación coa observada en 2017. Trátase dun comercio con resultados moi volátiles ante a irregularidade das entregas e os altos valores dos bens que se exportan. Fronte aos 464,7 millóns de euros en 2017 pasouse a tan só 108,9 millóns en 2018; unha das contías máis baixas deste século xa que só foi inferior a de 2015 con 74,9 millóns de euros. O comercio concretouse en cinco entregas de estaleiros do sur de Galicia: catro buques de pesca e un iate. Este último destinouse ás Illas Caimán, mentres que o estaleiro vigués Armón entregou un arrastreiro a Tunacor, antiga filial de Pescapuerta e actualmente empresa namibia. Tamén este mesmo estaleiro entregou dous arrastreiros xemelgos ao grupo arxentino Moscuzza. As dúas embarcacións teñen 47 metros de eslora. Finalmente, o estaleiro de Marín, Nodosa, fixo entrega a unha sociedade participada pola Armadora Pereira e pola sociedade das Malvinas, Argos Group, dun arrastreiro dotado coas últimas tecnoloxías. Será o buque de maior dimensión no caladoiro das Illas Malvinas. Obsérvase como os barcos de pesca foron os protagonistas nas exportacións de buques en 2018. A partida arancelaria das vendas de barcos incrementarase nos próximos exercicios conforme se vaia completando a importante carteira de pedidos obtida polos estaleiros galegos nos últimos anos.

O terceiro grupo arancelario segundo o valor do exportado en Galicia foi o de minerais e combustibles minerais. En 2017 ocupaba o cuarto lugar, pero un incremento do 23,7%, que supuxo unhas vendas de 1.980,2 millóns de euros, elevouno ao terceiro posto. De novo estamos ante un comercio que pouco incide na actividade económica de Galicia, xa que neste caso responde á estratexia comercializadora do grupo Repsol a través da súa actividade na refinería da Coruña. Francia, Bélxica, Portugal, Países Baixos e Estados Unidos foron os principais destinos. O incremento do valor do exportado debeuse ao aumento dos prezos do petróleo xa que o comercio, medido en toneladas, apenas creceu, un 0,7%, con respecto ao realizado en 2017.

O cuarto grupo, o terceiro en 2017, recolle os resultados dun comercio moi tradicional na economía de Galicia. As exportacións en animais, peixe e moluscos, leite e ovos alcanzaron os 1.896,9 millóns de euros, un 0,2% menos que en 2107. A maior parte deste comercio corresponde aos capítulos do sector pesqueiro, 1.474,16 millóns de euros, que incrementou as súas exportacións nun 1,9%. Estas cifras indican que Galicia mantén o liderado en España neste capítulo arancelario a unha enorme distancia de Andalucía (345 millóns). O comercio concéntrase na provincia de Pontevedra. Moluscos (sobre todo calamares conxelados) e peixe conxelado (principalmente pescada, aínda que tamén fletán, atún, bonito, peixe espada, xurelo e caballa) acaparan o mercado dirixido sobre todo cara a Italia e Portugal, e, en menor grao, a Francia. Como nos anos anteriores, persistiu a venda de produtos da pesca galega, en concreto, peixe conxelado, en territorios afastados como China (quinto país de destino), Vietnam (oitavo país) ou Exipto (noveno país).

Cun 6,7% e un 6,3% respectivamente do total exportado sitúanse dous grupos que recollen as actividades industriais de metais e as súas manufacturas e caldeiras, maquinaria e material eléctrico. O máis destacado en 2018 foi o incremento das exportacións nun 39,6% neste segundo grupo. A priori, a espectacular evolución dun grupo no que se concentran as vendas de bens de equipo mostran unha economía galega que intensifica a súa especialización nun tipo de ben complexo e que incorpora valor engadido. En realidade, o aumento explícase case exclusivamente pola venda, dentro do apartado de material eléctrico, de electrodos de grafito producidos na Coruña pola antiga factoría SLG Carbón, actualmente Showa Danko Carbón; firma xaponesa que fabrica uns cilindros destinado ás fundicións de aceiro e que prové un mercado internacional moi diversificado.

En canto aos metais e ás súas manufacturas, son tradicionais en Galicia as transaccións, por unha banda, de fundición de ferro e aceiro ademais das súas manufacturas e, pola outra, do aluminio e das súas manufacturas. Da primeira, a empresa máis determinante é Megasa, sociedade no concello de Narón. Mentres, o protagonismo da segunda recae sobre Alcoa; multinacional americana da que en 2018 destaca o anuncio de peche da súa factoría da Coruña, e tamén da multinacional padronesa Aluminios

Cortizo, líder en España na fabricación de perfís de aluminio e PVC. En canto ao ferro, os produtos maioritariamente exportados son alambrón e barras de ferro e aceiro, sobresaíndo este ano Bélxica, principal cliente no que se triplicou o valor do exportado, Portugal e Francia. As transaccións de aluminio e as súas manufacturas subiron un 4%, un 9,8% as barras e perfís, o que contrarresta a caída do 0,6% das exportacións de aluminio en bruto. Os destinos destas últimas son Portugal, Francia, Alemaña e Italia, mentres que se prové de perfís de aluminio, sobre todo, a Francia, Alemaña, Portugal e Reino Unido. En canto á industria do aluminio; obviamente, tamén son relevantes as exportacións que se realizan desde o sector químico tanto de óxido como de hidróxido de aluminio, neste caso exclusivamente desde a planta de Alcoa en San Cibrao na provincia de Lugo. As súas vendas pasaron de 162,3 millóns de euros en 2017 a 167,1 millóns en 2018, cos Países Baixos como principal país de destino.

En Galicia hai dous grupos arancelarios que se aproximan aos 1.000 millóns de euros de facturación: a alimentación e o sector químico. Os dous experimentaron significativos incrementos das exportacións en 2018. No sector químico, ademais dos produtos do aluminio xa citados, destacan as exportacións próximas aos 100 millóns de euros de perfumes e augas de tocador, seguramente vinculados aos complementos que comercializa o sector da confección de pezas de vestir. Tamén se rexistraron vendas en torno a 167,3 millóns de euros en insecticidas, mercado liderado polo grupo Zelnova; e 115,2 millóns de biodiésel, sector que tras as positivas expectativas de crecemento que existían a principios deste século, logo dos anos de crise viu fracasar case todos os proxectos máis importantes.

De produtos de alimentación exportáronse 909,9 millóns de euros en 2018, o que supuxo unha suba dun 5,2% con respecto a 2017. Este grupo está liderado polas conservas de peixe (726,4 millóns de euros), cun comercio claramente en alza e co atún como protagonista dunha actividade liderada pola provincia da Coruña, onde se localizan actualmente as tres principais empresas galegas: Calvo, Jealsa Rianxeira e Frinsa. Italia consolídase como o maior cliente tras Francia e Portugal.

Dos restantes grupos arancelarios cabe destacar tres. A madeira e as súas manufacturas, actividade produtiva relevante en Galicia, pero cun peso relativo moi escaso no seu comercio co estranxeiro. Apréciase unha recuperación das vendas de taboleiros de fibra e partículas, en mercados próximos tales como Portugal, principal cliente cunha cota do 24% do mercado estranxeiro. Esta cota aumenta ata o 31,5% ao considerar todo o comercio de madeira e as súas manufacturas grazas ao comercio de madeira en bruto, o cal representa o 87,7% do valor das exportacións totais. A especie que se vende é eucalipto. Un segundo grupo de interese é o comercio que está baixo a denominación produtos de pedra, cemento, cerámica e vidro: a pedra natural nas súas dúas vertentes, xisto (en torno aos dous terzos do total exportado) e granito natural e tallado (o terzo restante). En ambos os dous casos, as exportacións en 2018 descenderon con respecto ao ano anterior. Finalmente, pode chamar a atención o feito de que se exporten en Galicia calzado por valor de 442,7 millóns de euros e cunha traxectoria ascendente, cando a industria case é inexistente. De novo estas transaccións de bens que proveñen en gran parte doutros países ou doutras comunidades autónomas obedecen á estratexia comercializadora do sector da confección de pezas de vestir, en especial de Inditex, en canto a contar cunha ampla oferta de complementos dirixida cara a múltiples países da Unión Europea.

A estrutura por grupos arancelarios das importacións efectuadas desde Galicia presenta, como xa indicamos, similitudes coa das exportacións, xa que son os mesmos grupos os que excedían en 2018 dos 1.000 millóns de euros, malia que as diferenzas entre os dous fluxos de comercio son moi notables. No caso das importacións, é material de transporte o que presenta un claro liderado (absorbe un 28,6% do total) a unha gran distancia, máis de dez puntos porcentuais, de combustibles minerais. A continuación sitúase o grupo I froito da actividade pesqueira e xa en cuarta posición atopamos materias téxtiles e confección, cando en exportacións ocupaba o primeiro posto.

O crecemento do 8,8% nas importacións de material de transporte (fronte ao 0,2% das exportacións) coloca este grupo nun déficit comercial, situación que a priori pode resultar estraña. Obsérvase que case todo o adquirido neste grupo se destina a automoción (5.342,5 millóns de euros dun total de 5.447,5 millóns). Impórtanse compoñentes de automoción por valor de 3.016,79 millóns de euros e vehículos terminados por unha contía de 2.271,3 millóns, xa sexan estes para o mercado galego, para o español ou para a reexportación. Polo tanto, o peso dos vehículos automóbiles de importación que se compran é de tal contía que o seu valor é, aproximadamente, a metade dos vehículos acabados que se exportan.

O valor do importado de minerais e combustibles minerais subiu un 23,5% debido ao aumento do prezo do petróleo. En termos físicos, o incremento, como xa se indicou, foi de tan só un 1,9%. En 2018, Libia substituíu a México como principal provedor de cru cunha factura que duplicou a de 2017. O capítulo de combustibles ten tradicionalmente un peso moi elevado na estrutura importadora e nos últimos anos apréciase que unha boa parte do produto refinado se comercializa no estranxeiro.

Os produtos da pesca absorben tamén unha parte significativa, o 12,3%, das importacións galegas. Integrados no grupo animais, peces, moluscos, leite e ovos, as importacións proceden, sobre todo, dos caladoiros de Arxentina (lagostinos), Illas Malvinas (calamares), Portugal (peixe fresco e conxelado de varias especias, ademais de ameixas e berberechos), Marrocos (polbo conxelado) e Namibia (pesca conxelada). Recordemos que a contía do importado desde Galicia significa o 36,7% do total español (13,3% Cataluña e 10,6% Andalucía) e na actividade de descarga ten un peso determinante o porto de Vigo. A provincia de Pontevedra absorbe o 74,2% das importacións galegas.

O grupo de materias téxtiles e confección ocupa neste fluxo o cuarto lugar ao importarse bens por un valor de 1.771 millóns de euros cun saldo comercial de 4.068,2 millóns de euros. Reitérase o xa indicado nos informes anteriores de que, malia estes resultados, a produción galega dista moito de cubrir esta diferenza. As cifras deste grupo están moi condicionadas pola estratexia de compras que segue Inditex. En 2018 percíbense cambios estratéxicos de interese. Obsérvase un forte descenso dos aprovisionamentos procedentes de Portugal, en especial nas pezas de vestir de punto cunha caída do 41,8%, pero tamén as que non son de punto (-13,1%) e de Italia. Aumentaron as compras a China e Marrocos, pero, sobre todo, incrementáronse as importacións procedentes de Turquía, país que se converteu no primeiro provedor deste sector en Galicia.

Cadro núm. 4
Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios. Ano 2018*

			Importacións			Exportacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
Capítulos	Grupos	Produtos	Millóns de euros	%	TVI (%) 2018-2017	Millóns de euros	%	TVI (%) 2018-2017		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	2.340,2	12,3	5,3	1.896,9	8,3	-0,2	81,1	-10,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	313,5	1,6	-11,6	197,9	0,9	9,8	63,1	-22,6
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	274,7	1,4	-2,2	61,0	0,3	-6,0	22,2	-63,6
16/24	IV	Produtos de alimentación	798,2	4,2	8,2	909,9	4,0	5,2	114,0	6,5
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	3.474,7	18,3	23,5	1.980,2	8,7	23,7	57,0	-27,4
28/38	VI	Produtos químicos	516,3	2,7	21,1	793,3	3,5	7,0	153,7	21,2
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	459,6	2,4	-0,4	284,4	1,2	-2,4	61,9	-23,5
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	77,5	0,4	6,4	213,0	0,9	-10,4	274,9	46,7
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	126,7	0,7	16,4	473,0	2,1	11,4	373,3	57,7
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	205,9	1,1	22,7	360,3	1,6	16,3	175,0	27,3
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.771,0	9,3	-2,2	5.839,2	25,5	-0,4	329,7	53,5
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	103,5	0,5	13,7	463,4	2,0	0,9	447,6	63,5
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	68,9	0,4	10,5	417,2	1,8	7,2	605,2	71,6
71	XIV	Xoiería	16,0	0,1	-14,4	22,5	0,1	-0,9	140,6	16,9
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.634,7	8,6	21,7	1.535,8	6,7	4,2	94,0	-3,1
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.122,2	5,9	19,6	1.441,3	6,3	39,6	128,4	12,4
86/89	XVII	Material de transporte	5.447,5	28,6	8,8	5.390,1	23,6	0,2	98,9	-0,5
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e reloxería	74,7	0,4	-0,1	38,9	0,2	-8,2	52,1	-31,5
93	XIX	Armas	3,5	0,0	435,6	0,2	0,0	118,6	5,9	-88,9
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	182,7	1,0	-9,1	277,9	1,2	-6,3	152,1	20,7
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,2	0,0	-73,9	0,1	0,0	8,3	42,8	-40,1
98-99		Non clasificados	9,9	0,1	92,4	261,0	1,1	17,1	2.632,4	92,7
Total			**19.022,0**	**100,0**	**10,6**	**22.857,4**	**100,0**	**4,9**	**120,2**	**9,2**

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Dos restantes grupos tamén exceden os 1.000 millóns de euros metais e as súas manufacturas, ferramentas, e caldeiras, maquinaria e material eléctrico. Iso tamén ocorría nas exportacións. Así, no primeiro grupo, nun contexto dunha suba das compras dun 21,7%, predominan as importacións de fundición de ferro e aceiro e as súas manufacturas e de aluminio e as súas manufacturas. Neste último a importación determinante é de aluminio en bruto. En canto ao outro grupo, unha parte significativa do importado tense que imputar ao sector da automoción, xa que se trata de material eléctrico que se incorpora á cadea de montaxe.

De entre os grupos que importan bens por un valor inferior a 1.000 millóns de euros destacan os bens alimentarios, cuxo comercio se concentra na compra de conserva de peixe; en concreto atún, procedente, sobre todo, de Ecuador, lugar onde se atopan factorías de capital galego, pero tamén de China, Papúa Nova Guinea, Filipinas e Chile. Hai que salientar a duplicación do valor das importacións de conservas de atún procedentes de China, sendo tamén moi notable o avance nos restantes países.

Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian

Unha cuestión de interese para caracterizar o comercio externo galego e estudar a súa evolución nos últimos anos é indagar sobre a tecnoloxía que levan incorporada os bens que se intercambian. Se o fluxo de comercio, tal como se comprobou na epígrafe anterior, non presentou variacións moi determinantes dun exercicio a outro, tampouco cabe agardar modificacións substantivas no curto prazo no tipo de ben que, segundo a súa achega tecnolóxica, se exporta ou importa.

Como nos informes anteriores, seguiuse a clasificación de só catro apartados proposta por Eurostat, adaptada á CNAE-2009 e na que se distinguen bens industriais de tecnoloxía alta, media-alta, media-baixa e baixa. Observouse que en 2018, con respecto a 2017, mantense a moi baixa porcentaxe do valor dos bens exportados catalogados como de tecnoloxía alta fronte ao total, un 0,9%. Aumentou dun 32,1% a un 34% o peso relativo das mercancías que achegan tecnoloxía media-alta grazas ao avance na venda de produtos químicos, de maquinaria e material eléctrico; incremento no que tamén participa a automoción, principal baluarte neste grupo de bens. Practicamente repítese a porcentaxe da exportación dos produtos de tecnoloxía media-baixa, ante as menores entregas do sector naval, que se contrarresta polo maior valor do petróleo exportado e polo avance do sector metalúrxico. Por último, apréciase que o valor dos bens vendidos de tecnoloxía baixa en 2018 foi similar ao de 2017 debido ao estancamento da confección de pezas de vestir, e un crecemento moderado, un 1,9%, na industria da alimentación. Iso supuxo que dunha porcentaxe do 48,8% se pase ao 46,8%.

Estes resultados seguen indicando que case a metade do valor do exportado desde Galicia son bens que teñen unha escasa achega tecnolóxica. Esta circunstancia pode ser xenérica, pero, como xa se suxería nos informes precedentes, ante a amplitude da clasificación utilizada é probable que unha parte destes bens que se venden desde Galicia de tecnoloxía baixa, na súa maioría prendas de vestir e produtos de alimentación, incorporen tecnoloxías de deseño e innovacións que os fan moi atractivos aos consumidores. Recordemos que neste segmento se atopa a actividade comercial co estranxeiro de Inditex, ademais das restantes empresas de confección galegas, e tamén toda a conserva de peixe.

Con respecto a 2008, ano de inicio da última gran crise económica, persiste o transvase, xa detectado en exercicios anteriores, dos bens de natureza tecnolóxica media-alta aos de baixa debido á caída na facturación na automoción e á duplicación das exportacións na industria da confección, ao que temos que engadir os incrementos en alimentación. Conforme Inditex ía aumentando a súa facturación, máis bens caracterizados como de tecnoloxía baixa se exportaban desde Galicia. Esta traxectoria é posible que cambie nos próximos anos conforme se vaian comercializando os novos modelos previstos para a súa fabricación na factoría de PSA en Vigo e con iso volva gañar peso o grupo no que se concentran os produtos de tecnoloxía media-alta. Tamén se aprecia no cadro 5 que en Galicia non se comercializan nin se comercializaban bens de tecnoloxía alta, xa que o seu peso relativo non alcanzaba o 1% do total tanto en 2008 como en 2018. Isto contrasta como xa avanzabamos no informe de 2017 co peso relativo que os bens deste tipo teñen en determinadas comunidades autónomas españolas. O peso no conxunto do Estado foi do 8,4%, unhas décimas menos que en 2008 e 2017; destacando Madrid, comunidade na que arredor dun terzo das súas exportacións son deste tipo. Tamén teñen un certo peso na estrutura exportadora de Cataluña e Andalucía (exceden lixeiramente o 10% do total). Non obstante, nesta última comunidade, tendo en conta que o peso de 2008 era do 4,7%, debe de considerarse como un segmento emerxente grazas ao progreso da súa industria aeronáutica nesta década. Doutra banda constátanse os resultados moi negativos de Baleares nestes bens de tecnoloxía alta. As súas exportacións reducíronse en torno a dous terzos ante a caída nas vendas na construción aeronáutica, situación que contrasta cunha suba nas importacións. En Galicia, malia a importancia crecente deste sector, a contía das súas exportacións reduciuse en 2018 a 5 millóns de euros.

En canto ao conxunto dos bens que se importan, a distribución porcentual nas catro categorías apenas si variou con respecto á alcanzada en 2017, a pesar do incremento do 10,5% no importado. Segue sen mellorar o grupo de bens de tecnoloxía alta e o seu peso relativo, un 1,7%, é 3,3 puntos porcentuais máis baixo que en 2008. Iso débese á caída na compra das especialidades farmacéuticas. Este valor tan baixo tamén contrasta co alcanzado nalgunhas das comunidades autónomas españolas, cuxo peso relativo excede o 20%: Madrid (32,8%), Illas Balares (21,7%) e Castela-A Mancha (26,6%). As porcentaxes desta última debéronse á adquisición de produtos farmacéuticos e informáticos.

O peso relativo do conxunto de bens de tecnoloxía media-alta situouse no 45,8% (35,7% en 2008), grazas ao significativo incremento nas compras de compoñentes de automoción. Noticia positiva en canto á dinámica que segue a automoción, pero un tanto preocupante ante unha posible substitución de compoñentes fabricados en España pola produción no estranxeiro. Situación contraria é a que presenta no conxunto de bens de tecnoloxía media-baixa. O seu peso relativo aumentou con respecto a 2017, pero caeu notablemente en relación con 2008 debido á evolución dos crus, pero, sobre todo, ás oscilacións nas provisións en metalurxia e produtos de ferro e de aceiro. Finalmente, o peso relativo que tiñan os produtos importados de tecnoloxía baixa en 2008 é practicamente o mesmo do de 2018. As exportacións da industria téxtil son moi similares, o que contrasta cunhas compras de alimentación que se duplican; se ben, o elevado crecemento do conxunto de bens importados non consegue que mellore a taxa porcentual dese grupo.

Cadro núm. 5
Evolución do comercio externo en Galicia de produtos da industria manufactureira por nivel tecnolóxico (en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións 2008	Exportacións 2018	Importacións 2008	Importacións 2018
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	44,8	395,0	44,1
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	141,1	188,6	189,5
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	5,0	2,3	61,8
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8	190,8	585,9	295,4
	% sobre o total	0,9	0,9	5,0	1,9
Medio-Alto	20 Industria química	328,7	803,0	542,2	632,7
	254 Fabricación de armas e municións	1,3	0,2	0,6	3,4
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	785,6	482,9	281,3
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	538,8	514,7	628,8
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	5.277,4	2.604,8	5.444,0
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,7	3,7	0,6
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	1,8	0,0	1,4
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	1,9	21,7	9,6
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicos e odontolóxicos	4,2	13,0	8,7	21,7
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2	7.422,3	4.179,3	7.023,6
	% sobre o total	48,1	34,0	35,7	45,8
Medio-Baixo	182 Reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	1.561,4	630,6	477,2
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	252,5	198,4	294,3
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	517,9	149,7	79,9
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	970,1	1.240,3	1.374,4	1.163,9
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	339,0	265,0	321,2
	301 Construción naval	164,4	108,9	57,9	11,0
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0	0,0	0,0
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0	4.019,9	2.676,1	2.347,6
	% sobre o total	15,7	18,4	22,9	15,3
Baixo	10 Industria da alimentación	1.580,2	2.637,2	1.720,2	3.197,0
	11 Fabricación de bebidas	31,7	62,9	12,4	26,4
	12 Industria do tabaco	0,2	3,4	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	523,6	405,3	444,9
	14 Confeción de pezas de vestir	2.288,5	5.383,4	1.387,2	1.339,0
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	592,2	70,7	144,6
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	404,3	266,3	118,2
	17 Industria do papel	303,2	354,0	166,1	202,1
	181 Artes gráficas	0,8	0,2	0,1	0,1
	31 Fabricación de mobles	71,0	193,7	171,6	129,8
	32 Outras industrias manufactureiras (agás 325)	66,1	66,5	56,1	51,0
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3	10.221,4	4.256,0	5.653,0
	% sobre o total	35,3	46,8	36,4	36,9
Total		**14.879,3**	**21.854,5**	**11.697,2**	**15.319,5**

Datos 2008 definitivos e 2018 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En resumo, do cadro 5 dedúcese que mentres en Galicia se importan en 2018 sobre todo produtos de tecnoloxía media alta, grazas ao gran peso do sector da automoción e dos seus compoñentes, expórtanse maioritariamente produtos de tecnoloxía baixa (cos problemas na definición xa comentados), porque aí se inclúen os produtos de alimentación e de confección.

Traxectoria dos índices de comercio exterior

As estatísticas que se publican sobre as transaccións de mercancías efectuadas desde Galicia co estranxeiro permiten elaborar un conxunto de índices que reflicten as peculiaridades da estrutura do comercio galego. Varios índices simples xa se presentaban no cadro 3 (taxa de cobertura, grao de apertura ou peso das exportacións no PIB). Nesta epígrafe, do mesmo xeito que nos anteriores informes, seleccionáronse dous: un índice de concentración, co que se pretende cuantificar o elevado peso duns cantos capítulos arancelarios, e un índice de comercio intraindustrial que mide o grao no que o valor do exportado e do importado procede dos mesmos capítulos.

Como adoita ser habitual, para medir a concentración utilízase o índice de Hirschmann, que neste caso se aplica aos 98 capítulos arancelarios. Pola súa construción, o intervalo de definición oscila entre 10,1 (sería a máxima dispersión) e 100 (máxima concentración). Os resultados de 2018 reflicten un lixeirísimo aumento, con respecto a 2017, da concentración nos dous fluxos do comercio, sendo esta maior nas importacións que nas exportacións; circunstancia que se observa desde 2012 xa que antes sucedía o contrario. O valor do índice do exportado é de 31,6 (dúas décimas máis que en 2017), mentres que o do importado é 36,4, tamén dúas décimas máis. Ante un comportamento similar na distribución do comercio ao de 2017, non se observan cambios significativos en 2018, se ben nestes dous anos as exportacións están moito máis diversificadas que as realizadas nos primeiros anos do presente século. No gráfico 3 apréciase que en 2001 o valor deste coeficiente era de 51,2, case vinte puntos máis alto. Nos anos seguintes mantivo unha traxectoria descendente, con algún altibaixo, ata 2012, ano en que se logrou o valor máis baixo da serie, 30,8, para, a partir de entón, subir debilmente no período 2014-2016 e caer de novo en 2017. A traxectoria seguida nas dúas últimas décadas conduciu a que o fluxo exportador galego non estivese tan concentrado como nos inicios do século. Isto explícase pola irrupción do sector da confección de pezas de vestir, actividade cada vez máis puxante, e tamén polas maiores vendas de petróleo aos mercados estranxeiros. Esta situación permitiu unha diversificación dun comercio totalmente dominado polo sector da automoción e dos seus compoñentes a principios de século.

Gráfico 3
Evolución do índice de concentración do comercio externo galego. Índice de Hirschmann



Gráfico 4
Evolución do índice de comercio intraindustrial exterior galego. Índice de Grubel e Lloyd



A diferenza das exportacións, o valor do índice aplicado ás importacións reflicte unha concentración relativamente similar á existente nos primeiros anos do novo milenio. Na súa traxectoria desde 1995, o máximo alcanzouse en 2000 con 40 e o mínimo en 2009 con 31. Desde 2014 apréciase un progresivo incremento na concentración, seguramente debido ás maiores provisións do sector da automoción, ao que se suma a desaceleración nas compras de confección de pezas de vestir. Nesta traxectoria tamén inflúen a volatilidade nos prezos dos produtos petrolíferos e as oscilacións nos metais e as súas manufacturas e a maquinaria.

No referente á maior ou menor existencia de comercio intraindustrial, o índice que se veu utilizando nos anteriores informes é o de Grubel e Lloyd sen corrixir, o cal, aínda que non está exento de múltiples limitacións, permítenos albiscar o peso das transaccións que se realizan nos mesmos capítulos arancelarios, xa que este índice se elabora coa información publicada sobre os 98 capítulos. A súa interpretación é moi simple. Está deseñado para que poida oscilar entre 0 (a totalidade do comercio é interindustrial) e 1 (todo o comercio é intraindustrial). Desde 1995, ano de inicio da serie, mostrou en Galicia unha tendencia crecente, de tal xeito que a cifra récord de 2017 foi superada pola de 2018. O seu valor neste exercicio é de 0,73, o que suxire que un 73% do comercio que se realiza en Galicia é intraindustrial, fronte ao 27% que sería interindustrial. Obviamente esta análise está condicionada polo grao de agregación que se utiliza. Canto maior sexa a desagregación, cabe agardar que o valor do índice será máis baixo.

O feito de que a estrutura das importacións e exportacións galegas se asemellan (non en balde dicíase anteriormente que seis grupos arancelarios absorbían o 79,1% das exportacións e o 83% das importacións), leva asociado un elevado comercio intraindustrial. Ante esta evidencia temos que preguntarnos se as exportacións galegas son de mellor ou peor calidade que as importacións do mesmo capítulo. Para iso hai que elaborar os índices de valor unitario, os cales seguen indicándonos que os produtos que se exportan melloran a calidade dos que se importan.

Destino e orixe do comercio externo galego en 2018

En 2018, o 77,6% do valor total do exportado dirixiuse á Unión Europea e un 62,8% á Eurozona. Ambas as dúas porcentaxes son superiores ás de 2017. Iso suxire que a empresa galega actúa cada vez con máis comodidade no mercado comunitario, xa que o pode facer do mesmo xeito que nas restantes comunidades autónomas españolas e coa vantaxe da súa maior dimensión. Os actuais resultados do comercio suxiren que a tendencia é a que se intensifique a súa presenza nese territorio, iso si, reducindo a súa xa de por si escasa presenza noutros máis afastados. De feito, se combinamos a estatística de Aduanas coa que elabora o diario económico *Expansión* sobre as exportacións interrexionais en España (actualmente ata 2015), vemos que en Galicia o valor das exportacións que se dirixían nese ano aos países da Unión Europea, 14.115,7 millóns de euros, superaba as que se realizaban ao resto de España, 12.481,3 millóns de euros.

O resultado anterior é unha mostra dun dos efectos da crise que perdurou polo menos ata 2015: a caída na demanda española. Así, en 1995 o que se vendía ao resto de España desde Galicia representaba máis do dobre das súas exportacións totais. En 2008, o saldo aínda era favorable ao mercado español. É a partir do inicio da crise e ante o derrube da demanda interna española cando se produciu ese cambio de signo, sendo cada vez maior esa diferenza. Doutra banda, e segundo estas estatísticas, en 2015 é cando por vez primeira as exportacións á Unión Europea superan o vendido ao conxunto das restantes comunidades autónomas españolas.

É obvio que cun 62,8% das exportacións totais, o mercado da Eurozona é determinante para a economía de Galicia, malia que unha boa parte das vendas obedecen ás estratexias loxísticas de Inditex e PSA. Este peso relativo con respecto a 2017 aumentou, como tamén o fixo a porcentaxe de exportacións galegas á Eurozona sobre o total español. Esta cifra é considerablemente elevada, un 9,8%, dado o peso relativo no Estado da economía galega.

No *ranking* dos sete principais países de destino das exportacións galegas, todos eles, agás o Reino Unido, son da Eurozona. Francia, Portugal, Italia e Alemaña absorben a metade das exportacións totais.

Con respecto ao resto de España, tamén é elevado o peso relativo das exportacións galegas aos países da Unión Europea que non comparten a moeda única. Este peso incrementouse nos últimos anos, alcanzando en 2018 o 9,1%. Dous destinos, Reino Unido e Polonia, son os principais responsables deste comportamento. O primeiro ocupaba o cuarto lugar no *ranking* exportador e o seu comercio será tratado máis polo miúdo nun próximo apartado. En canto a Polonia observouse un incremento dun 13,9% nas exportacións, o que lle permite pasar ao oitavo lugar tras superar a Marrocos, país que descendeu o valor do exportado un 11,1% en 2018. As exportacións a Polonia foron case catro veces superiores ás realizadas en 2010, cun mercado moi concentrado en pezas de vestir de punto, non de punto e nos seus accesorios e complementos (72,9%). Na política de creación de plataformas loxísticas de Inditex, Polonia conta con dous almacéns para as vendas *online*.

Pola súa banda, as vendas ao resto de Europa caeron sensiblemente en 2018. O peso relativo destas exportacións sobre o total descendeu en 1,1 puntos con respecto a 2017. Tras uns exercicios anteriores relativamente estables, a baixada dun 14,4% debeuse a unha menor facturación da automoción en Turquía, país no que se concentran as exportacións galegas neste territorio.

Nos restantes continentes, as exportacións galegas séguense concentrando en América, pero con valores inferiores aos de 2017. Iso supuxo unha perda de 8 décimas no seu peso relativo sobre o total. O principal país de destino continúa a ser Estados Unidos (ocupou o lugar décimo no *ranking* total galego),

malia que o descenso observado dun 5,1% pode estar relacionado co endurecemento das condicións do comercio e co aumento do proteccionismo. As principais caídas obsérvanse na venda de crus, e fundición, ferro e aceiro e en pezas de vestir que non son de punto. Tamén baixou bruscamente o comercio con México (segundo país de destino das exportacións nese continente) e con menos intensidade con Arxentina (quinto país). México recibe de Galicia unha ampla variedade de produtos e os peores resultados de 2018 explícanse pola entrega en 2017 a Pemex dos barcos fabricados en Navantia e Hijos de J. Barreras. Do mesmo xeito desacelerouse a venda de automóbiles, sector que explica o descenso das exportacións cara a Arxentina. Pola contra, mellorou o comercio con Chile (terceiro lugar) e, sobre todo, con Brasil (cuarto lugar), debido, no primeiro caso, ao sector da automoción. En Chile o grupo PSA está adquirindo progresivamente unha maior presenza e hoxe en día proxecta a construción dunha nova xeración de modelos Opel. Con respecto a Brasil, as exportacións pasaron de 76,3 millóns a 174,7 millóns, grazas ao espectacular crecemento nas vendas de petróleo.

Os continentes de África e Asia teñen un peso relativo similar no mercado exportador galego desde 2015, aínda que, froito da concentración do comercio na Unión Europea e do descenso no valor do exportado aos dous territorios, as dúas taxas caeron en 2018. O máis rechamante das exportacións a África foi o descenso observado nunha das economías emerxentes e principal cliente galego neste continente: Marrocos. Apréciase un cambio substantivo na estrutura comercial deste país que perdeu un posto a favor de Polonia no *ranking* galego, ocupando o noveno lugar. Con todo, dous de cada tres euros da exportación galega a África dirixiuse a Marrocos. Percíbese unha notable caída nas vendas de materias primas para o sector téxtil como, por exemplo, o algodón (-39,6%), tamén en pezas acabadas de vestir que non son de punto (-32%) e en automoción (-44%). Estes resultados levan a unha reflexión, xa que ao mesmo tempo as importacións galegas procedentes dese país aumentaron un 34,7%, recortándose substancialmente o saldo comercial positivo favorable a Galicia. O mercado marroquí de coches gaña en autonomía, mentres crecen as vendas a Galicia de compoñentes da automoción, en concreto, as partes dos vehículos relativas ao material eléctrico. Os produtos da pesca e os bens acabados de confección reforzan as vendas marroquís a Galicia.

Alxeria (madeira, automóbiles e granito) e Exipto (automóbiles e pesca) son os dous seguintes países no *ranking* africano, se ben o valor do exportado rolda o 10% do que se vende en Marrocos. Destaca o auxe do comercio de automóbiles en Exipto, que de 6 millóns de euros en 2107 pasou a 25 millóns en 2018.

As exportacións cara a Asia en 2018, moi similares en valor ás de 2017, están máis diversificadas que as africanas. O primeiro país do *ranking* é China, co que Galicia mantén un elevado déficit comercial (importa por valor de 784,5 millóns de euros e exporta por 196,95 millóns), se ben o exportado case duplica o adquirido por Corea do Sur ou Xapón, seguintes países no *ranking* asiático. Nos tres casos observouse un incremento do comercio, o cal segue concentrado en China no peixe e nas pezas de vestir; en Xapón destaca a carne de porcino, ademais das pezas de vestir, e en Corea o produto fundamental é o automóbil. Estes incrementos contrastan co declive das exportacións cara a Israel, centrado na automoción e pezas de vestir; país que mantivera un fluxo de comercio elevado en 2016 grazas á suba na adquisición de coches.

Finalmente, o comercio exportador con Oceanía concéntrase en Australia, pero despois da mellora que experimentou hai uns anos pola venda de buques de guerra por parte de Navantia, o valor total do exportado por Galicia en 2018 foi simbólico, xa que apenas alcanzou o 0,2%.

O peso do petróleo e da confección de pezas de vestir fai que as importacións non se concentren tanto na Unión Europea como o facían as exportacións. Aínda así, máis da metade do importado en 2018 procedía deste territorio (53,7%) e o 49,2% da Eurozona. Do mesmo xeito que sucedía no fluxo exportador, segundo as estatísticas publicadas por *Expansión*, as importacións galegas procedentes da Unión Europea en 2015, 8.936,4 millóns de euros, superaban en valor as recibidas desde o resto de España (8.338 millóns); de tal xeito que o valor do total de produtos que Galicia importa desde o estranxeiro case dobra o que recibe das comunidades autónomas españolas. Iso é así polo singular peso das provisións de crus, confección e automoción.

O crecemento dun 10,5% do importado en 2018 explícase, en trazos xerais, polo aumento no prezo do cru que motivou que case se duplicasen as compras a Libia, mentres que aumentaron un 45,2% as de México. Tamén influíu o forte ascenso nas compras a Marrocos e Turquía.

En canto ao comportamento das importacións por grandes territorios, a Eurozona reduciu o seu peso relativo en 2,7 puntos, cunha actividade moi concentrada na automoción e os seus compoñentes, a cal absorbe o 55,4% do valor total; do que o 85% provén de Francia, país cuxo comercio con Galicia se analizará con máis detalle noutra epígrafe. Ademais de compoñentes de automoción, a factura de importacións galegas á Eurozona complétase coa adquisición de produtos de fundición, ferro e aceiro que absorberon un 7,1% do total, sendo Portugal e Francia os principais provedores. Estes países tamén lideran o *ranking* no terceiro capítulo que máis se importa (4,3% do total), peixes, crustáceos e moluscos, en concreto, peixe fresco e moluscos. Así mesmo ten relevancia un cuarto capítulo, a adquisición de maquinaria e outros bens de capital, cuxo valor do importado é similar ao de produtos da pesca (4,2% do total), sendo neste caso Italia e Alemaña os principais provedores.

De entre os países da actual Unión Europea que non están na Eurozona destacan as importacións procedentes de Reino Unido, República Checa e Polonia con incrementos sensibles nos tres casos, malia que o saldo comercial co Reino Unido e Polonia é moi favorable a Galicia. Do resto de Europa, os nosos principais provedores son Turquía e Rusia. A mellora do comercio en Turquía foi do 16,4% explicable polas maiores provisións galegas de materias téxtiles e de pezas de vestir, comercio que supón o 83,7% do que se adquire a Turquía. Este país consolídase como provedor de produtos téxtiles á industria galega, seguramente a costa de Portugal. En canto a Rusia, a importación predominante seguiu sendo o petróleo en bruto, cuxa factura aumentou un 28,4% a pesar de comprar un 10,4% de toneladas menos.

O peso relativo do importado desde os restantes continentes oscila entre o 14,2% de América e o 12,4% de África. Os dous principais provedores procedentes do continente americano foron México e Estados Unidos. Este último país superou a Arxentina en 2018 ante o crecemento do seu comercio nun 50,9%. Malia todos os problemas, as compras subiron de 298,1 millóns de euros a 449,8 millóns, afectando a unha variedade de produtos, sobre todo: combustibles, sosa cáustica, aeronaves, pesca e residuos da industria animal. De entre os resultados alcanzados destacan os 56 millóns da industria aeronáutica, sector cuxas importacións apenas existiron en 2017. En canto a México, as importacións case se circunscribiron a combustibles (745 millóns de euros sobre un total de 761,1 millóns). Tamén se observou un aumento do comercio coas Illas Malvinas debido ao auxe do molusco conxelado (calamar patagónico) e con Perú. Pola contra, en 2018 apréciase un sensible declive do mercado arxentino (de importarse 353,5 millóns de euros en 2017 pasouse a 281,9 millóns en 2018). Ante un sector pesqueiro estabilizado, iso debeuse ao derrube nas compras galegas dos residuos da industria alimentaria para a alimentación animal, redirixíndose este comercio cara a Estados Unidos e Brasil.

Cadro núm. 6
Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia										
Eurozona	11.068,1	11.795,2	12.139,3	13.276,6	14.355,4	7.261,3	7.852,7	8.349,1	8.932,7	9.353,9
Resto UE-28	1.747,2	2.320,5	2.846,9	3.055,6	3.380,0	1.331,0	1.083,7	780,7	751,7	856,4
Resto de Europa	1.028,5	1.019,2	1.054,9	1.049,9	898,6	830,6	830,6	861,1	884,5	996,8
África	1.119,5	976,6	1.111,0	1.207,7	1.086,2	1.439,4	1.578,4	1.469,4	2.094,2	2.599,3
América	1.679,8	1.697,7	1.650,4	1.914,0	1.828,6	2.066,4	1.926,8	2.003,5	2.209,0	2.704,7
Asia	951,1	958,4	1.046,4	1.079,1	1.046,7	1.404,0	1.741,2	1.924,4	2.205,2	2.363,4
Oceanía	88,7	17,1	12,7	60,8	39,1	42,9	52,5	60,4	81,4	115,1
Sen determinar	126,9	139,3	119,6	154,6	222,9	37,7	42,6	60,1	41,0	32,3
Total	**17.809,7**	**18.924,0**	**19.981,3**	**21.798,4**	**22.857,4**	**14.413,3**	**15.108,5**	**15.508,5**	**17.199,7**	**19.022,0**
España										
Eurozona	120.228,6	125.933,6	132.812,8	142.523,6	146.830,1	114.353,6	122.820,0	125.506,0	134.309,7	138.385,5
Resto UE-28	29.722,5	33.391,9	35.421,1	36.238,2	36.946,3	25.789,0	29.477,9	29.058,8	30.108,9	31.150,3
Resto de Europa	15.319,7	14.240,4	14.480,8	16.160,9	16.371,9	17.427,3	14.952,7	15.143,9	17.295,0	18.570,5
África	16.306,2	16.181,5	16.560,6	17.666,5	18.565,4	28.130,0	23.914,2	19.924,0	24.153,1	27.738,7
América	26.291,4	28.246,9	26.638,1	29.740,1	30.407,5	29.122,7	28.808,1	28.297,9	32.693,2	33.761,1
Asia	22.692,0	23.903,1	23.803,3	25.451,2	26.151,3	47.511,4	51.974,1	53.184,7	60.917,8	66.114,5
Oceanía	1.798,8	1.808,6	1.611,0	1.999,3	1.921,8	888,8	765,7	799,4	987,4	1.054,1
Sen determinar	8.222,7	6.088,3	5.065,8	6.363,1	7.829,5	2.333,7	2.059,7	1.863,9	1.966,0	2.089,2
Total	**240.581,8**	**249.794,4**	**256.393,4**	**276.142,9**	**285.023,9**	**265.556,6**	**274.772,3**	**273.778,6**	**302.431,2**	**318.863,9**
%Galicia/España										
Eurozona	9,2	9,4	9,1	9,3	9,8	6,3	6,4	6,7	6,7	6,8
Resto UE-28	5,9	6,9	8,0	8,4	9,1	5,2	3,7	2,7	2,5	2,7
Resto de Europa	6,7	7,2	7,3	6,5	5,5	4,8	5,6	5,7	5,1	5,4
África	6,9	6,0	6,7	6,8	5,9	5,1	6,6	7,4	8,7	9,4
América	6,4	6,0	6,2	6,4	6,0	7,1	6,7	7,1	6,8	8,0
Asia	4,2	4,0	4,4	4,2	4,0	3,0	3,4	3,6	3,6	3,6
Oceanía	4,9	0,9	0,8	3,0	2,0	4,8	6,9	7,6	8,2	10,9
Sen determinar	1,5	2,3	2,4	2,4	2,8	1,6	2,1	3,2	2,1	1,5
Total	**7,4**	**7,6**	**7,8**	**7,9**	**8,0**	**5,4**	**5,5**	**5,7**	**5,7**	**6,0**

Datos 2012 a 2017 definitivos e 2018 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 7
Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia
Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2016		2018		
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	TVI (%)
Exportacións					
Francia	4.165,0	20,8	4.327,6	20,0	3,9
Portugal	2.759,1	13,8	3.122,6	14,4	13,2
Italia	2.021,1	10,1	2.232,1	10,3	10,4
Reino Unido	1.430,5	7,2	1.610,5	7,4	12,6
Alemaña	1.322,2	6,6	1.291,0	6,0	-2,4
Países Baixos	1.088,3	5,4	1.118,1	5,2	2,7
Bélxica	804,3	4,0	1.087,2	5,0	35,2
Polonia	674,8	3,4	768,8	3,5	13,9
Marrocos	779,5	3,9	693,4	3,2	-11,1
Estados Unidos	580,0	2,9	550,7	2,5	-5,1
Resto de países	4.356,4	21,8	4.874,4	22,5	11,9
Total	**19.981,3**	**100,0**	**21.676,3**	**100,0**	**8,5**
Importacións					
Francia	4.729,9	30,5	5.107,7	29,8	8,0
Portugal	1.923,3	12,4	1.846,6	10,8	-4,0
Libia	487,8	3,1	911,2	5,3	86,8
China	719,4	4,6	784,5	4,6	9,1
México	524,1	3,4	761,1	4,4	45,2
Italia	819,6	5,3	729,6	4,3	-11,0
Alemaña	624,3	4,0	690,9	4,0	10,7
Turquía	443,6	2,9	516,2	3,0	16,4
Marrocos	376,6	2,4	507,4	3,0	34,7
Indonesia	457,3	2,9	451,8	2,6	-1,2
Resto de países	4.402,6	28,4	4.833,8	28,2	9,8
Total	**15.508,5**	**100,0**	**17.140,8**	**100,0**	**10,5**

Datos 2016 definitivos e 2018 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En África, seis países importaron a Galicia en 2018 por un valor superior aos 100 millóns de euros. O comercio concentrouse en Libia (911,2 millóns de euros e terceiro país no *ranking* total galego), grazas exclusivamente á adquisición de combustibles. Marrocos ocupa o segundo lugar, con importacións de 507,4 millóns de euros, cun comercio, como xa se indicou, moi centrado na pesca (especialmente polbo conxelado), materias téxtiles e compoñentes de automoción. Os catro lugares seguintes ocupáronos Namibia (mantivo un moderado crecemento na saída cara a Galicia de pescada conxelada); Nixeria (triplicáronse as súas exportacións debido á compra de gas licuado); Alxeria (as importacións case se reduciron á metade debido a unha menor compra de petróleo) e Guinea (as importacións de minerais e aluminio pasaron de 100,3 millóns de euros a 135,8 millóns). Xunto coa redución das importacións alxerinas é salientable o abandono do mercado petroleiro exipcio (de 214,4 millóns de euros en 2017 pasouse a cero en 2018).

En Asia a referencia é China, cuarto país importador no *ranking* galego. Alcanzou a cifra récord de 784,5 millóns de euros en 2018 e iso logo do descenso observado en 2017. En España xa ocupa o terceiro lugar do *ranking* importador, cun total de 26.908,5 millóns de euros, polo que Galicia absorbe en torno a un 3% do total español. As compras galegas en China son moi variadas, aínda que destacan os produtos téxtiles e pesqueiros. A unha certa distancia de China, en canto ao valor do importado, atópase Indonesia, cuxo comercio permaneceu estable en 2018. Este concéntrase en dous tipos de bens: carbón fornecido ás centrais térmicas e aceite de palma. Ademais de China e Indonesia, superan os 100 millóns de euros as transaccións galegas con Xapón (impórtanse, sobre todo, automóbiles), India (cun comercio estable, fornece a Galicia de aluminio en bruto e cefalópodos), Iraq (o comercio de crus nun momento convulso ante a retirada de Estados Unidos do pacto nuclear incrementouse de 93,4 millóns de euros a 148,4 millóns), Bangladesh (comercialízanse case exclusivamente pezas de vestir) e Corea do Sur (cun mercado moi diversificado no que predominan as vendas de tecidos, peixes e os produtos laminados de ferro e aceiro).

Finalmente, as importacións procedentes de Oceanía, 115,1 millóns de euros, superan o exportado (39,1 millóns). Se o destino destas últimas era Australia, as importacións acapáranas Nova Zelandia (con pesca de varias especies) e, sobre todo, Papúa Nova Guinea, territorio no que nos últimos anos se instalaron varias fábricas de conservas de atún; produto que entra en Europa grazas á exención de aranceis e actualmente vese como unha ameaza para o sector conserveiro galego.

O comercio externo galego en 2018 con catro países: Francia, Portugal, Italia e Reino Unido

Francia seguiu sendo en 2018 o país que liderou o comercio externo galego tanto en importacións como en exportacións, malia que cunha traxectoria diferente nos dous fluxos nos últimos anos. Mentres as importacións foron crecendo incesantemente, as exportacións, que caeron con forza nos dous primeiros anos da crise, non acaban de mellorar ante a espera da comercialización dos novos modelos programados para a factoría de Vigo pola multinacional gala PSA. Así, se os 5.107,7 millóns de euros importados en 2018 eran unha cifra récord e supoñían 1.729,9 millóns máis que en 2017, os 4.317,6 millóns exportados en 2018 distaban moito dos 6.057,4 millóns de 2017. Obsérvase no gráfico 5 que o saldo comercial tornouse negativo a partir de 2016, ampliándose a diferenza a favor das importacións francesas nos últimos dous anos.

En exportacións, Francia absorbía en 2008 o 20% do total galego. pero cun crecemento do 3,9% inferior ao total exportado, un 8,5%. Vehículos automóbiles, que en 2017 absorbían o 50% das exportacións cara a Francia, pasou en 2018 a representar o 46%, por tanto cunha caída en torno ao 4%. Nunha epígrafe anterior mostrouse o descenso na produción galega de coches en 2018, caída que tamén se

Gráfico 5
Evolución do comercio externo galego con Francia
(en millóns de euros)



Gráfico 6
Evolución do comercio externo galego con Portugal
(en millóns de euros)



reflicte nos envíos ás plataformas loxísticas francesas. Pola contra, obsérvase un certo incremento nas exportacións de compoñentes de automoción, industria con gran presenza no sur de Galicia. O feito de que a exportación de automoción sexa o 46% do total francés suxire unha maior diversificación, xa que en 2007 representaba o 83,9% do total, o que en termos monetarios supoñía un valor da exportación similar a toda a realizada desde Francia en 2018.

Esta maior diversidade nos produtos reflíctese en que en 2018 xa son nove os capítulos arancelarios que exportaron por un valor superior aos 100 millóns de euros. Todos seguiron unha liña expansiva coa excepción do xa citado sector da automoción. Despuntaron catro grupos de bens con taxas de crecemento de dous díxitos: combustibles minerais, aluminio, manufacturas da pedra e aparellos e material eléctrico. Pola contra reduciuse a máis da metade a exportación de fundición, ferro e aceiro.

Fronte a una certa diversificación nas exportacións, a automoción e os seus compoñentes acaparan as importacións francesas a Galicia. Este grupo, como en 2017, volveu absorber o 86% das importacións. Dun total de 4.400,6 millóns de euros, o 60% corresponde a compoñentes e o 40% a vehículos automóbiles. Estes resultados reflicten que as compras galegas a Francia case unicamente son do sector da automoción e, de feito, tan só dous capítulos arancelarios exceden, tanto en 2017 como en 2018, os 100 millóns de euros. Trátase da fundición de ferro e aceiro, capítulo no que creceron as importacións un 24,8% grazas á adquisición de produtos de ferro e aceiro. O outro capítulo é o sector pesqueiro, no cal se incrementaron as compras un 3,8%. As importacións de peixe de Francia son moi variadas, posto que tanto se merca peixe fresco (pescadas e rapes) como conxelado (atúns) ou moluscos (vieiras).

A especial relación de veciñanza con Portugal fai que o comercio sexa intenso, se ben o valor do que se lle vende case é o dobre do que se lle compra. Como se comproba no gráfico 6, o saldo comercial sempre foi positivo para Galicia e aumentou notablemente nos dous últimos anos. En 2018 alcanzouse un novo récord, 1.276 millóns de euros. Iso débese a que mentres as exportacións creceron un 13,2% (sendo o 14,4% das exportacións totais galegas), as importacións, que representan o 10,8% do total, diminuíron un 4%. No gráfico 6 apréciase a fenda que se abriu entre os dous fluxos do comercio nos últimos dous anos.

Como xa se subliñaba nos informes precedentes, as exportacións a Portugal son moi variadas e teñen relevancia nun amplo conxunto de capítulos arancelarios. Oito capítulos excederon os 100 millóns de euros e outros dous están moi próximos a esa cifra. As vendas determinantes nos resultados de 2018 producíronse en vehículos automóbiles, conxunto de bens que recuperou o liderado fronte aos produtos pesqueiros ao creceren as exportacións un 46,3%. Este aumento explícase pola evolución das vendas da industria de compoñentes, aínda que tamén creceu a compra de vehículos terminados. Ante a competencia que para Galicia supón a instalación de industrias de compoñentes na Rexión Norte de Portugal, con vantaxes de localización evidentes, o saldo comercial da partida orzamentaria, partes e accesorios de vehículos, tras ser lixeiramente favorable a Portugal en 2017 tornou cara a un notable superávit a favor de Galicia en 2018 (234,5 millóns de euros exportados desde Portugal fronte a 122,3 millóns importados). Así, mentres se duplicaron as exportacións, caeron as importacións.

Despois da automoción, o sector pesqueiro mantén as cifras de exportación de 2017, malia que iso o fixo caer ao segundo lugar do *ranking,* no cal mantén o terceiro lugar o aprovisionamento no mercado

Gráfico 7
Evolución do comercio externo galego con Italia
(en millóns de euros)



Gráfico 8
Evolución do comercio externo galego con Reino Unido
(en millóns de euros)



O comercio con Italia en 2018 mantivo unha traxectoria similar á de Portugal. As exportacións creceron sensiblemente, un 10,3%, mentres que as importacións descenderon un 11%, polo que se incrementa un saldo comercial positivo a favor de Galicia. Italia mantívose como o terceiro país no *ranking* exportador, pero quedou relegada á sexta posición no *ranking* importador. En suma, desde Galicia vendeuse tres veces máis a Italia do que se lle comprou. O fluxo exportador reflicte un dinamismo crecente e similar nos principais capítulos arancelarios. Os produtos da pesca seguen liderando un mercado relativamente diversificado, no que tamén destacan pezas de vestir, automoción e conservas de peixe. Pola contra, a desaceleración no fluxo importador debeuse ao brusco freo nas vendas galegas de petróleo, ao baixar a factura de 126,1 millóns de euros en 2017 a tan só 31 millóns en 2018. Esta forte caída non puido ser compensada polo aumento das importacións en maquinaria, automóbiles, tecidos ou fundición de ferro e aceiro.

No gráfico 8 obsérvase o cambio que experimentou o comercio galego co Reino Unido a partir de 2011. Ata entón o saldo comercial era deficitario, debido, sobre todo, á elevada factura dos produtos petrolíferos. Desde entón alcanzouse sempre un superávit comercial que foi subindo ata o extremo de que en 2018 se exporta por un valor cinco veces superior ao das importacións. Así, na actualidade, nunha situación tan convulsa como a que está xerando o Brexit, pódese afirmar que Galicia vende pero case non compra ao Reino Unido. No fluxo exportador mantense como o cuarto cliente e cun crecemento do 12,6% grazas sobre todo á automoción e, en menor medida, ás pezas de vestir, petróleo e manufacturas da pedra, en concreto, xisto. Como xa se indicaba nos informes anteriores, o Reino Unido é un cliente importante, non en balde absorbía o 7,4% das exportacións galegas totais.

Fronte á relevancia das exportacións, o fluxo importador ten, como xa se indicou, unha importancia moito máis reducida. A pesar de que en 2018 se observou un incremento dun 19,3%, a súa contía, 323,2 millóns de euros, só representa o 1,7% das importacións totais galegas. De feito, o capítulo artífice deste incremento é o de combustibles minerais, que pasou de non importar nada en 2017, a 29 millóns de euros en 2018, nun contexto de facturación total neste capítulo de 3.260,1 millóns. O principal sector importador é o pesqueiro. Á pesca séguena, en valor das importacións, o aluminio e as súas manufacturas (en concreto, aluminio en bruto) e a fundición, ferro e aceiro (chatarra).

luso de pezas de vestir que non son de punto. Doutra banda, os dous capítulos seguintes tamén son artífices da aceleración do comercio: a venda de petróleo e de produtos de fundición de ferro e aceiro.

En canto ás importacións, a desaceleración maniféstase en case todos os grupos arancelarios máis relevantes. Como xa sinalamos, é particularmente elevada no sector da automoción, pese a que cómpre destacar pola súa transcendencia o descenso dun 41,8% nas compras de pezas de vestir de punto; afundimento dun mercado que suxire un desprazamento das provisións galegas cara a outros lugares, en especial a Turquía. Ademais, tamén caeron as compras de pezas de vestir que non son de punto, se ben non con tanta forza, un 13,1%. Son igualmente negativas as taxas de variación dos produtos da pesca e as manufacturas plásticas. Dos capítulos arancelarios máis relevantes, o único que se mostrou moi dinámico (cun crecemento do 40,9%) foi o da fundición de ferro e aceiro; conxunto de bens dos que Galicia adquiriu case a mesma contía que de vehículos automóbiles e os seus compoñentes, 270 millóns de euros, coliderando os dous sectores o *ranking* importador da comunidade autónoma.

As empresas exportadoras e importadoras en Galicia

A evidencia do avance da internacionalización da empresa galega obtense do incremento de sociedades que exportan ou importan mercancías do estranxeiro. O número, á marxe do seu tamaño, aumentou significativamente en 2018. Con respecto a 2017 contabilizábanse un 8,1% máis de empresas que exportan (7.259) e un 14,3% máis que importan (12.138). No transcurso deste século, o número de empresas galegas que decidían exportar ao estranxeiro foi sistematicamente subindo. A tendencia crecente só se frustrou en 2009 e en 2014. Así, o impacto inicial da crise afectou a todos os mercados (o español e o estranxeiro), pero a necesidade de acudir ao mercado externo ante a elevada caída da demanda española propiciou que cada vez fosen máis as empresas que se internacionalizaban. En 2018 xa eran máis do dobre que en 2000 e un 47,9% máis que en 2008. Unha situación similar deuse nas importacións, aínda que, como cabería agardar, o impacto da crise fixo que moitas sociedades galegas, por pechar ou por reducir a súa actividade ante a caída da súa demanda, deixasen de proverse nos mercados estranxeiros. Así, fronte ao período 2000-2008 cunha traxectoria moi expansiva, en 2009 produciuse unha drástica redución no número de sociedades importadoras (en termos absolutos contabilizáronse 2.217 sociedades menos); número que apenas creceu nos primeiros anos de crise, para posteriormente ir aumentando paseniñamente ata subir con forza en

Cadro núm. 8
Número total de empresas galegas exportadoras e importadoras

	2015	2016	2017	2018
Exportadoras	6.320	6.692	6.714	7.259
Importadoras	9.403	9.748	10.616	12.138

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 9
Número de empresas galegas exportadoras e importadoras por sectores económicos

Capítulos	Grupos	Produtos	2016	2017	2018	TVI (%) 2018/2017
Exportacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	853	815	785	-3,7
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	238	246	214	-13,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	61	49	39	-20,4
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.045	1.113	1.020	-8,4
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	236	249	246	-1,2
28/38	VI	Produtos químicos	826	833	805	-3,4
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	862	915	839	-8,3
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	171	174	175	0,6
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	315	331	294	-11,2
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	594	620	462	-25,5
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.311	1.298	1.193	-8,1
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	225	253	227	-10,3
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	535	554	501	-9,6
71	XIV	Xoiería	70	90	83	-7,8
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.592	1.659	1.578	-4,9
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	2.041	2.025	1.921	-5,1
86/89	XVII	Material de transporte	860	880	849	-3,5
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e reloxería	407	408	414	1,5
93	XIX	Armas	0	0	8	
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	650	681	674	-1,0
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	18	19	21	10,5
98-99		Non clasificados	1.667	1.787	3.338	86,8
Importacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	581	556	574	3,2
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	328	357	343	-3,9
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	51	48	57	18,8
16/24	IV	Produtos de alimentación	522	537	570	6,1
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	309	289	293	1,4
28/38	VI	Produtos químicos	1.578	1.592	1.589	-0,2
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	1.752	1.810	1.806	-0,2
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	551	584	640	9,6
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	403	396	409	3,3
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	1.167	1.163	1.050	-9,7
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	2.929	3.023	3.080	1,9
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	612	658	706	7,3
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	752	780	783	0,4
71	XIV	Xoiería	282	293	308	5,1
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	2.712	2.860	2.886	0,9
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	4.243	4.872	4.770	-2,1
86/89	XVII	Material de transporte	1.125	1.192	1.417	18,9
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e reloxería	1.179	1.284	1.447	12,7
93	XIX	Armas	14	24	35	45,8
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	1.397	1.360	1.461	7,4
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	82	54	84	55,6
98-99		Non clasificados	1.445	1.549	3.570	130,5

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

2017 e 2018. En 2018 xa importaban un 26,2% de empresas máis que en 2008 e nada menos que un 190,9% máis que no 2000.

Portugal mantivo o liderado como país ao que un maior número de empresas exportan. Non obstante, o seu peso relativo foi caendo pouco a pouco. En 2017 acudían a este mercado un 18,8% do total e no 2018 un 17,1%, case dous puntos porcentuais menos. En termos absolutos, en 2018 exportaban a Portugal 200 empresas menos que en 2008. Iso suxire que a dinámica dos últimos anos é a de acudir a países máis afastados, aínda que, en parte, sexa a costa de diminuír a presenza en Portugal. A reflexión anterior confírmase polo feito de que o segundo país no *ranking* sexa Estados Unidos, no que a presenza galega é crecente, de tal xeito que en 2018 se contabilizan o dobre de empresas exportadoras que en 2008. O terceiro país de referencia é Francia, cunha traxectoria estabilizada nos últimos anos, situación contraria á de Marrocos, país no que operaban 18 empresas menos que en 2017. Obviamente, a contía do exportado por empresa é unha variable relevante para calibrar o proceso de internacionalización. Tendo en conta que en 2018 desde Galicia se exportaron bens por un valor de 21.676,3 millóns de euros, a facturación media sería de case 3 millóns de euros, cifra que non reflicte a elevada dispersión existente considerando a contía exportadora de tres sociedades: PSA, Inditex e Repsol.

Por tipo de produto exportado, no cadro 9 apréciase a dispersión existente. Destaca, na práctica totalidade das actividades, o descenso, con respecto a 2017 do número de empresas que proporcionan estes bens. Iso suxire unha maior concentración sectorial nas vendas das empresas galegas En todo caso, e como en 2017, na exportación dos produtos de metais e as súas manufacturas e de caldeiras, maquinaria e material eléctrico son nos que participan un maior número de empresas.

En canto á provisión de bens importados, os rexistros mostran que, dun total de 12.138 empresas importadoras, 4.146 fornécense en China (o 34,2%). Este país lidera un *ranking* que, segundo o valor do importado, ocuparía, polo xa explicado anteriormente, o cuarto lugar. A evolución no número de empresas que compran a China foi vertixinosa, xa que de só actuar 192 en 2000, en 2009 xa participaban 1.381, alcanzándose o récord en 2017 con 4.206. O número de empresas galegas que compran produtos en China descendeu en 2018, se ben este fluxo segue sendo moi diferente ao exportador no que só participaban 443 sociedades. O segundo país neste *ranking* son os Estados Unidos e a presenza de empresas galegas subiu moito en 2018 (de 2.058 pasouse a 2.843, o que supón un 23,4% do total). Iso non deixa de chamar a atención ante as xa comentadas actitudes proteccionistas da actual Administración estadounidense. Portugal ocupa o terceiro lugar cun número de empresas importadoras moi similar ao das exportadoras, 1.354. En 2018 produciuse unha certa estabilización fronte á brusca caída de 2017. O noso veciño luso apenas incrementou o número de empresas importadoras desde 2000, cunha tendencia decrecente. Nese ano, a metade das sociedades que importan desde Galicia adquirían bens en Portugal, tres veces máis das que operaban no segundo país, Francia. O cambio foi substantivo pola procura de todo tipo de bens en lugares máis afastados. Alemaña, Francia e Italia ocupan os tres seguintes postos no *ranking* galego.

A clasificación por tipo de produtos importados (cadro 9) mostra unha dispersión superior á das exportacións. Neste caso as taxas de variación con respecto a 2017 son, polo xeral, positivas e, por número, sobresaen as empresas que compran caldeiras, maquinaria e material eléctrico, e materias téxtiles e confección. Xa que o valor do importado en 2018 foi de 19.022 millóns de dólares, a compra media por empresa é de 1,57 millóns de euros. Como no caso anterior, a dispersión é alta dadas as cifras de importación das grandes multinacionais que operan en Galicia.

O comercio externo galego en 2018 por provincias

A estrutura territorial do comercio externo galego descrita no informe de 2017 persiste en 2018. As dúas provincias máis occidentais, A Coruña e Pontevedra, acaparan a práctica totalidade do comercio, coa Coruña liderando as exportacións, grazas a Inditex e Repsol; e Pontevedra as importacións, debido ás compras no estranxeiro do grupo PSA. A fotografía mantense inalterada ano tras ano coas dúas provincias presentando sistematicamente porcentaxes simétricas nos dous fluxos do comercio. Pola súa banda, o peso de Lugo e Ourense é moi reducido no contexto galego xa que, entre ambas, en exportacións e importacións absorben tan só o 6,8% do total.

En exportacións, A Coruña consolídase como a cuarta provincia española tras Barcelona, Madrid e Valencia. Absorbe o 4,1% do total estatal. Pola súa banda, Pontevedra ocupa o oitavo lugar cun 3,4%. Aproximadamente a metade das exportacións da Coruña son pezas de vestir e os seus complementos. A unha enorme distancia sitúanse as vendas de petróleo que efectúa Repsol ao estranxeiro (14,4%) e cun peso menor figuran material eléctrico, conservas de peixe e a fundición de ferro e aceiro. En canto a Pontevedra, dous terzos do exportado corresponden ao sector da automoción ou da pesca, cun peso moi reducido dos restantes capítulos arancelarios, nos que destaca a maquinaria e a conserva de peixe.

O fluxo das importacións en Pontevedra é case simétrico ao das exportacións, o que reflicte o seu elevado comercio intraindustrial. Neste caso, a automoción e a pesca absorben o 69,9% do total, sendo tamén relevantes a maquinaria e a conserva de peixe. Pola súa banda, na Coruña o produto máis relevante é o petróleo, moi lonxe das pezas de vestir e da fundición.

En suma, a análise do comercio galego efectuado ata o de agora corresponde, en liñas xerais, ao que se realiza nas provincias da Coruña e Pontevedra. O comercio de Lugo e Ourense, pola súa dimensión, presenta características diferentes. Tradicionalmente, as exportacións en Ourense adoitan superar as que se realizan desde Lugo. Nos dous casos non logran pasar do 4% do total galego e no *ranking* español sitúanse en postos moi baixos (40 e 42 respectivamente). Os 890 millóns de euros exportados por Ourense en 2018 supoñen un récord tras o estancamento do comercio nos primeiros anos da crise. Esta cifra alcanzouse grazas á industria do xisto, verdadeiro motor do comercio ourensán e que nese ano aumentou as súas exportacións un 13,6% dirixidas, sobre todo, a Francia e cun mercado en expansión. Tamén é salientable a venda de aparellos mecánicos. A cifra exportadora de Lugo é máis modesta, 662 millóns, e inferior á de 2017. Os produtos do aluminio son a súa base exportadora (como tamén o é da importadora), seguidos a gran distancia pola madeira e o leite. Os avatares de Alcoa condicionan actualmente o comercio da provincia; no período 2013-2015 exportaba case o dobre grazas á achega da industria eólica, agora case sen comercio despois dos problemas de Vestas. O recente cambio na política enerxética a favor das renovables probablemente mellorará os resultados deste sector.

Cadro núm. 10
Distribución do comercio exterior por provincias

	2017		2018	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Importacións				
A Coruña	6.929,9	40,3	7.818,2	41,1
Lugo	628,8	3,7	721,8	3,8
Ourense	555,3	3,2	562,7	3,0
Pontevedra	9.085,7	52,8	9.919,3	52,1
Galicia	**17.199,7**	**100,0**	**19.022,0**	**100,0**
Exportacións				
A Coruña	11.089,1	50,9	11.714,6	51,3
Lugo	679,8	3,1	662,0	2,9
Ourense	816,0	3,7	890,0	3,9
Pontevedra	9.213,5	42,3	9.590,8	42,0
Galicia	**21.798,4**	**100,0**	**22.857,4**	**100,0**

Datos 2017 definitivos e datos 2018 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Nas importacións, Lugo supera habitualmente a Ourense. Esta provincia comprou por tan só 562,7 millóns de euros (ocupa o lugar 42 en España) nunha gama de produtos moi diversificada na que predominan a importación de aceite de xirasol, a fundición e as pezas de vestir que non son de punto. Pola contra, Lugo importa máis que exporta. En 2018 produciuse un incremento dun 14,8% nas súas importacións (con todo, ocupou o lugar 38 no *ranking* provincial español), debido ao sector pesqueiro que se engade ás compras da industria do aluminio.

O comercio externo galego no primeiro trimestre de 2019

Os resultados do comercio externo galego nos tres primeiros meses de 2019 reflicten un cambio substantivo con respecto ao que se acaba de comentar. Con relación ao mesmo período do ano anterior, o valor do exportado descendeu un 9,5%, mentres que o importado aumentou un 14,3%. Iso supón un serio freo na demanda de mercancías xeradas en Galicia, como tamén se observa no conxunto de España, á vez que crece notablemente a dependencia do aprovisionamento de bens no estranxeiro. Esa evolución motivou un notable descenso do superávit comercial, que pasou de 1.298,6 millóns de euros no primeiro trimestre de 2018 a tan só 129,5 millóns en 2019.

Poucos son os capítulos arancelarios con peso no comercio externo galego que non vexan diminuídas as súas exportacións neste primeiro trimestre. Vehículos automóbiles recuperou o liderado no *ranking* galego a pesar dun descenso do 9,9% nas súas vendas. Como xa se indicou, cabe agardar que esta caída só sexa unha situación temporal á espera de que se inicie a fabricación dos novos modelos anunciados polo grupo PSA, aínda que a incerteza sobre a evolución do sector da automoción en Europa cada vez se pon máis de manifesto. A recuperación do primeiro posto de automoción explícase polo drástico descenso nas vendas realizadas desde as plataformas loxísticas galegas da confección de pezas de vestir, tanto as de punto (as exportacións caeron un 26,8%) como as que non son de punto (o descenso foi do 30,1%). Como na automoción, cabería agardar que se trate dun fenómeno conxuntural, considerando que en breve Inditex dispoñerá de novas plataformas loxísticas.

Ademais deste comportamento negativo das dúas principais actividades, tamén neste primeiro trimestre caeu un 37% o valor do petróleo destinado ao estranxeiro e un 20,4% as exportacións, sempre

importantes, dos produtos da fundición, ferro e aceiro. Pola súa banda, a venda de peixe, crustáceos e moluscos mantívose estancada, mentres se observou unha lixeira suba nas conservas de peixe. Como positivo, só cabe apuntar a aceleración na exportación de maquinaria (creceu un 15,1%) e de aparellos e material eléctrico (un 42%). Ademais incrementouse a factura no capítulo de barcos e embarcacións pola entrega dun arrastreiro conxelador a Groenlandia por parte do estaleiro vigués, Construcciones Navales Paulino Freire.

A caída nas exportacións incidiu nos nosos tradicionais clientes. Os dez principais países de destino do comercio seguen sendo os mesmos que en 2018, se ben se aprecia o descenso neste *ranking* de Bélxica, debido a que o valor das exportacións neste trimestre se reduciu á metade; e o ascenso dun posto de Marrocos, xa que as súas exportacións se mantiveron relativamente estabilizadas. Tamén é salientable o incremento das vendas aos Estados Unidos (56,4%), nun trimestre no que se agravaron as guerras comerciais promovidas pola súa Administración. Esta mellora debeuse a vendas de produtos farmacéuticos e de material eléctrico. Doutra banda, diminuíu a saída de automóbiles a Francia, pero, malia todo, este país consolidou o seu liderado en Galicia.

O comportamento das importacións foi diferente. Todos os principais capítulos arancelarios mostraron crecementos e algúns notables. Así, mentres caeu a exportación de automóbiles, as importacións de vehículos e os seus compoñentes subiron neste trimestre un 11,5%. Diminuíu a venda de combustible ao exterior pero a importación de petróleo cru creceu un 10,7%. O valor das compras de pezas que non son de punto aumentou nun 56,1%, mentres que as de punto o fixeron nun 13,9%. En suma, excepto nos produtos da pesca, a evolución nos capítulos importadores máis significativos foi dun elevado incremento. Francia e Portugal seguen liderando o *ranking* importador galego, pero o máis destacado nestes tres meses en canto á procedencia das importacións é o ascenso de China, que se colocou no terceiro lugar ante a mellora das importacións galegas nun 33,1%, destacando conservas de peixe, partes de motores e pezas de vestir que non son de punto.

O investimento directo estranxeiro (IED)

O IED no mundo

Segundo a Conferencia das Nacións Unidas sobre Comercio e Desenvolvemento (UNCTAD), o IED no mundo diminuíu en 2018 un 13,4% con respecto ao ano anterior. O valor das operacións realizadas alcanzou os 1,30 miles de millóns de dólares fronte aos 1,50 miles de millóns logrados en 2017. O IED descendeu por terceiro ano consecutivo, tendencia que se agarda cambie en 2019, no que as proxeccións suxiren un intervalo de 1.370 a 1.500 miles de millóns de dólares, malia que os últimos acontecementos políticos non invitan ao optimismo como tampouco os anuncios de endurecementos na normativa sobre a liberdade dos fluxos. De feito, as restricións e regulacións efectuadas foron as máis fortes das últimas décadas

A sistemática caída do IED mundial nos últimos anos explícase polo freo da entrada de capital foráneo nas economías desenvolvidas, en especial, en Europa que tivo o fluxo máis baixo desde 2004. Isto contrasta coa evolución máis positiva das economías en desenvolvemento cun fluxo que se mostrou estable en 2018 e, con todo, xa superou a entrada total de capital en Europa e América do Norte. No grupo de economías en desenvolvemento o continente asiático absorbeu a maior parte do IED e lonxe das contías recibidas nese territorio quedan África e América Latina e Caribe.

A pesar da caída do seu investimento, Estados Unidos mantén o liderado do **IED** mundial seguido de China, país que ocuparía o primeiro lugar de agregarse os investimentos recibidos por Hong Kong. O IED en China incrementouse grazas á liberalización do seu sector de servizos, en especial o financeiro, e á aposta polas industrias que achegan unha alta tecnoloxía. España en 2018 pasou do lugar 17 no mundo ao noveno, grazas a un elevado incremento do seu IED debido á realización de operacións moi puntuais que serán comentadas máis adiante.

Por outra parte, en datas recentes a Comisión Europea acaba de publicar un resumo do IED na Unión Europea. Destaca o progresivo incremento da entrada de capital estranxeiro en empresas de sectores estratéxicos (refino de petróleo, produtos farmacéuticos, electrónicos e ópticos, material eléctrico), en especial de China, polo que aboca a unha rápida posta en práctica do marco de control de investimentos europeo. Aínda que a aposta segue sendo a de manter unha apertura no fluxo investidor, obsérvase que as entradas de capital nos últimos anos non estiveron exentas de riscos «na seguridade e no interese público», que chaman a unha reflexión para reformar unha situación que cada vez é máis problemática.

As estatísticas reflicten que un 35% dos activos da Unión Europeas pertencen a estranxeiros, sendo aínda o capital privado proveniente de Estados Unidos, Canadá, Suíza, Noruega, Xapón e Australia o que acaparaba a finais de 2017 en torno ao 80% dos investimentos. Con todo, apréciase nos últimos anos un aumento vertixinoso da entrada de capital público procedente de China e Rusia e, tamén, doutros territorios como os Emiratos Árabes. En 2017 estes últimos investimentos multiplicaban por tres os realizados en 2007.

Cadro núm. 11
Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo

	Entradas				Saídas		
	2016	2017	2018	Proxeccións 2019	2016	2017	2018
Miles de millóns de dólares							
Economías desenvolvidas	1.197,7	759,3	556,9	640 a 720	1.105,1	925,3	558,4
Europa	611,7	384,0	171,9	330	579,7	375,5	418,4
América do Norte	507,8	302,1	291,4	310	359,2	380,2	-13,1
Economías en desenvolvemento	656,3	690,6	706,0	700 a 740	419,9	461,7	417,6
África	46,5	41,4	45,9	52	9,5	13,3	9,8
Asia	473,3	492,7	511,7	530	399,1	411,9	401,5
América Latina e Caribe	135,3	155,4	146,7	140	11,1	36,4	6,5
Economías en transición	64,7	47,5	34,2	45 a 55	25,2	38,5	38,2
Total mundial	**1.918,7**	**1.497,4**	**1.297,2**	**1.370 a 1.500**	**1.550,1**	**1.425,4**	**1.014,2**
Porcentaxes							
Economías desenvolvidas	-5,6	-36,6	-26,7		-11,1	-16,3	-39,6
Europa	-14,5	-37,2	-55,2		-25,2	-35,2	11,4
América do Norte	-0,7	-40,5	-3,5		8,3	5,8	-103,4
Economías en desenvolvemento	-10,0	5,2	2,2		3,2	10,0	-9,6
África	-18,3	-11,0	10,9		-1,6	39,5	-26,0
Asia	-8,0	4,1	3,9		7,1	3,2	-2,5
América Latina e Caribe	-13,2	14,8	-5,6		-55,3	226,8	-82,1
Economías en transición	77,7	-26,5	-28,0		-21,5	52,8	-0,7
Total mundial	**-5,7**	**-22,0**	**-13,4**		**-7,9**	**-8,0**	**-28,9**

Fonte: UNCTAD, *Informe sobre las inversiones en el mundo 2019*.

O IED recibido declarado no Rexistro de investimentos exteriores en Galicia

Mentres os últimos resultados publicados amosan que 2017 foi o ano no que entrou máis IED en Galicia desde que se puxo en funcionamento o rexistro, os resultados provisionais de 2018 mostran unha das cifras máis baixas da presente década. Nese último ano, tan só se contabilizaron en Galicia 65,5 millóns de euros de entrada de capital estranxeiro, o que contrasta cos 567,5 millóns de 2017 que figuran no gráfico 9. Esta última cifra require dunha aclaración, xa que os resultados provisionais publicados no informe de 2017 eran de 206,1 millóns de euros; dos cales 100 millóns correspondían a unha operación realizada por unha entidade posuidora de valores estranxeiros (ETVE) do sector de cemento. Tratábase dun rexistro sen incidencia real na economía de Galicia, posto que unha parte do IED a realizan sociedades instrumentais controladas por estranxeiros co obxectivo de manter participacións do mesmo grupo empresarial fóra de España. Con esta actividade, non moi habitual en Galicia pero si noutras comunidades autónomas españolas, preténdese obter certas vantaxes fiscais. O caso é que desde Vigo as filiais galegas da multinacional portuguesa de cemento, Cimpor (controlada actualmente pola brasileira Votorantim) realizan operacións do grupo cuxa orixe das mesmas é Portugal. Dos 100 millóns provisionais contabilizados por este motivo no informe de 2017, pasouse no momento de redactar este estudo (maio de 2019) a 455,5 millóns de euros; circunstancia que explica o drástico incremento nas estatísticas do IED. Excluídas as operacións de ETVE, a entrada de capital en 2017 reduciuse a 112 millóns de euros, 5,5 millóns máis dos que figuraban no informe anterior (106,5 millóns de euros). Iso debeuse á incorporación dunha operación procedente de Luxemburgo no comercio por xunto de peixes e mariscos. Pola súa banda, os resultados dispoñibles referidos a 2018 son de moi escasa contía, 65,4 millóns de euros, non téndose realizado este ano

Gráfico 9
Evolución do IED recibido por Galicia
(en millóns de euros)



ningunha operación de ETVE. Esta cifra é aproximadamente a metade da recibida en 2017, sen as operacións ETVE, e supón un 0,14% da recibida por España. Tan parcos recursos permiten dubidar sobre a capacidade de Galicia para atraer investimento foráneo, que, por outra banda, adoita dirixirse á adquisición de sociedades xa existentes, algunhas en crises, as cales cambian os seus centros de decisión e as súas estratexias empresariais.

Con respecto ao conxunto de España, no cadro 12 obsérvase que o IED recibido incrementouse un 31,6% con respecto a 2017 e dirixiuse case exclusivamente á comunidade de Madrid. Incluídas as operacións de ETVE, esta rexión absorbeu o 84,4% do total. En segundo lugar mantense Cataluña, pero con só un 5,8% do total. O efecto do cambio de sede e a situación política dos últimos anos influíron na brusca caída do IED recibido por Cataluña e, consecuentemente, no seu menor peso relativo. De representar o 22,8% do total (Madrid un 45,8%) en 2016, pasou en 2018 a tan só o 5,8%, cun descenso interanual do 11,5%. O efecto sede é fundamental á hora de anotar en Madrid unha operación que podería realizarse en calquera comunidade autónoma española e iso malia que a metodoloxía da información publicada polo rexistro recolle que «o investimento estranxeiro en España asígnase á comunidade autónoma onde o declarante o decide porque estea previsto que se leven a cabo as actividades xeradas polo investimento». Polos resultados non parece que estas decisións sexan comunicadas con claridade.

A operación estrela en 2018 que incidiu nas cifras de Madrid foi a realizada pola concesionaria de autopistas Abertis a través de Alemaña. É este un típico exemplo de que o cambio na sede social motivou que en lugar de Cataluña se fixesen en Madrid as anotacións da operación. Abertis a finais de 2017 comunicou á CNMV o traslado da súa sede social ao Paseo de la Castellana en Madrid, aínda que mantiña toda a súa operativa en Cataluña. O IED recibido por Madrid por esta operación excedeu os 14.300 millóns de euros (lembremos que o total do investimento galego foi de 65,5 millóns de euros) e trátase máis dun investimento financeiro que produtivo. A operación realizouse a través da filial alemá de ACS, Hochtief, e participaron a propia ACS e a sociedade italiana Atlantia, as cales se fixeron coa sociedade tras unha OPA sobre Abertis. O proceso foi complexo xa que obrigou á constitución dunha firma instrumental Abertis Holdco, que creou outra segunda, Abertis Participacións, que é a que controla Abertis. A filial alemá Hochtief vendeu todas as accións que tiña de Abertis a esta última sociedade. Trátase, polo tanto, de cambios na titularidade do capital sen un efecto directo na actividade produtiva.

Ademais desta macro operación, o IED recibido por Madrid complétase, entre outras, coas operacións das grandes inmobiliarias da banca española responsables de activos tóxicos xerados na burbulla inmobiliaria. Neste sector temos que incluír o impacto das sociedades cotizadas anónimas de investimento no mercado inmobiliario (SOCIMIS), incidencia xa comentada no informe de 2017.

No cadro 12 obsérvase que a maior caída no investimento estranxeiro en 2018 produciuse en Galicia, mentres que en catro comunidades autónomas españolas as taxas de crecemento foron de tres, catro e ata de cinco díxitos. Iso reflicte que na maior parte de España o IED recibido é de carácter puntual, de tal xeito que un proxecto dunha certa envergadura eleva considerablemente o investimento dun ano para caer con forza no exercicio seguinte. Así, Aragón, de presentar un IED de 86,7 millóns de euros en 2017, pasou a 1.372,1 millóns de 2018, froito dunha operación de ETVE no sector de fabricación de vehículos de motor. Esta comunidade conta coa factoría de Opel en Figueruelas (Zaragoza), comprada en 2017 polo grupo PSA. O segundo maior crecemento do IED produciuse en Cantabria, que pasou dun investimento de tan só 1,4 millóns de euros en 2017 a 185,8 millóns en 2018 grazas a unha operación no sector de produción de enerxía eléctrica de orixe térmica. A terceira comunidade na que máis se incrementou o IED foi A Rioxa. A entrada de capital en 2018 foi similar á de Cantabria, pero neste caso o destino foi para unha bodega con capital procedente dos Estados Unidos. Malia este IED, obsérvase que, polo de agora, o sector vitivinícola rioxano é bastante impermeable á entrada de capital estranxeiro, tanto polos elevados prezos das marcas con maior prestixio, como polos fortes investimentos que se requiren con retornos a longo prazo. A cuarta comunidade cun espectacular incremento do IED foi Navarra, que de 49,6 millóns de euros pasou a 202,2 millóns debido a unha operación na actividade de comercio por xunto de flores e plantas.

As operacións de ETVE concentráronse en 2018 en Aragón, pola xa mencionada no sector da automoción, pero sobre todo en Madrid. En Galicia, como xa indicamos e a diferenza de 2017, non as houbo. O feito de que fiscalmente as operacións de ETVE xa non sexan tan interesantes como a principio deste século fixo que este tipo de investimento fose decaendo no tempo. Actualmente, a maior parte das entradas en España non son de ETVE e o destino das operacións efectuadas en 2018 séguense centrando na adquisicións de sociedades xa existentes (59% do total) fronte a ampliacións (21,7%) e novos investimentos (19,2%). Recordemos que a nivel normativo se considera un IED a participación no capital por estranxeiros de sociedades españolas non cotizadas, a participación superior ao 10% no capital das sociedades españolas cotizadas, a creación de sucursais ou outras formas de investimento nos que o capital supere os 3.005.060,52 euros.

Cadro núm. 12
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2016		2017		2018		TVI (%) 2018/2017
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	478,59	1,31	443,15	1,10	425,09	0,81	-4,08
Aragón	38,24	0,10	86,73	0,22	1.372,12	2,60	1.482,13
Cantabria	20,35	0,06	1,39	0,00	185,79	0,35	13.248,80
Castela e León	68,27	0,19	376,02	0,94	47,42	0,09	-87,39
Castela-A Mancha	107,82	0,30	183,78	0,46	335,35	0,64	82,48
Cataluña	8.296,67	22,75	3.478,19	8,67	3.077,14	5,83	-11,53
Madrid	16.693,79	45,79	29.142,36	72,65	44.576,39	84,42	52,96
C. Valenciana	202,55	0,56	1.199,68	2,99	972,66	1,84	-18,92
Estremadura	62,41	0,17	23,96	0,06	11,85	0,02	-50,54
Galicia	**120,52**	**0,33**	**567,54**	**1,41**	**65,46**	**0,12**	**-88,47**
Baleares	585,53	1,61	321,84	0,80	118,21	0,22	-63,27
Canarias	46,11	0,13	251,02	0,63	173,23	0,33	-30,99
A Rioxa	7,62	0,02	25,44	0,06	186,53	0,35	633,12
Navarra	836,30	2,29	49,62	0,12	202,33	0,38	307,74
País Vasco	7.118,74	19,52	2.729,45	6,80	969,26	1,84	-64,49
Asturias	292,50	0,80	31,71	0,08	24,50	0,05	-22,72
Murcia	67,24	0,18	38,79	0,10	22,07	0,04	-43,10
Ceuta e Melilla	0,62	0,00	0,48	0,00	0,07	0,00	-86,44
Non clasificable	1.417,37	3,89	1.164,55	2,90	38,09	0,07	-96,73
Total	**36.461,24**	**100,00**	**40.115,70**	**100,00**	**52.803,56**	**100,00**	**31,63**

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 13
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España. Ano 2018

	Sen ETVE		Con ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	422,76	0,90	425,09	0,81
Aragón	180,24	0,38	1.372,12	2,60
Cantabria	185,79	0,40	185,79	0,35
Castela e León	47,42	0,10	47,42	0,09
Castela-A Mancha	311,44	0,67	335,35	0,64
Cataluña	2.985,65	6,38	3.077,14	5,83
Madrid	39.925,36	85,26	44.576,39	84,42
C. Valenciana	965,23	2,06	972,66	1,84
Estremadura	11,85	0,03	11,85	0,02
Galicia	**65,45**	**0,14**	**65,46**	**0,12**
Baleares	118,21	0,25	118,21	0,22
Canarias	173,23	0,37	173,23	0,33
A Rioxa	186,53	0,40	186,53	0,35
Navarra	202,33	0,43	202,33	0,38
País Vasco	969,26	2,07	969,26	1,84
Asturias	24,50	0,05	24,50	0,05
Murcia	22,07	0,05	22,07	0,04
Ceuta e Melilla	0,07	0,00	0,07	0,00
Non clasificable	30,21	0,06	38,09	0,07
Total	**46.827,63**	**100,00**	**52.803,56**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

A información sobre IED da Secretaría de Estado de Comercio na súa aplicación na páxina web non precisa a contía do investimento neto por comunidades autónomas españolas. Enténdese por investimento neto a diferenza entre o investimento total realizado e os desinvestimentos. Non obstante, o seu Boletín de investimentos exteriores indica que se desinvestiu en Galicia por un valor de 25 millóns de euros, co cal o investimento neto roldaría en 2018 os 40 millóns de euros. Desde 2014 a 2018 o desinvestimento medio anual foi de 184 millóns de euros, cifra relativamente alta considerando o fluxo de IED recibido.

A singularidade das operacións realizadas queda perfectamente reflectida no cadro 14 no que se recollen por sectores económicos a distribución do IED en Galicia en 2017 e 2018. En 2017 a principal operación non ETVE producíase en actividades sanitarias e de servizos sociais, debido á entrada de capital francés no sector de establecementos residenciais. Así, tras a compra inicial en 2015 da sociedade viguesa Geriatros e logo de varios cambios na titularidade do capital, esta empresa acabou sendo propiedade de Intermediate Capital Group (ICG) e Sagesse Retraite Santé coa marca actual DomusVi. Todas estas variacións accionariais explicáronse polo miúdo no informe de 2017. En 2018 esta actividade non presentou operación ningunha. Pola contra, neste ano o IED aparece máis diseminado, con operacións de menor dimensión nas que destaca a industria manufactureira, cun IED recibido de 16,6 millóns de euros (cifra moi inferior á de 2017 debido á realización por parte de Cimpor das operacións de ETVE xa comentadas). Isto explícase pola entrada de 13,6 millóns de euros procedentes dos Países Baixos e dirixidos ao sector da fabricación de maquinaria. Tamén se produciu unha entrada do IED de pequena contía no sector da alimentación, en particular na industria de procesado de pescado, 2,2 millóns de euros, procedentes de Luxemburgo. Os movementos de capital estranxeiro no sector de conservas de peixe non cesan e xa se comentou nos informes anteriores a compra de Hijos de Carlos Albo pola multinacional China, Shanghai Fisheries, ou a

adquisición por parte da alemá Bolton do 40% de Calvo e de Conservas Garavilla; aínda que esta última con domicilio social en Biscaia ten como filial a Conservas Selectas con factorías no Grove e Boiro. Esta última tivo que reducir o seu capital en 2018 para evitar a súa disolución. Ademais, hai que ter en conta unha operación que será determinante no IED de 2019, a adquisición de Iberconsa, segundo grupo pesqueiro español, por parte do fondo de capital risco Platinum Equity; fundado en 1995 polo multimillonario californiano Tom Gores, propietario, entre outras sociedades, dos Detroit Pistons. As cifras que se manexan na operación roldan os 550 millóns de euros. Desde 2015 o principal accionista de Iberconsa, cun 55% do capital, era a sociedade Portobello Capital. Non hai dúbida de que o sector do procesado pesqueiro (conservas, conxelados e precociñados) está resultando moi atractivo aos investidores internacionais. Tamén no momento de redactar este informe anunciouse a posible adquisición por parte dun fondo de capital risco americano ao Grupo Villar Mir de Ferroatlántica; sociedade localizada na Costa da Morte e que conta con 10 centrais hidroeléctricas (unha potencia de xeración de 167 megavatios) e unha planta de ferroaliaxes. O fondo TPG Sixth Street Partners vaina adquirir por 170 millóns de euros. As dúas operacións amosan a aposta do capital norteamericano pola industria galega.

Cadro núm. 14
Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

Sectores	2017 Galicia Miles de euros	2017 Galicia %	2017 España Miles de euros	2017 España %	2017 % Galicia/España	2018 Galicia Miles de euros	2018 Galicia %	2018 España Miles de euros	2018 España %	2018 % Galicia/España
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca			383.399,3	1,0	0,0	304,6	0,5	329.549,3	0,6	0,1
Industrias extractivas			9.375.821,6	23,4	0,0	802,6	1,2	221.362,9	0,4	0,4
Industria manufactureira	469.441,6	82,7	5.341.810,7	13,3	8,8	16.613,7	25,4	7.976.135,2	15,1	0,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			2.630.542,5	6,6	0,0	3.941,1	6,0	3.946.897,2	7,5	0,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			616.976,7	1,5	0,0	0,0	0,0	122.584,1	0,2	0,0
Construción	3.655,7	0,6	3.280.215,2	8,2	0,1	808,8	1,2	6.634.107,7	12,6	0,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	8.235,4	1,5	2.252.557,1	5,6	0,4	14.548,8	22,2	4.154.411,4	7,9	0,4
Transporte e almacenamento	1.740,0	0,3	3.057.828,8	7,6	0,1	356,4	0,5	14.760.717,8	28,0	0,0
Hostalería	387,8	0,1	366.817,5	0,9	0,1	9.798,5	15,0	544.392,7	1,0	1,8
Información e comunicacións	12,6	0,0	2.082.262,7	5,2	0,0	174,8	0,3	4.408.384,4	8,3	0,0
Actividades financeiras e de seguros	5,0	0,0	2.775.293,4	6,9	0,0	6,0	0,0	3.051.647,2	5,8	0,0
Actividades inmobiliarias	462,4	0,1	3.881.247,8	9,7	0,0	3.341,6	5,1	3.301.516,2	6,3	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	162,6	0,0	2.260.720,9	5,6	0,0	11.793,5	18,0	1.299.152,7	2,5	0,9
Actividades administrativas e servizos auxliares	422,4	0,1	578.873,9	1,4	0,1	371,2	0,6	671.645,2	1,3	0,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			0,0							
Educación	1,5	0,0	40.930,9	0,1	0,0			26.842,0	0,1	0,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais	83.015,0	14,6	785.115,0	2,0	10,6			345.764,4	0,7	0,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			240.925,7	0,6	0,0	2.546,1	3,9	925.489,7	1,8	0,3
Outros servizos			164.357,1	0,4	0,0	50,0	0,1	82.958,6	0,2	0,1
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio			3,0	0,0				3,1	0,0	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total	567.542,0	100,0	40.115.699,8	100,0	1,4	65.457,7	100,0	52.803.561,7	100,0	0,1

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

O sector comercial galego recibiu en 2018 unha entrada de capital similar ao das industrias manufactureiras. Curiosamente este IED está relacionado co sector xa tratado, posto que dun total de 14,5 millóns de euros recibidos, 12,6 millóns proceden do Reino Unido, cunha operación de investimento na comercialización por xunto de peixes e mariscos. Doutra banda, unha terceira actividade sobresae no IED recibido en 2018. O sector denominado actividades profesionais, científicas e técnicas recibiu 11,8 millóns de euros e deles 8,5 millóns corresponden a I+D e procedentes de Suíza. Nesta actividade, desde 1993 só cabería destacar o ano 2016, no que se recibiron 4,2 millóns de euros para unha sociedade de I+D en ciencias naturais ou técnicas procedente dunha empresa con sede en España, pero coa operación canalizada desde Francia.

Cadro núm. 15
Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España

Área de procedencia	Galicia Miles de euros	Galicia %	España Miles de euros	España %	% Galicia/España
2017					
UE-28	563.400	99,3	24.311.898	60,6	2,32
Resto de Europa	191	0,0	1.895.655	4,7	0,01
América do Norte	26	0,0	5.387.942	13,4	0,00
Latinoamérica	1.991	0,4	3.775.114	9,4	0,05
Resto de América	0	0,0	259.026	0,6	0,00
Asia e Oceanía	596	0,1	4.127.783	10,3	0,01
África	1.338	0,2	356.922	0,9	0,37
Total	567.542	100,0	40.114.341	100,0	1,41
2018					
UE-28	44.227	67,6	29.388.698	55,7	0,15
Resto de Europa	8.571	13,1	531.996	1,0	1,61
América do Norte	111	0,2	13.377.668	25,3	0,00
Latinoamérica	11.241	17,2	2.115.563	4,0	0,53
Resto de América	0	0,0	124.637	0,2	0,00
Asia e Oceanía	1.273	1,9	6.879.205	13,0	0,02
África	34	0,1	385.796	0,7	0,01
Total	65.458	100,0	52.803.562	100,0	0,12

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

A dispersión sectorial do escaso IED recibido en 2018 supuxo que tamén teña un peso significativo o sector da hostalería, que se concreta na participación de investidores portugueses nun hotel por unha contía de 9,8 millóns de euros.

En canto ao peso relativo dos investimentos por sector con respecto ao que recibe o resto de España, obsérvase que en 2018 non houbo unha actividade en Galicia que destacase no contexto español, no cal os movementos no accionariado de Abertis conduciron a unha concentración do IED total en transporte e almacenamento. En todos os sectores, salvo en hostalería, o peso relativo galego non alcanzou o 1% do total de España.

Na procedencia do IED por grandes áreas territoriais apréciase un cambio substantivo con respecto a 2017. Nese ano as operacións de ETVE no sector do cemento xeradas pola portuguesa Cimpor, xunto coa compra da antiga Geriatros por capital francés, xustificaron a concentración do IED recibido por Galicia na Unión Europea. Deste territorio recibiuse ou 99,3% do total. Iso supuxo que en termos relativos o IED recibido doutros lugares do mundo fose irrelevante, como tamén o foi en valores absolutos, 4,1 millóns de euros. Con todo, en 2018 a dispersión, ademais de sectorial, tamén foi territorial. Cunha entrada de capital moi escasa, a Unión Europea mantivo o seu liderado no IED recibido, pero o seu peso relativo xa non foi tan alto, o 67,6%. Esta porcentaxe alcanzouse grazas a tres operacións: a xa comentada de maquinaria procedente dos Países Baixos, o que permitiu que este país lidere provisionalmente este ano o *ranking* galego; a participación na comercialización de peixe e marisco desde o Reino Unido, e o investimento hoteleiro procedente de Portugal de 9,8 millóns de euros que situou o país luso nun terceiro lugar. Cabe indicar que a entrada total do IED de Portugal alcanzou os 12,3 millóns de euros, xa que á operación indicada temos que engadirlle, xunto con investimentos de moi escasa contía, unha entrada de 2,2 millóns de euros dirixida aos servizos técnicos de enxeñaría. No *ranking* do IED recibido por Galicia, no cuarto lugar situouse Suíza grazas aos investimentos en I+D, o que, en termos relativos, deulle unha certa relevancia ao IED proveniente do resto de Europa.

Cadro núm. 16
Orixe última do investimento estranxeiro bruto

Ano 2017

Galicia País ou territorio	Galicia Miles de euros	Galicia %	España País ou territorio	España Miles de euros	España %
Portugal	469.515,8	82,73	Reino Unido	8.106.054,1	20,21
Francia	83.170,0	14,65	Luxemburgo	4.831.746,4	12,04
Luxemburgo	9.215,6	1,62	Estados Unidos	4.470.565,7	11,14
Namibia	1.140,0	0,20	Alemaña	3.269.089,9	8,15
Países Baixos	902,0	0,16	Países Baixos	3.195.543,9	7,97
México	873,4	0,15	China	3.079.483,2	7,68
Panamá	762,0	0,13	Francia	2.609.037,9	6,50
Vietnam	570,0	0,10	Uruguai	2.383.814,9	5,94
Bélxica	278,0	0,05	Suíza	1.445.600,4	3,60
República Dominicana	230,0	0,04	Canadá	917.376,7	2,29
Suíza	186,3	0,03	Mexico	543.248,4	1,35
Guinea Ecuatorial	164,0	0,03	Arxentina	540.021,1	1,35
España	125,1	0,02	Portugal	508.119,4	1,27
Alemaña	116,8	0,02	Bélxica	478.170,5	1,19
Venezuela	110,0	0,02	Chipre	403.022,8	1,00
Reino Unido	53,0	0,01	Emiratos Árabes Unidos	380.154,7	0,95
Marrocos	28,0	0,00	España	258.829,0	0,65
Estados Unidos	26,1	0,00	Italia	229.909,3	0,57
Polonia	11,5	0,00	Exipto	205.478,5	0,51
China	10,0	0,00	Noruega	192.311,7	0,48
Tailandia	10,0	0,00	Barbados	191.767,2	0,48
Arxentina	6,6	0,00	Nova Zelandia	182.321,7	0,45
Romanía	6,1	0,00	Irlanda	176.409,8	0,44
Brasil	6,0	0,00	Xapón	161.651,0	0,40
Rusia	4,7	0,00	Singapur	142.405,4	0,35
Nixeria	4,0	0,00	Suráfrica	138.135,6	0,34
Italia	3,1	0,00	Andorra	125.656,4	0,31
Eslovenia	3,0	0,00	Panamá	88.420,0	0,22
Israel	3,0	0,00	Suecia	73.980,9	0,18
Xapón	3,0	0,00	Perú	64.362,3	0,16
Uruguai	3,0	0,00	Malta	63.340,9	0,16
Tunisia	1,6	0,00	Dinamarca	54.337,1	0,14
Emiratos Árabes Unidos	0,3	0,00	Resto do Mundo	605.333,1	1,51
Total	567.542,0	100,00	Total	40.115.699,8	100,00

En 2018 tamén se produciu unha recuperación do IED recibido de Latinoamérica. Pasou de 2 millóns de euros en 2017 a 11,2 en 2018. Desde 1993 o maior investimento fora en 2013 con case 200 millóns de euros, froito da confluencia da entrada de 154,6 millóns de euros de Brasil e 38,6 millóns en promoción inmobiliaria procedente de Méxi

Cadro núm. 16 (continuación)
Orixe última do investimento estranxeiro bruto

Ano 2018

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Países Baixos	13.687,2	20,91	España	15.114.261,4	28,62
Reino Unido	12.544,1	19,16	Estados Unidos	12.122.260,1	22,96
Portugal	12.242,3	18,70	Reino Unido	3.559.310,8	6,74
Suíza	8.534,2	13,04	Italia	2.491.346,8	4,72
Brasil	5.162,9	7,89	Australia	2.257.916,0	4,28
Luxemburgo	3.111,7	4,75	Alemaña	2.182.220,6	4,13
Panamá	2.491,7	3,81	Francia	2.011.310,3	3,81
México	2.168,7	3,31	Países Baixos	1.437.950,4	2,72
Venezuela	1.372,6	2,10	Luxemburgo	1.422.277,3	2,69
Francia	1.233,4	1,88	Canadá	1.255.407,9	2,38
Kuwait	872,8	1,33	China	1.158.453,2	2,19
Romanía	752,7	1,15	México	1.108.842,5	2,10
España	593,0	0,91	Qatar	1.049.154,0	1,99
Corea do Sur	304,2	0,46	Xapón	898.840,3	1,70
Estados Unidos	108,9	0,17	Hong Kong	579.765,7	1,10
Emiratos Árabes Unidos	87,8	0,13	Panamá	403.814,0	0,76
Irlanda	51,3	0,08	Irlanda	396.928,7	0,75
Perú	40,0	0,06	Suráfrica	366.924,9	0,69
Rusia	37,0	0,06	Portugal	310.897,5	0,59
Senegal	23,3	0,04	Uruguai	294.386,0	0,56
Italia	9,0	0,01	Tailandia	237.239,7	0,45
Libia	5,5	0,01	Suíza	210.219,8	0,40
Xapón	5,0	0,01	Singapur	195.951,8	0,37
Namibia	4,7	0,01	Bélxica	150.938,3	0,29
Bangladés	3,5	0,01	Israel	145.746,0	0,28
Colombia	3,0	0,00	Noruega	130.810,0	0,25
Alemaña	2,8	0,00	Arxentina	113.031,6	0,21
Arxentina	2,5	0,00	Rusia	109.437,5	0,21
Canadá	2,1	0,00	Suecia	97.815,8	0,19
Vietnam	0,0	0,00	Corea do Sur	97.279,8	0,18
China	0,0	0,00	Emiratos Árabes Unidos	82.147,4	0,16
Finlandia	0,0	0,00	Resto do Mundo	810.676,0	1,54
Total	**65.457,7**	**100,00**	**Total**	**52.803.561,7**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Dos restantes territorios o único que cabe destacar é a case total carencia de investimentos en Galicia en 2018. Tan só cómpre sinalar a entrada de 873.000 euros procedentes de Kuwait (o 69% da proveniente do continente asiático), destinados á industria do plástico e, tamén, no sector inmobiliario, ao aluguer de bens inmobles.

A información do fluxo do IED recibido por Galicia complétase coa do stock de capital estranxeiro mantido ata 2018. Como xa se indicaba nos informes precedentes, os datos que sobre ese punto facilita a Secretaría de Estado de Comercio non son tan completos coma os dos fluxos de investimento e ademais publícanse con varios anos de atraso. Actualmente, o último exercicio con información dispoñible foi 2016. Nese ano contabilizábanse en Galicia 54.820 traballadores en empresas de capital foráneo, nas cales o emprego subiu con respecto ao ano precedente un 11,1%, acadando case o existente en 2008. A ocupación loxicamente concéntrase nos sectores nos que se sitúan as principais sociedades de capital estranxeiro que operan en Galicia, ou sexa, a automoción e o comercio por xunto e polo miúdo.

No cadro 17 agrupamos por países o IED declarado no Rexistro desde 2008 a 2018. A agregación é en termos monetarios e inclúense as operacións de ETVE. Con respecto ao mesmo cadro publicado no informe de 2017 mantéñense os principais países de onde provén en última instancia o investimento e coa mesma orde. Unha novidade significativa foi o cambio no peso relativo de Portugal, que pasou de absorber o 27,9% do total do investimento recibido por Galicia ao 38,8%. Este dato debeuse, como xa se comentou, á operación de 2017 de ETVE da industria de cemento Cimpor, a cal non se recollía na súa totalidade nos datos provisionais cos que se elaborou o informe de 2017. Deste xeito, Portugal intensifica o seu liderado e suxire que os maiores investimentos se realizan desde a Unión Europea. Ben é certo que son investimentos puntuais procedentes dos países que figuran no cadro 17 os que xustifican esta clasificación. As operacións máis relevantes foron xa descritas no informe correspondente ao ano en que se realizaron. Cómpre apuntar que aínda que China se mantivo no sexto lugar, experimentou un freo no seu IED, situación que, tendo en conta os anuncios realizados, seguramente se modificará nos próximos anos.

Cadro núm. 17
Procedencia última do investimento estranxeiro bruto efectuado en Galicia desde 2008 a 2018

País	Miles de euros	%
Portugal	891.643	38,76
Luxemburgo	270.894	11,78
Italia	252.668	10,98
Brasil	172.296	7,49
Reino Unido	148.610	6,46
China	118.756	5,16
Resto países	445.651	19,37
Total	**2.300.518**	**100,00**

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

co. Nese ano xerouse a metade do investimento realizado por Latinoamérica en Galicia desde 1993 a 2018. Os 11,2 millóns de euros recibidos nese último ano procedían fundamentalmente de 4 países: Brasil, Panamá, México e Venezuela. A metade, 5,1 millóns, corresponde a Brasil, sendo o proxecto máis importante unha achega en enerxía eólica. A finais de 2018 Galicia contaba con 3.423 Mw en 162 parques. A expectativa é que en 2030 se duplique a potencia instalada actualmente. En Latinoamérica, Panamá ocupou o segundo lugar por IED recibido con 2,5 millóns de euros tras dúas operacións do sector de servizos. A de maior contía destinouse a participar no capital dunha sociedade de xestión de actividades deportivas, sector que está experimentando un intenso crecemento nos últimos anos. A segunda operación, de case un millón de euros, realizouse nunha empresa de asesoramento de enxeñería. Case co mesmo IED que Panamá figura no *ranking* galego de 2018 México, país que centrou os seus investimentos nas actividades inmobiliarias e clubs deportivos. Finalmente, e como cuarto país relevante, rexístrase a entrada do IED desde a convulsa Venezuela, tan só 1,4 millóns de euros, e dirixiuse cara ás actividades inmobiliarias cuxa rendibilidade comeza a recuperarse en Galicia tras a última crise.

O IED emitido desde Galicia declarado no Rexistro de investimentos

Adoita ser habitual que o IED emitido desde Galicia sexa moi superior ao IED recibido por esta comunidade autónoma. O ano 2018 non foi unha excepción, xa que, mentres o IED recibido foi, con datos provisionais, de tan só 65,5 millóns de euros, o IED emitido alcanzou os 982,1 millóns, ou sexa quince veces superior. A causa fundamental pola que se alcanzou esta elevada cifra foi unha cuestión recorrente nos últimos anos. Mentres o IED que figura nas estatísticas do Banco de España ou na elaboración da Balanza de Pagos inclúe os investimentos en inmobles, na metodoloxía para a anotación no rexistro indícase explícitamente que non se consideran estes investimentos. Isto non impide que na actividade denominada promoción inmobiliaria se contabilicen todos os investimentos necesarios para a obtención de alugueres. Neste sector estase concentrando o IED emitido por Galicia nos últimos anos debido á incidencia das operacións de Pontegadea Inmobiliaria, sociedade que canaliza os investimentos en inmobles destinados ao aluguer do principal accionista de Inditex. As continuas e cuantiosas transaccións neste sector que se realizan desde esta sociedade con domicilio en Arteixo (A Coruña) teñen un peso relativo no IED tan elevado que minimizan os resultados das operacións realizadas noutras actividades.

Cómpre tamén indicar que os 982,1 millóns de euros alcanzados en 2018 son resultados provisionais publicados o 20 de marzo de 2019.[1] Neste caso é moi importante xa que os atrasos nalgunhas inscricións ou a propia depuración da información motiva, por exemplo, que o IED emitido por Galicia publicado inicialmente para 2017, e que figura no informe de 2017, fose de 559,02 millóns de euros, cando na actualidade esta cifra xa se eleva a 1.177,6 millóns de euros, ou sexa, case o dobre. Esta sensible modificación debeuse á anotación dunha operación de ETVE de nula transcendencia para a economía galega e froito do IED emitido por Galicia, do que se fixo referencia na epígrafe anterior. O normal nunha operación desta natureza é que se realice unha dobre e simultánea anotación, posto que se trata dun IED recibido en Galicia e á vez emitido ao «adquirir unha empresa domiciliada en Galicia a titularidade duns activos situados no exterior». A transacción, non recollida no informe anterior, consistiu nun IED no sector do cemento, polo que entraron en Galicia fondos procedentes de Portugal e dedicáronse á compra de activos do mesmo grupo en Austria (535 millóns de euros). Iso elevou a Austria ao primeiro lugar do IED emitido por Galicia nese exercicio.

Gráfico 10
Evolución do IED emitido por Galicia
(en millóns de euros)



No conxunto das comunidades autónomas españolas, Galicia pasou de ocupar o cuarto lugar en 2016 e 2017, tras Madrid, Cataluña e País Vasco, ao sétimo en 2018, ao tamén emitir unha maior contía de IED Aragón, Cantabria e a Comunidade Valenciana. A anotación das operacións realízase no domicilio social das empresas que emiten IED. Por esa razón os traslados das sedes de grandes empresas desde Cataluña a outras comunidades, en especial a Madrid, cambian a orixe destes fluxos; de tal xeito que a distribución territorial dos investimentos en España deba relativizarse, posto que para o IED emitido non se poden ter en conta os lugares nos que estas empresas realizan a súa actividade produtiva.

Os resultados territorializados do IED emitido desde España en 2018 presentan grandes modificacións con respecto aos exercicios anteriores. A Comunidade de Madrid, lugar onde se atopan moitas das sedes sociais das grandes empresas españolas, adoitaba absorber unha porcentaxe moi elevada do IED español. En 2017 representaba o 83%. O peso da segunda comunidade, Cataluña, non alcanzaba o 5%, mentres

[1] Xa rematado este informe o rexistro realizou o 20 de xuño unha segunda actualización dos datos provisionais sobre o IED emitido por Galicia en 2018, elevando a súa contía a 1.764,8 millóns de euros debido, sobre todo, a incorporación de transaccións non contabilizadas anteriormente de grande envergadura no sector da construción de edificios (promoción inmobiliaria) e no comercio polo miúdo.

que a porcentaxe do País Vasco oscilaba en función das operacións do BBVA ou de Iberdrola. Pois ben, en 2018 o IED en Madrid reduciuse sensiblemente (un 75,16% menos que en 2017), mentres que se duplicou o valor do emitido desde Cataluña. Desta forma, se en 2017 de cada euro do IED emitido desde Madrid se investían 6 céntimos desde Cataluña, en 2018 pasouse a case 50 céntimos. Esta caída en Madrid é o principal factor explicativo de que o IED español emitido se reducise en tan só un ano a case a metade.

O descenso á sétima posición de Galicia en 2018 xustifícase polos investimentos puntuais provenientes de Cantabria, sede do Banco de Santander, tras dúas operacións, unha en México e outra no Reino Unido, e tamén por unha actuación emitida desde Aragón, comunidade na que nos dous exercicios anteriores apenas si existiran investimentos. Unha operación do sector da automoción dirixida a Corea do Sur por un valor de 1.191,8 millóns de euros, considerada ETVE, explica este comportamento.

As operacións en 2018 de ETVE concentráronse en Madrid e Aragón, pero do mesmo xeito que sucedía co IED recibido, o seu peso relativo total foi moi inferior ao alcanzado na primeira década do século actual. En Galicia, dos 982,1 millóns do IED recibido, 121,1 millóns corresponden a outra operación de ETVE no sector de fabricación de cemento dirixida a Brasil; transacción que seguramente obedece á transmisión dos fondos recibidos de Portugal por parte de Cimpor. Sen esta operación, sen transcendencia na economía real, o IED emitido por Galicia reduciríase a 860,96 millóns de euros.

Cadro núm. 18
Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2016		2017		2018		TVI (%) 2018/2017
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	493,07	0,90	174,17	0,34	313,34	1,18	79,90
Aragón	136,85	0,25	6,32	0,01	1.474,37	5,54	23.243,04
Cantabria	62,98	0,12	162,79	0,32	4.679,86	17,60	2.774,71
Castela e León	267,25	0,49	452,40	0,88	75,71	0,28	-83,27
Castela-A Mancha	44,05	0,08	16,14	0,03	20,91	0,08	29,59
Cataluña	2.241,87	4,11	2.551,27	4,98	5.244,64	19,72	105,57
Madrid	42.207,47	77,42	42.533,64	82,98	10.565,71	39,73	-75,16
C. Valenciana	236,60	0,43	1.154,21	2,25	1.075,55	4,04	-6,82
Estremadura	4,15	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	
Galicia	**1.480,10**	**2,71**	**1.177,60**	**2,30**	**982,10**	**3,69**	**-16,60**
Baleares	220,09	0,40	138,72	0,27	584,07	2,20	321,04
Canarias	82,16	0,15	152,30	0,30	34,63	0,13	-77,26
A Rioxa	0,03	0,00	0,95	0,00	0,24	0,00	-75,16
Navarra	89,30	0,16	108,97	0,21	78,68	0,30	-27,79
País Vasco	6.077,10	11,15	2.057,90	4,01	999,42	3,76	-51,44
Asturias	873,56	1,60	548,86	1,07	433,21	1,63	-21,07
Murcia	2,53	0,00	19,73	0,04	32,74	0,12	65,98
Total	54.519,17	100,00	51.255,97	100,00	26.595,18	100,00	-48,11

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 19
Distribución territorial, con e sen ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior. Ano 2018

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Sen ETVE		Con ETVE		Sen ETVE	Con ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	42,70	0,19	313,34	1,18	42,61	313,24
Aragón	282,54	1,26	1.474,37	5,54	282,19	1.440,59
Cantabria	4.679,86	20,88	4.679,86	17,60	4.676,28	4.676,28
Castela e León	75,71	0,34	75,71	0,28	75,67	75,67
Castela-A Mancha	1,40	0,01	20,91	0,08	0,92	20,44
Cataluña	5.208,48	23,24	5.244,64	19,72	4.987,01	5.004,43
Madrid	8.082,93	36,06	10.565,71	39,73	1.944,61	3.811,83
C. Valenciana	1.074,87	4,80	1.075,55	4,04	544,48	545,16
Estremadura					0,00	0,00
Galicia	860,96	3,84	982,10	3,69	441,23	562,36
Baleares	**584,07**	**2,61**	**584,07**	**2,20**	**583,25**	**583,25**
Canarias	34,63	0,15	34,63	0,13	34,38	17,73
A Rioxa	0,24	0,00	0,24	0,00	0,24	0,24
Navarra	78,68	0,35	78,68	0,30	63,01	63,01
País Vasco	942,49	4,20	999,42	3,76	-830,16	-1.658,89
Asturias	433,21	1,93	433,21	1,63	429,73	429,73
Murcia	32,74	0,15	32,74	0,12	31,68	31,68
Total	22.415,53	100,00	26.595,18	100,00	13.307,12	15.916,75

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Á saída de 982,1 millóns de euros ao exterior temos que contrapoñer os desinvestimentos realizados nas empresas do capital procedente de Galicia. O rexistro cuantifica os desinvestimentos realizados en 2018 en 419,7 millóns de euros, polo que o investimento neto foi de 544,5 millóns de euros. O principal desinvestimento, 367,7 millóns localízase en Estados Unidos na actividade de alugueres de bens inmobles. Iso suxire movementos de Pontegadea na busca de rendibilidade na adquisición de edificios emblemáticos e de beneficios no mercado do aluguer. O segundo desinvestimento de maior contía, 28,9 millóns de euros, produciuse no sector do transporte marítimo en Brasil. Ademais, tamén se produciron desinvestimentos noutros nove países ou territorios dos que destacan Portugal (produción de enerxía eléctrica), Suráfrica (pesca mariña) e Bélxica (comercio polo miúdo de mobles).

No contexto español, os elevados desinvestimentos observados en Madrid contrapóñense coa inexistencia dos mesmos en Cataluña. Por iso, é esta última comunidade a que lidera o fluxo de investimentos netos, pasando Madrid á terceira posición tras Cantabria. Tamén se observa un valor moi elevado do capital desinvestido procedente do País Vasco. Trátase da venda do 68% da filial chilena do BBVA a Scotiabank. A cifra que se manexaba roldaba os 1.870 millóns de euros.

Cadro núm. 20
Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto galego no exterior. Ano 2018

	Sector de orixe		Sector de destino	
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	14.676,8	1,49	38.893,1	3,96
Industrias extractivas				
Industria manufactureira	21.953,3	2,24	172.517,5	17,57
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	103,9	0,01	7.473,5	0,76
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación				
Construción	19.359,3	1,97	5.813,9	0,59
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	46.213,5	4,71	26.339,2	2,68
Transporte e almacenamento			7.009,6	0,71
Hostalería	5.720,6	0,58	19.814,6	2,02
Información e comunicacións				
Actividades financeiras e de seguros	753.003,7	76,67	1.896,7	0,19
Actividades inmobiliarias	108.293,1	11,03	702.184,4	71,50
Actividades profesionais, científicas e técnicas	12.622,0	1,29	3,6	0,00
Actividades administrativas e servizos auxiliares				
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria				
Educación				
Actividades sanitarias e de servizos sociais				
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	150,0	0,02	150,0	0,02
Outros servizos				
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio				
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais				
Persoas físicas (sen sector de actividade)				
Total	982.096,1	100,00	982.096,1	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 20 apréciase que o principal sector de orixe do IED emitido por Galicia (753 millóns de euros) é o de actividades financeiras e de seguros. En concreto, son fondos aportados por sociedades *holdings* destinados principalmente aos dous tipos de actuacións xa comentadas anteriormente. Trátase dos 121,1 millóns da operación de ETVE e de 594 millóns destinados á promoción inmobiliaria (aluguer de inmobles). Esta última actividade é tamén o sector de destino de 108,3 millóns de euros aportados desde Galicia por actividades inmobiliarias, en concreto, por aluguer de inmobles.

En suma, nada menos que o 71,5% do IED total emitido desde Galicia diríxese á actividade inmobiliaria, porcentaxe que se amplía ata o 81,6% se excluímos a operación de ETVE. A contía total, 702,2 millóns de euros, fai que se manteña na traxectoria dos últimos anos. Nos informes anteriores fóronse describindo as adquisicións realizadas desde Pontegadea no estranxeiro, todas elas edificios emblemáticos que contan entre os seus inquilinos coas marcas empresariais máis importantes do mundo da distribución. En 2018 os novos investimentos centráronse nos Estados Unidos coa adquisición en Washington do *The Investment Building*, edificio de oficinas no corazón financeiro da capital americana e que pertencía a unha *joint venture* formada por JP Morgan Asset Management e JBG Smith. A operación supuxo un investimento de 337 millóns de euros. A outra adquisición de grande interese realizouse no centro de Londres (Charing Cross). Trátase da compra do edificio Adelphi, sede, entre outras sociedades, de Spotify, The Economist, Shiseido ou A.T. Kearney. O vendedor foi Blackstone e a operación roldou os 667 millóns de

euros. Recentemente anunciouse o acordo de compra ao fondo USAA Real Estate por parte de Pontegadea Inmobiliaria dun complexo de dous edificios denominado Troy Block, ocupado pola sede central de Amazon en Seattle (Estados Unidos). A operación, que se concretou a principios de 2019, supuxo un desembolso de 656 millóns de euros. En suma, en 2018, coa metodoloxía que se segue no rexistro, o IED galego destinado á actividade de aluguer de inmobles concretouse en 504,4 millóns dirixidos ao Reino Unido e 196,6 millóns aos Estados Unidos.

Excluídas estas actividades inmobiliarias e a operación da industria de cemento de ETVE, o IED galego emitido en 2018 reduciríase a 158,8 millóns de euros, cifra en todo caso aínda moi superior ao do IED recibido. Destas operacións destaca, en primeiro lugar, un investimento de 38,9 millóns do sector pesqueiro, cuxa orixe en Galicia procede ou da propia actividade pesqueira ou da súa comercialización. A saída de capital máis elevada produciuse no ámbito da acuicultura mariña e dirixiuse a Nicaragua, 17,2 millóns de euros. Trátase dos investimentos do Grupo Nova Pescanova neste país nas súas sociedades filiais, entre as que se inclúen unha granxa acuícola, co fin de incrementar a capacidade produtiva do lagostino; de feito, inténtana duplicar. Á súa vez cómpre sinalar os desinvestimentos realizados por este grupo en Honduras nas súas granxas de lagostino vannamei, aínda que os novos compradores garanten o aprovisionamento. Ademais desta operación de acuicultura, a máis importante nesta actividade, tamén se observan novos investimentos do sector pesqueiro galego, en concreto, en empresas en Brasil, Francia, Uruguai, Arxentina e Estados Unidos.

En canto ao sector industrial manufactureiro hai que salientar a operación de 34,2 millóns de euros realizada desde un *holding* galego a unha empresa de Brasil de fabricación de produtos de ferro e aceiro, capital previsiblemente achegado pola siderúrxica Añón, país polo que leva apostando con éxito desde hai varios anos. O IED emitido cara á industria complétase en 2018 cunha contribución ao sector do cemento, 17 millóns de euros, non considerada operación de ETVE, destinada a Turquía e, no sector de enerxía eólica, tres pequenas achegas a Chile, República Dominicana e Polonia.

No sector terciario, ademais do aluguer son varias a actividades ás que se dirixiu o IED emitido desde Galicia. Un fluxo habitual é a entrada de capital en empresas de comercio polo miúdo, en especial de pezas de vestir. No cadro 20 obsérvase que o investimento galego na actividade comercial foi de 26,4 millóns de euros, dos que 23,6 millóns diríxense cara ao comercio polo miúdo (16,1 millóns ao sector da confección e 7,5 millóns ao do moble). Coa expansión mundial de Inditex este tipo de investimento adoita ser moi habitual na economía galega e tamén o realizan outras empresas ante a necesidade de dotarse de canles de distribución. Este capital en 2018 dirixiuse a nove países europeos en contías moi variadas. O maior investimento realizouse en Suecia (4,3 millóns de euros) e o menor na República Checa (188.540 euros).

Ademais do comercio, no sector terciario realizouse un IED cun certo peso en Marrocos no sector hoteleiro. A contía do investimento en 2018 alcanzou os 19,5 millóns de euros, operación previsiblemente realizada polo grupo Inveravante, propiedade do empresario Manuel Jove. O grupo que en España actúa como Attica21 dispón nos últimos anos de varios hoteis no país magrebí. A súa actividade concéntrase en Tánxer a través da cadea Hilton (Hilton Tanger City, Center Hotel & Residences e Hilton Garden Inn), en Casablanca (xestionado pola cadea Four Seasons) e dispón tamén de apartamentos turísticos. Como se aprecia, a aposta por Marrocos foi moi forte.

O transporte é outra das actividades habituais no IED emitido desde Galicia. En 2018 este fluxo reduciuse a 7 millóns de euros, froito de dúas operacións de transporte marítimo en Perú e Portugal.

No cadro 21 compárase, por sector económico, o peso relativo do IED emitido por Galicia fronte ao xerado no conxunto de España. Apréciase como a actividade de Pontegadea no sector inmobiliario posúe un enorme peso no contexto estatal. Os seus investimentos case representaban o 60% dos realizados en España. Tamén foi relativamente alto o peso relativo do sector hoteleiro, un 7%. Nas restantes actividades, o seu peso apenas en ningunha delas supera o 3%. Porén, un maior grao de desagregación permítenos ver a especialización galega en varias ramas. O IED emitido de pesca e acuicultura realízase case exclusivamente desde Galicia, como tamén os investimentos no sector siderúrxico.

Fronte á concentración na Unión Europea das exportacións de mercancías que saen de Galicia, o IED emitido diríxese cara a lugares máis afastados. A distribución xeográfica por grandes territorios permítenos visualizar a concentración dos fondos en dous continentes: Europa e América. A distribución está en 2018 un tanto orientada cara a Europa (un 57,1% do total fronte a un 40,9% de América) e é inexistente cara a Oceanía, Asia e África, sendo Marrocos neste último continente a excepción. Evidentemente, o resultado desta distribución está moi condicionada pola adquisición de inmobles con destino ao aluguer por parte de Pontegadea, xa que as súas preferencias adoitan ser ou o Reino Unido ou Estados Unidos. Porén, é habitual a existencia dun fluxo moi relevante cara a Latinoamérica debido ás actividades pesqueiras e da acuicultura, pero, tamén, pola presenza galega en múltiples negocios no Brasil, territorio que concentra o maior volume de IED emitido nos últimos anos. Doutra banda, como curiosidade, constátase que desde 2012 non se emitiu ningún IED a Venezuela.

Cadro núm. 21
Distribución do investimento estranxeiro bruto no exterior por sector de destino

	2017					2018				
	Galicia		España		%	Galicia		España		%
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/ España	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/ España
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	37.185,7	3,2	292.862,3	0,6	12,7	38.893,1	4,0	3.232.344,2	12,2	1,2
Industrias extractivas			11.690.758,9	22,8				136.050,5	0,5	
Industria manufactureira	664.078,4	56,4	19.723.286,4	38,5	3,4	172.517,5	17,6	5.559.352,0	20,9	3,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	9.795,9	0,8	1.621.265,2	3,2	0,6	7.473,5	0,8	1.243.349,3	4,7	0,6
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			24.546,1	0,0	-			134.976,9	0,5	-
Construción	251.919,0	21,4	2.322.796,3	4,5	10,8	5.813,9	0,6	1.957.703,9	7,4	0,3
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	33.609,5	2,9	2.945.222,7	5,7	1,1	26.339,2	2,7	2.643.351,4	9,9	1,0
Transporte e almacenamento	2.700,0	0,2	4.193.686,8	8,2	-	7.009,6	0,7	293.240,2	1,1	2,4
Hostalería	638,0	0,1	370.397,6	0,7	0,2	19.814,6	2,0	281.662,8	1,1	7,0
Información e comunicacións			2.733.822,6	5,3	0,0			966.052,0	3,6	
Actividades financeiras e de seguros	6.747,5	0,6	3.615.073,6	7,1	0,2	1.896,7	0,2	8.696.128,1	32,7	0,0
Actividades inmobiliarias	153.908,5	13,1	862.983,4	1,7	17,8	702.184,4	71,5	1.195.256,0	4,5	58,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	16.157,2	1,4	172.821,4	0,3	9,3	3,6	0,0	92.267,8	0,3	
Actividades administrativas e servizos auxliares	2,5	0,0	301.987,0	0,6	0,0			128.409,2	0,5	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria										
Educación	1,3	0,0	12.727,0	0,0	0,0			5.241,0	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			286.866,8	0,6	-			3.974,8	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	860,0	0,1	65.625,1	0,1	1,3	150,0	0,0	21.860,7	0,1	0,7
Outros servizos			19.239,9	0,0	-			3.962,5	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total	1.177.603,4	100,0	51.255.969,1	100,0	2,3	982.096,1	100,0	26.595.183,2	100,0	3,7

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 22
Destino do investimento bruto galego e español no exterior

	Galicia		España		
Área de destino	Miles de euros	%	Miles de euros	%	% Galicia/ España
2017					
UE-28	742.675	63,1	26.090.170	50,9	2,85
Resto de Europa	18.150	1,5	413.269	0,8	4,39
América do Norte	266.916	22,7	11.943.059	23,3	2,23
Latinoamérica	91.296	7,8	10.793.965	21,1	0,85
Resto de América	0	0,0	826.628	1,6	0,00
Asia e Oceanía	5.000	0,4	1.095.732	2,1	0,46
África	53.567	4,5	93.146	0,2	57,51
Total	1.177.603	100,0	51.255.969	100,0	2,30
2018					
UE-28	540.580	55,0	10.569.757	39,7	5,11
Resto de Europa	20.438	2,1	388.271	1,5	5,26
América do Norte	201.394	20,5	2.568.353	9,7	7,84
Latinoamérica	200.159	20,4	10.984.683	41,3	1,82
Resto de Ámerica	0	0,0	147.373	0,6	0,00
Asia e Oceanía	0	0,0	1.846.944	6,9	0,00
África	19.525	2,0	89.802	0,3	21,74
Total	982.096	100,0	26.595.183	100,0	3,69

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Se en 2017 o IED emitido por Galicia alcanzou a 32 países ou territorios, en 2018, con datos provisionais, este destino reduciuse a 25. Obviamente, polos motivos antes sinalados o fluxo concéntrase no Reino Unido e Estados Unidos, e grazas ás operacións de ETVE o terceiro país foi Brasil. O peso dos investimentos dos nosos dous principais clientes nas exportacións de mercancías, Francia e Portugal, é moi escaso; o que parece suxerir que a preferencia de cara a estes dous países está en vender mercancías máis que instalarse con actividade produtiva ou de distribución comercial neses territorios. O IED emitido a Francia alcanzou os 10,3 millóns de euros e dirixiuse ao sector pesqueiro e a unha sociedade de instalacións eléctricas. Pola contra, os 5,5 millóns de euros destina-

Cadro núm. 23
Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Ano 2017

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Austria	537.688,8	45,66	Reino Unido	16.509.721,1	32,21
Estados Unidos	266.915,8	22,67	Estados Unidos	10.374.643,6	20,24
Reino Unido	116.363,5	9,88	México	3.499.601,7	6,83
Suráfrica	50.000,0	4,25	Francia	2.911.774,9	5,68
Italia	35.500,2	3,01	Colombia	1.947.331,1	3,80
Nicaragua	27.622,4	2,35	Uruguai	1.741.677,5	3,40
Ecuador	18.344,5	1,56	Brasil	1.696.098,5	3,31
Francia	14.594,6	1,24	Países Baixos	1.662.937,3	3,24
Brasil	13.379,3	1,14	Canadá	1.568.415,3	3,06
Turquía	13.024,6	1,11	Portugal	1.430.282,3	2,79
Portugal	12.105,1	1,03	Irlanda	946.277,4	1,85
México	11.650,3	0,99	Austria	550.154,9	1,07
Chile	10.151,9	0,86	Luxemburgo	536.090,1	1,05
Polonia	9.120,6	0,77	Illas Caimán	517.745,4	1,01
Romanía	8.769,5	0,74	Chile	499.449,7	0,97
Países Baixos	6.142,0	0,52	Perú	494.889,2	0,97
Suíza	5.125,7	0,44	Alemaña	419.023,7	0,82
Emiratos Árabes Unidos	5.000,0	0,42	Italia	361.114,1	0,70
Guatemala	4.319,0	0,37	Chipre	330.409,0	0,64
República Dominicana	3.556,5	0,30	Singapur	300.649,5	0,59
Marrocos	3.546,8	0,30	Venezuela	265.212,5	0,52
Alemaña	1.300,0	0,11	Arxentina	262.911,8	0,51
Arxentina	1.191,0	0,10	Suíza	258.561,6	0,50
Colombia	1.037,2	0,09	Trindade e Tobago	231.477,3	0,45
Eslovaquia	500,0	0,04	Panamá	184.317,9	0,36
Luxemburgo	300,0	0,03	India	167.430,8	0,33
Chequia	290,4	0,02	Australia	139.754,8	0,27
Mauritania	20,0	0,00	Suecia	132.395,8	0,26
Bolivia	19,0	0,00	Indonesia	127.267,4	0,25
Panamá	12,8	0,00	China	121.338,2	0,24
Uruguai	12,0	0,00	Polonia	119.907,6	0,23
Cuba	0,1	0,00	Resto do Mundo	947.107,4	1,85
Total	1.177.603,4	100,00	Total	51.255.969,1	100,00

Ano 2018

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Reino Unido	507.162,3	51,64	México	5.276.557,4	19,84
Estados Unidos	201.393,6	20,51	Países Baixos	3.457.864,6	13,00
Brasil	160.871,5	16,38	Estados Unidos	2.553.811,2	9,60
Marrocos	19.524,9	1,99	Brasil	2.354.958,2	8,85
Nicaragua	17.193,0	1,75	Luxemburgo	1.995.664,7	7,50
Turquía	17.051,3	1,74	Reino Unido	1.767.859,2	6,65
Francia	10.339,7	1,05	Arxentina	1.592.783,8	5,99
Portugal	5.498,4	0,56	Corea do Sur	1.192.127,7	4,48
República Dominicana	5.472,1	0,56	Alemaña	972.082,5	3,66
Perú	5.338,8	0,54	Irlanda	815.792,0	3,07
Austria	4.511,5	0,46	Portugal	632.314,4	2,38
Suecia	4.342,0	0,44	Chile	371.470,7	1,40
Arxentina	3.691,3	0,38	Francia	355.189,8	1,34
Uruguai	3.608,3	0,37	Costa Rica	349.442,5	1,31
Suíza	3.387,0	0,34	Colombia	288.592,3	1,09
Alemaña	3.000,0	0,31	Israel	270.634,6	1,02
Dinamarca	2.015,2	0,21	Andorra	252.973,9	0,95
Bélxica	2.000,0	0,20	Uruguai	235.136,5	0,88
Chile	1.897,5	0,19	Italia	179.698,9	0,68
México	1.858,3	0,19	Chipre	166.318,0	0,63
Luxemburgo	1.415,4	0,14	India	147.570,7	0,55
Colombia	212,5	0,02	Perú	144.179,8	0,54
Chequia	188,5	0,02	Guatemala	140.320,9	0,53
Polonia	107,5	0,01	Turquía	112.476,6	0,42
Bolivia	15,6	0,00	Resto do Mundo	969.362,4	3,64
Total	982.096,1	100,00	Total	26.595.183,2	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

dos a Portugal distribuíronse entre seis sectores, dos que destacan as actividades vinculadas ao mar, xa que se dirixiron ao comercio por xunto de peixe e ao transporte marítimo.

A singularidade dos investimentos galegos concentrados en poucos sectores motiva que a distribución por países sexa, polo xeral, moi cambiante dun ano para outro e tamén que non sexa semellante á do conxunto de España. Neste último caso tamén as operacións singulares inciden nun *ranking* moi cambiante. En 2017 estaba liderado en España polo Reino Unido, mentres que en 2018 este país pasou á sexta posición, ocupando o primeiro lugar México debido, entre outras causas, ás operacións bancarias realizadas polo Banco de Santander. Dun IED total de 5,3 millóns de euros, 4,1 millóns dirixíronse ao sector bancario dese país.

Do mesmo xeito que se facía nos informes anteriores cabería indicar que unha parte significativa da internacionalización da economía galega realízase a través de actuacións, sobre todo en infraestruturas, de sociedades con sede social en Galicia, pero con actividade en todo o mundo. É o caso de construtoras tales como o Grupo San José, que parece afrontar o seu futuro con optimismo tras os duros anos de crises en España. Esta firma conta con intervencións en todos os continentes e acaba de anunciar a construción dun novo hotel de cinco estrelas da cadea Hilton en Abbu Dhabi. Pola súa banda, Copasa, con domicilio social en Ourense, dispón dunha carteira de 1.590 millóns de euros, dos que o 62,3% corresponden a obras no estranxeiro. A súa actuación estrela é a participación na construción do AVE en Arabia Saudita. Outra empresa de referencia, Puentes y Calzadas, que, como Copasa, tamén concentra arredor do 60% da súa facturación no estranxeiro (sobre 200 millóns de euros ao ano), consolidou a súa posición en Panamá e conta cun proxecto de distribución e servizo de auga en Angola. En 2019 conseguiu entrar en Estados Unidos para executar un ensanche dunha autopista. Espina e Delfín, empresa compostelán especializada en obras hidráulicas, ampliou a súa presenza internacional, onde conta con máis de trinta proxectos. Recentemente adxudicóuselle a ampliación dunha planta potabilizadora en Cartaxena de Indias (Colombia) e a ampliación e remodelación dunha depuradora en Portugal.

Entre 2008 e 2018 desde Galicia emitíronse 10.271 millóns de euros do IED, incluíndo as operacións de ETVE. Obviamente, o cuantioso investimento en inmobles destinados ao aluguer por parte de Pontegadea nos últimos anos explica que este IED se concentre nos países preferidos para este tipo de investimento: Estados Unidos e Reino Unido. Os dous absorberon o 41,5% do IED total emitido. O terceiro país foi Brasil ao concentrarse no seu territorio as operacións de ETVE do sector cementeiro. As actividades inmobiliarias tamén xustifican a presenza dos restantes países no *ranking* que figura no cadro 24. Tamén son moi relevantes, á marxe de determinados investimentos puntuais de certa envergadura, os investimentos no comercio polo miúdo, actuacións que xustifican case na súa totalidade o IED recibido por Italia ou unha boa parte do de Francia.

Cadro núm. 24
Destino do investimento estranxeiro bruto emitido por Galicia desde 2008 a 2018

País	Miles de euros	%
Estados Unidos de América	2.310.206	22,49
Reino Unido	1.951.021	19,00
Brasil	1.041.248	10,14
Luxemburgo	703.317	6,85
Francia	464.629	4,52
Turquía	352.322	3,43
Corea do Sur	270.192	2,63
Bélxica	265.990	2,59
Italia	257.155	2,50
Portugal	228.348	2,22
Resto países	2.426.429	23,62
Total	10.270.856	100,00

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

O rexistro, ademais dos fluxos anuais do IED emitido tamén proporciona información sobre a situación dos stocks do investimento español no exterior. O último ano dispoñible é 2016. Nese exercicio obsérvase que o emprego que xerou o capital galego no exterior é moi maioritariamente no comercio polo miúdo e iso é froito, sobre todo, da ampla rede comercial de Inditex en todo o mundo. Este Rexistro cifra en 194.487 o número de empregados existente en 2016 e, a modo de comparación, os ocupados no comercio por xunto, polo miúdo e vehículos a motor en Galicia nese mesmo ano era de 286.600 persoas. Este sector xeraba un stock de cifra de negocios de 19.544,2 millóns de euros, tamén o máis elevado de entre as diferentes actividades.

Como cabería esperar, as actividades inmobiliarias ocupan o primeiro lugar no stock de investimento exterior, malia que apenas crean emprego e a súa cifra de negocios é considerablemente máis baixa que a do comercio polo miúdo. No cadro 25 tamén se mostra como a automoción teceu unha rede no estranxeiro dunha certa dimensión. Está concentrada en Arxentina, Portugal e Marrocos. De igual maneira, pesca, acuicultura e industria de conserva de peixe teñen un peso significativo neste stock. Entre elas xeraron 12.458 empregos. Neste caso o investimento concéntrase en Latinoamérica, Namibia, Mozambique e Suráfrica.

Cadro núm. 25
Situación en 2016 dos stocks xerados polo investimento galego no exterior. Distribución sectorial

Sectores	Stock Emprego	Stock da posición investidora (en miles de euros)	Stock da cifra de negocio (en miles de euros)
Actividades inmobiliarias	321	5.471.790	262.480
Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor	194.487	5.434.080	19.544.200
Fabricación de outros produtos minerais non metálicos	2.948	2.711.840	2.031.580
Construción de edificios	563	753.390	355.080
Fabricación de vehículos de motor, remolques	6.733	418.800	2.071.170
Comercio por xunto, excepto vehículos de motor	1.434	323.110	896.260
Pesca e acuicultura	6.553	306.750	640.420
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	37	221.130	95.150
Industria da alimentación	5.905	170.650	699.970
Industria do papel	611	145.420	351.330
Resto	6.556	789.250	1.783.490
Total	226.148	16.746.210	28.731.130

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 26
Situación en 2016 dos stocks xerados polo investimento galego no exterior. Distribución por países ou territorios

Sectores	Stock Emprego	Stock da posición investidora (en miles de euros)	Stock da cifra de negocio (en miles de euros)
Estados Unidos	5.208	2.873.800	1.386.420
Países Baixos	2.623	1.696.940	5.091.370
Reino Unido	5.545	1.454.800	972.700
Canadá	3.329	1.284.160	1.262.680
Portugal	8.485	1.232.710	1.858.790
Francia	8.946	825.480	1.735.080
Luxemburgo	140	690.010	24.750
Italia	7.346	648.560	1.612.040
Brasil	4.885	509.580	999.260
Austria	1.005	482.210	128.740
Resto do mundo	178.637	5.047.960	13.659.300
Total	226.148	16.746.210	28.731.130

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Finalmente, no cadro 26 preséntase a distribución territorial do stock xerado polo IED emitido por Galicia. Obsérvase que o emprego, á marxe do maior ou menor investimento realizado, concéntrase na contorna máis próxima, Francia, Portugal e Italia. Pola súa vez, Estados Unidos lidera o *ranking* en canto ao stock de investimento.

VI. Construción

- Forte aumento do VEB de construción e moderado crecemento do emprego en Galicia en 2018.
- A oferta de vivenda española consolida a súa melloría mentres que en Galicia o nivel de actividade inmobiliaria é relativamente menor.
- A demanda de vivenda crece con forza en España e Galicia, aínda que a súa intensidade é menor na comunidade galega.
- A vivenda usada segue dominando o mercado inmobiliario, pero en 2018 aumentan as vendas de vivenda nova en España, mentres que se reducen en Galicia.
- As óptimas condicións financeiras empuxan a concesión de novas hipotecas.
- A vivenda encarécese en termos reais en España e abarátase en Galicia.
- A Coruña e Santiago, as cidades máis caras. Lugo, Santiago e Vigo, as máis inflacionistas en 2018.
- En 2018 Galicia foi a sétima comunidade de maior investimento público por habitante, con 390 euros, superando en 30 euros a media española.
- As obras do AVE finalizarán en 2020, sen proxectos de relevancia que as substitúan.

Introdución

No conxunto de España 2018 pódese considerar o ano no que o mercado da vivenda consolida a recuperación despois da gran crise iniciada dez anos atrás. A edificación residencial recobra os niveis do ano 2009 superando as 100.000 iniciacións de obra e o medio millón de compravendas. Esta mellora, con todo, é desigual a nivel territorial. A suba de vendas e de prezos concéntrase de maneira moi marcada en grandes urbes, en especial Madrid e Barcelona, e zonas de forte atractivo turístico como Baleares ou a Comunidade Valenciana.

O mercado inmobiliario galego tamén evolucionou positivamente, aínda que nun ton menor respecto á media estatal. O crecemento da oferta e da demanda de vivenda foi acompañado de modestos incrementos de prezos, aínda que determinadas zonas urbanas presentan perfís máis inflacionistas. En canto á demanda de obra pública, en 2018 Galicia recuperou parte do forte descenso da licitación experimentado o ano anterior. Non obstante, o futuro próximo, coa finalización das obras de alta velocidade, probablemente traerá unha forte caída do investimento estatal.

Cadro núm. 1
Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

				2018			
	2016	2017	2018	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	1,9	4,9	6,8	7,1	6,8	7,1	6,3
FBCF. Construción. Vivendas	4,4	8,3	6,2	9,3	6,7	6,4	2,7
FBCF. Construción. Outros	0,9	1,5	4,8	1,9	5,8	4,5	7,0
Produción das empresas	3,8	0,2	4,0	6,3	5,1	2,4	2,7
Nova contratación	8,2	9,1	9,2	38,0	-0,3	2,5	2,3
Ocupados	0,0	5,1	8,3	6,5	7,2	7,4	11,9
Paro estimado	-11,9	-17,7	-10,3	-12,0	-9,8	-5,8	-12,9
Afiliados á Seguridade Social	2,7	6,2	6,6	6,5	6,9	6,8	6,1
Paro rexistrado	-15,8	-18,2	-11,6	-14,9	-8,7	-2,2	-3,4
Licitación oficial SEOPAN	0,5	35,3	27,8	11,0	57,1	-37,5	-1,5
Índice de custos do sector	-1,2	2,2	2,2	2,1	1,7	2,4	2,6

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Cadro núm. 2
Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)

				2018			
	2016	2017	2018	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	1,6	3,5	6,1	5,6	6,3	6,6	5,8
Ocupados	-2,4	-7,4	1,2	-0,5	1,3	1,7	2,1
Paro estimado	-4,3	-34,0	-15,5	-9,7	13,0	0,0	-57,9
Afiliados á Seguridade Social	-1,0	0,9	3,8	4,0	4,4	3,7	3,1
Paro rexistrado	-15,6	-19,2	-17,1	-22,1	-14,4	2,7	0,6
Licitación oficial SEOPAN	10,4	-29,4	67,7	32,7	124,1	-33,9	52,3

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Cadro núm. 3
O mercado de traballo na construción (medias anuais). Ano 2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupados						
Miles	28,6	8,6	8,4	21,7	67,3	1.221,8
TVI 2018/2017 (%)	-1,2	-0,9	22,2	-1,5	1,2	8,3
Paro estimado						
Miles	2,3	0,3	0,4	1,7	4,6	134,8
TVI 2018/2017 (%)	26,4	-25,0	-46,2	-35,2	-15,5	-10,3
Paro rexistrado						
Miles	7,1	1,7	1,8	5,7	16,3	291,0
TVI 2018/2017 (%)	-15,6	-18,7	-16,7	-18,6	-17,1	-11,6
Afiliados á Seguridade Social						
Miles	34,5	8,9	8,7	24,0	76,1	1,2
TVI 2018/2017 (%)	3,8	2,1	0,3	5,9	3,8	6,6

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade social, SEPE, EPA e INE.





Os estimadores de actividade da construción para Galicia e España ofrecen un balance moi positivo en 2018. A contabilidade trimestral de España presenta un crecemento anual do 6,8% do valor engadido bruto (VEB), o maior nos 18 anos que van de século. A formación bruta de capital fixo en vivendas, cun incremento medio do 6,2% en 2018, tira fortemente do sector e, aínda que perde algo de impulso na segunda metade do ano, a demanda refórzase aínda máis grazas ao aumento do investimento en obra civil que mostra unha tendencia alcista nos sucesivos trimestres. O indicador de clima da construción[1] (gráfico 2) pon de manifesto a mellora das expectativas empresariais na segunda metade de 2018. A pesar de que os últimos datos deste indicador en 2019 mostran un progresivo empeoramento, cun saldo global de -27,1 no mes de maio, sendo tamén negativas as expectativas tanto na construción de edificios como en obra civil. Segundo a mesma fonte, en maio de 2019, o período de traballo asegurado sitúase en 495,1 días, case 80 días menos que o mesmo mes que o ano anterior. Así, malia que 2018 se pechou con boas perspectivas, nos primeiros meses de 2019 a situación non parece tan optimista desde o punto de vista empresarial.

A tendencia do mercado de traballo concorda coas estimacións da contabilidade nacional. En 2018 o emprego estimado da construción en España alcanza os 1,22 millóns de traballadores (crecemento do 8,3%) e o número de afiliados á Seguridade Social sitúase en 1,18 millóns (aumento do 6,6% sobre 2017), mentres que tanto o paro estimado como o rexistrado caen a taxas superiores ao 10%. A tendencia mantense no primeiro trimestre de 2019, no que os ocupados acadan os 1,28 millóns, 130.000 máis que no primeiro trimestre do ano anterior. A Seguridade Social computa 1,19 millóns de afiliacións, marcando un crecemento interanual do 6,6%. Así pois, todos os indicadores concordan na mellora do mercado de traballo, sendo 2018 o cuarto ano de recuperación do emprego, mostrando a maior taxa de crecemento interanual desde 2002.

Os indicadores de actividade dispoñibles para Galicia son tamén positivos. En 2018 o Instituto Galego de Estatística (IGE) fixa o aumento do VEB de construción no 6,1%, moi elevado, pero sete décimas por baixo da media estatal. Como se aprecia no gráfico 1, a recuperación do emprego estimado pola EPA é máis débil que a do conxunto estatal e só crece grazas á provincia de Ourense. As afiliacións á Seguridade Social, con todo, teñen un comportamento máis homoxéneo nas catro provincias, subindo en todas elas ao longo de 2018.

[1] O indicador de clima é a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e a carteira de pedidos do sector, recollidos na Enquisa de Conxuntura Industrial elaborada polo Ministerio de Industria. Por exemplo, un valor de -12 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 12 puntos ao de opinións positivas.

O número medio de empregados en Galicia foi de 67.300, que representa un modesto crecemento do 1,2%. E, segundo os últimos datos, no primeiro trimestre de 2019 o emprego galego de construción supera por pouco os 65.000 traballadores, o que significa unha perda de 700 postos de traballo en termos interanuais. Debido ás obras ferroviarias, o emprego experimentou un forte tirón na provincia de Ourense, alcanzando unha media de 8.400 empregos en 2018, cun crecemento do 22,2% (cadro 3). As afiliacións á Seguridade Social superaron a cifra de 76.100, cunha suba do 3,8%, destacando o 5,9% da provincia de Pontevedra. A pesar da menor creación de emprego, a taxa de paro da construción (6,4%) segue sendo inferior á española (9,9%), e, ademais, tanto o paro estimado (-15,5%) como o paro rexistrado (-17,1%) sufriron caídas superiores ás medias estatais.

Vivenda

2018 representa o cuarto ano de recuperación da actividade inmobiliaria en España. A vivenda supera os 100.000 inicios de obra e as compravendas roldan as 600.000, cifras semellantes ás que se producían no ano 2009. A recuperación tamén se observa en Galicia, con crecementos destacados de oferta e demanda, malia que de menor intensidade que na media estatal.

Cadro núm. 4
A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

				TVI (%)		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	76.542	92.135	109.047	30,2	20,4	18,4
Licenzas municipais de obra* (número de vivendas de nova planta)	36.065	57.209	44.552	7,2	58,6	15,1
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	45.152	40.119	54.610	-3,6	-11,1	36,1
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	5.306	6.787	4.780	-10,0	27,9	-29,6
VPO obra nova. Vivendas rematadas	7.931	7.118	4.011	-47,3	-10,3	-43,6

* Para o ano 2017 os datos e taxas de variación corresponden aos nove primeiros meses.
VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Fomento.



Como indicadores de oferta usamos os certificados de inicio e de final de obra dos arquitectos técnicos e as licenzas concedidas polos concellos. Estas series aparecen recollidas nos cadros 4, 5 e 6, e no gráfico 4. Catro anos atrás, en 2014, a promoción residencial en España atopábase en mínimos históricos con apenas 35.000 vivendas iniciadas. A partir dese momento a edificación comeza a arrincar e en 2018 iníciánse un total de 100.733 vivendas, cun crecemento interanual do 24,7%. Ademais, as casas terminadas (64.354) aumentan un 17,8% e as

Cadro núm. 5
A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

				TVI (%)		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	2.680	3.328	3.636	3,9	24,2	9,3
Licenzas municipais de obra* (número de vivendas de nova planta)	1.149	1.218	964	-1,5	6,0	7,1
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	1.136	980	1.387	-30,2	-13,7	41,5
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	5	4	5	-96,5	-20,0	25,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas	2	139	9	-95,2	6.850,0	-93,5

* Para o ano 2017 os datos e taxas de variación corresponden aos nove primeiros meses.
VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Fomento.

licenzas municipais de obra medran case un 20% nos nove primeiros meses do ano. Así, pois, a oferta de vivenda en España parece puxante e, nas localidades de maior demanda, a disposición de solo urbanizable resulta insuficiente, o que provoca tensións nos prezos e subas nos custos do aluguer.

No cadro 6 e no gráfico 4 recóllese a evolución das vivendas iniciadas e terminadas. En 2014 e 2015, a promoción de novas obras cae a mínimos, con apenas 1.500 iniciadas anualmente. Nos dous anos seguintes a actividade comeza a mellorar e en 2018 inícianse 3.476 vivendas de nova planta en Galicia, o que representa un crecemento interanual do 46%. O maior número de novas obras (1.451) prodúcese na provincia da Coruña, mantendo o nivel de 2017. Pontevedra, con 1.210, duplica a cifra do ano anterior, mentres que Ourense (250) e especialmente Lugo (565) experimentan importantes aumentos na promoción de vivendas. Aínda que o crecemento foi moi forte, hai que ter en conta que o número absoluto de residencias iniciadas apenas supera a metade do existente en 2009, o que pon de manifesto a mellora máis lenta da actividade en Galicia.

Cadro núm. 6
Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2013	2014	2015	2016	2017
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	846	781	733	1.139	1.463
Lugo	199	402	266	199	168
Ourense	189	104	140	323	130
Pontevedra	316	232	387	398	612
Galicia	1.550	1.519	1.526	2.059	2.373
España	34.288	34.873	49.695	64.038	80.786
Vivendas rematadas					
A Coruña	959	468	246	194	331
Lugo	699	568	238	226	601
Ourense	305	78	332	239	303
Pontevedra	745	513	320	321	152
Galicia	2.708	1.627	1.136	980	1.387
España	64.817	46.822	45.152	40.119	54.610

Fonte: Ministerio de Fomento

As vivendas terminadas, outro indicador da oferta, continúan en niveis moi baixos como mostra o gráfico 4. Só 1.300 vivendas galegas recibiron o visado de fin de obra en 2018, unha cifra lixeiramente inferior mesmo á de 2017. En anos futuros o aumento dos inicios de obra nova traducirase no crecemento desta variable que, polo momento, aparece estancada. Por outra banda, as licenzas concedidas polos concellos indican un incremento importante nos nove primeiros meses de 2018. Así, pois, a promoción de vivenda en Galicia mantén por terceiro ano consecutivo unha tendencia positiva. Con todo, para poñer as fortes taxas de crecemento no seu contexto, hai que ter en conta que o mercado da vivenda partía en 2015 de niveis de actividade próximos ao cero absoluto e que o sector aínda se atopa infra representado na economía galega, polo que debería seguir progresando en anos vindeiros, a pesar de que existe vivenda terminada sen vender, pero a nova resulta moi escasa nos mercados máis dinamicos, que deberían liderar la expansión das novas promocións.

Cadro núm. 7
Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)	
	2015	2016	2017	2016	2017
Galicia					
Notarios	**14.633**	**15.604**	**17.562**	**6,6**	**12,5**
A Coruña	6.381	6.706	7.690	5,1	14,7
Lugo	2.417	2.407	2.369	-0,4	-1,6
Ourense	1.414	1.575	1.742	11,4	10,6
Pontevedra	4.421	4.916	5.761	11,2	17,2
Rexistradores	**12.537**	**13.431**	**14.594**	**7,1**	**8,7**
A Coruña	5.383	6.022	6.302	11,9	4,6
Lugo	1.929	1.802	1.694	-6,6	-6,0
Ourense	1.235	1.408	1.561	14,0	10,9
Pontevedra	3.990	4.199	5.037	5,2	20,0
España					
Notarios	401.713	457.738	532.367	13,9	16,3
Rexistradores	355.556	405.385	464.423	14,0	14,6

Fonte: Ministerio de Fomento. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad.* INE.

Cadro núm. 8
Transaccións de vivenda en notarías. Ano 2017

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	813	6.877	-5,2	17,6
Lugo	462	1.907	-26,2	7,1
Ourense	178	1.564	-19,5	15,5
Pontevedra	578	5.183	-9,0	21,1
Galicia	2.031	15.531	-13,2	17,1
España	50.398	481.969	7,0	17,4

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 9
Valor medio das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			TVI (%)	
	2015	2016	2017	2016	2017
A Coruña	109.870	111.091	111.686	1,1	0,5
Lugo	84.099	77.777	83.255	-7,5	7,0
Ourense	88.275	94.033	86.719	6,5	-7,8
Pontevedra	122.946	123.073	123.637	0,1	0,5
Galicia	107.494	108.059	109.430	0,5	1,3
España	135.633	139.425	144.815	2,8	3,9

Fonte: Ministerio de Fomento.

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, comentado no informe anterior, céntrase nas axudas ao aluguer e á rehabilitación. As actuacións protexidas en Galicia articúlanse a través do Plan RehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda) vixente entre 2015 e 2020. Tanto no plan estatal como nas actuacións autonómicas propias produciuse a práctica desaparición da figura da adquisición de vivenda protexida (VP), centrándose as axudas fundamentalmente na rehabilitación e no aluguer. Nos cadros 4 e 5 pódese observar a caída da tradicional VP en réxime de compra, que pasou a ser residual en España, con 7.900 VP iniciadas e 2.500 terminadas, e inexistente en Galicia.





Os principais indicadores de demanda que usamos son as compravendas realizadas en notarías, as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade e as series de hipotecas constituídas.[2] O estimador conxuntural de maior relevancia son as compravendas en notarías debido ao seu carácter universal e inmediato. As series dos rexistradores refírense ás mesmas operacións recollidas polos notarios, pero cun atraso temporal variable entre os dous rexistros. Os datos de hipotecas só reflicten unha parte das compras, xa que coa chegada da crise se rompeu a equivalencia previamente existente entre crédito hipotecario e compra de vivenda. Estes indicadores móstranse nos cadros 7, 8 e 10 e nos gráficos 5 e 6.

En 2018 a demanda española de vivenda continuou crecendo por quinto ano consecutivo. As notarías españolas rexistraron case 582.000 compravendas de xaneiro a decembro, o que constitúe un aumento interanual do 9,3%. De novo, a grande estrela do mercado é a vivenda usada que absorbe o 90,3% das operacións. Con todo, o aumento das vendas de segunda man foi «só» do 9%, o menor dos últimos cinco anos, indicando a entrada no mercado de residencias de recente construción, cuxas vendas soben un 11,9%, a maior taxa desde 2006. Os rexistros da propiedade mostran 515.000 compravendas en 2018 cunha suba do 10,1%, taxa semellante á ofrecida polos datos notariais. A comezos de 2019 percíbese unha certa retardación nas compras e a demanda parece estabilizarse, o que indicaría que o mercado pode estar preto da cima do ciclo expansivo iniciado en 2014.

Cadro núm. 10
Hipotecas en terreos edificables urbanos. Vivendas construídas

	Núm. de hipotecas			TVI (%)	
	2015	2016	2017	2016	2017
A Coruña	4.622	4.407	5.026	-4,7	14,0
Lugo	892	1.137	1.069	27,5	-6,0
Ourense	816	900	903	10,3	0,3
Pontevedra	3.383	3.626	4.042	7,2	11,5
Galicia	9.713	10.070	11.040	3,7	9,6
España	244.827	281.328	310.096	14,9	10,2

Fonte: INE.

O gráfico 5 reflicte a evolución da demanda de vivenda en Galicia nos últimos seis anos. En 2014 as compravendas nas notarías galegas comezan a aumentar e en 2018 prodúcense un total de 19.786 transaccións, das cales o 90% son vivendas de segunda man. A pesar de que as compras galegas aumentan case un 13%, a intensidade da demanda é inferior á estatal xa que só representa o 3,4% da mesma. A diferenza do resto do Estado, as vendas de vivenda nova seguen caendo en 2018, o que se explica polo xa mencionado atraso na recuperación da actividade de promoción. Tanto as cifras dos notarios como as dos rexistradores (cadro 7) mostran unha demanda crecente en todas as provincias. Segundo os rexistros notariais, o mercado provincial con maior absorción de vivenda é o da Coruña, con 8.691 operacións, seguido do de Pontevedra (6.422), Lugo (2.758) e Ourense (1.915). As cifras ofrecidas polos rexis-

[2] O Consello Xeral do Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notarías e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O Colexio de Rexistradores de España compila as transaccións inscritas nos Rexistros da Propiedade na Estatística Rexistral Inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. O INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmobles; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

Gráfico 7
Índices de referencia no mercado hipotecario



Gráfico 8
Oferta e demanda de vivenda nova e variación do stock en Galicia



Gráfico 9
Prezo medio da vivenda en Galicia e nas sete grandes cidades (euros/m2)



tradores son significativamente menores,[3] malia que manteñen a proporción e a tendencia crecente en todas as provincias.

No gráfico 6 exponse a evolución da adquisición de vivenda nas áreas urbanas[4] das sete maiores cidades galegas. Nas notarías destas zonas producíronse 11.463 compravendas en 2018, o que supón un crecemento do 15,8%, tres puntos por enriba da media de Galicia. A Coruña e Vigo, cun total de 6.741 operacións, absorben case o 60% da demanda urbana galega. O mercado aparece dominado nun 91,6% pola vivenda usada, sendo a área de Ferrol a que presenta un maior peso deste tipo de vivenda (95% das vendas) e a de Lugo a que menos (84%). As áreas de maior dinamismo da demanda en 2018 son a de Ferrol, cun crecemento do 24% nas súas compras, seguida pola de Vigo (20%), mentres que a de Pontevedra presenta o menor aumento (6%). A pesar, pois, de que, como se verá, a vivenda galega ostenta un mellor nivel de accesibilidade que a do resto de España, as vendas na nosa comunidade non evolucionaron coa mesma forza que no conxunto do Estado.

O cadro 10 mostra as hipotecas constituídas en terreos edificables urbanos. En 2018 os créditos hipotecarios concedidos en toda España aumentaron un 11,3% ata superar as 345.000. En Galicia, con 11.400 hipotecas en 2018, a suba foi do 3,4%. Se comparamos o número de hipotecas constituídas coas compras reflectidas nos rexistros da propiedade, vemos que en España dúas de cada tres vivendas adquiridas utilizaron o crédito en 2018, a mesma ratio que o ano anterior. En Galicia o recurso ao endebedamento é lixeiramente maior, xa que o 70% das vivendas están financiadas por hipotecas, representando esta cifra unha caída de cinco puntos respecto á de 2017. A débeda agregada das familias españolas continuou reducíndose a pesar do aumento das hipotecas. O saldo vivo do crédito aos fogares para a adquisición de vivenda baixou a unha taxa media do 1,9% ao longo de 2018. No terceiro trimestre do ano a débeda hipotecaria das familias representaba o 43,8% do PIB, 2,5 puntos menos que un ano antes. Ademais, a porcentaxe de créditos de dubidoso cobro reduciuse ata o 4,3%, catro décimas menos que doce meses antes. Esta mellora nas variables financeiras ten o seu reflexo nas medidas de accesibilidade que se comentan a continuación.

[3] Esta diferenza pode ser achacada ao atraso e a depuración de erros que ten lugar no rexistro e que dan lugar a discrepancias nas variacións anuais, aínda que en períodos máis amplos de tempo ambas as series deben converxer.

[4] Os municipios integrantes das sete áreas urbanas son:

- A Coruña: A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.
- Ferrol: Ferrol, Narón e Fene.
- Santiago: Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo.
- Lugo: Lugo.
- Ourense: Ourense e Barbadás.
- Pontevedra: Pontevedra, Marín e Poio.
- Vigo: Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Ponteareas, Porriño e Redondela

Cadro núm. 11
Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m²		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2016	**1.192,4**	**1.502,6**	**1,2**	**1,9**
2017	**1.187,6**	**1.538,6**	**-0,4**	**2,4**
I trim.	1.179,6	1.525,8	-1,5	2,2
II trim.	1.186,6	1.530,0	-0,8	1,6
III trim.	1.198,8	1.540,0	1,1	2,7
IV trim.	1.185,2	1.558,7	-0,4	3,1

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 12
Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/m²			TVI (%)	
	2015	2016	2017	2016	2017
A Coruña	1.195,1	1.220,6	1.222,8	2,1	0,2
Lugo	829,4	856,6	851,2	3,3	-0,6
Ourense	961,9	949,3	938,6	-1,3	-1,1
Pontevedra	1.216,8	1.229,4	1.229,0	1,0	0,0

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 13
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

			2017			
	2016	2017	I trim.	II trim.	III trim.	VI trim.
Galicia						
Xeral	2,0	1,7	1,3	1,0	1,7	2,9
Vivenda nova	5,3	3,4	2,6	2,0	4,0	5,0
Vivenda usada	1,0	1,4	1,1	0,9	1,3	2,5
España						
Xeral	4,7	6,2	5,3	5,6	6,6	7,2
Vivenda nova	6,5	5,9	5,5	4,4	6,5	7,4
Vivenda usada	4,4	6,3	5,3	5,8	6,7	7,2

Fonte: INE.

As variables de tipo financeiro que inflúen directamente na demanda efectiva de vivenda recóllense no gráfico 7. Pódese apreciar que a accesibilidade mantívose ao longo de 2018 e principios de 2019, a pesar de que se produciu unha lixeira mellora dos tipos nos últimos meses do pasado ano. O EURIBOR a un ano, aínda que mostra unha tendencia lixeiramente alcista nos últimos meses, mantense en valores negativos e en abril de 2019 fixouse no -0,112%. Neste mes, segundo datos da Asociación Hipotecaria Española, o tipo medio das hipotecas españolas era do 2,017%, nivel que se mantivo estable nos últimos seis meses. A cota mensual a pagar por cada 100.000 euros de crédito hipotecario a 25 anos sitúase en 425 euros en xaneiro de 2019, experimentando un pequeno aumento de 5 euros respecto a xaneiro de 2018. A posibilidade de que o Banco Central Europeo (BCE) inicie o proceso de subidas de tipos de xuro a partir do ano 2020 pode alterar a estabilidade dos relativamente bos niveis de accesibilidade e comprometer a continuidade da recuperación da demanda dos últimos anos.

As boas condicións financeiras e a mellora da oferta e a demanda non deben facernos esquecer que o mercado aínda padece as secuelas da pasada gran crise. Unha das variables que mostra a saúde do mercado é o stock aparente de vivendas novas non vendidas, cuxa estimación se mostra no gráfico 8. O stock de vivenda obtense como a diferenza entre as compras de vivenda nova, medidas pola estatística notarial, e as vivendas terminadas, das cales se deduce a proporción non escriturada da autopromoción,[5] e do réxime de cooperativa. Baseándonos nos nosos cálculos, estimamos que o *stock* de vivenda continuou reducíndose en Galicia, existindo un total de 24.616 vivendas non vendidas a finais de 2018, 1.000 menos que o ano anterior. Malia que boa parte destas vivendas atópanse fóra dos circuítos de comercialización por estar en mal estado, deslocalizadas ou sufrir problemas de urbanización e acceso, a súa redución sempre é unha boa noticia porque supón avanzar na necesaria normalización do mercado.

Segundo diversas estimacións en 2018 prodúcese unha suba inflacionista na vivenda española, aínda que o crecemento de prezos non é uniforme entre as distintas cidades e zonas xeográficas. O Ministerio de Fomento estima en 1.566,6 euros o prezo medio do metro cadrado da vivenda libre española en 2018, o que supón un aumento do 3,4% respecto a 2017. Segundo outras fontes, o encarecemento real é maior; así, o índice de prezos da vivenda (IPV), que posiblemente se aproxime máis á auténtica variación en 2018, propón unha suba no prezo do 6,7%, a taxa máis elevada dos últimos dez anos.

A vivenda galega mostrou un encarecemento máis contido que o da media española. Segundo o Ministerio de Fomento, o prezo medio do metro cadrado en Galicia en 2018 foi de 1.189,4 euros, o que representa unha mínima variación do 0,2% respecto ao ano precedente, Lugo lidera este aumento cun 2,8%, mentres os prezos apenas varían nas restantes provincias. O INE a través do IPV calcula unha elevación media do 3,8%, que, aínda que maior, representa pouco máis da metade da taxa española. Con todo, o encarecemento da vivenda nova galega (7,4%) supera o da española, mentres que a usada só

[5] O tratamento da autopromoción pode levar a resultados moi diferentes en canto á avaliación do stock de vivenda. Dado que non é posible coñecer con exactitude en que medida os propietarios das vivendas de autopromoción escrituran ou non a compravenda. A estimación das existencias de vivenda móvese dentro dunha ampla franxa. Dentro desta marxe de variación o Ministerio de Fomento opta polo límite inferior. Os nosos cálculos sitúanse no centro desa banda, propoñendo que só o 50% das vivendas autopromocionadas non pasan por notaría e dedúcense, por tanto, do total anual de vivendas terminadas.

Cadro núm. 14
Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m^2)

	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que representa o pago das cotas dun crédito de 25 anos (%)			
			Un salario		Salario ponderado	
Ano	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2013	6,1	6,6	29,1	31,6	22,4	26,3
2014	5,9	6,5	27,3	29,7	21,0	24,8
2015	6,0	6,5	25,0	27,1	19,2	22,6
2016	6,0	6,6	24,5	26,9	18,8	22,4
2017	5,9	6,8	23,9	27,4	18,4	22,8

Fontes: Ministerio de Fomento, Índice de Costes Laborales (INE) e elaboración propia.

aumenta un 3,2%. En media, o custo en Galicia móstrase, pois, máis contido que no conxunto do Estado. Con todo, nalgunhas urbes galegas o prezo da vivenda non seguiu a tendencia xeral (cadros 11, 12 e 13).

O gráfico 9 expón as estimacións de prezos da vivenda libre do Ministerio de Fomento para Galicia e as sete grandes cidades nos dous últimos anos. Obsérvase que a vivenda da Coruña é a máis cara en 2018 con 1.573 euros/m^2, seguida de Santiago (1.528 euros/m^2) e Vigo (1.408 euros/m^2), sendo a de Ferrol a máis barata cun prezo de 680 euros/m^2. Aínda que en todas as áreas urbanas subiron as compravendas como sinala o gráfico 6, os prezos só creceron de maneira significativa en Lugo (aumento do 5%), Santiago (4,9%) e Vigo (4%); as tres cidades máis inflacionistas en 2018. As vivendas do resto das urbes experimentaron moderados aumentos que oscilan entre o 1,8% de Ferrol e o 0,2% de Pontevedra. A tónica xeral do prezo da vivenda urbana galega é, pois, de crecemento moderado, pero cos tres focos inflacionistas mencionados.

O cadro 9 ofrece outra perspectiva da evolución do custo da vivenda. Nel móstranse os valores declarados da vivenda libre nas transaccións notariais desde 2016. Os datos presentados neste cadro teñen un significado máis cualitativo que cuantitativo, xa que, aínda que son o resultado da totalidade das transaccións levadas a cabo en cada ano, refírense a vivendas non homoxéneas en tamaños e características. O importe medio declarado nas 581.793 transmisións levadas a cabo en España en 2018 foi de 150.163 euros, un incremento interanual do 3,7%. O valor medio das 19.786 compravendas realizadas en Galicia no mesmo ano foi de 113.135 euros, un 75% da cifra española, que significa un incremento do 3,4%. A vivenda máis cara corresponde a Pontevedra con 126.415 euros e a máis barata a Lugo cun valor declarado de 85.228 euros en 2018. Baseándose nestes valores o INE elabora o índice de prezos da vivenda (IPV), que se recolle no cadro 13. O INE homoxeneiza estas cifras tendo en conta datos hedónicos das vivendas transmitidas. O IPV ofrece un panorama máis inflacionista que os datos brutos anteriormente vistos, cun crecemento do 6,7% do custo en España, sendo parecidos os aumentos da vivenda nova e usada. O IPV para Galicia reduce a inflación ata o 3,2%, sendo do 7,4% o encarecemento da escasa vivenda nova, mentres que a usada sobe un 3,2%. Observando a evolución do IPV nos sucesivos trimestres de 2018 apréciase unha inflación crecente na vivenda nova ao longo do ano, tanto en España como en Galicia.

No cadro 14 ofrécense dúas medidas da capacidade adquisitiva de vivenda para unha familia representativa. A primeira, a razón entre o custo e a renda familiar, estima o tempo de traballo necesario para pagar a totalidade dunha vivenda de 100 m^2, para prezos e rendas medios. E a segunda, a accesibilidade financeira á vivenda, pon en relación os pagos dun crédito hipotecario-tipo coa renda familiar.[6]

En 2018 a compra dunha vivenda de 100 m^2 equivale ao soldo de 6,9 anos para a familia española representativa e a 5,8 anos para unha familia galega perceptora do salario medio na nosa comunidade. No último ano pódese apreciar que o custo real encareceuse en aproximadamente un mes de traballo para un asalariado español, mentres que o seu homólogo galego debe traballar un mes menos para adquirir o mesmo tipo de residencia. Galicia e España observan tendencias contrarias no custo real das súas vivendas. Se en España o cociente prezo/renda aumenta continuamente desde 2015, a tendencia galega é a oposta. Aínda así, dado que se estima como normal un importe situado entre catro e cinco veces a renda familiar, incluso no caso galego a vivenda presenta aínda un excesivo custo real; pero máis próximo ao seu nivel de equilibrio de longo prazo que a media española.

A accesibilidade financeira mostra tamén unha lixeira melloría no caso galego, xa que o pago das cotas representa en 2018 o 23,5% da renda familiar bruta, mellorando en tres décimas a proporción de 2017. Pola contra, debido ao maior incremento de prezos da vivenda española, en 2018 prodúcese un empeoramento da accesibilidade. Así, unha familia-tipo cos prezos e tipos de xuro de 2018 debe dedicar o 28% da súa renda ao pago das cotas dunha hipoteca de 25 anos; un empeoramento de 0,6 décimas respecto ao ano precedente. De todos os xeitos, os niveis de accesibilidade financeira actuais atópanse entre os máis altos das dúas últimas décadas con apenas marxe de mellora. A expectativa a medio prazo é de empeoramento desta variable debido ao probable endurecemento da política monetaria europea vía aumento de tipos de xuro.

[6] No cadro 14 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m^2 construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80% do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Fomento, os ingresos familiares obtivéronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE e o tipo de xuro do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado por AHE.

Demanda pública de obras

A licitación das distintas administracións públicas en 2018 foi de 16.843[7] millóns de euros no conxunto de España, o que representa un crecemento real do 27,8%. Despois da forte caída experimentada pola obra civil o ano anterior, en Galicia o gasto recupérase alcanzando os 1.071 millóns de euros. Esta cifra supón un aumento real do 68% e representa o 6,4% do total español (4,8% en 2017). O 65,3% da licitación en terra galega (700 millóns) destinouse ás obras civís, na súa maior parte infraestruturas ferroviarias, e o 35,6% restante (372 millóns) corresponde ao apartado de edificación (cadros 15 e 16 e gráfico 10).

Cadro núm. 15
Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2015	2016	2017	2016	2017	2016	2017
Edificación	192.015	169.331	210.136	-10,53	21,84	12,51	36,20
Obra civil	602.898	697.255	415.311	17,46	-42,36	-4,71	33,61
Adm. central	446.834	512.616	212.003	16,43	-59,57	-26,04	20,33
Adm. autonómica	185.079	168.491	212.326	-7,61	23,21	15,68	33,09
Adm. local	162.999	185.479	201.118	15,49	6,01	30,79	51,21
Total	794.912	866.586	625.447	10,64	-29,44	0,72	35,22
Galicia/España (%)	8,46	9,29	4,85				

* Euros constantes.

Fonte: SEOPAN.

Gráfico 10
Distribución da licitación en 2016 e 2017



[7] Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por seopan (Asociación de Empresas Construtoras e Concesionarias de Infraestruturas). Para obter as taxas reais de variación estes datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 16
Licitación (en miles de euros). Ano 2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	76.516	22.425	15.386	95.671
Obra civil	167.867	63.501	72.236	111.470
Adm. central	80.183	41.237	38.126	52.080
Adm. autonómica	84.582	11.238	34.716	81.791
Adm. local	79.617	33.451	14.780	73.271
Total	**244.382**	**85.926**	**87.622**	**207.142**
% sobre o total de Galicia	39,1	13,7	14,0	33,1
TVI 2017/2016 (%) (euros constantes)	-52,5	-50,5	57,0	46,2

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 17
Licitación por habitante e km². Ano 2018

	Euros/ habitante	Euros/ km²
Andalucia	296,0	28.496,4
Aragón	371,5	10.329,7
Asturias	301,1	30.260,8
Baleares	374,9	82.509,8
Canarias	480,7	139.105,6
Cantabria	452,4	50.348,5
Castela e León	405,4	10.742,3
Castela-A Mancha	152,8	4.010,1
Cataluña	310,3	73.071,2
C. Valenciana	279,9	60.099,2
Estremadura	374,1	9.887,5
Galicia	**389,9**	**36.413,0**
Madrid	347,2	280.311,9
Murcia	378,6	49.074,3
Navarra	708,2	43.549,5
País Vasco	549,1	165.530,4
A Rioxa	835,4	52.936,2
Ceuta e Melilla	388,2	2.056.156,3
España	**360,1**	**33.366,4**

Fonte: SEOPAN. INE.

Gráfico 11
Licitación nas comunidades autónomas (euros por habitante)
Ano 2017



Gráfico 12
Evolución da licitación (euros correntes por habitante)



Descompoñendo o investimento entre as distintas administracións, obsérvase que todas elas aumentan o seu gasto en 2018: un 52% a Administración central (330 millóns), un 55% a Administración autonómica (337 millóns) e un 97% a Administración local (405 millóns). Destaca o forte aumento das obras locais licitadas, que representan o 37% da demanda pública total. A licitación de deputacións e concellos, habitualmente estable, supera en máis do dobre a súa media dos últimos seis anos. Este forte aumento explícase sobre todo polo estímulo das eleccións locais celebradas en maio de 2019, que xerou en 2018 unha cima no chamado «ciclo electoral» da obra pública (cadro 16 e gráfico 10).

No gráfico 12 pódese ver a tendencia da licitación *per cápita* desde comezos de século. Apréciase que desde 2007 ata 2016, período dominado polos investimentos ferroviarios do acceso do AVE, a licitación por galego situouse sempre por enriba da media española, caendo en 2017 e recuperándose en 2018; aínda que os actuais niveis de gasto tanto en España como en Galicia non son equiparables aos existentes antes do ano 2009. Por outra banda, o gráfico 11 e o cadro 17 expoñen a posición relativa no conxunto de España da comunidade autónoma galega en canto ao investimento público en 2018. Pódese observar que a licitación por habitante foi en Galicia de 390 euros, superando en 30 a media española. Esta ratio coloca a Galicia como a sétima comunidade de maior gasto *per cápita*, encabezando esta clasificación A Rioxa (835 euros por habitante), Navarra (708) e o País Vasco (549).

O futuro do investimento público en Galicia aparece condicionado pola finalización no horizonte de 2020-2021 dos accesos da alta velocidade, proxecto que foi o motor do gasto en obra civil do Estado nesta comunidade desde o ano 2005. Resulta complicado aventurar hipótese sobre o futuro do gasto público nun momento en que os orzamentos xerais do Estado quedaron suspendidos pola convocatoria de eleccións xerais. Con todo, sábese que o Ministerio de Fomento prevía destinar da orde dos 250 millóns de euros ao tramo ferroviario Lubián-Ourense en 2019, o que no seu momento supoñía unha rebaixa sensible respecto ás asignacións de gasto anteriores. Á marxe deste cambio, a un prazo algo máis longo, pódese apuntar que as obras neste tramo de saída de Galicia entran na súa fase final e recibirán a súa última consignación orzamentaria en 2020. Así, a partir dese ano o tren de alta velocidade deixará de alimentar o investimento do Goberno central en Galicia e non hai proxectos de envergadura que poidan coller a remuda, polo que a construción galega debe prepararse para un forte descenso do investimento público nun futuro próximo.

VII. Servizos

- O VEB dos servizos medrou un 2,5%, cunha traxectoria moi irregular ao longo do ano.
- En xeral, case todas as ramas tiveron un comportamento expansivo neste período.
- A ocupación aumentou un 4,5%. O emprego xa supera o existente en 2008.
- Os prezos nos servizos mantivéronse relativamente estables durante todo o ano.
- O índice da cifra de negocios do comercio polo miúdo amosou unha desaceleración con respecto a 2017.
- A superficie en Galicia de vendas na distribución de base alimentaria apenas variou en 2018.
- No que vai de ano 2019 a demanda turística reflicte un bo comportamento, un 3% máis en número de viaxeiros e un 5% en noites de estadías.
- A tarifa media diaria (ADR) aplicada nos hoteis e pensións de Galicia en 2018 situouse en 58,8 euros, un incremento do 2,3% respecto a 2017.
- A Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 78% dos viaxeiros e o 80% das estadías.
- As matriculacións están a sufrir unha desaceleración desde os últimos meses de 2018.
- En Galicia o total do imposto de matriculación recadado pola Axencia Tributaria ascende a máis de 21 millóns, triplicando a recadación de 2017 debido á entrada en vigor da nova normativa de emisións WLTP.
- En 2018 prodúcese un novo récord de pasaxeiros nos aeroportos galegos con máis de 5 millóns.
- As cinco instalacións portuarias de interese xeral galegas xestionadas por Portos do Estado crecen un 2,1% interanual; a nivel estatal a evolución para o conxunto de portos da rede é dun 3,5%.

A actividade do sector servizos en 2018

A caída de seis décimas na taxa de variación do VEB do sector de servizos en 2018, segundo a primeira estimación do IGE, foi o principal factor explicativo da desaceleración do PIB galego. O crecemento anual dun 2,5% é o resultado dun comportamento irregular ao longo do ano. Mentres no primeiro e terceiro trimestres se desacelerou a actividade, no segundo e cuarto observouse unha recuperación. Esta evolución foi distinta á seguida no conxunto de España, onde a taxa de variación interanual medrou un 2,7%.

O proceso de terciarización da economía galega consolídase ano a ano. En 2018 a xeración do VEB nos servizos supoñía en Galicia dous terzos do VEB total, 7 puntos máis que en 2000, segundo as estimacións do INE. Determinadas ramas como a agrupación do comercio, hostalería e transporte xeraban un VEB superior ao do total da industria galega e multiplicaba por catro o da agricultura. Algo similar sucede co grupo de servizos proporcionados polas administracións públicas, ou sexa, os non destinados ao mercado; actividades que xeraban un VEB similar ao da industria galega.

En canto á evolución das diferentes ramas que compoñen os servizos, obsérvase unha desaceleración na actividade. O VEB en comercio, transporte e hostalería (representaba o 37% do VEB total do sector) creceu un 3,4%, cando esta porcentaxe superaba o 5% nos dous exercicios anteriores. O INE incrementa máis este freo ao estimar unha taxa de crecemento do 3%. Iso suxire unha certa desaceleración no comercio e no turismo, aínda que esa taxa segue estando entre as máis altas do conxunto dos sectores que configuran os servizos. A esta situación temos que sumar a persistente atonía do conxunto de servizos responsabilidade das administracións públicas non destinados ao mercado, actividade que xeraba o 27,2% do VEB de servizos. Tamén é salientable a profunda desaceleración do sector de información e comunicacións, cun peso relativo en Galicia baixo, e o estancamento das actividades inmobiliarias. En sentido contrario, o sector máis dinámico no terciario en 2018 foi o de actividades profesionais (creceu un 4,4%, 5 décimas máis que no exercicio anterior), que xeraba o 8,6% do VEB de servizos galego. A expansión deste último subgrupo aínda é máis forte nas estimacións do INE, un 6,3%; taxa de variación moito máis elevada que a dos restantes subsectores.

Cadro núm. 1
Evolución do VEB nas ramas do sector servizos
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2016	2017	2018	I trim. 2019
Comercio, transporte e hostalería	6,9	5,1	3,4	6,8
Información e comunicacións	1,4	7,8	2,6	3,5
Actividades financeiras e de seguros	-5,9	1	2	2,6
Actividades inmobiliarias	0,1	0,4	0,6	1
Actividades profesionais	7,2	3,9	4,4	4,5
Administración pública, sanidade e educación	0,8	2	2	1,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,3	0,2	0,3	0,2
Servizos non de mercado	0,8	1,8	1,9	1,5
Total servizos	**3,3**	**3,1**	**2,5**	**3,7**
PIBpm	**2,4**	**3,2**	**2,8**	**2,3**

Fonte: IGE.

Gráfico 1
Evolución do VEB no sector servizos
Índices de volume encadeados
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario
Taxas de variación interanuais (en %)



O IGE estimaba o crecemento do PIB galego no primeiro trimestre de 2019 nun 2,3%, mostrando unha sensible desaceleración. Isto debeuse ao empeoramento do sector industrial que foi compensado por unha aceleración dos servizos, cuxo VEB creceu un 3,7%. En xeral todas as ramas, salvo os servizos dedicados ao mercado e as actividades artísticas e recreativas, tiveron un comportamento expansivo neste período. Sobresae neste primeiro trimestre de 2019 o incremento do 6,8% en comercio, hostalería e transporte, e tamén o pulo en información e comunicacións.

Dentro dos indicadores de actividade dos servizos, o índice da cifra de negocios (dos servizos de mercado excluídos os financeiros) tamén mostra en 2018 unha desaceleración con respecto aos dous anos precedentes, aínda que se mantén cunha taxa de crecemento elevada, un 5%, e superior á xeración do VEB de calquera dos subsectores dos servizos. A taxa galega, medida en media anual, foi en 2018 inferior á española, situación diferente á de 2016 e 2017. Os bos resultados no terciario galego nos primeiros meses de 2019 tamén se observan no com-

portamento desta variable. De xaneiro a abril, en media do que vai do ano, medrou un 6,1%, o que reflicte unha aceleración fronte á xa elevada taxa alcanzada en 2018.

En contraste coa evolución do VEB, unha boa noticia na conxuntura da economía galega en 2018 foi o crecemento da ocupación nos servizos. Contratáronse 33.600 traballadores máis, o que supuxo un aumento do 4,5%. Tras a forte caída no emprego nos primeiros anos de crise, a partir de 2014 veuse observando un paulatino incremento no mesmo, aínda que a taxas moi moderadas. Foi en 2018 cando se produciu unha forte recuperación nas contratacións que elevou o número de ocupados ata os 773.300, superándose con esta cifra a ocupación existente en 2008 no inicio da crise (755.500 ocupados). Por iso, e ao contrario do que se sinalaba no informe anterior de 2017, en 2018 pódese afirmar que o sector, malia frear a súa produción, está creando emprego. Estas novas ocupacións son principalmente traballadores por conta allea, xa que, segundo as afiliacións á Seguridade Social, apenas si cambiou o número de autónomos.

Cadro núm. 2
Ocupados no sector servizos

	Ocupados (miles)				TVI (%)			
	2016	2017	2018	I trim. 2019	2016	2017	2018	I trim. 2019
A Coruña	332,6	328,2	344,5	359,3	2,1	-1,3	5,0	9,1
Lugo	87,1	89,6	93,9	89,4	-0,2	2,9	4,8	-3,0
Ourense	75,0	79,3	81,2	80,6	2,5	5,7	2,4	-0,4
Pontevedra	240,9	242,7	253,8	250,9	3,0	0,7	4,6	3,5
Galicia	**735,6**	**739,8**	**773,4**	**779,9**	**2,1**	**0,6**	**4,5**	**4,7**

Fonte: EPA, INE.

As mellores perspectivas e oportunidades de emprego, o que se reflectiu en 33.600 ocupados máis, propiciou un elevado incremento da poboación activa, 29.600 persoas. Ante a entrada de novos traballadores, foron menos significativos os descensos no número de parados e na taxa de paro nos servizos. Neste sector, no que predominan as mulleres, contabilizáronse 4.100 parados menos (1.400 homes e 2.700 mulleres).

Gráfico 2
Evolución da ocupación nos servizos
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 3
IPC dos servizos
Taxas de variación interanuais (en %)



En consonancia coa evolución do emprego, rexistrouse un sensible incremento no número de contratos iniciais asinados. De 763.484 en 2017 pasouse a 841.072 en 2018, dos que un 4,9% foron indefinidos. A contratación seguiu concentrándose na hostalería e no comercio, actividades que acapararon o 43,2% do total. De acordo coa moderación na xeración de VEB nestes dous últimos sectores, o número de contratos en 2018 foi similar ao de 2017. Esta variable, salvo en actividades financeiras e de seguros e noutros servizos, aumentou en todos os sectores. Cabe destacar, polo seu elevado peso relativo no contexto galego, a suba observada en transporte e almacenamento (13,3%).

O comportamento dos prezos

Fronte á volatilidade do índice xeral do IPC excluído o sector de servizos, o IPC do sector terciario mantívose relativamente estable durante todo o ano (o mes máis inflacionista foi marzo cun 1,9% e en abril, setembro e decembro producíronse as menores alzas cun 1,4%). Dese modo, aínda que en media anual as taxas foron moi similares nos dous índices, 1,7% e un 1,6% respectivamente, a traxectoria foi diferente. Doutra banda, a taxa media anual de 2018 do IPC dos

Gráfico 4
Índices de ocupación e cifra de negocios (a prezos constantes) no comercio de Galicia
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 5
Índice de confianza do consumidor (ICC) e os seus compoñentes



servizos mantívose en liña coa alcanzada en 2017, polo que a desaceleración na actividade non supuxo unha caída nos prezos, manténdose así no sector unha certa tensión inflacionista. Esta evolución foi moi parecida á observada en España.

Como en 2017, por rúbricas, o transporte persoal volveu ser a actividade máis inflacionista, explicable pola evolución dos prezos dos carburantes, cuxo índice aumentou un 7,7%. A desaceleración no VEB das actividades ligadas ao turismo veu acompañada por un lixeiro retroceso na variación dos prezos.

Desde a perspectiva da demanda, en 2018 o índice de confianza do consumidor e o dos seus compoñentes non mellorou as percepcións de 2017, manténdose en valores negativos. O cuarto trimestre de 2018 foi o período no que o consumidor se mostrou máis pesimista ante unha perspectiva de empeoramento da situación económica de Galicia e dunha caída da capacidade futura de aforro. En todo caso, este conxunto de índices non mostran valores tan negativos como os que se alcanzaron nos primeiros anos da gran recesión.

A distribución e o comercio

O índice da cifra de negocios do comercio polo miúdo en Galicia, medido en media anual e a prezos constantes, reflicte un incremento do 0,7%, o que amosa unha desaceleración con respecto ao alcanzado en 2017. Este moderado crecemento pon de manifesto os obstáculos para a súa recuperación tras os duros anos de crise e ante as dificultades de adaptación aos actuais hábitos de compra dos consumidores, cuns formatos de distribución novos. No primeiro semestre de 2018 produciuse unha certa expansión da cifra de negocios e, no segundo, as taxas de variación vólvense, polo xeral, negativas. Este comportamento, con todo, non impediu unha lixeira suba da ocupación. Esta tendencia á desaceleración mantense nos cinco primeiros meses de 2019, período no que o índice da cifra de negocios tan só medrou un 0,1%.

O feito de que o índice da cifra de negocios do comercio polo miúdo en Galicia se mantivese relativamente estancado en 2018 e apenas medrase nos primeiros meses de 2019 non indica estritamente que o consumidor galego moderase os seus gastos. O que sinala é que o sector galego non se acelera nun mercado como o actual, moi competitivo, de dimensión mundial e cada vez máis concentrado nas grandes plataformas do comercio. De feito, as Contas Económicas Trimestrais do IGE estiman un gasto dos fogares e as ISFLSF do 2,3%, superior nunha décima ao de 2017; dato que creceu un 3,4% no primeiro semestre de 2019. Resulta evidente que Galicia non quedou á marxe dos cambios vertixinosos nos formatos comerciais e nos hábitos de compra observados nos últimos anos. Cada vez súmanse máis consumidores, e os que xa o utilizaban acoden con maior frecuencia ao comercio *online*. Tamén se utilizan outras formas de menor custo que están reducindo a rendibilidade da distribución tradicional, se ben xa moitas empresas dispoñen de plataformas para a venda por Internet.

Non obstante, se no informe de 2017 se indicaba que nos próximos anos é posible que en Estados Unidos pechen en torno ao 25% dos centros comerciais actuais e xa son moitas as instalacións abandonadas, a situación en España parece ser diferente, xa que as vendas neste formato se incrementaron en 2018 un 2,9%, e prosegue, con certo éxito, a construción de novos espazos. Nos vindeiros anos a Asociación Española de Centros Comerciais estima que se abrirán sobre 17 centros máis. Unha das razóns que se esgrime para que se manteña o éxito desde formato é que a penetración do *e-commerce* non é

tan intensa como noutros países. Sinálanse, ademais, as peculiaridade dos centros españois, que non se limitan a tendas e aparcamentos, senón que aportan ocio, entretemento e restauración De feito, e a pesar do progresivo incremento, desde esta asociación estiman que as compras por Internet representan en 2018 en España un 4% do total, polo que o 96% aínda se realiza de forma física.

En 2018 contabilizábanse en Galicia, segundo dita asociación, un total de 39 centros comerciais, dos que 18 se atopan na Coruña, provincia na que se concentra este formato. A superficie total dispoñible alcanzaba os 916.041 metros cadrados, que dan cabida a 1.980 establecementos e dispoñen de 42.885 prazas de garaxe. Galicia supera a media española en superficie bruta por habitante e dos 17 centros de nova construción en España, dous corresponden a comunidade autónoma. O máis avanzado, de 30.000 metros cadrados de superficie, constrúese en San Cibrao das Viñas en Ourense e abrirá en 2020 cun investimento de 35 millóns de euros. O outro engádese á oferta de Vigo. Agárdase que en 2021 estea en funcionamento, na estación de ferrocarril, o centro Vialia, de 43.000 metros cadrados e un investimento de 83 millóns. O seu motor será un novo hipermercado de Auchan. Ademais, tamén a Xunta de Galicia outorgou a licenza para a construción dunha superficie comercial máis pequena no polígono do Vao en Pontevedra.

Xunto a estas novas construcións, unha das noticias de interese en 2018 foi a presentación do proxecto de recuperación do Centro Dolce Vita na Coruña, moi próximo ao gran complexo de Marineda City e que tras a inauguración deste último, tivo que cerrar en 2014. Será, de levarse adiante, o primeiro proxecto en España de transformación dun centro comercial nun parque comercial (agrupación de edificios comerciais de ocio e servizos tanto por xunto como polo miúdo). O fondo de investimento coruñés Pelayo Capital prevé un gasto de 60 millóns de euros.

Os proxectos antes descritos engadirán 92.000 metros cadrados máis aos xa existentes cun investimento que roldará os 215 millóns de euros.

O debate dos últimos anos sobre a distribución polo miúdo céntrase en se resulta ou non máis rendible para as grandes cadeas o retorno ao centro das cidades e vilas. Actualmente, un exemplo emblemático é a estratexia de Inditex na cidade na que hai décadas abriu a súa primeira tenda, A Coruña, que se contrapón coa experiencia de Ferrol. A aposta na primeira, con moitos centros comerciais, foi sen dúbida, polo centro, onde se concentran todas as súas marcas; contando Zara cun amplo edificio, rehabilitado en 2016, cunha superficie de 4.900 metros cadrados. Pola contra, en febreiro de 2018 pechou o centro de varias plantas que tiña Zara na Praza de Armas de Ferrol, sendo a cidade naval a única das sete máis importantes poboacións galegas, que xa non dispón de tendas desta empresa. Neste caso apostouse pola transformación e potenciación das tendas do centro comercial Odeón, localizado no veciño concello de Narón.

Cadro núm. 3
Número de locais activos dedicados a actividade do comercio polo miúdo (excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia

	2010				2018				
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	TVI (%) 2010-2018
En establecementos non especializados	5.203	682	21	5.906	2.903	658	24	3.585	-39,3
De produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.928	44	0	5.972	6.157	43	0	6.200	3,8
Para a automoción en establecementos especializados	618	28	0	646	618	29	0	647	0,2
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	931	21	0	952	705	11	1	717	-24,7
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	8.108	98	4	8.210	6.745	64	10	6.819	-16,9
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.500	19	2	2.521	2.297	30	0	2.327	-7,7
Doutros artigos en establecementos especializados	12.548	204	23	12.775	12.007	162	43	12.212	-4,4
En postos de venda e en mercadillos	3.141	13	0	3.154	3.040	9	0	3.049	-3,3
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercadillos	537	8	0	545	721	11	1	733	34,5
Total	**39.514**	**1.117**	**50**	**40.681**	**35.193**	**1.017**	**79**	**36.289**	**-10,8**

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

Á marxe dos formatos de centros comerciais e mais modernamente de parques comerciais, a estrutura galega do comercio polo miúdo é moi diversa segundo o tipo de produto que se oferta. Non obstante, a crise no comercio tradicional en Galicia é indubidable e ten o seu reflexo no feito de que a principios de 2018 se contaba con 635 locais menos abertos ao público que en 2017. O cadro 3 reflicte a evolución do número de locais comerciais existentes en Galicia en 2010 e 2018. Neste último ano hai un 10,8% de locais menos que en 2010, ou sexa, cerrou un de cada dez, se ben a distribución destes peches non é homoxénea, afectando en maior medida os locais máis afastados do centro urbano das grandes cidades ou os establecementos das vilas e pobos cabeceiras de comarca. Neste caso, tamén inflúe o problema do despoboamento.

A caída no número de locais comerciais de 2010 a 2018 concéntrase no comercio de artigos de todo tipo en establecementos non especializados e artigos de uso doméstico en establecementos especializados. Tamén se reduciu significativamente o número de locais que venden equipos vinculados ás tecnoloxías da información e comunicación e das tendas de produtos culturais e recreativos. Porén, aumentou nun 34,5% a fórmula de vendas á marxe dun establecemento, un posto de venda ou en mercadillos. Por outra parte, o número de locais dos concesionarios de automóbiles practicamente no variou nesta década (de 646 en 2010 pasouse a 647 en 2018), e na venda de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados apréciase un moderado incremento. Estas variacións, moi bruscas en determinados segmentos, definen en 2018 un mapa comercial galego diferente ao que existía en 2010.

Gráfico 6
Cota (en %) **de mercado dos principais operadores de bens de gran consumo en Galicia.** Ano 2018



Dentro da distribución comercial, a de base alimentaria ten un peso determinante. O seu índice de cifra de negocios en España (a prezos constantes) reflectiu un incremento mensual medio en 2018 do 0,7%, o que supón unha posición intermedia entre as vendas de equipamento do fogar, que medraron un 4,3%, e as de equipo persoal, que caeron un 0,6%. Neste contexto as vendas en grandes superficies en 2018 tan só subiron un 0,5%. O INE non elabora este índice por comunidades autónomas.

Segundo a revista especializada Alimarket, as plantas comerciais galegas na distribución con base alimentaria apenas variaron en 2018 con respecto a 2017. Estímase un incremento do 0,3% fronte ao 1,9% de España. As estratexias dirixíronse máis ao afianzamento das redes que á expansión da superficie xa existente. Contabilízase unha suba neta de tan só dous establecementos (41 peches fronte a 43 aperturas) cun aumento da superficie de 3.143 metros cadrados. Nos novos establecementos sobresae o formato de supermercado, modalidade que, non obstante, tamén destaca nos peches. En canto a estes últimos, sobresae a clausura en Lugo, no centro comercial Abella, a principios de 2018, do hipermercado E. Leclerc, o que xa se comentou no informe de 2017. Tamén entrou en concurso a sociedade de Verín (Ourense) Juan Miguel Diéguez Rivas, xunto con Tendas DyD, con supermercados en Verín, A Rúa, O Barco, Pobra de Trives e Porto de Sanabria, xa na provincia de Zamora. A súa liquidación supón un serio quebranto para a economía da provincia de Ourense.

A distribución das cotas de superficie comercial en 2018 apenas cambiou coas alcanzadas en 2017. Gadisa incrementou lixeiramente a súa porcentaxe e mantén o seu liderado en Galicia (primeira distribuidora na Coruña, Lugo e Ourense, e a terceira en Pontevedra), tras a inauguración de dous novos Gadis, un en Fene (A Coruña) e outro en Pontevedra. Agora ben, a súa aposta estratéxica en 2018 foi a expansión en 12 estacións de servizos (cinco na Coruña, cinco en Pontevedra e dous en Lugo), baixo a franquía Claudio Express. O crecemento de Gadis completouse con dous novos establecementos coa marca Claudio en Pontevedra e Lobios (Ourense), adquiridos a Covirán e Eroski. Pola contra, en 2018, Gadisa pechou dous supermercados en Santiago de Compostela e Lugo, seis franquías «Claudio». Gadis tamén mellorou a súa posición en Castela e León, comunidade na que ocupa o quinto posto do *ranking* de distribución.

O Grupo Froiz mantén o liderado na provincia de Pontevedra, ocupa o cuarto lugar nas da Coruña e Ourense e sobe ao terceiro posto en Lugo a costa do Grupo Dia. En 2018 a súa expansión concéntrase na apertura dun Híper Froiz (hipermercado urbano) en Lugo, que dispón tamén de seccións de non alimentación, pratos precociñados e unha cafetería-restaurante Faster Meals. O local pertencía anteriormente a Carrefour. Ademais, na cidade de Ourense abriu un novo supermercado, se ben pecharon dous. Na súa provincia de referencia, Pontevedra, os dous cambios destacables foron o peche dun supermercado e o traslado doutro. Como ocorría con Gadis, Froiz tamén aposta polas tendas nas estacións de servizos co seu emblema Meca Express.

O grupo Eroski, en Galicia Vegalsa-Eroski, ocupa nas catro provincias o segundo lugar no *ranking* de distribución de base alimentaria galega. O seu peso relativo por superficie apenas se modificou con respecto a 2017 e a súa expansión en 2018 reduciuse á apertura dun novo Eroski Center en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) e a reapertura dun antigo centro de Dia agora baixo a marca Eroski City en Taboada (Lugo).

Dos restantes grupos que operan en Galicia foi preocupante a evolución do grupo Dia (terceiro en Coruña, cuarto en Lugo e Pontevedra e quinto en Ourense), cun modelo pouco definido e que está en crise. En 2018 tivo perdas de 352 millóns de euros, situación que non conseguiu reverter nos primeiros meses de 2019. Os centros galegos polo de agora non se resentiron desta negativa situación que tentarán superar os seus novos propietarios maioritarios, o grupo Letterone, tras unha recente OPA.

Pola súa parte, Mercadona, líder en moitas comunidades autónomas, incrementou a súa superficie de venda en Galicia en 2018 en torno a un 4% grazas á reforma de 13 supermercados; e Carrefour perdeu algo de peso tras as vendas efectuadas a outros grupos.

Aínda que non figura no *ranking* que aparece no gráfico 6, xa que ocupa o posto 11 cun 1,9% de cota, cómpre destacar o esforzo do grupo ourensán Cuevas, que xa dispón de máis de 50 establecementos en Galicia, con catro novas aperturas e un peche en 2018, e que comeza a expandirse por Castela-León.

No segmento de *cash&carry* (forma de venda en libre servizo ao por maior a profesionais do comercio polo miúdo), o líder galego é a empresa de Pontevedra Comercial Martínez Sánchez, que en 2018 consolidou a súa posición grazas aos investimentos realizados en Santiago de Compostela.

Á marxe do sector de alimentación, o índice de negocio do comercio polo miúdo dos restantes produtos subiu un 0,9% en 2018, a mesma porcentaxe que en 2017 pero sete décimas menos que o crecemento experimentado nos cinco primeiros meses de 2019. As vendas do sector téxtil-confección están moi condicionadas pola evolución de moitos factores esóxenos. A asociación do sector, ACOTEX, con datos do conxunto de España, alerta da caída dun 2,2% nas vendas do sector téxtil e confección en 2018 coa perda de 1.700 empregos e iso malia unhas campañas moi agresivas de descontos durante todo o ano. Ao seu entender, non beneficia para unha boa marcha do sector nin a obsesión de adiantar as coleccións no tempo nin as campañas continuas de promocións e rebaixas. Desde esta asociación agardan que en 2019 se obteñan mellores resultados xa que entenden que os de 2018 foron excesivamente baixos.

En canto ao segmento de electrodomésticos, a Asociación Nacional de Fabricantes e Importadores Electrodomésticos (ANFEL) constatou un incremento na facturación dos fabricantes en España dun 7,2% e do comercio no 5,2%, o que supón unha importante recuperación dun sector moi danado nos anos da crise económica.

Sen dúbida, o principal motor de transformación da distribución é o comercio electrónico, quen segue proporcionando cifras récord. Segundo a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) en España a contía das transaccións subiu nos tres primeiros trimestres de 2018 con respecto ao ano anterior un 29,9%. As actividades cun maior ingreso foron as mesmas que en 2017: as axencias de viaxes e operadores turísticos, o transporte aéreo, as pezas de vestir e os hoteis e aloxamentos similares. Na maioría dos sectores o crecemento foi positivo e moi elevado. Destaca o incremento na venda de billetes de avión e de transporte por estrada. O pulo máis elevado produciuse na compra de discos, libros e equipos de telecomunicacións, sobre todo teléfonos móbiles. En sentido negativo, caeron un 10,7% as vendas *online* dos hipermercados, supermercados e tendas de alimentación en xeral e tamén descendeu o negocio no *marketing* directo.

Cadro núm. 4
Volume de negocio en España da canle electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes

	2017 (I, II e III trim.)	2018 (I, II e III trim.)	2018 (%)	TVA (%)
Axencias de viaxes e operadores turísticos	3.165,1	4.387,2	15,4	38,6
Transporte aéreo	2.627,6	3.810,0	13,4	45,0
Pezas de vestir	2.403,0	3.096,2	10,9	28,8
Hoteis e aloxamentos similares	1.215,7	1.539,8	5,4	26,7
Xogos de azar e apostas	991,2	1.402,5	4,9	41,5
Transporte terrestre de viaxeiros	764,8	1.173,8	4,1	53,5
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	956,4	1.035,5	3,6	8,3
Marketing directo	948,8	904,2	3,2	-4,7
Administración pública, impostos e Seguridade Social	689,5	894,3	3,1	29,7
Suscripción a canles de tv	632,4	702,2	2,5	11,0
Educación	349,5	559,0	2,0	59,9
Electrodomésticos, imaxe e son	385,4	494,5	1,7	28,3
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	553,6	494,3	1,7	-10,7
Publicidade	432,3	466,9	1,6	8,0
Servizos auxiliares á intermediación financeira	425,7	442,9	1,6	4,0
Discos, libros, xornais e papelería	230,0	424,8	1,5	84,7
Aluguer de automóbiles	344,4	411,4	1,4	19,4
Intermediación financeira	305,2	375,1	1,3	22,9
Grandes almacéns	282,2	363,9	1,3	28,9
Equipos de telecomunicaciones e recargas telefónicas	195,2	326,7	1,1	67,4
Total	**21.880,2**	**28.423,0**	**100,0**	**29,9**

Fonte: CNMC.

Cadro núm. 5
Afiliados á Seguridade Social nas actividades comerciais

	2017	2018	Xuño 2019	TVI (%) 2018/2017
A Coruña	73.949	74.570	74.233	0,8
Lugo	20.708	20.839	20.582	0,6
Ourense	18.192	18.173	17.883	-0,1
Pontevedra	62.655	63.514	63.587	1,4
Galicia	**175.504**	**177.095**	**176.285**	**0,9**

Fonte: IGE.

De un total de 997.776 afiliados á Seguridade Social en Galicia en 2018, 177.325 traballaban nas actividades do comercio. Esta cifra case foi a mesma que a de 2017, xa que o crecemento interanual foi de tan só o 0,2%. Ourense e Lugo perden traballadores fronte as provincias da Coruña e Pontevedra que experimentaron un leve incremento. En termos cuantitativos é obvio o impacto que a evolución do sector do comercio ten no mercado de traballo galego. Así, as expectativas para 2019 non son positivas, xa que a afiliación de xaneiro a xuño descendeu nas catro provincias con respecto aos resultados totais de 2018.

O estancamento no número de afiliados á Seguridade Social do sector do comercio contrasta co incremento dun 7,9% no número de contratos de traballo rexistrados. As cifras de contratación, coma nos exercicios anteriores, reflicten a elevada rotación e a estacionalidade. Tan só o 6,6% dos contratos asinados foron indefinidos, se ben esta porcentaxe se dobraría de engadiren as conversións de contratos temporais en indefinidos. A figura contractual máis utilizada no sector para novas contratacións é a de eventual por circunstancias da produción, o que explica, polo menos en parte, a elevada estacionalidade xa sinalada. O seu uso medrou en 2018 un 11,2%, o que indirectamente indica que a actividade nos períodos punta do ano foi máis alta que en 2017. Por outro lado, apréciase que determinadas modalidades de contratación (contratos en práctica o en formación) apenas si son utilizados polo sector. Por provincias apréciase unha certa homoxeneidade no peso relativo dos distintos tipos de contrato.

Cadro núm. 6
Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais. Ano 2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	TVI (%) Galicia
Indefinido ordinario e fomento do emprego	3.795	804	643	2.864	8.106	7,1
De obra ou servizo	8.987	2.073	1.901	7.386	20.347	1,8
Eventual por circunstancias da produción	35.628	6.576	5.163	24.564	71.931	11,2
Interinidade	4.851	1.087	897	3.941	10.776	0,5
En prácticas	495	113	113	404	1.125	3,0
Para a formación	247	94	68	163	572	3,2
Outros	869	127	83	449	1.528	-5,9
Total de contratos iniciais	**54.872**	**10.874**	**8.868**	**39.771**	**114.385**	**7,6**
Conversións a indefinidos	3.666	1.054	792	3.106	8.618	12,8
Total de contratos rexistrados	**58.538**	**11.928**	**9.660**	**42.877**	**123.003**	**7,9**

Fonte: IGE.

O sector turístico en Galicia

No ano 2018 as chegadas de turistas internacionais incrementáronse un 6% en todo o mundo ata acadar a cifra global de 1.400 millóns, consolidándose deste xeito os bos resultados do ano precedente. Segundo os datos do último Barómetro do Turismo Mundial, elaborado pola Organización Mundial para o Turismo (OMT), Europa experimentou un notable crecemento do 6%. A rexión acadou os 713 millóns de chegadas, concentrando preto do 51% do total mundial. No caso de España produciuse unha desaceleración nas chegadas de turistas internacionais, que se incrementaron en pouco máis dun punto porcentual en relación a 2017 e situaron a cifra total nos 82,8 millóns, segundo os datos da estatística de Movementos turísticos en fronteira (FRONTUR) (INE, 2019).

Despois do impacto da crise económica de 2008 e 2009, España encadea, como pode comprobarse no gráfico 7, nove anos consecutivos de crecementos nas chegadas, consolidándose coma un dos principais destinos do mundo para os turistas internacionais. No último ano, porén, reducíronse os ritmos de crecemento pola recuperación dos países competidores. Dentro de España, o comportamento da demanda turística internacional non foi uniforme, perdendo forza a demanda estranxeira cara aos destinos de sol e praia. Cataluña, Canarias, Baleares e Andalucía, que conxuntamente concentran preto das tres cuartas partes dos turistas internacionais, rexistraron crecementos moderados nas chegadas, que incluso foron negativos no caso de Canarias. Pola contra, os destinos do interior e da España verde experimentaron aumentos importantes nas chegadas de turistas internacionais. País Vasco, Galicia e A Rioxa foron as comunidades con maiores subas, que oscilaron entre o 13% e o 17%. No caso de Galicia as chegadas de turistas internacionais ascenderon un 16,7%.

A maior competencia afectou as chegadas a España procedentes dos tres principais mercados emisores. O alemán foi o que presentou un peor comportamento cunha redución do 4,1%. As chegadas procedentes do Reino Unido tamén rexistraron unha baixada do 1,6%, mentres que os turistas procedentes de Francia practicamente non variaron en relación co ano 2017, acumulando deste xeito dous anos consecutivos con cifras parecidas. Aínda que en termos absolutos ten, de momento, un peso pequeno, o mercado asiático experimentou un excelente comportamento en 2018, con incrementos de preto do 59% nos turistas procedentes de Filipinas e do 48% nos procedentes da India. Nunha liña parecida, os turistas procedentes da China subiron un 26% e os xaponeses un 24%.

Se temos en conta o motivo da viaxe, constátase que o turismo de negocios creceu de forma notable ao longo de 2018, o que contribuíu ao bo comportamento do turismo urbano en España neste ano. En concreto, o incremento dos turistas que chegaron por «negocio e motivos profesionais» case acadou o 7%. Pola súa banda, as visitas relacionadas co «ocio, recreo e vacacións», que representan a motivación máis importante (87% do total), ascenderon un 1,4%. Por último, os turistas que visitaron o país por «outros motivos» reducíronse un 7%.

O gasto total xerado polo turismo internacional en España aumentou un 3,3% no ano 2018; un crecemento moderado en relación cos experimentados nos catro anos anteriores, nos que superara o 6%. Esta suba estivo propiciada en boa medida polo ascenso do gasto diario medio por persoa, un 6,4%, porque a duración da estadía se reduciu nun 4%. O gasto medio por persoa incrementouse un 2,2%, tal e como pode comprobarse nas series publicadas pola Enquisa sobre gasto turístico (EGATUR). Os turistas que chegaron por «outros motivos» e por «estudos» foron os que máis subiron, cun 23,7% e un 22,8% respectivamente, o gasto medio por persoa no ano 2018. Pola contra, os que chegaron por «tratamento de saúde voluntario» e por «compras e servizos persoais» foron os que máis reduciron o gasto medio por persoa, con cifras que oscilaron entre o 14,5% no primeiro caso e do 22% no último. Os que viñeron por «ocio, recreo e vacacións» subiron o gasto medio por persoa en preto dun 3%. Os turistas internacionais que tiñan Galicia como destino principal da súa viaxe incrementaron o gasto medio por persoa nun 5,2%. Este aumento foi resultado, tanto da suba do gasto diario medio (3,7%) como da duración da estadía (1,5%).

Gráfico 7
Evolución das chegadas de turistas internacionais
Taxas de variación interanuais (en %)



Os datos procedentes da Enquisa de ocupación hoteleira elaborada polo INE tamén amosan para o ano 2018 un comportamento máis modesto que en 2017, cun incremento do 1,4% no número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros e un estancamento no número de estadías (INE, 2019). Este último resultado veu propiciado, sobre todo, polo peor comportamento da demanda internacional, que xa representa dous terzos do total e reduciu o número de noites en hoteis nun 0,4%. Pola súa banda, o crecemento da demanda interna tamén foi modesto no número de viaxeiros (1,3%) e no de estadías (0,6%).

A pesar da desaceleración apuntada, de forma global España rexistrou en 2018 unha melloría da súa actividade turística. Os datos de afiliados á Seguridade Social nas actividades características do turismo reflicten un incremento global do 4%, resultado dun aumento do 4,9% nas altas de asalariados e do 0,8% no caso das correspondentes aos autónomos. Na mesma liña, os traballadores afiliados en alta laboral en hostalería e axencias de viaxe subiron un 3,5% (TURESPAÑA, 2019). Segundo estimacións de Exceltur e a pesar da desaceleración rexistrada no último trimestre do ano, o PIB turístico tería crecido un 2% no ano 2018 (Exceltur, 2019). Como xa se sinalou anteriormente, esta moderación nos ritmos de crecemento estarían relacionados coa recuperación dos países competidores do Mediterráneo oriental que tería afectado sobre todo aos destinos de costa españois. O PIB turístico tería experimentado, polo tanto, un aumento inferior ao do conxunto da economía española, que o INE sitúa no 2,5% (INE, 2019). Exceltur estima no 11,8% o peso do turismo no conxunto da economía española.

Aínda que máis adiante se ofrecerán datos para os apartamentos, cámpings e establecementos de turismo rural, para a análise da actividade turística en Galicia no ano 2018 centrarémonos nun primeiro momento nos establecementos hoteleiros, dado que esta tipoloxía concentra preto do 88% dos viaxeiros aloxados e máis do 82% das estadías realizadas no conxunto da oferta regrada.

Estes datos amosan un retroceso da actividade turística en Galicia en 2018. De feito, o número de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros da comunidade reduciuse un 7,1%, mentres que as noites en estadía o fixeron un 4%. No caso dos residentes en España, o número de viaxeiros baixou preto dun 5% e as noites en estadía un 3,4%, amosando, polo tanto, a demanda interna un peor comportamento que no conxunto de España. A dinámica da demanda internacional foi, de todos os xeitos, máis negativa aínda, con reducións do 13% e do 5,9% no número de viaxeiros e de estadías respectivamente. En Galicia os resultados da actividade turística seguen a estar moi condicionados pola evolución da demanda procedente do conxunto de España, incluída Galicia. O 73% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos en 2018 eran residentes en España e realizaron o 77% das estadías totais. Este feito mitigou nos resultados hoteleiros o retroceso experimentado pola demanda internacional.

Malia que nos últimos anos a porcentaxe que supoñen os viaxeiros estranxeiros se foi incrementando, o peso dos turistas foráneos está lonxe da media española, onde representan a metade dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros. Se nos fixamos nas estadías, no caso galego as realizadas por turistas estranxeiros supuxeron pouco máis do 23% do total, mentres que no conxunto de España superaron o 34%. En Galicia os turistas estranxeiros aumentaron o seu peso en 6 puntos desde o ano 2008, tal e como recolle o gráfico 8. A pesar deste dato, o mercado turístico galego segue a estar fortemente condicionado pola evolución da demanda turística con orixe en Galicia e no resto de España. Na provincia da Coruña é onde ten maior peso a demanda internacional (33% dos viaxeiros e o 31% das noites en estadía). Pola contra, na provincia de Ourense dáse unha menor presenza de turistas internacionais, representando menos do 13% dos viaxeiros e das noites en estadía.

Galicia concentrou o 5,5% das estadías realizadas polos residentes nos hoteis españois en 2018, ocupando o sexto posto en canto ás principais comunidades receptoras do turismo interno. Andalucía, malia que reduciu un pouco o seu peso, ocupa o primeiro lugar e concentra máis do 20% das noites en estadía realizadas polos nacionais. Cataluña sitúase no segundo posto por diante da Comunidade Valenciana. Por enriba de Galicia están tamén Madrid e Canarias. O turismo doméstico mantivo no último ano a súa concentración espacial e, se ás seis comunidades autónomas mencionadas lles engadimos Castela e León e Baleares, sumarían máis do 80% das estadías realizadas polos turistas residentes, tal e como reflicte o gráfico 9.

Gráfico 8
Noites en estadía nos establecementos hoteleiros galegos



Gráfico 9
Distribución do turismo interno en España. Ano 2018



Os establecementos hoteleiros galegos aloxaron preto de 4,2 millóns de viaxeiros en 2018, que xeraron case 8,5 millóns de noites en estadía, tal e como mostra o cadro 7. Isto supón en termos absolutos unhas 350.000 estadías menos que en 2017 e tamén romper cunha tendencia de cinco anos consecutivos con crecementos no número de viaxeiros e no de noites en estadía. En Galicia, tanto a duración da estadía como o grao de ocupación das prazas practicamente non variaron en relación co ano 2017 e sitúanse por baixo da media para o conxunto de España. A duración da estadía é inferior á do total de España en máis de un día e o grao de ocupación sitúase case 22 puntos por baixo da media española, onde supera o 60%. Do total de estadías efectuadas en Galicia en 2018, máis do 43%, concentráronse no terceiro trimestre do ano, acaparando agosto o 17,7% do total. Obsérvase, polo tanto, unha elevada estacionalidade da demanda turística e superior á existente no conxunto de España, onde os meses de xullo, agosto e setembro concentraron arredor do 37% das estadías totais do ano.

Cadro núm. 7
Viaxeiros e noites en estadía en hoteis de Galicia

	2008	2010	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018*
Viaxeiros aloxados	3.532.737	3.798.993	3.216.346	3.374.160	3.647.571	4.086.189	4.326.401	4.495.651	4.174.462
Noites en estadía	7.790.366	8.174.138	6.643.325	6.761.686	7.096.620	7.684.702	8.241.693	8.807.925	8.456.699
Grao de ocupación (%)	33,9	35,4	28,5	29,6	30,9	33,8	36,1	38,7	38,7
Estadía media	2,2	2,2	2,1	2,0	2,0	1,9	1,9	2,0	2,0

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

Cadro núm. 8
Viaxeiros e noites en estadía en hoteis por provincias. Ano 2018*

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Viaxeiros aloxados	1.857.048	579.164	335.914	1.402.336
Noites en estadía	3.459.087	1.041.578	628.951	3.327.083
Grao de ocupación (%)	38,4	33,2	28,9	44,1
Estadía media	1,9	1,8	1,9	2,4

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas que concentran a maior parte da demanda turística. As dúas representan conxuntamente o 78,1% dos viaxeiros e o 80,2% das noites en estadía totais en Galicia. Como evidencia o cadro 8, A Coruña é a provincia que rexistra un maior número de viaxeiros e de estadías e tamén onde, como xa se comentou, ten maior presenza o turismo internacional. Aquí as estadías realizadas por estranxeiros representan o 31,4%, superior á media para ao conxunto de Galicia, o 23,4%. Preto do 55% das noites en estadía realizadas por estranxeiros na comunidade teñen lugar na Coruña.

Pontevedra é a segunda en captación da demanda turística e está moi preto da Coruña en canto ao número de noites en estadía. Esta provincia é a que rexistra a maior duración da estadía e o maior grao de ocupación das prazas hoteleiras. Ourense presenta o menor peso dentro da actividade hoteleira, con presenza menor do turismo internacional e as menores porcentaxes de ocupación hoteleira. Pola súa parte, Lugo é a provincia que ofrece unha menor duración da estadía.

A provincia de Ourense foi a que mellor resistiu o impacto da redución da demanda hoteleira que se produciu en Galicia ao longo de 2018. De feito, a tendencia nela foi contraria á do resto do territorio galego, rexistrando o número de viaxeiros un incremento do 6% e aumentando as noites en estadía o 1,3%. En comparación co resto de Galicia, Pontevedra tamén sufriu menos o impacto, con reducións tanto no número de viaxeiros (-2,6%) como no de estadías (-2,5%) por baixo da media. Pola contra, na provincia da Coruña foi onde máis baixou a demanda hoteleira, cunha redución do 10% no número de estadías e do 6% no de viaxeiros. Na provincia de Lugo o número de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros baixou un 14,4% e as noites en estadía o 4,4%, similar ao conxunto de Galicia.

A maior parte dos viaxeiros residentes aloxados nos hoteis proceden da propia rexión, cunha porcentaxe que se incrementou no último ano. Excluíndo os galegos, Madrid foi a principal emisora de viaxeiros en 2018, cunha porcentaxe por enriba do 16%. Séguena en orde de importancia, como pode verse no gráfico 10, as comunidades de Castela e León, Asturias, Andalucía, Cataluña o País Vasco e a Comunidade Valenciana. Estas oito rexións representan preto do 90% dos viaxeiros totais aloxados nesta tipoloxía de establecementos.

Gráfico 10
Procedencia dos viaxeiros españois aloxados nos establecementos hoteleiros galegos. Ano 2018



Ademais dos datos de volume, algúns indicadores que nos amosan unha evolución máis cualitativa do turismo en Galicia son os que teñen que ver coa rendibilidade dos establecementos hoteleiros e coa evolución do emprego. Polo que respecta aos primeiros, a tarifa media diaria (ADR) aplicada nos hoteis e pensións de Galicia en 2018 situouse en 58,8 euros, o que significa unha taxa de variación interanual do 2,3% (INE, 2019). A pesar deste incremento, Galicia sitúase, xunto con Castela-A Mancha, Aragón, Estremadura e Castela e León entre as comunidades coas tarifas hoteleiras máis baixas e distanciada da media para o conxunto de España, que foi de 88,8 euros, un 2% máis que en 2017. Pola súa banda, os ingresos por habitación dispoñible (RevPAR) incrementáronse na comunidade un 2,8%, acadando 25,2 euros; aínda así atópanse entre os máis baixos de todo o territorio español e distantes da media para o conxunto de España que é de 59,4 euros. Polo que respecta á evolución do emprego, o número de afiliados á Seguridade Social nas ramas de hostalería e axencias de viaxes subiu un 2,3% en 2018, situando as afiliacións no sector turístico por enriba das 79.000.

En definitiva, 2018 puxo fin a un período de cinco anos consecutivos de crecemento no número de estadías, catro deles con taxas por enriba do 5%. Neste ano rexistráronse nos establecementos hoteleiros galegos 351.226 estadías menos que en 2017. Con todo, foron 1,3 millóns máis que en 2012, cando o sector tocou fondo como consecuencia da crise, e 282.561 máis que no último ano Xacobeo.

No que respecta á oferta hoteleira, compróbase que entre os anos 2008 e 2018, a taxa de crecemento medio anual acumulativo foi negativa, tanto no número de establecementos como no de prazas. En 2018 había 1.411 establecementos abertos, 86 menos que en 2008 e ofrecían unhas 1.600 prazas menos. O tamaño medio dos hoteis sitúase preto das 42 prazas. En 2018 tanto o número de establecementos como o de prazas reducíronse de xeito importante e tanto en comparación co ano anterior como en relación co último Xacobeo. O grao de ocupación das prazas hoteleiras non variou no último ano, sendo unha das comunidades que rexistran menores taxas de ocupación dentro de España.

O número de empregados nos establecementos hoteleiros incrementouse un 1% no último ano, acumulando deste xeito tres exercicios de subas despois de acumular cinco anos de descensos desde 2010. Deste xeito, e a pesar destas alzas, a cifra é preto dun 11% inferior á de 2010. O número de traballadores por establecemento sitúase de media en preto dos cinco.

Cadro núm. 9
Evolución do subsector hostaleiro en Galicia

	Establecementos	Prazas	Ocupación	Empregados	Noites en estadía
2008	1.497	60.646	33,9	7.539	7.790.366
2009	1.533	62.394	31,4	7.201	7.444.456
2010	1.543	62.701	35,4	7.395	8.174.138
2011	1.534	62.586	31,0	7.355	7.158.336
2012	1.548	63.155	28,5	6.869	6.643.325
2013	1.523	61.818	29,6	6.392	6.761.686
2014	1.529	62.173	30,9	6.372	7.096.620
2015	1.497	61.454	33,8	6.246	7.684.702
2016	1.512	61.616	36,1	6.392	8.241.693
2017	1.497	61.398	38,7	6.535	8.807.925
2018*	1.411	59.043	38,7	6.601	8.456.699
% 2018/2010	-8,6	-5,8		-10,7	3,5
% 2018/2017	-5,7	-3,8		1,0	-4,0

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

Cadro núm. 10
Viaxeiros, noites en estadía, estadía media e grao de ocupación en establecementos extrahoteleiros. Ano 2018*

	Viaxeiros		Noites en estadía		Estadía media (días)		Grao de ocupación (%)	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Galicia	España	Galicia	España
Apartamentos	130.970	-8,9	430.267	-10,5	3,3	6,0	26,6	39,0
Cámpings	260.845	-1,5	948.535	1,9	3,6	5,0	23,6	40,2
Turismo rural	217.818	0,6	416.588	-7,2	1,9	2,7	18,6	19,3

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de ocupación en campings, Encuesta de ocupación en apartamentos turísticos, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural, INE.

Unha análise do resto dos establecementos turísticos regrados tampouco amosa un bo comportamento da demanda turística durante o ano 2018. Os apartamentos turísticos foron os que rexistraron un comportamento máis negativo, tanto no número de viaxeiros como no de estadías rexistradas, con reducións do 8,9% e do 10,5% respectivamente. Os establecementos de turismo rural presentaron un incremento de menos dun punto porcentual no número de viaxeiros, pero unha caída do 7,2% no de noites en estadía. No caso dos cámpings a demanda marcou unha caída do 1,5% se atendemos ao número de viaxeiros, pero, aínda así, as noites en estadía subiron en preto dun 2% (INE, 2019). En liña coa evolución das dúas variables que se veñen de analizar, agás no caso dos cámpings onde non houbo variacións en relación co ano precedente, o grao de ocupación das prazas e a estadía media reduciuse, tanto nos apartamentos como nos establecementos de turismo rural. En calquera caso, estamos a falar de porcentaxes de ocupación e de días de estadía por baixo da media para o conxunto de España en calquera das tres tipoloxías de establecementos.

De xeito global, o conxunto dos establecementos regrados non obtiveron bos resultados en 2018, nin no número de estadías nin no de viaxeiros. O número de viaxeiros aloxados reduciuse un 6,6%, situando a cifra total por baixo dos 5 millóns, mentres que as noites en estadía o fixeron en preto dun 4%, nos de 10,3 millóns. A demanda internacional amosou en 2018 un peor comportamento que a procedente do conxunto de España, cunha redución do 11,7% no número de viaxeiros e do 5,9% no de noites en estadía. Os non residentes representan o 27% dos viaxeiros aloxados e menos do 23% das estadías totais rexistradas nos establecementos regrados de Galicia.

É evidente que os hoteis son a tipoloxía de establecementos cun maior peso, concentrando máis do 87% dos viaxeiros aloxados en 2018 e preto do 83% das estadías. Os cámpings concentran pouco máis do 9% das estadías totais, sumando conxuntamente os apartamentos e os establecementos de turismo rural arredor do 8% do total de estadías rexistradas no conxunto da oferta turística regrada en Galicia.

Ímonos deter un pouco máis na análise da demanda de turismo rural, debido tanto ás súas características particulares e ás posibles contribucións á dinamización do territorio, como á súa vinculación co comportamento da demanda interna. Pois ben, compróbase que despois de experimentar crecementos importantes nos anos anteriores, en 2018, rexistrouse un aumento mínimo no número de viaxeiros aloxados nos establecementos de turismo rural galegos e unha redución do 7,2% no número de estadías. Un comportamento por outro lado oposto ao do conxunto de España, onde os viaxeiros se incrementaron un 5% e as estadías un 3,4%. Aínda así, acadáronse na comunidade 416.588 estadías, que representan o 3,7% do total español. Galicia sitúase nun grupo medio-baixo dentro de España en canto á captación da demanda de turismo rural, ao nivel de rexións como Valencia, Estremadura ou o País Vasco. Castela e León, con 1,8 millóns de estadías que significan o 15,8% do total, é o destino máis importante a nivel estatal, seguida de Andalucía, Cataluña e Baleares. Galicia concentra preto do 18% das estadías rexistradas na España Verde, porcentaxe similar á do País Vasco e superada por Asturias e Cantabria, con porcentaxes respectivas do 39,4% e do 25%.

Gráfico 11
Viaxeiros e noites en estadía por tipo de aloxamento.
Ano 2018



O turismo rural en Galicia é altamente dependente da demanda española. Os residentes representaron en 2018 arredor do 71% dos viaxeiros aloxados e do 75% das estadías efectuadas neste tipo de establecementos. Dada esta repartición, a evolución da demanda de turismo rural no último ano estivo explicada, en boa medida, polo comportamento da demanda interna, con reducións de preto do 3% e do 9% respectivamente, no número de viaxeiros e de estadías. A demanda internacional comportouse un pouco mellor que a interna. O número de viaxeiros estranxeiros incrementouse un 9,5%, pero o de estadías reduciuse un 3,2%.

Unha ollada ao conxunto do turismo rural español evidencia importantes contrastes no comportamento da demanda ao longo de 2018. Dez rexións rexistraron crecementos no número de estadías, sendo Baleares, Aragón e Andalucía as que obtiveron os mellores resultados con subas do 8% ou superiores. No lado contrario, sete comunidades autónomas rexistraron reducións no número de estadías, sendo Navarra e Galicia as que sufriron as maiores caídas, con porcentaxes respectivas do 15,1% e do 7,2%. As rexións incluídas na España Verde tiveron malos resultados e ademais dos descensos nas estadías apuntadas para Navarra e Galicia, o País Vasco e Asturias tamén rexistraron caídas que oscilaron entre o 2,7% e o 3,3%. No canto da evolución do número de viaxeiros aloxados nos establecementos de turismo rural tamén se poden atopar comportamentos moi dispares, cun incremento do 25% no caso de Baleares, por exemplo e unha redución do 22% no caso de Navarra. De xeito resumido, sete comunidades autónomas rexistraron subas superiores ao 5%, correspondente á media para o conxunto de España, catro crecementos por baixo da media, e as seis restantes reducións no número de viaxeiros aloxados nos seus establecementos de turismo rural.

Nas provincias galegas a evolución da demanda tampouco foi homoxénea. Agás na provincia de Ourense, na que se produciron incrementos, tanto no número de viaxeiros como no de estadías, con porcentaxes do 18,8% e do 17,7% respectivamente, en todas as demais houbo reducións. Na provincia da Coruña os viaxeiros caeron un 1,3%, mentres que as estadías o fixeron un 9%. En Lugo os viaxeiros baixaron un 2% e as estadías preto dun 9%. Por último, en Pontevedra as reducións foron do 4,1% e do 13%, no número de viaxeiros e de estadías respectivamente.

Os meses de verán concentraron o 52% das estadías totais do ano, o que nos indica unha elevada concentración temporal da demanda turística. Pola súa banda, a duración media da estadía e o grao de ocupación das prazas marcaron reducións no último ano. Galicia é unha das comunidades coa estadía media máis baixa dentro de España e o grao de ocupación das prazas de turismo rural (18,6%) tamén se sitúa por baixo da media para o conxunto de España (19,3%).

A evolución recente da demanda de turismo rural en Galicia queda reflectida no gráfico 12, que recolle as noites en estadía nos establecementos de turismo rural galegos, en termos absolutos e relativos. Neste gráfico compróbase como despois de acumular catro anos consecutivos de crecemento no número de estadías, que permitiron situar as cifras en máximos históricos e nun número moi próximo ao medio millón, en 2018 produciuse unha redución superior ao 7%. Ademais desta perda que pode ser puntual, no turismo rural galego quedan algúns problemas pendentes como a reducida estadía media, os baixos graos de ocupación dos establecementos, a concentración temporal da demanda e a súa excesiva dependencia do mercado español.

Unha síntese dos resultados presentados ata o de agora permítenos concluír que o sector turístico galego non tivo bos resultados en 2018. Nos establecementos regrados aloxáronse 4,8 millóns de viaxeiros, un 6,6% menos que no ano anterior, e xeráronse 10,3 millóns de estadías, é dicir, un 3,9% menos que en 2017. Estes datos reflicten unha peor evolución que no conxunto de España, onde o número de viaxeiros se incrementou un 1% e as estadías retrocederon un 0,8%. O empeoramento das cifras explícase tanto polo comportamento da demanda dos residentes como pola evolución do turismo internacional. A pesar de que a caída da demanda internacional foi superior, hai que ter en conta o maior peso da demanda dos residentes en Galicia. As estadías dos residentes reducíronse un 3,3%, mentres que as dos estranxeiros o fixeron en preto do 6%. A dinámica seguida polo turismo internacional levou a que na oferta turística regrada se aloxasen preto de 1,3 millóns de viaxeiros estranxeiros, 171.272 menos que no ano anterior, que xeraron 2,3 millóns de

Gráfico 12
Noites en estadía
nos establecementos de turismo rural galegos



estadías. Os estranxeiros reduciron en 2 puntos o seu peso no conxunto da demanda, representando o 27% dos viaxeiros e preto do 23% das estadías.

Os establecementos hoteleiros seguen a ter un peso predominante dentro da oferta de aloxamento en Galicia, representando máis do 87% dos viaxeiros e case o 83% das estadías totais. No conxunto de España, os hoteis aloxan o 81% dos viaxeiros e concentran o 73% das estadías. Polo que respecta á evolución no último ano, se exceptuamos os cámpings todas as demais tipoloxías de aloxamento sufriron unha redución das noites en estadía. As variacións oscilaron entre o 10,5% no caso dos apartamentos e o 4% nos hoteis. Nos cámpings as estadías incrementáronse preto dun 2% a pesar de que o número de viaxeiros baixou un 1,5%.

As previsións suxiren que o crecemento da demanda turística continuará en 2019. A OMT indica que as chegadas de turistas internacionais en todo o mundo crecerán a unha taxa entre o 3% e o 4% neste ano, mesmo aumento que o previsto para o conxunto de Europa (OMT, 2019).

No caso de España, a información dispoñible ata o momento é escasa, polo que debemos tomar precaucións á hora de extraer conclusións. Por un lado, Exceltur no *Informe de Perspectivas Turísticas*, prevé que o PIB turístico suba un 1,7% en 2019, por baixo da media da economía española (Exceltur, 2019). Por outro lado, os datos dispoñibles no INE permítennos ser máis optimistas. Se atendemos aos datos de FRONTUR, as entradas de turistas incrementáronse un 4,4% nos catro primeiros meses do ano no conxunto de España. Do mesmo xeito, o gasto total xerado polo turismo internacional aumentou un 5% en taxa interanual no primeiro terzo do ano segundo datos de EGATUR. Os datos da Enquisa de ocupación hoteleira, correspondentes tamén aos catro primeiros meses de 2019, igualmente son positivos e amosan un crecemento interanual do 3,4% no número de viaxeiros. O número de viaxeiros residentes aloxados en establecementos hoteleiros incrementouse un 2,4%, e o de estranxeiros o 4,6%. Do mesmo xeito, o número de noites en estadía ascendeu en preto de 2 puntos porcentuais, resultado dun aumento das correspondentes a residentes do 2% e do 1,6% das realizadas por estranxeiros.

Os datos dispoñibles ata o momento tamén reflicten un bo comportamento da demanda turística en Galicia no que levamos de ano, tanto no número de viaxeiros como no de estadías rexistradas nos establecementos hoteleiros. O número de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos incrementouse un 3% nos catro primeiros meses do ano, mentres que a suba no número de noites en estadía situouse case no 5%. A demanda procedente do estranxeiro amosou un comportamento moito máis positivo nestes meses, cunha alza próxima ao 13% no número de noites en estadía.

Os transportes en Galicia

Matriculacións

Segundo os datos achegados pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT), a nivel nacional o exercicio pechou cun crecemento do 6,1% na matriculación de turismos e todoterreos. En valores absolutos en España matriculáronse 1.424.123 unidades, 82.112 máis que un ano antes. Os vehículos de carga avanzan un 11,6%, con 242.329 unidades, crecendo en 25.150 unidades.

Segundo os datos desagregados facilitados polo Instituto de Estudos de Automoción (IEA), no acumulado do ano os particulares adquiren 663.010 unidades (3,7%); as empresas, con 420.651 unidades, pechan o ano cun crecemento do 13,6%, e as de aluguer, con 237.777, medran un 5,7%.

As estatísticas da DXT para o mercado galego reflicten unhas matriculacións de 50.088 turismos, unha diferenza bruta de 1.510 unidades e un avance do 3,1% respecto a 2017. Doutra banda, os rexistros de vehículos de carga, camións, furgonetas, autobuses e tractores, con 8.415 unidades, medran a unha taxa de dous díxitos (13,1%); un incremento superior ao experimentado en 2017 (12%).

En Galicia, os coches de gasolina, con 22.901 vehículos, aumentaron un 43,3% (49,7% da cota). Por outra banda, os diésel redúcense nun 20,63%, con 5.097 unidades menos que en 2017. Ao resto de combustibles (híbridos e eléctricos) correspóndelle un crecemento do 47,1%, aínda que só son 3.593 matrículas no acumulado de 2018. Os vehículos comerciais lixeiros en Galicia avanzan un 6,8%, mentres que en España ese incremento é do 7,7% con 214.207 matrículas. Os vehículos industriais soben un 2,3% na nosa comunidade autónoma, con 1.252 unidades, e para o resto do Estado, con 24.178, descenden un 2%. Tamén se produce un avance significativo na matriculación de autobuses, con 268 (9,8%), cando en España, con 3.673 unidades, descende un 3,5%.

Por provincias, o crecemento máis destacado corresponde á Coruña, cun 46,6% de cota, e un avance interanual do 5,1%, 23.330 unidades matriculadas, 1.130 máis que en 2017. Séguena Pontevedra e Lugo, con aumentos do 2,7% e 1,7%, respectivamente. Ourense presenta un descenso do 1,6%, despois do forte incremento de 2017 (15,8%). Respecto aos vehículos de carga chama a atención a espectacular suba que presenta a provincia de Lugo cun 46,4% interanual, seguida polo 10% da Coruña e o 3,9% de Pontevedra, comportándose negativamente a provincia ourensá, un -6,3% respecto ao ano anterior.

O mercado do automóbil en Galicia cae nos cinco primeiros meses de 2019, acumulando un descenso do 7,3%, mentres o retroceso en España é un pouco menor, o 5%. As vendas continúan afectadas por unhas perspectivas económicas e electorais que paralizan o mercado, a crise do diésel e as dúbidas dos particulares sobre o tipo de automóbil que se debe adquirir, aínda que existan atractivas axudas á compra de coche novo para evitar a acumulación de stocks. Como veremos no apartado de tráfico portuario, esta desaceleración do mercado do automóbil na UE pola entrada en vigor da normativa Euro 6 c afecta tamén as exportacións de vehículos embarcados desde o porto de Vigo a destinos europeos, o que inflúe negativamente nos seus tráficos. Os automóbiles diésel seguen sendo os máis penalizados cun retroceso do 35% no primeiro trimestre do ano, mentres os híbridos e eléctricos evolucionan un 21,7%.

É previsible que o sector de automoción pase por un período de incertezas e que os datos positivos non o acompañen ata avanzar en varias das cuestións mencionadas. Unha vez superadas as distorsións ocasionadas no sector pola entrada en vigor da nova normativa de emisións WLTP, pódese percibir un ambiente de desaceleración económica que frea o consumo, sobre todo dos particulares. Ademais, prevense cambios normativos e de fiscalidade que afectarán o sector. Outro tema de calado é a maneira en que os diferentes países afrontarán a descarbonización do transporte e a renovación do parque automobilístico de cero ou baixas emisións. Para iso, cada país debe lexislar e establecer unhas estratexias, o que implicará unha dotación orzamentaria para poñer en marcha incentivos á compra de vehículos alternativos, construción de infraestruturas de carga, restrición de zonas urbanas de baixas emisións, fomento do transporte compartido e apoio aos investimentos industriais. Como é sabido, hai diferentes iniciativas con limitacións á circulación de coches diésel e gasolina polo seu potencial contaminante, dependendo da antigüidade do vehículo, en zonas denominadas «de baixas emisións» en contornas urbanas.

Como xa constatamos no informe anterior, o cambio de tendencia na elección do tipo de combustible dos automóbiles é unha realidade. En 2018, en España os coches de gasolina son o 57,5% da cota total, o 35,8% os diésel e os híbridos-eléctricos avanzan un tímido 6,6%. Este cambio de tendencia vén provocado pola maior contaminación, as prohibicións a futuro do mantemento deste tipo de vehículos e pola intención que tiña o goberno de establecer un imposto que penalice o diésel.

Segundo datos da ANFAC (Asociación Española de Fabricantes de Automóbiles e Camións), as matriculacións de vehículos híbridos e eléctricos (turismos, cuadriciclos, vehículos comerciais e industriais e autobuses) en 2018 rexistran un total de 89.994 unidades, que representan un crecemento do 39,8% respecto a 2017. En canto aos vehículos eléctricos en 2018, estes ascenden a 13.882, o que supón un incremento do 61% respecto ao ano anterior; en Galicia adquiríronse 301 unidades. Se nos referimos á tecnoloxía híbrida, na que se combinan un motor térmico cun ou varios eléctricos, mantívose a súa tendencia á alza: 76.112 unidades e crecemento do 36,5%.

En 2018 o transporte terrestre de mercadorías en Galicia, con algo máis de 106 millóns de toneladas, descende en taxa interanual un 2,7%. A caída máis acusada súfrea o transporte internacional de mercadorías cunha taxa do -16,2%. Doutra banda, o tráfico de Galicia co resto das comunidades autónomas medra un 1%. No conxunto de España o tráfico de mercadoría terrestre aumenta un 2,3%, correspondéndolle ao tráfico internacional un crecemento do 2,5%, distribuído entre importacións (0,3%) e exportacións (2,7%).

No exercicio 2018 a evolución da intensidade media diaria (IMD) anual na autoestrada do Atlántico xestionada por AUDASA foi de 21.202 vehículos/ano, un 1,9% máis respecto a 2017. Na AP-9, os 19.456 turismos, un 91,8% do tráfico total, crece en idéntica porcentaxe (1,9%); mentres os 1.746 vehículos pesados, cun 8,2% de cota, soben un 2,2%.

Cadro núm. 11
Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos	TVI (%)	Vehículos de carga	TVI (%)
2007	82.066	3,3	14.239	4,2
2008	58.729	-28,4	8.956	-37,1
2009	59.457	1,2	6.322	-29,4
2010	52.386	-11,9	6.044	-4,4
2011	34.530	-35,2	4.893	-21,8
2012	29.068	-15,8	3.595	-26,5
2013	31.392	8,0	3.648	1,5
2014	36.048	14,8	4.657	27,7
2015	42.364	17,5	6.696	43,8
2016	45.999	8,6	6.640	-0,8
2017	48.578	5,6	7.438	12,0
2018	50.088	3,1	8.415	13,1

Fonte: Dirección Xeral de Tráfico.

Recadación do imposto de matriculación

A Axencia Tributaria ofrécenos os datos de recadación do imposto de matriculación que en 2018 para España ascende a máis de 513 millóns de euros, un 31,6% máis respecto a 2017.

Gráfico 13
Matriculación de turismos
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 14
Matriculación de vehículos de carga
Taxas de variación interanuais (en %)



En Galicia, o total do imposto recadado supón máis de 21 millóns, un 49,35% máis que un ano antes. Os rexistros que presenta a AEAT ascenden a 52.985 vehículos matriculados en 2018 (9,8%), dos que o 65,9% están exentos do pago do imposto por emitir menos de 120 gr. de CO_2; esta porcentaxe o pasado ano era do 75%. Esta diminución débese á entrada en vigor da nova normativa de emisións WLTP que reduce o número de vehículos exentos do pago do imposto de matriculación, o que é beneficioso para as arcas do Estado. O incremento na recadación tradúcese entre 550 e 750 millóns de euros, un efecto que como mínimo triplica a recadación de 2017.

O imposto de matriculación determínase pola medición da cifra homologada de emisión de CO_2 por quilómetro á atmosfera de cada vehículo. Como xa indicamos no informe anterior, o pasado exercicio foi un período transitorio no que conviven o antigo sistema de medición NEDC e o novo WLTP (*Worldwide Harmonized Light Vehicles Test Procedure*). Este último reflicte de maneira máis fiable as emisións dun vehículo nunha condución real. O 1 de xaneiro de 2019 entrou en vigor o novo sistema que servirá para homologar cada modelo que se venda no mercado comunitario.

Loxística

O auxe do *e-commerce* fixo que o sector do transporte e a loxística en Galicia incrementase a súa achega á economía ata alcanzar os 2.126 millóns de euros, un 3,9% do PIB, segundo datos achegado pola Consellería de Economía. O censo de empresas que operan no sector ascende a 11.873, que dan traballo a 49.304 persoas. O xigante da distribución, Amazon, traballa cos principais transportistas (ASM, Celeritas/SGEL, Correos, Correos Express, MRW, Seur, Tourline Express, UPS ou DHL Parcel) para entregas en España; estes, pola súa vez, contratan outras máis pequenas de mensaxería ou autónomos para realizar os servizos aos múltiples núcleos de poboación existentes en Galicia. Segundo datos facilitados pola Federación Galega de Transportes de Mercadorías (Fegatramer), en 2018 había 6.587 firmas (4.269 dedicadas ao transporte pesado e 2.318 ao lixeiro). A tendencia é dun menor número de empresas, pero cunha maior frota de vehículos.

A loxística inclúe toda a cadea de subministracións, desde as compras á produción, a distribución e o camiño inverso. O sector enfróntase a diferentes retos: facer rendible o servizo, fundamentalmente na última milla (a distancia máis curta entre o último almacén e o destinatario); lograr recursos humanos preparados (profesionalización dos repartidores, mellora do servizo de atención ao cliente, eficiencia das repartición e xeración dunha bolsa de traballo que cubra as necesidades dos picos de actividade); a xestión económica e ambiental da loxística inversa; unha frota de vehículos que utilice enerxías alternativas, ademais da eliminación da competencia desleal.

Conflito entre o sector do taxi e as VTC

En xaneiro de 2019 o sector do taxi protagoniza unhas xornadas de protesta que reclama, entre outras cousas, o establecemento dunha lexislación que regule o número de licenzas VTC, que se estableceu en 1987 en 1 por cada 30 taxis. Coa liberalización do sector en 2009 e posterior expansión créase en 2011 Cabify,[1] e desembarca Uber[2] en 2014, quedando dita ratio desfasada. O Goberno trasladou ás comunidades autónomas a capacidade de renovar ou eliminar licenzas para adaptarse ás esixencias do decreto de novembro de 2015 que volvía establecer a limitación dun vehículo VTC por cada 30 taxis, cunha moratoria de catro anos para levar a cabo esa adaptación.

Outra das demandas dos taxistas ten que ver co elevado custo das licenzas. A limitada concesión de novos permisos por parte dos concellos (na cidade de Barcelona entre 1980 e 2016 non se concedeu ningún novo permiso), fai que os custos se incrementen en proporcións desorbitadas pola especulación no mercado de compra-venda. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) elaborou un informe en 2015 que recolle que o valor medio dunha licenza no mercado secundario vai desde os 139.750 euros en Toledo ata os 220.271 de San Sebastián.

Cadro núm. 12
Sector do taxi e as VTC en Galicia

	Taxis	% sobre o total	VTC	% sobre o total	VTC / 30 taxis
A Coruña	1.484	40,9	190	68,8	3,8
Lugo	535	14,7	13	4,7	0,7
Ourense	342	9,4	20	7,2	1,8
Pontevedra	1.271	35,0	53	19,2	1,3
Total	**3.632**		**276**		

Fonte: Ministerio de Fomento.

O Ministerio de Fomento publicou en xaneiro de 2019 o número de licenzas de taxis e VTC, e no cómputo global rexístranse case seis licenzas VTC por cada 30 taxis a nivel nacional. Esta proporción dispárase nas grandes cidades (Segovia 14,04; Málaga 13,34; Madrid 12,63; Barcelona 6,23). En Galicia, existen un total de 3.632 licenzas de taxi por 276 de VTC, unha ratio de 2,3 VTC por cada 30 taxis. Se desagregamos estes datos por provincia vemos que na Coruña as licenzas de taxi ascenden a 1.484, un 40,9% da cota galega; e o 68,8% das empresas de VTC, con 190 licenzas, unha ratio de 3,8 VTC por cada 30 taxis. A Coruña ocupa o posto 19 na clasificación de cidades con máis VTC de España. No resto de provincias galegas estas cifras son menores como podemos ver no cadro 12.

Se analizamos as diferenzas existentes entre as tarifas de ambos, atopamos que os concellos establecen anualmente as dos taxis; o custo para o usuario varía en función da duración e percorrido da carreira. En cambio, as tarifas nos VTC están liberalizadas, dependen da oferta de vehículos dispoñibles e da demanda dos usuarios. A contratación realízase mediante unha app móbil, fixando punto de recollida e destino, establecendo un custo prefixado de antemán.

Evolución do IPC en carburantes e combustibles

O mercado de petróleo no contexto internacional vén marcado por tensións inflacionistas ata os meses finais de 2018. Durante o pasado ano o prezo do barril de Brent incrementouse nun 21,4%, alcanzando o seu máximo anual no 86,29 dólares/barril no mes de outubro. A baixada do prezo do cru nos dous últimos meses foi debida á sobreprodución en Estados Unidos, o que repercutiu favorablemente nos prezos de combustibles e carburantes, como podemos apreciar no gráfico 15. No exercicio actual prevense tensións inflacionistas polas consecuencias nos recortes na oferta, por parte dos países da OPEP e tamén polas sancións impostas a países produtores, como Irán e Venezuela.

Estamos ante unha situación de incerteza económica a nivel mundial, cunha desaceleración dos países desenvolvidos e emerxentes, ao que podemos sumar os conflitos comerciais entre Estados Unidos e China. Todo iso fai presaxiar unha diminución da demanda global de cru. Se nos centramos na oferta, a sobreprodución de Estados Unidos. verase compensada co descenso polas sancións impostas a Irán e Venezuela. Esta situación xera un escenario incerto e de volatilidade nos prezos.

[1] Cabify é unha plataforma tecnolóxica de mobilidade que pon en contacto a usuarios particulares e empresas coas formas de transporte que mellor se adaptan ás súas necesidades, a través dunha app móbil.
[2] Uber Technologies Inc. é unha empresa internacional que proporciona aos seus clientes vehículos de transporte con condutor (VTC), a través do seu *software* de aplicación móbil (app), que conecta os pasaxeiros cos condutores de vehículos rexistrados no seu servizo.



Neste contexto, os países produtores da OPEP adoptaron a mesma estratexia que en 2016, reducindo a produción, aproximadamente en 2 millóns de barrís diarios, para evitar unha caída moi acusada no prezo do cru.

En 2018 o consumo de produtos petrolíferos en España, con 59,96 millóns de toneladas, creceu un 2,8% respecto a 2017, por cuarto ano consecutivo. Se desagregamos por produto, o gas licuado do petróleo (GLP) aumentou un 15,6%; as gasolinas, un 4,8%; os querosenos, un 4,3%; os gasóleos, un 2,3%, e os fuelóleos, un 2,6%. As gasolinas e gasóleos de automoción con 28,65 millóns de toneladas creceron un 2,5% interanual.

O 1 de xaneiro de 2019 entrou en vigor a lei que homoxeneíza os impostos autonómicos aos carburantes, que afecta a nove comunidades, pero non a Galicia onde se aplica o tramo máximo. A existencia ou non do imposto autonómico podía gravar con ata 4,8 céntimos cada litro. Galicia deixou de ser, en xaneiro de 2019, unha das comunidades cos prezos máis elevados. Non obstante, aínda no ano 2018 o gasóleo A, en tres das catro provincias galegas (Ourense, Lugo e A Coruña) presenta os prezos peninsulares máis altos.

Debido aos elevados prezos de carburantes rexistrados en Galicia, a Xunta e a CNMC asinaron un protocolo xeral de actuación para mellorar a competencia no mercado de combustibles. A primeira iniciativa será elaborar unha guía de boas prácticas para a apertura de estacións de servizo, co establecemento de procedementos autonómicos para detectar e eliminar restricións que dificulten ou atrasen inxustificadamente as aperturas, e de comunicación e información a usuarios e consumidores sobre calidades do produto e operadores.

Aeroportos

Con case 264 millóns de usuarios, máis de 14,5 millóns de pasaxeiros respecto a 2017 e un crecemento do 5,8% interanual, podemos afirmar que os aeroportos españois están a vivir os seus mellores anos. En 2018 os aeroportos españois recibiron 82,8 millóns de turistas internacionais; 900 mil máis e 1,1% de aumento respecto a 2017, novo récord histórico por sexto ano consecutivo. Máis da metade destes proceden de tres mercados emisores: Reino Unido, con máis de 18,5 millóns; Alemaña, con 11,4 millóns, e Francia, con 11,3 millóns.

Cadro núm. 13
Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

	2015		2016		2017		2018*	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Movemento de pasaxeiros								
Alvedro (A Coruña)	1.025.688	3,7	1.063.291	3,7	1.141.242	7,3	1.225.763	7,4
Lavacolla (Santiago)	2.296.409	10,2	2.511.494	9,4	2.644.925	5,3	2.724.750	3,0
Peinador (Vigo)	713.567	4,9	954.006	33,7	1.065.595	11,7	1.129.689	6,0
Total	4.035.664	7,5	4.528.037	12,2	4.851.762	7,1	5.080.202	4,7
Total nacional	**207.421.046**	**5,9**	**230.231.359**	**11,0**	**249.218.316**	**8,2**	**263.753.406**	**5,8**
Operacións								
Alvedro (A Coruña)	14.683	-0,9	15.636	6,5	16.078	2,8	17.558	9,2
Lavacolla (Santiago)	20.541	5,7	21.278	3,6	21.520	1,1	21.839	1,5
Peinador (Vigo)	9.580	-3,4	11.557	20,6	12.479	8,0	12.526	0,4
Total	44.804	1,5	48.471	8,2	50.077	3,3	51.923	3,7
Total nacional	**1.902.967**	**3,8**	**2.045.106**	**7,5**	**2.174.424**	**6,3**	**2.300.189**	**5,8**
Movemento de mercadorías								
Alvedro (A Coruña)	140.669	131,3	184.307	31,0	157.169	-14,7	163.907	4,3
Lavacolla (Santiago)	2.311.393	10,1	2.296.632	-0,6	2.693.251	17,3	3.019.642	12,1
Peinador (Vigo)	536.522	23,1	476.063	-11,3	771.315	62,0	1.060.645	37,5
Total	2.988.584	15,1	2.957.002	-1,1	3.621.735	22,5	4.244.194	17,2
Total nacional	**715.552.111**	**4,7**	**798.592.161**	**11,6**	**919.913.456**	**15,2**	**1.010.873.428**	**9,9**

*Datos provisionais

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

Incremento similar tiveron as operacións realizadas, 5,8%, ascendendo a 2,3 millóns, 125.765 máis en valores absolutos. Non deixa de medrar o número de toneladas de mercadorías transportadas en avión nestes últimos exercicios, de 919.913.456 nun ano pasouse a 1.010.873.428, 91 millóns máis. Os crecementos do 2016 ata o último publicado foron de 11,6%, 15,2% e 9,9%, respectivamente.

En 2018, a rede mundial de aeroportos rexistrou en conxunto un tráfico de 8.800 millóns de pasaxeiros, un 6% máis que o ano anterior. Na clasificación de pasaxeiros internacionais dous aeroportos españois están no *top 20*, Adolfo Suárez Madrid-Barajas, no posto 14 da clasificación, e Barcelona-O Prat, no 15. As previsións revelan que o aumento da demanda de servizos aéreos entre 2018 e 2023 crecerá case un 30%.

Para as tres instalacións aeroportuarias galegas o 2018 tamén foi un ano de cifras récord. Por vez primeira supéranse os 5 millóns de pasaxeiros, cun incremento interanual do 4,7% (228.000 máis que en 2017). Lavacolla, con 2,7 millóns de viaxeiros medra un 3% e Alvedro, na Coruña, con 1,225 millóns de pasaxeiros, un 7%. Peinador en Vigo, incrementa o tráfico de usuarios nun 6,4%, con algo máis de 1,129 millóns. Esta terminal tivo durante dous meses desactivado o seu sistema ILS antinéboa que provocou que 21.000 usuarios fosen derivados a outros aeroportos. As operacións só presentan un incremento substancial na Coruña, cun 9,2% máis respecto a 2017. Nos dous últimos exercicios a evolución do tráfico de mercadorías foi moi positiva cun 22,5% en 2017 e un 17,2% en 2018. Liderando este crecemento atópase o aeroporto de Vigo que medra en taxa interanual un 37,5%.

En 2018 o aeroporto Sá Carneiro no Porto crece un 10,6% respecto a 2017 e alcanza a cifra récord de 11,93 millóns de viaxeiros. Aumenta a captación de viaxeiros no noroeste peninsular e representa xa o 70% do total.

Portos

O tráfico dos 28 portos de interese xeral xestionados polo ente público Portos do Estado adscrito ao Ministerio de Fomento tivo en 2018 un incremento do 3,4%, alcanzando os 563 millóns de toneladas.

O número de buques chegados aos portos españois creceu un 7,3%, un avance similar ao da mercadoría convencional, cun 7,3%, seguida da mercadoría chegada en contedores (5,4%). Os contedores medidos en TEU (17.215.009 unidades) aumentaron un 7,9%. O incremento da mercadoría xeral foi do 6%, mentres que os graneis líquidos e sólidos subiron menos (1,5% e 0,9% respectivamente).

Os primeiros postos da clasificación ocúpao, como é habitual, o porto de Alxeciras, con 107 millóns de toneladas movidas, seguido dos de Valencia (76 millóns) e Barcelona (67 millóns).

Se analizamos os cinco portos galegos de interese xeral no seu conxunto, no ano 2018 aumentaron un 2,1%. A evolución máis significativa preséntaa a mercadoría xeral cun 4,1%, que recolle o crecemento das mercadorías movidas en contedores (un 4,5%) e o da mercadoría convencional (3,8%). En contraposición a estes datos favorables, destacamos o retroceso do 19,7% no número de contedores medidos en TEU. Tamén o desembarco de pesca sufriu un descenso acusado neste último exercicio (-13,9%), fronte á caída nacional do 7,9%. Os buques mercantes practicamente non varían con 4.925 unidades, un 0,5% máis que en 2017.

O Porto da Coruña, con 15,7 millóns de toneladas de mercadorías movidas en conxunto, creceu un 3,3%. A mercadoría xeral, con 1.101.625 toneladas, incrementouse un 20,4%, debido ao bo comportamento dos produtos siderúrxicos e de materiais de construción. As mercadorías segundo a forma de presentación evolucionaron un 2,5%, con máis de 14,2 millóns de toneladas, correspondéndolle aos graneis líquidos 9,34 millóns, achacables á estabilidade das importacións de petróleo e ao incremento no tráfico de gasoil, nafta e biodiésel; este tráfico evoluciona un 6,2% interanual. Os graneis sólidos con 4,85 millóns de toneladas, distribuídas entre a caída das importacións de carbón e o crecemento do tráfico de graneis agroalimentarios, especialmente de millo, pensos ou abonos, presentan unha taxa negativa do 4% respecto a 2017. Os buques mercantes (1.219) creceron un 2%. A pesca evolucionou negativamente, de 51.102 toneladas, baixa a 42.418 (-17%). Nos dous últimos exercicios rexístranse cifras récords nos tráficos da Autoridade Portuaria da Coruña, consecuencia directa do impacto do Porto Exterior de Punta Langosteira, que rexistrou un movemento de 2,3 millóns de toneladas en cada un dos exercicios.

O Porto de Ferrol-San Cibrao medra un 0,9%, o segundo mellor ano da súa historia con 13,7 millóns de toneladas movidas, no que a enerxía e a metalurxia son os protagonistas. As cifras dos graneis agregados medran un 0,9%. Os graneis sólidos, con 10,76 millóns de toneladas, incrementáronse un 2,9%,

Gráfico 16
Crecemento do tránsito portuario nos portos galegos
Taxas de variación interanuais (en %)



mentres que os graneis líquidos caeron un 6,7% respecto a 2017. A mercadoría xeral diminúe un 3,1%, pasando de 868 mil toneladas a 841 mil. Entre as mercadorías principais movidas nos peiraos de Ferrol-San Cibrao destacamos carbón (4.730.790 toneladas) e bauxita, (4.240.042), seguidos por alúmina, gas natural licuado e fueloil. O número de buques mercantes creceu un 4%. En 2018 produciuse a apertura da primeira liña regular de buques portacontedores operada pola navieira MacAndrews. Esta nova operativa reflíctese no aumento de mercadorías movidas en contedores, que evoluciona cun forte aumento do 1.832,3%, pasando de 2.235 toneladas a 43.189. Este dato relaciónase co incremento dos contedores de importación-exportación, que pasaron de 455 a 4.532, un 896% máis respecto a 2017. Outro aspecto significativo é o inicio das obras para dotar ao porto exterior de Caneliñas dun acceso ferroviario. Esta infraestrutura permitirá unha mellor conexión coa Cornixa Cantábrica e co resto da península, necesaria para iniciativas industriais tan relevantes para a comarca como: a construción de *jackets* para parques eólicos mariños; a creación dun *hub* para o avituallamento de GNL a buques; a terminal de contedores no porto exterior, e a mellora de capacidade e operativa da terminal de Alcoa en San Cibrao.

O porto de Marín-Pontevedra medrou un 0,8%, con 2,54 millóns de toneladas, das que case un millón corresponden a graneis agroalimentarios e o resto a mercadoría xeral, tanto convencional como en contedores e avituallamentos. O total de mercadoría xeral ascende a 1.584.131 toneladas, case similar ao rexistrado en 2017. Como mercadorías estratéxicas para o porto destacamos a madeira, os produtos siderometalúrxicos ou a pesca conxelada, ademais da froita, convertendo a rada marinense no principal centro loxístico do Arco Atlántico. A mercadoría en contedores supón o 59,3% da mercadoría xeral, con 939.955 toneladas. O rexistro en desembarco de pesca diminuíu un 10,3% respecto a 2017. O avituallamento crece un 37,6%, con 27.788 toneladas, 7.588 máis que un ano antes. A mercadoría en contedores perde un 44,4%, e a movida nesta modalidade en tránsito descende un 54,3%. O número de contedores medidos en TEU foi 87.405, un 1,7% menos que hai un ano. En 2018 amplíase o posto de inspección fronteirizo (PIF), cun crecemento do 70% no número de bocas de inspección de contedores; ademais, en 2018 produciuse a chegada por vez primeira de portacontedores de 4.000 TEU e grandes graneleiros non habituais na instalación. Á liña de ferrocarril xa existente de graneis agroalimentarios e produtos siderúrxicos, súmase a destinada ao tráfico de contedores.

O porto de Vigo, con 4.362.282 toneladas movidas no ano 2018, crece un 3,1%. A súa especialización en mercadoría xeral, con máis de 3,7 millóns de toneladas, medra un 3,6% interanual e outórgalle á autoridade portuaria viguesa o primeiro posto da comunidade nesta modalidade de tráficos, constituíndo estes o 86,4% do total do tráfico da instalación. Dentro da mercadoría xeral, a transportada nun total de 220.466 contedores medidos en TEU (0,5%) superou os 2,7 millóns de toneladas. Deste total, operaron na terminal lo-lo 184.959 TEU (0,7%) fronte e 35.507 TEU (-0,74%) na de tráfico ro-ro. Os contedores en tránsito crecen un 12,3%. Os graneis líquidos medran un 38,57%, con 93.916 toneladas e aos sólidos correspóndenlle 271.820 toneladas, 3,9% máis respecto a 2017. A mercadoría xeral, con 3.769.929 toneladas avanza un 3,7%. Os rexistros en pesca son negativos, de 89.127 diminúe a 78.169, un 12,3% menos respecto a 2017. O avituallamento tamén descende un -13,6%.

Cadro núm. 14
Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	Ferrol-San Cibrao		A Coruña		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2018	TVI (%)	2018	TVI (%)	2018	TVI (%)	2018	TVI (%)	2018	TVI (%)	2018	TVI (%)
Graneis líquidos	2.157.943	-6,7	9.337.317	6,2	4	-	93.916	38,6	167.808	-13,4	11.756.988	3,5
Graneis sólidos	10.756.985	2,9	4.853.062	-4,0	930.205	1,6	271.820	3,9	448.220	6,4	17.260.292	0,9
Total graneis	**12.914.928**	**1,1**	**14.190.379**	**2,5**	**930.209**	**1,6**	**365.736**	**11,0**	**616.028**	**0,2**	**29.017.280**	**1,9**
Contedores	43.189	1.832,4	54	800,0	939.955	4,5	2.667.697	3,0	304.136	3,5	3.955.031	4,5
Convencional	717.948	-7,6	1.101.625	20,4	644.176	-6,0	1.102.232	5,2	293.043	0,0	3.859.024	3,8
Total mercadoría xeral	**761.137**	**-2,3**	**1.101.679**	**20,4**	**1.584.131**	**-0,1**	**3.769.929**	**3,6**	**591.402**	**0,8**	**7.808.278**	**4,1**
Avituallamento	28.039	38,4	83.873	-0,3	27.788	37,6	148.448	-13,6	3.730	-11,3	291.878	-2,9
Pesca fresca	256	16,9	42.418	-17,0	1.744	-10,3	78.169	-12,3	-	-	122.587	-13,9
Total outro tráfico	**28.295**	**38,1**	**126.291**	**-6,6**	**29.532**	**33,4**	**226.617**	**-13,1**	**3.730**	**-11,3**	**414.465**	**-6,4**
Total tráfico portuario	13.707.535	0,9	15.703.833	3,3	2.543.872	0,8	4.362.282	3,0	1.211.160	0,4	37.528.682	2,1
Contedores (TEUS)	4.532	896,0	27	800,0	87.405	-1,7	220.466	0,5	35.039	1,5	311.990	-9,1
Buques (número)	1.152	4,0	1.219	2,0	492	-10,4	1.726	0,1	336	4,0	4.925	0,5

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Fomento e elaboración propia.

Os tres sectores predominantes no porto, co 60% do tráfico, corresponden a automoción, pesca e construción. O movemento de automóbiles con 440.818 unidades descendeu lixeiramente. A desaceleración máis acusada corresponde ao segmento de exportación, debido ao cambio de normativa comunitaria que entrou en vigor o 1 de setembro de 2018 e limita as emisións dos vehículos diésel. O comportamento da pesca conxelada con 612.846 toneladas foi negativo, caendo un 4,3% respecto ao exercicio anterior; máis acusado foi o descenso da pesca fresca que perdeu un 12,3%. En contraposición, hai que destacar o bo comportamento da exportación de conservas cun aumento do 3,9%. En canto aos materiais de construción, o protagonismo téñeno o granito elaborado e en bruto (un -11,1% e un 11,6%, respectivamente), a lousa, a madeira e o cemento, que case suman o millón de toneladas. En canto aos países cos que mantén relación comercial, aumentaron os intercambios con Bélxica, Reino Unido, Suráfrica e Portugal, mentres que con Francia, país que representa o 13% do tráfico internacional do porto, diminuíu debido á crise do sector do automóbil.

Respecto ao conflito da estiba que recollemos no pasado informe cómpre dicir que en maio de 2019 queda liberalizado o 70% dos cadros de persoal.

O Porto de Vilagarcía avanza un tímido 0,4%, con algo máis 1,2 millóns de toneladas, un novo récord para a autoridade portuaria. Os graneis líquidos descenden un 13,4%, mentres que os sólidos medran en taxa interanual un 6,4%. A mercadoría xeral rexistra en conxunto 591.402 toneladas (0,75%), correspondendo 145.023 toneladas ao taboleiro e 117.375 toneladas ao aluminio. O 51,4% da mercadoría da rada arousá é movida en contedores. A liña Boluda é responsable das conexións entre Vilagarcía e varios portos canarios, con 35.039 unidades de TEU (1,5%) e con 304.136 toneladas que crecen un 3,5%. Os favorables datos de tráficos dos primeiros meses de 2019 fan prever un bo ano para o porto.

Rede de portos autonómicos

O informe anual de Portos de Galicia en 2018 presenta cifras positivas no conxunto das 122 instalacións pertencentes á rede de portos de titularidade autonómica. Máis de 1,7 millóns de toneladas de mercadorías movidas, cun 3,5% de incremento, e unha facturación de 17,3 millóns de euros, un 2% máis que en 2017.

Como é habitual, o porto máis destacado en movemento de mercadorías corresponde a Cariño, con 603.000 toneladas, con máis de 552.000 toneladas de ferro sen aglomerar como mercadoría destacada; séguen Ribadeo, con 542.000 toneladas, das que 396.000 foron de pasta de madeira, e Brens, en Cee, con 334.000 toneladas, e importantes movementos en coque e manganeso (122.000 e 90.000 toneladas, respectivamente). Burela, porto eminentemente pesqueiro, destaca polo aumento do 1,3% anual de movemento de madeira en bruto. E o porto da Pobra sobresae polas descargas de túnidos, 102.000 toneladas, que se suman ás 27.000 que chegaron a Ribeira, porto non comercial pero que asume de maneira auxiliar parte da descarga que chega á localidade veciña da Pobra.

Tráfico de cruceiros

En 2018 os cruceiros chegados ás costas españolas foron 4.384; 146 máis respecto a 2017 (3,5%), con máis de 10 millóns de pasaxeiros (9,7%).

A pesar de que en 2018 descendeu significativamente o número de transatlánticos chegados ás costas galegas, o número de cruceiristas nas 182 naves aumentou en case 10.000, tal e como podemos

Cadro núm. 15
Movemento de cruceiros en Galicia

	Núm. de cruceiros				Núm. de pasaxeiros en cruceiros			
	2017	2018	TVI (%)	% sobre o total	2017	2018	TVI (%)	% sobre o total
A Coruña	124	94	-24,2	51,6	184.069	178.965	-2,8	50,3
Ferrol-San Cibrao	23	14	-39,1	7,7	20.379	17.534	-14,0	4,9
Marín-Pontevedra	1	-	-	-	143	0	-	-
Vigo	73	69	-5,5	37,9	140.188	158.449	13,0	44,5
Vilagarcía	6	5	-16,7	2,7	1.596	1.158	-27,4	0,3
Total Galicia	**227**	**182**	**-19,8**		**346.375**	**356.106**	**2,8**	**100,0**

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Fomento e elaboración propia.

Gráfico 17
Evolución do número de cruceiristas nos portos galegos



comprobar no cadro adxunto. O descenso máis acusado atopámolo no porto da Coruña, que perdeu 30 naves respecto a 2017 e recibiu un 2,8% menos de viaxeiros. Aínda con estes descensos, este porto representa, respectivamente, o 51,6% e o 50,3% do mercado da comunidade. O porto de Vigo, cunha caída tamén nas naves atracadas (-5,5%), aumentou un 13,3% o número de cruceiristas, 18.000 máis, que compensan as perdas ocasionadas nos portos da Coruña e de Ferrol.

Os tráficos chegados ao porto de Vilagarcía foron practicamente similares aos dun ano antes e os de Ferrol descenderon de maneira significativa.

VIII. Sector financeiro

- O sistema financeiro español mantivo durante 2018 o ininterrompido proceso de axuste de capacidade iniciado hai xa unha década, tras o abrupto inicio da crise financeira e económica, cunha redución anual da rede de oficinas do 4,8% e do 2% no número de empregados, acompañada por unha caída do 1,2% no volume de negocio xestionado.
- O mercado galego seguiu un patrón moi similar, cunha redución anual do 4% na rede de oficinas, finalizando 2018 con 1.491 sucursais, o 5,7% do total estatal e 1,4 puntos porcentuais superior ao seu peso por negocio; este creceu o 4%, condicionado por factores alleos á propia actividade.
- ABANCA e a Caixa Rural Galega son as dúas únicas entidades netamente galegas, tras a compra en 2018 por parte de ABANCA do Banco Caixa Geral con sede en Pontevedra e a integración do Banco Pastor, filial do Banco Popular con sede na Coruña, no Banco Santander.
- A contorna macroeconómica mantivo o ton favorable en 2018, cun crecemento robusto da economía e do emprego en España. As previsións para próximos exercicios apuntan a unha moderación nas taxas de crecemento económico na Eurozona, dificultando a normalización da política monetaria do Banco Central Europeo.
- Neste marco, a xestión das entidades financeiras españolas en 2018 continuou centrándose en minimizar o impacto negativo que sobre a marxe financeira exerce o contexto de tipos de xuro reais negativos, potenciando os ingresos por prestación de servizos e a mellora da eficiencia, así como reducindo os activos improdutivos no seu balance. Estas medidas permitíronlle ao sector español alcanzar un beneficio neto de 12.379 millóns de euros en 2018.
- A continua adaptación aos crecentes requirimentos supervisores e reguladores, especialmente no ámbito da capitalización, a protección do cliente e a xestión dos riscos, mantense como un dos principais focos aos que as entidades deben prestar atención.
- As entidades financeiras españolas afrontan para os próximos exercicios un complexo e intenso marco competitivo con múltiples retos, entre os que destacan pola súa relevancia: 1) desenvolver un modelo de negocio que garanta unha rendibilidade sostible no tempo e que resista o impacto de escenarios adversos; 2) xestionar proactivamente os activos improdutivos (NPL e adxudicados); 3) dar resposta á crecente presión reguladora e supervisora; 4) afrontar o desafío que supón o desenvolvemento das novas tecnoloxías, e 5) mellorar a reputación do sector.

Introdución

As entidades que operan no sistema financeiro galego desenvolveron a súa actividade ao longo de 2018 na contorna altamente competitiva que caracteriza o negocio bancario español. O mantemento dos tipos de xuro en niveis «cero» (negativos en termos reais) está a obrigar as entidades a redefinir o seu modelo de negocio e garantir niveis adecuados de rendibilidade e sostibilidade, á vez que deben dar resposta a un esixente marco regulador e á consolidación do proceso de dixitalización da sociedade.

O contexto macroeconómico mantivo o ton favorable en 2018, cun crecemento robusto da economía española e do emprego, aínda que as previsións para próximos exercicios apuntan a unha moderación nas taxas de crecemento. Pola súa banda, as condicións financeiras globais mostráronse menos expansivas, o que levou o EURIBOR a 12 meses a unha lenta recuperación desde os mínimos de comezos de ano (-0,19%), para pechar 2018 no -0,13%. En marzo de 2019, o Banco Central Europeo (BCE) adiaba a subida de tipos polo menos ata o final de 2019 e anunciaba unha nova inxección de liquidez ao sistema (TLTRO III) que arrincará en setembro de 2019.

O sistema financeiro español mantivo durante 2018 o ininterrompido proceso de axuste de capacidade iniciado hai xa unha década tras o brusco inicio da crise financeira e económica, cunha baixada do 4,8% da rede de oficinas e do 2% no número de empregados.

O mercado galego seguiu un patrón moi similar, cunha redución do 4% na rede de oficinas, finalizando 2018 con 1.491 sucursais, o 5,7% do total estatal e 1,4 puntos porcentuais superior ao seu peso por negocio, o que reflicte a maior capilaridade da rede galega respecto á media estatal derivada da súa dispersión da poboación.

ABANCA e a Caixa Rural Galega son as dúas únicas entidades netamente galegas, tras a desaparición en 2018 de dúas entidades con sede social na comunidade autónoma (o Banco Pastor na Coruña e o Banco Caixa Geral en Pontevedra). Outras operacións corporativas no mercado español este ano foron a integración en Unicaja Banco do seu filial Banco CEISS e a compra de Bankinter a EVO Banco do seu negocio en España e a súa filial de consumo en Irlanda.

O volume de negocio (suma de depósitos polo miúdo e créditos) xestionado polas entidades de depósito en España baixou un 1,2% en 2018. O crédito reduciu o seu saldo un 4,5%, impulsado polos fortes saneamentos de activos improdutivos realizados polas entidades, que non compensou o avance da nova produción (8,9%). Os depósitos polo miúdo creceron un 2,3%, manténdose o transvasamento de recursos de prazo cara a vista, cunha contracción dos recursos xestionados en fondos de investimento (-2,1%) afectados no terzo final do exercicio pola inestabilidade dos mercados.

No mercado galego o volume de negocio situouse en 105.131 millóns de euros a peche de 2018, cun crecemento anual do 4%. Os depósitos polo miúdo incrementaron o seu saldo un 5,2%, mentres que o crédito a clientes o fixo por vez primeira desde 2009 (2,1%). Con todo, esta favorable evolución relativa de Galicia respecto ao conxunto do Estado estivo condicionada por aspectos contables alleos ao negocio (reclasificacións contables de saldos en xuño de 2018 na provincia da Coruña). Axustadas estas distorsións, produciríase unha redución do saldo do crédito e un menor crecemento dos depósitos, en liña co comportamento do conxunto do Estado.

A continua adaptación aos crecentes requirimentos supervisores e reguladores, especialmente nos vinculados a reforzar a capitalización, a protección ao cliente e a xestión dos riscos, mantense coma un dos principais focos aos que as entidades deben prestar atención, xa que o seu cumprimento esixe unha cada vez maior asignación de recursos humanos, tecnolóxicos e financeiros, á vez que limita e condiciona o marco operativo da súa actividade.

En 2018 entrou en vigor no ámbito europeo a nova normativa contable vinculada aos requirimentos de provisións (IFRS 9), de comercialización de produtos de investimento (MIFID II) e de liberalización de servizos de pago (PSD 2). No ámbito supervisor, a EBA realizou en 2018 o *Transparency* e os tests de estrés bianuais ás entidades sistémicas europeas. Pola súa vez, o BCE realizou as probas bianuais de resistencia á banca da Eurozona e deu a coñecer, xa en febreiro de 2019, as esixencias de capital para cada entidade nese ano.

No ámbito normativo español cabe destacar en 2018 a regulación do suxeito pasivo nos gastos de constitución hipotecarios, que sumiu o mercado hipotecario español nun período de incerteza, con claro impacto nunha retardación do mercado, que non será definitivamente resolto ata a entrada en vigor da nova Lei de Crédito Inmobiliario prevista para mediados de 2019. Tamén foi relevante a creación da Autoridade Macroprudencial (AMCESFI) como organismo responsable de previr e mitigar o risco sistémico para a estabilidade financeira.

Contexto financeiro

As condicións financeiras globais presentaron en 2018 un ton menos expansivo. En Estados Unidos, a Reserva Federal continuou endurecendo a súa política monetaria e na Eurozona, o BCE finalizou en decembro o programa de compra de activos, aínda que reiteraba que os tipos de referencia permanecerían inalterados polo menos ata o final do verán de 2019. Neste contexto, o EURIBOR a 12 meses iniciaba unha lenta recuperación desde os mínimos de comezos de ano (-0,19%) para pechar 2018 no -0,13%. En marzo de 2019, o BCE adiaba a subida de tipos polo menos ata finais de ano, o que mantivo en negativo o EURIBOR.

Gráfico 1
Evolución dos tipos de xuro de referencia
Datos a 31 de decembro de cada ano



Nos mercados de débeda pública europea, a moderación dos ritmos de crecemento da actividade económica na Eurozona contraeu as rendibilidades da débeda pública. A TIR do bono español a 10 anos pechou o exercicio en 1,42% (-15 puntos básicos (p. b.) no ano), mentres que a do bono alemán ao mesmo prazo descendeu ata 0,25% (-18 p. b. no ano). Desta forma, a prima de risco española logrou finalizar 2018 en 117 puntos básicos, nivel similar ao do peche de 2017. A tendencia de contracción das rendibilidades da débeda pública mantense nos primeiros meses de 2019, permanecendo a prima de risco española en niveis contidos (por baixo dos 100 p. b. a finais de maio).

Política de supervisión e contexto normativo

A continua adaptación aos crecentes requirimentos supervisores e reguladores, especialmente no ámbito da capitalización, da protección do cliente e da xestión dos riscos, mantéñense coma un dos principais focos aos que as entidades deben prestar atención, xa que o seu cumprimento esixe unha cada vez maior asignación de recursos humanos e financeiros, á vez que limita e condiciona o marco operativo da súa actividade.

No ámbito supervisor, a Eurozona conta con dous alicerces básicos na unión bancaria europea, o Mecanismo único de supervisión (MUS) e o Mecanismo único de resolución (MUR), que nun futuro verase complementado por un terceiro alicerce, o sistema harmonizado de garantías de depósitos.

O MUS, integrado polo BCE e as autoridades supervisoras competentes dos países da UE participantes, realiza a supervisión microprudencial das entidades de crédito co obxectivo de velar pola seguridade e a solidez do sistema bancario e aumentar a integración e a estabilidade financeira no mercado europeo.

En 2018 realizou as probas bianuais de estrés de resistencia a 87 bancos supervisados polo BCE, cuns resultados mellores aos do informe previo (2016) en termos tanto de base de capital como de resistencia a perturbacións ante escenarios adversos. As 12 entidades españolas analizadas (entre as que se atopa a galega ABANCA) sitúanse entre as máis resistentes da Eurozona a escenarios adversos, tanto en termos de solvencia como de apalancamento, aínda que parten de ratios inferiores á media europea.

Posteriormente, o MUS realizou o proceso de revisión e avaliación supervisora (SREP) anual establecendo para cada entidade os requirimentos mínimos de capital para 2019. Trátase dun proceso de supervisión exhaustivo, no que se analizan múltiples aspectos como o modelo de negocio, o goberno, os niveis e controis dos riscos, os resultados dos tests de resistencia, etc. Os seus resultados presentáronse agregados en febreiro de 2019 e posteriormente cada entidade española comunicounos individualizados, sendo satisfactorios na medida en que todas elas presentaban a peche de 2018 niveis de capitalización por enriba do establecido para 2019, entre elas a galega ABANCA.

Nesta liña de fortalecemento dos niveis de capitalización, durante 2018 as entidades financeiras europeas reactivaron as súas emisións de renda fixa para avanzar na cobertura das esixencias que en termos de capital exporá a nova normativa sobre activos dispoñibles (MREL) no horizonte de 2020.

Pola súa banda, o Mecanismo único de resolución (MUR) centraliza o proceso de toma de decisións en materia de resolución de entidades. Tras a súa primeira decisión de resolución en 2017 do Banco Popular, non volveu actuar ata 2019 coa intervención do banco italiano Banca Carige. Para 2019, someterá a exame as funcións críticas de 130 bancos sistémicos da Eurozona.

No ámbito supervisor español destaca en 2018 a aprobación do real decreto-lei 22/2018 polo que se lles outorga aos supervisores financeiros estatais (BDE, CNMV e DGSFP) novas ferramentas macroprudenciais destinadas a previr riscos sistémicos e a procurar unha contribución sostible do sistema financeiro ao crecemento económico (colchón de capital anticíclico, límites á exposición a un determinado sector, etc.). En marzo de 2019 créase a Autoridade Macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira (AMCESFI) como organismo responsable de previr e mitigar o risco sistémico para a estabilidade financeira.

No ámbito normativo, en 2018 entrou en vigor a nova normativa contable vinculada aos requirimentos de provisións (IFRS 9), de comercialización de produtos de investimento (MIFID II) e de liberalización de servizos de pago (PSD 2). No mercado español cabe destacar a regulación do suxeito pasivo nos gastos de constitución hipotecarios, que sumiu o mercado hipotecario español nun período de incerteza, con claro impacto nunha retardación do mercado, que non será definitivamente resolto ata a entrada en vigor da nova Lei de Crédito Inmobiliario, prevista para xuño de 2019.

En 2019 entrou en vigor a nova norma contable sobre arrendamentos de activos (NIIF 16), que inclina á baixa as ratios de solvencia das entidades, e o Goberno español regulou as contas bancarias gratuítas que as entidades deben ofrecer aos colectivos vulnerables ou en risco de exclusión.

Principais magnitudes do sistema financeiro

Rede de oficinas e entidades

O sistema financeiro español mantivo en 2018 o ininterrompido proceso de axuste de capacidade iniciado en 2007-2008 derivado da crise económico-financeira mundial. Partindo de máximos históricos de oficinas e empregados en 2008, o sector español reduciu en tan só dez anos case á metade a súa rede de oficinas (-43% e preto de 20.000 oficinas menos) e un 34% o persoal (máis de 92.000 empregos); axudado en gran medida polo proceso de integración acometido entre entidades. A peche de 2018 o sistema financeiro español confórmano unha rede de 23.011 oficinas (-4,8% respecto a 2017) e 178.710 empregados (-2% anual).

Galicia sufriu tamén un duro axuste, cunha redución no período 2008-2018 do 40,6% na súa rede de sucursais (-1.021 oficinas), á vez que baixaron de oito a dúas as entidades con sede social na comunidade. En 2018 a rede galega reduciuse en 62 sucursais (-4%), situando o número total de oficinas en Galicia en 1.491 (gráfico 2). Delas, o 40% sitúase na Coruña, o 31% en Pontevedra, o 16% en Lugo e o 13% en Ourense; porcentaxes que se mantiveron estabilizadas nos últimos anos.

Gráfico 2
Evolución das oficinas de entidades de depósito en Galicia



Ao finalizar 2018, unicamente ABANCA e Caixa Rural Galega permanecen como entidades netamente galegas. O Banco Caixa Geral (con sede en Pontevedra), filial española do grupo portugués Caixa Geral de Depósitos, integrarase en ABANCA ao longo de 2019 tras gañar a entidade galega a súa poxa pública de venda a finais de 2018. Produciuse tamén a baixa da ficha bancaria do Banco Pastor, filial do Banco Popular, integrándose no Banco Santander. Con todo, as principais entidades financeiras do mercado español operan en Galicia, o que garante a

Gráfico 3
Evolución da cota de oficinas das principais entidades financeiras en Galicia



*Inclúe Banco Popular -Pastor

concorrencia e un elevado nivel de competencia no mercado rexional.

A evolución da rede de oficinas das principais entidades financeiras que operan en Galicia pon de manifesto como, tras o importante axuste derivado da fusión entre Caixa Galicia e Caixanova en 2010 e a adquisición do Banco Pastor polo Banco Popular en 2012, as cotas permaneceron bastante estables ata 2017, ano no que se produciu a compra do Banco Popular (coa súa filial Pastor) polo Banco Santander. O grupo resultante pasou a ter unha cota de oficinas que alcanza o 26% en 2018, unicamente superado por ABANCA cunha cota do 34%, conforme se indica no gráfico 3. Con todo, o importante solapamento da rede de oficinas do Santander-Popular-Pastor en Galicia, con duplicidades en preto dun centenar de municipios, unida ao anuncio por parte do Banco Santander dun importante axuste de rede en 2019, augura un agravamento do proceso de perda de oficinas.

A distribución territorial das oficinas por parte das entidades financeiras con maior presenza en Galicia tende a concentrarse maioritariamente nos municipios máis poboados (gráfico 4). A galega ABANCA é a que presta unha maior cobertura nos menos poboados, co 32% das súas oficinas en municipios con menos de 5.000 habitantes; case duplicando a segunda entidade (Banco Santander).

Gráfico 4
Distribución de oficinas por dimensión dos municipios das principais entidades. Ano 2018



*Inclúe Banco Popular -Pastor

Se se analiza o grao de bancarización dos 313 municipios existentes en Galicia, en 280 presta servizos algunha entidade financeira en 2018, o que supón darlle cobertura directa ao 99% da poboación galega. Do total de municipios galegos, ABANCA é a única entidade que ofrece un completo servizo financeiro en 91 deles (en oito a través da súa rede de oficinas móbiles); sendo especialmente significativa na provincia de Ourense, onde é a única entidade en máis da metade dos seus municipios. Pola súa banda, a Caixa Rural Galega e Banco Santander son as únicas entidades en tres municipios.

Tipos de xuro das novas operacións de crédito e depósitos

O mantemento da política monetaria expansiva por parte do BCE ao longo de 2018, que mantivo en valores negativos os tipos de referencia do sistema, provocou que os tipos de formalización das novas operacións de crédito de particulares e empresas en España se reducisen en 2018 por quinto ano consecutivo, afectando a todas as liñas salvo a vivenda (gráfico 5); tendencia que se mantén nos primeiros meses de 2019. O tipo das formalizacións de crédito a empresas baixou 15 puntos básicos (p. b.), destacando a caída en pemes e autónomos (-23 p. b.) e nas formalizacións efectuadas polos particulares (-6 p. b.).

Gráfico 5
Evolución dos tipos de xuro anuais acumulados de novas operacións de crédito en España



Tamén tivo un comportamento baixista a retribución das contas a prazo, reducíndose á metade nas novas imposicións de particulares ata o mínimo histórico do 0,05% a peche de 2018.

Esta evolución decrecente dos tipos de financiamento en España esténdese ás principais economías da Eurozona, poñendo de manifesto a efectividade da política monetaria aplicada polo BCE para favorecer o dinamismo económico e o desapalancamento das economías da rexión (cadro 1).

Cadro núm. 1
Evolución dos tipos de xuro de novas operacións de crédito ao sector privado. Eurozona

	2013	2018	Variacion (p.b.)
Alemaña	2,2	1,3	-90
Francia	2,3	1,5	-86
España	3,3	1,7	-164
Italia	3,5	1,5	-198
Eurozona	2,7	1,5	-121

Fonte: Banco Central Europeo.

A importante redución dos tipos de formalización do novo crédito, superior á experimentada pola remuneración do pasivo, veu inclinando á baixa os diferenciais financeiros e constitúe, sen dúbida, un dos principais retos aos que se enfrontan as entidades financeiras da Eurozona, xa que non se contemplan movementos alcistas de tipos por parte do BCE ata polo menos 2020.

Gráfico 6
Diferencial dos tipos de xuro de novas operacións de crédito en España fronte ao tipo BCE



No gráfico 6 pódese apreciar a caída que rexistra nos últimos anos o diferencial dos tipos de xuro de novas operacións de crédito de familias e empresas fronte ao tipo oficial do BCE.

Saldos e formalizacións de crédito

O mercado español acelerou en 2018 o ritmo de redución dos saldos vivos do crédito respecto ao exercicio precedente (-4,5% fronte a -2,5% en 2017), acumulando caídas ininterrompidas desde 2011 que minoraron o seu saldo nun terzo no período. A redución do crédito en 2018 afectou tanto o sector público (-11,6%) como o privado (-4,1%). A forte redución de activos improdutivos por parte das entidades españolas (venda de carteiras deterioradas), o desapalancamento de familias e empresas e as restricións ao novo crédito das administracións públicas impostas pola Lei de Estabilidade Orzamentaria, xustifican en boa medida esta evolución.

Como se comentou anteriormente, a evolución do saldo de crédito en Galicia ao longo de 2018 viuse condicionada por factores esóxenos á evolución do negocio bancario. A reclasificación contable de saldos realizada en xuño de 2018 na Coruña incrementou artificialmente o saldo desta partida na provincia (un 8,5% en tan só un trimestre). Deste xeito, segundo os datos publicados polo Banco de España, o saldo vivo do crédito incrementouse en Galicia un 2,1% en 2018 (cadro 2); magnitude que podería erroneamente interpretarse como unha reactivación na actividade recorrente de financiamento, cando responde en realidade, en boa medida, ao factor contable apuntado. Unha vez axustado este impacto, o saldo do crédito en Galicia reduciríase en 2018, en liña co comportamento do mercado español (-4,5%).

Nunha contorna marcada polas restricións ao novo crédito que impón a Lei de Estabilidade Orzamentaria, o saldo de crédito das administracións públicas españolas reduciuse un 11,4% en 2018. En Galicia, con todo, aumentou un 11,9%, aínda que a única provincia que creceu foi A Coruña (16,7%), afectada polo impacto contable comentado, mentres que Lugo (-42%), Ourense (-71%) e Pontevedra (-42,8%) o reduciron sensiblemente. Axustado ese impacto, o crédito ao sector público en Galicia tamén baixou en 2018, aliñándose co comportamento do conxunto do Estado.

Cadro núm. 2
Evolución dos saldos de crédito de entidades de depósito
(en millóns de euros)

	Galicia		España	
	Saldo	TVI (%)	Saldo	TVI (%)
2008	70.370	7,3	1.842.797	6,5
2009	71.283	1,3	1.837.761	-0,3
2010	70.509	-1,1	1.856.783	1,0
2011	64.076	-9,1	1.798.026	-3,2
2012	55.021	-14,1	1.634.655	-9,1
2013	50.104	-8,9	1.469.010	-10,1
2014	44.912	-10,4	1.422.890	-3,1
2015	43.020	-4,2	1.360.361	-4,4
2016	42.563	-1,1	1.306.396	-4,0
2017 *	40.042	-5,9	1.273.446	-2,5
2018 *	40.893	2,1	1.215.968	-4,5

* En Galicia a serie non é homoxénea con anos anteriores.

Fonte: Banco de España.

En canto ao crédito ao sector privado residente, o seu saldo subiu un 1,6% en 2018 en Galicia fronte a unha caída do 4,1% no mercado español. Esta evolución do mercado galego viuse igualmente condicionada polo impacto contable apuntado na provincia da Coruña, onde experimentou un atípico incremento do 2,5%; este contrasta coa caída de Ourense (-4,7%) e coa estabilización de Lugo (0,7%), aínda que Pontevedra crece un 2,2% vinculado ao financiamento empresarial (gráfico 7). Axustado ese impacto, o

Gráfico 7
Saldos do crédito do sector privado
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 8
Estructura do crédito do sector privado en Galicia
Ano 2018



Gráfico 9
Evolución do importe das novas operacións de crédito en España (en millóns de euros)



crédito ao sector privado en Galicia tamén se reduciu en 2018.

Analizando a repartición provincial do saldo do financiamento concedido ao sector privado galego (gráfico 8), ratifícase a crecente relevancia empresarial e de poboación da Coruña e Pontevedra; estas concentran o 83,1% do crédito galego en 2018, 0,6 puntos porcentuais superior ao peso dun ano antes, a moita distancia de Lugo (8,9%) e Ourense (8%). A estrutura é similar ao peso das provincias en termos de PIB ou de emprego e apenas variou mesmo desde os anos previos á crise.

Con relación ao importe das formalizacións de crédito (gráfico 9), o mercado español acelerou en 2018 os seus ritmos de crecemento respecto ao ano precedente tanto nos créditos concedidos a empresas (7,9%) como a particulares (12,8%), cun avance do 17,8% no crédito ao consumo e do 12,8% en hipotecas. Nos primeiros meses de 2019 mantense esta tendencia de incremento do importe formalizado de crédito e en especial o vinculado ao consumo de particulares.

O Banco de España non publica os novos volumes de financiamento distribuídos por comunidades autónomas. Como aproximación, un indicador que permite obter información territorializada do dinamismo do mercado das formalizacións a particulares é a análise das hipotecas sobre vivendas inscritas nos rexistros da propiedade. Neste sentido, segundo os datos publicados polo INE, o número de novas hipotecas formalizadas en Galicia incrementouse un 2,7% en 2018, encadeando catro anos consecutivos de crecemento tras un prolongado período de caída desde 2008 a 2014.

O grao de endebedamento financeiro en Galicia continúa sendo en 2018 substancialmente inferior ao do conxunto de España. Mentres o volume de crédito no sistema financeiro galego representa un 65% do PIB rexional, en España esta ratio elévase ata o 101%. En ambos os casos produciuse unha relevante redución da ratio (-58 e -71 puntos porcentuais respectivamente) desde os máximos alcanzados en 2010. Esta responde sobre todo ao axuste levado a cabo no crédito vinculado á vivenda (promotor, construción, hipotecas de particulares, etc.), responsable das tres cuartas partes do incremento do crédito en España durante a fase expansiva do anterior ciclo económico.

Similar resultado ofrece a análise en termos de relación entre créditos e depósitos polo miúdo, cunha ratio que en España se sitúa no 98%, 34 puntos porcentuais superior ao de Galicia (64%), o que tamén pon de manifesto o maior apalancamento existente no conxunto de España respecto a Galicia.

Cadro núm. 3
Evolución dos saldos de depósitos do sistema financeiro
(en millóns de euros)

	Galicia		España	
	Saldo	TVI (%)	Saldo	TVI (%)
2008	51.056	11,1	1.218.488	9,1
2009	53.872	5,5	1.219.886	0,1
2010	55.470	3,0	1.223.496	0,3
2011	53.224	-4,1	1.176.126	-3,9
2012	52.979	-0,5	1.167.785	-0,7
2013	55.027	3,9	1.196.711	2,5
2014	57.510	4,5	1.213.205	1,4
2015	57.899	0,7	1.211.817	-0,1
2016	59.758	3,2	1.194.227	-1,5
2017	61.076	2,2	1.207.827	1,1
2018 *	64.238	5,2	1.235.892	2,3

* En Galicia a serie non é homoxénea con anos anteriores.

Fonte: Banco de España.

Gráfico 10
Saldos de depósitos do sector privado en Galicia
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 11
Estrutura dos depósitos do sector privado en Galicia
Ano 2018



Gráfico 12
Marxe de xuros do sistema financiero español
Taxas de variación interanuais (en %)



Saldo de depósitos

O volume de depósitos polo miúdo no sistema financeiro español alcanzou en 2018 oseu segundo exercicio consecutivo decrecemento (2,3%), apoiado tanto no avance do aforro das administracións públicas (16,3%) como do sector privado residente (1,6%). Se sumamos o aforro canalizado a través dos fondos de investimento (o patrimonio xestionado reduciuse un 2,1% en 2018), a captación total polo miúdo aumentou un 1,5% en 2018.

En Galicia o comportamento dos depósitos polo miúdo en 2018 encadeou o seu sexto ano consecutivo de crecemento de saldo (5,2%), con subidas tanto nas administracións públicas (22,1%) como no sector privado residente (4,3%), aínda que a reclasificación contable da Coruña de xuño de 2018 (incremento de saldo do 6,7% en tan só un trimestre) impulsou artificialmente parte desa mellora. No cadro 3 pódese visualizar a evolución dos saldos dos depósitos en Galicia, que en 2018 alcanzaron un novo récord histórico con 64.238 millóns de euros.

En 2018 as catro provincias galegas rexistraron taxas de crecemento positivas nos seus saldos de depósitos do sector privado (gráfico 10), sendo A Coruña a que presentou un mellor comportamento relativo (5,4%), condicionado en parte pola reclasificación contable apuntada con anterioridade.

A estrutura dos depósitos do sector privado residente por provincias en Galicia (gráfico 11) é similar á do crédito (maior volume de aforro na Coruña e Pontevedra), aínda que cun maior peso relativo de Lugo e Ourense (entre as dúas acaparan o 28% dos depósitos galegos, fronte ao 16,9% dos créditos).

Resultados das entidades

Como se comentou, o mantemento da política monetaria expansiva polo BCE, unida a unha estrutura do crédito a clientes en España moi apalancada en hipotecas a tipo variable (a pesar do crecemento da formalización a tipo fixo), seguiron dificultando a xeración de ingresos financeiros, que en 2018 se reduciron un 1,2%. Os custos financeiros, aínda que esgotaron xa boa parte do seu percorrido á baixa en termos absolutos, caeron un 4,4% en 2018 ata situarse en valores mínimos históricos.

A conxunción dos dous factores permitiu que a marxe financeira do sector español

mellorase moi levemente en 2018 (0,2%), rompendo con tres anos de evolución negativa, aínda que acumulando aínda unha caída do 46% desde 2009 (gráfico 12).

As principais ferramentas das que dispoñen as entidades para atenuar esta presión sobre a marxe financeira son unha maior xeración de ingresos recorrentes por prestación de servizos a clientes, que no conxunto do sector creceron un 3,5% en 2018, e a contención dos gastos de explotación, que se contraeron un 2,5%. O mellor comportamento dos activos deteriorados (NPL) está a permitir un alivio nas contas pola vía de menores dotacións de provisións, que se reduciron nun 66% en 2018.

O resultado final é un beneficio neto das entidades de depósitos españolas de 12.377 millóns de euros en 2018, que contrastan coas perdas de 3.916 millóns de euros do exercicio precedente (condicionadas polo saneamento do Banco Popular).

Polo que respecta ás entidades galegas, tanto ABANCA como a Caixa Rural Galega mantiveron en 2018 a dinámica positiva de exercicios anteriores. ABANCA incrementou a súa marxe de xuros un 11,5% e o beneficio neto un 17,3% ata os 430 millóns de euros. A Caixa Rural Galega, cunha dimensión considerablemente inferior (1.077 millóns de euros de activos fronte aos 50.982 millóns de euros de ABANCA), tivo un beneficio neto de 5 millóns de euros (+50,6%) cunha mellora na súa marxe de xuros do 9,6%. Pola súa banda, o Banco Caixa Geral, adquirido por ABANCA en 2018, cun balance de 4.874 millóns de euros presentou unha contracción do 19% da marxe de xuros e o seu beneficio neto foi de 27 millóns de euros (+0,5%) en 2018.

Retos estratéxicos de futuro

Tras o intenso proceso de saneamento, recapitalización e reestruturación realizado polo sector financeiro español impulsado polo impacto da crise económica e financeira global acontecida desde mediados da década pasada, a situación financeira das entidades bancarias españolas mellorou substancialmente, na calidade dos seus activos, así como nos seus indicadores de rendibilidade e solvencia.

Con todo, as entidades financeiras españolas afrontan para os próximos exercicios un complexo e intenso marco competitivo que expón múltiples retos, entre os que cabe destacar pola súa relevancia: 1) desenvolver un modelo de negocio que garanta unha rendibilidade sostible no tempo e que resista o impacto de escenarios adversos; 2) xestionar proactivamente os activos improdutivos (NPL e adxudicados); 3) dar resposta á crecente presión reguladora e supervisora; 4) afrontar o desafío que supón o desenvolvemento das novas tecnoloxías, e 5) mellorar a reputación do sector.

O previsible mantemento dos tipos de xuro en niveis reducidos na Eurozona durante máis tempo do inicialmente previsto condicionará a rendibilidade recorrente do negocio bancario nos próximos anos. Iso obrigará ás entidades a redeseñar as súas estratexias e a definir un modelo de negocio que garanta a súa viabilidade no medio e longo prazo. Potenciar os ingresos pola prestación de servizos, avanzar nos niveis de eficiencia a través dun estrito control de custos e implementación tecnolóxica, ampliar os mercados nos que operan ou actuar sobre a dimensión constitúen as principais pancas para contrarrestar este impacto.

Outro factor que frea a rendibilidade das entidades financeiras españolas é o aínda elevado peso dos activos improdutivos no seu balance, a pesar do relevante axuste realizado. A súa redución é un dos factores nos que as entidades supervisoras están a facer especial fincapé e resulta crucial para avanzar no proxecto da Unión Bancaria no seu terceiro alicerce; a creación dun fondo de garantía de depósitos a nivel europeo plenamente mutualizado e co suficiente respaldo financeiro.

A presión reguladora e supervisora é o terceiro dos retos aos que se enfrontan as entidades, co foco posto no endurecemento das esixencias de capital e liquidez, así como a crecente relevancia do rol do cliente. Desde principios de 2018 as entidades españolas pasaron de operar cun modelo contable que fixaba as provisións en función da perda incorrida, a un que o fai en función da perda esperada; e deberon aplicar as medidas de protección e información ao consumidor na comercialización de produtos de investimento recollidas en MIFID II e de liberalización de servizos de pago (PSD 2). Ademais, nos próximos anos incorporaranse novos requirimentos reguladores, como a ratio mínimo de apalancamento, a ratio de financiamento estable ou o requirimento mínimo de instrumentos de capital e pasivos (MREL II).

En cuarto lugar, o desenvolvemento das novas tecnoloxías está a definir un novo marco competitivo que eleva as esixencias de servizo ás entidades e abre un amplo horizonte de retos e oportunidades. Afrontar este proceso de dixitalización implica tamén asumir un aumento de custos nunha contorna de baixa rendibilidade.

Pero as novas tecnoloxías tamén supoñen novas oportunidades de negocio para as entidades financeiras. Por unha banda, os cambios tecnolóxicos permiten o acceso inmediato a unha ampla gama de servizos financeiros sen necesidade de presenza física, o que abre un amplo potencial de mellora na oferta de valor aos clientes, así como posibles vías de redución de custos, melloras de produtividade e accesibilidade. A aplicación da intelixencia artificial e a explotación de grandes bases de datos en tempo real, coñecida como *big data*, pode reportar, así mesmo, importantes ganancias de eficiencia.

Por último, e non por iso menos relevante, aparece a necesidade de mellorar a reputación dun sector que nos últimos anos sufriu situacións que impactaron negativamente na súa imaxe fronte á sociedade, aspecto que resulta fundamental á hora de xerar o adecuado marco de confianza en que deben desen-volverse as relacións entre as entidades e os seus clientes. Situacións como a realización de prácticas inadecuadas na comercialización de produtos ou aspectos alleos á actividade bancaria que acapararon a información sobre algunhas entidades menoscabaron a confianza no sistema no seu conxunto. Para paliar esta situación, as entidades españolas desenvolveron nos últimos anos importantes avances en materia de goberno corporativo e transparencia, incorporando a perspectiva da protección do cliente ao seu marco de apetito polo risco, que se configurou como un elemento fundamental no seu goberno e toma de decisións.

En definitiva, as entidades financeiras enfróntanse a un horizonte que presenta importantes desafíos, o que as obrigará a definir claramente as súas estratexias e a dotarse de organizacións flexibles e con gran capacidade de adaptación a unha contorna que evoluciona de maneira continua.

Os intermediarios financeiros non bancarios

A diferenza do ocorrido en 2017, os activos financeiros tiveron un comportamento moi desfavorable en 2018 froito do importante axuste que sufriron os mercados financeiros e todas as clases de investimentos, desde a renda variable ata as materias primas ou o investimento alternativo. O crecemento económico mundial desacelerouse lixeiramente, pero seguiu mostrando certa robustez, aínda que non foi suficiente para contrarrestar as tensións comerciais entre Estados Unidos e China, as negociacións de saída do Reino Unido (Brexit) ou as dúbidas sobre o crecemento da economía chinesa. Os mercados financeiros de renda variable foron os que presentaron un maior axuste con perdas que, en xeral, superaron o 11%, coa excepción dos Estados Unidos, onde o Nasdaq caeu menos do 5%. No caso español, o IBEX foi de novo un dos peores índices, e os mercados emerxentes tamén rexistraron perdas, aínda que máis mode-radas. Esta situación acompañouse da dificultade de atopar activos refuxio, xa que a renda fixa experi-mentou recortes do 1,5% no caso dos bonos soberanos e do 1,2% nos bonos corporativos europeos. Activos alternativos como os *hedge funds* corrixíronse nun 2,5% e outros activos reais, como o petróleo e os metais preciosos, tampouco serviron de refuxio. En todo caso, hai que sinalar que no primeiro tri-mestre de 2019 houbo unha mellora moi significativa que levou a recuperar na maior parte dos casos as perdas de 2018, sendo especialmente notorias as subidas no índice de Shangai (+30% e no Nasdaq (+19,64%).

O sector asegurador creceu lixeiramente (1,34%) en 2018 e situou o volume de primas captado en 64.376 millóns de euros. Nesta ocasión foron os seguros non-vida os impulsores, xa que subiron preto do 4%, fronte a unha redución do 1,68% no caso dos seguros de vida. Ao mesmo tempo, o importante revés sufrido nos mercados financeiros, principalmente a finais de ano, impactou de xeito importante na rendibilidade e no patrimonio dos fondos de investimento. A rendibilidade media foi moi negativa (-4,81%) e afectou a todos os produtos, tanto de renda fixa como variable. Pero foron os fondos máis arriscados os que sufriron un maior axuste, observándose caídas medias entre o 11% e o 15%, en liña co acontecido nos mercados financeiros. Os plans de pensións, ao seren produtos equivalentes en termos de investimento tamén experimentaron caídas nos seus rendementos, cunha redución patrimonial do 4,08% no ano 2018. Tendo en conta períodos de investimento máis amplos, os que investiron en renda variable tiveron un mellor comportamento, malia que non moi superior, ao doutros máis conservadores.

A actividade de financiamento mediante capital ou débeda tivo un importante avance. Neste sentido, o capital risco mostrouse moi dinámico e o investimento seguiu batendo récords ao aproximarse aos 6.000 millóns de euros nun total de 670 operacións, segundo os datos facilitados por ASCRI (Asociación Española de Capital, Crecimiento e Inversión). Tamén o *renting* de vehículos logrou un ano histórico ao incrementarse en máis do 14%, impulsado polas matriculacións de autónomos e particulares. As matri-

culacións mediante este instrumento ascenderon a 267.732 unidades e xa representan o 17,16% do total nacional, sendo esta unha opción cada vez máis demanda por empresas e familias. Así mesmo tiveron unha evolución positiva o *factoring* e o *confirming*, con taxas de crecemento superiores ao 13%, recuperando o pulo perdido no período posterior á crise. Galicia mantívose coma o sexto mercado máis importante.

De cara a 2019 espérase un mellor comportamento das institucións que invisten en activos financeiros fundamentada na revalorización dos investimentos e na entrada de novos fondos. O sector asegurador confía en repetir o crecemento do ramo de non-vida, mentres que nos seguros de vida as expectativas non son boas nunha contorna de baixas taxas de xuro. O resto de institucións tamén presentan boas expectativas, se ben son algo máis optimistas no *leasing* que no *factoring* ou no *renting*.

Cadro núm. 4
Evolución do sector asegurador español
(en millóns de euros)

	Total primas	TVI (%)
2004	45.217	8,3
2005	48.782	7,9
2006	52.607	7,8
2007	54.920	4,4
2008	59.203	7,8
2009	59.783	1,0
2010	58.188	-2,7
2011	60.590	4,1
2012	57.384	-5,3
2013	55.773	-2,8
2014	55.699	-0,1
2015	56.864	2,1
2016	63.832	12,3
2017	63.408	-0,7
2018*	64.376	1,5

* Datos estimados.

Fonte: ICEA.

Cadro núm. 5
Evolución dos ramos do seguro en España (en millóns de euros)

	2017	2018*	TVI (%)
Vida	29.406	28.994	-1,40
Non-vida	34.002	35.382	4,06
Automóbiles	10.923	11.134	1,93
Multirriscos	6.964	7.245	4,04
Saúde	8.068	8.524	5,65
Resto de non-vida	8.070	8.479	5,07
Total ramos	**63.408**	**64.376**	**1,53**

* Datos estimados.

Fonte: ICEA.

Cadro núm. 6
Volume de negocio dos ramos do seguro por comunidades autónomas
Ano 2018

	Primas	TVI (%)	% sobre o total nacional
Andalucía	7.275.546.419	-1,3	13,7
Aragón	1.891.516.561	5,1	3,6
Asturias	907.268.591	0,6	1,7
Baleares	1.403.991.167	-7,8	2,7
Canarias	1.583.271.366	-0,3	3,0
Cantabria	534.231.969	1,1	1,0
Castela-A Mancha	1.796.485.337	4,1	3,4
Castela e León	2.804.831.383	2,0	5,3
Cataluña	10.808.830.779	-4,2	20,4
C. Valenciana	4.497.306.833	1,0	8,5
Estremadura	878.048.844	1,4	1,7
Galicia	**2.647.171.768**	**1,9**	**5,0**
Madrid	10.865.440.101	4,7	20,5
Murcia	1.158.440.758	-1,9	2,2
Navarra	884.300.436	-8,0	1,7
País Vasco	2.498.966.509	-0,4	4,7
A Rioxa	382.207.694	4,3	0,7
Ceuta e Melilla	113.947.978	1,1	0,2

Información facilitada por 81 entidades e grupos aseguradores que representan o 82% do total de primas do sector.

Fonte: ICEA

O sector asegurador

A actividade aseguradora, tras o axuste sufrido en 2017, volveu crecer un 1,53% ata acadar unha cifra de negocio de 64.376 millóns de euros. Nesta ocasión, o bo comportamento da economía impulsou a contratación de seguros non-vida, máis vinculados ao crecemento económico, onde as primas subiron en máis dun 4%. Non obstante, os seguros de vida viron reducido o seu crecemento e contaxiáronse dunha dinámica de gasto que situou a taxa de aforro na máis baixa da historia; segundo os datos do Banco de España tan só acadou o 4,85% da renda dispoñible. As perspectivas para 2019 segundo ICEA seguen apostando por un comportamento similar ao de 2018, onde o ramo de non-vida seguirá crecendo, aínda que a unha taxa menor dado que depende moito do ciclo económico; mentres, en vida agárdase un maior dinamismo de producirse subidas nas taxas de xuro.

Os seguros de saúde foron os que experimentaron unha maior expansión, crecendo por enriba do 5,6%, seguidos do resto de seguros non-vida que superaron tamén o 5%, con avances moi importantes en incendios, caución e asistencia. O ramo de autos seguiu avanzando lixeiramente (1,93%), impulsado polo aumento do prezo, sobre todo nos seguros a todo risco onde houbo subas ata do 10%. A maior sinistralidade, o crecemento do parque de vehículos e a súa antigüidade explicarían esta evolución. En canto aos seguros de vida, os de aforro baixaron nun 3,68%, mentres os de vida-risco impulsaron o sector, cun crecemento por enriba do 12%. Hai que destacar que esta mellora non se asociou a contratos bancarios senón a operacións non vinculadas a hipotecas.

A análise rexional seguiu amosando comportamentos contrarios entre comunidades, de xeito que sete rexistraron unha caída no volume de primas, e o resto, crecementos moderados, destacando Aragón e Madrid. Galicia creceu lixeiramente por enriba da media española (1,9%) e incrementou así a súa cota de mercado ata o 5%.

Os plans de pensións

Os plans de pensións non viviron o seu mellor ano en 2018, basicamente porque as caídas xeneralizadas dos diferentes activos financeiros afectaron as valoracións do seu patrimonio de forma negativa. O valor dos fondos investidos a 31 de decembro de 2018 baixou preto dun 3,7%, ata os 107.033 millóns de euros, influído tanto por unha rendibilidade negativa, coma por as achegas netas negativas dos plans de emprego. De feito, a rendibilidade media pechou nun -4,07%, sendo polo tanto o factor principal que explicou o axuste patrimonial. As expectativas para 2019 son de crecemento sustentado nunha rendibilidade esperada superior ao 2% e de achegas netas positivas.

Gráfico 13
Evolución do patrimonio dos fondos de pensións en España
Datos do 31 de decembro de cada ano (en millóns de euros)



O sistema individual continúa sostendo a entrada de aforro e en 2018 foi o único que recibiu achegas netas, aínda que menores que as prestacións do sistema de emprego, acadando un saldo negativo en termos globais por valor de 202 millóns de euros. Como se observa no cadro 7, o sistema individual viu reducido só o seu patrimonio nun -2,87%, fronte ao -8,19% do asociado. En todo caso, é preciso subliñar que os plans de pensións tamén experimentaron entradas procedentes de traspasos desde plans de previsión asegurados, que segundo Inverco ascenderían a 300 millóns de euros, o que explicaría que en global houbese un saldo final positivo. Unha parte moi importante dos partícipes non fixeron ningunha achega (66,7%) e os partícipes con achegas superiores aos 3.000 euros apenas representaron o 5,3%. Outro motivo de mobilización son os supostos especiais de liquidez, onde a maior parte correspondeu a desemprego de longa duración (312 millóns de euros), e a menor cantidade para desafiuzamentos da vivenda habitual (0,1 millóns).

Cadro núm. 7
Evolución do patrimonio dos fondos de pensións por tipo de plan en España
(en millóns de euros)

	Individual	Emprego	Asociado
2017	74.378	35.796	903
2018	72.247	33.957	829
% variación	-2,87	-5,14	-8,19

Fonte: Inverco.

Cadro núm. 8
Clasificación española dos plans de pensións. Datos a 31 de decembro de 2018

	Nome	Cota de mercado (en %)	Patrimonio (millóns de euros)
1	Caixabank	0,240890575	25.783
2	BBVA	0,20288325	21.715
3	Santander	0,086787129	9.289
4	Bankia	0,072753943	7.787
5	Ibercaja	0,057963973	6.204
6	Mapfre	0,04253868	4.553
7	Allianz-Popular	0,039894611	4.270
8	Fonditel	0,033335825	3.568
9	Renta 4	0,032719187	3.502
10	Sabadell	0,029673369	3.176

Fonte: Inverco.

Nestes últimos cinco anos os produtos que atraeron máis inversores foron os fondos de pensións mixtos e os de renda variable, algo lóxico se temos en conta que canalizan aforro a longo prazo. Este feito explica o cambio substancial experimentado pola carteira de investimento, onde a renda fixa supón o 47,9% fronte ao 61% de 2014, e a renda variable, pese a baixar un pouco, representou o 32,4%.

O rendemento neto de comisións foi do -4,08% e salvo os garantidos, todas as categorías obtiveron perdas. A renda variable foi a que experimentou perdas maiores (-10,10%), por un -1,79% da renda fixa a curto prazo. O importante axuste dos mercados practicamente eliminou as ganancias dos últimos tres anos na maior parte dos plans de pensións. Ademais, a pesar de que a renda variable é considerada como o mellor activo a longo prazo, cando tomamos os últimos 20 anos observamos que ten o peor comportamento de todas as alternativas consideradas. A clasificación por xestoras permite observar como a xestión do aforro está en mans de nove entidades financeiras, e apenas mudou no ano 2018, salvo o caso de Renta 4 que superou o Banco de Sabadell.

As institucións de investimento colectivo (IIC)

Ao igual que sucedeu cos plans de pensións, o importante revés sufrido nos mercados financeiros, sobre todo a finais de ano, impactou de xeito importante na rendibilidade e no patrimonio dos fondos de investimento. A rendibilidade media foi moi negativa (-4,81%) e afectou a todos os produtos, tanto de renda fixa como variable. Pero foron os fondos máis arriscados os que sufriron un maior axuste, observándose caídas medias entre o 11% e o 15% en liña co acontecido nos mercados financeiros. Por este motivo, o patrimonio xestionado baixou nun 2% ata os 454.761 millóns de euros. Aínda así continuou sendo un activo de referencia, xa que rexistraron fluxos positivos e o número de partícipes incrementouse en preto dun 7%. Certo é que, se ben o saldo é positivo, houbo reembolsos nos últimos meses do ano. En todo caso, o primeiro trimestre de 2019 permitiu recuperar o terreo perdido, e as expectativas son boas cun incremento patrimonial superior ao 4%.

Gráfico 14
Evolución do patrimonio das institucións de investimento colectivo (en millóns de euros)
Datos do 31 de decembro de cada ano



Gráfico 15
Evolución do patrimonio das institucións de investimento colectivo en España por modalidades. Ano 2018
Taxa de variación anual (en %)



Segundo Inverco, as expectativas para 2019 seguen sendo positivas, e espérase un aumento do 3,7% respecto a 2018 como consecuencia da obtención dunha rendibilidade positiva, entre o 2% e o 2,5%, e a entrada de novos fondos.

En 2018 os fondos globais, os fondos de renda variable e os mixtos foron os que recibiron un maior volume de subscricións. A evolución do patrimonio por categorías mostra unha caída xeneralizada excepto algúns casos como a renda variable nacional (2,3%), a renda variable emerxente (7,6%) os globais (18,5%) e os mixtos. Os fondos globais continuaron experimentando o maior crecemento, nun intento por diversificar as carteiras en momentos de elevada volatilidade. As maiores caídas, motivadas tanto por rendibilidades negativas como por traspasos ou reembolsos, recaeron sobre os fondos de garantía parcial (-40,9%), xestión pasiva (-17,8%) e renda fixa mixta (-18,3%). A diferenza de anos anteriores, onde o retorno absoluto foi utilizado como refuxio para o investimento, en 2018 houbo unha fuxida destes produtos (-15,4%) posiblemente motivada pola incapacidade de proporcionar os obxectivos propostos de rendibilidade. A distribución final por grandes categorías mostra que os fondos mixtos (24,4%), de renda variable (13,9%) e retorno absoluto e globais (21,9%) concentran a maior parte do patrimonio, cun claro incremento das posicións menos conservadoras respecto á estrutura de hai dez anos.

Cadro núm. 9
Rendibilidade dos fondos de investimento (en %)
Datos a 31 de decembro de 2018

Tipo de fondo	1 ano
Monetarios	-0,53
FIM renda fixa curto prazo	-1,30
FIM renda fixa longo prazo	-1,41
FIM renda fixa mixta euro	-4,26
FIM renda variable mixta euro	-8,14
FIM renda variable nacional euro	-11,10
FIM renda fixa internacional	-1,92
FIM renda fixa mixta internacional	-4,31
FIM renda variable mixta internacional	-6,12
FIM renda variable euro resto	-14,80
FIM renda variable internacional Europa	-13,30
FIM renda variable internacional Estados Unidos	-5,18
FIM renda variable internacional Xapón	-13,20
FIM renda variable internacional emerxentes	-11,90
FIM renda variable internacional resto	-12,90
FIM globais	-5,58
Garantidos rendemento fixo	0,06
Garantidos rendemento variable	-1,21
De garantía parcial	-2,40
De xestión pasiva	-2,91
Retorno absoluto	-4,79
Fondos de inversión libre (FIL)	-7,67
Fondos de FIL	-2,65
Total fondos	**-4,81**

Fonte: Inverco.

A mala evolución dos mercados financeiros impediu obter rendementos positivos en todas as categorías, que en termo medio proporcionaron un -4,81%. Nesta ocasión, ningún investidor foi quen de obter resultados positivos, agás os máis conservadores que apostaron por fondos garantidos de rendemento fixo (0,06%). Obviamente, os fondos peor parados foron os de renda variable, en particular os de renda variable da Eurozona (-14,8%), os que apostaron por Xapón (-13,2%) e os de renda variable internacional (-12,9%). A renda fixa tamén sufriu axustes, pero de menor contía, como foi o caso dos fondos de renda fixa a longo prazo (-1,41%) e os de renda fixa a curto prazo (-1,3%) ou os monetarios (-0,53%). Os de retorno absoluto demostraron a súa incapacidade para obter rendementos positivos en calquera contexto de mercado (-4,79%) e a renda variable americana, a pesar de proporcionar rendementos negativos (-5,18%) foi de novo a que mellor se comportou dentro das categorías de maior risco.

Cadro núm. 10
Clasificación de entidades xestoras de fondos de investimento
Datos a 31 de decembro de 2018

Núm.	Entidade xestora	Patrimonio (millóns de euros)
1	Caixabank	46.614
2	BBVA	42.098
3	Santander	41.327
4	Blackrock	29.978
5	Credit Agricole	20.290
6	Banco Sabadell	17.835
7	Bankia Fondos	17.096
8	Deustche Bank	14.088
9	Kutxabank	14.086
10	Jp Morgan	13.815

Fonte: Inverco.

Tomando un horizonte de investimento de 25 anos obsérvanse os efectos da crise financeira, posto que é difícil atopar investimentos con rendementos superiores ao 5%, que se corresponde coa renda variable nacional. Para o resto de categorías non se observa un mellor comportamento da renda variable respecto aos fondos mixtos ou incluso dos de renda fixa.

En relación ás entidades xestoras de fondos de investimento mobiliario, Caixabank segue dominando o mercado con preto de 47.000 millóns de euros en xestión, seguida do BBVA e Santander. Tamén hai que subliñar o grande avance de entidades estranxeiras como Blackrock, Credit Agricole ou Deustche Bank; esta última subiu dous postos ata a oitava posición.

O capital risco

A actividade de capital risco mostrouse moi dinámica e o investimento continuou batendo récords ao superaren os 5.800 millóns de euros nun total de 670 operacións, segundo os datos aportados por ASCRI. Nesta ocasión foron as operacións de tamaño medio, entre 10 e 100 millóns de euros, as que experimentaron un crecemento máis destacable, cun volume de 1.467 millóns en 56 investimentos. Novamente os fondos internacionais seguen mostrando un grande interese por investir na economía española e representaron preto do 80% do investimento realizado. Os sectores enerxético, hostalería e ocio e comunicacións destacaron polo volume de fondos (aproximadamente o 55%), mentres que a informática (46%) acaparou o número de operacións. Atendendo á fase de desenvolvemento do proxecto, destacou o investimento en compras financiadas con débeda, con máis de 3.500 millóns de euros nun total de 50 operacións. Tamén tivo unha evolución favorable o *venture capital*, onde os proxectos en fases máis temperás recibiron fondos por valor de 417 millóns de euros nun total de 510 operacións. A enerxía e os recursos naturais (20,4%), a hostalería e ocio (17,9%) e as comunicacións (17,8%) foron as que captaron máis recursos, malia que case a metade das operacións estiveron relacionadas coa informática (46%).

Cadro núm. 11
As cifras de capital risco en España

	2014	2015	2016	2017	2018*
Investimento (millóns de euros)	3.103	2.710	3.619	4.930	5.844
Número de operacións	444	578	603	679	670
Contía media (millóns de euros) **	6,99	4,69	6,00	7,26	8,72

* Datos estimados

** Un investimento pode realizarse a través dunha ou de máis operacións, xa que a operación é o número de intervencións que un xestor fai nunha empresa. De aí que a contía media dos investimentos difira da resultante da división dos datos do cadro.

Fonte: ASCRI e a web capitalriesgo.

Cadro núm. 12
Distribución territorial do investimento en capital risco

	Millóns de euros					
	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Andalucía	20	260	47	53	59	160
Aragón	1	6	39	1	155	11
Asturias	7	14	3	42	36	14
Baleares	6	5	10	740	456	14
Canarias	**0**	**0**	**0**	**0**	**4**	**27**
Cantabria	0	0	0	0	0	0
Castela-A Mancha	8	5	5	233	55	18
Castela e León	19	15	11	42	46	137
Cataluña	417	744	796	743	1.041	1.756
Madrid	1.161	872	996	1.096	2.457	2.693
C. Valenciana	52	330	141	242	233	232
Estremadura	9	230	21	31	4	21
Galicia	48	15	53	267	43	66
A Rioja	0	0	76	146	17	181
Murcia	58	2	1	43	308	36
Navarra	15	13	68	44	32	38
País Vasco	687	234	111	87	14	609
Ceuta e Melilla	0	0	0	0	0	0
Total	**2.509**	**2.745**	**2.377**	**3.809**	**4.958**	**6.013**

Fonte: ASCRI e www.webcapitalriesgo.com.

En relación á comunidade galega, o informe elaborado por DBO sobre *Retos y perspectivas de inversión en Galicia en 2019* amosa que un 92% das empresas consultadas de capital privado planean investir

en Galicia sendo os sectores alimentario, saúde e deporte e automoción os que suscitan máis interese. Por outra banda, a Administración galega procedeu a reorganizar o sistema público de capital risco, de xeito que dos sete fondos existentes se pasou a catro, así como a fusión de XesGalicia-Innova e Galicia Iniciativas Emprendedoras (GIE). Todo isto sucede nun contexto de aumento de número de proxectos en busca de financiamento, tal e como se constata na sexta convocatoria levada a cabo pola aceleradora Viagalicia, recoñecida como a mellor de España no *ranking* elaborado por Funcas. Tamén cómpre destacar a compra do 9% do capital de Nanogap por parte de Repsol Corporate Venturing, por valor de 1,8 millóns de euros.

A análise do investimento en capital risco en 2018 mostra unha importante concentración na comunidade de Madrid, con preto do 45% dos recursos investidos; seguido, como é habitual, por Cataluña con outro 29,21%. O País Vasco, con máis de 600 millóns, volveu ser unha das rexións máis dinámicas. Mentres tanto, Galicia cun investimento de 66 millóns incrementou os recursos respecto a 2017 en máis dun 50%.

As sociedades de garantía recíproca

Durante 2018 as necesidades de financiamento das pemes subiu lixeiramente, de acordo coa información recollida no VII informe sobre *La financiación de la pyme en España* elaborado por Cesgar. En concreto, un 36,5% necesitaron financiarse, sendo o circulante (68,1%) o principal motivo; seguido do investimento en equipamento produtivo (36,7%), o investimento en inmobles (8%) e, en menor medida, a financiamento da innovación (2,7%). Polo que se observa a partir dos datos do informe, mellorou o acceso ao financiamento, xa que o 65,4% declararon non atopar dificultades, fronte ao 44,2% do ano anterior. O principal obstáculo sinalado é a falta de garantías, se ben tamén se está a suavizar considerablemente, xa que no ano 2017 este factor era destacado por un 29,1% das empresas e en 2018 por tan só un 17,1%.

Cadro núm. 13
As sociedades de garantía recíproca en España (en millóns de euros)

Avais	Avais formalizados	Avais formalizados acumulado	Risco vivo	TVI (%)
2004	1.494	10.488	3.307	16,90
2005	1.808	12.297	3.945	19,29
2006	2.258	14.556	4.826	22,33
2007	2.441	16.993	5.638	16,82
2008	2.238	19.230	5.938	5,30
2009	2.515	21.753	6.524	9,86
2010	1.765	23.518	6.533	0,15
2011	1.283	24.801	6.200	-0,05
2012	966	25.768	5.527	-0,10
2013	837	26.605	4.704	-14,90
2014	901	27.506	4.350	-14,90
2015	974	28.481	4.073	-6,36
2016	1.097	29.574	4.005	-1,60
2017	1.183	30.686	4.031	0,65
2018	1.282	31.968	4.149	2,93

Fonte: Cesgar.

Cadro núm. 14
A actividade das sociedades de garantía recíproca galegas (en euros)

	Avais formalizados	Risco vivo
2013		
Afigal	28.560.501	216.954.989
Sogarpo	13.185.148	100.961.290
Total Galicia	41.745.649	317.916.279
2014		
Afigal	35.170.049	190.567.537
Sogarpo	15.681.221	84.388.743
Total Galicia	50.851.270	274.956.280
2015		
Afigal	40.051.540	174.319.206
Sogarpo	22.331.392	80.323.507
Total Galicia	62.382.932	254.642.713
2016		
Afigal	43.762.268	174.753.449
Sogarpo	25.418.518	84.364.765
Total Galicia	69.180.786	259.118.214
2017		
Afigal	60.579.375	189.636.529
Sogarpo	29.517.162	91.887.980
Total Galicia	90.096.537	281.524.509
2018		
Afigal	57.256.089	198.288.659
Sogarpo	34.449.049	101.442.156
Total Galicia	91.705.138	299.730.815

Fonte: Cesgar.

As sociedades de garantía recíproca practicamente repetiron o crecemento de 2018 e formalizaron novos avais por valor de 1.282 millón de euros; un 8% de incremento respecto ao ano anterior, segundo a información proporcionada por Cesgar. O risco vivo creceu nun 2,93% por vez primeira desde 2011, o que implica que as operacións que se formalizan xa superan as que se cancelan. A finais de 2018 máis de 130.000 empresas beneficiáronse de financiamento a longo prazo (87%), contribuíndo a dar emprego a máis de 650.000 traballadores.

Os avais concedidos polas sociedades de garantía recíproca galegas creceron con moita forza (+30%), fronte ao 8% rexistrado no territorio español. O volume total concedido superou os 90 millóns de euros e o risco vivo tamén subiu, pero con menor intensidade. En canto ás características das operacións formalizadas, máis do 50% destinouse ao financiamento da inversión produtiva en operacións de longo prazo, sendo a garantía real a máis característica no caso de Afigal e a persoal no de Sogarpo.

Cadro núm. 15
As cifras do *leasing* en España

	Investimento novo (millóns de euros)	TVI (%)	Novos contratos	Investimento vivo (millóns de euros)
2006	18.672	14,60	289.000	39.015
2007	21.544	15,38	286.263	43.548
2008	14.208	-34,05	177.163	42.269
2009	7.054	-50,35	110.406	36.945
2010	7.545	6,96	112.877	31.349
2011	5.233	-30,64	93.369	26.541
2012	3.962	-24,29	69.622	19.309
2013	3.921	-1,03	71.809	17.734
2014	5.196	32,52	84.817	18.091
2015	6.510	25,29	106.199	18.275
2016	6.285	-3,46	100.336	19.239
2017	7.120	13,29	102.437	19.215
2018	7.865	10,46	120.934	20.459

Fonte: Asociación Española de Leasing.

Gráfico 16
Destino das operacións de *leasing*
Datos do 31 de decembro de 2018



Cadro núm. 16
As cifras do *leasing* por comunidades autónomas
Investimento novo por CC. AA. no IV trimestre de 2018

	Investimento novo (miles de euros)	% sobre o total	% variación 2017/2016
Andalucia	794.571	10,10	6,79
Aragón	315.938	4,02	15,34
Asturias	84.441	1,07	-40,66
Baleares	149.121	1,90	-7,34
Canarias	676.550	8,60	64,77
Cantabria	64.431	0,82	7,01
Castela-A Mancha	407.685	5,18	58,22
Castela e León	378.411	4,81	-3,37
Cataluña	1.644.264	20,91	18,98
Estremadura	144.552	1,84	41,73
Galicia	284.194	3,61	-6,14
A Coruña	115.349	1,47	-31,19
Lugo	67.691	0,86	66,19
Ourense	24.342	0,31	-0,57
Pontevedra	76.812	0,98	9,85
Madrid	1.672.404	21,26	1,05
Murcia	170.044	2,16	-12,23
Navarra	95.217	1,21	15,63
A Rioxa	53.193	0,68	-24,67
C. Valenciana	594.320	7,56	-3,31
País Vasco	327.755	4,17	19,04
Ceuta e Melilla	8.288	0,11	630,85
Total	**7.865.380**	**100,00**	**10,46**

Fonte: Asociación Española de Leasing.

As entidades de *leasing*

A información proporcionada pola Asociación española de *leasing* mostra que a actividade seguiu crecendo a unha taxa superior ao 10%, mobilizando fondos por valor de 7.865 millóns de euros. Deste xeito, o sector mantivo a senda de crecemento iniciada en 2014, habitualmente moi vinculada ao ciclo económico. Este feito corrobora a recuperación do investimento produtivo xa que boa parte dos recursos financiaron operacións de bens de equipamento, elementos de transporte e investimento inmobiliario. O *leasing* mobiliario concentrou o 90% do investimento e o resto financiou operacións con inmobles. As expectativas para 2019 son boas, na medida que nos primeiros meses do ano o investimento a través de *leasing* se incrementou nun 25% e o número de contratos subiu nun 14%.

Como é habitual nestes últimos anos, os elementos de transporte seguen acaparando a maior parte da contía investida; en particular o transporte terrestre recibiu o 25% do investimento novo, o transporte marítimo e aéreo o 9% e os turismos o 10%. Tamén se concentrou unha parte importante na maquinaria de produción industrial (20%) e de obras públicas (10%).

A nivel territorial obsérvase unha importante disparidade con rexións crecendo a taxas moi elevadas, como foi o caso de Canarias ou Castela a Mancha, e outras onde houbo unha importante contracción, entre as que se incluíu Galicia cunha perda superior ao 6%. O feito de que o ano anterior crecese a unha taxa superior ao 45% condicionou a evolución en termos relativos, se ben o investimento foi relevante en termos históricos. En todo caso, o menor crecemento relativo situou a cota de mercado no 3,61%, fronte ao 4,65% do ano anterior.

As entidades de *renting*

O parque de automóbiles financiado mediante *renting* seguiu mellorando a unha taxa equivalente á de 2017, segundo a Asociación española de *renting* de vehículos (AER). En concreto, o parque de vehículos financiado situouse en 629.260 unidades, por riba do 14%. En total financiáronse 267.732 unidades novas, é dicir, o 17,16% do total das matriculacións realizadas no territorio español. O saldo neto foi positivo, xa que o parque móbil aumentou en 77.530 vehículos, sendo as pemes e as persoas físicas os principais clientes (62,42%). Aínda así, as grandes empresas seguen concentrando o 50,97% do parque móbil e o total de empresas xurídicas o 91,22%. As expectativas para 2019 son máis moderadas e espérase un crecemento inferior, toda vez que no que vai de ano ata abril o negocio subiu preto do 9% segundo a AER e as matriculacións estanse freando.

Cadro núm. 17
Evolución do sector de *renting* en España

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Frota	433.294	401.190	408.095	447.623	486.486	551.730	629.260
TVI (%)	-7,85	-7,40	1,72	9,60	8,60	13,41	14,05
Facturación (millóns de euros)	3.817	3.556	3.625	3.979	4.342	4.905	5.547
TVI (%)	-7,20	-6,80	1,95	9,70	9,10	12,51	13,09
Compras de vehículos	106.016	119.836	143.027	172.321	205.573	248.602	267.732
TVI (%)	-14,04	13,04	19,35	20,48	19,30	20,93	7,70

Fonte: Asociación Española de Renting.

Cadro núm. 18
Distribución xeográfica da frota de *renting* en España. Ano 2018

	%
Andalucía	6,87
Aragón	1,92
Asturias	0,8
Baleares	1,58
Canarias	1,37
Cantabria	0,57
Castela-A Mancha	1,58
Castela-Leon	1,77
Cataluña	25,76
Ceuta	0,01
Estremadura	0,51
Galicia	**2,02**
A Rioxa	0,29
Madrid	40,35
Melilla	0,24
Murcia	1,81
Navarra	1,14
País Vasco	4,53
C. Valenciana	6,88

Fonte: Asociación Española de Renting.

A análise dos vehículos financiados por tipo de propulsión amosa unha certa transición desde o diésel ata a gasolina, posto que o primeiro baixou un 12%, por unha suba de 7,77% en gasolina. As outras opcións máis respectuosas co medio ambiente, como son os eléctricos e híbridos, incrementaron o seu peso, sobre todo os híbridos, 2,71%, por 0,69% dos eléctricos e 0,83% dos propulsados por gas. En todo caso, a evolución está sendo lenta porque as alternativas aos motores de combustión aínda non presentan vantaxes moi claras en termos de custo e consumo, en particular para clientes que realizan moitos quilómetros como son os da industria química e farmacéutica, comerciais, etc. De feito, os vehículos diésel representaron o 44,25% dos totais matriculados en España, por un 64,32% dos financiados mediante *renting*. En 2018 Volkswagen liderou o crecemento (34,47%) e situouse como a marca máis demandada; seguida de Renault e Peugeot. A nivel rexional Madrid e Cataluña concentran a maior parte da actividade, pero en 2018 cederon novamente cota de mercado, situándose no 66,11%. Nesta ocasión, Galicia captou parte dese negocio e creceu ata representar o 2,02% do mercado español.

O *factoring* e o pago a provedores

O *factoring* e o pago a proveedores tamén se contaxiou da boa situación económica e experimentou a maior taxa rexistrada desde a crise financeira (13,90%), logrando situar o volume de cesións, tanto por *factoring* coma por *confirming*, nos 166.391 millóns de euros, segundo a Asociación Española de Factoring (AEF). O *factoring* continúa sendo o produto máis importante, malia que o *confirming* recorta terreo e xa representa preto do 48,7% do volume de negocio. Dentro do *factoring* nacional destacou o grande aumento do *factoring* sen recurso, que ten como característica que cobre fronte ao risco de insolvencia, de xeito que xa representa o 71% do total das cesións. O *factoring* internacional experimentou un importante avance (21,36%), utilizado principalmente para financiar as exportacións. A actividade está moi consolidada e no ano 2018 xestionáronse ordes de pago por valor de 148.739 millóns de euros. A nivel sectorial obsérvase que a industria manufactureira (28,77%), o comercio (19,69%), outros servizos (18,68%) e o transporte (13,01%) concentran a maior parte do negocio. De cara ao ano 2019 agárdase unha evolución positiva, se ben a taxas inferiores, cun crecemento previsto de entre o 5% e 10%, segundo a AEF.

Cadro núm. 19
Evolución do volume de negocio de *factoring* en España (en millóns de euros)

	2014	2015	2016	2017	2018
Internacional	15.809	17.055	15.801	16.009	19.429
Nacional	43.340	45.491	50.930	59.286	65.991
Factoring a provedores	56.473	59.845	62.720	70.790	80.971
Volume de cesións	115.622	122.391	129.451	146.085	166.391
TVI (%)	-0,8	5,9	5,8	12,8	13,9

Fonte: Asociación Española de Factoring.

A distribución por comunidades mostra que Madrid e Cataluña concentran máis do 58% do negocio, seguidas de País Vasco (8,86%) e Comunidade Valenciana (6,73%). Galicia subiu a súa cota de mercado ata o 4,65% en 2018, crecendo por enriba da media española e consolidándose coma o sexto mercado máis relevante.

IX. Sector público

- Na liquidación do exercicio 2018 o sector público autonómico confirma a recuperación do equilibrio orzamentario, acadando Galicia un superávit de 104 millóns de euros, que representa 0,17% do seu PIB.
- Cómpre salientar o bo comportamento dos ingresos tributarios, que medraron no seu conxunto un 3,2%. Este incremento concéntrase principalmente nos impostos indirectos, destacando a boa evolución do imposto sobre o valor engadido e os impostos sobre sucesións e doazóns, que compensan a caída de ingresos polo imposto sobre a renda das persoas físicas.
- Aínda que os gastos de capital seguen a ser un elemento de axuste orzamentario, investindo no ano 2018 a metade que na década dos anos dous mil, Galicia fai un esforzo inversor importante, que representa o 10,3% do total investido polas comunidades autónomas fronte ao 5,9% dos seus gastos non financeiros.
- O sector público local galego segue a presentar as mesmas características diferenciais respecto dos seus homólogos do resto do Estado: raquitismo orzamentario (o gasto en euros por habitante sitúase no 78,7% da media nacional), derivado, en gran medida, da súa inhibición fiscal (os ingresos por tributos unicamente acadan o 71,2% da media do Estado).
- A recadación da AEAT en Galicia só representa o 3,45% do total do Estado, medrando no ano 2018 de novo por baixo da media nacional.
- As cifras de investimento da Administración central en Galicia en 2017 superan nun 67% a media nacional en termos de euros por habitante, recuperando en parte o descenso do ano 2016, e concéntranse principalmente nos investimentos asociados á chegada do AVE.
- O sistema público de pensións presenta un desequilibrio que vai máis aló da conxuntura actual do mercado de traballo, sendo o resultado dunha realidade demográfica, estrutural a medio e longo prazo. O desequilibrio imputable a Galicia é duns 2.841 millóns de euros, dun total de 22.239 millóns no conxunto do Estado.
- O gasto en sanidade reduciuse un 20% en euros constantes entre 2009 e 2012, recuperándose parcialmente nos últimos exercicios. Con todo, os gobernos autonómicos priorizan esta función, en particular Galicia, onde o gasto sanitario pasou de representar o 36,9% do seu gasto non financeiro en 2002 ao 45% en 2017.
- O gasto en educación tamén baixou de maneira significativa por mor da crise entre os anos 2009 e 2012 (un 23% en euros constantes), recuperándose en parte nos últimos exercicios.

Introdución

Ao igual que nos últimos informes, e dado que o sector público galego ten acadado un grao de madurez que fai que a súa tendencia se manteña, en liñas xerais, estable ao longo do tempo, recollemos de forma resumida as principais características do sector público autonómico, local e estatal en Galicia e os seus aspectos máis salientables, centrándonos en determinados ámbitos do mesmo, de interese pola súa importancia ou actualidade. Nesta ocasión analizaremos de forma pormenorizada a estrutura e evolución dos gastos relativos ao sistema de pensións, á sanidade e á educación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, na medida en que se configuran como os piares básicos do Estado de benestar, e teñen experimentado de forma especial as consecuencias que a crise económica tivo sobre as contas públicas, abrindo un debate perenne sobre a contía e o esforzo que o sector público debe facer nestes ámbitos.

O sector público autonómico galego

A liquidación do exercicio 2018 por parte da Administración autonómica, incluíndo tanto a Administración Xeral como os organismos autónomos, entidades e axencias coas que consolida, confirma a recuperación do equilibrio orzamentario, cumprindo Galicia sobradamente as limitacións establecidas con relación ás necesidades de financiamento, fixados para as comunidades autónomas no 0,4% do PIB rexional, ao acadar un superávit de 104 millóns de euros, o que supón o 0,17% do seu PIB. Dita cantidade, que segundo a Lei de Estabilidade Orzamentaria debería ser destinada a amortizar débeda, vai ser utilizada en investimentos sostibles a nivel financeiro ao longo do ano 2019.

Este resultado ten a súa orixe principalmente na boa evolución dos ingresos correntes, que creceron un 4,3%, conxugada cun incremento moderado deste tipo de gastos, que tan só medraron un 1,56%, o que ten dado lugar a que o aforro bruto (gráfico 1) pasase de acadar cifras negativas no período 2011 a 2014, a presentar importantes saldos positivos que aumentan ano a ano desde o exercicio 2015. No ano 2018 ascendeu a 775 millóns de euros, un 44% máis que no exercicio anterior, sendo o responsable principal da capacidade de financiamento coa que se pechou o exercicio.

Gráfico 1
Evolución dos saldos orzamentarios
(en millóns de euros)



Gráfico 2
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento
(en % do PIB)



A Administración galega caracterizouse nos últimos anos polo seu esforzo en materia de consolidación orzamentaria, superando con creces neste ámbito o resto de comunidades autónomas que, como se pode ver no gráfico 2, tamén reconduciron os importantes desequilibrios dos anos 2010 e 2011. O saneamento das súas contas permite a Galicia acceder ao fondo de facilidade financeira, que desde o 2015 está articulado exclusivamente para as autonomías que acadan os obxectivos de déficit e débeda pública e cumpren co período medio de pago a provedores. Este recurso ofrece unhas condicións de financiamento moi vantaxosas que xeran un aforro en xuros materializado con claridade na liquidación orzamentaria, cunha diminución do 31% nestes gastos. Así Galicia obtivo fondos por importe de 1.383 millóns de euros en 2018.

Gráfico 3
Débeda das comunidades autónomas
(en % do PIB)



Como resultado desta política de consolidación orzamentaria, Galicia, a pesar de multiplicar por tres o seu endebedamento desde o ano 2007, ata acadar ao peche do exercicio 2018 os 11.210 millóns de euros, é unha das comunidades autónomas menos endebedadas do Estado en termos de PIB, cunha porcentaxe de tan só o 18,1% do mesmo, fronte á media nacional do 24,3% (gráfico 3), diminuíndo incluso esta ratio respecto de exercicios anteriores.

Desta débeda galega, 6.979 millóns de euros encádranse dentro dos mecanismos de financiamento dispostos pola Administración central para as comunidades autónomas, o que representa tan só o 2,8% do total, moi por baixo do que lle correspondería en termos de endebedamento relativo. Isto é o resultado de que a alternativa de financiamento establecida para o resto de comunidades autónomas por parte do Goberno central, o fondo de liquidez autonómica (FLA), acadase magnitudes moi importantes para algunhas comunidades autónomas con déficits por enriba dos obxectivos establecidos e elevado endebedamento. En total, o Estado prestou ás comunidades autónomas 247.446 millóns de euros, dos que o 65,6% corresponden a Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía. Mentres, as comunidades cumpridoras ven esta situación con receo polo trato diferencial que supón ao premiaren condutas non cumpridoras que, seguramente, ao final terán como resultado unha condonación de débeda ou unha ampliación das favorables condicións de financiamento. De aí as súas reclamacións no marco das negociacións do novo sistema de financiamento autonómico, polo de agora paralizadas tralo cambio do Goberno central e os sucesivos procesos electorais, ante as máis que previsibles situacións de imposibilidade de pago que se producirán.

Analizando a evolución dos ingresos cómpre salientar de novo o bo comportamento dos recursos tributarios no exercicio 2018, que medraron no seu conxunto un 3,2%. Destaca o incremento no imposto sobre sucesións e doazóns que, trala caída na recadación do ano anterior derivada dos incentivos fiscais, polos que se permite recibir legados sen pagar impostos na meirande parte dos supostos ao estaren exentos os primeiros 400.000 euros por herdeiro, a súa recadación aumenta case un 50% neste exercicio. Tamén é de destacar o comportamento da recadación nos impostos indirectos, que crecen case un 5%, co imposto sobre o valor engadido e o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados por enriba desa porcentaxe. Pola contra, a recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas diminúe a súa recadación nun 2,9% tras os bos resultados do exercicio anterior.

Pola súa vez, os ingresos por transferencias correntes medraron un 6,95%, principalmente polos recursos derivados do sistema de financiamento autonómico, sobresaíndo a evolución das transferencias de capital que, cun aumento do 56%, empezan a aproximarse ás cifras dos anos anteriores á crise (cadro 1).

Cadro núm. 1
Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2007	2009	2011	2013	2014	2016	2017	2018
Impostos directos	1.444,4	1.737,9	2.046,6	2.016,4	1.992,4	2.250,6	2.378,0	2.391,7
Impostos indirectos	2.713,9	2.119,3	2.699,4	2.828,4	3.077,6	3.155,8	3.328,1	3.491,9
Taxas e outros ingresos	283,1	261,8	256,1	179,9	186,7	183,7	171,3	181,1
Transferencias correntes	4.324,0	5.016,1	2.455,0	2.360,6	2.006,1	2.452,3	2.510,9	2.685,4
Ingresos patrimoniais	51,1	28,6	22,8	41,0	28,5	19,1	12,1	11,4
Total ingresos correntes	**8.816,5**	**9.163,7**	**7.480,0**	**7.426,4**	**7.291,3**	**8.061,6**	**8.400,3**	**8.761,5**
Alleamento investimentos reais	55,8	65,8	23,6	17,1	10,6	8,2	3,9	3,8
Transferencias de capital	664,1	753,1	588,6	471,7	391,6	222,2	280,4	438,8
Total ingresos de capital	**719,9**	**818,9**	**612,2**	**488,9**	**402,2**	**230,4**	**284,3**	**442,6**
Total ingresos non financeiros	**9.536,4**	**9.982,6**	**8.092,2**	**7.915,3**	**7.693,5**	**8.292,0**	**8.684,6**	**9.204,1**
Variación de activos financeiros	17,3	16,4	4,4	25,7	25,8	34,8	35,1	44,4
Variación de pasivos financeiros	542,0	936,3	1.293,1	1.909,1	2.221,2	1.881,6	2.217,9	1.194,4
Total ingresos financeiros	**559,3**	**952,7**	**1.297,6**	**1.934,8**	**2.247,0**	**1.916,4**	**2.253,0**	**1.238,9**
TOTAL INGRESOS	**10.095,7**	**10.935,3**	**9.389,8**	**9.850,0**	**9.940,5**	**10.208,4**	**10.937,6**	**10.443,0**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda e Función Pública.

Polo que respecta ao gasto executado no ano 2018, tres son os aspectos máis destacados que podemos constatar no cadro 2: por unha banda, o moderado incremento dos gastos de persoal, dos gastos en compra de bens e servizos e das transferencias correntes, que no seu conxunto medran un 2,5%; por outra, o mantemento dos investimentos reais e, finalmente, o importante incremento das transferencias de capital, cun 13,8% máis que no exercicio anterior. Con todo, Galicia executou gastos de capital no ano 2018 por un importe total de 1.117 millóns de euros, o que representa o 10,3% do total deste tipo de gastos do conxunto das comunidades autónomas, poñendo de manifesto o seu importante esforzo inversor en termos comparativos, ao representaren os gastos non financeiros tan só o 5,9% dos daquelas.

Cadro núm. 2
Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2007	2009	2011	2013	2014	2016	2017	2018
Gastos de persoal	3.276,4	3.899,5	3.729,8	3.446,9	3.451,1	3.667,8	3.749,0	3.844,9
Compras de bens e servizos	1.279,8	1.414,3	1.322,4	1.540,9	1.567,3	1.650,2	1.785,0	1.830,6
Xuros	150,0	110,7	214,2	302,2	364,6	269,7	224,1	153,9
Transferencias correntes	2.263,2	2.608,5	2.266,7	2.059,4	1.992,7	2.019,0	2.105,6	2.157,1
Total gastos correntes	**6.969,4**	**8.033,0**	**7.533,1**	**7.349,4**	**7.375,6**	**7.606,7**	**7.863,6**	**7.986,5**
Investimentos reais	1.263,6	1.257,7	689,1	627,4	525,6	690,2	681,2	680,0
Transferencias de capital	1.055,5	1.030,6	568,2	481,8	434,0	347,8	384,0	437,1
Total gastos de capital	**2.319,2**	**2.288,3**	**1.257,4**	**1.109,2**	**959,6**	**1.038,0**	**1.065,2**	**1.117,0**
Total gastos non financeiros	**9.288,5**	**10.321,3**	**8.790,4**	**8.458,6**	**8.335,2**	**8.644,7**	**8.928,8**	**9.103,5**
Variación de activos financeiros	170,0	133,7	112,5	129,6	168,2	176,3	126,6	130,3
Variación de pasivos financeiros	457,1	245,9	419,7	1.025,5	1.460,7	1.334,0	1.756,4	1.033,7
Total gastos financeiros	**627,1**	**379,7**	**532,2**	**1.155,2**	**1.628,9**	**1.510,3**	**1.883,0**	**1.164,0**
TOTAL GASTOS	**9.915,7**	**10.701,0**	**9.322,6**	**9.613,7**	**9.964,1**	**10.155,0**	**10.811,8**	**10.267,5**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda e Función Pública.

A realidade descrita configura o exercicio 2018, desde o punto de vista do sector público autonómico, como o ano da confirmación do cambio de tendencia no signo e na evolución das contas públicas. Así, ademais de acadar un superávit orzamentario, tras anos de fortes déficits, empeza a recuperarse o gasto en moitas das partidas fortemente afectadas polos recortes nos anos da crise.

O sector público local galego

Centrándonos, dentro do sector público local, na realidade económico-financeira dos concellos galegos, constátase que os principais elementos diferenciais destes respecto dos seus homólogos no resto do Estado seguen manténdose ano tras ano. O volume de recursos que administran é significativamente menor, o 78,7% da media nacional en termos de euros por habitante, diferenza que é máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios, como xa comentamos en informes anteriores. Deste xeito mantense o que se coñece como raquitismo orzamentario do municipalismo en Galicia.

Estas diferenzas entre os concellos galegos e os do resto do Estado teñen a súa orixe tanto en factores exóxenos, ao seren discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado; como en factores endóxenos, ao non exercitar de forma equivalente a súa capacidade tributaria, sendo estes últimos os responsables principais das desigualdades existentes.

No que atinxe aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema actual prímanse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, sen teren en conta de maneira adecuada factores como a dispersión da poboación. Esta situación resulta moi prexudicial para os municipios galegos, os cales ingresan menos que no conxunto do Estado, o que explica en parte as desigualdades anteriores.

Non obstante, esa menor capacidade de gasto dos municipios galegos débese, na súa meirande parte, ao non exercicio da súa capacidade tributaria, como podemos constatar no gráfico 4 e no cadro 3. Os ingresos por tributos propios, en termos de recadación en euros por habitante, tan só representan en Galicia o 71,2% da media nacional. Estes menores ingresos por tributos dos municipios en Galicia non se xustifican só nas diferenzas de capacidade económica dos seus residentes, na actividade económica desenvolvida no seu territorio ou nos propios servizos municipais prestados. De feito, aquí segue a producirse o que vimos denominando como inhibición fiscal respecto do exercicio da autonomía e capacidade que a normativa outorga aos concellos en materia tributaria.

Gráfico 4
Evolución dos gastos e ingresos dos concellos
(en euros por habitante)



Se analizamos os gastos municipais constatamos a importante contracción dos recursos administrados, por mor da realidade económica e das políticas de consolidación orzamentaria, aínda que tamén se observa unha pequena recuperación nos últimos exercicios. Esta redución se concentra principalmente no capítulo de investimentos reais.

Os concellos galegos, ao igual que os do resto do Estado, tentan paliar a caída dos seus ingresos recorrendo ao imposto sobre bens inmobles (IBI), como tributo con bases impoñibles que na práctica non se correlacionan coa evolución da economía; en particular os municipios de maior tamaño, constatándose un incremento neste tipo de ingresos.

Así mesmo, os municipios tiveron que aplicar medidas de estabilidade orzamentaria que, ademais de limitar o crecemento dos seus gastos e do recurso ao déficit, os obrigou a reducir o seu endebedamento; redución que é especialmente significativa en Galicia, que presenta, segundo os últimos datos dispoñibles, as menores ratios de débeda municipal por habitante, con 121 euros ao final do exercicio 2017 fronte aos 509 euros da media nacional. Todas estas medidas deron lugar a que, a pesar da recuperación parcial nos niveis de gasto dos concellos, estes acadan tanto no ano 2017 como en 2018, de forma xeneralizada, importantes niveis de superávit orzamentarios que xa se utilizan en investimentos sostibles a nivel financeiro tras a autorización concedida polo Goberno central, flexibilizando a Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Cadro num. 3
Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)

a) Galicia

Capítulos	2008	2010	2012	2014	2016	2017	2018
INGRESOS							
Impostos directos	213,3	240,2	264,0	285,5	305,9	313,4	318,5
Impostos indirectos	35,1	19,4	15,6	13,8	16,0	17,7	20,2
Taxas e outros ingresos	125,9	127,7	142,2	149,1	151,8	156,5	150,3
Transferencias correntes	306,6	291,5	264,3	287,5	304,8	324,8	325,7
Ingresos patrimoniais	12,9	9,4	8,2	8,7	7,5	8,0	6,9
Total ingresos correntes	693,8	688,2	694,3	744,6	786,0	820,4	821,8
Alleamento investimentos reais	9,6	3,4	0,6	0,9	0,5	1,7	7,5
Transferencias de capital	80,9	188,5	43,9	38,4	42,5	53,1	48,6
Total ingresos de capital	**90,5**	**191,8**	**44,5**	**39,3**	**43,0**	**54,7**	**56,1**
Total ingresos non-financeiros	784,3	880,0	738,8	783,8	829,0	875,1	877,9
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,0	1,1	0,9	1,0	0,8
Variación de pasivos financeiros	26,7	34,0	78,2	9,0	13,9	12,4	10,0
Total ingresos financeiros	27,7	35,1	79,1	10,1	14,8	13,4	10,8
TOTAL INGRESOS	812,0	915,1	817,9	793,9	843,8	888,5	888,7
GASTOS							
Gastos de persoal	259,4	274,1	234,6	250,3	258,1	260,4	270,3
Compras de bens e servizos	290,1	301,2	324,4	326,8	340,2	355,4	348,2
Xuros	11,8	5,2	8,3	8,0	2,6	2,5	2,9
Transferencias correntes	37,7	39,9	40,0	42,8	44,7	48,5	47,4
Total gastos correntes	599,0	620,3	607,2	627,9	645,6	666,8	668,8
Investimentos reais	161,9	244,3	86,1	86,7	86,4	99,2	127,4
Transferencias de capital	14,9	6,9	9,2	6,0	5,2	4,3	3,8
Total gastos de capital	**176,8**	**251,2**	**95,3**	**92,6**	**91,7**	**103,5**	**131,1**
Total gastos non-financeiros	775,7	871,5	702,5	720,5	737,3	770,3	799,9
Variación de activos financeiros	1,1	1,1	1,0	1,0	1,3	0,9	0,9
Variación de pasivos financeiros	29,6	33,5	36,1	50,6	44,3	40,2	38,7
Total gastos financeiros	30,7	34,6	37,0	51,6	45,7	41,1	39,6
TOTAL GASTOS	806,5	906,1	739,5	772,1	782,9	811,5	839,5

Cadro num. 3 (continuación)
Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)

b) España

Capítulos	2008	2010	2012	2014	2016	2017	2018
INGRESOS							
Impostos directos	318,1	356,3	391,1	419,2	454,5	460,9	462,1
Impostos indirectos	48,0	30,1	22,3	22,3	29,9	33,5	43,6
Taxas e outros ingresos	195,3	191,5	182,6	168,5	176,5	180,7	180,6
Transferencias correntes	353,6	323,5	315,2	301,6	346,6	362,9	353,8
Ingresos patrimoniais	34,0	28,2	23,4	24,6	19,0	19,5	17,3
Total ingresos correntes	949,0	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.057,4	1.057,4
Alleamento investimentos reais	28,3	15,3	7,9	6,3	7,4	6,0	8,5
Transferencias de capital	88,1	176,2	34,9	35,1	31,2	32,7	40,2
Total ingresos de capital	**116,4**	**191,5**	**42,9**	**41,3**	**38,6**	**38,7**	**48,7**
Total ingresos non-financeiros	1.065,4	1.121,1	977,6	977,7	1.065,1	1.096,2	1.106,1
Variación de activos financeiros	3,7	7,1	3,0	2,1	2,1	1,8	1,8
Variación de pasivos financeiros	76,6	72,2	193,8	59,5	36,7	34,6	36,5
Total ingresos financeiros	80,3	79,3	196,8	61,6	38,8	36,4	38,2
TOTAL INGRESOS	1.145,8	1.200,4	1.174,4	1.039,3	1.103,9	1.132,5	1.144,3
GASTOS							
Gastos de persoal	358,6	370,4	326,6	318,1	352,3	360,0	372,6
Compras de bens e servizos	372,0	358,4	355,6	312,3	346,2	358,4	363,1
Xuros	23,9	15,5	26,7	29,3	15,8	13,9	12,5
Transferencias correntes	93,4	96,5	89,9	86,2	100,2	100,5	98,8
Total gastos correntes	847,9	840,7	798,9	745,9	814,5	832,9	846,9
Investimentos reais	233,3	274,3	99,3	89,6	93,1	99,7	115,9
Transferencias de capital	29,8	21,9	10,6	12,2	12,9	12,2	16,3
Total gastos de capital	**263,1**	**296,2**	**109,8**	**101,8**	**106,0**	**111,9**	**132,2**
Total gastos non-financeiros	1.110,9	1.136,9	908,8	847,7	920,4	944,9	979,1
Variación de activos financeiros	6,4	3,9	10,2	3,0	3,6	3,5	3,5
Variación de pasivos financeiros	52,1	53,9	69,7	130,1	93,6	81,1	83,3
Total gastos financeiros	58,4	57,8	79,8	133,1	97,2	84,6	86,8
TOTAL GASTOS	1.169,3	1.194,7	988,6	980,8	1.017,6	1.029,4	1.065,8

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MFAP).

Gráfico 5
Recadación da AEAT (en euros por habitante)



Gráfico 6
Peso relativo da recadación tributaria e do PIB Galicia/Estado (en %)



O sector público estatal en Galicia

En relación co sector público estatal, analizamos as súas principais actuacións en Galicia, segundo a información dispoñible, facendo referencia aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e aos investimentos da Administración central no ámbito desta comunidade autónoma.

No relativo aos ingresos líquidos da AEAT, estes tan só representan o 3,45% do total do Estado, porcentaxe que debe ser posta en relación co peso da poboación, o 5,78%, e co do PIB, o 5,19% do total nacional. De novo no exercicio 2018 o crecemento da recadación é menor en Galicia que no conxunto do Estado (un 5,6% fronte ao 7,6%). Isto supón que, tanto en termos de recadación por habitante como de peso da recadación en relación ao PIB rexional, estamos moi lonxe da media nacional, presentando ademais nos últimos anos un incremento destas diferenzas, como se constata nos gráficos 5 e 6.

Polo que respecta ás cifras de investimentos da Administración central en Galicia, que analizamos para os tres últimos anos coa información dispoñible no gráfico 7,

Gráfico 7
Investimentos da Administración central
(en euros por habitante)



xunto co resto de comunidades autónomas, estas poñen de manifesto un maior esforzo inversor daquela na nosa comunidade, superando en máis dun 67% a media nacional en termos de euros por habitante, ligado aos grandes proxectos de infraestruturas en marcha, en especial os relativos ao tren de alta velocidade. No ano 2017 increméntanse de novo os investimentos, tras a forte redución do ano 2016 derivada da prórroga orzamentaria neste exercicio e das medidas de non disposición de fondos aprobadas polo Goberno ao longo do mesmo para acadar os obxectivos de déficit.

O sistema público de pensións en Galicia

En relación ao sistema público de pensións, no cadro 4 recollemos as principais magnitudes dos seus diferentes esquemas tanto para Galicia como para o conxunto do Estado nos últimos catro anos. Este dá cobertura a máis de 9,8 millóns de pensionistas ou beneficiarios, cun gasto total que representa o 12,05% do PIB español. Estas cifras son máis significativas en termos relativos para Galicia, onde dá cobertura a 756 mil persoas, o 27,9% da poboación, e implica un gasto que representa o 15,8% do PIB galego.

Cadro núm. 4
O sistema público de pensións. Ano 2018

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios[1]	674.165	8.741.678	43.356	615.973	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións[1]	761.963	9.622.519	45.002	637.032	38.802	451.780
Altas de pensións	41.134	586.286	2.586	36.733	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	37.453	460.087	1.878	26.878	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de €)	8.575	127.945	1.042	13.671	210	2.465
Gasto total pensións en % PIB	13,81	10,70	1,68	1,14	0,34	0,21

[1] Media anual

Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (MEESS), Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MFAP) e Instituto Nacional de Estatística (INE).

Cadro núm. 5
Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2018

	Galicia	España
Poboación		
65 anos ou máis	672.930	8.908.151
% sobre o total	24,91	19,07
Pensionistas		
65 anos ou máis	536.004	6.798.314
% / Poboación 65 anos ou máis	79,65	76,32
64 anos ou menos	138.162	1.943.364
% / Poboación 64 anos ou menos	6,81	5,14

Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MEESS.

Centrándonos no sistema público da Seguridade Social, un dos elementos máis salientables é que o 24,95% do total da poboación galega ten a condición de pensionista, fronte ao 18,71% da estatal. Esta situación débese tanto ao maior peso da poboación de 65 anos ou máis, o 24,91% da poboación total de Galicia, como á maior cobertura do sistema en Galicia, dado que o 79,65% desa poboación é beneficiaria do sistema como pensionista, fronte ao 76,32% do total nacional. Diferenzas similares danse na cobertura mediante pensións á poboación de 64 anos ou menos, con índices do 6,81% e 5,14% respectivamente en Galicia e en España (cadro 5).

Ese grao de cobertura do sistema público de pensións xera un gasto en Galicia equivalente ao 13,65% do PIB rexional, fronte ao 10,58% do total do sistema. Nos últimos anos dáse unha diminución deste peso relativo, que cambia de tendencia no ano 2018, por mor das medidas aprobadas en relación coa actualización das pensións e coa suba das de menor contía. Tamén se constata unha pequena redución desta diferenza, como se pode ver no gráfico 8.

Esta maior porcentaxe do gasto en pensións en termos do PIB, non ten o seu traslado á contía das mesmas, acadando a pensión media en Galicia tan só o 84,6% da pensión media do conxunto do Estado; o segundo importe máis baixo das comunidades autónomas, incrementándose as diferenzas nos últimos

Gráfico 8
Gasto en pensións (en % do PIB)



Gráfico 9
Evolución da pensión media (en euros)



Gráfico 10
Ratio afiliados / pensionistas



Gráfico 11
Ratio afiliados / pensionistas en Galicia por provincias
2018



anos, como se poder ver no gráfico 9. Ademais, é necesario que o 32% das pensións galegas sexan complementadas para garantir os mínimos legalmente establecidos.

Dado que o sistema contributivo da Seguridade Social se estrutura como de repartición, en virtude do cal as cotizacións que pagan empresarios e traballadores se aplican a cubrir o importe das pensións en vigor en cada momento, a correlación entre afiliados e pensionistas é básica para o seu balance financeiro. A relación entre ingresos e gastos do sistema evoluciona en paralelo ao do número de cotizantes e de pensionistas, sempre que se manteñan os parámetros básicos de cálculo das cotizacións e das pensións.

No gráfico 10 recollemos a relación entre afiliados e pensionistas, en medias anuais, para Galicia e para o conxunto do Estado español desde o ano 2005, presentando no último ano unha ratio de 1,49 e de 2,15 respectivamente. Constátase un descenso significativo desde o ano 2008, que empeza a recuperarse de maneira moi lixeira nos últimos catro anos. Aínda que a media de Galicia se situou en 1,49 cotizantes por pensionista no ano 2018, existen diferenzas importantes entre as provincias galegas (gráfico 11); e Lugo e Ourense presentan índices que se aproximan a un cotizante por pensionista, a pesar da pequena mellora dos últimos anos.

O resultado desta relación entre afiliados e pensionistas sobre os recursos e obrigas do sistema xera un importante desequilibrio que, considerando só os ingresos e gastos directamente relacionados coa parte contributiva, acada os 22.239 millóns de euros no total do Estado no ano 2017; dos cales 2.841 son imputables a Galicia (cadro 6), cantidades estas ás que habería que sumar os complementos a mínimos que se financian con impostos desde os orzamentos do Estado. En todo caso, é de salientar o pequeno cambio de tendencia que se constata respecto deste desequilibrio no último ano no total nacional, diminuíndo lixeiramente despois de incrementos continuados, cousa que non acontece en Galicia, na que segue aumentando.

A evolución e situación actual do sistema público de pensións fainos concluír que os desequilibrios que presenta van máis aló da conxuntura do mercado de traballo durante o período de crise e recuperación, e empezan a ser o resultado dunha realidade demo-

gráfica, estrutural a medio e longo prazo, que será determinante da viabilidade económica futura do mesmo. Esta conclusión é máis evidente, se cabe, cando singularizamos o estudo para o ámbito de Galicia, que presenta elementos diferenciais negativos debido, sobre todo, á configuración e dinámica da súa poboación. Esta situación anticipa a realidade do que previsiblemente será o futuro do sistema público de pensións no conxunto do Estado de non afrontar unha reforma seria e en profundidade do mesmo, nunha perspectiva de medio e longo prazo.

Cadro núm. 6
Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social (en millóns de euros)

	Galicia			Total nacional		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Cotizacións sociais	4.731,9	4.813,4	4.993,0	90.628,0	93.083,8	97.819,5
Prestacións contributivas	7.381,1	7.607,3	7.834,5	112.187,4	115.990,6	120.059,2
Pensións	7.119,0	7.341,7	7.564,7	108.213,9	111.915,9	115.722,4
Incapacidade temporal	149,4	156,1	160,3	1.913,3	2.058,2	2.195,1
Prestacións por maternidade	85,4	85,9	93,8	1.799,5	1.787,8	1.942,4
Outras prestacións	27,3	23,6	15,8	260,6	228,7	199,3
Saldo sistema contributivo	-2.649,2	-2.794,0	-2.841,5	-21.559,4	-22.906,8	-22.239,7
Complemento a mínimos	739,8	718,5	697,5	7.279,7	7.147,0	6.992,8
Saldo global	**-3.389,0**	**-3.512,5**	**-3.539,1**	**-28.839,1**	**-30.053,8**	**-29.232,5**
% total nacional	**11,75**	**11,69**	**12,11**			

Fonte: Elaboración propia a partir do MEESS.

O gasto sanitario en Galicia

Cando analizamos o gasto público en sanidade hai que ter en conta que en España o 92,7% do mesmo o levan a cabo as comunidades autónomas que, desde o ano 2002, asumen de forma xeneralizada esta competencia (Galicia, como comunidade histórica, desde 1991). O resto do gasto en sanidade corresponde ás mutualidades dos funcionarios (3,1%), ao sistema da Seguridade Social (2,4%), ás corporacións locais (0,9,%) e á Administración central (1%). Dado o peso relativo do gasto autonómico nesta función e o seu incremento nos últimos anos (gráfico 12), centramos exclusivamente a nosa análise no mesmo.

Gráfico 12
Distribución do gasto sanitario en España por axentes
(en %)



Gráfico 13
Evolución do gasto sanitario. Base 2002=100
(en euros do 2017)



Se examinamos a evolución do gasto sanitario das comunidades autónomas nos últimos exercicios, a primeira conclusión a salientar é a do seu forte crecemento entre os anos 2002 e 2009 (un 46% en Galicia, e un 56% no conxunto do Estado); a continuación diminúe de forma significativa ata 2012 e 2013, con caídas medias do 20% en euros constantes entre eses exercicios, recuperándose parcialmente nos últimos anos. É de destacar o menor crecemento relativo do gasto sanitario en Galicia, e como a crise económica abriu máis a fenda coa media das comunidades autónomas, que se pecha en parte en 2014 e 2015, para ensancharse de novo nos dous últimos anos analizados (gráfico 13).

Xunto coa evolución do gasto sanitario nas diferentes comunidades autónomas, resulta interesante cuantificar este en termos que permitan unha análise comparativa da súa realidade actual. Neste sentido, se calculamos o gasto sanitario en euros por habitante (gráfico 14), atopamos importantes disparidades entre territorios. Así, hai comunidades que superan en case un 50% as de menor gasto, sendo de destacar que estas diferenzas aparecen principalmente nos últimos anos, ao seren relativamente menores no momento de culminar o traspaso da sanidade ás comunidades autónomas no ano 2002. Galicia gastou no exercicio 2017 en sanidade 1.444 euros por habitante, cifra algo superior á media do Estado, 1.436 euros.

Gráfico 14
Gasto sanitario (en euros por habitante)



Gráfico 15
Peso relativo do gasto sanitario, poboación protexida e poboación protexida equivalente (en %). Ano 2016



En todo caso, á hora de concluír sobre o gasto sanitario por habitante cómpre ter en conta que a sanidade pública non cobre á totalidade da poboación, ao quedar unha pequena parte fóra do sistema e outra baixo sistemas alternativos, como acontece no caso dos funcionarios e das súas mutualidades. Por esta razón debemos utilizar para esta análise a poboación protexida e, pola súa vez, esta debe ser ponderada en función das necesidades de gasto por mor da súa idade, obtendo así o que se denomina poboación protexida equivalente; a que se utiliza á hora de cuantificar no sistema de financiamento actualmente en vigor a parte da sanidade incluída dentro do Fondo de garantía de servizos públicos fundamentais. Comparando o peso relativo destas magnitudes de poboación en termos sanitarios e o gasto en sanidade das diferentes comunidades autónomas, podemos ter unha visión máis acertada das disparidades entre elas. Como se pode observar no gráfico 15, as diferenzas antes constatadas utilizando a totalidade da poboación mantéñense e, nalgúns casos, empeoran, como acontece no caso galego; aquí, co 6,6% da poboación protexida equivalente do conxunto do Estado, o seu gasto sanitario tan só acada o 6,2% do total.

Gráfico 16
Gasto sanitario (en % do PIB rexional)



Estas disparidades no nivel de gasto sanitario entre as comunidades autónomas non teñen unha translación exacta no esforzo relativo que estas fan, se o medimos relacionando o gasto sanitario e o PIB rexional (gráfico 16). Na medida en que nesta ratio incide tamén o nivel de riqueza das comunidades autónomas, vemos como as diferenzas se incrementan e cambian as posicións relativas, sendo as comunidades máis ricas as que presentan un menor peso do gasto sanitario en relación ao PIB; a pesar de que algunhas delas son as que máis gastan en termos *per cápita*, como acontece no caso de Navarra e do País Vasco. Galicia, cun gasto en sanidade que representa o 6,5% do seu PIB, sitúase lixeiramente por enriba da media estatal, se ben reduciu esa diferenza positiva nos últimos anos.

Finalmente, tamén resulta moi descritivo da importancia do gasto sanitario e da súa priorización nas decisións públicas cuantificar o seu peso relativo dentro do gasto das comunidades autónomas. Neste sentido, as necesidades asociadas a esta función e a propia dinámica do gasto sanitario, a pesar dos recortes realizados, unido ao proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en sanidade gañase peso dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como podemos constatar no gráfico 17. No conxunto do Estado este incremento é de 5,2 puntos porcentuais desde o ano 2002, destacando neste sentido Galicia, onde o gasto en sanidade aumentou en 8,1 puntos porcentuais o seu peso dentro do gasto non financeiro, situándose actualmente no 45% deste, o que nos dá unha

Gráfico 17
Gasto sanitario (en % do gasto non financeiro)



Gráfico 18
Evolución do gasto en educación. Base 2002=100
(en euros de 2018)



Gráfico 19
Gasto en educación
(en euros do 2018 por habitante de 4 a 22 anos)



Gráfico 20
Gasto en educación (en % do PIB rexional)



idea da reorientación de recursos cara a esta función altamente priorizada. Por outra banda, as comunidades do País Vasco e Navarra, a pesar de ter as maiores ratios de gasto por habitante, como referimos anteriormente, presentan as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta función; o cal é unha boa mostra dos privilexios que lles outorgan os seus sistemas de financiamento.

A modo de conclusión debemos destacar que a análise da contía e evolución do gasto sanitario nos últimos 15 anos reflicte con claridade o valor desta función dentro do gasto autonómico e, con ela, a importancia de medir convenientemente o seu custo efectivo de cara a ter en conta estas necesidades específicas no novo modelo de financiamento autonómico. Isto é de especial importancia para Galicia que, cunha poboación máis envellecida, ten maiores necesidades neste ámbito e a súa cobertura supón un maior custo polas condicións en que debe ser prestada a mesma.

O gasto en educación en Galicia

A educación pública é outro dos piares básicos, xunto coas pensións e o sistema sanitario, do Estado do benestar que se viu fortemente afectado pola crise económica e os seus efectos sobre as contas públicas. Por este motivo parece oportuno nesta edición do informe realizar tamén unha aproximación ao gasto nesta función, por ser un dos eixes principais de actuación das comunidades autónomas, xunto coa sanidade e os servizos sociais.

A primeira conclusión tras analizar o gasto en educación desde unha perspectiva histórica é o seu forte crecemento entre 2002 e 2009, un 28% en Galicia e un 40% no conxunto de comunidades, para a continuación diminuír de forma significativa ata o ano 2012, manterse en 2013 e 2014, e recuperarse parcialmente nos últimos exercicios. Cómpre destacar o menor crecemento relativo do gasto en educación en Galicia e como a crise económica abriu unha fenda coa media das comunidades autónomas que se incrementou nestes últimos anos nos que volveu crecer o gasto en educación (gráfico 18).

En segundo lugar destacan as importantes diferenzas no gasto en educación entre comunidades autónomas. Se cuantificamos o gasto en euros por habitante, tendo en conta unha poboación obxectivo de 4 a 22 anos (gráfico 19), apreciamos comunidades que case duplican as de menor gasto, e estas desigualdades increméntanse nos últimos anos.

Estas disparidades tamén se poñen de manifesto ao relacionar o gasto en educación co PIB rexional (gráfico 20), aínda que neste caso incide tamén o nivel de riqueza das distintas comunidades autónomas. Galicia realiza un gasto en educación por habitante de entre 4 e 22 anos de 5.436 euros, un 13,8% máis que a media estatal, aínda que en termos de esforzo en relación ao PIB está na media nacional, polo menor peso relativo da poboación en idade de ser destinataria desta función.

Gráfico 21
Gasto en educación (en % do gasto non financeiro)



Por último, debemos destacar que a dinámica do gasto asociado a esta función, xunto coa evolución doutros gastos e unido ao proceso de consolidación orzamentaria, deu lugar a que o gasto en educación perdese peso relativo dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como podemos constatar no gráfico 21. O gasto en educación representa en Galicia o 23,9% dos gastos non financeiros, igual que a media nacional, tendo diminuído o seu peso relativo en 4 puntos desde o ano 2002.